ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Isidro
Román Lago

Tese de doutoramento

A destrución dunha sociedade democrática e a formación da sociedade franquista. Vigo, 1935-1939

Santiago de Compostela, 2024

Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

A DESTRUCIÓN DUNHA SOCIEDADE DEMOCRÁTICA E A FORMACIÓN DA SOCIEDADE FRANQUISTA. VIGO, 1935-1939

Autor

Isidro Román Lago

Director: Miguel Cabo Villaverde

Titor/a: Miguel Cabo Villaverde

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORANEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A miña nai, gardián da memoria.
A miña filla, Claudia, aprendiz
A Cristina, Carlos e Ignacio repetiría outros 56 anos con vós.
A Gesma, meu Ulises

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Agradecementos.

Moitísimas son as persoas que dun ou doutro xeito están e estiveron presentes nesta investigación, en cada unha das súas páxinas. Case sempre no apartado dos agradecementos aparecen débedas, digamos estándar, non é ese o meu estilo. Ao longo destes anos o tempo invertido na investigación comeu tempo, as veces todo ou case todo o tempo, de desfrute coas persoas que importan, as que queres. A súa paciencia, sobre todo no último ano, foi infinita, como tamén foron infinitos, imprescindibles os seus azos. Grazas pois a todos eles, os que tiveches paciencia, ás persoas que vos comportáchedes comigo como si forades unha constante matemática. E especialmente a unha licenciada en bioloxía, Gemma, que non sabe o que é o millo serodio, pero que despois de todo este tempo case pode dar unha charla sobre a guerra civil en Vigo: seguiremos desfrutando xuntos. Grazas a Xulio que agora intercala nos seus discursos aos traballadores do metal pequenos anacos dun pasado un tanto esquecido. A Mari e máis a Manolo polas as súas dúbidas que me fixeron ler máis, moito máis. Grazas a Vítor Oia pola súa axuda absolutamente desinteresada e permanente, case noite e día. A Antonio Bernárdez porque aínda que non sexa como antes, Parménides dix, sigue sendo, neno. A Xosé Ramón Quintana polos tempos de conversa dixital e presencial, apréndese moito de ti. Grazas a Benito Gil e as dúas Miriam (Soares e Alonso) por permitir que sempre estivera aberta no meu ordenador unha base de datos en vez da páxina da Consellería de Educación. E finalmente grazas a Miguel Cabo Villaverde, non só pola súa dirección, senón por aceptar esta proposta sabendo quen era "o becho", polos consellos, pola paciencia, polas risas e polas historias de Basilio Álvarez.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resume

O golpe de estado de xullo de 1936 cortou de raíz a experiencia modernizadora que supuxo a II República pero acotío o interese dos investigadoras da guerra civil non se detén en analizar como era a sociedade a nivel micro que se destrúe co golpe. Nesta investigación interésanos, especialmente, como estaba articulada dende unha perspectiva un tanto atípica: interésanos o lecer, as organizacións que se encargaban del, interésanos o deporte, as representacións teatrais, as conferencias… Todas estas actividades e os seus organizadores son analizados non como organizacións estanco –incluso partidos e sindicatos- senón na medida en que se inxiren elas ou os seus membros en redes mais amplas de sociabilidade. Como estas redes tanto as formais como e sobre todo as informais que se van tecendo, inflúen nos conflitos laborais máis importantes da cidade. Aparece así un proceso que anticipa o que será unha das características máis rupturistas (a nivel de repertorio e de estrutura organizativa) do sindicalismo dos primeiros anos 70 en Vigo: a penetración da conflitividade laboral nos barrios obreiros e a extensión dos conflitos concretos por toda a xeografía urbana, evidentemente as tipoloxías de mobilización varían desta época a década dos 70, pero o obxectivo, a politización social é o mesmo.

Indágase nos primeiros pasos da nova sociedade franquista. Cales son as elites que pasan a ocupar o poder, cal é a xestión que deste fan e como comezan a promoverse as iniciativas de encadramento social da poboación en claro contraste coa situación anterior.

A investigación ofrece, tamén, unha visión evolutiva de FE (T)-JONS dende o ano 35 ao ano 1939. Fixámonos no crecemento numérico, en quen e de que sectores sociais son os novos militantes, nas repercusións a nivel interno deste crecemento, nos cambios na estrutura de poder interno… Inxerimos as conclusións deste apartado no debate historiográfico sobre a natureza fascista ou non do novo réxime.

Finalizamos entrando de cheo no tema da violencia pretendendo responder a unha pregunta: porqué destacados cadros sindicais e políticos do período republicano sobreviven e persoas sen aparente protagonismo social son asasinadas?

Palabras clave: Vida cotián, golpe de estado, FE-JONS, subscricións patrióticas, asasinos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Abstract

The July 1936 coup cut short of the modernizing experience that the Second Republic entailed, but often the interest of civil war researchers does not stop at analyzing how micro-level society destroyed the coup was. We are fundamentally interested in how it was articulated from a somewhat atypical perspective: we are interested in leisure, the organizations that were in charge of it, we are interested in sport... These are analyzed not as stagnant organizations — even parties and trade unions — but to the extent that they or their members are ingested in broader networks of sociability. Also as a result of the informal social networks that are woven, the most important labour conflicts have an almost immediate response through amater football clubs, in a process that anticipates what will be one of the most rupturist characteristics (at the level of repertoire and organizational structure) of trade unionism of the early 70s in Vigo: the penetration of labour conflict in the workers' quarters and the extension of concrete conflicts throughout the urban geography, Obviously the types of mobilization vary from this era to the 1970s, but the goal, social politicization is the same.

It is inspired by the first steps of the new Franco society. What are the elites who happen to occupy power, what is the management that they do and how the social framing initiatives of the population begin to be promoted in stark contrast to the previous situation.The research also offers an evolutionary view of FE-JONS from 35 to 1939. We have focused on numerical growth, in who and what social sectors are the new militants, in the internal impact of this growth, in the changes in the internal power structure... We ingest the conclusions of this section in the historiographical debate about the fascist nature or not of the new regime.
We end up getting fully into the issue of violence by pretending to answer a question: Why do prominent union and political cadres of the Republican period survive and people with no apparent social prominence are killed?

Keywords: Daily life, coup d'état, FE-JONS, patriotic subscriptions, assassins.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LISTA DE ABREVIATURAS

AC. *Acción Católica*
ACP. *Asociación Católica de Profesores.*
ACGM. Actas da Comisión Gestora Municipal de Vigo.
ADOL. *Ateneo Deportivo Obrero de Lavadores*
AHPP. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
AMC. Agrupación Martín Codax
AMV. Arquivo Municipal de Vigo
AN. *Acción Nacional*
AP. *Acción Popular*
AV. *Anuario de Vigo*
BN. *Bloque Nacional*
BOJDN. *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional*
BOPP. *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*
CEDA. *Confederación Española de Derechas Autónomas*
CLA. *Comité Local de Abastecimientos*
CNS. *Central Nacional Sindicalista*
CNT. *Confederación Nacional do Traballo.*
CONS. *Central Obrera Nacional-Sindicalista*
CPCV. Comisión Municipal Permanente de Vigo.
CPCL. Comisión Permanente Municipal de Lavadores
CT. Comunión Tradicionalista
CXML. Comisión Xestora Municipal de Lavadores.
CXMV. Comisión Xestora Municipal de Vigo.
EPG. *El Pueblo Gallego*
ERC. *Esquerra Republicana de Catalunya*
ES. *El Socialista*
FAV. *Federación Agraria de Vigo*
FDV. *Faro de Vigo*
FE-JONS. *Falange Española de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista*
FET-JONS. *Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista*.
FGP. Federación Gremial Patronal
FP. *Frente Popular*
FAL. *Federación Agraria Municipal de Lavadores*
FAV. *Federación Agraria Municipal de Vigo*
FLS. *Federación Local de Sindicatos (UGT)*
FLSU. *Federación Local de Sindicatos Únicos (CNT)*
FPA. *Federación Provincial Agraria.*
GCV. *Guardia Cívica de Vigo*
IC. *Industrias Conserveiras*
IP. *Industrias Pesqueiras*
IR. *Izquierda Republicana*
JAP. *Juventud de Acción Popular*
JBN. *Juventud del Bloque Nacional*
JJ.LL. *Juventudes Libertarias*
JOPR. *Junta Organizadora de Conmemoraciones Patriótico Religiosas*

USC DE COMPOSTELA

JSU. *Juventudes Socialistas Unificadas*
MC. Revista da Asociación Martín Codax
MCGF. *Mujeres contra la Guerra y el Fascismo*
PAE. *Partido Agrario Español*
PCR. *Partido Conservador Republicano*
PG. *Partido Galeguista*
PRLD. *Partido Republicano Liberal Demócrata*
PRR. *Partido Radical Republicano*
PSOE. *Partido Socialista Obrero Español*
RE. *Renovación Española*
SAB. *Sindicato de Agricultores de Beade*
SABb. *Sindicato de Agricultores de Bembrive*
SAF. *Sindicato de Agricultores de Freixeiro*
SAL. *Sindicato de Agricultores de Lavadores*
SAT. *Sindicato de Agricultores de Teis*
SCh. Sindicato de Chóferes
SEU *Sindicato Español Universitario*
SF. *Sección Femenina de FE (T)-JONS*
SFFGP. *Sección Femenina de la Federacion Gremial Patronal.*
SO. *Solidaridad.* Semanario órgano da CNT de Galiza
SOCC. *Sindicato de Obreros y Campesinos de Corujo*
SPEL. Sesión Plenaria Extraordinaria de Lavadores.
UFC. *Unión de Fabricantes de Conservas*
UMEP. *Unión de Maestros de la Escuela Privada*
UR. *Unión Republicana*
URD. *Unión Regional de Derechas*
UTCV. *Unión de Trabajadores y Trabajadoras de las Fábricas de Conservas de la Ría de Vigo.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN *9*

2. OBXECTIVOS, HIPÓTESES E FONTES *18*

3. FUNDAMENTOS TEÓRICOS. *33*

3.1. A CREACIÓN DA SOCIEDADE FRANQUISTA: UNHA MIRADA DENDE A BASE. **33**

3.2. ACTIVACIÓN DE LIÑAS DE DIVISIÓN NÓS-ELES E A VIOLENCIA POLÍTICA **41**

3.3. A VOLTAS CO FASCISMO E COA FASCISTIZACIÓN **77**

4. ACCIÓN COLECTIVA NUN RÉXIME DEMOCRÁTICO: VIGO 1935-1936. ..... *93*

4.1. ESTRUTURA POLÍTICA E SINDICAL **94**

4.2. A FALANGE DE VIGO ANTES DO GOLPE DE ESTADO **104**

5. A VIDA COTIÁN: CULTURA, DEPORTE, LECER E REDES NUNHA SOCIEDADE DEMOCRÁTICA *117*

6. DA ESPERANZA Á DESTRUCION POLÍTICA, VIOLENCIA, GOLPE DE ESTADO EN VIGO *144*

6.1. CAMPAÑA ELECTORAL E GOBERNO DA FRONTE POPULAR EN VIGO **144**

6.2. O GOLPE DE ESTADO: COMEZA A TRAXEDIA **171**

6.3. A TOMA DO PODER: OS PRIMEIROS PASOS **179**

7. A CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESPAÑA. *189*

7.1. A ELIMINACIÓN DO INIMIGO POLÍTICO **194**

7.2. VIDA COTIÁN E MOBILIZACIÓN SOCIAL **223**

7.3. BUSCADO APOIOS…E CARTOS: AS SUSCRIPCIÓNS PATRIÓTICAS **258**

7.4. AS ORGANIZACIÓNS DE ENCADRAMENTO SOCIAL: FALANXISTAS E CATÓLICOS **286**

7.5. A XESTIÓN DO PODER LOCAL. **332**

8. CONCLUSIÓNS *379*

9. ÍNDICE DE FIGURAS E GRÁFICOS *386*

10. BIBLIOGRAFÍA DE ÉPOCA *388*

11. BIBLIOGRAFÍA *391*

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. INTRODUCCIÓN

No principio da novela de Javier Cercas, *Soldados de Salamina* a protagonista vese animada a escribir un libro que rompa o silencio literario no que se atopa dende o éxito da súa primeira publicación de mocidade. Unha novela sobre a Guerra Civil, proponlle outra das personaxes. Ela resposta, "*otro libro sobre la Guerra Civil…?*" O ton desta pregunta retórica transmítenos a idea dunha especie de enchedura polo tema da guerra. Esta sensación, ou mellor dito, a representación interpretativa desa sensación ven de lonxe. Dun tempo no que a Guerra Civil en sentido amplo non era nin sequera un anaco nunha pequena sección de efemérides dalgún telexornal, polo que, en principio, a transmisión de fartura, non parece ter unha correspondencia coa realidade, cando menos a nivel social. Máis ben habería que atribuíla ao resultado dun proceso político que potenciou o esquecemento como pedra chave onde fundamentar a chamada Transición democrática e se ocupou de agochar aquel rosario de demandas de recuperación do que hoxe se ten chamado memoria histórica que se produciu inmediatamente despois da morte do xeneral Franco. Un pacto de silencio que identificou a nivel popular guerra civil coas famosas "batalliñas" dos nosos avós, e que serviu para configurar o que se deu en chamar "modelo español de impunidad", plenamente vixente nos nosos días[1].

O inicio das investigacións que pretendían rachar coas explicacións míticas franquistas prodúcese, loxicamente pola situación política interna, fora do territorio do Estado español. Destes traballos pioneiros hai que lembrar necesariamente, por icónicos dous, un o de Brenan, *El laberinto español* e outro do de Hugh Thomas, *La guerra civil española*[2]. No Estado español temos que agardar á morte do ditador para o desenvolvemento dos estudos sobre a Guerra Civil de carácter científico. A meta destes primeiros aportes foi a destrución do discurso oficial franquista, convertido en mito fundacional, para tentar substituílo, non xa por unha explicación totalizadora, senón por un conxunto de explicacións presentadas a xeito de propostas. Todo este traballo académico e non académico foi, paseniñamente, permeando en amplos sectores da sociedade, converténdose nun dos apoios con que contou o renacer do movemento memorialista a finais dos anos 90 do século pasado. Este renacer memorialista irromperá tanto nos debates públicos como nas diferentes axendas políticas xa plenamente rematada a Transición. Curiosamente este proceso de permeabilidade social e de conversión da Guerra Civil, tomada en sentido amplo, como un obxecto de debate público, viu a rachar cun dos tótems dos facedores desa mesma Transición: a "*oposición democrática y más concretamente la izquierda actual (...) Jamás han hablado de* ***responsabilidades*** *frente a esta dictadura. (...) Éstas quedan ya relegas al lugar de la crítica histórica.*"[3]

Pero a permeabilidade, que se incrementou de xeito exponencial a partir do inicio do século XXI cos chamados "anos da memoria", do traballo do historiador cara a sociedade, débese entender como bidireccional. Si á sociedade lle van chegando os novos aportes dos estudos formal e metodoloxicamente académicos, tanto en cantidade

[1] Equipo Nizkor, *La cuestión de la impunidad en España y los crímenes franquistas*, Equipo Nizkor, Madrid, 2004, p.3.
[2] Brenan, Gerald, *El laberinto español. Antecedentes sociales y políticos de la guerra civil*, París, Ruedo Ibérico, 1962 e Thomas, Hugh, *La guerra civil española*, Paris, Ruedo Ibérico, 1961.
[3] Carrillo, Santiago, *Qué es la ruptura democrática*, Barcelona, Editorial La Gaya Ciencia, 1976, p. 49. A negriña ven no orixinal.

e calidade como en novas propostas, os historiadores e historiadoras veranse nutridos ou potencialmente nutridos por unha inxente cantidade de traballos de carácter local e memorialista que poñen a súa disposición unha información que de non existir estas achegas sería difícil recompilar ou, nalgún caso como na recompilación oral, teríase perdido xa. Aquí convén non esquecer que as dúas grandes bases de datos sobre a represión franquista no Estado español nacen fora, estritamente, das institucións académicas como tales institucións[4].

Este traballo, como non podía ser doutro xeito, recolle estas propostas de carácter local e memorialista que pensamos son imprescindibles á hora de tentar ofrecer unha visión da retagarda franquista e dos primeiros pasos do proceso de formación da sociedade do novo estado. Moitos destes traballos teñen un carácter case de fonte primaria e como tal deben estar sometidos a unha análise crítica dos datos que nos ofrecen. Á hora de falar sobre as fontes empregadas faremos unha referencia aos problemas que este tipo de materiais poden xerar. Aínda así, convén destacar deles tres aspectos: a súa posta a disposición de fontes moitas veces non estudadas polos historiadores, o seu nivel micro que posibilita ter acceso a detalles significativos das diferentes sociedades locais e a recompilación de materiais orais moito antes do boom memorialista oficial do ano 2000. Non obstante, e tal e como indica Concepción López na súa tese de doutoramento, a falla de análise crítica lástraos de xeito significativo no que atinxe a súa capacidade explicativa.[5]

Pero ao mesmo tempo, a conversión da guerra civil nun tema de debate social e polo tanto nun elemento máis das diferentes axendas políticas, potenciou tamén o rexurdir daquelas explicacións seudo históricas, xustificativas da sublevación - preventiva fronte a inminencia dun golpe comunista-, que pretenden lexitimar - en tanto en canto o réxime republicano sustentouse dende o seu establecemento no fraude electoral- e equidistantes con toda unha gama de sutís variacións e onde, sempre, os dous bandos en liza quedan igualados por ter cometidos ambos crimes contra inocentes, "*compre non esquecer a barbarie – duns e doutros- para non repetirmos xamais os erros do pasado.*")[6]. A importancia presentista do mantemento destes mitos están tratados na achega de Alberto Reig Tapia no volume colectivo que editou Ángel Viñas, precisamente en resposta á polémica que orixinou a publicación do *Diccionario Bibliográfico Español* da Real Academia de la Historia en 2011, o que sen dúbida ven a demostrar que as posicións ahistóricas non só arraigan en elementos alleos ao mundo académico[7].

En todo caso, a supervivencia deste tipo de explicacións do noso pasado non resultaría en si problemática si estes traballos non chegaran a acadar durante bastante tempo o top de vendas

[4] Estámonos a referir ao proxecto *Nomes e Voces* para Galiza e ao proxecto *Todos los nombre...todas las voces* para Andalucía, Estremadura e norte de África. No primeiro caso o seu antecedente directo é o proxecto Historga (Historia Oral de Galicia) que existiu, case en exclusividade, grazas á inquedanza da profesora Isaura Varela e do historiador Marc Wouters. Ver, Wouters, M. e Pantaleón, Xurxo: "O discreto encanto das fontes orais: o proxecto historia oral de Galicia" en Barros, Carlos e Castro Pérez, Xavier (coord): *Historia a Debate: Galicia*, Santiago de Compostela, Historia a Debate, 1995. No segundo caso, o proxecto nace como iniciativa dunha organización sindical, a CGT de Andalucía.

[5] López Sánchez, Concepción, *O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936-1939)*, Tese de doutoramento inédita, Departamento de Historia Contemporánea da USC, http://hdl.handle.net//10347/27415, Santiago de Compostela, 2021, p. 25

[6] Intervención do Presidente do Parlamento de Galiza, Miguel Ángel JSantalices, no acto de homenaxe do Parlamento a Alexandre Bóveda e ás vítimas galegas do franquismo o 7 de xuño de 2023. https://www.parlamentodegalicia.gal/Presidencia/Noticia/929/o-parlamento-de-galicia-rende-homenaxe-a-alexandre-boveda-e-as-vitimas-galegas-do-franquismo/

[7] Reig Tapia, Alberto, "La pervivencia de los mitos franquistas" en Viñas, Ángel (ed), *En el combate por la Historia. La República, la Guerra Civil, el Franquismo*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012.

entre os libros de historia da Guerra Civil[8]. Este éxito editorial xunguido ao labor de propaganda que dende os medios de comunicación de masas fan os "opinadores" profesionais, si contribúen a difundir entre amplos sectores da sociedade estas xustificacións míticas que en moitos casos non son máis que un "revival" da historiografía franquista. Este asunto, a transmisión do saber "académico" tería que ser obxecto de debate, e de debate profundo: que achegas da academia son socialmente transmitidas - non me estou a referir só a eses grupos de activistas que conforman as asociacións de recuperación da memoria histórica, senón ao conxunto da sociedade-, en que condicións se produce esa transmisión e cal é o seu papel nesa transmisión. En todo caso, non estaría de máis iniciar a reflexión sobre as limitacións ou abandono máis ou menos consciente do traballo de divulgación científica por parte dos historiadores, excepción feita de destacadas aportacións de iniciativas divulgadoras de calidade contrastada[9].

Aínda así, nunha sociedade, a dos primeiros decenios do século XXI, que se caracteriza polas enormes posibilidades que nos ofrecen a redes, tanto a nivel de comunicación como incluso de acceso a arquivos dende a nosa propia casa grazas ao desenvolvemento da dixitalización de fontes, existen espazos onde a información, o coñecemento, ou o debate, poden producirse entre persoas que xamais se viron, xamais escoitaron as súas voces e con bastante probabilidade, xamais o farán. Para unha persoa que desenvolveu practicamente toda a súa actividade investigadora na historia rural de Galicia o salto á Guerra Civil e a formación da sociedade franquista foi un gran paso. Nese paso, esa nova realidade que van conformando as redes sociais foi determinante. Si antes falabamos da transmisión social dos coñecementos xerados na academia e da necesidade de debater como, que, e de que forma se están a transmitir, e sobre todo cal é o papel da propia academia nesta transmisión, tamén hai, podémolo afirmar por experiencia propia, nese ciber mundo ao que todos nos achegamos case diariamente, lugares onde o coñecemento compartido e os debates a propósito das últimas investigacións publicadas sobre a Guerra Civil e o franquismo traspasan con creces a simple erudición e se desenvolven cunha orixinalidade e cunha frescura que lle confire o afán por coñecer como meta. Foron precisamente os debates que se produciron nun destes espazos alá por 2016 cun profesor historia do IES Foies de Benigàin da Comunidade Autónoma de Valencia, Juan Montesinos e cun enxeñeiro catalán xubilado e amante dos trens, Ventura Leris, o que propiciou a miña decisión de abordar esta investigación.

Evidentemente a elección concreta do tema non parte deste contacto virtual, senón das lecturas que este orixinou. Moitas foron as lecturas previas, pero hai dúas que deben ser mencionadas por ter case unha calidade performativa. Por unha banda, o traballo conxunto de Francisco Espinosa e José Luís Ledesma, "La violencia y sus mitos" no volume xa citado de

[8] Este éxito editorial deuse sobre todo con dous títulos, *Los mitos de la guerra civil* de Pio Moa que no ano 2022 acadou a súa 20ª edición e *Fraude y violencia en las elecciones del Frente Popular* de Manuel Álvarez Tardío e RobertoVilla García.

[9] Hai que destacar o emprego das redes sociais como canles de divulgación que nestes momentos realizan de xeito admirable tanto Julián Casanova como Angel Viñas a través das súas respectivas páxinas de facebook. Certo é que a modalidade elixida dun e doutro son diferentes, mentres que Casanova optou pola divulgación pura e dura, Viñas elixiu ademais por propiciar o debate entre todos os participantes, hai que dicir que cunha paciencia absoluta pola súa parte. Mención a parte, por ser un proxecto colectivo merece o blog https://conversacionsobrehistoria.info/ na súa labor de loita contra a postverdad e o establecemento dun "*debate e intercambio interdisciplinar basada en la horizontalidad dialógica y en la que lo principal sea la fuerza de los argumentos y no la posición institucional que ocupe la persona que esté detrás de ellos*" e cunhas visitas de máis dun millón de persoas nos 3 anos é unha referencia tanto no debate como na divulgación histórica estatal.

Ángel Viñas[10]; e por outra banda, o imprescindible ¡*Fuera el invasor!* de Xosé Manuel Núñez Seixas[11].

O primeiro traballo resultoume sorprendente, de feito despois das lecturas que leva aparellado un traballo de investigación desta categoría académica, e mesmo do despois do traballo de arquivo realizado, aínda me resulta sorprendente. A gran maioría dos interrogantes que dan lugar a esta investigación proveñen del.

> "(…) la represión era Falange. En ningún momento fueron conscientes, salvo algunos, de que eso que veían era el tercer escalón de la estructura represiva. La mayoría ignoraba quienes eran los miembros de las gestoras municipales y sus atribuciones; incluso desconocían las relaciones que unían a alguno de estos gestores, meros delegados, con los verdaderos poderes locales, que no eran otros que los representantes socioeconómicos afectados por las reformas republicanas, que eran los que ahora orientaban la criba represora."[12]

Aínda que a visión dunha *Falange* como "simple" brazo executor está estendida na historiografía actual, non é lugar común, pola contra, ter presente eses sectores socioeconómicos dirixentes como elementos orientadores concretos da represión. Pero, esta descrición dos directores do feito represivo pode ser confirmada a nivel micro? O simple enunciado da pregunta nos remite inmediatamente a outra que debe ser contestada case de xeito conxunto e que Espinosa e Ledesma non tiveron en conta, de ser así, cando é así? Durante todo o conflito armado? Estas cuestións concatenadas son parte fundamental do orixe da investigación. O noso intento de atopar unha resposta con capacidade explicativa levounos nunha dirección certamente complexa que pensamos que puido ser resolta con relativo éxito. Foi necesario estudar a *Falange* previa á golpe de estado de xullo de 1936 para poder saber os cambios que se producen tanto a nivel estrutural interno como de composición social inmediatamente despois do golpe. Como foron os ritmos de crecemento e en que momento e cales son as incorporacións -cales se producen e cales non-, e que postos pasan a desempeñar esas elites económicas que se identifican como os directores da masacre. Manteñen un rol director dentro da organización?, en que momento? Son desprazados os vellos dirixentes falanxistas polo aluvión de novas incorporacións despois do golpe? Cando? Que sectores se achegan á dirección? Que supón a nivel organizativo e ideolóxico o espectacular crecemento? Porqué se produce? Que sucede coas outras organizacións que integran a coalición golpista antes do Decreto de Unificación de abril de 1937? É certo a suposición que FET-JONS aglutina a todos estes sectores? Quen e cando se incorporan ao novo partido único? Interésanos, en resume, os asasinos, pero non os executores concretos, que consideramos anecdóticos, senón identificar aqueles actores sociais que contribuíron, orientándoo dun xeito decisivo, ao asasinato en masa. Pero estes non están sos no feito represivo, acompañan ás vítimas e moitas veces forman, tamén, parte dos salvadores, converténdose nunha categoría multifuncional. Este conxunto quedaría tamén orfo si non tiveramos en conta aos chamados colaboradores sexan estes activos ou pasivos.

[10] Espinosa, Francisco e Ledesma, José L, "La violencia y sus mitos" en Viñas, Ángel (ed), *En el combate por la Historia...*
[11] Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor! Nacionalismo y movilización bélica durante la guerra civil española (1936-1939)*, Madrid, Marial Pons, 2006.
[12] Espinosa, Francisco e Ledesma, José, L, "La violencia…" p. 480

Tal e como nos explicaba Adorno, ningún actor é independente e todos eles son froito das súas relacións sociais, relacións que en ningún caso son estáticas[13]. Precisamente a compoñente dinámica da que fala Adorno fai que as posicións polas que se opta a partir de xullo de 1936, estean, si non condicionadas, si conformadas por sucesos anteriores. Sucesos ou relacións que en ningún caso poden ser explicados exclusivamente dende unha posición macro. Que dúbida cabe que esta é determinante, establece un marco mestre, pero este marco resulta modificado en función das realidades particulares que cada actor vive, e estas modificacións particulares, pensamos, son determinantes nas posicións adoptadas a partir de xullo de 1936. Así que resultou imprescindible para responder todas as cuestións que se nos suscitaron sobre os asasinos, pero tamén sobre as vítimas e os colaboradores, retroceder no tempo, iniciar as nosas pescudas no período republicano para obter unha referencia evolutiva. Así, e aínda que o marco cronolóxico da investigación propiamente dita comeza en setembro de 1935 as nosas pescudas comezan en 1930 no ánimo de tentar ofrecer unha explicación que contemple o dinamismo das relacións sociais.

Pensamos que é nas vítimas onde se pode apreciar dun xeito máis claro a necesidade dunha análise que comece antes do golpe de estado. Isto é así, non por unha característica especial dos vitimarios, senón polas evidentes deficiencias que presenta o noso actual coñecemento. Pode parecer paradoxal pero estas eivas son máis visibles grazas ao espectacular avance do seu estudo. Hai que salientar neste avance o ímprobo traballo desenvolvido dentro do Proxecto Nomes e Voces froito do cal sabemos o seu número – aproximado-, así como o seu nome[14]. Pero aínda que este coñecemento é de capital importancia, non se debería caer na autocomplacencia, sobre todo si esta supón o abandono ou a relegación a un segundo plano desas vítimas que se presumen coñecidas[15]. A este respecto convén lembrar algúns datos. O proxecto conseguiu identificar entre 1936 e 1940, 3.902 asasinados (inclúense os datos de todas as categorías con resultado de morte). Destes, tan só se ofrecen datos sobre filiación política para 1.008 persoas, o 25,80%. Parece difícil estudar ás vítimas sen tan sequera saber a súa posición política no momento do golpe, agás que asumamos que o 74,10% delas non tiña militancia política e entón o que sería tremendamente difícil sería explicar ou desvelar porque as converteron en vítimas. O asunto é que a militancia política e social, aínda que non é determinante, si é definitoria, a priori, do seu papel en xullo de 1936. Ninguén negará está en íntima relación co seu asasinato, cando menos nunha porcentaxe elevada. Pero é que a carencia de datos aínda é máis grave si nos fixamos nunha das categorías máis definitorias da primeira fase da matanza, os paseados. Neste caso concreto de asasinato tan só se coñece a filiación política do 19,70 % do total dos casos. Si estes datos son rechamantes para o conxunto de Galiza, aínda o son máis, moito máis, para o caso concreto do concello de Vigo[16]: os asasinados en todas as categorías para o mesmo período cronolóxico son 333 e tan só sabemos a posición política ou sindical para 31, o 7,30%. Destes 333, 224 son os paseados, e deles coñecemos a militancia de 23, o 10,26%[17]. Consideramos que extraer conclusións sobre quen foi o asasinado ou porqué o foi, e un tanto arriscado á luz destas carencias. Carencias, tamén é certo, que non son apreciadas por todos os historiadores. Hai quen afirma que "vaya por delante que el apriorismo que lleva a buscar militancia y carné en todas las

[13] Adorno, Theodor, *Dialéctica negativa*, Madrid, Taurus, 1984.
[14] A base de datos sobre as vítimas que elaborou o proxecto en: https://www.nomesevoces.net
[15] Fernández Prieto, Lourenzo, <<Pasados incómodos difíciles de definir>>, *Hispania Nova* [en liña] 10, http://hispanianova.rediris.es/10/HN2012.pdf, 2012, p. 13.
[16] Aínda que entre 1936 e 1941 o Concello de Vigo aínda non estaba unificado co de Lavadores, na investigación, a nivel de datos cuantitativos non faremos distinción entre un e outro.
[17] Todos os datos tomados de https://www.nomesevoces.net

víctimas resulta ser, como mínimo, deformador"[18]. Seguro que non todas as vítimas tiñan carné algún, pero tamén temos a seguridade de que moitas das que hoxe figuran simplemente como un nome nunha base de datos, si o tiñan, ou incluso non tendo ese, parece que definitorio carné, tiñan unha actividade social, e polo tanto política que hoxe se nos escapa. O que temos claro é que a identificación de compromiso social e político vinculado exclusiva ou fundamentalmente á militancia partidista reflicte unha concepción ben estreita na acción política e social. A cuestión subxacente é si optamos por esa posición carente de base empírica, ou continuamos indagando nesas vítimas. Ignorar a carencia que transmite o noso actual coñecemento para presentala, non como unha eiva, senón como unha característica dun xeito especial de violencia, onde a condición de vítima é asignada polos propios executores, como si este feito describira algo característico e non unha simple e constante realidade na práctica violenta na que, en todo caso, a condición de vítima existe exclusivamente en función do seu vitimario, é unha posición lineal que pretende encaixar a complexidade da realidade no encorreado marco da teoría que se pretende defender.

A modo de exemplo. Quizais un dos sucesos máis coñecidos e paradigmáticos do terror en Vigo é o suicidio colectivo do Bou Eva o 23 de abril de 1937[19]. Saliéntase a presenza entre os suicidados dun cadro comunista, Ángel Nogueira Nogueira, o autor dos disparos que acabarán coa vida da súa moza, Carmen Agra, e de sete persoas mais. Salientase, tamén, a presenza dun familiar directo de Castelao e dun par de militantes da UGT que en acordo cun tripulante do bou cólanse de noite nunha dependencia da adega. A mala sorte fai que sexan descubertos por outro tripulante da embarcación que da a voz de alarma, rodeados e sen posibilidade ningunha de fuxida deciden suicidarse antes que entregarse ás autoridades. Ignórase, porque se da unha visión estática dos feitos, que aquela moza da que só se salienta que ía vestida de home para a ocasión (unha desas vítimas sen carné, case todas as mulleres, por ser mulleres, son deste tipo de vítima, aparentemente), era o cadro político máis importante de todos os que coincidiron na tentativa de escape, polo tanto a persoa que máis risco corría, a priori, de quedarse en Vigo. Ignórase que o plan é un dos poucos plans de escape dos que se teñen constancia que é argallado por unha amalgama de elementos de diversas procedencia ideolóxica, comunistas, socialistas e anarcosindicalistas que non adoitaban en tecer estas accións de xeito conxunto. Ignórase tamén, que o contacto do bou, un mariñeiro anarcosindicalista, foi asasinado por ese intento de fuga uns meses despois e que polo tanto non hai que falar das 9 vítimas senón de 10. Finalmente se ignora que o mariñeiro que da a voz de alarma, o delator, non é un mariñeiro calquera, un deses neutrais que acotío se nos adoitan presentar cunhas enormes tendencias á delación, non, é un militante FE-JONS. En resume, o relato divulgado, o estático, o que non busca antes, nin se preocupa do despois, o que presupón que aqueles aos que non fomos quen de identificar politicamente non tiñan actividade política, pódenos facer comprender a situación de terror absoluto en que vivían os protagonistas que preferiron suicidarse a entregarse. O relato completo fálanos, ademais, duns protagonistas concretos con pasado, e así pode incluso explicar, porque Carmen Agra decide fuxir e deixar á súa filla de 3 anos ao coidado dos avós, porqué son delatados e que lle ocorre aos que deciden axudalos. O relato estático fálanos dos mortos, aínda que nin sequera de todos eles, pero non nós fala de quen eran os que morreron.

[18] Míguez, Antonio, *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*, Madrid, Abada Editores, 2014, p. 17

[19] Proba disto son as 202.000 entradas en internet sobre o drama.

Esta situación repítese igualmente para os verdugos, coñécense nomes, algún nome, pero non se coñece quen ordena, porqué ordena e cal é a estratexia xeral a que responden estas ordes. É evidente que a nosa investigación non é capaz de demostrar con documentos quen son estes dirixentes da represión, pero pensamos que poderemos ofrecer unha tese fundamentada sobre os que pensamos están detrás dela. Unha tese, que xa anticipamos, está lonxe da explicación ao uso da preeminencia de militares e gardas civís nas decisións sobre os asasinatos.

Así que temos por unha parte os asasinos e as vítimas, fáltannos os colaboradores. Botamos en falla á hora de falar dos colaboradores material empírico onde apoiar certas manifestacións, de feito non atopamos ningunha investigación que aporte este material empírico, agás a importantísima achega de Xabier Buxeiro na coa súa tese de doutoramento, que ven a dar luz sobre o fenómeno das delacións, desbotando a idea xeral asumida ate agora da participación masiva da poboación[20]. A intención orixinal desta investigación foi tentar conseguilo para o marco xeográfico onde se desenvolve, desgraciadamente isto non foi posible debido á gran cantidade de traballo que supón esta busca en relación do tempo do que se dispón para realización a investigación, máis cos atrancos administrativos que esta investigación sufriu. De todos xeitos, exploraremos algún indicio significativo no mesmo sentido do demostrado por Buxeiro sobre a colaboración directa e o fenómeno da delación.

A maiores, e seguindo a Núñez Seixas si asumimos que a idea dos sublevados foi dende o principio "*transformar toda España en un inmenso cuartel social, donde la fe y la disciplina castrense debían reinar*"[21] podemos afirmar que a mobilización da sociedade da retagarda sublevada foi un dos elementos centrais do comezo da súa construción social. A mobilización social, a grandes trazos, está constituída por unha serie de accións que teñen como misión última compactar aos individuos cun obxectivo común, agrupalos baixo unha idea e unha organización. Si aceptamos isto, calquera individuo refractario a esta mobilización, aínda que de xeito pasivo, é un opositor ou si se quere un non colaborador. É neste punto onde se sitúa a nosa proposta alternativa: analizar as accións ou a ausencia delas que supoñen un obstáculo á mobilización social que impoñen os sublevados. A este respecto hai que dicir que centramos a análise na busca da ausencia de mobilización máis que na busca da oposición a esta. Ao mesmo tempo, hai que aclarar que as respostas que ofrecemos non pretenden ser máis que a resposta as cuestións relativas á colaboración no momento cronolóxico concreto que abrangue a nosa investigación. En ningún caso os resultados poden ser aplicados fora deste contexto cronolóxico polo dinamismo das posicións sociais. Precisamente resulta interesante neste punto a comparación entre as posicións políticas previas ao golpe de estado e a actitude fronte aos procesos de mobilización social, algo que tampouco sería posible nunha análise estática ou que partira do momento concreto da sublevación.

Que a nosa investigación comece antes do golpe de estado responde tamén a outra das cuestións que nos xurdiron no momento da iniciala. É lugar común, por obvio, que a sublevación desartella absolutamente a sociedade republicana nas localidades de retagarda. Os procesos de articulación política que se producen durante toda a etapa republicana desaparecen, pero desaparecen moitas máis cousas. Para saber exactamente cales son as modificacións que se van a operar na sociedade é obvio que previamente hai que coñecer

[20] Buxeiro, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da Provincia de Lugo*, Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, Programa de doutoramento de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela, 2023

[21] Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...* p. 212

como era a sociedade concreta onde se van a introducir estas modificacións. Como era a nivel social a sociedade viguesa previa ao golpe?, como se relacionaban os seus habitantes nunha urbe a cabalo entre o rural e o urbano?, como se divertían e en que pasaban o seu tempo libre?, como e cal era a oferta cultural á que se podía acceder e quen era o encargado de ofrecela? A estas cuestións previas ao golpe de estado súmaselle outra posterior, unha vez que sabemos todo isto, que subsiste si subsiste algo de todo esa construción social? Desaparecen eses espazos de sociabilidade? Mudan?

Tamén dende unha óptica máis política resulta evidente a desaparición e persecución das organizacións políticas e sindicais da etapa republicana, pero si a nosa análise se despraza cara ámbitos organizativos informais, redes de relacións... estás subsisten? Parece haber indicios de que si o fan e que agroman moitos anos despois, pero é posible rastrexalas dende o comezo da formación da sociedade franquista?[22]

Como vemos, todas as nosas preguntas, que agardamos dar resposta nas páxinas que seguen, se inxiren dentro dun marco máis amplo: a formación da sociedade franquista. Neste proceso de formación, a análise de Xosé M. Núñez Seixas sobre a penetración dun determinado discurso nacionalista español, dos elementos que o integran e o seu reflexo nas dinámicas sociais a través do adoutrinamento e a mobilización de masas ofrecen unha serie de ferramentas imprescindibles. Na retagarda franquista o concepto de nación que manexa a coalición sublevada imponse sobre os outros conceptos de nación que deben ser destruídos porque representan a iso que os sublevados definiron como anti-España. Destacaremos como a construción da anti-España non se produce simultaneamente á sublevación, senón previamente, de feito será un dos elementos imprescindibles para o activado de liñas divisorias que farán posible a conflagración. Neste punto, a investigación mantén a posición teórica que desenvolve Ch. Tilly sobre a violencia colectiva[23].

A construción da nova sociedade centrouse na propia nación, na rehabilitación dunha entidade considerada independente da vontade dos cidadáns:

> "Y esa innovación permitía unificar una amplia heterogeneidad de proyectos sociales y políticos, más unidos por la oposición a un orden social y político (la República y el espectro del *desorden* social, vulgo *comunismo* que por un programa compartido de futuro"[24].

É esta consideración da heteroxeneidade unificada en negativo do bando sublevado a que nos espertou novas interrogantes que unidas ás que xa se explicaron forman o núcleo central da miña proposta. Como se manifesta esta heteroxeneidade a nivel local?, cales son os elementos que integran esta unidade en negativo? e sobre todo, cal dos elementos integrantes ten ou adquire a primacía?

Pero, ao mesmo tempo, a constatación desta falla de unidade en positivo, orixinou outra cuestión que supera os límites dunha investigación de ámbito local, pero que consideramos que esta pode ser un bo punto de partida para adiantar unha serie de hipóteses de cara a un

[22] Sobre o mantemento de redes informais de transmisión da cultura obreira en Vigo, Román, Isidro, "Mobilización obreira e loita de clases" en Morais, Carlos e outros, *Memoria do Vigo proletario. 50 aniversario da Folga Xeral de setembro de 1972*, Vigo, Galaxia, 2023.
[23] Tilly, Charles, *Violencia colectiva*, Barcelona, Hacer, 2007.
[24] Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...* p. 178

USC

debate máis xeral. Nos estamos a referir á natureza do réxime que se conforma tralo golpe do 18 de xullo. Di a este respecto Núñez Seixas:

> "(...) los conceptos <<totalitarismo>> e incluso <<fascismo>> fueron de uso común y hasta ubicuo en el nacionalcatolicismo de guerra, los significados reales que eran atribuídos a esos términos tenían una impronta mucho más tradicional y, sobre todo, confesional."[25]

Esta pátina tradicional matiza, condiciona ou incluso exclúe a consideración de fascista do novo réxime? Si o fascismo "tan só" é empregado como "*un envolvente más moderno*", que hai debaixo del?[26] Evidentemente estas cuestións forman parte de debates xa desenvolvidos ou en curso, tanto na historiografía alemá como na italiana, que afectan directamente aos que se producen no Estado español sobre a natureza do réxime e a conformación da nova sociedade. Non en van, o réxime franquista nace no contexto dos fascismos europeos e polo tanto está sometido ás dinámicas propias deste contexto. Todas estas cuestións que superan o marco dunha investigación a nivel local, serán tratadas, tomando como referencia as conclusións de todos estes debates para ver de aplicalas a unha realidade micro e porque non, para contribuír, na medida das posibilidades, a eles.

Complétase esta proposta ofrecendo un relato unificado cos feitos que acontecen dende os primeiros dias de xullo de 1936 ate a consolidación da sublevación na cidade nos primeiros días do mes de agosto. Este relato é necesario na medida en que na actualidade non existe ningún que poida servir de referencia, xa que os existentes son contraditorios entre si e se caracterizan por ter grandes lagoas, non só interpretativas senón incluso narrativas.

USC

[25] Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...* p. 192
[26] Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...* p. 193

2. OBXECTIVOS, HIPÓTESES E FONTES

Cando se aborda unha investigación sobre os procesos de formación da sociedade franquista un dos maiores problemas que hai que solucionar é a escaseza de fontes. A situación dos arquivos sobre este período no Estado español constitúe un importante atranco que na presente investigación viuse agravado polo cambio na xestión a raíz da pandemia de 2019 nalgún dos que tiñamos que empregar. A este problema hai que engadirlle a reorganización total dos fondos do Arquivo Municipal de Vigo (AMV), imprescindible para esta investigación, e consecuentemente a modificación total das referencias aos distintos expedientes, caixas… o que viu a orixinar que na metade da investigación tivéramos referencias da organización anterior mesturadas coas que se efectuaron posteriormente. Pero os problemas desta reorganización víronse agravados, ademais, por un significativo troco na súa política de acceso, tanto a determinados expedientes, como ao arquivo en si. Polo que respecta aos fondos pasouse dunha situación de case completo acceso aos investigadores -fondos de máis de 50 anos- a unha restrición que incluso chega ás consultas sobre padróns municipais da etapa republicana e do primeiro franquismo, restrición, neste caso concreto, absoluta[27]. No que atinxe ao acceso ao propio arquivo, introduciuse, de xeito idéntico a outras moitas áreas da actividade administrativa, a cita previa, o que orixinou, sobre todo no caso dos que tivemos unha dedicación a tempo parcial, unha gran minoración das posibilidades de acceso e polo tanto de investigación.

Unha vez feitas estas breves consideracións xerais, pasamos a expoñer o traballo de busca de fontes que resultasen útiles para tentar penetrar nas diferentes posicións que adoptan os actores nunha cidade ocupada. Estas comezan a manifestarse no momento en que ten lugar a primeira fase de ocupación, isto é, no momento da apropiación violenta das institucións públicas por parte dos sublevados e os seus colaboradores imprescindibles. Esta primeira fase tivo como misión a construción dun estado de terror baseado no asasinato aleatorio e na destrución das realizacións do período republicano (sociais e tamén de xestión). Simultaneamente séntanse as bases para a construción dunha nova sociedade baseada en parámetros diametralmente opostos aquela.

Polo tanto, para ofrecer unha interpretación argumentada desta nova sociedade que agora comeza a construírse, non podemos esquecer que esta se fai sobre-contra outra que neste momento desaparece. Resulta obvio dicir que todo o proceso de articulación e desenvolvemento da cultura política republicana desaparece co golpe de estado, pero non é tan obvio preguntarnos de que xeito esa cultura política se manifestaba a nivel de base. Sabendo a resposta poderémonos facer unha idea do que supón a súa destrución a nivel social, máis ala da socorrida afirmación xeral. Non falamos directamente da destrución das organizacións político-sindicais e a pillaxe exercida contra as súas propiedades e contra os patrimonios dos seus membros, senón de todo un universo de pequenas organizacións sociais que animaban a vida cultural, social e de lecer, incluso formas concretas dese lecer, da sociedade republicana. Do estudo destas organizacións interesounos máis que facer un catálogo e un rexistro de nomes dos seus "dirixentes" e de sociedades -que tamén-, a cantidade e calidade das súas actividades, as relacións entre elas nos procesos de tecido de

[27] O emprego da Lei de Protección de Datos para imposibilitar o acceso aos historiadores a documentación que as distintas administracións consideran "sensible" estase a converter nos últimos anos nunha das grandes trabas para o estudo do noso pasado á que sen dúbida cada ano que pasa se van sumando máis administracións.

redes - no sentido de creación de capital social- e entre elas e as organizacións político-sindicais formais. Ou sexa, propuxémonos un achegamento a unha análise de sociabilidade informal para penetrar na medida das posibilidades nos espazos de simbiose entre esta e a sociabilidade formal das organizacións políticas e sindicais[28]. Aínda así non desbotamos o rastrexo, como dicíamos antes, dos "líderes" destas organizacións en tanto en canto animadores desa actividade cultural, xa que pensamos que tamén resultará tremendamente interesante saber que ocorre con eles despois do golpe de estado.

Partimos ao inicio da investigación dunha sospeita que formulamos como hipótese, ao igual que sucede no campo da política e do mundo sindical, o mundo cultural, social ou do "simple" lecer" experimentaría un incremento tanto da súa estrutura organizativa como da súa actividade a partir da vitoria electoral da Fronte Popular en febreiro de 1936. Tamén sostíñamos como hipótese previa que existía ou parecía existir un desenvolvemento diferenciado, unha alternativa á cultura "burguesa" de casinos, liceos, clubs de oficiais e confrarías relixiosas, organizada dende os sectores obreiros - ou se se quere unha especie de "bloque social de progreso" gramsquiano-[29] destinada a eles mesmos na idea, xa clásica, de Pere Gabriel da sociabilidade popular como o "instrumento principal de articulación clasista del mundo de los trabajadores"[30]. Esta alternativa, pensábamos, faríase máis forte e evidente a partir das eleccións de febreiro de 1936.

Con estas hipóteses previas resultaba imprescindible o estudo tanto das organizacións en si, como da súa actividade antes e despois das eleccións de febreiro, e tamén, ser capaces de discernir no proceso de recollida de datos, a actividade das organizacións encadradas claramente nese "bloque social de progreso" das de aquelas que poderíanse encadran dentro a elite social local.

Nada más comezar co proceso de recollida de datos, xerouse o primeiro problema: a realidade non é bipolar e as posicións ideolóxico políticas puras ou incluso claramente definidas non adoitan a ter correspondencia nesa realidade. Xa que logo, as dúas categorías de análise que íamos empregar non eran capaces de recoller unha gran parte da actividade cultural, deportiva e de lecer existente. Deste xeito apareceu unha nova categoría, as organizacións que, en principio, non aparentaban definición nin posición política. Evidentemente, isto non quere dicir, que os seus membros individualmente non tiveran unha posición política, nin que incluso unha organización concreta non optase puntualmente por apoiar a uns ou a outros, senón que as posicións político-ideolóxicas non eran un elemento relevante na súa actividade cotián. Que dúbida cabe que este sector, en principio ignorado, foi o que máis relevancia acadou na nosa procura.

Tanto as actividades como as relacións que se establecen neste universo cultural previo ao golpe estudáronse a partir da prensa diaria (tanto o *Faro de Vigo* (FDV) como *El Pueblo Gallego* (EPG). Así elaboramos dúas bases de datos cunha estrutura idéntica para poder

[28] Un estudo sobre o concepto aplicado á historia en Navarro, Javier, "Sociabilidad e historiografía. Trayectorias, perspectivas y retos" en *Saitabi: revista de la Facultat de Geografía i historia*, núm. 56, 2006.

[29] Reig, Ramiro, "El caso valenciano: un proceso de modernización involutivo" en García Delgado, J.L. (coord), *Las ciudades en la modernización de España. Los decenios interseculares*, VIII Coloquio de Historia Contemporánea de España, Siglo XXI, 1992.

[30] Gabriel, Pere, "Espacio urbano y articulación política popular en Barcelona, 1890-1920" en García Delgado, J.L. (coord), *Las ciudades en la modernización de España. Los decenios interseculares*, VIII Coloquio de Historia Contemporánea de España, Siglo XXI, 1992.

establecer comparacións que puideran confirmar ou desbotar as nosas hipóteses iniciais relativas aos cambios producidos posteriormente á vitoria da Fronte Popular, dende setembro de 1935 ate febreiro de 1936 e dende febreiro ate o golpe de estado. Igualmente modificouse, incluíndo unha nova categoría, o conxunto de organizacións a estudar: as obreiristas, as dereitistas e as que non respondían a este dous criterios de clasificación. Creáronse 12 ítem para referenciar o tipo de actividade desenvolvida, tal e como mostra a Figura 1[31]. Ademais desta información de carácter cuantitativo prestamos especial atención a todas aquelas novas e comentarios da prensa que nos transmitiran o ambiente previo e durante o acto, cara quen ía enfocado, incluso a existencia de prezo ou si se estabamos ante un acto de balde, manifestacións culturais populares non reguladas…

Figura 1. Actividade Cultural



	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S
1		Bailes	data	Teatro	data	Conferencias culturais	data	Reivindicativas-sociais	data	Reivindicativas-lecer	data	Relixiosas/Mitines	data	Conciertos	data	Deportes	data	de solidarie	data
1		Bailes	data	Teatro	data	Conferencias culturais	data	Reivindicativas-sociais	data	Reivindicativas-lecer	data	Relixiosas/Mitines	data	Conciertos	data	Deportes	data	de solidarie	data
2	NOME																		
3	Agrupación Artística de Lavadores	1	13/12/1935																
4	Agrupación Artística de Lavadores	1	23/01/1936																
5	Agrupación Artística de Lavadores	1	01/02/1936																
6	Agrupación Artística de Lavadores	2	12/02/1936																
7	Agrupación Artística de Lavadores	1	22/02/1936																
8	Agrupación Artística de Vigo			1	13/12/1935														
9	Agrupación Artística de Vigo			1	26/12/1935														
10	Agrupación Artística de Vigo			1	17/01/1936														
11	Agrupación Artística de Vigo			1	19/01/1936														
12	Agrupación Artística de Vigo			1	01/02/1936														
13	Agrupación La Palomita	1	21/12/1935																
14	Agrupación La Palomita	1	29/12/1935																
15	Agrupación La Palomita	1	17/01/1936																
16	Agrupación La Palomita	1	02/02/1936																
17	Agrupación La Palomita	1	07/02/1936																
18	Asociación La Oliva						1	03/12/1935											
19	Asociación La Oliva	1	13/12/1935																
20	Asociación La Oliva	1	29/12/1935																
21	Asociación La Oliva	1	05/01/1936																
22	Asociación La Oliva	1	08/01/1935																
23	Asociación La Oliva																1	08/12/1935	
24	Asociación La Oliva	1	14/12/1935																
25	Asociación La Oliva	1	19/01/1936																
26	Asociación La Oliva						1	29/01/1936											
27	Asociación La Oliva	1	30/01/1936																
28	Asociación La Oliva	4	06/02/1936																
29	Asociación La Oliva	3	12/02/1936																
30	Ateneo Vigués						1	03/12/1935											
31	Ateneo Vigués						1	25/01/1936											
32	Casino	3	11/02/1936																
33	Casino	1	15/02/1936																
34	Casino de Clases	1	11/02/1936																
35	Centro Compostelano			1	22/12/1935														
36	Centro Compostelano												1	24/12/1935					
37	Centro Compostelano	1	29/12/1935																
38	Centro Compostelano	1	04/12/1935																
39	Centro Compostelano	1	02/02/1936																
40	Centro Compostelano			1	07/04/36														
41	Centro Excursionista de Galicia																		
42	Centro Excursionista de Galicia																		
43	Centro Orensano	1	20/12/1935																
44	Centro Orensano	1	31/12/1935																

Organizacións Dereitistas | Organizacións Obreiristas | Organizacións sen definir | Resume | POR ORGANIZACION EN APILADO | GORGANIZACIO-ACTIVIDADE | TOTAL POR ACTIVIDADE | TOTAL POR TIPO DE ORGANIZACION

Fonte: elaboración propia a partir do baleirado de FDV e EPG

[31] Os ítem creados responden á tipoloxía da actividade desenvolvida e son: bailes, representacións teatrais/veladas poéticas, conferencias culturais, actos de carácter reivindicativo, actos da carácter reivindicativo mesturados con actividades de lecer, actos de carácter relixioso/mitins, concertos, actividade deportiva, actos de solidariedade, homenaxes, proxeccións cinematográficas e outro tipo de manifestacións culturais non recollidas nos apartados anteriores.

Na análise da sociedade previa ao golpe de estado tamén nos detivemos na violencia política. Dende os sectores dereitistas acusóuselle ao goberno da Fronte Popular de ser incapaz de conter unha violencia que dende o seu punto de vista volveuse masiva a partir da chegada ao poder da coalición esquerdista. Para avaliar a evolución desta violencia, creamos dúas bases de datos que recollen os feitos violentos. A primeira dende setembro de 1936 ate febreiro de 1936 e a segunda dende febreiro de 1936 ate o golpe de estado. Somos conscientes dos problemas de fiabilidade que a fonte, nós empregamos exclusivamente a prensa local (EPG e FDV), dos que xa advertía Calleja no seu estudo sobre a violencia política durante a República[32], pero a nosa intención é facer unha análise simplemente cuantitativa dos dous períodos e ao non empregar fontes de carácter bibliográfico ou "recursos solventes de internet" pensamos que os problemas diminúen. Ao mesmo, a prensa empregada, a local fronte a dous medios de tirada estatal para todo o Estado[33], ofrece, en principio, máis garantías que a prensa de carácter estatal para o noso ámbito, incluso recollendo datos de ámbito galego (Figura 2).

Figura 2. Violencia política[34]



	A	B	C	D	E	F
1		Galicia		Vigo	España	Data
2	Agresión	1	O Caurel			16/02/1936
3	Agresión	1	O Carballiño			16/02/1936
4	Morte	1	O Carballiño			16/02/1936
5	Pelea Tumultuosa				1	16/02/1936
6	Pelea Tumultuosa				1	16/02/1936
7	Agresión			1	1	18/02/1936
8	Reventar act	1	Ferrol			18/02/1936
9	Morte				1	18/02/1936
10	Agresión			1		19/02/1936
11	Agresión	1	Ourense			25/02/1936
12	Agresión Arr	1	Ourense			25/02/1936
13	Agresión				1	26/02/1936
14	Sabotaxe				1	04/03/1936
15	Agresión Armada				1	04/03/1936
16	Pelea Tumultuosa				1	05/03/1936
17	Boicot				1	10/03/1936
18	Provocación	1	Saviñao			12/03/1936
19	Morte				1	13/03/1936
20	Agresión Armada				1	18/03/1936
21	Agresión Armada			1		18/02/1936
22	Agresión Arr	1	Santiago			18/02/1936
23	Morte				1	25/02/1936
24	Sabotaxe			1		31/03/1936
25	Agresión			1		31/03/1936
26	Agresión Armada				1	31/03/1936
27	Agresión Arr	1	Santiago			31/03/1936
28	Morte	1	Miño			02/04/1936
29	Sabotaxe			1		04/04/1936
30	Agresión Arr	1	Pontedeume			07/04/1936
31	Pelea Tumultuosa				1	11/04/1936
32	Tiroteo			3		17/04/1936
33	Provocación á forza pública				1	17/04/1936
34	Tiroteo	1	Irixo			17/04/1936
35	Agresión	1	Maceda			17/04/1936
36	Sabotaxe	1	Zas			18/04/1936
37	Morte				1	19/04/1936
38	Agresión Armada				1	19/04/1936
39	Agresión				1	24/04/1936
40	Coacción				1	24/04/1936
41	Coacción	1	A Golada			16/03/1936
42	Pelea Tumultuosa				1	03/03/1936
43	Tiroteo				2	03/03/1936
44	Coacción				1	03/03/1936

01/02/1936	Galicia	%	Vigo	%	España	%	TOTAL
Total	21	24,42%	10	11,63%	55	63,95%	86

	GALIZA	%	VIGO	%	ESPAÑA	%	TOTAL
Agresións	6	6,98%	4	4,65%	7	8,14%	17
Mortes	3	3,49%	0	0,00%	9	10,47%	12
Peleas Tumultuosas	0	0,00%	0	0,00%	9	10,47%	9
Agresións Armadas	6	6,98%	1	1,16%	7	8,14%	14
Reventar actos	1	1,16%	0	0,00%	0	0,00%	1
Tiroteos	1	1,16%	3	3,49%	2	2,33%	6
Boicot	0	0,00%	0	0,00%	1	1,16%	1
Coaccións	1	1,16%	0	0,00%	3	3,49%	4
Provocación á forza pública	1	1,16%	0	0,00%	2	2,33%	3
Sabotaxes	2	2,33%	2	2,33%	15	17,44%	19

	GALICIA	VIGO	ESPAÑA	TOTAL
FEBREIRO	7	3	6	16
MARZO	3	2	12	17
ABRIL	7	4	11	22
MAIO	2	0	2	4
XUÑO	1	1	20	22
XULLO	0	0	4	4
TOTAL	20	10	55	85

Fonte: elaboración propia a partir do baleirado de FDV e EPG

A estrutura das nosas bases de datos difiren tamén das que construíu González Calleja, xa que os obxectivos das dúas investigacións tamén son diferentes. A diferenza fundamental estriba en que nós non facemos a diferenciación básica que el si establece entre actos violentos premeditados e non premeditados, máis que nada porque consideramos que coa fonte

[32] González Calleja, Eduardo, *Cifras cruentas: las víctimas mortales de la violencia sociopolítica en la Segunda República española (1931-1936)*, Granada, Comares, 2015, p. 7.

[33] González Calleja emprega exclusivamente para todo o Estado español *ABC* e máis *La Vanguardia*.

[34] Como se pode ver na ilustración tamén se recolleron datos para o conxunto do Estado español, pero decidimos non empregalos ante a existencia de traballos específicos sobre esta cuestión como o xa citado de González Calleja.,

empregada esta posibilidade é certamente complicada. Tampouco facemos diferenza entre tipo de suceso: laboral, subversivo ou estatal, xa que a diferenza entre os dous primeiros sucesos é certamente complexa e, pensamos, con algunha dose de aleatoriedade.

A nosa estrutura e simple: tipo de suceso, localidade no que ocorre e data. Empregamos 10 tipos de sucesos diferentes aplicados para aqueles que proveñen das organizacións de extrema dereita e para os de esquerda. Os sucesos que son de imposible vinculación, por falla de datos, a uns ou outros, recóllense como atribución indeterminada. Os 10 tipos de suceso definidos son: agresións armadas, asasinatos, pelexas tumultuarias, agresións (non armadas), ataques a actos políticos e sindicais, tiroteos, boicots, coaccións, provocación á forza pública e sabotaxes.

Por outra banda, e xa centrándonos na creación da nova sociedade froito do golpe de estado de xullo de 1936, mantivemos a pescuda dos actos culturais e das organizacións encargadas de levalas a cabo coa intención de salientar as posibles permanencias, as normais ausencias e as novas incorporacións. De todos xeitos, o traballo máis intenso centrouse en atopar unha fonte que ofrecendo información, o menos fragmentaria posible, resultarase axeitada para posibilitar unha análise cuantitativa ou cando menos, unha aproximación cuantitativa as actitudes de apoio ou rexeitamento ás autoridades golpistas. Recoñecendo de partida a súa dificultade, non só pola escaseza de fontes axeitadas, senón tamén polas características propias dos procesos colectivos, máis axeitados, a priori, para aproximacións de carácter cualitativo. Aínda así, pensamos que é conveniente lembrar que as aproximacións de carácter cualitativo sen referencias, aínda que estas sexan limitadas, a datos cuantitativos caen con frecuencia na simple elucubración.

Precisamente por isto, a nosa intención foi a nivel práctico, atopar unha fonte que ofrecese datos de carácter masivo e que posibilitase unha análise que nos permitira superar certo tipo de explicación moi común á hora de analizar os inicios da sociedade franquista, sobre todo naqueles estudos que se reclaman a ras de chan. Falamos dun tipo de explicación que se nos presenta como si estiveramos falando de ecuacións de equilibrio, onde un termo da ecuación anula ao seguinte termo, sendo o seu resultado "0". Este tipo de "explicacións de base cero" tenderon ao logo dos anos a converterse en lugares comúns.

> "Individuos, familias, negocios, clubs deportivos, empresas privadas, instituciones culturales, centros de enseñanza, cofradías religiosas, todo tipo de asociaciones y personas se pusieron a disposición de las nuevas autoridades en la retaguardia (…)"[35]

Seguro que si, como igualmente válido sería afirmar exactamente o contrario, -incluso en canto ás confrarías relixiosas- polo que o resultado da explicación, a súa capacidade explicativa, é idéntica ao resultado dunha ecuación de equilibrio,"0". Porque o problema non reside en constatar que unha parte da sociedade apoiou o golpe mentres que outra o combateu, ou sufriu as consecuencias de non apoialo activamente, xa que iso resulta obvio. O problema é tentar mostrar cales son os apoios reais das novas autoridades e si é posible desentrañar, aínda que tan só sexa a nivel de hipótese, pero de hipótese empírica, cantos son uns e cantos son outros, cando menos no período formativo da sociedade franquista. É posible coas fontes

[35] Hernández Burgos, Claudio, *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*, Universidade de Granada, Granada, 2013

dispoñibles un intento de cuantificación ou cando menos unha achega a esta cuantificación que supere os simples exemplos casuísticos? Nós considerabamos que si o é, e agardamos que a presente investigación sexa proba de que estabamos no certo.

A fonte básica empregada para acadar a misión proposta é unha fonte xa empregada con anterioridade, non resulta, xa que logo, nada novidosa. Tratamos, agora, de facer unha aproximación diferente. Estamos a falar das subscricións patrióticas. Á hora de estudar-analizar estas subscricións ate o de agora empregouse, basicamente, para o caso galego, os resumes que obran no arquivo do Estado Maior da VIIIª Rexión militar e de xeito secundario as listas de doantes que diariamente aparecen na prensa dende agosto de 1936[36]. Esta proposta combina os dous xeitos nos que se presenta a fonte: por unha banda como fonte primaria, o resume oficial de achegas, e por outra, coma fonte secundaria, a publicación na prensa das listas diarias de doantes. A través da primeira obtéñense datos xerais non individualizados -ou no mellor cos casos moi parcialmente individualizados- sobre a contía e evolución do proceso recadador e da segunda os nomes dos doantes, que cruzados "con las bases de datos disponibles", ofrecen a posibilidade de relacionar o doante coa súa procedencia social, laboral e ideolóxica[37].

Esta análise céntrase, fundamentalmente, en dúas modalidades de achega. A primeira serán aquelas que con carácter "voluntario" e en metálico realizan os cidadáns dende agosto de 1936 e que, curiosamente a nivel legal, serán tratadas polos sublevados como de igual natureza que ás reguladas como obrigatorias – Decreto 69 do 30 de agosto de 1936[38]- para o persoal ao servizo das institucións públicas. As dúas, as "voluntarias" e as achegas obrigatorias do persoal ao servizo das administracións públicas serán ingresadas, como criterio xeral e sen distinción, na mesma conta do Banco de España en Burgos[39]. A segunda, a subscrición nacional de ouro, regulada a través da Orde do 19 de agosto de 1936 e coa que a *Junta de Defensa Nacional* pretendía que

> "(...) cada uno, en la medida de sus fuerzas, deposite en nuestras manos el oro que, con tanto cariño han ido reuniendo familias enteras"[40]

Empregando este sistema para o caso galego, Julio Prada pretende analizar a nivel ideolóxico e socio profesional aos individuos que el considera maiores doantes. Cunha mostra total de 644 persoas para o conxunto de Galiza, procede o estudo das 203 (31,52 % do total) sobre as que ten datos das súas profesións e das 92 (14,29% do total) das que coñece a súa posición política[41]. Sen entrar noutras consideracións, xa haberá tempo para facelo, o modelo de análise non ofrece posibilidade algunha para tentar unha cuantificación dos apoios con que contaron os sublevados a partir de finais de xullo de 1936. Isto non é demérito do traballo

---

[36] Prada, Julio, *Marcharon con todo: la represión económica en Galicia durante el primer franquismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2016a Prada, Julio, "Las suscripciones patrióticas en Galicia", *Historia Contemporánea*, núm. 53, 2016b.

[37] Prada, Julio, "Las suscripciones…" p. 624.

[38] *Boletin Oficial de la Junta de Defensa Nacional* (BOJDN) núm. 14 do 30 de agosto de 1936.

[39] Martorell, Miguel A. e Comín, Francisco, "La Hacienda de guerra franquista" en Fuentes Quintana, Enrique (coor), *Economía y economistas españoles en la guerra civil*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2008.
Ao longo da investigación comprobarase que este criterio xeral non se cumpre no caso de Vigo, e o destino e sobre todo a xestión dos cartos recadados non se fai directamente por parte das nova autoridades, senón pola entidade organizadora da primeira subscrición da cidade, a Federación Gremial Patronal (FGP).

[40] Orden I do 19 de agosto de 1936, BOJDN, núm. 9 do 21 de agosto de 1936

[41] Prada, Julio, *Marcharon con todo…*, pp. 34-36.
Obsérvese que o intervalo de erro que resulta da súa análise estatística é dun ± 68,48% no primeiro caso e dun ± 85,71% no segundo.

citado, simplemente non estaba entre os seus obxectivos este tipo de análise. Pero como a aproximación cuantitativa si é un dos nosos obxectivos a nosa proposta debe ser, por forza, diferente.

Nós desbotamos os resumes oficiais das subscricións para centrarnos no total de subscritores que participan durante todo o proceso en Vigo-Lavadores. Ao mesmo tempo, tampouco establecemos como obxecto de análise prioritario exclusivamente as dúas posibilidades de contribución "voluntaria" que analiza a proposta anterior - a contribución en metálico e a contribución en ouro-, senón o conxunto das subscricións posibles no noso ámbito xeográfico[42]. Isto supón que ademais das xa mencionadas subscricións en metálico e ouro, incluímos outras, tamén permitidas con carácter xeral pola Orde do 19 de agosto de 1936, o auxilio de inverno e os diferentes subsidios dos combatentes. A estas achegas que tiveron un carácter xeral, para todo o territorio controlado polos sublevados, engadimos, ademais, todas aquelas que se promoveron dende as autoridades locais ou provinciais ao amparo dese marco legal. No caso concreto da cidade de Vigo estamos falando de 18 subscricións en metálico máis, con destino ao esforzo de guerra, sobre todo ao mantemento da moral dos combatentes, á prestación de "servizos" na retagarda, ás axudas ao financiamento das organizacións políticas que integraban a coalición rebelde ou a propaganda relixiosa[43]. Todo este sistema, verdadeira organización da extracción de capital, supuxo unha captación extraordinaria de "activos de la economía privada (…) para lograr los necesarios arbitrios de emergencia"[44]. É importante subliñar a natureza das subscricións que se producen en Galiza e en concreto na cidade de Vigo. Non estamos ante un sistema de cotas establecidas por unha comisión de recadación en función dos ingresos dos cidadáns como acontece por exemplo na provincia de Zaragoza ou na de Salamanca, senón ante un procedemento que prima, teoricamente, a voluntariedade do subscritor tanto nos ritmos das achegas como na contía das mesmas, é

[42] A únicas achegas que desbotamos son as detraccións obrigatorias dos haberes de funcionarios públicos que se establecen en agosto de 1936 e están en vigor ate setembro de 1938. A causa da exclusión é o seu carácter obrigatorio, polo que todos os funcionarios, partidarios, contrarios ou neutrais participan dela. Precisamente por esta mesma causa, tampouco temos en conta unha parte da chamada subscrición pro-aeroporto que se estableceu co fin de sufragar a construción do actual aeroporto de Vigo, Peinador, dende setembro de 1936. Esta subscrición establece dous xeitos de contribución que parte da obrigatoriedade do traballo dos cidadáns varóns nas obras. A primeira, a exención deste traballo obrigatorio por unha aportación en diñeiro, unha especie de redención, que será de 12 pesetas mensuais. Concibida como substituta do traballo obrigatorio non tivemos en conta estas aportacións, outra vez, pola súa obrigatoriedade. A segunda forma destas aportacións e que si recollemos son aquelas que superen esas 12 pesetas mensuais obrigatorias ou que non cheguen a este mínimo, xa que todas elas deben ser consideradas como "voluntarias" sen a contrapartida da exección do traballo.

[43] Ademais das subscricións en metálico, os donativos de axuda ao exército podían realizarse en especie, pero decidimos desbotar a súa recollida por ser case imposible a conversión do doado a un valor obxectivo. De todos xeitos a presenza deste tipo de achega circunscríbese aos 4 últimos meses de 1936 aínda que ten algunha aparición esporádica en determinadas subscricións, por exemplo a que se efectúa para os hospitais militares e en menor medida para o auxilio de inverno, durante todo o período estudado. Por outra banda, as subscricións recollidas son, ademais da subscrición en metálico e a de ouro, a subscrición pro aeroporto, o donativo para FE-JONS, a subscrición para os soldados da fronte de Asturias, a doazón para hospitais militares, a doazón para as JAP, a subscrición para a medalla de Vigo ao comandante Felipe Sánchez (xefe militar da guarnición sublevada en Vigo o 20 de xullo), o donativo para os Requetes, a subscrición para a bandeira do cuartel da *Guardia Civil* de Bouzas, a subscrición para a reconstrución da capela do cárcere de Vigo, os donativos para turrón nos cuarteis da *Guardia Civil* de Lavadores, a subscrición para as cantinas escolares, a subscrición Pro Málaga, a subscrición Pro Igrexas de Málaga, a subscrición para a compra dos uniformes dos Exploradores de Lavadores, o aguinaldo do soldado, o auxilio de inverno, os donativos para as *Mujeres al Servicio de España* e a subscrición para as milicias patrióticas.

[44] Martorell, Miguel A, "La extirpación a fondo de nuestros enemigos": represión económica y financiación de la guerra en la España franquista (1936-1940)", en Martins, Fernando (dir), *A formaçao e a consolidaçao política do Salazarismo e do Franquismo: as décadas de 1930 e 1940*, Évora, Publicaçôes do Cidahus (en liña), 2012

precisamente esta diferenza, a teórica primacía da voluntariedade a que converte estas doazóns nas axeitadas para a análise que nos propomos facer nesta investigación[45].

Así pois, do conxunto de 22 subscricións diferentes que se establecen en Vigo, interésanos tanto o total das subscricións - o número e cantidade de achegas- como o conxunto dos subscritores - todas aquelas persoas que subscriben-. En ámbolos dous casos empregamos as listas de subscritores publicadas na prensa local. Baleiráronse de xeito minucioso os dous xornais diarios que se publicaban en Vigo: FDV e EPG. A partir deste baleirado creouse unha base de datos (Figura 3) co total dos aportes en diñeiro e ouro - coa conseguinte conversión monetaria- por cada persoa, empresa ou institución[46]. Esta base de datos está integrada por 38.246 achegas[47] efectuadas dende o 5 de agosto de 1936, data na que comezan as colectas na cidade organizadas pola organización patronal local, a FGP, ata o 20 de abril de 1937, data do Decreto de Unificación[48].

Ao mesmo tempo que creamos esta base de datos das subscricións, creamos outra base de datos, esta, sobre a posición política e socio profesional daqueles individuos que dende 1930/1931 tiveran algunha relevancia pública na cidade[49]. Esta base de datos construíuse tamén a partir do baleirado da prensa dende 1930, sumándolle ás cabeceiras xa citadas, a revista *Martin Codax*, *Industrias Conserveiras*, *Industrias Pesqueiras*, os anuarios de Vigo dispoñibles, as actas municipais dos concellos de Vigo e Lavadores, así como o órgano de prensa da *Confederación Rexional Galaica* da CNT, *Solidaridad Obrera* (SO). Para o caso concreto dos afiliados ao PSOE, tanto para a súa agrupación de Vigo como para a de Lavadores empregamos o libro de "socios" da Federación Provincial Socialista de 1933[50]. Hai que mencionar tamén a diversa bibliografía de carácter local, entre a que hai que destacar por riba de todas as achegas a de Manuel Fernández González na súa tese doutoral sobre a dinámica socio política de Vigo e o recente estudo de *Falange* de Julio Prada, que aporta datos interesantes en relación cos primeiro pasos da organización en Vigo[51]. Igualmente

[45] Para o caso de Zaragoza, Alcalde, Ángel, *Lazos de sangre. Los apoyos sociales a la sublevación militar en Zaragoza. La Junta Recaudatoria Civil (1936-1939)*, Zaragoza, Instituto Fernando El Católico, 2010. Para o caso de Salamanca, Prado, Luz, *La contribución popular de la Guerra Civil*, https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/55688, 2012.

[46] Para esta conversión empregouse o cambio utilizado polas propias autoridades sublevadas, isto é, 1 gramo de ouro por 10 pesetas. É máis que probable que este cambio "oficial" estivera por debaixo do valor do ouro entre 1936 e 1939, pero optouse por manter o cambio oficial á hora de facer as conversións en moeda para evitar distorsións na comparación de datos.

[47] Nótese que non nos referimos a persoas que contribúen, senón ás súas contribucións, e tendo en conta que hai máis dunha contribución por persoa, o número de persoas participantes será en todo caso inferior ás contribucións.

[48] Aínda que estaba no plan da investigación a análise das subscricións ate o remate da guerra, o certo é que o seu volume e a redución unilateral por parte da USC da duración da presente investigación - que debe ser considerada como un imponderable- fixo materialmente imposible logralo. De todos xeitos, pensamos que o marco cronolóxico que abrangue a escolla é determinante na formación dos primeiros apoios ao novo réxime e tamén é o momento onde máis importancia teñen estes aportes para os sublevados, na construción da súa Facenda, onde o esforzo de guerra é non só máis grande senón máis perentorio.

[49] Esta nova base de datos si abrangue todo o período cronolóxico estudado, dende 1930 a 1939.

[50] Libro de socios da Federación Provincial Socialista. AHPP, Administración Periférica do Estado. Ámbito Provincial. Seguridade e Interior. Seguridade. Incautacións de bens de Asociacións. Libro 7452

[51] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica en Vigo durante la II República*, Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 2005. Prada, Julio, *El fascimo en Galicia. De los orígenes al Decreto de Unificación*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales. Ministerio de la Presidencia, 2023.
Entre estas achegas bibliográficas locais tamén hai que mencionar entre outros a Chaves, Antonio M., *La UGT de Vigo. Una aproximación histórica*, Fundación Luís Tilve, Vigo, 1998; Abad Gallego, Xoán C., *Máis días negros. Crónica lutuosa dalgúns dos feitos que encheron de dor e norte o su da provincia de Pontevedra (dende 1936 até 1978)*, Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 2017; Álvarez Castro, Xosé, *Os anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936-1951)*, Xerais, Vigo, 2022; Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento. O franquismo da provincia de Pontevedra*, Xerais, Vigo, 2010; Martínez Pereda, Lucio, *Medo político e control social na retagarda franquista*, Xerais, Vigo, 2015,

tivemos a oportunidade de empregar unha base de datos privada sobre o movemento libertario en Vigo que o seu autor, Victor Oia, cedeunos amable e desinteresadamente[52].

Figura 3. Base de datos de Subscricións

1			DOADOR	CONCEPTO	D.	DATA	CANTIDAD						
37902	6	0 H	Miguel Parada	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	5,00	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37903	6	0 H	Jose Varela	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37904	6	0 H	Jose Sestayo	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37905	6	0 H	Enrique Rodriguez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37906	6	0 H	Manuel Romero	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37907	6	0 H	Alejandro Garcia	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37908	6	0 H	Julio Vazquez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37909	6	0 H	Francisco Miguelez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37910	6	0 H	Jose Diaz	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37911	6	0 H	Jose Gomez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37912	6	0 H	Francisco Reiriz	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37913	6	0 H	Juan Perez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	2,50	Pesqueiro Constante Freire y Constante Leiros					
37914	6	0 H	Jesus Landin Perez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	15,00	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37915	6	0 H	Juan Jose Solana Bizaga	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	8,00	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37916	6	0 H	Maximino Figueroa Carrera	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	9,50	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37917	6	0 H	Jesus Landin Besada	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	6,00	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37918	6	0 H	Constante Fernandez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	9,00	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37919	6	0 H	Rogelio Fernandez Nogueira	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	9,00	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37920	6	0 H	Francisco Landin Besada	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	5,00	Persoal da fábrica de Manuel Martinez Ramos					
37921	1	0 M	Amalia Castillo viuda de Cordoves	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	100,00						
37922	1	0 M	Herminia Buceta viuda de Saez	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	150,00						
37923	6	0	Obreiros Carboneros de descarga dc	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	143,00						
37924	1	0 H	Francisco Regueira	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	10,00						
37925	1	0 H	Jaime Galiana Lloret	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	100,00						
37926	6	0	Tripulaciones del Nuevo Celta y Mode	Doacción para a Federación Gre	4	11/04/1937 F	110,00						
37927	1	0 H	Emilio Moreiras Mangana	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37928	1	0 H	Jose Vazquez Senra	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37929	1	0 H	Alfonso Freire Costas	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37930	1	0 H	Benigno Freire Costas	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37931	1	0 H	Benigno Montenegro Costas	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	13,00						
37932	1	0 H	Jose Hava	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37933	1	0 H	Manuel Sas Murias	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37934	1	0 H	Jose Rodriguez Barciela	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	10,00						
37935	1	0 H	Jesus Lorenzo Gil	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	100,00						
37936	1	0 H	Manuel Ponte Campos	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37937	1	0 H	Eugenio Dubois Hennes	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37938	1	0 H	Julian Buceta	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	25,00						
37939	1	0 H	Alfonso Peña Diaz	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						
37940	1	0 H	Juan Boronat Soto	Suscripción pro Aeroporto	2	13/04/1937 E	12,00						

Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado de FDV e EPG

A estas hai que sumarlle, pero neste caso, dun xeito tanxencial, o baleirado dos consellos de guerra onde estiveron encartados os máis salientables líderes políticos da cidade, en concreto os que se desenvolveron contra os irmáns Bilbatúa[53], o conxunto contra os dirixentes socialistas Emilio Martínez Garrido, Waldo Gil Santostegui, Enrique Heraclio Botana, Ignacio Seoane Fernández, Apoinar Torres López, Pastor Rodríguez Iglesias e Ramón González Brunet[54]; o tamén conxunto contra a práctica totalidade das directivas dos sindicatos afectos á CNT de Vigo[55]; o do alcalde de Lavadores, José Antela Conde e á do dirixente uxetista e animador cultural Urbano Moledo, ámbolos dous encartados no consello de guerra celebrado para xulgar a morte do empresario e dirixente do Bloque Nacional, Estanislao Núñez[56].

Briallos, Antón, *Vigo 1936. La contribución libertaria a la resistencia contra el alzamiento militar de 1936 en Vigo*, Ateneo Libertario Ricardo Mella, A Coruña, 2003

[52] A recompilación elaborada por Victor Oia é unha das ferramentas imprescindibles para coñecer o movemento libertario en Vigo dende antes da Ditadura de Primo de Rivera ate o inicio da Transición. Empregouse no excelente, por innovador, traballo conxunto: Oia, Victor, Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases e represión franquista na Galiza urbana: os casos de Coruña, Ferrol e Vigo", *Murgia, Revista Galega de Historia*, núm. 31, 2015.

[53] Causa 140/1936

[54] Reproducida integramente en Chaves, Antonio M., *La UGT de Vigo…*

[55] Causa 141/1936

[56] Causa 539/1936

Mención a parte merecen as fontes empregadas para o estudo do conglomerado de organizacións que dun e doutro xeito se sumaron á sublevación. Polo que respecta a FE-JONS empregamos a prensa diaria xa mencionada para as organizacións de carácter democrático, que no caso do conglomerado falanxista (FE-JONS, SEU, CONS) resulta extremadamente útil para o período que vai dende o golpe ao Decreto de Unificación en abril de 1937[57]. Esta utilidade basease na decisión que toma a Xefatura Local de FE-JONS en Vigo en setembro de 1936 de empregar a prensa para as comunicacións e notificacións (altas, baixas por expulsións, pero sobre todo ordes de servizo) cos seus afiliados[58]. Non obstante, o aporte fundamental e determinante para o estudo das organizacións da coalición sublevada (referímonos neste caso concreto a FE-JONS, FET-JONS e CT) foi o descubrimento no AHPP entre un conxunto de caixas arquivadas baixo o epígrafe de "correspondencia" dunha parte importante do arquivo da sección administrativa, subsección ficheiros da FET-JONS e as súas organizacións conformadoras. O descubrimento destes ficheiros pensamos que é un achado de importancia capital para o estudo non so da propia FE e FET-JONS, senón para os primeiros pasos da sociedade franquista[59]. É certo que a información, posiblemente pola falla de orde ocasionada pola súa mala catalogación, ten problemas de fragmentación, pero os listados de afiliados, tanto á SF (completo) como á masculina (incompleto) son dunha importancia determinante para a avaliación da implantación da organización dende a súa creación ate 1939[60].

Estes listados de afiliación preséntanse de dous xeitos. En primeiro lugar, aparecen listados nominais con data de ingreso, profesión e dirección así como, número de carné. O listado, que presenta unha orde alfabética, abrangue dende 1934 a 1941 para todo o que sería a organización local en Vigo, e por desgraza non está completo. Existen tamén outros dous listados nominais, estes completos para o antigo concello de Lavadores e para a parroquia de Teis entre 1936 e 1941[61]. Estes últimos carecen de data de ingreso de cada un dos militantes, non así o listado para os militantes de Bouzas que está completo e con data de ingreso[62]. Para as mulleres da SF, os listados atopados están completos para o período 1935-1939. Polo que

[57] Exclúese á *Sección Femenina* (SF) e aos fechas da utilidade da prensa para o seu análise, xa que en ámbolos dous casos, se mostra moito máis hermética e só ofrece datos de carácter moi fragmentario. En ámbolos dous casos hai que agardar a abril de 1937 para que aparezan listados de afiliados, tanto fechas como mulleres da *Sección Femenina* con certa entidade.
[58] El Pueblo Gallego (EPG), 17 de setembro de 1936.
[59] O achado produciuse a partir do baleirado da sección de correspondencia dos actuais fondos da Xefatura Territorial do Movemento. Este tipo de baleirado xa o fixemos nos arquivo do Concello de Vigo, tamén con resultados sorprendentes, informes da Delegación de Orde Público, notas de carácter confidencial… aínda que moi fragmentarios. Decidimos efectuar estes baleirados pola experiencia en traballo administrativo, aínda que nas seccións de correspondencia das diferentes institucións adoitase a arquivar tan só oficios de remisión ou entrada, queda a criterio o funcionario en cuestión arquivar xunto con estes oficios, copia do documento ou documentos remitidos ou recibidos. Aínda que o descubrimento desta subsección de ficheiros é o achado máis importante, o certo é que xunto a el apareceu tamén moitísima información relevante do período previo ao golpe, incluso un documento en clave da Xefatura Territorial a unha das locais da provincia. Ademais tamén están presentes copias das actas das reunión de moitas xefaturas de mando de FE-JONS, respostas a cuestionarios da territorial por parte das locais que van contado o ambiente que se respiraba en cada unha delas… e parte da correspondencia privada do Xefe Territorial que conta cun grandísimo valor histórico.
[60] Para a SF, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181 pp. 233-240. Para sección masculina, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, pp. 57-60, 1091-1100 e 1724-1725 (todos eles con data de ingreso). Para adheridas á SF, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181 pp. 187-194. Para adheridos sección masculina, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181, pp. 1-12, neste último caso tamén están recollidas as súas profesións.
[61] AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181, pp. 1115-1159.
[62] AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181, pp. 1090-1099

se refire ás e aos adheridos existen listas completas con data de adhesión para todo o período estudado[63]. No caso dos homes tamén constan as súas profesións.

En segundo lugar, como complemento aos datos que ofrecen os listados nominais, atopamos as fichas mensuais de variación de militantes e adheridos, tanto masculinos como femininos. Estas fichas de variación (altas, baixas e totais) están completas para todo o período agás para os primeiros 6 meses a contar dende a sublevación[64]. De todos xeitos, para estes meses sen información ou con información incompleta dispoñemos das altas que se publican a través da prensa, polo que non é arriscado afirmar que podemos ofrecer unha evolución da afiliación, os ritmos e quen se afilia ou se adhire entre 1935 e 1939 cun escaso marxe de erro.

Polo que respecta á outra pata civil da coalición golpista, a CT, aínda que dispón dun espazo exclusivo para ela nos dous xornais diarios da cidade, o certo e que este adoitase encher con novas xeradas fora da cidade, polo xeral informes das accións dos seus requetés nas frontes de batalla ou escritos de carácter doutrinal. Aínda así, o descubrimento parcial dos ficheiros da FET-JONS serviu tamén para ter acceso as listas de afiliados e colaboradores - categoría similar á de adherido en FE-JONS- da CT. Neste caso, os listados de militantes están completos e ademais de data de inscrición e profesión recollen tamén a idade e profesión de todos eles[65].

Para a localización destes materiais foi determinante a dixitalización emprendida polo AHPP e a posta a disposición do público en xeral deste material dixitalizado a través da páxina *Galiciana, arquivo dixital de Galicia* da Xunta de Galiza. Mágoa que a labor de ordenación e clasificación dos expedientes sexa tan limitada.

Coas outras dúas grandes organizacións que actúan activamente como tales a favor do golpe e na construción posterior da nova sociedade, a *Juventud de Acción Popular* (JAP) e a *Guardia Cívica* de Vigo (GCV) só puidemos empregar a prensa para o seu estudo dos seus militantes. Para as JAP obtivemos un significativo número (211 entre xullo e abril de 1937) que si ben non fai posible ningunha análise evolutiva da propia organización, si posibilita facer un achegamento ao controvertido proceso de transvase dos seus militantes cara a FE-JONS e FET-JONS. No se refire á GCV, as características particulares dos procesos de afiliación a esta organización - só se efectúan dous procesos de afiliación, un que remata a finais de setembro de 1936, pechándose a novas incorporacións ate finais de marzo de 1937-, e a publicación das ordes de servizo a través da prensa diaria posibilitou elaborar un listado de 794 cívicos, que si damos por boas as cifras de afiliación que a propia organización publica ao final do primeiro período de inscrición constituirían o total da organización[66].

Os datos obtidos a través destas fontes máis os que se obtiveron do baleirado de prensa dende finais de 1930 relativos á actividade política e social, intégranse nunha cuarta base de datos cun total de persoas 8.825 (Figura 4). Todas elas coa característica común de ter algunha participación política, sindical ou social con transcendencia pública entre 1931 e 1939.

[63] Para as mulleres en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181, pp. 187-193, e para os homes en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1951, caixa 181, pp. 1-11

[64] AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1938-1958, caixa 185, pp. 338-397.

[65] AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, pp. 113-122, 627-631.

[66] Para o fin do primeiro período de afiliación e número total de membros, *Faro de Vigo (*FDV), 22/09/1936. Para o inicio do segundo período de afiliación en FDV, 19/03/1937.

Figura 4 Base de datos de afiliación política



		APELIDO 1	APELIDO 2			CARGO 1	Profesion	IDEOLOXÍA		FEITOS	APUNTAMENTOS	SITUACIÓN						
10	H ANTONIO	ABAD	ARJUEZ	0	0		Repartidor de Telefonica		3,60	de Xefe da VIII División Carlos Bosch. BOPP, núm. 220, de 22/09/1936	Doa 100 pesetas DE. FDV, 07/03/1937	L	SR	P	1	9	9	9
21	H ISIDRO	ABAL		1	0	Vogal do PRR. EPG, 29/11/1931		PRR	6,00	Representa á facción contraria a Emiliano Iglesias.		L	D		0	0	0	0
51	H ANTONIO	ABALDE		1	ALCABR 0	Alcalde de barrio de Alcabre. Dimite en xuño de 1936 por motivos médicos					Doa 2 pesetas DEI-COMESAÑA. EPG, 27/08/1936	L	D	Pp	1	2	2	2
53	H ANTONIO	ABALDE		1	0	Representante do Sindicato de Panadeiros (UGT) na asemblea de entidades socialistas da provincia de Pontevedra celebrada en Vigo o 01/06/1931. EPG, 02/06/1931	Panadeiro	UGT	3,80			L	D		0	0	0	0
55	H BELARMINO	ABALDE		0	0		Dono do Salon Plus Ultra de Bembrive		3,00	O salón adoita a ser cedido gratuitamente para a realización de actos do Sindicato de Agricultores de Bembrive. Pode citarse en concreto a celebración do 1º de maio de 1932. EPG,	Doa 1 peseta H. EPG, 08/12/1936	L	D	H	1	6	6	6
80	H RICARDO	ABALDE		2	BEADE 0	Socio do Centro de Estudios Cientificos y Sociales de Misterio Representante da sección de obreiros descargadores e conductores de vehículos (FdV, 17/06/1936)	Traballador da Artística		2,20	CNT-SUM 3,00	Despois do golpe tenta agochar a documentación do Centro de Estudios Cientificos y Sociales la Libertad con Bienvenido Perez. Pereza que el zulo fue descubierto y el material	L	D		0	0	0	0
81	M SALADINA	ABALDE		0	0		Traballa na fabrica de conservas de Justo Lopez Valcarcel		2,30	6,00	Existe un informe da DOP na que se afirma que aínda que non militou si era simpatizanda das "esquerdas". O informe afirma que se decida á prostitución. Convive con Jose Lugis Salgado antigo militante da CNT que aínda que se afiliou por convicción non fixo actividade destacada nin coñecida de propaganda. [VER INVESTIGACIÓN]	Doa 1 peseta DEE. FdV, 25/09/1936	L	I	Pe	1	3	3	3
87	H FRANCISCO	ABALDE	ABALDE	1	BEADE 0	Contador da Protectora de Vigilancia y Pastoreo de Beade en 1932. EPG, 13/03/1932		Agrario	4,00		Doa 1 peseta AS. EPG, 19/12/1936	L	D	S	1	6	6	6
106	H EDUARDO	ABALDE	FREIJIDO	3	SARDOMA	Presidente da Agrupación Cultural el Libro de Sárdoma. Profesor na escola da Agrupación Secretario del Sindicato Agricola de Sárdoma en 1936	Mestre		3,70	CNT-JJLL 3,00	Mobilizado durante a guerra pasouse ao lado leal. Ao remate da mesma fuxiu para Arxel (OA)	L	MB		0	0	0	0
107	H JOSE	ABALDE	FREIJIDO	1	SARDOMA	Socio da Agrupación Cultural el Libro de Sárdoma		Libertario	3,00			L	D		0	0	0	0
108	H ENRIQUE	ABALDE	FREIRIA	1	SARDOMA	Socio da Agrupación Cultural El Libro			3,00	Detido en posesión de documentación de "El Libro" Pai de Eduardo Abalde, cargo da SASardoma	Doa 5000 pesetas DE. EPG, 19/12/1936 Doa 7500 pesetas comandancia DE. EPG, 03/01/1937 Doa 7500 pesetas Cm. EPG, 10/02/1938	L	DT	CmP	3	6	7	8
120	H ADELIO	ABALDE	POSADA	0			Carpinteiro		2,40	Refuxiado por Redondela en Vigo. Condenado a 12 anos e un dia	Doa 1 peseta DEI. EPG, 11/09/1936	L	C	Pp	1	3	3	3
127	H ORENCIO	ABALDE	RODRIGUE	4	BEADE	Secretario do Sindicato de Descargadores de Carbon, Sal y Similares (UGT) en 1932. EPG, 05/04/1932 Vogal obreiro por eleccións do Xurado Mixto de Transporte Marítimo en 1932. EPG, 21/05/1932 Delegado no Comité Local da Federación Local de Sindicatos representando á Sección de Descargadores de Carbón (UGT) Socio da Agrupación la Antorcha del Porvenir de Beade	Descargador de carbón		2,30	JJ LL 3,00	En 1936 é un dos instigadores de que o seu sindicato pase á CNT Participa activamente na resistencia nas barricadas de Lavadores, tras o cal estivo fuxido polos montes de Mos. Requisitoria o 05/01/1937. FDV Participada na reconstrucción da CNT ata 1947 ano no que marcha para Bos Aires		L	FU		0	0	0	0
136	H FELIX	ABALO		1		Presidente do Sindicato del Ramo de Comunicaciones (afecto a CNT) en 1931		CNT	3,00			L	D		0	0	0	0
137	H ADELINO	ABALO	POSADA	0	BEMBRIVE					Abreselle un expediente de depuración de responsabilidades políticas xunto cun nutrido grupo de veciños de Bembrive		L	RP		0	0	0	0
152	H ANTONIO	ABELEIRA	VILLAR	1	LAV 59	Concelleiro socialista en Lavadores	Albanel		2,40	PCE 2,00	No informe da Garda Civil di que é un destacado propagandista das ideas sociáleis e oposto ao Glorioso.	Doa 25 pesetas DEL. EPG, 02/10/1936 Doa 10 pesetas AS. EPG, 17/12/1936	L	D	PpS	2	4	4	6
157	H FELICIANO	ABELLA	COBINA	0			Empregado		3,20	IR 6,00	Paseado o 4 de agosto de 1936		L	P		0	0	0	0
163	H RAFAEL	ABELLEIRA	COBAS	0			Canteiro		2,10	UGT 1,00	abdominal. (Rexistro civil de Vigo). Paseado o 16 de xuño de 1938.		L	P		0	0	0	0
179	H BENITO	ABRALDE		0						IR 6,00	Condeado por responsabilidades políticas a unha multa de 250 pesetas o 23/10/1942.		L	SR		0	0	0	0

Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado do AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, correspondencia, FDV EPG e outras fontes citadas

Cruzando a base de datos relativa ás subscricións coa a posición política e social temos como resultado unha quinta base de datos, a base para o traballo de análise. Está composta por 25.225 persoas (Figura 5), ou sexa, manexamos o 26,09 % da poboación total dos concellos de Vigo e Lavadores relativos ao censo de 1930[67]. Esta porcentaxe, increméntase ao ter en conta na recollida de datos tanto a subscritores infantís como matrimonios de xeito conxunto e familias enteiras, dando como resultado unha porcentaxe de representación do 33 % da poboación total.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[67] O censo de 1930 atribúe 31.684 habitantes de feito ao Concello de Lavadores e 65.012 ao de Vigo. Datos en https://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispacher.do?td=108631&ext=.pdf

Figura 5 Base de datos cruzados: subscricións e posición social e política



	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	U	V
30	H	CARLOS ALBERTO	ABAL	COBAS	0			0		Traballador da Caixa de Aforros	3,10	FE-JONS	10,00	presentou o recurso contencioso-administrativo en primeira instancia. Estamos ante un novo erro do autor, ou este home incorpórase a FE-JONS para lavar a súa almaxe, e si é así, como	Participa na SM. FdV, 10/09/1936	L	CO	M	1	3	3	3
31	H	FRANCISCO	ABAL	COBAS	0			0				FE-JONS	10,00	Afíliase ao SEU en outubro de 1936. EPG, 06/10/1936 Afíliase a FE-JONS en novembro de 1936. FdV, 13/11/1936 Militante de segunda liña. EPG, 05/01/1937	Participa na SM. FdV, 29/09/1936	D	CO	M	1	3	3	3
32	H	MANUEL	ABAL	COBAS	1			0	Tesoureiro da Juventud Republicano Conservadora en marzo de 1933. TESE: 183			PCR	10,00	Afíliase en outubro de 1936. EPG, 27/10/1936		D	CO		0	0	0	0
33	H	MANUEL	ABAL	COSTA	0			0				FE-JONS	10,00	Afíliase en setembro de 1936. EPG, 17/09/1936		D	CO		0	0	0	0
34	M	MERCEDES	ABAL	de Comesaí	0	COMES.		0						A recaudación do 15 de decembro de 1936 faina na parroquia directamente FE-JONS.	Doa 0,75 pesetas DE. FdV, 15/12/1936	D	D	Pp	1	6	6	6
35	M	CARMEN	ABAL	FABREGAS	0			0							Doa 0,034 gr (14,30 pesetas) DO. EPG, 22/08/1936 Doa 27,80 gr (8626,96) DO. EPG, 22/09/1936 Participa na SM. FdV, 29/09/1936	D	D	MO	3	2	3	3
36	M	ELVIRA	ABAL	FABREGAS	0			0							Participa na SM. FdV, 29/09/1936	D	D	M	1	3	3	3
37	H	JOSE	ABAL	FABREGAS	0			0				FET-JONS	27,13	Servizo en censura postal en maio de 1937. EPG, 09/05/1937 Propone que cese como militante de FET-JONS en maio de 1940 e pase á situación de adherido por motivos políticos AHPF, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia (1940) caixa 167, p. 323		D	R		0	0	0	0
38	H	MANUEL	ABAL	FABREGAS	10			0	En 1931 formaba parte da Agrupación al Servicio de la República de Vigo (EPG, 19/04/1931) Tesoureiro suplente da Camara de Comercio, industria e navegación en 1931. EPG, 04/01/1931 Concelleiro de Vigo por designación gubernativa en xaneiro de 1936. Sesión 08/01/1936. PLE-174 Representante en Vigo da E. Van Dulken y Cia, compañía aceiteira con sede no Estado español en Málaga. IC, setembro de 1936. Presidente do Centro de Hijos de Vigo, en marzo de 1937 continúa como presidente. Vogal vociño no Servizo Municipal de Augas. 3 Comisión Xestora Municipal, novembro de 1936. EPG, 27/11/1936 Vogal vociño no servizo municipal de Pompas fúnebres Designado pola 3 Comisión Xestora Municipal en novembro de 1936. EPG, 27/11/1936 Representante da Camara de Comercio na Junta del Aeropuerto de Vigo (1937, ALC-25) Presidente do Centro de Hijos de Vigo elixido en abril de 1937. EPG, 10/04/1937	Vogal vociño no servizo municipal de augas en 1938. AMV,	Axente comercial	3,02	AD FET-JONS	28,13	Cando toma posesión todos a nova corporación da que forma parte den anxeiro de 1936 afirman que van ao concello sen bandeira política ningunha. (TESE: 562) Paga a exención dos traballos no aeroporto. EPG, 01/10/1936, 12/11/1936, 05/12/1936, 12/01/1937, 12/02/1937, 14/03/1937, 13/04/1937 Servizo no gabinete de censura postal da GCV en abril de 1937. EPG, 18/04/1937	Doa 50 pesetas DE. EPG, 12/08/1936 Doa 0,03 gr (6,20 pesetas) DO. EPG, 22/08/1936 Participa na SM. FdV, 09/09/1936 Doa 38,20 gr (9106,12) DO. EPG, 22/09/1936 Doa 10 pesetas AS. EPG, 16/12/1936 Doa 5 pesetas H. EPG, 17/01/1937 Doa 5 pesetas E. EPG, 16/03/1937	L	R	AEHMOPS	7	2	7	9
39	M	MARINA	ABAL	FABREGAS	0			0							Participa na SM. FdV, 29/09/1936	D	D	M	1	3	3	3
40	H	RAIMUNDO	ABAL	GONZALEZ	0			0				Guardia Civica	13,00	Presta servizo no gabinete de censura postal en maio de 1937. FDV, 16/05/1937		D	R		0	0	0	0
41	H	RAMON	ABAL	MAGARIÑO	0			0						Soldado mobilizado. Compañía Danubio Azul	Doa 0,25 pesetas DE. EPG, 10/09/1936	D	MB	P	1	3	3	3
42	M	MANUELA	ABAL	PORTELA	0			0		Servinta	3,30				Doa 5 peseta DE. EPG, 18/08/1936 Doa 0,50 pesetas R. FdV, 10/11/1936	D	D	PR	2	2	2	5
43	M	CARMEN	ABAL	RIVADEMA	0			0							Doa 19,50 gr (4548,61 pesetas) DO.EPG, 21/08/1936	D	D	O	1	2	2	2
															[illegible] Doa 14 gr (3337,32 pesetas) DO. EPG, 21/08/1936 Participa na SM. FdV, 16/09/1936 [illegible]							

Fonte: Elaboración propia a do cruce das distintas bases de datos creadas

Como é lóxico a creación e utilización dunha información de carácter masivo conta cunha serie de atrancos que debemos ter en conta, non só ao presentar os datos obtidos, senón á hora da súa análise unha vez "depurados". Os problemas fundamentais cos que nos atopamos foron de dous tipos.

En primeiro lugar, a imposibilidade en algúns casos, de identificación persoal dos individuos. Isto é unha consecuencia do emprego nalgunhas listas de subscricións, de tan só o nome e un apelido. Este xeito de presentación do dato resulta problemático cando o nome e o apelido son comúns. Esta circunstancia produciuse maiormente nas achegas recadadas directamente nas diferentes parroquias do concello e nas achegas que se producían como consecuencia de retracción dunha porcentaxe do xornal por parte das empresas. Para reducir a porcentaxe destes "indefinidos" empregáronse outros datos, principalmente, parroquia de residencia, profesión e a aportación a unha das subscricións, a da medalla para o comandante militar da praza, que só admitía unha achega. Con estes tres elementos correctores reducimos a imposibilidade de identificación a unha porcentaxe total do 12,84% Esta porcentaxe non está incluída no número total de individuos que compoñen a base de datos de traballo. A existencia deste 12,84% de individuos que foron imposibles de identificar non quere dicir que as porcentaxes que presentamos ao longo da investigación estean matizadas, en todo caso, por esa desviación, senón que o cálculo do marxe de erro faise para cada análise concreto. Por exemplo, si existe un ± 12,84% nos datos xerais como o número de participantes nas subscricións en relación á poboación total, pero este abano non é igual, por exemplo, para o

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

caso dos individuos de procedencia republicana ou obreira que participan nas subscricións, por que o número de individuos non identificados non afecta por igual a todas as categorías, senón que é variable en función dunha ou doutra.

Dentro das achegas para as que resulta problemática a súa asignación a un individuo concreto existe outro problema ao tratar a fonte. Atopámonos cun conxunto de achegas, o 5,54 % o total, que non poden ser identificadas por ter sido realizadas baixo pseudónimo, criptónimo ou mediante unha simple frase do estilo de "un amante del orden". Non obstante, non incluímos estas achegas dentro dese 12,84% que excluímos da análise xeral, xa que o emprego desas alternativas ao nome real pode ser perfectamente explicado dentro dun contexto de mobilización social e de formación da nova nación española, e como tal serán explicadas ao longo da investigación.

En segundo lugar, a propia natureza das fontes que empregamos para desvelar a posición ideolóxico-partidista xera problemas de infrarrepresentación dos elementos asociados ás organizacións obreiras e republicanas e tamén a aqueles outros cunha actividade eminentemente cultural previa á golpe de estado. Estes problemas son froito da calidade da fonte empregada. Así, resulta imposible - agás para os militantes do PSOE- ofrecer listados completos de afiliados das organizacións que se mantiveron leais á legalidade republicana, polo que os datos que manexamos se refiren fundamentalmente a cadros ou militantes destacados que logran transcendencia pública dende a proclamación da República. Fronte a isto, o descubrimento dos ficheiros de FET-JONS posibilitou o acceso, senón a todos, á inmensa maioría dos militantes das organizacións golpistas. Loxicamente isto fai que o seu número sexa substancialmente superior, polo que efectuar unha simple comparación numérica sería un erro.

Outra das fontes empregadas que poden presentar problemas de interpretación son as actas das sesións municipais. Estas actas son unha fonte imprescindible para avaliar o proceso represivo desencadeado contra o persoal ao servizo do Concello (no noso caso dos concellos de Vigo e máis Lavadores), tanto no seu impacto global como nos ritmos e fases nos que se executa a represión. Pero estes ritmos e mesmo o xeito que adopta a depuración e, por suposto, as consecuencias que xera, están mediatizados polo momento concreto no que se producen. Así, na que se ten definido pola historiografía local[68], como a primeira fase da depuración (dende o golpe ate o 12 de setembro de 1936) actuaríase dun xeito expeditivo ao amparo "legal" do Bando da Declaración do Estado de Guerra[69], mentres que na segunda fase (dende o 12 de setembro de 1936 ate o final da guerra) empregaríase como base para a depuración o Decreto 108 de 16 de setembro de 1936[70]. Visto así, a investigación da depuración dos funcionarios municipais preséntase relativamente sinxela: basta con repasar as actas municipais en busca das listaxes de persoal depurado. Pero a fonte non se presenta coa "lóxica" do investigador. En primeiro lugar, a publicación do Decreto 108 obriga ás

[68] Martínez Pereda, Lucio, "La depuración franquista del ayuntamiento de Vigo" en *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, núm. 14, 2009.

[69] BOJDN núm. 3 do 30 de xullo de 1936. En concreto emprégase o seu artigo número 3: "Los funcionarios, Autoridades o Corporaciones que no presten el inmediato auxilio que por mi Autoridad o por mis subordinados sea reclamada para el restablecimiento del orden o ejecución de lo mandado en este Bando, serán suspendidos inmediatamente de sus cargos, sin perjuicio de la correspondiente responsabilidad criminal, que les será exigida por la jurisdicción de Guerra."

[70] BOJDN núm. 22 do 16 de setembro de 1936. En concreto, tamén, o contido do seu artigo 3: "Los funcionarios públicos y los de empresas subvencionadas por el Estado, la provincia o el municipio o concesionarias de servicios públicos, podrán ser corregidos, suspendidos y destituídos de los cargos que desempeñan cuando aconsejen tales medidas sus actuaciones antipatrióticas o contrarias al movimiento nacional."

autoridades municipais a retomar todas as sancións ditadas ao amparo do Bando da Declaración do Estado de Guerra para efectuar o preceptivo expediente administrativo, o que vai a orixinar que depurados en agosto de 1936 volvan aos seus postos de traballo nos primeiros 6 meses de 1937 sen sanción algunha. En segundo lugar, o réxime disciplinario dunha administración pública é un procedemento regulamentado normal que en ningún caso pode ser considerado excepcional e que está presente na actividade cotián de todas administración públicas, durante o período da guerra civil, tamén. Por este motivo, as novas autoridades empregan este procedemento "normal" e mesmo o Decreto 108 para sancionar ao seu persoal por motivos políticos, si, pero tamén por motivos administrativos que non poden ser relacionados coas consecuencias do golpe de estado. Si unha achega á fonte non ten en conta estas dúas realidades córrese o perigo de incluír entre os funcionarios depurados a persoas que nada tiveron que ver cunha posición previa de defensa dos principios democráticos, mesturando, en moitos casos a defensores ou partidarios da democracia republicana cos seus verdugos[71].

Ao mesmo tempo, unha achega a este tipo de fonte con esa dupla compoñente, administrativa e política, debe partir dunha consideración teórica previa: a inexistencia de relacións inequívocas constantes entre as vítimas e os vitimarios. Pensamos que só dende este punto de partida pódese entender como funcionarios sancionados, pasan aos poucos meses a ser privilexiados, ou como aqueles que situados dende antes do golpe de estado no campo dos golpistas, resultan depurados, estes si, politicamente depurados. Ou sexa, tamén no tratamento das fontes, neste caso nas fontes de carácter municipal, debemos ter en conta o dinamismo das relacións sociais, que nos deben levar a fuxir da presentación de listas de depurados baseadas en criterios de carácter binario, para tentar construír itinerarios flutuantes, lembrado que nun contexto de transformación radical da realidade social, un mes é tempo dabondo para tentar buscar a supervivencia.

É precisamente a renuncia ou a incapacidade dunha reflexión teórica previa ou simultánea á recollida de datos o que lastra unha gran parte das achegas que se teñen realizado dende a historia local non académica en este tema da represión laboral. O interese en salientar por riba de todo a perversidade absoluta duns fronte a bondade infinita doutros, trae como resultado a elaboración de relatos onde toda unha gama de cores posibles desaparece, polo que a capacidade de explicar unha realidade complexa tamén se perde. Aínda así, a capacidade para recuperar nomes, situacións, memorias… de tentar abordar o estudo do golpe de estado e as súas repercusións nas vilas de Galiza non só resulta imprescindible, senón que foi determinante para que no tempo no que a academia non se sentiu interesada polo seu estudo, se conseguiran sentar as bases do que anos atrás foron os famosos anos da Memoria.

[71] O caso máis evidente, pero para nada único, prodúcese coa inclusión entre os depurados por motivos políticos de Emilio Álvarez Martínez, eclesiástico e encargado do servizo de beneficencia do concello, importante elemento do Bloque Nacional, fundador en 1935 e director da filofascista *Agrupación Cultural Martín Codax* (AMC), orador nas funcións patrióticas para nenos e nenas que se organizan en febreiro de 1937. Aparece como un dos depurados polas novas autoridades municipais en Martínez Pereda, Lucio, "La depuración franquista…" p. 170. Certamente Emilio Álvarez Martínez foi expedientado e apartado do seu posto de traballo, pero en ningún caso foi depurado por motivos políticos, senón pola denuncia reiterada, dende febreiro de 1936 de moitas das usuarias do servizo de beneficencia polo "trato que le daba a las mujeres".

3. FUNDAMENTOS TEÓRICOS.

Nas páxinas precedentes apuntamos toda unha serie de aspectos sobre os que vai a incidir a nosa investigación, a ninguén se lle escapa que a maioría deles, por non dicir todos, superan con creces o estrito marco xeográfico onde se desenvolve. É máis, as cuestións máis importantes a tratar están sometidas na actualidade a diversos debates historiográficos: os mecanismos empregados para a formación da sociedade franquista e a oportunidade ou non de adoptar a nivel interpretativo un concepto como o consenso; a relevancia de ter en conta as chamadas "zonas grises" e de como abordar o estudo dese conxunto que se nos presenta como heteroxéneo, e polo xeral sen voz e que nos conecta directamente coas formulacións sobre a pasividade e o colaboracionismo; as bases do novo réxime e da organización política que a partir de abril de 1937 se converterá, por obra e graza do xeneral Franco, en partido único ate a desaparición física do ditador; a natureza da violencia e a caracterización tanto de vítimas como de vitimarios ou a asimilación do novo estado franquista aos réximes nazi fascistas europeos coetáneos na súa fundación.

Por esta razón consideramos axeitado explicar o noso punto de partida teórico sobre cada un destes debates e iniciar un primeiro diálogo cos aportes que consideramos máis salientables na historiografía recente sobre cada un deles. Por motivos de claridade na exposición, dividiremos este capítulo en tres subapartados que consideramos imprescindibles abordar dende unha perspectiva teórica. En primeiro lugar, abordaremos as bases do estudo da nova sociedade franquista que comeza a conformarse a partir do golpe de estado dende unha perspectiva de base, a ras de chan. En segundo lugar, analizaremos a cuestión da xeración da violencia dende os meses anteriores ao 18 de xullo e o seu carácter dinámico. Remataremos centrándonos natureza do novo réxime analizando as concrecións prácticas, tanto de índole política como social, que se van a poñer en marcha a nivel local.

3.1. A CREACIÓN DA SOCIEDADE FRANQUISTA: UNHA MIRADA DENDE A BASE.

A nosa investigación recolle o chamado dunha corrente historiográfica relativamente recente nos estudos da guerra civil que reclama máis atención á esfera da vida cotián nun intento de observación-explicación dende unha óptica que

> "(...) no pase por alto los deseos, aspiraciones y anhelos de la gente corriente y no pierda de vista la existencia de oportunidades, canales y espacios de colaboración entre los Estados y las sociedades"[72]

Estamos diante dunha proposta que tamén se desenvolveu para o estudo dos procesos de nacionalización unha vez constatado que os espazos de sociabilidade cotián poden crear máis eficazmente unha identidade nacional que, incluso, as axencias estatais[73]. Non obstante, ao asumir esta mirada a ras de chan para a análise da construción do primeiro franquismo,

[72] Hernández Burgos, Claudio., "Una patria como dios manda: procesos de destrucción y construcción en la España de posguerra" en Cuadrado, J. (ed.), *Las huellas del franquismo: pasado y presente*, Granada, Editorial Comares, 2019, 32.
[73] Quiroga, Alejandro, "La nacionalización en España. Una propuesta teórica", *Areas*, núm. 90, 2013

decatámonos que hai unha serie de supostos atributos que comunmente sonlle asociados aos espazos e procesos de sociabilidade sobre os que pensamos que paga a pena reflexionar.

En primeiro lugar, resulta certamente paradoxal encarar unha proposta de achegamento dende a baixo, dende a vida cotián, co obxectivo declarado de ofrecer unha nova visión sobre a creación da sociedade franquista, ou sexa, sobre a destrución da sociedade republicana, sen que apareza por ningún lado a análise desta vida cotián[74]. Analízase ou pretendese analizar a construción da sociedade franquista, a aparición dun novo xeito de sociabilidade, pero óbviase, máis alá das achegas de carácter xeral, sobre-contra que se constrúe esta nova sociedade. Resólvese esta carencia coa inclusión dunha serie de exemplos illados que pasan a xogar na construción do relato un papel de *presunción iuris tantum* dando por certas explicacións sen necesidade de aportar máis argumento que o propio exemplo[75]. Evidentemente este tipo de "trampa argumental" non é privativa das supostas caracterizacións da sociedade civil republicana previa ao golpe de estado, senón que tamén está presente nas caracterizacións, dende abaixo, da nova sociedade franquista[76]. Que dúbida cabe que non nos estamos a referir ao emprego de exemplos con capacidade explicativa como xeito de presentar o substrato empírico dunha investigación tal e como fai de xeito excepcional Robert Gellately á hora de analizar as actitudes dos alemáns fronte ao nazismo[77].

En segundo lugar, algunhas conclusións sobre as modificacións que se introducen coa construción da nova sociedade franquista sofren, dende o noso punto de vista, dunha falla de reflexión teórica previa que ten que ver coas características do espazo que se di privilexiar. Debemos partir, pois, de clarexar ou explicar que é dende o noso punto de vista ese espazo en permanente construción que é a vida cotián e as súas características esenciais.

> "En ese espacio, el hombre va elaborando y desarrollando la subjetividad y la identidad, a través del análisis de su propia esencia como ser social y la identificación con su cultura, en el marco de la organización y reorganización de su entorno para la satisfacción de sus necesidades mediatas e inmediatas"[78].

A vida cotián é, polo tanto, o marco onde os individuos interpretan a realidade social co seu conxunto de normas a partires das súas propias necesidades e enfocados á súa satisfacción. Despréndese entón que estamos ante un espazo en constante cambio ou en potencial constante cambio, polo que o dinamismo é unha das súas características fundamentais. Asumir este dinamismo como unha das características definitorias da vida cotián ten unha serie de implicacións prácticas a nivel da investigación xa que, todos os mecanismos sociais contáxianse dese carácter dinámico. Son dinámicos, e polo tanto mutables ou potencialmente mutables, os apoios tanto á formación como á consolidación na nova sociedade que se

[74] Incluso hai casos onde sen ofrecer análise algún, non xa sobre a vida cotián, senón incluso sobre a vida asociativa (máis alá de organizacións políticas e sindicais), afírmase, sen dúbida algunha, como queda destruída: "*Su máquina* [refírese a maquinaria represiva do Estado franquista] *siembra el miedo, enseña a odiar y rasga el tejido asociativo existente, envenenando la convivencia y la vida social*" en Lagarita, Estefanía, "<<Si no hay castigo, la España Nueva no se hará nunca>>. La colaboración ciudadana con las autoridades franquistas" en Casanova, Julián e Cenarro, Ángela (ed), *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936-1945)*, Barcelona, Planeta, 2014, 148.

[75] Para o caso galego o exemplo máis evidente desta "tendencia" en Somoza, Antonio, Domínguez Almansa, Andrés e Fernández Prieto, Lourenzo, "La génesis del régimen franquista en Galicia: aniquilación política y destrucción de la sociedad civil (1936-1939)" en Segura, Antoni, Mayayo, Andreu e Abello, Teresa (dirs), *La Dictadura Franquista. La institucionalització d'un règim*, Barcelona, Universidade de Barcelona, 2012.

[76] O exemplo máis rechamante en Hernández Burgos, Claudio, *Franquismo a ras de suelo…*

[77] Gellately, Robert, *No solo Hitler. La Alemania nazi entre la coacción y el consenso*, Barcelona, Editorial Crítica, 2002.

[78] Uribe, Mary Luz, "La vida cotidiana como espacio de construcción social", *Procesos históricos*, núm. 25, 2014, p. 101.

construe despois do 18 de xullo de 1936, son dinámicas as adaptacións a pequena escala das políticas deseñadas polos estados, por calquera estado, tanto o republicano frontepopulista como o franquista,… Polo tanto, si queremos construír explicacións que partan desa vida cotián, debemos tentar identificar e analizar os momentos de "ruptura" que poidan axudar a interpretar este constante cambio[79]. Ao mesmo tempo, deberíamos decatarnos da incoherencia que supón o emprego nas nosas análises de categorías igual de dinámicas que o propio obxecto de estudo dende unha perspectiva, polo xeral, estática. Así acontece que se fala habitualmente dos apoios sociais ao novo réxime sen ter en conta o seu dinamismo, como si estes foran os mesmos, en cantidade e calidade, no momento do golpe que ao remate da guerra civil ou ao comezo dos anos 60 do século pasado[80].

Pero ao mesmo tempo que un espazo en constante troco é tamén o espazo onde os individuos buscan satisfacer as súas necesidades a partir de constantes interrelacións entre eles mesmos e entre estes e as diversas institucións tomadas dende un punto de vista amplo. Precisamente pola consecución deste "obxectivo", o conflito ou a colaboración con carácter xeral deben ser considerados como estratexias conducentes a esa satisfacción de necesidades e, polo tanto, actitudes, ambas, non excepcionais.

En terceiro lugar, carécese dunha reflexión, que pensamos necesaria do Estado, non da construción do aparello estatal ou dos modelos posibles e da súa escolla, nin da evolución das súas estruturas... senón unha reflexión sobre a súa propia natureza. Tanto máis necesaria tendo en conta o caso concreto do propio Estado franquista e as particularidades da súa evolución. Pensamos que esta reflexión é pertinente en base a dous feitos vinculados a esa natureza. Dunha banda, o feito da violencia organizada e doutra as relacións sociedade-Estado que se asumen, en algúns casos, como colaborativas[81]. O Estado é un obxecto político dinámico, neste sentido a propia configuración do Estado franquista e as modificacións que se introducen nel nas diferentes etapas polas que atravesa valida esta afirmación. Como obxecto político dinámico é o escenario de loitas pola hexemonía que "es tanto cuestionada como reproducida"[82]. Dende esta perspectiva o estado deixa de ser analizado como un "campo" do consenso para pasar a concibirse como un marco do conflito. Que dúbida cabe que para que se produza esta reprodución hexemónica por parte do estado é necesaria unha previa maioría ou cando menos un consenso relativo entre as elites que o van a ocupar en base a uns puntos coincidentes. Este elementos de unidade están representados no noso caso, pola existencia do inimigo común simbólico e recreado, a anti-España. Non obstante, este acordo se verá alterado-suprimido-cuestionado no momento en que a hexemonía resulte acadada, agromando novamente o conflito no marco do propio Estado.

Esta idea aplicada ao noso contexto concreto proporciona unha serie de, chamémoslle, posicións de saída. En primeiro lugar, a loita entre as elites que dirixen o estado republicano con anterioridade ao golpe de estado de xullo de 1936, e entre estas e os sectores

[79] Salientamos a escasa atención que se ten dado á unificación de FE-JONS e a CT a nivel de base como tamén as dúas organizacións independentes entre o golpe e a súa unificación. Pensamos que estes son dous momentos a ter en conta para tentar analizar eses cambios dos que falabamos.

[80] Unha chamada a ter en conta este dinamismo en Molina Aparicio, Fernando, "La reconstrucción de la nación. Homogenización cultural y nacionalización de masas en la España franquista (1936-1939)", *Historia y Política*, núm. 38, 2017, p.26. Unha análise non dinámica dos apoios á novo réxime en Preston, Paul, *La política de la venganza. El fascismo y el militarismo en la España del siglo XX*, Barcelona, Península, 2014, pp. 28 e ss.

[81] Hernández Burgos, Claudio., "Una patria como dios manda: procesos… p. 20

[82] Moore, Barrington, *La injusticia: bases sociales de la obediencia y la rebelión*, México C.F., Universidad Nacional Autónoma, 1996, p. 25.

subordinados - dende unha perspectiva de falla de control do aparello estatal, non de subordinación económica[83]- son as que producirán unha acción estatal determinada. Por exemplo, foi a cativa capacidade das institucións republicanas da Fronte Popular para frear as accións dos grupos opositores violentos como consecuencia dos conflitos-pugnas internas no aparello estatal, e non ao revés, a potencia-apoio dos grupos opositores terroristas, a que orixinou a situación percibida por determinados sectores de desorde social e inseguridade política[84]. En segundo lugar, tal e como apuntabamos antes, a visión do Estado como un espazo dinámico, que lonxe de caracterizase polo consenso, caracterizaríase polas loitas internas de hexemonía, explicaría a propia evolución do Estado franquista e as mutacións que se producen ao longo da súa historia. Evidentemente, a súa supervivencia ao longo dos anos, requiriu tamén unha serie de elementos unitarios capaces de aglutinar ás diversas faccións da elite que dentro del competían. Esta unidade tería como base os mesmos puntos fortes que deron orixe á coalición dos sublevados: o antiliberalismo, o antiparlamentarismo, a negación da loita de clases e unha concreta recreación da nación española en contraposición coa multiplicidade de alternativas nacionais entre as que se atoparían as subestatais ou a nación "diversa" da tradición republicana[85]. A estes aspectos habería que sumarlle toda a dimensión cultural onde se situaría ademais desta renacionalización, a recatolización, piares da construción da base social de apoio. Nesta tarefa o aparello estatal coas súas institucións "(…) definen, con gran detalle, las formas e imágenes aceptables de la actividad social y de la identidad individual y colectiva"[86]

Isto é precisamente o que se fai dende o novo aparello estatal e subestatal que se comeza a construír dende o golpe de estado en xullo de 1936. Procúrase reforzar nunha visión dual nós-eles, aplicada case que ao conxunto das relacións sociais e que xa fora formulada e xa se fixera explícita con anterioridade dun xeito masivo no marco da campaña electoral de febreiro de 1936. Así, debemos salientar que aínda que a creación simbólico-cultural é unha actividade imprescindible, indisociable da constitución do novo estado, os procesos de "creación" cultural son tamén previos ao inicio do conflito, aínda que neste caso, terían unha función diferente. E aínda que acotío non se ten en conta a presenza deste tipo de discurso de creación simbólico cultural, previo ao golpe de estado, a súa existencia constitúe, ao noso xuízo, un dos elementos imprescindibles para explicar o estoupido da violencia, primeiro contida a partir de febreiro de 1936 e logo masiva a partir do golpe de estado[87]. Coincidimos plenamente con José Luís Ledesma cando afirma que unha análise que parta do propio conflito, da experiencia inmediata da propia guerra resulta útil para explicar as violencias nas retagardas a partires do outono de 1936

[83] En realidade tampouco é arriscado afirmar que a presenza en determinadas institucións do Estado, como o Exército, de elites opostas ás que controlaban as outras fírgoas do aparello estatal, sexa un exemplo máis desta visión do Estado como un "campo" de conflito.

[84] Cando falamos das pugnas internas dentro do Estado non nos estamos a referir ás tensións que se produciron entre as faccións políticas que apoiaban a FP, senón á fractura que existía no propio aparello estatal, sobre todo entre o poder político e amplos sectores das forzas e corpos de seguridade e o mesmo Exército.

[85] Miralles, Xavier A., "Nacionalismo español y culturas políticas. El comienzo de una buena amistad" en *Historia y Política*, núm. 34, 2015.

[86] Corringan, Philip e Sayer, Derek, "El gran arco: la formación del Estado inglés como revolución cultural", en Lagos, María e Calla, Pamela (comps), *Antropología del Estado: Dominación y prácticas contestatarias en América Latina*, La Paz, Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo, PNUD, 2007, pp. 44-45

[87] Cando falamos de "discurso" neste punto non nos estamos a referir exclusivamente á concreción oral ou escrita dunha posición ideolóxica, senón á elaboración dunha "guía" que ten como misión establecer as relación entre os diferentes autores (Goodwin, Jeff, "El enfoque relacional del terrorismo en Charles Tilly" en Funes, María J. (ed): *A proposito de Tilly. Conflicto, poder y acción colectiva,* Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, 2011)

> "(…) y luego durante la larga posguerra, a medida que se fueron construyendo, nutriendo y asentando esos discursos, ritos y estereotipos. Ahora bien, lo es menos para las prácticas represivas que acompañaron a la contienda durante sus primeros meses."[88]

A diferenza obvia e fundamental entre os discursos nun e outro momento, previo e posterior ao golpe de estado, estriba en que nos momentos previos ao golpe estes procesos non proveñen nin dende o Estado nin das súas axencias, senón do que Ch. Tilly denominou "emprendedores políticos"[89]. Son estes os que elaboran un discurso político coa imprescindible misión de crear as condicións que fagan factible a aparición da violencia masiva, nun primeiro momento tan só como ameaza. Isto farase a través do trazado e activación de liñas de división cada vez máis profundas entre o conxunto dos actores sociais. Precisamente por isto, débese diferenciar os momentos na creación ou recreación simbólica do discurso político, porque os seus obxectivos son tamén diferentes. Trataremos máis amplamente este aspecto no apartado seguinte deste capítulo.

Volvendo á construción do Estado franquista, será a través das súas estruturas dende onde se produza unha nova configuración das imaxes e comportamentos aceptables tanto a nivel social como a nivel colectivo, co obxectivo de transformar todas as formas de articulación social e cultural republicanas. Aquí se enmarcan os procesos de destrución da realidade cultural e social do quinquenio republicano e como esas formas e imaxes nas que se asentaba esa sociedade pasan a ser inaceptables na nova realidade que se vai conformando dende o momento mesmo do golpe de estado, substituídas por novas imaxes e un novo xeito de articulación social. Neste punto debemos salientar que estas novas imaxes construídas polos sublevados conforman un repertorio aberto que se irá completando co paso do tempo. Xa Núñez Seixas nos puxo sobre aviso de que a simboloxía ultracatólica non está presente nos primeiros momentos da sublevación e se irá incorporando a medida que se vaian concretando novos apoios[90]. Incidindo neste aspecto non se pode esquecer que as catolicísimas novas autoridades permitiron que a Lei de Divorcio de 1932 continuase aplicándose e celebrando xuízos ate a súa suspensión oficial o 5 de marzo de 1938[91].

Neste contexto de troco profundo, os contestatarios quedarán nas marxes desa nova articulación e das imaxes que se recrean como aceptables polas novas estruturas estatais franquistas. Precisamente por isto, a contestación directa, a non aceptación da nova realidade de xeito activo é absolutamente improbable en termos de custes persoais de cada un dos actores. En todo caso, a ausencia desta actitude de xeito masivo non debería ser vista dun xeito apriorístico e mecánico como base para contrapoñer unha presunta actitude colaboradora maioritaria con todos os prexuízos que leva implícitos. Convén lembrar neste punto unha reflexión de C. Robin:

---

[88] Ledesma Vera, José L., "¿Cuchillos afilados? De violencias, guerra civil y culturas bélicas en la España del primer siglo XX" en Canal, Jordi e González Calleja, Eduardo, *Guerras civiles. Una clave para entender la Europa de los siglos XIX y XX*, Madrid, Casa de Velázquez, 2012, p. 90

[89] Tilly, Charles, *Violencia…*

[90] Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...* p. 187.

[91] Decreto do Ministerio de Xustiza do 2 de marzo de 1938, BOE núm. 500 do 5/03/1938. A lei do divorcio de 1932 non será derrogada ate a fin da guerra, o 23 de setembro de 1939, BOE núm. 278 do 3 de marzo de 1939.

"(...) si el miedo es una reacción involuntaria al poder puro, si someternos al miedo es la única respuesta posible a dicho poder, no podemos ser considerados como moralmente responsables por nuestra capitulación."[92]

Pero esta mirada dende abaixo tamén ten sido reclamada dende aqueles que se dedican ao estudo concreto do partido que resultaría ser único no réxime nacido do golpe de xullo de 1936. Dicía Ángel Bahamonde co gallo da presentación, xunto con Rosario Ruíz, de *Los libros sobre la Guerra Civil* (Cátedra, 2021) que quedan moitos aspectos da Guerra Civil por descubrir, entre eles "la cotidianeidad en la retaguardia, la vida más allá del frente (…)", incluso de que xeito vivían os republicanos na retagarda rebelde. Facía tamén un chamamento ao parcelamento temático, "ir al detalle, al fenómeno particular"[93]. Esta reivindicación dun achegamento "particular", parcelado, tamén se dirixe aos estudos sobre a organización que dará sustento ao novo Estado, a *Falange*. Nun congreso monográfico sobre esta organización que reuniu aos máis importantes estudosos sobre o tema xunto con xoves historiadores, todos coincidiron, por riba das diferentes posicións sostidas por cada un, na necesidade de "investigar sobre la respuesta popular a las políticas desde arriba al régimen"[94]. Está proposta de descender a un nivel micro para comprobar o impacto das políticas ou da propia organización estatal e do partido único debe ser estudada tendo en conta o sentido pasivo de medir os seus impactos, xa que o activo estaba prohibido. Neste sentido faise unha proposta de aspectos a analizar: a evolución das organizacións de encadramento do réxime, o tipo de socialización política na mocidade fundamentalmente a través da escola ou a actuación dentro do réxime de figuras que máis tarde xogarán un papel salientable dentro do antifranquismo.

Precisamente por todas estas consideracións comezamos a presente investigación case un ano antes de se producir o golpe de estado de 1936. A elección deste marco cronolóxico, un tanto atípico no seu inicio, non é froito exclusivamente dun intento de establecer comparacións entre a realidade anterior e posterior a xullo de 1936. Non pretendemos unha típica descrición do contexto político e económico previo do marco espacial escolleito e que traballos anteriores xa teñen feito[95]. Ao mesmo tempo, está suficientemente estudado que, fronte á propaganda que xustificaba do golpe de estado como único camiño para impedir o asalto revolucionario ao Estado, tanto o programa da Fronte Popular como as iniciativas que lle deu tempo a desenvolver non supuñan, en modo algún, a posta en practica dunha proposta disruptiva[96]. Non obstante, si parece haber indicios de que nos últimos meses de vida da experiencia republicana danse unha serie de procesos a nivel de base, tanto políticos, sindicais así como culturais que supoñen un salto cualitativo máis alá do coñecido empuxe dos

[92] Robin, Corey, *El miedo. Historia de una idea política*, Cidade de México, FCE, 2009, pp. 326-327

[93] https://www.publico.es/culturas/libros-guerra-civil-queda-guerra-civil-han-contado-paso.html. Consultado por última o 04/03/2024

[94] Congreso "Falange: las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975), Zaragoza, 22-24 de novembro de 2011.

[95] Entre os máis salientables, dende unha perspectiva xeral, Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…*; centrando á análise no crecemento urbano e as súas dinámicas e condicionantes, Souto González, Xosé M., *Cen anos de Historia urbana (1880-1980)*, Vigo, Xerais, 1990; e dende a perpectiva do pesca como sector puntal do desenvolvemento da cidade, Giráldez , Jesús, *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, 1996.

[96] Josep Fontana explica que incluso a moderación do programa da Fronte Popular desconcertou ás dereitas que tiveron que argumentar cun dos mitos recreados posteriormente pola historiografía franquista, a existencia de cláusulas segredas nas que sí aparecerían esas medidas. Ver Fontana, J., "El Frente Popular" en Viñas, Angel (ed), *En el combate por la historia…*

procesos unitarios entre as mocidades comunistas e socialistas[97]. Estes procesos, pensamos que están moi pouco explorados pola historiografía actual que ata o de agora apostou, case en exclusividade, por centrarse en descricións das dinámicas políticas e sindicais locais como reflexo mimético das posicións xerais das organizacións en cuestión.[98] Preténdese con esta ollada dende abaixo coñecer se a vitoria electoral da Fronte Popular en febreiro ten algunha consecuencia política, sindical e cultural a nivel da sociedade civil, na súa sociabilidade. En realidade propoñémonos achegarnos a un problema relativamente clásico na historiografía contemporánea: as mediacións

> "(…) entre estructura y acción social, entre cultura y praxis cultural, entre individuo y sistema social, entre la realidad de las condiciones sociales de existencia y la construcción social de la realidad, entre reproducción social y producción de la sociedad, entre procesos generales y fenómenos específicos."[99]

A existencia desta "disociación" entre os grandes feitos políticos e as realidades que estes xeran a ras de chan só pode ser observada dende a análise da vida cotián nun sentido amplo. Esta é onde se estrutura a sociabilidade popular, entendida non só ao redor de asociacións formalmente constituídas senón a través das redes que se van a establecer entre estas a partires de experiencias compartidas de todo tipo. As redes que se constitúen a partir-sobre-simultaneamente as organizacións formais rachan, en parte, o significado de moitas destas organizacións nas que os seus integrantes manteñen "lazos con símbolos, líderes y quizás ideales comunes, pero no entre si"[100]. Son estas redes precisamente as que inxiren aos membros das organizacións formais nun espazo de relación moito máis amplo. Ademais estas estruturas en rede nas que se desenvolve a sociabilidade popular caracterízanse por ser

> "(...) molt multifuncional i obert (més interessant en obrir les portes que no en precisar el perfil ideològic o econòmic del soci); un associacionisme allunyant dels mecanismes de la política formalitzada, fins a cert punt camaleònica (…) molt eclètic ideològicament."[101]

Pero debemos incidir que este achegamento á vida cotián, á cultura popular e ás organizacións que lle son propias, así como ás súas actividades (o lecer en todas as súas modalidades, o excursionismo, o teatro e as declamacións poéticas, os deportes, os bailes…) debe ser

---

[97] Para Galiza un primeiro achegamento a estes procesos a ras de chán a nivel sindical en Oia, Victor, Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases…" E a nivel cultural en Oia, Victor, "Asociacionismo na periferia do traballo. O caso de Vigo e Lavadores (1931-1936)", Culleredo, *Actas do II Congreso da Memoria*, 2005.

[98] A modo de exemplo paradigmático desta total ausencia e da identificación de sociedade civil coa súa articulación política partidista exclusivamente en, Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castiñeira, Francisco J. (eds), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023. En concreto na súa primeira parte, *Más allá de los tópicos. La sociedad civil que sufrió el 18 de julio*, os traballos de Ferrández, Daniela, "Caciquismo y dictadura en la provincia de A Coruña (1923-1931); Cabo, Miguel e Carballo, Enrique, "Más allá de los tópicos: sociedad y política en el ámbito rural, e Fernández, Eliseo, "De periferia a centro: sociedad y política en el mundo urbano". Ao mesmo tempo, non podemos deixar de mencionar outra das achegas desta obra, Artiaga Rego, Aurora, "Los lazos invisibles de la trama golpista", que fora da sección dedicada á sociedade civil é quen de salientar a importancia a nivel relacional de actividades fora do mundo político, neste caso o deporte, que posibilitarán a algún dos implicados na trama golpista o acceso a novos enclaves que ir sumando aos conspiradores. Demostra Artiaga a importancia desta tipo de visión onde a sociedade civil e moito máis que as simples militancias formais.

[99] Cucó, Josepa, "Sociabilidad y estructuras de mediación" en, Barcelona, *Actes del VI* Congrés *Internacional d'Història Local de Catalunya*, L'Avenc, 2003, p. 13.

[100] Putman, Robert D., *Solo en la bolera*, Barcelona, Galaxia Gutemberg, 2002, p. 63

[101] Gabriel, Pere, "Sociabilismes obrers i populars i història política a la Catalunya contempòrania" en *Actas do VI Congrés Internacional d`Història Local de Catalunya*, L'Acenc, Barcelona, 2003, p. 150.

considerado, non como unha análise de novos elementos de estudo coa "misión" completar o panorama das organizacións político sindicais formais, senón como unha ollada que se pretende sexa nova e que posibilite unha máis completa comprensión da sociedade, neste caso, pre franquista e que implicitamente sitúa os procesos de creación da nova sociedade por parte dos sublevados nun punto de partida máis completo [102].

Tamén hai que ter en conta que unha análise dende esta perspectiva teórica da sociedade republicana inmediatamente anterior e posterior á vitoria da Fronte Popular e pos republicana dende o golpe de estado de xullo de 1936, non pode esquecer a realidade económica concreta que sobre a que imos traballar. A este respecto, Vigo e a súa contorna máis inmediata era á altura de 1936 unha cidade onde se producía, e en certa medida aínda se produce, unha mestura tanto a nivel económico como social entre o mundo rural e o urbano, entre agricultura ou agriculturas a tempo parcial e actividade industrial. Isto prefigura uns actores característicos a cabalo entre os dous mundos e cunhas manifestacións políticas e sindicais, pero tamén culturais, matizadas por esta dupla natureza[103].

Independentemente desta característica particular, nós sostemos que o período republicano, aínda que cativo, consolida o proceso de creación e configuración dunha sociedade civil cun amplo capital social que

> "(…) guarda relación con los vínculos entre individuos, las redes sociales y las normas de reciprocidad y confianza derivadas de ellas. En este sentido, el capital social está estrechamente relacionado con lo que algunos han llamado <<virtud cívica>>. La diferencia reside en que el capital social atiende al hecho de que la virtud cívica posee su mayor fuerza cuando está enmarcada en una red densa de relaciones sociales recíprocas. Una sociedad compuesta por muchos individuos virtuosos pero aislados no es necesariamente rica en capital social"[104].

Esta sociedade civil, con este capital social, manifesta nas vésperas do golpe de estado o seu dinamismo través dunha serie de inquedanzas que seguen a estar plenamente vixentes non so entre os actuais vigueses e viguesas, senón na maioría das habitantes das contornas urbanas: o fenómeno dos seareiros deportivos, os debates sobre os límites da liberdade de expresión e o emprego dos medios de comunicación de masas para fins partidistas, os debates sobre a prioridade do sector servizos sobre o industrial dentro da configuración das cidades, incluso a defensa do medio ambiente, que na cidade de Vigo está indubidablemente asociada á defensa e recuperación do areal e sistema de dunas da praia de Samil... Todo isto está presente naquela sociedade anterior ao golpe, pero o seu debate público que se inicia no período republicano, quedará paralizado por máis de 40 anos. A razón fundamental deste esquecemento, independentemente dos intereses particulares que defenderán as novas autoridades que impoña o bando sublevado, foi que este tipo de cuestións na metade dos anos 30 do século

[102] Unha excelente visión deste asunto en Gabril, Pere, "Sobre la cultura política popular i obrera a Catalunya al segle XIX. Algunes consideracions", *Cercles; revista d'història cultural*, 2005.

[103] Sobre a caracterización destes fenómenos de simbiose, Román, Isidro, *Campesiños de Lavadores. Estrutura social e articulación política.1923-1931*, Vigo, A Nosa Terra, 1998. Sobre a características propias na representación simbólica do universo obreiro, Román, Isidro e Domínguez Almansa, "Obreros en el campo y campesinos en la ciudad. El 1º de mayo en Vigo (1923-1936)", Barcelona, *Congreso de Historia Contemporánea*, 1995. Sobre repercusións teorías máis amplas sobre o fenómeno, Miguez, Antonio, "Movimiento obrero y agrarismo:actores y relaciones", Aguilar de Campoo, *XI Congreso de Historia Agraria del Seminario de Historia Agraria*, 2005.

[104] Putman, Robert D., *Solo en…*, p. 14

pasado están impulsadas, ou cando menos, tratadas, a través ou a partires de "instituciones propias de la sociedad"[105] que ocupaban "ese vasto espacio historicamente constituído que no ocupa el estado"[106], institucións que desaparecen co golpe de estado.

Estamos pois ante unha práctica cultural concreta, alternativa, onde o conxunto da sociedade ou unha gran parte dela comeza a manifestarse dende esas "institucións" propias e dun xeito autónomo. Tamén ante unha sociedade que recibe dos medios de comunicación, en gran medida a través da prensa, unha serie de elaboracións teóricas e recreacións simbólicas que inciden directamente na activación de liñas de división no conxunto da sociedade republicana, e polo tanto, na sociedade local viguesa. Estas liñas de división fundaméntanse na oposición de dous imaxinarios nacionais, o republicano e o anti republicano, creando "el enfrentamiento entre dos conceptos de nación, entre dos Españas, una idea que el franquismo haría perdurar durante años"[107]. Estes procesos, práctica autónoma cultural, activación e difusión de liñas de división e creación-recreación dun universo simbólico nacional totalitario alternativo ao oficial, son simultáneos e interdependentes.

Pasemos, pois, agora a ver de que xeito se concreta este proceso de activación de liñas de división no contexto desta sociedade mobilizada rica en capital social.

3.2. ACTIVACIÓN DE LIÑAS DE DIVISIÓN NÓS-ELES E A VIOLENCIA POLÍTICA[108]

" (…) la contienda no fue la consecuencia o el resultado directo de las prácticas violentas de los años previos, sino más bien –en su amplitud, causística, recursos empleados, actores y objetivos- una ruptura radical con las mismas. Sin embargo, no es mesmos cierto que resultaría simplificador colegir de lo anterior que todo brotó sin más (…) traída un día de julio por un puñado de espadones que inocularon al cuerpo social una repentina sed de sangre. (…) que esas violencias y sus anejas retóricas bélicas minaron gravemente la estabilidad del régimen republicano, coadyuvaron a forjar líneas de fractura e identidades cuyo curso siguieron las prácticas represivas desatadas en 1936, y reflejaron el <<déficit democrático>> de muchos actores políticos (…)"[109]

[105] Giner, Salvador, *Ensayos civiles*, Madrid, Península, 1987, p. 54.
[106] Cucó, Josepa, "Socialibidad y estructuras..., p. 16
[107] Roldan, Enrique, "Evolución del discurso nacionalista español desde la II República hasta la Transición" *Revista Internacional de Pensamiento Político*, I Época, vol. 10, 2015., p. 320
[108] Aínda que na nosa referencia teórica fundamental se fala de violencia colectiva e non de violencia política non deixa de ser certo que o propio Tilly afirma dun xeito explícito que as manifestacións de violencia colectiva onde hai un goberno implicado (evidentemente este é o noso caso) "la violencia colectiva se convierte en un caso especial de contienda política" (Tilly, Ch., *Violencia*... p. 9). Fronte a esta visión, outros autores non acreditan a catalogación deste tipo de violencia, sobre todo a desatada despois do golpe, como política: "(...) considerar a priori el fenómeno de la violencia de retaguardia durante la Guerra Civil y luego continuada al finalizar la guerra en los primeros años cuarenta por los triunfantes sublevados como un exponente de cierto tipo de violencia política, representa una interpretación fuertemente ideologizada de los hechos, consecuente con determinado discurso del antifranquismo (...) (Miguez, Antonio, *La genealogía genocida*... p. 17). Esta posición pensamos que reflicte unha clara confusión entre o que é violencia política e o que podería ser violencia "partidista". A violencia política non nos fala nin nos remite a falanxistas depravados, nin a revolucionarios fanáticos, isto é un preconcepto ben simple, como parece presupoñer o autor, senón que nos remite aos porqués e para que desa violencia e da presenza no feito violento do Estado. Ou sexa non nos fala de ideas, por máis que estas teñan que terse en conta, senón de relacións sociais.
[109] Ledesma, Jose L., "Que violencia para qué retaguardia o la República en la guerra de 1936", *Ayer*, núm. 76, 2009, p. 89.

Efectivamente, entre a violencia política que se desenvolve nos meses inmediatamente anteriores ao golpe de estado e a violencia que se desata a partir deste, existe unha diferencia cualitativa e cuantitativa evidente. Pero tal e como di a cita, previamente ao golpe de estado de xullo de 1936 asístese a un proceso de creación consciente das condicións necesarias - o activado das liñas de división- para que este tivera lugar. Trátase de entón de investigar

> "(…) la secuencia dinámica de decisiones y hechos que se combinan entre sí para producir actos de violencia, y permite también el estudio de los, por lo demás, actores invisibles partícipes de este proceso."[110]

A pregunta que nos propomos responder é porque se chega a unha situación tal onde as diferenzas de carácter político deixan de dirimirse no parlamento ou nos diferentes espazos de debate social ou a través dos procesos electorais, para ocupar de xeito violento as rúas**.** Aquí aparecen múltiples e diversas explicacións, as veces presentadas de xeito complementario, outras veces non, entre as que forzosamente cómpre destacar, o ascenso do fascismo e a loita contra o perigo do "comunismo" enmarcados dentro dun contexto de crise da democracia liberal e de reformulación dos nacionalismos. Este contexto xeral tería no Estado español como antecedente inmediato a Ditadura de Primo de Rivera[111]; e a brutalización da política. Por brutalización enténdese, a grandes trazos, o contaxio en tempos de paz das prácticas violentas desenvolvidas, no caso europeo na I Guerra Mundial e que no Estado español se relacionan directamente coa experiencia de combate vinculada coa guerra do Rif[112]. Ou sexa, o proceso de brutalización dáse a partir dunha experiencia vital que se encarnaría nunha sorte de "camaradería das trincheiras" patria[113].

Ese contexto de ascenso dos fascismos sería para algúns un elemento absolutamente necesario para explicar porque xunto "con algunos sectores del Ejército se sublevó una parte de la socidad civil". Relaciónase directamente este contexto de explosión do totalitarismo coa "ola de fondo" que en palabras do xeneral Mola era imprescindible para o éxito da sublevación. É máis sitúase aquí a diferenza fundamental entre o golpe do xeneral Sanjurgo de 1932 e o xullo de 1936[114]. Non obstante, o proceso de ascenso dos fascismos a escala europea e moi anterior a 1936, e de feito xa existía en 1932 cando fracasa, sen que apareza esa "ola de fondo", a intentona golpista de Sanjurjo. Polo tanto, sen negar a influenza evidente do contexto como un elemento a ter en conta ao falar o golpe de estado de xullo de 1936, a argumentación, presentada como unicausal, é incapaz de responder a nosa pregunta e tamén é incapaz por si soa de explicar porque non se deu o golpe en 1933 ou en 1935.

Polo que respecta a brutalización política, o concepto desenvolto por Mosse, son moitas as matizacións que se lle levan feito dende a súa primeira aparición en 1990[115]. Dende a imposibilidade de aplicación do concepto de "cultura de guerra" mesmo para a experiencia

---

[110] Kalyvas, Stathis, "La violencia en medio de la guerra civil. Esbozo de una teoría", *Análisis Político*, núm. 42, 2001, p. 6.
[111] Hernández Burgos, Claudio, *Franquismo a ras…*, p. 42
[112] González Calleja, Eduardo, "Brutalización de la política y banalización de la violencia en la España de entreguerras" en Navajas, Carlos e Iturriaga, Diego (eds), *Crisis, dictaduras, democracia*, Actas do I Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo, Universidad de la Rioja, 2008
[113] Balfour, Sebastián, *Abrazo mortal. De la guerra colonial a la guerra civil en España y Marruecos (1909-1939)*, Barcelona, Península, 2002
[114] Gómez Novo, David M. e Leira Castiñeira, Francisco J., "Voluntarios e involuntarios: el centro de reclutamiento golpista" en Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castiñeira, Francisco J, *Galicia, un golpe sin cuartel…*, p. 143-144
[115] A edición en español, Mosse, George L., *Soldados caidos. La transformación de la memoria de las guerras mundiales*, Zaragoza, Universidad de Zaragoza, 2016.

francesa e a existencia, ignorada por Mosse de elementos culturais anteriores para explicar esa brutalización en Alemaña[116]. No caso do Estado español a busca dun feito bélico que poida substituír á I Guerra Mundial na aplicación da proposta de Mosse, atópase na guerra colonial de Marrocos, que sería o escenario para a formación desa comunidade cultural marcada pola súa participación no conflito.

> "Como sucediera en el caso de la Gran Guerra, la experiencia de la guerra misma representó na línea divisoria entre los veteranos y los que se habían mantenido al margen de la contienda, ya fuera porque eran demasiado mayores o demasiado jóvenes, o porque consiguieron evadir la llamada a filas."[117]

Pero o propio Balfour matiza ao establecer diferenzas substanciais na "cultura de guerra" en función do corpo militar ao que se pertencera[118]. Ao mesmo tempo, esta "cultura de guerra" inclúe, na proposta de Mosse, ao conxunto dos participantes do feito bélico, e a súa potencia radica en que ofrece unha explicación - esteamos ou non de acordo con ela- para o comportamento posterior dunha ampla comunidade afectada directamente por ese conflito bélico. Non obstante, na proposta de Balfour parece circunscribirse á oficialidade[119], e esta diferenza é notable. Xa non existe unha masa de mozos unidos por unha experiencia bélica que os decante como colectivo cara determinadas posicións, senón, ao sumo podemos estar ante un colectivo, moito máis restrinxido que ademais xa mantén lazos de comunidade antes da experiencia bélica, os oficiais. Pero incluso para estes a súa experiencia militar en África tampouco decantou no seu momento a súa adscrición ao bando sublevado ou ao exercito que permaneceu leal[120].

Dende o noso punto de vista, como xa dixemos, propomos unha análise que sen negar as outras dúas expostas, céntrese nas achegas que Ch. Tilly nos deixou para explicar a violencia colectiva. Pensamos que estas propostas teóricas son quen de explicar porque a violencia se incrementa substancialmente a partir de decembro de 1935 e se fai masiva co golpe de estado. Ao mesmo tempo, ofrece un arranque axeitado para situar as formulacións simbólicas que posteriormente ao golpe se producen na zona controlada polo sublevados, e explican que, de feito, esta non é máis que unha extensión do activado de liñas de división que se realiza de xeito xeneralizado e en toda a súa amplitude antes das eleccións de febreiro de 1936. Deste xeito, non sería correcto situar as formulacións nós-eles como consecuencia do conflito armado[121], senón como causa. Evidentemente, a partires de xullo de 1936 as liñas de división radicalízanse e fanse, se cabe, máis explícitas, pero iso non quere dicir que non estiveran xa presentes dun xeito amplamente maioritario do discurso político dende cando menos decembro de 1935 e actuarán propiciando o clima necesario para o desencadeamento da violencia.

Tentaremos aplicar un marco teórico que sexa quen de explicar o feito concreto de cales son os mecanismos que operan para facer posible a polarización social, quen son os actores políticos concretos que traballan na creación desta polarización partindo da base de que a violencia desatada dende decembro de 1935 é un fenómeno que en nada ten que ver cunha

[116] Un rápido resume en González Calleja, Eduardo, "La represión estatal…" pp. 26-29.
[117] Balfour, Sebastián, *Abrazo mortal. De la guerra colonial…* pp. 346-347.
[118] Balfour, Sebastián, *Abrazo mortal. De la guerra colonial…* pp. 388.
[119] Balfour, Sebastián, *Abrazo mortal. De la guerra colonial…* pp. 346-347, 387, 411, 433.
[120] Balfour, Sebastián, *Abrazo mortal. De la guerra colonial…* p. 435.
[121] Hernández Burgos, Claudio, *Franquismo a ras de...* p. 60

serie de impulsos *anárquicos* froito da improvisación, nin cunha exacerbación dos ánimos individuais producidos por determinadas posicións ideolóxicas en ascenso naquel tempo. Deste xeito, o noso obxectivo pode concretarse en responder a esta pregunta

> "(...) cómo y por qué personas que han vivido durante años con diferencias entre categorías (a menudo cooperando (...) empiezan a inflingirse mutuamente devastadores ataques contra personas y propiedades?"[122]

A resposta supera, pensamos, a simple constatación deses mecanismos que fan posible a violencia masiva e nos introduce en cuestións moito máis amplas como o papel das dereitas no golpe de estado e na configuración do que máis tarde será o partido único, FET-JONS, ou as relacións entre vítimas e vitimarios, incluso a axudar a entender a poliédrica configuración dos chamados salvadores, entre outras e que agardamos queden visibles no transcurso deste traballo.

Fronte ás explicacións que teñen como base o campo das ideas, nós pretendemos contrapoñer un marco explicativo baseado nas relacións sociais que se producen entre enclaves diferentes, onde o papel dos emprendedores políticos ten unha importancia capital, sobre todo á hora de activar as liñas de división, desactivalas ou radicalizalas en función dos seus intereses políticos. Incidindo nesta idea, non debemos pensar que as identidades políticas previas son un elemento sen importancia á hora de explicar a violencia colectiva, non, o que nós sostemos é que estamos ante un proceso que se retroalimenta, isto é,

> "(...) las identidades políticas llevan a las personas a ciertos escenarios sociales y no a otros; el hecho de atraerlos hacia tales escenarios activa las identidades."[123]

Para activar as liñas de división constrúese unha cunha categoría social que será a receptora dos "ataques" en contraposición doutra categoría social, tamén creada, e que xuntas constitúen un binomio que encadra o enfrontamento. Pero para a creación desa categoría social nova os emprendedores políticos teñen a súa disposición unha gran cantidade de elementos, xa que dentro dunha sociedade dada existen unha multiplicidade de identidades. Trátase pois de elixir entre esas identidades posibles unha soa a partir da que se poda constituír unha liña de división que se defina en oposición á outra. Estamos ante a creación dun discurso, por definición simple, imprescindible para potenciar o enfrontamento entre o eles e o nós. Este discurso adopta unha formulación de significante baleiro, xa que

> "(...) lo que establece la unidad dentro de un campo de significación no es algo positivo que todas las identidades diferenciadas compartan entre sí, sino algo negativo que es externo al campo de significación: la oposición a un enemigo común."[124]

Pero a identidade que se toma para activar as liñas de división xa estaba creada con anterioridade, incluso antes da proclamación da II República[125]: o "eles" se configura a partir dun símbolo aglutinador, a Anti-España. Como tal se lle atribúen as características opostas ás

[122] Tilly, Charles, *Violencia*... p. 11
[123] Tilly, Charles, *Violencia*... p. 120
[124] Sevillano, Francisco, *La cultura de guerra del <<nuevo Estado>> franquista. Enemigos, héroes y caídos de España*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2017, p. 94.
[125] Saz, Ismael, *España contra España. Los nacionalismos franquistas*, Madrid, Marcial Pons, 2003.

que os emprendedores políticos encadrados nas dereitas outorgan a propia España: anti católicos e polo tanto masóns ou elementos xudaizantes, revolucionarios e polo tanto comunistas, "rusos", anti patriotas e polo tanto separatistas,... A estes elementos simbólicos se lle engaden outros que proceden directamente do desenvolvemento dos primeiros, a idea de cruzada, a necesidade dun caudillo salvador... Prodúcese, así, unha elección consciente da identidade a potenciar e, ao mesmo tempo, unha soa identidade coa que confrontala

> "La activación de divisorias marca la elección de una sola de esas identidades compartida y si oposición a otras identidades (…) En general, cuando más se insiste en una divisoria única entre nosotros y ellos, mayor relevancia tiene el hecho de infligir daños en todas las interacciones y más extensiva es la coordinación entre todos los actores violentos"[126]

Pero estes elementos identitarios non son estáticos, e o contido dalgún deles irá evolucionando, completándose, e nalgún caso, volvéndose a inventar ou desactivándose, dependendo do contexto político e social ao que van dirixidos. Ao mesmo tempo, non hai que perder de vista que estas categorías empregadas na construción-activación das liñas divisorias non son conceptos de emprego cotián polos actores sociais na súa vida diaria, senón que son claramente froito dunha reflexión política polo que a activación-desactivación destas liñas de división se corresponde con procesos políticos organizados[127]. De feito, a importancia da activación de liñas divisorias non estriba tanto na súa existencia, certamente habitual en espazos marxinais, politicamente falando, como en que esta sexa asumida por emprendedores con capacidade de difundilas ao conxunto da sociedade.

> "(...) la mayoría de las veces los corredores que acentúan una línea de división nosotros-ellos previamente borrosas y conectan a quienes esgrimen medios violentos se apoyan en prácticas e interpretaciones que llevan mucho tiempo vigentes."[128]

Situamos o contexto de creación destas liñas divisorias da sociedade republicana e da violencia política resultante dentro dun escenario de democratización política e social, onde os privilexios seculares dun sector das elites dirixentes tradicionais comezan a poñerse en cuestión. A democracia republicana crea unha nova realidade onde a maioría derrota ou ten a posibilidade de derrotar aos proxectos das elites. En palabras de Robin interpretando a clásica posición de Tocqueville: "La igualdad había triunfado. Las víctimas del miedo no eran las de abajo, sino las de arriba"[129].

Como elaboración política ante os trocos que se estaban a producir a activación das divisorias vai a afectar ao conxunto da sociedade republicana. Non se pretende con esta activación unha simple radicalización do debate político, senón a creación dun universo simbólico bipolar. Esta concepción bipolar e irreconciliable introdúcese na sociedade a través dos medios de comunicación de masas da época, dos que a prensa é o máis destacado aínda que non o único. A penetración capilar ao conxunto da sociedade, obxectivo dos creadores das liñas divisorias, é previa ao golpe e imprescindible para explicar os ritmos políticos dende a caída do goberno de Chapaprieta. Por isto, o trazado de liñas de división non debe ser interpretado como un simple "recurso" dialéctico propio da cultura política da época, onde os actores políticos de

[126] Tilly, Charles, *Violencia…*, p. 76
[127] Tilly, Charles, *Violencia…*, p. 140.
[128] Tilly, Charles, *Violencia…*, p. 232.
[129] Robin, Corey, El miedo… p. 157.

base observan alleos como os líderes ou os grandes emprendedores políticos se combaten mutuamente, mentres a ras de chan, froito dunha especie de dislocación, as repercusións desta liorta non existen[130]. Todo o contrario, así o indica unha nota que o párroco de Santa Cristina de Lavadores fai pública na porta da súa igrexa en decembro de 1935.

> "A la puerta de la iglesia y casa parroquial [de Sta. Cristina] se lee estos días en abultados caracteres la siguiente aclaración y advertencia: "Un ruego público. El rector de nuestra ferigresía, don Eugenio V. Senra, suplica a toda persona de cualquier categoría, sexo y condición, no le hablen, ni siquiera incidentalmente y por asomos, de elecciones, votos, ni partido alguno; auque sea el más católico y derechista"[131]

Do mesmo xeito que está constatado que os sectores mobilizados pola CEDA, única organización de masas da dereita española neses momentos, onde se inclúen certos sectores non oligárquicos, labregos e tamén, aínda que de xeito minoritario, obreiros

> "(…) eran persistentemente bombardeardos con la más virulenta propaganda antirrepublicana, como parte del proceso por el cual estaban siendo preparados para combartir a la izquierda por lo que Gil Robles denominaba <<la posesión de la verdad>>"[132]

Xa que logo, lonxe de estar ante un exercicio exclusivamente dialéctico-electoral, estamos ante a resposta política organizada desas elites despoxadas do control automático dos resortes do poder. Como toda resposta política ten un percorrido temporal.

> "Los momentos actuales no saltaron del tiempo por un capricho del destino, sino que fueron traídos por otros que los precedieron y los engendraron"[133].

Eses outros momentos políticos son froito da acción consciente de actores con nomes e apelidos concretos, como non podía ser doutro xeito ao tratarse dun fenómeno de construción política. Como tal, como construción política, as divisorias aséntanse nunha realidade social co obxectivo de modificala para configurar outra nova realidade. Ao mesmo tempo, lonxe de corresponder á unha manifestación da "convivenza de posicións políticas enfrontadas"[134] propio da democracia, non é máis que un síntoma do asalto a esa democracia cun só obxectivo, destruíla. E isto é así porque a activación de liñas de división nós-eles parte dun feito incompatible cun debate democrático: o non recoñecemento de lexitimidade a aqueles que se sitúan doutro lado da liña de división.

---

[130] Esta dislocación entre a política partidista parlamentaria e a vida cotían dos cidadáns argumentase a partir da análise de certos aspectos da vida cotián, como o lecer. empregándose para isto a voz dos protagonistas: nos días festivos, comunistas e fascistas xogaban partidos de futbol "con un ambiente festivo (...) dentro de la más sana amistad" porque en realidade "no había ni fascistas ni comunistas, se contaban con los dedos de una mano". (Cidrás, Aldara, *A xudicialización da violencia golpista. Unha mirada transversal á administración de xustiza*, Santiago de Compostela, Tese de doutoramento inédita, Programa de doutoramento de Historia Contemporánea, 2023, pp. 132-133). En relación a este emprego da fonte oral coido que resulta necesario destacar unha chamada de atención: "Resulta inútil reproducir el lenguaje literal de los individuos como si de un argumento de autoridad se tratase, pues no refleja su enorme capacidad para experimentar cambios e incluso divergencias sobre sus opiniones, percepciones, testimonios y trayectorias." (Gómez Novo, David M. e Leira Castiñeira, Francisco, J., "Voluntarios e involuntarios...", p. 167.

[131] EPG, 18/12/1935

[132] Preston, Paul, *La política de la venganza. El fascismo y el militarismo en la España del siglo XX*, Barcelona, Península, 2014, pp. 58-59

[133] Valcarcel, A. "La causa de muchos males", FDV, 06/05/1936.

[134] Cidrás, Aldara, *A xudicializacion*…, p. 133.

Consecuentemente co anterior podemos afirmar que a violencia de masas que se produce a partir de xullo de 1936 non é froito dun estoupido casual e espontáneo, senón que é consecuencia dun proceso político que se ven fraguando, primeiro dende actores marxinais e posteriormente por emprendedores políticos recoñecidos e con amplas audiencias dende a proclamación da II República como sistema político de base democrática. Estes actores políticos foron definidos por Ch. Tilly como aqueles que

> "(...) se dedican a diversas formas de correduría: creación de nuevas conexiones entre enlaces sociales previamente desconectados (...) Se especializan en activar (y a veces desactivar) líneas divisorias, relatos y relaciones (...) se especializan (...) por último en la representación"[135]

Isto é, é a acción política destes representantes concretos ou das súas organizacións, tamén concretas, as que sentan as bases ou crean o "ambiente" propicio para o xurdimento da violencia colectiva, da violencia política. Como? Tal como a cita nolo explica: a) elaboran relatos, construcións políticas, discursos onde se pretende, por unha banda, a creación dun "nós" homoxéneo - uniforme e compacto- que sofre unha serie de aldraxes a mans duns "eles" igual de homoxéneo e compacto; b) a formulación anterior leva implícita a activación dunha serie de liñas divisorias entre ese "nós" recreado e ese "eles" igual de recreado. Canto máis incidencia se faga na reafirmación destas liñas divisorias máis tensión política se introducirá na sociedade, tensión que á súa vez volverá aos emprendedores políticos que incrementarán a activación de divisorias. Así a activación das liñas divisorias ten como "(...) pretensión de ser o de representar a un cierto <<nosotros>> (...) que nos separa a nosotros de <<ellos>>, sean quienes sean."[136]

Pero como dicíamos antes o simple trazado de divisorias non é suficiente para que estas penetren na sociedade dun xeito masivo. Así, a aparición do concepto anti España fronte a unha verdadeira España é anterior ao período republicano, emprégase, por exemplo, xusto cando se produce a caída do ditador Miguel Primo de Rivera da man do doutor Albiñana, pero a súa repercusión inmediata, dado a posición marxinal das súas políticas, será mínima[137]. O abandono desta situación marxinal vaise producindo pouco a pouco ao longo do quinquenio republicano ate o seu punto culminante na longa precampaña das eleccións xerais de febreiro de 1936. Nela, se completa o proceso de penetración capilar destas construcións ideolóxicas a amplas capas da sociedade. Quizais, antes das crises dos gobernos de finais de 1935, a activación das liñas de división máis evidente prodúcese como consecuencia dos sucesos de outubro de 1934 en Asturias. O elemento máis anovador empregado a partir da insurrección non é outro que a externalización do inimigo interno que tanto protagonismo xogará na construción simbólica dos sublevados a partir de xullo de 1936. A incorporación deste elemento, ademais, non será privativa dos emprendedores políticos, senón que tamén participarán persoeiros que representaban naquel tempo altas institucións da organización

[135] Tilly, Charles, *Violencia...*, p. 33
[136] Tilly, Charles, *Violencia...*, pp. 75-76
[137] Unindo incluso a anti España coa simboloxía comunista en claro precedente das elaboracións posteriores que xa superaran o ámbito marxinal albiñanista: "Existe un soviet masónico encargado de deshonrar a España ante el mundo resucitando la leyenda negra y otras infamias fraguadas por los eternos y escondidos enemigos de nuestra Patria. Ese soviet, de gentes desalmadas, cuenta con la colaboración de políticos despechados que, para vengar agravios partidistas, salen en extranjero a vomitar injusticias contra España.", citado en Prestón, Paul, *El Holocausto español. Odio y exterminio en la Guerra Civil y después*, Barcelona, Penguin, 2011, p. 33.

estatal, nunha clara advertencia futura da participación do Exército de África contra calquera "inconveniente" na Península e a demostración da fractura dentro das institucións democráticas do estado republicano.

> "(...) no vuelva a ser necesario que aquellos contra quien se alzó Pelayo hace doce siglos vuelvan a España y a Asturias a librarnos de la morisma interior que renace al pie de las montañas de Covadonga"[138]

Pouco a pouco despois de outubro de 1934 as divisorias parecen desactivarse ou desactivarse parcialmente, volvendo a reactivarse a finais de 1935 no marco das crises de goberno que conduciron a convocatoria electoral de febreiro de 1936.

No mitin de presentación dos candidatos de AP en Madrid en febreiro de 1936 celebrado simultaneamente en varios teatros con diferentes oradores en cada un deles e retransmitido en directo a vilas e cidades de 15 provincias - entre elas Vigo- á entrada do secretario xeral das JAP, José Maria Pérez Laborda, no Monumental Cinena "es acogido con grandes aclamaciones de España, una, España, justa, España, Imperio". Dende o Teatro Infanta Beatriz, o deputado da CEDA, Rafael Esparza García afirma: "El Jefe (...) necesita todos los poderes para salvar a España". Noutra das localizacións dese mesmo mitin, o Teatro da Zarzuela, un dos representantes da ala máis radical da CEDA, Rafael Martín Lázaro, antigo dirixente de *Acción Nacional* e conselleiro do Cardenal Segura, aseguraba que "(...) vamos a enfrentarnos a las fuerzas que quieren convertir a España en una colonia de Rusia (...)". Estes discursos complétanse coa afirmación clara dos seus obxectivos; desta vez será o vicepresidente da CEDA, Dimas Madariaga, e o escenario o Teatro Alcazar, dende onde afirma claramente que pretenden a creación dun "nuevo Estado"[139]. Non obstante, que o punto culminante na activación das divisorias previo ao golpe de estado se produza nesta precampaña electoral, non nos está a indicar ou non só está a reflectir, como aparentemente poderiamos pensar, que estamos ante unha táctica electoral que busca explorar a polarización como elemento de mobilización, senón que

> "(...) las luchas suelen volverse más violentas durante un período, según va en aumento lo que hay en juego en relación con quién saldrá beneficiado con las instituciones democráticas."[140]

Dende finais de 1935 o que está en xogo é a última oportunidade de facerse co poder no marco dun sistema democrático parlamentario. As sucesivas estrataxemas parlamentarias de Gil Robles fracasan ante a posición firme do Presidente da República, Aniceto Alcalá Zamora, que se nega reiteradamente a encargarlle a formación de goberno[141]. Co nomeamento de Portela Valladares como xefe de goberno, a dereita accidentalista só ten unha saída para facerse co poder de xeito pacífico: a vitoria electoral.

---

[138] Quen así se expresa é José María Rodríguez Villamil, afiliado á ACNP e no momento da cita Fiscal Xeral da República. Citado en Preston, Paul, *El Holocausto español...*, p. 141-142

[139] Todas as referencias a este mitin de presentación de candidatos en FDV, 10/02/1936.

[140] Tilly, Charles, *Violencia...* p. 42-43

[141] Sobre a responsabilidade de Gil Robles na caída do último goberno de Chapaprieta e as razóns para este tipo de artimañas, alguén tan pouco sospeitoso de esquerdista como o dirixente da *Lliga*, o Sr. Cambó afirmaba:" Muy pronto, sin embargo vino a turbar el curso normal de la crisis una pugna entre la Ceda y el poder moderador. La Ceda, por boca de sus hombres y por medio de la Prensa, no admitía más que dos soluciones a la crisis: el Poder a Gil Robles o la disolución (...), pero si legítimo y natural era aquel deseo, indiscutible el derecho del presidente de la República a escoger al jefe del Gobierno.", EPG, 18/12/1935.

"El miedo se construye (…) como una base o trampolín hacía la dominación de las controversias subyacentes antes del momento crucial que ha despertado a la sociedad. Ese momento (…) es reinterpretado siguiendo una lógica bipolar de amigo/enemigo y genera la movilización de recursos humanos o materiales con fines específicos."[142]

Xa que logo, a activación das liñas de división durante a contenda electoral non ten unha motivación táctica, senón que é o reflexo das realidades sociais que os emprendedores políticos pretenden recrear: un escenario bipolar excluínte baseado na existencia dun nós enfrontado cun eles. Estes emprendedores políticos, das dereitas, conciben o proceso electoral como un punto de non retorno. Isto provoca tres consecuencias.

En primeiro lugar, mobilizan todos os seus recursos para que a lóxica bipolar sexa trasladada da contenda electoral ao conxunto da sociedade, insistindo xa nos elementos forza que meses despois serán o cerne do discurso dos sublevados. O rival electoral pasa a ser tratado, agora abertamente e a través da prensa xeneralista, como un elemento estranxeiro que ven a destruír non só España senón todas as tradicións que a caracterizan como nación.

"Elector: No está de más que sepas que la izquierda revolucionaria recibe todas sus inspiraciones de Moscú y de allí provienen todas las demás normas empleadas en la actual contienda" [143].

De alzarse coa vitoria a candidatura de esquerda, a vida no Estado español, e por vida se entenden todos os aspectos desta, será un calco da vida na Rusia soviética, de onde proceden todas as directrices que executan as organizacións esquerdistas:

"(...) la supresión de la familia; el amor libre como dogma social; (...)
Elector: si dudases un momento de que es tu porvenir, si las izquierdas revolucionarias se adueñan del poder, echa una mirada a su actuación en el bienio de su mando. Centenares de Iglesias devoradas por el incendio, museos magníficos reducidos a cenizas (...) expropiación de edificios y fincas contra todo derecho, la deportación en masa a Bata y Fernando Poo. Todo un horror de infierno.
Repara en lo sucedido en Asturias cuando se creyeron dueños del país. Todo su programa fue reproducir los horrores de la Rusia soviética. Asesinatos de religiosos, destrucción de templos, atropellos de honestas damas que hoy lloran su deshonra víctimas de la violación, la crueldad como norma, la barbarie en todo su odioso desarrollo"[144].

Deste xeito o escenario electoral de febreiro de 1936 preséntase como un conflito moito máis importante que a simple elección, un conflito de características vitais. A derrota supón a eliminación a mans das forzas estranxeiras de España e do seu xeito de entender a vida. Así cando finalmente o 16 de febreiro se materialice esa derrota, o enfrontamento armado se

[142] Kortanie, Maximiliano E., "El miedo político en C. Robín y M. Foucault" en *Revista de Antropología Experimental*, núm. 10, 2010, p. 113
[143] Editorial do FDV o 15/02/1936, "Elector: recuerda... y vota". É destacable que o texto, guerra civilista, non proceda dun articulista nin dun político da dereita en campaña electoral, senón que se trata dunha editorial dun prestixioso medio de comunicación, que representa moito máis que unha opción partidista, senón unha amalgama de intereses de carácter empresarial que se poñen, sen problema ningún, a difundir as ideas forza da sublevación e posterior guerra.
[144] "Elector: recuerda…"

presentará ante os valedores das dereitas como un camiño lexítimo na defensa de España. A República, os republicanos, e os militantes socialistas, comunistas e anarcosindicalistas non se converten en anti-España pola polarización que se experimenta co estoupido da guerra[145], senón que o conflito bélico só é posible porque previamente a República, os seus partidarios e os seus aliados máis ou menos circunstanciais, son convertidos en anti-España.

Neste punto convén facer unha reflexión. É certo que a retórica das organizacións de dereitas, da AP-CEDA durante os períodos electorais non está exenta deste trazado de divisorias que incluso chegan a bordear posicións guerra civilistas en 1931 e tamén en 1933[146]. Non obstante, existe unha diferencia fundamental. Cando a situación de tensión ou o proceso electoral remata, os emprendedores políticos de AP-CEDA proceden a desactivar estas liñas de división. É precisamente neste contexto onde se deben situar as críticas que o sector accidentalista recibe dos monárquicos alfonsinos. O reproche provén xustamente do desactivado das divisorias unha vez se consegue ou se está en vías de conseguir o obxectivo político inmediato. Fronte este activado-desactivado de divisorias chamémoslle táctico por parte dos accidentalistas, a posición dos alfonsinos é manter o activado das liñas de división, impugnando todo o sistema democrático, e polo tanto, rexeitando e atacando eses procesos de desactivado. Esta é a crítica fundamental que estes sectores alfonsinos manterán incluso despois do golpe de estado, acusando aos accidentalistas de "colaboracionismo". Pero tamén será reiteradamente lembrada cando, unha vez coñecidos os resultados electorais, repróchenselles a súa suposta responsabilidade na vitoria electoral das esquerdas por non impugnar a base mesma do sistema democrático

"Se ha imbuido a la derecha española la mística electoral a partir de noviembre de 1933. Ahí está el camino, se le decía. Esos son nuestros poderes, reiteraban enfáticamente una y otra vez (…) En mis numerosísimos discursos de propaganda (…) me han escuchado (…) "No está en las urnas (…) nuestra salvación (…)" El sufragio es neurótico, epiléctico, cambiante y convulsivo (…) Y ahí están los hechos (…)

(…) el sufragio inorgánico no es un instrumento de ciudadanía y de orden, sinó de revolución. El resorte que deben manejar las Derechas se llama de otro modo: se llama Autoridad y se funda en la Tradición. El resorte que mejor cumple a la técnica izquierdista es el Sufragio. Cuando una derecha se arriesga a manipular este segundo resorte, tarde o temprano rueda en mil pedazos por el desempeñadero de la revolución (…) Es que en un instante determinado de la evolución política, la izquierda capta enormes masas y puede imponer sus ideales rojos (…) Y que, por el contrario, la ideacción (sic) auténtica del derechismo se disipa y extingue en las urnas.

No han visto eso los dirigentes de la derecha adhesionista. Y eso fue su gran error. Por no haberlo visto perdieron una y otra ocasión (…) Ocasiones propicias para la retención del Poder. Ocasiones útiles, incluso para manejar el resorte electoral en mejores condiciones que las padecidas el 16 (…)

No. No es en las urnas donde España recobrará su salud. Porque es en ellas donde comenzó a perdarla (…) Esa es la pura verdad."[147]

[145] Cazorla Sánchez, Antonio, "Patria mártir: los españoles, la nación y la guerra civil en el discurso ideológico del primer franquismo" en Moreno Luzón, Javier, *Construír España. Nacionalismo español y procesos de nacionalización*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Consitucionales, 2007, p. 292

[146] Prestón, Paul, *El Holocausto español*...

[147] Calvo Sotelo, Jose, "Problemas del dia. Después de las elecciones" en FDV, 13/03/1936.

En segundo lugar, e como resultado da polarización que introducen as divisorias, as posicións intermedias, as centristas, sofren un dobre proceso. Por unha banda, son ignoradas como actores en xogo a ter en conta: "A por todo el Poder! Revolución o contrarrevolución; no existen fuerzas de centro"[148]. Ao tempo que se tenta que a súa posición bascule cara un dos lados da liña de división.

> "Me voy a dirigir a los que forman el Gobierno actual [portelistas], personas respetables, todas para mi, para decirles: es que habeis visto lo trágico del momento actual? ¿es qué no sabeis que ese grupo de centro de 150 ó 160 diputados va a ser un tapón entre la revolución y nostros? No veis que lo que hareis es restar votos que se precisen para la contrarrevolución? ¿No veis que vais a ser los auxiliares de la revolución que no se esperaba tantas facilidades en los grupos que se llaman de derechas ni en el poder moderador?"[149]

Pero case inmediatamente, se pasa a unha posición de aberta identificación destes sectores centristas como un apoio máis, e apoio imprescindible do conglomerado da anti-España, incluíndoos, inmediatamente, dentro do amplo campo dos "eles".

> Califica al actual Gobierno de superrevolucionario y antiderechista. Se ha entregado el Poder a Portela, que es mandatario de la masonería (…) Los partidos de centro, no son sinó ayudas a la revolución."[150]

Ante estas presións, os centristas, tomaran dous rumbos ben diferenciados. O primeiro, tentar combater a través dos seus medios a falacia da inclusión de todos os que non se inclúan no ámbito das dereitas responsables da activación das divisorias, nese inventado conxunto que por acción ou omisión participa dunha idea revolucionaria, e polo tanto anti española

> "El jefe de la triple invocación, en sus andanzas y en sus dichos, persiste en agitar el fantasma de la revolución, y en acusar, como cómplices a todos los que no lo secundaron en su fogosa campaña revanchista. Y es tal la amplitud con que proyecta la acusación y tal el encono con que atiza su denuncia, que sólo se libran de ellas el Sr. Lerroux y su menguada grey de leales. Los demás, desde el Sr. Martínez Velasco al Sr. Cambó, o desde el jefe de los liberales demócratas al de los progresistas, son para el Sr. Gil Robles poco menos que unos desertores de la política de orden, entregados a la veleidad revolucionaria.
>
> (…)
>
> Hoy, como ayer, sigue haciendo la apología de la contrarrevolución, sin distinguir si se refiere al 5 de octubre de 1934 o al 12 de abril de 1931.
>
> El primer caso, aunque se esfuerza mucho, el Sr. Gil Robles, no conseguirá convencer a nadie de que sólo el condena la subversión de Asturias y la revuelta catalana. Los sectores que intergan el goberno y la figura que los preside, están al margen de toda sospecha de concomitancia con las fuerzas que participaron en el movimiento. Y por tanto, es incongruencia imperdonable, y un tanto ridícula, que un político de la capacidad del Sr. Gil Robles airee esa desteñida bandera para combatirlos."[151]

[148] Pancarta no mitin de Gil Robles en Vigo o 4 de xaneiro de 1936, FDV, 05/01/1936
[149] Declaracións sobre "o momento político actual" de Calvo Sotelo. FDV, 20/12/1935
[150] Intevención de Gil Robles nun mitin en Barcelona o 30 de decembro de 1935, FDV, 31/12/1935
[151] Editorial, "Impresiones. El truco de la revolución", EPG, 21/12/1935

Combínase este intento de impugnar o argumento empregado coa denuncia dos perigos que se agochan detrás da persistencia da intensificación das liñas de división:

> "Si esa candidatura [a chamada contrarrevolucionaria] (…) fuera precisamente a eliminar el peligro de la revolución, utilizaría una propaganda menos explosiva. Y sobre todo menos falaz. Viene, por el contrario, a estimularla, a que la revuelta se haga endémica, a que España quede convertida en un pais balcánico, ya que una restauración dictatorial resulta imposible. No puede concebirse insensatez mayor que estas de las derechas españolas, jugando a desatar un dia y otro la sangre inocente, la intranquilidad y la anarquía."[152]

A segunda estratexia foi a de "asumir" os chamados dos responsables do etiquetado, (AP-CEDA e Renovación Española (RE), é pasarse ao bloque anti revolucionario, asumido plenamente o discurso divisorio. Esta asunción explícita foi consecuencia da presión exercida dende os extremos da propia liña. Joaquín Chapaprieta ex presidente do Consello de Ministros entre o 25 de setembro e o 14 de decembro de 1935, e ministro de facenda no goberno de Portela Valladares, deputado republicano independente, un dos grandes prexudicados pola táctica obstrucionista da CEDA a finais de 1935, afirma nunha entrevista xusto despois de coñecerse a convocatoria electoral para o 16 de febreiro de 1936 que

> "(...) mi opinión comunicada al presidente del Consejo y que he mantenido luego con éste fué que enfrente de una coalición obrerista con programa revolucionario, en la que entraban las izquierdas, era una equivocación mantener dos candidaturas, una de centro y otras de derechas. Sería necesario intentar la formación de un bloque centro-derecha que oponer al bloque obrerista-revolución"[153].

En terceiro e último lugar dáse un proceso de incorporación de novos sectores que, en principio, mantiveran unha posición allea ao trazado de divisoras. É unha das características, xa apuntada, da labor dos emprendedores políticos: a unión de enclaves previamente desconectados. Esta suma de novos enclaves non ten como obxectivo a constitución de opcións de carácter político unitario, senón incluír no campo do "nós" a cantos máis elementos mellor, partindo da aceptación da definición da identidade creada a partires das liñas de división. De feito algúns destes novos enclaves que se van sumando aos emprendedores políticos manifestan unha posición de "radicalismo" considerable:

> "De un lado el contubernio de los que no tienen patria, ni quieren Estado, ni admiten el Derecho, ni aceptan la Ley, ni soportan el Orden, ni toleran la Familia. De otro, los hombres y mujeres que se sienten solidarios de una Humanidad en las que se consagren las prerrogativas excelsas del individuo como fundamento insuperable y eterno de la familia, la Patria y el Estado. De un lado los que en un paroxismo terrorífico aspiran frenéticos a destruir todo lo que la racionalidad ha ido creando a través de la Historia. Del otro, los que defendemos el patrimonio espiritual de los siglos para cumplir en un medio de convivencia humana y jurídica dentro de la Patria común, los fines

USC

[152] Editorial, "Impresiones. Contra la revolución y sus provocadores". EPG, 13/02/1936
[153] Entrevista a Joaquín Chapaprieta en EPG, 09/01/1936

> superiores de la actividad individual y social. Estos son los términos de la lucha; (…)"[154]

E aínda que como xa dixemos, a suma de enclaves nin ten como obxectivo nin como prioridade acadar a unidade electoral, si posibilita que en moitas das candidaturas provinciais esta chegue a producirse. Tal é o caso da provincia de Pontevedra onde a chamada "Candidatura del frente español antirrevolucionario" agrupou á CEDA, Radicais e RE[155]. Pero o que é máis importante para o desenvolvemento posterior dos acontecementos é a coincidencia que se acada a finais de 1935 no diagnóstico e no prognóstico da situación política no Estado español. Así o expuña Gil Robles en decembro:

> "No es un esfuerzo de partido el que pedimos. Es una gran cruzada espiritual y española para el triunfo clamoroso de un nobilísimo ideal común."[156]

> "Frente a nosotros descaradamente o con antifaz, no hay más que elementos de destrucción. Nuestro ejército formado por el aporte de cuantos aman a la Patria sobre todas las cosas, y saben que sin orden ni ley no hay paz ni Estado ni sociedad posible, va a la batalla electoral próxima resuelto a obtener la victoria que necesita el país."[157]

Esta coincidencia nos argumentos fundamentais empregados no trazado das liñas de división entre este conxunto de emprendedores políticos fai que tamén exista certa unidade no que facer despois dunha hipotética vitoria electoral. Dada a intensidade dos procesos de trazado, as posibilidades dun regreso á situación inversa, desactivando as divisorias, ao remate do escenario electoral, resulta certamente difícil. Os adversarios, presentados non xa só como contrarios ou simples inimigos políticos, senón como alleos, exteriores á natureza de España, non poden volver a ser incluídos no seo da nación porque foron presentados como axentes propiciatorios da súa destrución. Este estrañamento dos previamente definidos como inimigos supón o inicio da construción do que se ten chamado "estrutura de barbarie", un paso previo para a confrontación masiva[158]. A estrutura de barbarie penetra no conxunto da sociedade producindo o que Offe denomina "barbarización intrasocial[159]. Deste xeito, as perspectivas de futuro debuxan un novo país totalmente lonxe da democracia republicana. Esta transformación farase, si é posible, a través dos medios que a propia democracia lles outorga

---

[154] Iglesias, Emiliano, "Manifiesto electoral. A los radicales de la provincia y a todos los que aman la Patria", FDV, 02/02/1936

[155] A distribución dos candidatos foi, 5 para a CEDA; 3 para os radicais e 2 para RE. FDV, 11/02/1936

[156] Análise de Gil Robles na crise do Goberno de Portela Valladares de decembro de 1935. EPG, 17/12/1935

[157] Manifesto-presentación da "Candidatura del Frente Español Antirrevolucionario" na provincia de Pontevedra. FDV, 11/02/1936

[158] Beriain, Josetxo, "Introduccion: modernidad, barbarie y violencia colectiva" en *Papers*, núm. 84, 2007

[159] Offe, Clauss, "La <<barbarie>> moderna, ¿un microestado de la naturaleza?, *Papers*, núm. 84. Este proceso de "barbarización" intrasocial pode ser explicado dun xeito tradicional onde os elementos de ruptura son supostas diferencias culturais (asimiladas ou recreadas posteriormente nun conxunto subordinado a estas) e as referencias "históricas" serán cruciais para configurar a división nós-eles: un pasado bárbaro fronte a un futuro civilizado, ou as súas múltiples variedades (un pasado civilizado fronte a un presente corrompido que ten que ser modificado para volver ás glorias pasadas…). Pero tamén pode ser empregado dende outra visión, onde as referencias culturais e mesmo as "buscas" históricas non sexan máis que un "adorno" e onde toda a "estrutura de barbarie" este fundamentada, nun feito político, nas relacións sociais.

USC

"Con las armas de sufragio y de la democracia, España debe disponerse a enterrar para siempre el cadáver putrefacto del liberalismo. La JAP no cree en el sufragio universal ni en el parlamentarismo ni en la democracia."[160]

E cuns obxectivos claros: a eliminación da vida política dos "outros", dos anti españois

"(…) hay que acabar con el marxismo y la lucha de clases, porque hay ideas que no son lícitas en el comercio ideológico del pais.
(…)
Manifestó también que la Ceda se propone cambiar la estructura orgánica de la Constitución para aclararla (…)"[161]

"(…) después de lo ocurrido en España, se hace preciso un desarme como el que se hizo en las tribus marroquies."[162]

"El Gobierno que forjase la gran victoria electoral derechista, habría de declarar fuera de la ley a los partidos separatistas o preseparatistas y al marxismo revolucionario"[163]

Unha hipotética vitoria das posicións responsables do trazado de divisorias tamén pasa a ser vista por aqueles que non se identifican así mesmos como esquerdistas nin revolucionarios, pero que aínda así foron situados na mesma beira que estos na liña de división, como un perigo que traerá consigo a destrución da democracia republicana. Na súa análise completarán esta visión coa seguridade de que a vitoria da esquerda orixinaría os mesmos resultados. Así, a efectos prácticos aceptarán e farán unha análise exactamente baixo os mesmos parámetros que o fan os elementos dereitas, pasando a integrarse, aínda que lles pese, como un enclave máis nas políticas divisorias.

"Qué nadie ignore que un triunfo pleno de la extrema derecha representará, en el mejor de los casos, la pérdida de las libertades y concesiones que la República ha brindado a todos los españoles; representará la intransigencia cerril y la intolerancia desenfrenada; representará borrar la legislación social vigente, los avances lícita y justamente adquiridos por el proletariado que con su sudor y su trabajo cimenta y solidifica el porvenir y la prosperidad nacional; el triunfo de la extrema derecha –que nadie lo olvide- representa la revancha de los poderosos que se sienten humillados porque han tenido que ceder una mínima parte de sus ganancias en favor del obrero que las forja con su trabajo y con su esfuerzo permanente; representa la intromisión del clericalismo –que no del clero auténtico, que sabe cumplir fielmente con sus altísimos deberes- en la vida política de la nación desencadenando sobre ella la peor de las guerras civiles: la de la intolerancia sectaria y de la persecución sistemática contra los espíritus libres. El triunfo de la extrema derecha representa, en fin, el triunfo de la dictadura plena, total y absoluta. Dictadura sobre cuerpos y dictadura sobre espíritus.
Por otra parte, la extrema izquierda, igualmente el triunfo representa la pérdida de la libertad y la implantación de la dictadura. El sistema rojo; el

[160] Boletín da JAP de outubro de 1935, citado en Preston, Paul, "Bajo el signo de las derechas. Las reformas paralizadas" en Viñas, Ángel (ed), *En el combate por la…*" p. 85
[161] Intervención de Gil Robles no mitin do Frontón Aragones en Zaragoza en febreiro de 1936. EPG, 14/02/1936
[162] Intervención de Gil Robles no mitin do Cinema Monumental de Madrid en febreiro de 1936. EPG, 11/02/1936
[163] Declaracións de Calvo Sotelo á prensa en decembro de 1935. EPG, 18/12/1935.

> marxismo integral, intenta implantar en España, contra todo sentido, regímenes exóticos, propios de borregos, que repelen a los hombres de conciencia libre y que jamás serán toleradas sin cruenta guerra civil entre nosotros."[164]

Pero o que resulta máis rechamante é como a radicalización das divisorias fai que se produza unha especie de redistribución das posicións políticas do lado dos responsables do propio trazado. Así, a coalición alfonsina, o *Bloque Nacional* (BN) adopta unha postura onde, eles mesmos, se sitúan fóra do conxunto das dereitas, optando por unha posición coa que pretenden acadar o papel de representantes xenuínos da anti España:

"Tenemos nuestros respetos para los hombres de derechas, les prestaremos nuestro apoyo en el Parlamento, pero si no se encuentra solución a los problemas que actualmente nos aquejan, les suplicamos que formen parte del Frente para recobrar la Nación y la Historia.
Nosotros somos la Historia; paso a la Historia. Nosotros somos España; paso a España. ¡A por ella![165]

Neste punto culminante da loita pola existencia da España tradicional fronte á barbarie soviética, incluso, a muller, a quen dende os sectores implicados no trazado e extensión das liñas de división, sempre consideraron como un elemento subalterno, tanto máis a nivel político, debe asumir un papel máis activo. Esta asunción de responsabilidades políticas por parte das mulleres debe ser explicada dende a propia concepción da muller que as dereitas manifestan. Ao tratase dun ser subalterno sen interese polos asuntos de carácter público e político, non poden ser corrompidas porque non participan de ambicións políticas de ningunha clase. Esta falla de ambición política fai que a súa posición sexa máis pura na defensa das esencias tradicionais de España.

"Ella, como el águila caudal, se eleva por cima de todas las ambiciones y partidismos, para ofrecer su cooperación al triunfo de un ideal, laborando dentro de las organizaciones derechistas (...)
Antaño, sólo el varón dirimía las contiendas electorales; pero la flojedad de muchos, hizo necesario unir a las suyas, las actividades femeninas, para llegar al deseado triunfo. Por esto, la mujer española, y por serlo, hondamente católica, consciente de su deber hace un llamamiento apremiante a ese sector femenino que por inercia o falso concepto de las cosas, permanece al margen de nuestras agrupaciones derechistas en las que podria, en mayor fruto, desenvolver sus actividades (...)
Hay, además, otro factor importantísimo, que la mujer, como el varón, no deben olvidar: la oración.
(...)
¡Que gran unión toca desempeñar en estos momentos a la mujer española!
(...)
Oirlo, mujeres: en vuestras manos está la salvación de la patria española"[166]

---

[164] "¡Por España! ¡Por la República! ¡Por Galicia!", EPG, 16/02/1936.
[165] Intervención de Calvo Sotelo no mitin da Coruña en febreiro de 1936. FDV, 04/02/1936
[166] Losada, Margarita, "La mujer en la hora presente", FDV, 29/01/1936. Margarita Losada Pardo foi vogal da URD sección feminina local de Vigo ate a súa disolución en agosto de 1936. En decembro de 1936 publicará unha proposta de letra para a Marcha Real titulada *Himno de la Patria* dedicada ao *Santísimo Cristo da Victoria y a la Inmaculada*. FDV, 08/12/1936
En xaneiro de 1937 ocupará a secretaría da Agrupación Local de Vigo da Cruz Bermella.

Como pode verse no texto, incluso a participación política da muller, en principio non desexada, está motivada pola traizón aos costumes españois e o deixamento de funcións ocasionada "por la flojedad de muchos". Esta "flojedad" se identifica perfectamente coa perda dun dos atributos clásicos do home español, a virilidade. Esta posición será explotada a partir do golpe de estado nas caracterizacións que se realicen sobre os "outros, os rojos" enlazándoa co papel e atributos masculinos que se queren privilexiar.

A este panorama que vai construíndo o trazado de divisorias quédalle aínda catro elementos fundamentais para caracterizar a súa potencia como marco imprescindible, xerador violencia colectiva, primeiro contida e despois masiva. En primeiro lugar, hai que situar a reacción dos emprendedores que se sitúan doutro lado da divisoria trazada. O principal actor deste conxunto é o PSOE, que é o receptor directo e central da maioría das caracterizacións sobre a anti España en tanto en canto é o actor colectivo máis potente nas esquerdas. Arredor del xirarán outros actores, uns atacados por colaboracionistas - a esquerda burguesa republicana, UR e IR-, e outros incluídos dentro da etiqueta do separatismo -ERC, PG e PNV[167]-. A maiores existe un gran grupo de organizacións que xunto co PSOE forman ese gran universo homoxéneo na construción simbólica que son os "rojo-marxistas-separatistas" e que constituirán a Fronte Popular. Crease pois, agora, antes incluso da eleccións de febreiro de 1936, un concepto simbólico integrador que en ningún caso adopta unha misión descritiva da realidade, senón que se constrúe como elemento de mobilización (neste momento política, pero a partir do 18 de xullo adquirirá o atributo, tamén, de militar). A Anti-España operara dende agora como un conxunto indivisible porque o seu contrario, España, concíbese tamén como indivisible. Isto é así porque nunha proposta bipolar os dous elementos enfrontados deben ter as mesmas características so pena de perder a propia esencia da relación bipolar. Así, "os outros" non son os comunistas, nin os laicos, nin os masóns, nin os separatistas, nin sequera son a suma de todos eles, senón que "os outros" son un conxunto inseparable, os comunistas-revolucionarios-laicos-masóns-xudeizantes-axentes estranxeiros-separatistas[168]. Este tipo de construción bipolar funciona dun xeito moi similar á construción simbólica dos "xudeus" por parte dos nazis. Hazel Rosenstrancht di

"Cuando se traspasó el poder a Hitler y al NSDAP, la vida de la minoría judía estaba mucho más determinada por la similitud de sus antecedentes que por la comunidad que se había desarrollado al cabo de centenares de años de persecución. Una multiplicidad de importantes diferencias filosóficas, religiosas y regionales se encondían detras de la descripción de <<judio>>. Había <<judios> religiosos y había judios que, como mucho, iban a la sinagoga durante las fiestas importantes y que entendían de judaísmo casi tanto como sus vecinos cristianos entendían el cristianismo. Entre los creyentes había seguidores del judaismo reformado y del judaismo ortodoxo, cada uno con sus sinagogas, rabinos y escuelas […], comunistas y socialistas de los hogares de ancianos judios, la compresión y forma de vida de los cuales ya no tenía nada que ver con el judaismo; los cristianos bautizados que a veces se enteraban por

[167]Incluímos ao PNV dentro este grupo de separatistas, aínda que o seu caso é especial, por ter esa compoñente católica que fará que tamén se lle ataque por traidor da fe.

[168] Máis tarde, despois de fracasado o golpe de estado, o concepto simbólico da Anti-España adquirirá novas características onde a segmentación dalgún dos seus elementos si será posible. Núñez Seixas reflexa perfectamente esta segmentación posterior ao golpe de estado na caracterización do universo "separatista" (Núñez Seixas, Xose M., *Fuera el invasor*... pp. 22-28.) Paralelamente ocorreralle o mesmo ao concepto de España, introducindo o dinamismo tamén dentro da construción simbólica, neste caso, dos sublevados, como teremos ocasión de ver no desenvolvemento da presente investigación.

> primera vez que tenían abuelos judios cuanto tenían que demostrar su herencia aria también se volvían <<judios raciales>> (...)".[169]

Pola súa parte Ulrich Beck afirma:

> "Los soldados veteranos judios del frente, los judios socialistas, los judios nacionalistas alemanes, los exóticos judios orientales (o judios asimilados) -todas estas diferencias, oposiciones y contradicciones se tenían que ignorar intencionalmente, antes de que <<el judio>> se pudiera convertir en el símbolo de más éxito de la propaganda nazi…
> La fórmula mágica incluía todo aquello que se oponía, todo aquello que no se ajustaba al sencillo y claramente descrito y definido concepto nazi del mundo. Los sindicalistas, los intelectuales críticos o los artistas que no eran etiquetados racialmente como <<judios>> eran considerados sirvientes de los judios, o judios degenerados o contaminados por los judios bolcheviques."[170]

Resulta evidente que a creación simbólica nazi, por basearse nun feito definido como racial é máis doada que a que se produce no Estado español, máis as dúas móvense co mesmo percorrido e buscan o mesmo obxectivo unificador. Non se ataca, ou non só se ataca, aos sindicalistas ou comunistas alemáns como tales sindicalistas ou comunistas -dende unha perspectiva ideolóxica-simbólica-propagandista-, atácase aos "enfermos" por xudaísmo, aos contaxiados ou aos servidores dos xudeus. Ou sexa existe unha categoría social -creada ou recreada- a eliminar, os xudeus, e unha serie de subcategorías que non poden ser desligadas da primeira da cal proceden ou da cal están "infectados".

Pero independentemente disto, os emprendedores políticos que se encadran na Fronte Popular tamén establecen as súas propias liñas de división. Será Martínez Barrio, o dirixente de Unión Republicana (UR) quen as estableza dun xeito máis claro, reflectindo ademais as sensibilidades das outras compoñentes da coalición electoral.

> "(…) todos los partidos y agrupaciones que coinciden en estos puntos: defender la República, cumplir y desarrollar los principios de la Constitución, proponer y votar una ley de amnistía y devolver al Gobierno de la República el sentido y orientación marcados el 12 de abril. (…)
> Con la República o contra la República. Quienes se unan a nosotros vienen a defender la República y la Constitución aunque se reserve, y es natural, el derecho a modificar esta."[171]

Deste xeito, o dereito de reforma da constitución vense a corresponder coa posición maioritaria sostida durante a campaña electoral polo líder da ala esquerdista do PSOE, Largo Caballero. Tamén o binomio república-non república (democracia-non democracia) pasa a ser empregado dende posicións socialistas, concretamente polas chamadas *Alianzas Obreras* no inicio, a nivel práctico, da campaña electoral, transmutado, neste caso, en

[169] Rosenstraucht, Hazel, *Aus Nachnarn wurden Juden*, Berlin, 1988 cintado en Beck, Ulrich, "Cómo los vecinos se convierten en judíos. La construcción política del extraño en una era de modernidad reflexiva" en *Papers*, núm. 84, 2007, p. 48

[170] Beck, Ulrich, "Como los vecinos se convierten…", p. 48-49.

[171] Declaracións de Martínez Barrio nunha entrevista co gallo da presentación das candidaturas da Fronte Popular, EPG, 09/01/1936

fascismo/antifascismo[172]. De todos xeitos a posición oficial do PSOE, difundida a través do seu órgano de prensa e dos seus editoriais, se mantén nunha liña que pretende remarcar, máis que unha divisoria propia, o súa posición en relación ao activado de liñas por parte dos emprendedores políticos da dereita:

"De uno a otro confín de la península corre ya la consigna alarmante de las derechas: <<estamos bajo el signo de la revolución>>. El libro, el periódico, la propaganda oral, cuantos elementos de difusión, y son muchos (…), tienen las derechas sometidos a su control, obedecen a ese dictado, que aspira,, exagerándolo, porque en la exageración está el provecho, a extender, por razones de estrategia, el miedo que los difusores sienten en realidad. Por ese motivo no podemos decir que se trata de un grito de guerra. Se trata, por el contrario, de un grito de defensa que demanda socorro."[173]

Pero os socialistas consideran que a realidade que agocha o símbolo que empregan os emprendedores políticos das dereitas non representa o temor ao trunfo dunha revolución, senón que temen a recuperación das políticas do primeiro bienio e a republicanización da propia república despois do Bienio Negro.

"(…) las derechas españolas no saben lo que es una revolución auténtica. El concepto de revolución manejado por las derechas, es una referencia concreta al 14 de abril de 1931. No han querido comprender que aquello fue, exactamente, lo contrario de una revolución. De haberlo sido, no podrían hoy las derechas levantar el estandarte contrarrevolucionario."[174]

Incluso a ala esquerdista do partido, representada na figura de Largo Caballero, aínda que comeza a precampaña electoral con referencias á construción do socialismo, pouco a pouco vai moderando o seu discurso ate o final da campaña. Este movemento pensamos que pode ser visto como un intento, consciente, de non caer na activación de divisorias propias.

"Declaro que antes de traer la República se trataba de implantarla y se implantó, pero, traída la República, se trata ahora de traer el Socialismo: debemos hacer saber que somos marxistas, que somos revolucionarios.
(...) los obreros votarán la conjunción de izquierdas, pero sin hipotecar su ideología y su acción revolucionaria.
Al ir con los republicanos de izquierda no hipotecaremos nada de nuestra ideología ni de nuestra acción. Es una alianza circunstancial que no nos desvía de nuestro objetivo final."[175]

"[no] momento presente se ha llegado a una inteligencia entre republicanos y socialistas y se ha confeccionado un programa. No se si este será cumplido, pero advierte que, en el caso de que los republicanos lo dejaran incumplido, los socialistas lo defenderán en el Parlamento.
(…)
Niega que el credo socialista vaya contra la propiedad, pero si va contra la propiedad que ha sido adquirida con el trabajo de muchos"[176]

[172] Mitin da *Alianza Obrera* de Chamartín de la Rosa o 08/01/1936 en *El Socialista*, (ES) 09/01/1936.
[173] "Estandarte electoral. Bajo el signo de la revolución", Editorial de ES, 28/12/1935
[174] "Estandarte electoral. Bajo…"
[175] Largo Caballero no mitin do Cine Europa de Madrid, EPG 14/01/1936.
[176] Largo Caballero no Mitin de Caballero, Alicante, EPG, 28/01/1936.

Aínda así, o certo é que dende outros emprendedores políticos da Fronte Popular tamén se fai unha intensa labor de creación de divisorias, aceptando que a contenda electoral non é máis que unha etapa no proceso de loita que se esta a producir entre unha realidade representada, tamén por eles, como bipolar. Esta posición racha o primeiro discurso que establece a división básica entre demócratas e anti demócratas e que concede en exclusividade ao proceso electoral a capacidade para dilucidalo, achegándose ou aceptando como marco da acción política a violencia física. Contrariamente ao que se poda supoñer o trazado de divisorias duras non se corresponde coa pertenza a unha ou outra organización política que fai parte da Fronte Popular. Así, a que quizais sexa a intervención máis radical no trazado de liñas divisoras, corresponde a un deputado da esquerda burguesa.

> "No nos importa (...) que durante la contienda caigan víctimas. Diremos como aquel ciudadano irlandés a quien en un momento revolucionario le prendieron y mataron a su hijo: "Habeis cortado la cabeza de mi hijo, no importa; mi hijo tiene muchas cabezas"[177]

Non obstante, a realidade é que dunha análise da prensa local de carácter xeral, as chamadas a fornecer as divisorias dende as opcións políticas que se agrupan na Fronte Popular son mínimas. Hai que lembrar que a orientación política dos dous diarios locais, o FDV (monárquico, con presenza tanto de posicións cércanas á AP-CEDA como, en menor medida, aos alfonsinos) e o EPG (republicano centrista), non supón un especial atranco para que estas posicións tiveran reflexo a través das súas páxinas, pois en ámbolos dous casos podería ser perfectamente empregado como propaganda inversa ou como un xeito axeitado para "demostrar" a certeza dos seus medos.

En todo caso, os esforzos máis grandes que realizan os emprendedores que se sitúan na esquerda política é tentar desactivar as divisorias dende a denuncia da falsidade das súas argumentacións. Neste punto existe un intento de clarificación da realidade, ou sexa, de transmitir a que obedece este desenvolvemento das liñas de división. Así se manifestaba Antonio Alonso Rios integrante da candidatura da Fronte Popular pola provincia de Pontevedra en representación da Federación Provincial Agraria (FPA) e Antón Vilar Ponte do PG.

> "La Anti-España es para nuestros reaccionarios todo lo que no sea reacción: lo mismo revolución que conservadurismo. Así se explica que leyes tan conservadoras coma la Reforma Agraria, merecieran su enemistad, y que medidas tan prudentes y previsoras como los asentamientos, se vieran suspendidas.
> La tolerancia, el olvido de toda persecución a las personas y a los ideales perpetrada por parte de la Iglesia y del Estado monárquico, y la apertura de un cauce legal de convivencia sin privilegios, agravios ni diferencias, tal como lo reclama el actual espíritu de compresión y recíprocos respetos; todo esto, en que laten los sentimientos más generosos, amplios y humanos, es para los reaccionarios sectarismo antirreligioso y labor antipatriótica.

[177] Mariano Ruiz Funes no mitin do Cine Montecarlo en Madrid, organizado pola Federación de Artes Gráficas da UGT, EPG, 04/02/1936

> Y frente a esta política conservadora de la República, calificada de maximalista, afirma la reacción la vuelta al pasado, cifrando su ideal en una unidad inorgánica, en la infalibidad y en la fuerza."[178]

"Para ellos lo esencial es apoderarse del Poder; entregárselo todo a Gil Robles, o sea al vaticanismo y a los "conservaduros", con objeto de que éstos, como leimos en un manifiesto de los obreros católicos que publicó "El Debate", más perniciosos que el marxismo, puedan convertir a España en una sucursal del hitlerianismo o del fascismo, que sólo se diferencia en ellos en una acentuación más reaccionaria todavía."[179]

Dentro desta labor de clarificación, obsérvase un especial interese, sobre todo entre as forzas que representan os sectores do republicanismo de carácter burgués, en situar os sucesos de Outubro de 1934 lonxe de veleidades revolucionarias, conscientes da baza argumental que ofrecía aos emprendedores da dereita política. Azaña vai reaccionar fronte a presentación dos sucesos de Outubro como unha icona representativa do que podería ser unha vitoria electoral da esquerda. No mitin do 13 de febreiro no Teatro Principal de León di que a República enfrontouse naquel entón con dous perigos que ían contra a súa propia esencia, de aí a reacción de Outubro. O primeiro, foran os intentos de reforma constitucional que significaban "una traición de la Monarquía con sustantivos y adjetivos republicanos", e o segundo foi o intento de "reforma del sistema de la ley electoral que iba a hacerse de tal forma que se buscaba con ello hacer imposible el triunfo del republicanismo en la contenda electoral."[180]. Preténdese, xa que logo, presentar a Outubro como unha reacción de lexítima defensa dos valores republicanos e demócratas, tentando manter lonxe a súa significación de calquera connotación supostamente revolucionaria.

"La República (...) [en 1934] estaba regida por un Parlamento faccioso, ya que su título de republicano era falso. Contra este Parlamento y más tarde contra el Gobierno nacido de él, se alzó la democracia."[181]

Máis neste punto non podemos esquecer que dentro das forzas coligadas na FP había diversas posicións, que imposibilitaron o mantemento dun discurso unitario. Foi sobre todo, dende as filas comunistas, dende onde se sostivo nunha posición que transmitía abertamente un ánimo de vinganza que serviu para reforzar as divisorias en similares parámetros que as presentadas pola dereita neste asunto concreto

"(...) ensalzó el movimiento de octubre (...) aseguró que vengarán a los caidos en el movimiento revolucionario. Atribuye a las derechas el propósito de cambiar el régimen e invita a los obreros a que estén vigilantes el día de las elecciones ya que no cree que puedan concebirse esperanzas de la imparcialidad del Gobierno porque va del brazo de los monárquicos."[182]

Aínda así, pensamos que a posición maioritaria, a nivel xeral, dos emprendedores políticos encadrados dentro da FP, foi cando menos dende unha análise da prensa local viguesa, un

[178] Alonso Rios, Antonio, "La España y la Anti-España" en EPG, 05/12/1935
[179] Vilar Ponte, Antonio, "Pretextos cotidianos. La propaganda incivil y grotesca" en EPG, 01/02/1936.
[180] Intervención de Manuel Azaña do mitin do 13 de febreiro no Teatro Principal de León. EPG 14/02/1936.
[181] Intervención de Manuel Azaña no mitin de 9 de febreiro no Teatro Victoria de Vallecas. EPG, 11/02/1936
[182] Intervención de Jesús Hernández Tomás, fundador do PCE e deputado a partir de febreiro de 1936 no mitin do Cine Moderno de Toledo en febreiro de 1936. EPG, 08/02/1936

intento de desmontar as divisorias trazadas, presentando a contenda electoral como unha loita entre as posicións demócratas republicanas e a posibilidade, certa, da vitoria das forzas que dende o poder querían poñer fin a esa democracia. De feito, incluso esa mesma prensa nos informa do desgusto dos asistentes a algún mitin da FP polo ton moderado dos oradores.

> "Se ha celebrado mitin del Bloque Popular en el que hablaron Juan Rudidor, socialista y Francisco Galán, comunista. La concurrencia salió defraudada del tono moderado que emplearon los oradores. No hubo incidentes."[183]

Incluso a posición da anarcosindicalista CNT sufre unha leve mutación. É certo que os libertarios manteñen unha postura diverxente coas opcións políticas que constitúen a FP, e que manteñen case por definición un conxunto de liñas de división propias que xiran ao redor da oposición frontal á participación político-partidista como medio para acadar, tanto as conquistas sociais como o seu imaxinario de social. Pero esta oposición frontal ao que eles identifican como entrar no xogo dos políticos ou das súas seccións sindicais, a UGT e no caso de Vigo da experiencia sindical comunista da *Unión de Trabajadores de las Fábricas de Conservas de la Ría de Vigo* (UTCV) ou dos seus núcleos nos sindicatos adheridos á UGT, comeza a modificarse antes das eleccións de febreiro, abrindo un novo marco de diálogo que será determinante despois da vitoria electoral da FP a nivel de base.

> "La C.N.T., sabe perfectamente cual es el rol que le tiene encomendado la historia, y es en este preciso instante, en que las fuerzas proletarias se manifiestan en un deseo unánime de concordia, cuando haciéndose intérprete del sentir que late en los grandes conglomerados de trabajadores, se apresta a sellar con el fraterno apretón de manos, el sentir concordante de futuras actuaciones que habrán de producir el hecho transformador que todos anhelamos."[184]

O segundo punto a ter en conta ao analizar a potencia da activación de divisorias son aquelas opcións que se auto referencian como fora desa activación. Non estamos falando dos emprendedores que dende unha posición centrista se colocan no medio da liña de contacto entre uns e outros, afirmando o perigo de ámbalas dúas posicións, e dos que xa falamos anteriormente, senón dos que simplemente non aceptan ningunha das partes das dúas construcións, situándose fóra da ecuación bipolar. Aínda que os estudos sobre a chamada "terceira España" sitúan a este heteroxéneo grupo como

> "un espacio asociado a la moderación, al centrismo y al reformismo político, pero ante todo a una actitud moral que hace rechazo a los extremos, la superación del fanatismo, la apuesta por el diálogo y la no violencia (…)".[185]

Nós consideramos que se pode establecer unha diferenza entre os elementos centristas que, como temos visto, asumen a existencia das divisorias entrando dun ou doutro xeito no xogo marcado eses emprendedores políticos, situándose no centro da ecuación, e aqueloutros que adoptan dende ben cedo una posición dende a que renegan, incluso, da confrontación política nos termos de enfrontamento bipolar. Pensamos que nesta posición, que non entra nin sequera

[183] Mitin conxunto de PSOE e PCE en Alberich (Valencia). EPG, 13/02/1936.
[184] "En nuestro puesto", Editorial de *Solidaridad* (SO), Semanario órgano da Confederación Rexional Galaica da CNT, do 08/02/1936.
[185] Presentación do equipo de traballo "La Tercera España": Génesis y usos públicos de un concepto político" en https://ucm.es/terceraespana/presentacion.

no debate con ningunha das marxes da liña trazada, tería como máximo representante a Ángel Ossorio y Gallardo. A súa posición apréciase perfectamente nunha entrevista en xaneiro de 1936 onde manifesta unha visión profundamente pesimista, que ao mesmo tempo non orixina un intento, neses momentos concretos, de situarse nunha posición intermedia, senón na simple inacción en agarda de tempos mellores.

> "Mire uste (sic): Las posiciones aisladas como la mía, en cuando salen y dicen algo, se indisponen con unos y con otros. Hay que estar afiliado a un grupo, y sino no se tiene nunca razón. Si mi palabra, mi pluma, mi acción pueden ser útiles alguna vez en una obra de derecho, libertad y democrácia, mi volutad no estará remisa. Pero en la carnicería a que España quiere entregarse en estos instantes yo no tengo nada que hacer.
> - ¿Nada? ¿Nada?
> - Nada. Ni yo ni nadie."[186]

Aínda que a existencia desta chamada "terceira España" resulta relevante, tampouco se pode negar que analizar o seu posible impacto a nivel social é unha tarefa realmente complexa. En todo caso, as opcións políticas nas que parece que esta posición tivo certo acubillo, a nivel electoral resultaron marxinais, e incluso, algunha que sostivo un posición bastante similar á de Ossorio y Gallargo, como o Partido Conservador Republicano (PCR) de Miguel Maura, desfixeron o camiño andado meses despois, e no caso concreto de Vigo, como teremos ocasión de comprobar máis adiante, colaboraron activamente na conspiración contra a República, na destrución da sociedade republicana e na creación da sociedade franquista. Ao mesmo tempo, é coñecida a posición de numerosos centristas de partido no momento do estoupido do golpe, incluso antes

> "Que por este camino nos aguarda una catástrofe en que es posible hasta la disolución de España como nación, lo reconocen todos los espíritus observadores, entre los cuales no cuentan, naturalmente, los inconscientes que no atisban la meta a que fatalmente conduce la violencia, ni los criminales que saben perfectamente que tomada esta como sistema no puede producir más que un caos que convierta a nuestra nación en (…) satélite de otro Estado. Mengua eterna para quienes, nacidos en el Occidente de Europa, prefieran a la cultura milenaria de esta, creadora del Derecho y cuna de la Libertad a, (…) el cínico "jus" de la fuerza bruta con copiosas u horribles efusiones de sangre."[187]

Neste caso concreto, a posición do, meses atrás moderado, Isidoro Millán, parece marcar un novo camiño político que será profusamente percorrido despois do golpe de estado.

> "No comenzaba la lucha entre dos Españas, sino entre la España eterna, una, indivisible, católica, orgullosa de su pasado y confiada en su futuro y todos los elementos exóticos, todos los gérmenes patógenos de que había infestado el territorio nacional una política sin Patria y sin Dios, unos gobernantes que eran el satánico reverso de todos los genios, civiles, militares y eclesiásticos,

[186] Entrevista reproducida en EPG, 26/01/1936

[187] Así se manifestaba Isidoro Millán, deputado do moderado Partido Liberal Demócrata de Melquíadez Álvarez sobre a situación política orixinada trala vitoria da FP nas eleccións de febreiro. Millán, Isidoro, "El vaticinio de Indalecio Prieto" en FDV, 07/05/1936.

> que habían creado el gran Estado peninsular uniendo y hermanando sus numersos y diminutos reinos y principados."[188]

Precisamente por isto pensamos que a filiación ou o encadre nas posicións políticas clásicas, dereitas, centro e esquerda non parece ofrecer moita capacidade explicativa sobre este fenómeno da suposta "terceira España". Máis, si se aplica a este conxunto de persoas unha visión evolutiva, onde incluso, personalidades como Manuel Azaña son incluídas nel á altura de xullo de 1938 e dentro do contexto da súa proposta de paz aos sublevados[189]. Tamén os sublevados teñen palabras para esta "posición" que representa, case como ningún outro, na metade de 1937, o diplomático Salvador de Madariaga.

"El Sr. Madariaga planea sobre el bien y el mal de la Guerra Civil española como un cóndor
> desplumado y pálido. Estuvo con Valencia, en setiembre intentó aproximarse a Burgos. Todavía no estaba claro el triunfo por eso ha seguido volando.
> Según él en ambos bandos hay hombres inteligentes, ambos tienen razón, ambos luchan por un ideal respetable.
> Los voluntarios y soldados que luchan y mueren a ambos lados de las trincheras son unos pobres diablos. Don Salvador les contempla como microscópicas hormigas desde el globo hinchado de su vanidad."[190]

En terceiro lugar e como elemento imprescindible para que a activación das divisorias poda dar paso case dun xeito automático dende a "violencia segmentada de pequena escala" á "destrución coordenada" hai que tratar a acción dos especialistas na violencia[191]. Estes especialistas na violencia son definidos dun xeito moi amplo como "personas que controlan los medios para inflingir daños a personas y objetos" o que nos remite inmediatamente ás esferas dos estados que teñen como misión o exercicio "lexítimo" da violencia[192]. Non obstante, actores que están fora desas estruturas estatais tamén deben ser considerados especialistas na violencia. Destacan entre estes actores alleos ás estruturas estatais, as organizacións de carácter paramilitar.

No noso contexto, a caracterización de FE-JONS como partido-milicia, a asunción da violencia como parte imprescindible o seu *estilo* que chega a súa sacralización, e a consideración da violencia como "depuradora" dos males da sociedade republicana, a sitúan nesa posición de especialista na violencia. Pero a FE-JONS non estará soa nesa labor. Acompañarana, do seu mesmo lado da liña de división, os requetés da CT e os mozos da CEDA, estes últimos sobre todo a partir da vitoria da FP nas eleccións de febreiro. Doutro lado da divisoria tamén existen especialistas na violencia, as milicias que tanto socialistas como comunistas tratan de formar, dun xeito máis propagandista que real, antes incluso da

---

188 Millán, Isidoro, "Franco, Jefe del Gobierno del Estado" en FDV, 03/10/1936

189 Presentación do equipo de traballo "La Tercera España": Génesis…

190 De Foxá, Agustín, "Respuesta a Madariaga" en EPG, 06/08/1937

191 Tanto a violencia segmentada de pequena escala ou ataques dispersos como a destrución coordenada son dúas categorías que emprega Ch. Tilly na súa proposta de caracterización da violencia colectiva xunto con os rituais violentos, o oportunismo, as rifas físicas, as agresións individuais e as negociacións rachadas. Os ataques dispersos defínense como aqueles que teñen lugar "en el curso de interacciones generalizadas de pequeña escala habitualmente no violentas, un cierto número de participantes responde a ciertos obstáculos, desafíos o restricciones mediante actos que provocan daños (…)" estes ataques carecerían, en todo caso, de coordinación espacial e neles non é necesario a participación de especialistas na violencia como grupo específico. Por outra parte, a destrución coordenada prodúcese cando "personas u organizaciones especializadas en el despligue de medios coercitivos emprenden un programa de daños a personas y/u objetos (…)". Tilly, Charles, *Violencia…* p. 14, 175.

192 Tilly, Charles, *Violencia*... p. 34.

Revolución de Outubro, e os anarcosindicalistas que si contan con especialistas na violencia definidos por eles mesmos como tales e institucionalizados internamente nos comicios da CNT. Referímonos, en concreto, aos Grupos de Defensa Confederal[193]. A estes habería que sumarlles os grupos de acción que se organizan principalmente a partir dos grupos da FAI, pero que estarían organicamente ao marxe tanto desta como da propia CNT[194].

Pero máis alá da constatación da existencia destes especialistas na violencia a ámbolos dous lados da liña de división, a nós nos interesa a mestura de partido-milicia que encarna como ningunha outra a FE-JONS. Esta dualidade orgánica encaixa perfectamente no desenvolvemento da activación das liñas de división por parte dos emprendedores políticos. A FE-JONS xogará dous papeis superpostos. Un, como especialista na violencia do conxunto do conglomerado definido a si mesmo como contrarrevolucionario e onde encaixaría á perfección o financiamento que dende os sectores alfonsinos recibía dende 1934. De feito, tal e como é coñecido, este financiamento estableceuse nun acordo de "colaboración" que especificaba onde se destinarían maioritariamente os cartos: sufragar o pistolerismo que "con su carácter público y de cooperación colectiva pueden levantar la tónica espiritual del país"[195]. Pero ao mesmo tempo, esta actividade principal, concordante co seu carácter de partido-milicia e coa a posición preeminente que a violencia tiña no seu corpus doutrinal, complementábase cunha actividade política que buscaba a elaboración de liñas divisorias propias[196].

> "Donde está la Falange allí está España (...)
> Donde están nuestros emblemas de fechas allí están la Justicia, el Trabajo y el Valor.
> Nosotros oponemos a la revolución del enemigo, no la contrarrevolución que adormece, sinó nuestra revolución constructiva y cristiana."[197]

Pódese apreciar na cita que para os emprendedores falanxistas non se trata de construír unha fronte contrarrevolucionaria, senón de opoñer aos revolucionarios unha revolución doutro tipo, nacional sindicalista. En realidade, a posición de FE-JONS non obedece a unha postura de partida, si a retórica revolucionaria, pero non a oposición á construción dunha fronte anti revolucionaria, senón máis ben, estamos ante unha posición que se adopta froito das circunstancias cando son coñecedores de que nas diferentes negociacións para a constitución das candidaturas anti revolucionarias non se lles permite ocupar postos de saída:

> "(...) en el frente antimarxista no se ha dado un solo puesto a la Falange, y por eso ésta lánzase a la lucha en candidatura separada e independiente."[198]

De feito, quizais conscientes da súa propia situación marxinal e das escasas posibilidades electorais, FE-JONS, adopta a nivel político unha posición onde inicialmente confía na vitoria

[193] Os Grupos de Defensa Confederal foron creados organicamente no Pleno de Rexionais da CNT de 1932, aínda que a nivel práctico existían dende anos antes. Consta a existencia na cidade de Vigo de 3 Grupos de Defensa Confederal, un deles creado xusto antes da proclamación da República en 1931.
[194] Vadillo, Julián, *Historia de la CNT. Útopia, pragmatismo y revolución*, Madrid, Catarata, 2019.
[195] Viñas, Angel, *¿Quién quiso la Guerra Civil? Historia de una conspiración*, Barcelona, Crítica, 2019, p. 100
[196] Exactamente a táctica contraria á seguida polos alfonsinos de RE que consideraran imprescindible desligar toda a tarefa golpista da acción política. Esta estará enfocada case en exclusividade cara a xustificación da primeria. Viñas, Angel, *¿Quién quiso la Guerra*... pp. 65-67.
[197] Intervención de Raimundo Fernández Cuesta en el mitin del Cinema Europa de Ciudad Real, en FDV, 04/02/1936.
[198] Op. Cit.

electoral das forzas dereitistas, nomeadamente na vitoria de Gil Robles. Pero de non concretarse esta posibilidade, de darse unha derrota electoral dos accidentalistas, esta significaría un punto de non retorno, pero non só en relación aos seus inimigos tradicionais, os "revolucionarios" e o seu sistema democrático parlamentario, senón tamén nas súas relacións coas dereitas clásicas (non inclúen aquí, evidentemente, aos seus patrocinadores económicos do BN), identificadas coa CEDA:

> "España ha dado a Gil Robles todos los elementos necesarios para que triunfe y si no responde a ello contrariará todas las esperanzas del pueblo español y no pagará su responsabilidad ni siqueira con la muerte."[199]

Pero a interacción política -a violencia non é máis que un tipo de interacción política- destes especialistas da violencia non ten porque concretarse no exercicio real violento, senón no emprego das "amenazas de violencia de forma tan persuasiva que los demás ceden antes de que comiencen los daños".[200] Dende este punto de vista, as eleccións de febreiro de 1936 marcan a fin do período das amezas, a partir da vitoria electoral da FP a situación sufrirá un troco significativo.

Aos emprendedores políticos das dereitas se lle debuxan dúas opcións a partir do 16 de febreiro. Por unha banda, iniciar un proceso de desactivado das liñas de división cara a un enfrontamento político baseado nas normas da democracia liberal. Por outra banda, optar por aumentar a tensión e o radicalismo nas liñas de división, camiño que irremediablemente conduciría a un aumento da violencia. As dereitas accidentalistas, na figura do seu líder, o "Xefe" Gil Robles, sufrirán uns primeiros momentos de incerteza e optarán por manter a situación previa: a ameaza, en busca dunha modificación da situación política que rectificase o resultado das votacións. É aquí onde deben situarse os movementos do líder da CEDA unha vez coñecida a vitoria da FP. "Acompañado" polos xenerais Fanjul, Varela e Franco, tentan presionar ao presidente do goberno, Portela Valladares, para que non recoñeza os resultados e declare o estado de guerra. A ameaza materializada na presenza de especialistas da violencia, estes si, de carácter gobernamental -os xenerais- non da resultado, e como consecuencia, pasarase a outra fase na activación das liñas de división: a súa radicalización e o incremento da violencia física nas rúas, por medio tanto ás milicias da JAP como, e principalmente, ás de FE-JONS. A diferenza fundamental non é só cuantitativa senón tamén cualitativa: aparecen os primeiros exemplos de *coordinación* da violencia a través da relación entre os dous grupos de especialistas[201]. Deste xeito, facendo nunha análise sobre a violencia política entre setembro de 1935 e xullo de 1936, tal e como se fai no Gráfico 1, vemos como esta se incrementa a partir das eleccións de febreiro, cando, como dicimos, a vía política democrática como medio de acceso ao poder queda pechada para os emprendedores políticos da dereita.

[199] Intervención de Ruiz de Alda no mitin do Cinema Europa en Ciudad Real. FDV, 04/02/1936.
[200] Tilly, Charles, *Violencia*..., pp. 34-35.
[201] Tilly, Charles, *Violencia*... p. 79



Elaboración propia a partir do valeirado dos xornais diarios, *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*

Pódese observar como o incremento da violencia prodúcese aos dous lados da divisoria, e en similares proporcións, o que pensamos que debe ser relacionado coas dinámicas de acción-reacción-acción.

Non obstante a claridade que amosa esta gráfica queda borrosa no caso concreto de Vigo e a súa contorna inmediata, xa que aínda que si se observa unha diminución da violencia revolucionaria e un claro aumento da ultradereitista, (Gráfico 2) estas dinámicas quedan mediatizadas polas condicións particulares que se están a vivir na propia cidade. Estas condicións concrétanse en dous feitos, un conxuntural e o outro estrutural. O primeiro é a folga xeral do sector do metal da cidade que se convoca de xeito unitario por UGT e máis CNT en novembro de 1935 e remata en marzo de 1936 despois da mediación do novo Goberno da FP. Esta folga xeral de sector xera un enorme repertorio de accións de tipo violento, sabotaxes, queimas de empresas, asaltos... incluso un morto. O segundo, a relativa debilidade da FE-JONS na cidade que non contaba ao comezo de 1936 nin cunha estrutura en pleno funcionamento nin cunha militancia especialmente combativa. Ademais, tamén haberá que engadir a debilidade orgánica que dende a súa implantación na cidade está estreitamente vixiada polas organizacións de carácter esquerdista[202].

[202] Xa nos primeiros intentos de crear na cidade unha estrutura fascista, en marzo de 1933, a *Federación Local de Trabajadores* (FLT) da UGT convocou unha manifestación de repulsa na que se atacaron os consulados de Alemaña e Italia. A Federación fixo pública un pronunciamento para os seus militantes para que "(…) *estén dispuestos a impedir por cuantos medios tengan a su alcance que nazca, y menos aún que se desarrolle el fascismo en nuestro pais."* ES, 23/03/1933.

Gráfico 2
Violencia política en Vigo



Elaboración propia a partir do valeirado dos xornais diarios *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*

Pero a radicalización e o aumento da violencia política non só se produce a nivel cuantitativo, senón que a nivel cualitativo obsérvase un cambio evidente (Gráfico 3). Prodúcese un aumento considerable das accións que teñen como resultado a morte e as agresións armadas ao tempo que se reducen as agresións simples (non armadas) e as coaccións. Ou sexa, non só estamos ante un aumento significativo dos actos de violencia política a partir de febreiro de 1936 senón que estamos ante a súa radicalización, gañando liderado fronte a outro tipo de actos que, aínda que violentos, implican menor dano a persoas e bens.

Convén dicir que os datos presentados para o conxunto de Galicia por González Calleja, aínda que pola fonte principal empregada, os diarios *ABC* e *La Vanguardia*, poderíamos presupoñer unha distorsión á baixa, no que se refire ao ítem de "mortes" é exactamente igual, 16, que o contabilizado na nosa pescuda na prensa local[203].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[203] González Calleja, Eduardo, "*Cifras cruentas: las vítimas…*" p. 285



Elaboración propia a partir do baleirado dos xornais diarios *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*

Esta radicalización no activado das liñas de división é absolutamente coherente con todo o discurso lanzado polos emprendedores políticos da dereita antes e durante a campaña electoral. Si en xaneiro de 1936 un trunfo FP significaría a destrución de todos os valores de España, si forzas estranxeiras pasarían a controlar o Estado, si incluso a familia como cerne da organización social ía desaparecer como tal, que facer cando o feito simbólico temido e creado por eles mesmos e asumido por moitos se convirte en realidade? Coa opción da loita parlamentaria desbotada por eles mesmos, a saída para impedir que a súa España desaparecera só era unha: a radicalización das liñas de división e activación inmediata dos preparativos para unha "solución" violenta: a destrución coordenada.

O discurso divisorio fornécese, ademais, co emprego do bulo a xeito de ameaza e provoca incerteza tanto entre os contrarios como entre a poboación en xeral.

Antes de analizar os pasos desta radicalización e as súas consecuencias prácticas inmediatas, debemos salientar dous feitos que veñen a completar o trazado das liñas de división. Por unha banda, antes das eleccións de febreiro de 1936 en pleno desenvolvemento do trazado de divisorias, empréganse ou preténdese empregar aos poderes do Estado, en concreto o Poder Xudicial, para completar a "ofensiva" contra as organizacións de carácter obreiro e que previamente xa foran cualificadas como representantes da anti-España. O mesmo día que o Comité Nacional do PSOE fai publico o acordo sobre a súa disposición á participación nunha ampla alianza electoral, o fiscal dun dos xuízos que se están a desenvolver contra os participantes na Revolución de Asturias, solicita "que fueran declarados fuera de la ley y disuelto el partido socialista obrero español y la UGT, así como todas sus organizaciones"[204]. Por outra banda, comezan a publicarse a través da prensa afín ás dereitas e da que se fai eco o

[204] As dúas novas en EPG, 19/12/1935

conxunto da prensa, unha serie de rumores que aseguran que se está a piques de producir un golpe de carácter militar. O 7 de decembro de 1935 infórmase que

> "En la tarde anterior el Gobierno tuvo conocimiento por confidencias llegadas de la Dirección General de Seguridad y al ministerio de la Guerra de que algunos elementos militares monárquicos se disponían a celebrar reuniones en lugares previamente señalados con el propósito de convocar algaradas. El Gobierno actuó inmediatamente (…)"[205]

Dous días despois volven á saltar ás primeiras páxinas novas sobre ruído de sabres nos cuarteis[206]. O día 11 de xaneiro o asunto debátase no Consello de Ministros, que relaciona as liñas editoriais de algúns xornais cun intento de desestabilización da República. Días máis tarde, o presidente do Consello, Portela Valladares, afirma ante as preguntas da prensa que

> Se empieza otra vez con subversiones de regimientos, rumores de crisis, etc., por ese camino solo perseguirán el descrédito fuera de España y no será precisamente el mejor camino para una normal marcha y justificar el levantamiento de la suspensión de garantías."[207]

Estes rumores increméntase canto máis nos achegamos á cita electoral. O 4 de febreiro a CEDA fai pública unha declaración sobre un hipotético golpe de estado. Nesta nota pública asegura a súa falla de interese nese tipo de accións, xa que, o "(…) Jefe llegará al Poder empujado por un movimiento ciudadano arrollador", e aclarando que para "(…) alcanzar el poder nos bastan los votos" [208]. Non obstante, dende as filas do PSOE afírmase que todo este tipo de novas forman parte dunha manobra para impedir a celebración das próximas eleccións

> "Se trata a lo que nos alcanza, de una nueva maniobra de elementos interesados en frustar las elecciones y que, con arreglo al plazo constitucional, vuelvan a reunirse las Cortes recientemente disueltas.
> La maniobra está calculada en varias etapas.
> Etapa previa: llevar a los ánimos de ciertos elementos armados la convicción de que las organizaciones obreras preparan una huelga general. Segunda etapa: propagar un acto enérgico por parte de aquellos elementos so pretexto de anticiparse a la supuesta huelga general. Tercera etapa: Crear una situación que obligue a aplazar las elecciones y que llegue la fecha en que automáticamente habría de reunirse el parlamento disuelto"[209].

Tal e como adiantaba ES, dias despois, a prensa faise eco dun suposto plan das esquerdas para a declaración da folga xeral

> "Se está preparando una huelga general con proposito de interrumpir la normalidad de la emisión de sufragio?:
> Hay periódicos que incluso publican referencias de carácter oficial de un gobernador civil en las que advierte que está preparado para cualquier eventualidad, como garantizar el orden, abastecer el vecindario, proveer los

[205] EPG, 08/01/1936
[206] EPG, 10/01/1936
[207] EPG, 14/01/1936
[208] EPG, 04/02/1936 e FDV, 12/02/1936
[209] "*Suelto*" publicado en ES e reproducido en EPG, 05/02/1936

> servicios públicos, etc., etc., para ello se ha realizado reuniones de autoridades civiles y militares que se han creido pertinentes."[210]

A menos dunha semana para a cita electoral, FDV, na súa primeira páxina preguntábase si "¿Se abstienen las izquierdas de acudir a las elecciones?"[211]

Feitas estas puntualizacións sobre o recurso ao rumor empregando a prensa afín como difusor, para introducir incerteza no conxunto da sociedade, volvemos á análise da radicalización do trazado das divisorias nos meses posteriores ao trunfo da FP.

Tal e como reflexan as Gráficas 1, 2 e 3, a derrota electoral da chamada Fronte Antirrevolucionaria orixina un aumento da violencia política a nivel de rúa, comezando a aparecer certos niveis de coordinación sobre todo entre especialistas na violencia e algúns emprendedores políticos e sempre en función das necesidades políticas destes últimos. Así, o incremento da violencia na rúa, fundamentalmente orixinado pola actuación destes grupos de especialistas pasa a ser empregado como un "argumento" máis da incapacidade do goberno recentemente elixido para frear a onda revolucionaria e asegurar a orde pública. Deste xeito, ao tempo que provocan violencia e inseguridade publica, reprocharán ao goberno recen elixido que non sexa capaz de acabar con esa onda violenta. Non resulta éstrano, polo tanto, que non se intente un desactivado das liñas de división unha vez concluído o período lectoral. Todo o contrario. Aínda que non todos os actores que se encadran dentro deste enclave dereitista adoptan a mesma actitude ou non todos a adoptan simultaneamente.

O 20 de febreiro coñécese que o xefe da CEDA, Gil Robles se toma un descanso político. O día 21 nun clima social que leva ao Presidente do Goberno, Manuel Azaña a afirmar que

"Continúan los alborotos en algunos puntos de Andalucía y Levante. En Valencia hay un lío tremendo por la sublevación de los presos de San Miguel de los Reyes. Han quemado parte del penal. Están revueltos los presos comunes y los políticos, que han caído como en rehenes de aquellos. En Alicante han quemado alguna iglesia. Esto me fastidia. La irritación de las gentes va a desfogarse en iglesias y conventos, y resulta que el Gobierno republicano nace, como el 31, con chamusquinas. El resultado es deplorable. Parecen pagados por nuestros enemigos."[212]

Froito desta situación, o Goberno remite a Deputación Permanente o Decreto de Amnistía. Esta era a que representaba ás anteriores Cortes, onde a dereita tiña maioría, pois aínda non lle dera tempo aos deputados, por mor dos traballos da Comisión de Actas, a constituír a nova deputación cos resultados saídos das eleccións do día 16 de febreiro. Resulta pois paradoxal que esta Deputación Permanente votase, como votou, a favor do Decreto de Amnistía xa que o seu efecto inmediato sería a detención dunha parte da conflitividade social rovocada polos elementos esquerdistas, conflitividade que fora buscada polos emprendedores da dereita. Pero así foi, Manuel Jiménez Fernández, ex Ministro de Agricultura coa CEDA, explicaba a prensa porque apoiaran o Decreto do Goberno:

[210] Publicado en *La Voz* (xornal de Madrid) e reproducido por EPG, 07/02/1936
[211] FDV, 09/02/1936
[212] Azaña, Manuel, *Memorias políticas y de Guerra. 1936-1939*, Barcelona, Crítica, 1978, p. 10

"(…) los representantes de este partido votarían en favor de la concesión de la amnistía, ya que ello era preciso para la pacificación de los espíritus y una consecuencia de la voluntad electoral del país (...)"[213]

Este intento claro de desactivado das liñas de división é a excepción a todo o proceso de deslexitimación que os emprendedores políticos da dereita comezarán a desenvolver inmediatamente, acompañados, sempre, pola violencia que se produce na maior parte do Estado e que o activado das divisorias alimenta.

Como primeiro paso atácase a intención do Goberno de convocar as eleccións municipais para o 12 de abril. Os monárquicos alfonsinos de RE declaran a súa intención de non participar no proceso electoral, ao tempo que dende a prensa de dereita afírmase que as eleccións "son moral y jurídicamente nulas y sus resultados no prevalecerán"[214]. A CEDA segue o mesmo camiño que RE e anuncia a súa intención de non participar a finais de marzo.

"(…) cuando en la contienda que se avecina se quiere dar un carácter predominantemente político, con valor casi plebiscitario, a favor de las mas extremas tendencias societarias, la Confederación (...) que siempre actúa dentro de los límites del derecho, no puede asumir ante el país la gravísima responsabilidad de considerar legítimas unas elecciones cuya convocatoria implica ya una violación de la Ley Municipal vigente."[215]

O seguinte paso na deslexitimización das institucións democráticas prodúcese no mes de marzo na Comisión de Actas do Parlamento. Ao remate da lectura do ditame da Comisión sobre a repetición das eleccións na circunscrición de Granada, Jiménez Fernández, o deputado da CEDA que tentou o desactivado das divisorias en febreiro, manifesta que "de lo que acuerde la mayoría dependerá en el futuro la convivencia, tan necesaria en los regímenes parlamentarios". Despois de varias intervencións e chamadas á orde da Presidencia, Jiménez Fernández apostila, "de lo que haga esta mayoría dependerá en lo sucesivo la suerte del sistema parlamentario"[216]. Inmediatamente despois a CEDA abandona o salón de sesións ocasionando un gran escándalo. Unha vez retirados, toma a palabra o deputado Goicoechea por RE afirmando que o expediente de anulación é "una declaración de guerra que hace imposible todo ideal de convivencia en la parlamento actual." Acto seguido RE abandona a Comisión. Lamanie de Clairac da CT apoia a posición de CEDA-AP e RE e abandona tamén. Juan Ventosela polo *Frente Catalan de Orden*, en concreto en representación da Lliga, manifesta que "la minoría regionalista no tomará parte en la discusión de actas. La constitución del parlamento será responsabilidad absoluta de los grupos mayoritarios". Esta é a posición que tamén adopta o PAE. Ante esta espantada da dereita, Indalecio Prieto intervén para dicir que

[213] EPG, 22/02/1936.
[214] ABC, 26/03/1936.
[215] EPG, 31/03/1936.
[216] De todos xeitos nós non consideramos que esta intervención de Jiménez Fernández supoña unha marcha atrás no seus intentos de desactivar as liñas de división trazadas durante a campaña, de feito, e o propio Jiménez Fernández, propón na primeira reunión do grupo parlamentar da CEDA que este se pronuncie claramente sobre unha serie de cuestións que considera imprescindible aclarar: a aposta polo Monarquía ou a República, polo fascismo ou a democracia e pola xustiza social ou contra a xustiza social. Nesa reunión será Gil Robles quen manifeste que esas preguntas non son da competencia do grupo e si do congreso da CEDA previsto para o mes de maio. EPG, 21/03/1936

"(...) han debido esperar para oír las razones que han impulsado a la Comisión a emitir un dictamen sobre las actas de Granada. Lejos de eso, se marchan de aquí como si con su conducta quisieran contribuir a robustecer cuanto se dice públicamente sobre determinado complot existente (Grandes aplausos)"[217]

Os emprendedores políticos das dereitas radicalizan a súa posición combinando os ataques ás institucións como xeito de deslexitimación coa incitación e apoio a violencia desatada nas rúas polas das bandas fascistas e parafascitas. Para tentar cortar esta violencia o 14 de marzo son detidos en Madrid os principais líderes de FE-JONS (José Antonio, Ruiz de Alda, Fernández Cuesta e Barrado). Tres días despois publícase un decreto sobre o desarme da poboación civil e amplíase o Estado de Alarma que levaba vixente dende as eleccións de febreiro. O 18 de marzo os tribunais deciden a suspensión de actividades de FE-JONS. O 3 de abril o Goberno decide suspender as eleccións municipais convocadas para o dia 10, dadas "las circunstancias por las que atraviesa el país"[218]. Na mesma sesión parlamentaria que se acorda aprobar a proposta do Goberno de adiar as eleccións, iníciase o proceso de destitución de Alcalá Zamora como Presidente da República que se verá confirmada o 7 de abril coa votación a favor de 238 deputados fronte a 5.[219]. Diego Martínez Barrio en calidade de Presidente das Cortes asume, de xeito interino, a Presidencia da República, en tanto en canto non se celebren as eleccións de compromisarios para a elección do novo Presidente. Unha nova ocasión para as dereitas de torpedear as institucións democráticas. E así foi. A CT foi a primeira en anunciar a súa intención de non participar do proceso electoral o día 15 de abril, o día 20 se sumará a CEDA e o 21 o PAE[220]. O editorial de EPG ten claro a que responde esta posición:

"Un día se retiran del Parlamento los diputados de un partido incorporado al régimen, en unión de otros sectores abiertamente antirrepublicanos (...) esta maniobra la vemos repetirse con motivo de las elecciones a compromisarios para elegir al primer magistrado de la República.
Quien así conduce la acción de un partido que aspira gobernar dentro de la Constitución de 1931 (...) sus razones tendrá para abonar tal actitud (...)
Mientras determinadas fuerzas, con positiva importancia en el país, mantengan en el equívoco respecto de su institución política fundamental, ellas mismas impedirán la normalidad política (...)
En cada ocasión solemne que a esas organizaciones se brinda, para establecer una divisoria neta, tajante, definitiva entre ellos y los sectores adversarios del régimen, el confusionismo cubre a unos y otros, desconcertando a todos"[221].

Non obstante, será na sesión parlamentaria do 15 de abril de 1936 onde o activado das liñas de división se mostre máis claramente e cara a cara entre os dous bloques. A sesión que fora concibida por Manuel Azaña como unha especie de debate do seu programa de Goberno convértese no escenario perfecto para que os emprendedores políticos das dereitas reafirmen a vixencia das divisorias marcadas. Na súa primeira intervención o presidente do Goberno deixa claro a posición sobre a razón do proceso de polarización, enmarcado inequivocamente nun conflito político:

[217] Todas as citas en EPG, 01/04/1936
[218] EPG, 03/04/1936
[219] EPG, 08/04/1936
[220] EPG, 16/04/1936, 19/04/1936 e 20/04/1936
[221] "Continúa el equívoco", Editorial do EPG, 23/04/1936.

"(…) han desatado contra nosotros (…), como más señero, el de que nosotros somos la antipatria.. (...)
(…)
Lo que pasa, señores, es que a nuestros ojos, y con nombres nuevos laten otra vez los eternos problemas que han agitado siempre a los hombres, empeñados en ennoblecer y en revalorizar su vida; pero por debajo de los sistemas, y de las doctrinas, y de los programas políticos, y de las declaraciones de los Gobiernos, valederos para un año, para un siglo, este problema eterno, humano, hoy español, es siempre el mismo. ¿Y cuál es el fenómeno a que nosotros estamos asistiendo? A mi juicio, y a juicio del Gobierno, el fenómeno a que asistimos hoy en España es el acceso al Poder político de nuevas clases sociales (…)"[222].

Inmediatamente despois, o Presidente, reflexiona sobre a posibilidade, certa xa, dunha guerra civil, afirmando que, precisamente, o novo Goberno tomou posesión coa primeira tarefa de evitar ese posible conflito polo que fai un chamamento á calma e o sosego. Sitúa a situación política dentro do contexto concreto de acceso ao poder dunhas novas elites e conseguinte perda deste polas elites tradicionais ao tempo que se ofrece unha man para entre todos recuperar un clima social "menos axitado". Este ofrecemento ten un resposta inmediata por parte dos representantes desas elites desaloxadas. Calvo Sotelo da a resposta ao Presidente a través dun discurso que conten xa a maior parte das xustificacións que se empregarán a partir do golpe de estado. Isto é así, porque Calvo Sotelo, o que está a facer nese preciso instante é exactamente iso, xustificar o golpe de estado.

"Señor Azaña, eso, dicho en la Cámara (suponiendo que la Cámara se hubiera reunido para entonces) el día 10 de Marzo o el 1 de Marzo, podía haber pasado en silencio y sin una protesta; pero hablar de calma, como característica del Gobierno, a las seis, siete u ocho semanas de actuación de los hombres que constituyen este Gobierno, cuando la garantía de la vida es en la calle una cosa inexistente (Grandes rumores y protestas), cuando por todas partes se pasa la amenaza de la disolución social y se grita, como se gritaba ayer por muchedumbres uniformadas: "Patria, no; Patria, no!", cuando al grito de ¡viva España! Se contesta con vivas a Rusia y cuando se falta al honor del Ejército y se escarnecen todas las esencias de la Patria (Fuertes y prolongados rumores y protestas), cuando todo eso está ocurriendo durante seis, siete u ocho semanas, yo me pregunto: ¿es posible tener calma? Envidio a S.S., Sr. Azaña, por la muestra formidable de su temperamento frívolo. Protesto de esa calma, como otros españoles que están viviendo en la inquietud y en la zozobra y que no saben si España existe o ha dejado de existir (…)"[223]

Calvo Sotelo, ademais introduce na súa intervención máis puntos de fricción que relaciona uns cos outros, exactamente igual que se fará na propaganda dos sublevados a partir de 18 de xullo. Así, o problema da articulación territorial do Estado e as propostas de autonomía tanto para Cataluña como Galiza e Euskadi pasan a relacionarse directamente, non xa coa

[222] Intervención de Manuel Azaña, Presidente do Consello de Ministros ante o Parlamento da República na Sesión Plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de sesións, núm. 17, 1936, p. 288.
[223] Intervención de José Calvo Sotelo, representante da minoría do BN no Parlamento da República na Sesión Plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de sesións, núm. 17, 1936, p. 290.

consabida destrución da unidade nacional, senón coas directrices de destrución da unidade política que é España por parte de Rusia.

"(…) el Sr. Largo Caballero, siendo Ministro de Trabajo y votándose el proyecto de Estatuto catalán, se opuso fervientemente a que se traspasase la facultad de legislación social a la Generalidad de Cataluña. La rectificación se comprende, porque es consigna de Rusia, pero consigna fatal (Fuertes rumores) Se proclama el derecho a la autodeterminación de los pueblos porque es un medio expresivo de romper las unidades políticas; (…)"[224]

Este discurso xustificativo complétase con outro tipo de xustificación máis "clásica" ou menos simbólica, por parte doutros sectores da dereita que se identifican como representantes dun sector burguesía catalán. Será Juan Ventosa o encargado de situar claramente a cuestión social dentro do trazado das divisorias

"Cada día la opinión pública se siente conmovida por amenazas de revolución social, por anuncios de la implantación de dictaduras del proletariado en un plazo más o menos corto. (…) no quiero decir que ha de mantener puramente el orden material, el orden público en la calle, sino que ha de procurar que no se debiliten y que no se destruyan todos aquellos resortes del Poder y de Gobierno (...) al hablar de resortes de Poder y de Gobierno me refiero a las fuerzas armadas en su aspecto de eficiencia y en su satisfacción moral interior, y me refiero también a todos aquellos principios de jerarquía social que constituyen el sostén indispensable de nuestro régimen social y de nuestro régimen político. (…)"[225].

Fronte a estes discursos, tan só dúas forzas políticas da esquerda contestaron, no propio parlamento, reafirmando as liñas de división trazadas. Estas dúas forzas eran minoritarias tanto no parlamento como na coalición electoral. Será a intervención de José Díaz do PCE onde se produce un choque frontal con Gil Robles[226] e a do deputado do POUM Andrés Maurín que reclama unha política de ollo por ollo en relación á represión gobernamental en Asturias, e asume plenamente a activación das divisorias.

"(…) y justicia quiere decir, señores de la derecha, un desquite natural, quiere decir una expresión que vosotros utilizáis, puesto que la tenéis en la Biblia; quiere decir la ley del Talión. (Rumores). Quiere decir diente por diente, quiere decir ojo por ojo. Y el diente por diente y el ojo por ojo, que tal vez os haga reír a vosotros, no hace reír a los mineros de Asturias que han perdido tres mil de los suyos; no hace reír a los hombres que han sufrido en las cárceles. Estos, intuitivamente, no por una simple venganza, quieren la ley del Talión, quieren la revancha, quieren el desquite, y solamente cuando este equilibrio natural se haya producido en el país, Sr. Azaña, podrá haber calma; (…) Y no hay duda, la disyuntiva es terminante: o triunfará el socialismo o triunfará

[224] Intervención de Jose Calvo Sotalo, representante da minoría do BN no Parlamento da República na Sesión Plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de sesións, núm. 17, 1936, p. 295.

[225] Intervención de Juan Ventosa, representante da *Lliga* no Parlamento da República na Sesión Plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de Sesións núm. 17, p. 304. Juan Ventosa, (1879-1959), colaborador de Cambó foi ministro de facenda entre 1917 e 1918. Co golpe de estado tomou partido a favor dos sublevados e colaborou na política monetaria do Gobemo de Burgos e en 1943 foi nomeado procurador en Cortes por designación do Xefe do Estado

[226] Intervención de José Díaz, representante da minoría comunista na sesión plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de sesións, núm. 17, 1936, p.310, 311-312.

> el fascismo. La democracia en el siglo XX, después del triunfo de la revolución rusa, en esta época de convulsiones sociales, de cataclismo políticos, de guerras imperialistas, es un simple momento de transición entre dos etapas antagónicas. El dilema es: fascismo o socialismo."[227]

Pero a única organización de masas con presenza na coalición na FP, e á que van destinados a maioría dos discursos dos emprendedores da dereita, non entra, cando menos a nivel parlamentario, na dinámica dos nós/eles que pretenden impoñer.

"(…) se ha pretendido echar sobre los partidos obreros la responsabilidad de lo que ha ocurrido en España a partir del 16 de Febrero. A nosotros nos parece injusto y falto de toda lógica el que se señale la fecha del 16 de Febrero. ¿Por qué esa fecha? ¿Es que comienza el 16 de Febrero en España algo que no tenga sus antecedentes en lo que era España antes del 16 de Febrero?"[228].

Sobre a posición do PSOE convén lembrar a loita interna que se produce despois das eleccións de febreiro entre as distintas tendencias, que se exemplifica na loita polo control do aparello do partido entre prietistas e largocaballeristas, uns partidarios de entrar no goberno da FP e os outros contrarios á colaboración e partidarios dos procesos de unidade cos comunistas. A liorta que se chega a escenificar a través de violencia nas rúas entre os partidarios dunha e doutra tendencia, queda soterrada coa declaración do Comité Nacional do partido que se aliña en contra de calquera veleidade revolucionaria, apelando ademais ás iconas do seu competidor pola esquerda, o PCE:

"La opción no es entre capitalismo y socialismo, sino, como ha dicho Dimitrof, entre fascismo y democracia. (...)

Desde las cárceles y los campos de concentración los camaradas extranjeros perseguidos por el fascismo, proyectan sus miradas ilusionadas hacia nosotros, que hemos sabido cortar en seco la expansión de la violencia organizada. Rusia, especialmente, ve en España el último estribo que la democracia posee para aguantar las presiones del fascismo centroeuropeo y estimula la consolidación de la política del Frente Popular, porque una revolución democrática es, en tanto no se logre una resistencia, la fuerza de que dispone el proletariado para garantizar su porvenir.

(...)

El verbalismo revolucionario no es, ni mucho menos, la Revolución, pero puede ser la contrarrevolución, si anticipa hechos de irremediable imprudencia (...)"[229]

Sen ningunha intención por parte dos emprendedores políticos das dereitas de proceder ao desactivado das liñas de división, estas comezan a manifestarse dun xeito evidente dentro do propio aparello estatal, principalmente no exército e algún dos corpos de seguridade, cerne dos especialistas na violencia de carácter estatal. Pero ao mesmo tempo, tamén comezan a ter cada vez máis visibilidade entre os emprendedores políticos que apoian ao goberno, agudizándose a diverxencia entre aqueles que propugnan afianzalo e os que chaman a superar

[227] Intervención de Joaquín Maurín, representante do POUM no Parlamento da República na Sesión Plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de Sesións núm. 17, p. 315-316

[228] Intervención de Rodolfo Llopis, representante da minoría socialista no Parlamento da República, na Sesión Plenaria do 15 de abril de 1936, Diario de Sesións, núm. 17, 1936, p. 306.

[229] Manifesto do Comité Nacional do PSOE en EPG, 27/05/1936

a situación cara posicións revolucionarias, aínda que estes últimos foran aínda moi minoritarios. A situación só requiría unha escusa para que se pasase ao que Tilly definiu como "destrución coordenada", o "proyecto concreto(s) de aniquilación, de planes de conspiración o planes para la estigmación más general de una categoría social"[230]. A escusa chegou en forma de asasinato o 13 de xullo de 1936.

> "la destrucción coordinada es consecuencia regularmente de la formación de coaliciones entre diversos actores que esgrimen la violencia y que antes se encontraban fragmentados. Por lo tanto, los emprendedores políticos tienen una gran influencia sobre las fluctuaciones que experimenta (...) gracias a su acción de enlazar a oponentes dispersos"[231]

Tal e como o temos caracterizando ate aquí o trazado e a activación de liñas de división, este forma parte dun proceso político, polo tanto estamos ante un fenómeno que en nada ten que ver cunha serie de impulsos *anárquicos* froito da improvisación, nin cunha exacerbación dos ánimos individuais producidos por determinadas posicións ideolóxicas en ascenso naquel tempo, xa que nin unha nin outra son quen de explicar porque o estoupido violento prodúcese nese momento concreto e non, por exemplo, anos antes ou despois. Estamos ante a construción consciente do "estrañamento" do opoñente político. Esta é a misión dos símbolos agora empregados (antipatria, rusos, axentes estranxeiros...) e que serán amplamente desenvolvidos e completados a partir do golpe de estado. Estes "estraños" construídos

> "(...) no son, (...) el ultraconcepto del concepto <<gente del lugar>>. Los extraños son gente del lugar (vecinos); y son a la vez, en ciertos aspectos (a veces desde su perspectiva, a veces sólo desde la perspectiva externa de la gente del lugar) no del lugar. Dicho de otra manera general: la categoría de extraño *es el contraconcepto (o transconcepto) de todos los conceptos de orden social*. Y aquí radica su irritación y provocación –como concepto."[232]

Evidentemente a activación das liñas de división a partir da conseguinte construción de todo o universo simbólico que describimos ate o de agora, non debe ser relacionado con posicións máis ou menos susceptibles de rechamantes persoeiros portadores dun gran ego, xa que isto nos remitiría directamente a unha historia de notables ou onde as posicións destes notables, desvinculadas de todo contexto social, serían determinantes no feito histórico[233]. Ao mesmo tempo, esta análise que presentamos pensamos que á hora de baixar ás realidades micro, poderán ser mellor explicadas determinadas posicións que en principio poden resultar contraditorias, un exemplo significativo é, tal e como teremos ocasión de ver, a participación de destacados dirixentes do centrista PCR na conspiración e na dirección da primeira administración golpista. Igualmente coa análise da construción destas primeiras liñas de división, previas ao golpe de estado, pensamos que as explicacións sobre a construción

---

[230] Tilly, Charles, *Violencia*... p. 111
[231] Tilly, Charles, *Violencia*... p. 111
[232] Beck, Ulrich, "Como los vecinos se convierten...", p. 54
[233] Fronte á análise do proceso de construción de liñas de división e de como as posicións intermedias son identificadas polos emprendedores políticos responsables da activación e radicalización destas divisorias, outros ven o malestar persoal nos ataques a estas posicións de centro ou que se pretenden equidistantes: "Las principales dianas del dolido ex-ministro fueron Alcalá-Zamora y Portela Valladares, a quien presentaba [fálase de Gil Robles] como cómplices de los revolucionarios" en Rodríguez López-Brea, Carlos M. e González Calleja, E, "Un derrotado en "La Victoria": Jose María Gil-Robles y la Guerra Civil española (1936-1939), *Revista Universitaria de Historia Militar*, vol. 7, núm. 13, 2018, p. 108.

simbólica franquista serán moito máis dinámicas e posibilitarán ver a evolución dalgunha das compoñentes identitarias máis empregadas polo primeiro franquismo.

3.3. A VOLTAS CO FASCISMO E COA FASCISTIZACIÓN

Non pretendemos neste epígrafe facer unha análise pormenorizada das posicións que dende finais do anos 90 do século pasado se veñen producindo na historiografía sobre a guerra civil e a construción do réxime franquista e a súa natureza fascista ou non fascista, senón simplemente poñer sobre o papel cales son as posicións máis salientables e, tamén, cales son dende a nosa proposta de análise os problemas fundamentais que atopamos, para deste xeito tentar contribuír a un debate que aínda que se daba por esgotado hai xa máis de trinta anos continúa a producir hoxe en día ducias de aportacións[234].

Debemos de partir en primeiro lugar recoñecendo a complexidade do tema, a simple definición é "tan sorprendentemente variada como acaloradamente discutida"[235]. Isto é así porque segundo Payne estamos ante "el más vago de los términos políticos contemporáneos"[236]. Si isto ocorre a nivel puramente descritivo, que é, ou cales son os seus elementos definitorios, os problemas se multiplican cando se busca aplicar a definición ás realidades concretas e ás organizacións potencialmente fascistas[237].

No caso concreto do Estado español e do réxime que se constitúe a partir do golpe de estado de xullo de 1936, as súas particularidades en relación cos réximes fascistas da súa época, son o cerne dos debates que se produciron e se producen sobre a súa caracterización como fascista ou non ou ate cando esta caracterización responde a realidade política e social que se vive no Estado español ate 1975.

Para abordar o tema partimos dunha análise rápida do que dende o noso punto de vista é a posición que maiores acordos suscita sobre a caracterización do fascismo e que, ademais, ten un reflexo historiográfico ben desenvolvido no Estado español. Griffin propón unha caracterización xenérica diferenciada do fascismo "orixinal" que nacería en Italia en 1919 construído por un grupo de vetarás da Primeira Guerra Mundial[238]. Esta caracterización xenérica terá dous puntos determinantes dos que ademais se poderán extraer, como consecuencias lóxicas inmediatas outros elementos característicos do fascismo, aínda que non privativos deste:

O carácter palinxenésico, un renacer revolucionario fronte a crise do Estado liberal. Este carácter palinxenésico ten unha conexión evidente co emprego por parte das organizacións de tipo fascista da violencia como só como elemento destrutivo, senón como xeito imprescindible para lograr ese renacer, e polo tanto dotada dun potencial construtivo, que non

[234] Tusell, Javier, "La dictadura de Franco a los cien años de su muerte", *Ayer*, núm. 10, 1993. Un visión completa sobre a natureza do réxime franquista en Ruíz Carnicer, Miguel Ángel (coord.), *Falange, las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975)*, Zaragoza, Instituto Fernando El Católico, 2013.

[235] Griffin, Roger, *Fascismo. Una introducción a los estudios comparados sobre el fascismo*, Madrid, Alianza Editorial, 2019, p. 8.

[236] Payne, Stanley, G., *Fascismo*, Madrid: Alianza, 2005, p. 4

[237] Bosworth, Richard J.B., *The Oxford Hadbook of fascism*, Oxford, Oxford U.P., 2009.

[238] Non debemos esquecer, tal e como o autor fai explícito, que a súa proposta está concibida como unha "terceira vía" ás achegas dende o marxismo (fundamentalmente baseadas a obra de Poulantzas) e ás posicións liberais (que se teñen a súa base principalmente nos traballos de Arent).

rexenerador. A acción violenta concíbese non como táctica, senón como elemento performativo. Dende este punto de vista a violencia serían non só instrumental senón tamén expresiva, constituíndo a característica máis destacable deste carácter palinxenésico.[239]

O ultranacionalismo, que lonxe do nacionalismo de carácter liberal, definirá unha nación orgánica, esencialista e cun claro compoñente teleolóxico. A nación fascista, crease dotada de vida propia, e polo tanto, sería unha realidade por riba dos propios nacionais. Esta idea trae como consecuencia inmediata a glorificación do martirio, dos que "caen", en defensa desa nación fascista. Pero tamén, como paso imprescindible para a defensa da nación búscase a construción dun estado forte que estableza unha identificación mecánica entre el mesmo e a propia nación. Así calquera "atentado" contra o estado fascista é un atentado contra a nación, e calquera discrepancia coas políticas estatais convértese, en esencia, nun ataque á nación no seu conxunto. É neste punto onde se produce a conexión cos pasados míticos como xeito de recreación da nación en toda a súa grandeza e como base para a creación da comunidade nacional a partir dos catro tótems definitorios: historia, lingua, territorio e relixión. Como construción profundamente idealista atopará a nivel ideolóxico o seu inimigo "natural" naquelas posicións de orixe materialista.

Estes dous elementos coas súas inmediatas consecuencias son, en opinión de Griffin, suficientes por imprescindibles, para presentar unha definición concisa do fascismo xenérico:

> "El fascismo es un género de ideología política cuya esencia mítica, en sus diversas variantes, es una forma de palingenésica del ultracionalismo populista."[240]

Partimos, pois, dunha amplísima proposta de definición, que pretende simplificar un concepto complexo pero que ao mesmo tempo ofrece a posibilidade, presentada polo propio Griffin, de manifestarse nunha multiplicidade de variantes todas elas procedentes deste fascismo xenérico ou ideal[241]. O que resulta máis chocante da definición que se nos ofrece non é só a súa amplitude, senón que esta se fai coa pretensión manifesta de tentar clarexar a través dunha análise alternativa á marxista e á liberal un concepto de explicación dificultosa, empregado para isto, outro concepto que presenta iguais ou similares problemas de definición: o populismo[242].

Pero independentemente disto, a definición proposta, asumida case literalmente por certos sectores da historiografía española[243], ven a privilexiar un ámbito da análise en detrimento doutro: a súa misión nacionalizadora fronte a súa estrutura totalitaria[244]. No caso concreto do Estado español, esta misión nacionalizadora plasmouse a través da guerra nunha síntese entre dúas grandes tendencias nacionalistas: a fascista e a nacionalcatólica. Este proceso

[239] No caso concreto na análise de Griffin esta "violencia creadora" sería un paso previo a unha formulación de tipo socio político por parte das organizacións fascistas. Griffin, Roger, *Fascismo…*, 2019, p. 50.
[240] Griffin, Roger, *Fascismo…*, 2019, p. 55 e Griffin, Roger, *The Nature of Fascism*, Londres, Pinter, 1991, p. 26.
[241] Griffin, Roger, *Fascismo…* 2019, p. 55.
[242] Nunha das aportacións actuais máis importantes sobre o populismo, Cas Mudde e Cristobal Rovira Kaltwasser propoñen, cando menos tres xeitos de entender o populismo, previos á súa definición: o populismo como construción ideolóxica, como estratexia política ou como movemento social ou grupo de movementos sociais. Mudde, Cas e Rovira Kaltwasser, Cristobal, *Populim: A very short introduction*, Oxford, Oxford University Press, 2017, pp. 1-20.
[243] O autor máis significativo na adopción da proposta de Griffin no Estado español é dende o noso punto de vista Ismael Saz. Vid. Saz, Ismael, *España contra España…* p. 160 e ss.
[244] González Calleja, Eduardo, "La violencia y sus discursos: los límites de la <<fascistización>> de la derecha española durante el régimen de la Segunda República" en *Areas* núm. 71, 2008, p. 86.

nacionalizador expresouse perfectamente a través da lóxica do novo comezo como consecuencia da acción violenta de características, ademais de destrutoras, construtoras. Dende este punto de vista, a proposta e a acción son claramente rupturistas e polo tanto revolucionarias. Pero ao mesmo tempo, a busca dese pasado mítico perdido pola penetración das ideas liberais alleas á tradición propia, nos sitúa ante unha compoñente claramente tradicionalista[245]. En todo caso, a posición híbrida resultante contou con férreos elementos de unidade: o antiliberalismo e loxicamente as súas propostas de parlamentarismo e representación democrática, a reconstrución da nación prepolítica e orgánica, e polo tanto indivisible, e a intención unánime de realizar un proxecto claramente renacionalizador baixo estes parámetros. Os discursos producidos co obxectivo da activación de liñas de división nós/eles que xa temos visto no seu contexto prebélico estableceron as diferenzas básicas dos actores creados: os bos españois, os verdadeiramente españois que querían salvar á verdadeira España fronte aos elementos, directamente estranxeiros ou "contaxiados" por estes e as súas ideoloxías importadas e tinxidas de materialismo.

A identificación de catolicismo e nación, asumida a partir dun afondamento ahistórico do pasado mítico creado, constituíu tamén un elemento de unidade que será aproveitado, fundamentalmente, unha vez iniciada a contenda bélica. Catolicismo e nación aparecerán como dous elementos indivisibles: a nación é nación en tanto que é católica. Esta identificación supuxo unha modificación fundamental do nacionalismo fascista, como veremos máis adiante. Aínda así, a unidade de discurso non se viu alterada de xeito significativo a nivel simbólico, aínda que xa antes da fin do conflito armado, xurdiran as fricciónss sobre a "xestión" das principais axencias de control social estatal, e polo tanto, de nacionalización: o ensino e a organización vertical sindical.

Pero ao tempo que se produce esta misión nacionalizadora, o fascismo como proposta ideolóxica plásmase a través dunha proposta política organizada, un partido. Este deberá construírse a partir dos elementos ideolóxicos básicos da nova ideoloxía: ao situar a violencia como elemento performativo, o partido deberá ser un partido-milicia; ao pretender a refundación da nación orgánica buscará o control férreo do aparello do Estado que terá como misión a conservación da nación e dos seus atributos a través dun líder carismático e dunha estrutura fortemente xerarquizada, desbotando calquera sistema de representación democrática que introduciría a división no corpo da nación. Precisamente por iso mesmo, o partido atacará calquera intento de división no seo da nación, esta división será atribuída tanto ao multipartidismo, causa de división e trunfo de intereses grupais en prexuízo dos intereses xerais da nación, como aos nacionalismos periféricos que ameazan directamente á unidade nacional, ou tamén a loita de clases que introduce a división no corpo social unitario. Dende esta posición, o partido fascista non se preocupa por resolver as contradicións ou os antagonismos que poidan existir a nivel social, senón que directamente pretende a súa disolución, proxectando sobre "o outro" todo o conflito. Este proxección do conflito sobre "o outro" ten unha consecuencia práctica evidente, a proposta fascista, consistirá na súa eliminación política ao resultar un elemento alleo e disolvente da unidade da nación. A atribución da característica de "disolvente" a todo aquel que atente contra os presupostos de

[245] Precisamente esta mestura de elementos tradicionalistas e revolucionarios é un dos puntos principais para que historiadores como Aristotte Kallis consideren ao réxime emanado da guerra civil española como un réxime parafascista. Non obstante, esta posición non nega as influenzas e interaccións entre as propostas fascistas (incluídos os casos de Alemaña e Italia) e as dereitas conservadoras. Kallis, Aristotte A., "The Regime-Model of fascism: a typology" en *European History Quarterly*, vol. 30, 1, 2000.

unidade nacional e social, e polo tanto ao movemento obreiro de tradición socialista e anarquista, configura ao partido fascista como unha organización profundamente contrarrevolucionaria. Pero esta posición contrarrevolucionaria non se realiza dende a defensa da tradición ou do mundo burgués, senón dende a súa propia perspectiva superadora do marco político e social do liberalismo. Baixo estes parámetros ideolóxicos, González Calleja ve no caso do fascismo español un movemento onde predominaría esta vertente contrarrevolucionaria e nacionalizadora "de masas"[246].

Así pois caracterízase ao movemento fascista español como un movemento contrarrevolucionario cunha pretensión de acción nacionalizadora, en sintonía co fascismo europeo de entreguerras, que emprega unhas novas tácticas de mobilización de masas. É aquí onde xurde o primeiro problema: o fascismo español non é ate despois de xullo de 1936 unha organización de masas, senón todo o contrario, está constituído por pequenos grupúsculos que, incluso despois da súa unificación en FE-JONS, non constitúen unha organización cunha presenza territorial destacada en ningún lugar do Estado español. Urxe, polo tanto, suplir o carácter de masas cunha argumentación que resulte convincente. Procédese, para suplir esa carencia, a unha reformulación do concepto fascistización. A fascistización non é ese proceso definido, por exemplo, por Poulantzas de desenvolvemento e extensión de exacerbación das contradicións internas do bloque de poder que posibilitan o apoio ao fascismo[247], senón o

> "el proceso que conduce a determinados sectores de la derecha clásica —sea esta reaccionaria, conservadora, radical e incluso liberal— que ante el desafío de la democracia-sociedad de masas, (...) adopta una serie de elementos cuya novedad y funcionalidad es claramente imputable al fascismo, hasta el punto de que la resultante no será ya ni el fascismo en sentido estricto ni tampoco una derecha exactamente igual a cuanto lo era antes de su confrontación —dialéctica, diríamos— con el propio fascismo"[248]

Estariamos, segundo esta proposta, ante un movemento dotado dunha grande plasticidade cunha base fundacional claramente híbrida onde a compoñente dereitista tradicional tería unha gran importancia.

> "(...) la asunción de una cierta fraseología, una simbología y las inevitables referencias a la intransigencia y a la fuerza bajo un trasfondo ideológico tradicional."[249]

Fraseoloxía, simboloxía, intransixencia e emprego da forza son, teoricamente, a pegada do fascismo español no corpus ideolóxico tradicional. Analizando estes atributos temos que convir que evidentemente as construcións simbólicas encádranse dentro dos programas ideolóxicos das organizacións políticas, o famoso *estilo* é ou pretendía ser unha característica distintiva falanxista. Pero dentro das construcións simbólicas a que pesamos que é máis importante na caracterización do fascismo, de feito, como xa dixemos antes, Griffin a sitúa como imprescindible, é o ultranacionalismo. É precisamente neste aspecto onde xorden unha serie de dúbidas sobre si a simboloxía nacionalista dos sublevados é, efectivamente, de carácter fascista. O primeiro a destacar é que consecuentemente coa importancia que se lle concede á patria "(...) en la jerarquía discursiva y en la retórica de los sublevados: lo principal

[246] González Calleja, Eduardo, "La violencia y sus discursos… p. 87.
[247] Poulantzas, Nicos, *Fascismo y dictadura. La Tercera Internacional frente al fascismo*, Madrid, Siglo XXI, 1976, p. 71
[248] Saz, Ismael, *Fascismo y franquismo*, Valencia, Publicacións de la Universitat de València, 2004, p. 86
[249] González Calleja, Eduardo, "La violencia y sus discursos… p. 87.

era la nación"[250]. Pero esta nación reconstruída, esta nación simbólica recreada polos sublevados, non respondía aos postulados do ultranacionalismo fascista, senón a un concepto católico-tradicionalista.

> "(...) fué la Iglesia Católica la que con la unidad de la fé hizo de España una verdadera nación. Fueron Santiago y los varones apostólicos, los mártires de Zaragoza, San Isidro (...) y San Eulogio y los padres de los Concilios los que unieron con lazo fuerte e indisoluble a los españoles de las distintas regiones. Es así es como se engendra la Patria (...)"[251]

Isto trouxo como consecuencia inmediata que esta nación (católico-tradicionalista) non debía de subordinarse ao Estado (fascista), o "(...) Estado tenía un papel supremo y unitario a jugar, pero *solo* al servicio de la nación"[252]. De feito algún dos propagandistas da nova España alimentan unha dicotomía histórica entre nación e estado no caso español, fronte unha identificación constante no caso alemán e italiano froito da diferenza nos conceptos nacionais empregados

> "La actual Alemania vuelve a sus tiempos floridos por el impulso que desde el poder le ha impreso Hitler, e Italia vive otra vez el sueño dorado del Imperio por los alientos de honor y grandeza que cotidianamente recibe del Insigne Mussolini. A Alemania y a Italia las ha creado dos veces el Estado; a España, éste más de cuatro la ha narcotizado y puesto en peligro de deshacerse."[253]

Deste xeito este nacionalismo católico, delimita ao fascismo español tanto que orixina unha caracterización como movemento propio, nacional, que se pretende diferente dos outros movementos de carácter fascista europeos, tan diferente que chega a non recoñecerse neles, nin sequera na súa denominación xenérica de fascista

> "El Generalísimo Franco, en unas declaraciones que ha hecho recientemente decía: <<FALANGE ESPAÑOLA, tan numerosa y compacta, tiene a gala declarar que se inspira en una ideología esencialmente española, pero nunca se ha denominando fascista, y así lo ha declarado, tanto el fundador de la FALANGE, de memorable recuerdo, como los que han continuado su obra>>. Todo ello es exactísimo y con ello, el Generalísimo, siempre justo, ponderado y patriota en todas sus declaraciones, ha aclarado lo que siempre hemos venido diciendo. Esto es: que nuestro Movimiento es exclusivamente nacional basado en tradiciones españolas y una gran justicia social."[254]

---

[250] Núñez Seixas, Xose M., *¡Fuera el invasor!...* p. 189

[251] "Unidad y Catolicidad", EPG, 01/10/1936

[252] Núñez Seixas, Xose M., *¡Fuera el invasor!...*, p. 190

[253] Millán, Isidoro, "El primer Gobierno de la Nueva España", FDV, 03/02/1938

[254] Cruzat, Alvaro, "Aclaraciones sobre Falange", EPG, 11/03/1937. En realidade as declaracións de Franco refírense a unha declaración á *La Gaceta Regional* na que afirma que a "composición de las fuerzas que figuran en el campo nacional permiten probar bien claramente que no se trata de un movimiento al que se le pueda llamar fascista exclusivamente. Si nos fiamos en los principios programáticos y en las grandes milicias que figuran al lado del Ejército, se puede afirmar que se trata de masas de ideología nacional." Aínda así na declaración Franco fai unha caracterización das diferentes milicias que combaten no bando do exército e afirma en relación a estas: "Falange Española (...) tan numerosa y compacta, tiene a gala declarar que se inspira en un ideología esencialmente española, y nunca se ha denominado de otra manera (...)" Polo que respecta ás outras milicias, dí "Respecto a Requetés, puede también afirmarse que responde a una tradición genuinamente española, pero sin sello exótico.
Las demás milicias se inspiran en valores históricos, pero no puede afirmarse tampoco que su ideología está calcada de modelos extranjeros.". Reproducido en FDV, 24/02/1937 baixo o título de "Nuevas declaraciones del Generalísimo Franco".

Ao mesmo tempo, conceptos en aparencia comúns, como a negación da loita de clases, que introducía un elemento máis de ruptura no compacto corpo da nación, procedían, no caso dos nacionalcatólicos dunha lembranza dun pasado precapitalista e non na teórica superación do capitalismo dende unha óptica fascista.

> "Hay que disipar el fantasma de la lucha de clases. En la España tradicional no hubo nunca clases, hubo jerarquías, que es muy distinto. Y he aquí el primer fenómeno que hemos de recoger en la hora de reconstrucción nacional: restablecimiento de las jerarquías, porque sin jerarquías no hay nación, y desarraigo absoluto de la lucha de clases."[255]

Pero non só as caracterizacións ideolóxicas, aínda que algunhas proveñan do máximo condutor do bando sublevado, presentan unha inclinación nacionalcatólica que pon coto ás aspiracións fascistas, senón que incluso nas realizacións prácticas ou mellor, na propaganda das súas realizacións prácticas, pode observarse como se produce unha liorta entre as súas concepcións. E esta liorta non se produce unha vez consolidado o novo réxime, senón dende os primeiros momentos da sublevación. Así acontece coa definición dunha das "obras" que máis propaganda e auto bombo suscitou como práctica do novo concepto de xustiza social do réxime aínda en construción, o *Plato Único*. Así dende o xornal voceiro de FE-JONS afírmase:

> "La práctica del Dia del Plato único ya realizada desde hace algún tiempo en Alemania, se instaura en nuestra Patria con el profundo sentido cristiano que aspira a tener la España nueva.
> (…)
> La España nueva, si quiere construir sólidamente, habrá de hacerlo sobre la roca viva de una justicia social imperturbable. Es necesario, absolutamente necesario que la riqueza sea más justamente distribuida; que no sean tan pocos los que tienen mucho mientras hay tantos que carecen incluso de lo indispensable.
> (...) España ha de recobrar su auténtica fisonomía llena de cristiana serenidad. Sensible para sentir en común el dolor de una porción de sus hijos: capaz de hacer comunes los bienes dispensados por Dios a los "administradores de los pobres", frase que el leguaje cristiano emplea para denominar a los ricos.
> Es preciso procurar por todos los medios posibles la vuelta a una España donde la justicia y la caridad vivan íntimamente compenetradas."[256]

Por unha banda,afírmase que a medida é un calco da Alemaña nazi, pero no caso español complétase co matiz do cristianismo do que carecía a idea orixinal xermana. En segundo lugar, faise unha clara aposta polos supostos compoñentes revolucionarios do fascismo co seu compromiso coa xustiza social (un dos reclamos máis potentes para a clase obreira), pero inmediatamente despois establece unha identificación desta xustiza social co ideal cristián de caridade, concepto cunha gran carga ideolóxica tinxida de clasismo que ademais refórzase por esa definición de "administradores dos pobres" que se lle aplica aos ricos. Pero si o texto publicado polo voceiro de FET-JONS en Vigo está mediatizado pola compoñente católica

USC

[255] Cossío, Francisco de, "Los hijos del Pueblo" en EPG, 18/08/1936
[256] "El Dia del Plato Único", Editorial, EPG, 14/11/1936

clásica, o mesmo día da súa publicación, publícase outro texto de propaganda do Prato Único, este, no xornal monárquico da cidade, o FDV, onde directamente négase esa procedencia alemá, é máis, son os nazis os que copian da tradición española:

> "(…) la implantación del plato único, es de tradición española y no copia de una institución alemana.
> Hay novedades que no pasan de ser plagios, muy frecuentemente, pero muy pronto se descubre que no pasan de ser cosas archiviejas y que no tiene más de nuevo que su tardía aplicación o que las circunstancias la exijan.
> Cuando en Alemania se puso en práctica el sacrificio del plato único, tuvo esta novedad merecida admiración en España, pero para muchos que leen no se les ocultó que el pueblo alemán lo que hizo fue recoger un ideal español bastante antiguo. No somos, pues, plagiarios, (…)"[257]

Evidentemente non estamos ante unha controversia sobre quen ten o "mérito" de ser o primeiro en "descubrir" o Prato Único, senón nun intento de clarificación ideolóxica, de catolización profunda das posicións do fascismo para convertelo nun proxecto ideolóxico netamente español[258]. Dende esta perspectiva a dereita tradicional non se fascistiza, senón que o fascismo español se dereitiza ou se adecúa para revestir o novo réxime que se está a formar. E neste caso, a orde dos factores si altera o produto.

Pero este emprego do fascismo como un revestimento do réxime dende os primeiros momentos só é posible ante a debilidade da propia organización fascista. Esta debilidade, previa ao golpe de estado, non só se manifesta na súa cativeza e escasa presenza, senón na súa propia estrutura militante. A FE-JONS é unha organización caracterizada por un "retoricismo exacerbado (…) que ocultó, en la mayor parte de los casos, la mayor indigencia ideológica"[259]. Isto non é so válido para o período posterior á sublevación, senón que se pode aplicar perfectamente a súa etapa anterior. Así, como acontece en Galicia, conta cunha estrutura dirixente local e "rexional" cun nivel de formación ideolóxico ínfimo. Isto o transmite o propio José Antonio nas súas impresións sobre os cadros dirixentes da organización en Galicia á altura de 1935: os máis válidos (Canelejo na Coruña, Paz en Santiago e Cedrón del Valle en Lugo) "necesitan una cierta intensificación doctrinal". A opinión do resto vai dende a catalogación de "taciturno" de Meleiro (Ourense) á necesidade dun "fuerte tónico revolucionario" de Buhigas (Pontevedra), pasando pola "afición a la oratoria lírica" de Suevos (Ferrol) e culminando coa consideración de Kruckemberg (Vigo) como "el arquetipo de lo que no debe ser un jefe de JONS", afirmando que "mientras permanezca en el cargo, nuestro Movimiento no se parecerá ni poco ni mucho a lo que tiene que ser"[260]. De feito, a organización que a partir de febreiro de 1936 será quen de recoller, supostamente, todo o descontento das mocidades dereitistas, principalmente das JAP, a altura de abril de 1935 é unha organización ideoloxicamente orfa, como eles mesmos recoñecen:

> "José Antonio, nuestro jefe nacional, está entre nosotros para decir a todos los camaradas de Galicia que es y cómo és (sic) la Falange. El va a deciros lo que

[257] "El Plato Único. Es de tradición española", FDV, 14/11/1936

[258] Esta ida xa está desenvolvida nunha das aportacións de Núñez Seixas cando fala da creación dun fascismo autenticamente español, onde o estado relixioso e militar (tradicional) foi revestido cun envolvente máis moderno tomado do fascismo. Núñez Seixas, X.M., *¡Fuera el invasor!...* p. 190-193.

[259] González Calleja, Eduardo, "La violencia y sus discursos… p. 94

[260] Garcia Venero, Maximiliano, *Falange en la guerra de España: la Unificación y Hedilla*, Bourdeaux, Ruedo Ibérico, p. 144, 1967.

> dogmáticamente con seguridad desconocemos, porque nosotros, que con ansías grandes esperábamos este día, hemos descuidado la doctrina para fortalecer la acción."[261]

Argumentacións atribuídas aos protagonistas do tipo de "primero se entraba en Falange y después se aprendía a ser falangista, a defender la idea y vivirla"[262], chocan de xeito frontal coa realidade da escasa, por non dicir nula, formación dos cadros da organización que deberían ser, loxicamente, os encargados de efectuar esas ensinanzas. Esta situación foi moito máis intensa, cando despois do golpe produciuse o ingreso en aluvión de milleiros de militantes. Incluso, aceptando unha visión que afirmase que a propia idiosincrasia da organización facía que non fora preciso nin unha gran formación, nin moitos militantes formados, xa que sempre foi intención dos seus máis altos mandos a creación dunha minoría dentro da minoría que foran os coñecedores da "mística" do partido e que terían como misión que a organización non se desviase do seu ideario, aínda que así fose, este plan tamén fracasou.

> "Desde octubre de 1933 hasta febrero de 1936, el tiempo fue insuficiente para que en torno al joven Cesar, fuera seleccionándose una minoría que viniera a ser la aristarquía definitoria y divulgadora de la dictrina (sic)."[263]

Precisamente isto confirma a inexistencia de cadros políticos fascistas cando menos a nivel intermedio e baixo con experiencia previa á sublevación. Non nos referimos aquí á falla de experiencia política, xa que moitos a tiñan nas organizacións das dereitas, senón de experiencia e formación concreta fascista. Pesamos que este punto é de gran importancia, xa que, non parece moi coherente soster a nivel teórico que o fascismo aséntase sobre un corpus ideolóxico innovador definido e propio, que nada ten que ver con caracterizacións patolóxicas de fanáticos desideoloxizados[264], ao tempo que se minimiza ou simplemente se ignora a situación formativa das súas bases e mandos nesa innovadora ideoloxía. A situación é particularmente importante no caso do fascismo español que tantos elementos de contacto ten con outras cosmovisións que nada teñen que ver co fascismo. En todo caso, non podemos pasar por alto a propia opinión dos altos xerarcas da organización sobre os seus propios militantes

> "(…) magníficos luchadores y combatientes de antes de febrero de 1936 y después del alzamiento insurreccional, tuvieran una noción más intuitiva que razonable, de nuestras ideas programáticas y nuestra doctrina."[265]

Consecuentemente con este tipo de militancia e cos propios déficits da organización para resolver os problemas de transmisión ideolóxica entre os seus propios membros estes, incluso entre os camisas vellas, non eran quen de "(…) interpretar ortodoxamente lo que *Falange* era y representaba"[266].

---

[261] Presentación de José Antonio no mitin de Vilagarcía o 17 de marzo de 1935. EPG, 16/03/1958.
[262] Prada, Julio, *El fascismo en Galicia. De los orígenes al Decreto de Unificación*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2023, p. 105
[263] Bravo, Francisco, "Temas nuestros. La formación doctrinal y la lealtad a la ortodoxia", en EPG, 15/06/1937
[264] Cobo, Francisco, "Los apoyos sociales a los régimenes fascistas y totalitarios de la Europa de entretreguerras. Un estudio comparado" en *Historia Social*, núm. 71, 2011, p. 65
[265] Bravo, Francisco, "Temas nuestros…, EPG, 15/06/1937
[266] Bravo, Francisco, "Temas nuestros…, EPG, 15/06/1937

A este respecto non podemos esquecer que precisamente este déficit formativo nos momentos previos ao golpe de estado tamén inflúe dun xeito determinante nas condicións ou actitudes que os dirixentes da organización, neste caso, a territorial de Galiza, fixa para efectuar os seus nomeamentos, ou sexa para considerar a un militante con capacidade para dirixir, organizar e obviamente para captar novos membros. A finais de decembro de 1935 a Secretaría Territorial Sindical de FE-JONS con sede en Compostela (isto por si só mostra a cativeza dos efectivos sindicais da organización, xa que o seu centro de decisión está nunha cidade que non se caracteriza precisamente polo seu gran desenvolvemento industrial nin pola presenza de grandes centros de produción) en comunicación á Xefatura Local de Vigo ordena o nomeamento do Delegado Local dos Sindicatos falanxistas en Vigo, poñendo como requisitos a cumprir pola persoa en cuestión que:

> "(…) ha de ser obrero capacitado y sindicalista que figure con intachable conducta en esas J.O.N.S. y que además de saber leer y escribir correctamente ha de conocer las cuatro reglas aritméticas, pues de no ser así no sirve para el mando."[267]

Certamente non parece que se buscase un cadro político-sindical (porque non se tiña) para dirixir os sindicatos falanxistas, o cerne do nacional sindicalismo, da concepción revolucionaria do fascismo español. Os requisitos exixidos son ben básicos: tan só alguén non analfabeto con militancia sindical. De feito a persoa elixida, Rafael Fernández Lago, nin sequera é un obreiro industrial, senón un "simple" ferreiro[268]. Con este capital humano, tanto na base como nas direccións, enténdese que as instrucións que se lle remiten ás locais estean absolutamente fora da realidade. En xaneiro de 1936, en nova comunicación da Secretaría Territorial Sindical solicítase información do desenvolvemento do movemento obreiro na vila de Bouzas, "por si interesa tomar Vigo empezando por esa Zona (…)"[269]. Pero esta situación organizativa continuou dun xeito máis grave despois do trunfo do golpe e do proceso de conversión do partido en organización de masas. Non nos estamos a referir exclusivamente ás liortas máis ou menos políticas que se producen pola xestión de parcelas de poder, senón na incapacidade manifesta para articular unha organización con presenza territorial real e efectiva. Os problemas son tan básicos que existen organizacións locais á altura de novembro de 1937 que nin sequera saben cal é a diferenza entre os distintos xeitos de vinculación á organización, e incluso descoñecen a diferenza entre afiliados de primeira e segunda liña, que a efectos prácticos ten que ser realizada polo Xefe do posto da Garda Civil que para máis substancia nin sequera é afiliado[270]. Pero non pensemos que estas gravísimas carencias afectan a marcos xeográficos limitados ou que son problemas de pobos illados, non, en toda provincia de Ourense a principios de 1938 a organización non controla nin tan sequera unha milicia local

> "Falange no tiene control alguno de ellas. Su funcionamiento es no solo autónomo, sino en pugna con la Jefatura y en contra de todas las normas y disposiciones nacional-sindicalistas. (…) No hay menos control en la admisión de

[267] Comunicación da Secretaría Territorial Sindical de FE-JONS coa Xefetura Local de Vigo de 28 de decembro de 1935. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1943, Caixa 161, p. 1768.

[268] En xuño de 1937 reaparecerá como Delegado da sección de caldeireiros do Sindicato Metalúrxico da CNS, FDV, 05/06/1937.

[269] Comunicación da Secretaría Territorial Sindical de FE-JONS coa Xefatura Local de Vigo de 4 de decembro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1943, Caixa 161, p. 1764.

[270] Comunicación do Xefe Local de A Ramallosa ao Secretario Provincial de FET-JONS do 6 de novembro de 1937. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1936-1939, caixa 186, pp. 517-519.

> milicianos (dándose frecuentemente el caso de ser admitidos solicitantes que previamente había sido rechazados por la Organización política de Falange."[271]

Pero esta situación no afecta en exclusividade ás Milicias, senón que está estendida por toda a organización:

"La situación de la provincia de Orense es caótica. La organización se resiente por todos los servicios. Desde el comienzo de la revolución Nacional Sindicalista esta provincia pasó de mano en mano sin que nadie supiese organizarla con un mínimo de eficacia. La situación actual es lamentable (…)"[272]

Estas carencias humanas e organizativas tamén deberán de terse en conta á hora de explicar os procesos de asimilación de cadros non só das organizacións obreiras senón tamén das organizacións políticas dentro dun amplo abano ideolóxico que abranguerá dende o centro republicano ate os socialistas pasando por radicais e nacionalistas, máis alá dos previsibles apoios e novos militantes conseguidos entre as organizacións de dereita tanto accidentalistas como alfonsinos e no vello sindicalismo católico. Estes criterios de carácter organizativo, pensamos que terían un peso similar, sobre todo durante o período bélico, aos político-ideolóxicos. Pero ao mesmo tempo, as carencias formativas, pensamos que teñen outra importante consecuencia: a redución da súa influencia ideolóxica na coalición dos sublevados a ese revestimento dialéctico e iconográfico que dende a visión fascista, tinxida de inxenuidade, só será o preludio da súa revolución.

"(…) urge que nuestra revolución vaya forjándose su lengua: lengua severa, granítica, escurialense. Esta lengua ya está fermentando.
Esperemos ahora. Muy pronto, por obra del paralelismo que va de lengua a arquitectura, tendremos también nuestras construcciones ciclópeas, escurialenses, graníticas…"[273]

Pero si a cativeza organizativa e ideolóxica na FE-JONS afecta ás súas posibilidades para constituírse en algo máis que un revestimento do novo réxime e lles imposibilita para impoñer a súa concepción da nación fascista, tamén supoñen un atranco insuperable para desenvolver a súa idea palinxenésica.

"La dimensión destructiva vendría acompañada (…) de praxis constructiva: la violencia contra el otro serviría, en última instancia, para proteger la verdadera comunidad nacional."[274]

Esta violencia característica, inxerida dentro dos presupostos ideolóxicos e polo tanto concibida non como medio, senón como elemento indispensable performativo ten un obxectivo, o renacemento da sociedade, de aí o seu potencial construtivo. Pero o binomio

[271] "Informe acerca de la situación de la organización provincial de Falange Española Tradicionalista y de las JONS en Orense" de 26 de febreiro de 1938. AHPP, Delegación Provincial do Movemento. Correspondencia 1938 (1), caixa 162, p. 983.
[272] "Informe acerca de la situación… p. 1003.
[273] Moure Mariño, Luís, "Temas de la Falange. Meditación sobre nuestro lenguaje" en EPG, 30/07/1937
[274] Rodrigo, Javier, "A este lado del bisturí. Guerra, fascistización y cultura falangista" en Ruiz Carnicer, Miguel A., *Falange, las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975)*, Zaragoza, Institución Fernando El Católico (CSIC), 2013, p. 149

destrución-construción é unha constante en calquera tipo de conflito de carácter armado, igual que é corrente a xustificación de calquera agresión ou conflito armado coa defensa dunha determinada comunidade nacional revestida de certos atributos especiais. Así pois, ese renacemento froito da destrución non é un simple renacemento, non é unha construción calquera, senón que do que se trata é de dar forma á nova sociedade fascista. Pero esta nova sociedade para o fascismo español en guerra, renacida e construída non é un proxecto para realizar durante o conflito

> "(…) España, para ganar la revolución Nacionalsindicalista está lidiando nada menos que una guerra. Y en la guerra no se gana la revolución: el Nacionalsindicalismo es revolución de post-guerra. "[275]

Será, pois, unha vez acadado o trunfo cando se emprenda a labor construtora desa sociedade nova fascista.

> "Queremos que, cuando termine la guerra con el triunfo definitivo de nuestras armas, al volver tras las banderas victoriosas, la camisa azul y el yugo y las fechas que llevéis sobre el corazón, anuncien a vuestros padres y a vuestras madres, a vuestras mujeres y a vuestros hijos, a vuestros hermanos y a vuestros vecinos que, después de haber luchado por la Patria en la guerra, queréis seguir luchando por ella en las próximas jornadas de la paz. La camisa azul debe ser el uniforme que agrupe a todos los combatientes cuando volváis licenciados a vuestras casas. Para que, de ese modo, podamos hacer la Revolución Nacional que propugna el CAUDILLO y no haya resultado inútiles vuestros esfuerzos"[276].

Pero a espera, o período destrutor, non é unha espera plácida na retagarda da zona sublevada, senón que é unha preparación do terreo para o inicio da tan cacarexada revolución. E nesta espera na retagarda, unha vez depurado o inimigo rojo-separatista-masón, a loita céntrase no que os falanxistas identifican como caciquismo, nos vellos xeitos de facer que aínda existen e mesmo dominan ese espazo supostamente reconquistado.

> "Es cierto que (…) en (…) muchos sitios de Galicia, sigue el caciquismo haciendo de las suyas frente a nuestros esfuerzos renovadores. Ten en cuenta que la gente más joven y limpia –y de mejor espiritu (sic)- está en el frente y que hemos de esperar a la vuelta de banderas victoriosas, para que la revolución profunda que soñamos se haga.
> (…)
> Ten la seguridad, querido camarada, que no luchais (sic) en vano y que la Revolución se hará –con nuestra ayuda- cuando la guerra se termine. Lo que no impide que nosotros ahora hagamos todo cuando podemos por preparar el terreno."[277]

[275] García Serrano, Rafael, "Unidad, Revolución y Nacionalsindicalismo", EPG, 18/08/1937. Camisa Vella afiado a FE-JONS dende 1934, participou na fundación do SEU. Traballou como xornalista nos máis importante xornais de FET-JONS, chegando a ser director do seu voceiro *Arriba*.

[276] Folleto adxunto a un texto no que se propón iniciar unha campaña de afiliación entre os combatentes, s/d, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, p. 1336.

[277] Carta do Xefe Provincial de Pontevedra de FET-JONS, José Suevos, ao falanxista Roberto Ameixeiras Blanco, combatente na fronte de Teruel, Bon. Automóviles núm. 2, taller móbil 1, Alcañiz do 9 de novembro de 1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1938, caixa 162, p. 318.

Este aprazamento da construción da sociedade fascista, do feito palinxénico, indica unha loita interna na retagarda non só entre as distintas faccións da coalición dos sublevados, senón tamén nas propias ringleiras da FE-JONS e posteriormente en FET-JONS. O conflito desenvólvese entre a fronte, que se presupón reserva e realización práctica do nacional sindicalismo e unha retagarda que non está á altura dos combatentes, e na que os fascistas deben esforzarse, non xa por modelala segundo os seus ideais, senón simplemente por mantela en tensión.

"Porque la retaguardia no vibra…

> Porque la retaguardia está fría, indiferente, dormida…
> Porque la retaguardia está gozando de una tranquilidad que no ha ganado merecidamente…
> Porque la retaguardia no responde con fervor de locura, ni con su dinero ni con su entusiasmo a los que luchan en el frente…
> Porque en la retaguardia se están infiltrando elementos indeseables que se protegen y ayudan…
> Porque la retaguardia es un foco de espionaje, de sospechosos…
> Por estas cosas increíbles, que aún se ven en la retaguardia, como el descarado caciquismo que aún quiere resucitar no resignándose a morir de asco, Falange Española de las J.O.N.S. celebrará el domingo 18 a las once de la mañana (…) un solemne y grandioso acto público de afirmación Nacional-Sindicalista (…)"[278]

Estas "queixas" traspasan o marco propagandístico e teñen reflexo nas comunicación privadas entre mandos da organización o que con seguridade demostra unha preocupación real polo papel desempeñado nese momento concreto. Transmítense os desánimos nos sectores fascistas que proveñen da vella FE-JONS e que buscan un acougo nunha mirada, de novo inxenua, sobre os combatentes.

"Aún no sabes bien cuantas amarguras, fatigas y desilusiones aporta el desempeño apasionado de una Jefatura. ¡Gran escuela de paciencia! Y, también gran teatro de la miseria humana. Trabajo, si, con "espíritu imperial" como tu (sic) dices y soñando con altas tierras fecundas vamos combatiendo por los actuales lodazalez (sic).

Tus cartas me son muy gratas pues veo como al airear tu alma por los frentes te vas nutriendo de nacional-sindicalismo y el buen viento de la Revolución, barre el polvo reaccionario que habias (sic) dejado posar en tu alma."[279]

Pero do mesmo xeito que os fascistas agardan ao remate da guerra para a construción da súa sociedade, os sectores nacionalcatólicos, que xa deran pasos significativos na recatolización da sociedade secular republicana, emprázanse para a fin da guerra para completar os seus obxectivos

"Hay que devolver a la sociedad su rango, que han envilecido las ideas, villanas y perversas, de las falsas democracias. Y esto sólo se logrará cuando la ideología católica

[278] Texto de propaganda dentro da campaña de "Asistencia al Frente" de abril de 1937. EPG, 17/04/1937.

[279] Carta do Xefe Provincial de Pontevedra de FET-JONS, José Suevos ao seu amigo e camarada, Osorio Castro, monxe e capelán da *Comandancia General de Artillería* do 26 de outubro de 1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1938, caixa162, p. 1079.

USC DE COMPOSTELA

> haya penetrado la esencia de estas grandes cosas que integran la vida social: Estado y pueblo, autoridad y obediencia, propiedad y trabajo, el poder y su ejercicio. La revolución lo ha adulterado y desquiciado todo, y si se la quiere vencer no hay más remedio que reconstruirlo todo según las exigencias de la filosofía cristiana y de la revelación, y sobre todo subordinarlo a la Ley divina, que es la única que lo eleva y ajusta todo."[280]

Así pois, a concepción ultranacionalista que se recrea a partir do golpe está fortemente mediatizada, non polo concepto fascista de nación senón polo nacionalcatólico e a característica de renacer palinxénico tampouco se corresponde coa posición ideolóxica fascista que se aparca para un futuro que nunca deu chegado. Ao mesmo tempo, na construción da nova sociedade obsérvase unha presenza destacada de elementos que non proveñen no campo fascista. Isto, como é sabido, é un feito que se aprecia en todos os movementos fascistas da contorna dese tempo, pero se esquece unha diferenza para nós determinante no caso español, e que se relaciona directamente co partido de masas.

"(…) en vez de insistir en la ausencia de un <<verdadero>> partido fascista de masas en la
> sociedad española, parece más adecuado reconocer la existencia de una tradición político-cultural contrarrevolucionaria capaz –como lo fue el <<prefascismo en Italia>> y el nacionalismo <<völkisch>> en Alemania de ser utilizada para desempeñar un papel similar."[281]

O recoñecemento desa tradición contrarrevolucionaria non presupón, en ningún caso que, incluso desempeñando un papel similar, por outra banda algo bastante difícil[282], deba-teña que ser asimilada ao fascismo. De feito, o propio autor no texto citado, non asimila as experiencias previas en Alemaña e Italia ao fascismo. Pero consideremos ou non esa tradición como un "substituto" a nivel funcional do partido de masas, o certo é que tanto en Italia como en Alemaña e no Estado español tivo lugar un "pacto non escrito" entre os partidos fascistas e amplas capas dos bloques de poder dominantes. Esta coincidencia igualaría, neste caso, as tres "versións" do fascismo. Pero nesta argumentación non se ten en conta o porque dese pacto. Si é certo que tanto nas experiencias previas ao nazismo como ao fascismo italiano estas son apoiados por elementos pertencentes ao poder económico, tamén é coñecido que estes apoios non se xeneralizan ate máis tarde, cando as organizacións nazi-fascistas acadan a categoría de organizacións de masas e demostran a súa utilidade como elementos de represión das organizacións de carácter revolucionario, aportando, en principio, estabilidade a un sistema ameazado dende a esquerda[283].

"(…) la función social del fascismo fue estabilizar y fortalecer las relaciones de propiedad
> capitalistas y asegurar el dominio social y económico de la clase capitalista que, en un momento de profunda crisis, se sentía amenazada"[284]

---

[280] Gomá, Isidro, *Lecciones de la guerra y deberes de la paz*, Toledo, Editorial Católica Toledana, 1939, p. 49

[281] Casanova, Julián, "La sombra del franquismo… p. 26.
Resulta cando menos chocante a coincidencia teórica daqueles que defenden a nula ou relativa importancia da organización de masas previa á toma do poder polo fascismo dende unha posición historiográfica renovadora, coa corrente historiográfica na antiga RDA que foi a pioneira en soster esta posición. Para un resume sobre está posición na RDA ver Kerchaw, Ian, *La dictadura nazi. Problemas y perspectivas de interpretación*, Bos Aires, Siglo XXI, pp. 64-65, 2000.

[282] É difícil a asimilación dunha corrente político-cultural cunha forma concreta de organización política, o partido de masas, xa que son conceptos que pretenden reflectir realidades moi diferentes.

[283] Casanova, Julián, *Europa contra Europa (1914-1945)*, Ed. Crítica, Madrid, 2011

[284] Casanova, Julián, "La sombra del franquismo… p. 35

Pero o fascismo español organizado non existía como organización política de masas, só cando a coalición que integra a sublevación en xullo de 1936 xa ten destruído o aparello político republicano nas zonas que controla, FE-JONS se converte en organización de masas coas deficiencias ideolóxicas e organizativas que xa temos visto e que impedirán que o fascismo desenvolva a súa propia cosmovisión en detrimento dunha amalgama de posicións reaccionarias tradicionais revestidas, como elemento novo, de certos elementos iconográficos fascistas. A inexistencia previa dunha organización de masas fascista imposibilitou, dende os primeiros momentos, a adopción dunha posición de preeminencia nos xogos de poder que se estableceron no interior da coalición golpista a partir de xullo de 1936. O comandante militar da guarnición de Vigo, o mesmo que se sublevou o 20 de xullo de 1936, o tiña absolutamente claro

> "Quiero resaltar que no vamos a hacer una nueva España, sino un nuevo Estado dentro de la tradicional y gloriosa España del pasado. Es Falange E.T. la que tiene la obligación de velar por estas gloriosas tradiciones, ya que ella es la depositaria del credo que a todos se nos ha sido impuesto por voluntad del Generalísimo."[285]

Pero tamén é certo, e pensamos que convén reflexionar sobre isto, que existe unha posición historiográfica que defende, dende o noso punto de vista, dun xeito inexplicable que

> "(…) no hay que perder de vista en ningún momento el carácter liminal de la guerra civil, su condición de acto fundacional del fascismo español, tanto en el ámbito práctico como en el simbólico, pues es a través de ella que se alcanza la síntesis y amalgama del proyecto, de los referentes míticos característicos y de los elementos más definitorios de su cultura política"[286]

Esta posición, absolutamente ahistórica, e que nos retrotrae inmediatamente aquelas explicacións que situaban o nacemento do fascismo como "un trueno en un cielo sereno"[287], obvia todo o proceso de formación previo, a construción dos elementos simbólicos comúns e a participación dos fascistas no trazado de divisorias previas ao golpe, os procesos de construción organizativa ou a propia configuración ideolóxica do fascismo español como resultado da loita e sínteses de diversas correntes, a participación como partido-milicia dun xeito destacado na violencia política posterior ao trunfo da Fronte Popular… todo co obxectivo de argumentar a natureza de masas dunha FET-JONS fascista. Tal vez, o prezo non compensa o produto.

Tamén existen posicións moi próximas á que nós sostemos en relación a FE-JONS e FET-JONS

> "El resultado de todo esto en el plano político-ideológico fue sumamente complejo. De pronto, la zona nacionalista se encontró a sí misma católica y fascista,

[285] Intervención de Felipe Sánchez no acto de inauguración do comedor do Auxilio Social de Vigo reproducida no EPG, 27/06/1937.

[286] Alegre Lorenz, David, "Formas de participación y experiencia política durante el primer franquismo: la pugna por los principios ordenadores de la vida en la comunidad durante el período de entreguerras (1936-1947)", en *Rubrica Contemporánea*, vol. 3, núm. 5, 2014, p. 13. Tamén Javier Rodrigo sostén esta posición, que o conflito bélico "(…) es el que favoreció el nacimiento del fascismo en España (…) el contexto de una toma armada del poder que tuvo en la práctica de la violencia su fenómeno más destacado (…)" en Rodrigo, Javier, "A este lado del bisturí… p. 152.

[287] Poulantzas, Nicos, *Fascismo y dictadura…* p. 66

> totalitaria y reaccionaria. Dicho de otro modo, casi todo el mundo había pasado a ser, al menos superficial y retóricamente más católico y más fascista que nunca. Todos eran fascistas y todos eran tradicionalistas. Monárquicos y católicos, unos, no le hacían ascos a identificarse a la vez como totalitarios y fascistas."[288]

Non obstante, esta posición introduce o problema das autoidentificacións como criterio definitorio dunha realidade social, dunha posición ideolóxica, algo certamente moi rebatible e de difícil constatación empírica. En todo caso, incluso aceptando como válida a autoidentificación para a análise ideolóxica, é observando a situación que se nos presenta como unha mestura ideolóxica absoluta entre elementos, incluso incompatibles, resulta cando menos sorprendente que inmediatamente se afirme que novo Estado xurdido do golpe e posterior guerra foi un estado claramente fascista ate a derrota do Eixo, agás que esta identificación tamén sexa froito dun proceso de autoidentificación.

Polo nosa parte nos achegamos máis ás conclusións que se desprenden da análise a ras de chan

"(…) unha cousa foi o partido fundado por José Antonio Primo de Rivera e outra ben distinta
> o refundado polo xeneral Francisco Franco en abril de 1937 (…) o partido joseantoniano iráse diluíndo noutro moito máis amplo onde tiñan acubillo os monárquicos, os militares, os carlistas, os dereitistas de toda condición, os vellos caciques ou os cabaleiros mutilados (….)"[289]

Nós sostemos que o proceso de desaparición da FE-JONS joseantoniana comeza incluso antes do que nos di Gonzalo Amoedo, sostemos que o golpe de estado e posterior guerra provocaron a nivel interno na organización fascista FE-JONS a perda da súa identidade, lastrada por un debilísimo desenvolvemento organizativo, non so a nivel de presenza territorial, senón e sobre todo, a nivel da calidade dos seus militantes e, do que é máis importante, dos seus cadros dirixentes. Esta perda de identidade política viuse acrecentada polo espectacular crecemento experimentado a partir do golpe e que a débil estrutura da organización foi incapaz de formar. Ao logo da investigación se aportarán datos empíricos que demostran como a mobilización ocasionada pola guerra privou á organización dos seus cadros e como estes foron inmediatamente substituídos por elementos procedentes non só da dereita máis reaccionaria senón incluso por actores encadrados en organizacións de claro compromiso republicano. Como nesta substitución de elites dirixentes locais aqueles camisas vellas que non foron mobilizados desapareceron rapidamente da estrutura de mando desprazamos polos novos membros e quedando relegados a tarefas de simple militancia. Estas modificacións internas afectaron necesariamente á transmisión ideolóxica e ocasionaron que os postulados fascistas foran subsumidos dentro dun magma onde tiveron cabida todas as posicións representadas na coalición golpista, unidas por unha retórica (o revestimento) fundamentalmente fascista. Nesta situación interna, o Decreto de Unificación de abril de 1937 só ven a sancionar a desaparición de FE-JONS como organización fascista, creando un novo conglomerado, esta vez oficialmente, onde tiveron representación, tamén oficial, todos os elementos oficiais e oficiosos da coalición reaccionaria, a FET-JONS[290].

[288] Saz, Ismael, *España contra España…* pp. 160-161
[289] Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento*… p. 125
[290] Isto non quere dicir que todos os partidarios do novo réxime ingresasen na FET-JONS, pero si que esta foi vista como a institucionalización do acordo entre os membros da coalición dos sublevados.

"(…) se han nombrado las Gestoras algunas compuestas totalmente por afiliados a FET y de las JONS (donde ha sido posible) y, al poco tiempo de funcionamiento, se ha podido comprobar que mangoneaba a su placer, el antiguo cacique local o comarcal, al que, en realidad, estaba supeditada incluso la misma organización local de FET y de las JONS. "[291]

USC

[291] Javier Puig Llamas, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra en 1938. Citado en Grandío, Emilio, "Problemas en la construcción del <<Nuevo Estado>>. Galicia, 1936-1939", *Historia y comunicación social*, núm. 6, 2001, p. 226.

4. ACCIÓN COLECTIVA NUN RÉXIME DEMOCRÁTICO: VIGO 1935-1936.

Cando o 14 de abril de 1931 os pobos do Estado español proclaman a II República, Vigo aínda non era Vigo. No territorio do que hoxe é o actual concello convivían dúas entidades municipais independentes, o Concello de Vigo e máis o Concello de Lavadores. A estas dúas entidades hai que engadirlle durante un moi curto período de tempo o Concello de Teis, segregado de Lavadores en xaneiro de 1936 e reincorporado despois da sublevación, en plena guerra civil. As dúas entidades municipais conformaban, tamén, dúas realidades económicas e sociais diferentes.

Mapa dos Concellos de Vigo, Lavadores e Teis en 1936

Mentres que Vigo era xa un potente centro industrial baseado fundamentalmente nas industrias relacionadas coas actividades do mar -pesca, conservas e estaleiros- instaladas principalmente en Bouzas e Vigo Centro, Lavadores cumpría a misión fundamental de fornecer tanto de man de obra como de produtos agrícolas ao desenvolvemento industrial da veciña urbe. Pero, no só, tamén contaba cunha área de gran crecemento industrial, tanto na parroquia de Lavadores como na de Teis, orixinada polos procesos de invasión industrial procedentes do desenvolvemento do veciño Vigo. As dúas entidades contaban cunha forte tradición asociativa obreira e campesiña que se remontaba en ámbolos dous casos a finais do século XIX. Si no ámbito urbano os pioneiros e maioritarios eran os socialistas, no ámbito rural quen dominaba eran as organizacións agrarias.

Este espazo, caracterizado a nivel económico e político pola mestura dos dous mundos, o rural e o urbano, tamén conservaba características mixtas nos comportamentos sociais da

maioría dos seus cidadáns. Comportamentos, por outra banda, absolutamente visibles aos ollos que calquera observador

> "La benemérita de Lavadores da cuenta de una cencerrada que le dieron a la vecina del barrio del Calvario, Antonia Diéguez Beloso de 32 años, que se quedó viuda hace unos ocho días y pretendía casarse ahora nuevamente. Se reunieron allí más de 1.000 personas cantando coplas y haciendo ruido con distintos instrumentos."[292]

Esta mestura dos dous mundos traerá aparellada unha serie de diferencias na autoorganización dos seus habitantes. Centrarémonos en dous aspectos que pensamos que resultan cruciais para comprender a vida cotián dos veciños e veciñas. Por unha banda, a organización do lecer e por outra a do deporte, tratándoas como parte fundamental do desenvolvemento cultural dunha comunidade humana. Na nosa explicación tentaremos relacionar tanto unha como outra co desenvolvemento das organizacións de carácter político e sindical e cos conflitos que fan que todas elas se relacionen. Pero antes de nada, faremos unha breve descrición de cal era o panorama nos dous concellos a nivel organizativo, político e sindical, facendo un apartado específico para a FE-JONS antes do golpe de estado. Inmediatamente despois, unha vez coñecida a estrutura política partidista, entraremos de cheo na organización da vida cotián baixo os parámetros que acabamos de describir.

4.1. ESTRUTURA POLÍTICA E SINDICAL

A mestura de espazos e de sociedades rural-urbana ou da súa síntese, maniféstase tamén na tipoloxía das organizacións sindicais e sociais -non tanto políticas- que se desenvolven en Vigo-Lavadores. A principal característica a ter en conta é a actividade rural ou a coexistencia nunha mesma unidade de produción campesiña -a familia- de actividades mixtas. Nuns casos a principal será a agricultura e o traballo industrial servirá de complemento desta e noutros será ao revés. Evidentemente, tamén haberá unidades familiares no que o seu aporte económico proveña exclusivamente dun dos dous sectores, aínda que estas serán as menos. A presenza da agricultura a tempo completo como a tempo parcial, tanto como actividade principal como incluso secundaria, propiciará a existencia dunha estrutura societaria característica do mundo rural mesturada con aportes procedentes do mundo urbano. Entre estes estarán todos aquelas relativos á xestión do tempo libre, as iniciativas de carácter cultural e as relacións de privilexio que estas organizacións manterán co mundo urbano.

A nivel societario o elemento característico son os sindicatos agrarios de base parroquial. Estes teñen, ademais, un desenvolvemento organizativo vertical a través da coordinación das diferentes estruturas parroquiais nun organismo de carácter municipal –no noso caso a Federación Agraria Municipal de Lavadores (FAL) e a Federación Agraria Municipal de Vigo (FAV)- e outro, simultáneo, de carácter provincial, a FPA. Aínda que na contorna de Vigo-Lavadores non existen datos de afiliación a estas estruturas, o seu carácter transversal que posibilitaba a convivencia de socialistas, anarquistas, nacionalistas, radicais, republicanos, agrarios "puros"…, e súa actividade de carácter económico-cooperativo fixo que unha

[292] EPG, 28/04/1936. As "cencerradas" eran típicas no mundo rural cando unha viúva contraviña as normas non estritas parroquiais, neste caso, o tempo "prudencial" para contraer novo matrimonio. O que sorprendente do caso é que esta "cencerrada" realízase no barrio urbano do concello e participan 1000 persoas, algo inconcibible nun lugar ou mesmo parroquia rural.

porcentaxe moi elevada das familias das diferentes parroquias, agás Vigo centro e Bouzas –esta última pola súa compoñente esencialmente mariñeira-, estiveran asociados. Sabemos tamén que dos 21 grandes sindicatos agrarios de base que existían nos dous concellos, tan só 5 tiñan unha vinculación estreita –por exclusiva-, nalgún momento incluso orgánica, cos grandes sindicatos urbanos. Estas son, no concello de Vigo, o *Sindicato de Agricultores de Freijeiro* (SAF) e o *Sindicato de Agricultores "La Reconquista" de Sárdoma* (SAS) coa UGT e o *Sindicato de Obreros y Campesiños de Corujo* (SOCC) co PCE; no concello de Lavadores, o *Sindicato de Agricultores de Bembrive* (SABb), tamén coa UGT, e o *Sindicato de Agricultores Productores de Beade* (SAB) coa CNT. No resto das organizacións agrarias pódense apreciar fortes influenzas a unha ou outra tendencia, incluso unha gran similitude coas propostas dalgunha organización política, por exemplo o PG, no *Sindicato de Agricultores de Lavadores* (SAL) ou do PCE e CNT no *Sindicato de Agricultores de Teis* (SAT), pero en ningún caso estas influenzas orixinaron unha vinculación orgánica que con seguridade ameazaría a súa unidade interna[293]. Aínda que esta transversalidade das organizacións agrarias posibilitou que se converteran nunha especie de representantes do sentir colectivo da parroquia, tamén orixinou tensións internas que chegaron a producir a súa ruptura en momentos de especial polarización. O caso máis rechamante foron as tensións que se produciron coa elección do Alcalde de Lavadores en 1931. Os agrarios, que contaban con maioría absoluta, presentaron o seu candidato, Ramón Quintela Pérez[294], líder agrario histórico local e provincial con posicións políticas próximas ao galeguismo e dirixente do SAL. Fronte a el presentouse o camareiro marítimo, José Antela Conde[295], candidato da minoría socialista. Ante esta disxuntiva, os agrarios de tendencia socialista racharon a disciplina de voto e se inclinaron pola súa fidelidade partidista e non agraria, resultado elixido José. Isto ocasionou a expulsión dos agrario-socialistas do SAL e a seu apartamento no resto de agrarias, incluso, o SAT foi excluído da FAL por non sancionar aos seus concelleiros socialistas.

Aínda con estas tensións internas a forza e puxanza dos sindicatos agrarios de Lavadores e en menor medida de Vigo, fixo que dende a proclamación da República ate o golpe de estado e liquidación destas organizacións, o organismo coordinador dos agrarios pontevedreses, a FPA tivera a súa sede en Lavadores. Este é o organismo agrario de maior importancia no período republicano de toda Galiza:

"Como se viene demostrando en las reseñas de las sesiones de esta provincial, de las cuatro provincias gallegas llegan diariamente (…) comunicaciones pidiendo normas

[293] Para unha explicación nos xeitos de penetración das organizacións obreiristas no rural galego, Román, Isidro e Bernardez Sobreira, Antonio, *A penetración do sindicalismo no rural galego de anteguerra*, Vigo, Fundación Sindical Edelmiro Otero Calvo, 2006.

[294] Mecánico, membro dunha destacada familia de líderes agrarios, o seu irmán Ángel fóra alcalde de Lavadores en dúas ocasións, primeiro entre 1916 e 1917 e despois xusto antes da proclamación da República entre 1930 e 1931. Nacido en Lavadores en 1871, ocupou a presidencia da Comisión Revolucionaria que se fai co poder municipal en Lavadores despois do 14 de abril. Vicepresidente da Sección Política *da Juventud Republicana Agraria de Lavadores* en 1931 (tiña 60 anos!!!), contador do SAL en 1933, delegado no Congreso Agrario de Gondomar en 1936, concelleiro de Lavadores entre 1924 e 1936. Despois do golpe de estado non sofre ningún tipo de represión. Participa en diferentes subscricións entre o 2/10/1936 e o 23/03/1937 aportando 90 pesetas en total en 5 entregas diferentes. A partir de 1940 colabora con outros dirixentes agrarios da etapa republicana de Lavadores para fundar un ano antes da súa morte a *Cooperativa del Campo de Lavadores*, que aínda continúa a existir. Morre en 1946.

[295] Nacido en Teis en 1900, camareiro marítimo de profesión. Presidente da *Agrupación Socialista de Lavadores*, delegado pola Sección de Camareiros Marítimos no Comité Local da FLS da UGT de Vigo. Despois rematar a resistencia contra o golpe de estado fuxe, pero se entrega días despois, 1 de agosto de 1936. Sometido a Consello de Guerra, causa 140/1936, foi fusilado o 27 de agosto de 1936.

> para imitar la acción de los agrarios de esta provincia, a todas aquellas peticiones, ofrece la provincial, (…) todos los elementos de apoyo y las pruebas de su experiencia, para que el movimiento orgánico en toda la región siga el ritmo de la Federación provincial, organismo que hoy en día lleva la supremacía de la organización campesina en Galicia."[296]

Para o sindicalismo urbano si dispoñemos de datos de afiliación estimada aínda que bastante contraditorios, sobre todo, no que se refire á afiliación á central sindical socialista. Así, á UGT se lle atribúen entre 12.000 e 6.000 afiliados[297]. Hai acordo en relación ao resto das estruturas sindicais, CNT e a UTCV terían pouco máis de 3.000 a primeira e 5.000 a segunda[298]. Hai que ter en conta para interpretar estes datos que a UTCV, de orientación comunista, agrupa non só a obreiras e obreiros vigueses senón tamén dos veciños concellos de Cangas, Moaña, Domaio, Oia…, xa que o seu ámbito de actuación eran os concellos bañados pola Ría de Vigo. De todos xeitos, a afiliación formal non debe ser tomada como unha identificación mecánica cunha proposta ideolóxica concreta, xa que os criterios para a afiliación a unha ou outra opción non dependen, ou non só dependen das propostas ideolóxicas. En todo caso, a presenza sindical era potente na industria pesqueira, tanto no persoal de terra como no do mar, onde dominaba a CNT e a UTCV no subsector da conserva. No metal –tanto construción naval como empresas auxiliares- era maioritaria a UGT aínda que tamén estaba representada a CNT a través do seu sector máis combativo, liderado polos mozos traballadores das *Juventudes Libertarias* (JJ.LL.). En concreto, o SUM-CNT era a base o Grupo de Defensa Confederal máis activo da organización anarcosindicalista. Os outros sectores destacables controlados maioritariamente por UGT serían os transportes –tanto tranvías como camiño de ferro-, a construción e o ensino. Precisamente no ensino, ademais da FETE-UGT, existe unha organización de carácter católico, a única organización sindical católica que supera o ámbito marxinal, e que ten o seu marco de actuación no ensino privado: a *Unión de Maestros de la Enseñanza Privada* (UMEP). Tamén hai constancia da presencia de sindicatos nacional sindicalistas, concretamente de oficios varios e SEU, este último fundado en decembro de 1935 pero non tiñan incidencia real na vida obreira de Vigo-Lavadores[299].

Os traballadores vigueses, froito da mestura rural-urbano transmitiron esa característica no seo das súas organizacións, orixinando un transvasamento da conflitividade urbana ao rural. Queimas de palleiros, tallado de viñas, boicots… son accións frecuentes perpetradas contra contrarios ou quebra folgas ao longo de todo o período. Pero esta singularidade do proletariado vigués tamén posibilitou o desenvolvemento de folgas más potentes, amparados polos ingresos ou os alimentos que fornecían á maioría de familias traballadoras a súa actividade campesiña.

---

[296] EPG, 28/12/1935

[297] Oia, Victor, Fernandez, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clase…" son os autores que lle atribúen os 12.000 afiliados, mentres que Briallos, Antón, *Vigo 1936…* e Giraldez Rivero, Xesús, *O antigo concello de Lavadores. Unha aproximación histórica*, Pontevedra, Servizo de publicacións da Deputación de Pontevedra, 2007 [1987] optan por atribuírlles entre 6.000 e 6.500 habitantes. Finalmente, Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* fala de 6900 empregado datos da propia UGT para 1932.

[298] Oia, Victor, Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases…" p. 19.

[299] EPG, 28/12/1935. A prensa tamén da conta da existencia dun sindicato de oficios varios dunhas supostas JONS "independentes" dos que FE-JONS se desmarca en decembro de 1935. EPG, 22/12/1935. Parece ser que este grupo independente está relacionado coa crise interna que vive FE-JONS en abril de 1935 e que se salda en Vigo coa expulsión de 4 destacados militantes locais: Gustavo Kruckenber, Emilio Torrado Lima, Pedro Hylass Palacios e José Vázquez Fernández. Prada, Julio, *El fascismo en Galicia…*p. 130. En realidade todos eles volverán a militar pouco tempo despois e ocuparán os máis importantes postos na organización local antes do golpe de Estado, cargos manterán durante todo o período estudado.

Polo que respecta a estrutura organizativa político partidista no campo da esquerda esta está composta polas principais organizacións políticas de carácter estatal: UR, IR, PSOE, PCE e o nacionalista PG. De todos eles, será o PSOE o que máis penetración social teña. No campo do republicanismo, e despois do proceso de segregacións e agregacións das organizacións republicanas estatais de 1934, as súas forzas serían parellas e a un nivel similar ao PG, sendo a UR a que menos incidencia social parece acadar[300]

O PSOE era unha organización que a nivel interno estaba sacudida por fortes tensións entre as dúas tendencias maioritarias: os prietistas, partidarios de afondar nas posibilidades que ofrecía o réxime republicano e o parlamentarismo, e os largocaballeristas máis próximos a definir a loita política en clave revolucionaria como paso indispensable para superar o marco da democracia burguesa. En Vigo a tendencia maioritaria no partido era a prietista, non así entre as súas mocidades que seguindo as consignas de Largo Caballero iniciaron a principios de 1936 o proceso de fusión cos comunistas que culminará no mes de abril[301].O desenvolvemento organizativo dos socialistas fai que a nivel partidario sexan os únicos que manteñan estruturas diferenciadas nos dous concellos. Haberá unha agrupación socialista en Vigo e outra en Lavadores. Esta última, a segunda agrupación socialista máis importante da provincia de Pontevedra, despois precisamente da de Vigo, tamén tiña un esmagadora maioría prietista[302].

Froito da súa penetración social, o partido controla as dúas alcaldías, a de Vigo dende 1932 encabezada polo que fora presidente da Agrupación Socialista de Vigo, Emilio Martínez Garrido, propietario dunha empresa de pompas fúnebres; e a de Lavadores co xa mencionado José Antela Conde dende a proclamación da República. Si o PSOE tivo que agardar un ano para facerse coa alcaldía de Vigo froito das liortas internas entre os grupos republicanos, en Lavadores tivo que superar unha moción de censura que interpuxeron os agrarios en 1932 e onde o Alcalde foi defendido por unha enorme masa popular que invadiu o salón de plenos para mostrarlle o seu apoio[303].

No que atinxe ao PCE aínda que súa afiliación adóitase a cualificar de case testemuñal, o certo é que os expertos no partido en Galiza non dan datos de militancia[304]. Nós, a partir do baleirado de fontes, fundamentalmente a prensa, fomos quen de identificar 173 militantes comunistas en 1936. Unha gran maioría destes militantes debían de ser mozos, xa que na primeira reunión das mocidades comunistas de Vigo e Lavadores para sentar as bases do

[300] Segundo os datos da enquisa oficial do Ministerio de Gobernación de 1932, o PSOE declara 750 afiliados e o PG, 390, aínda que a afiliación en 1936 con seguridade estea bastante por riba.
[301] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 197.
[302] Proba disto é o comunicado que co gallo os sucesos de Écija (un enfrontamento nun mitin durante a campaña electoral de febreiro de 1936 de Indalecio Prieto entre os seus partidarios e largocaballeristas no que incluso saíron a relucir armas cortas, obrigando ao conferenciante e os seus acompañantes a fuxir precipitadamente) fai público a decisión unánime de rexeitar totalmente os feitos "vergonzosos, que, dirimidos en la vía pública violentamente, restan fuerza a la potencialidad del partido". ES, 20/06/1936
[303] González Fernández, Xoán M. e Vázquez Xil, Lalo, *Os Alcaldes e os Concellos de Vigo*, Ediciones Cardeñoso, Vigo, 1991, p. 133.
[304] Santidrián, Victor M. *O Partido Comunista de España en Galicia (1920-1968)*, Santiago de Compostela. Tese de Doutoramento, Departamento de Historia Contemporánea e América, 2000. Non obstante Fernández González cuantifica aos militantes comunistas como non máis de 70 en 1933 aínda que despois dun forte crecemento entre 1934 e 1935 acadarán unha cifra de entre 121 e 180 en 1936, que encaixa perfectamente na nosa cuantificación. Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica*… p. 203

proceso de unificación acudiron ao redor de 100 mozos[305]. Estas cifras de afiliación son similares á FE-JONS xusto antes do golpe como veremos máis adiante.

Finalmente a presenza dos anarquistas da FAI é testemuñal en Vigo non acadando no mellor dos casos as dúas ducias de militantes. Os problemas de implantación na cidade foron atribuídos polos propios faístas a unha consecuencia do dominio na CNT local das tendencias máis moderadas[306]. Esta explicación contrasta co gran desenvolvemento na cidade dos Grupos de Defensa Confederal, que xa citamos anteriormente, e que serían os encargados da acción directa nos diferentes conflitos onde estaba presente a Confederación. Nós pensamos que a explicación da súa escasa implantación habería que buscala na competencia que coa que contaban en Vigo, por parte de elementos, basicamente das JJ.LL. aínda que non só, agrupados ao redor da figura de Dalmacio Bragado, contrario a implantación da FAI na cidade e partidario da creación dunha *Federación de Grupos Anarquistas de la Región Galaica* paralela á propia FAI[307].

Para o movemento obreiro e os seus organismos en Vigo, a folga revolucionaria de outubro de 1934 ten unha importancia capital. Non radica esta na súa participación, xa que a súa incidencia na cidade resultou certamente cativa, senón en que a onda represiva posterior a nivel estatal tamén afectou a nivel local. Non só a destitución dos concelleiros esquerdistas, senón tamén o desterro dalgún dos dirixentes obreiros da cidade, unido a unha chea de despidos de carácter político, provocou o inicio dun proceso de unidade sindical entre UGT e CNT[308]. Si nos primeiros anos da República as relacións entre as dúas estruturas sindicais eran inexistentes, e incluso se chegou a atentar por parte de grupos anarquistas contra as casas de dirixentes uxetistas e mesmo contra a Casa do Pobo[309], a partir de 1935 a situación cambia radicalmente, iniciándose un proceso de unidade de acción fundamentado na necesidade de tentar impedir a perda de dereitos laborais que impuxo o goberno radical-cedista. Estamos, xa

[305] Desta reunión hai que destacar o acordo de que a proposta de unidade se dirixa, non só as mocidades socialistas, senón tamén a republicanos e galeguistas có obxectivo de formar unha fronte antifascista. AMV, SOC-12. Esta posición será a que finalmente se leve a cabo, así unha vez constituído o Comité da FP as mocidades de todas as organizacións representadas comezarán a realizar as súas asembleas de xeito conxunto. EPG, 26/04/1936

[306] Fernández, Eliseo, "La FAI en Galicia", en *Germinal. Revista de Estudios Libertarios*, núm. 3, 2007.

[307] Dalmacio Bragado Ruíz naceu en Zamora en 1893 e emigra a Bilbao onde entra en contacto cos medios libertarios e destaca por ser un home de acción. En 1923 instálase en Vigo e participa na reorganización da CNT na cidade de Vigo e nas vilas da ría. Gran organizador desenvolveu a estratexia do Sindicato da Industria Pesqueira da CNT contra a organización patronal La Necesaria de Bouzas en 1932. Agochado tralo fin da resistencia armada en xullo de 1936 foi detido en 1939 ingresando no cárcere. Despois da súa liberación participa nos anos 40 na reorganización da CNT. Morre en Vigo en 1986. Briallos, Antón, *Vigo 1936…* p. 24

[308] Este proceso de unidade sindical baseado na radicalización das posicións do sindicato socialista e na moderación das anarcosindicalistas tamén está constatada para outras cidades do Estado español. En concreto sucede algo parecido en Zaragoza. Neste caso relacionase a "moderación" da CNT cun achegamento a UGT e mesmo as novas autoridades políticas. Montañés, Enrique, *Anarcosindicalismo y cambio político. Zaragoza 1930-1936*, Institución Fernando El Católico, Zaragoza, 1989.

[309] O gallo da folga de fundidores de 1933 convocada por CNT coa oposición expresa da UGT, a Casa do Pobo da UGT sofre un atentando con bombas polo que son detidos 6 militantes libertarios. Tamén a casa do líder uxetista Mariano Nogueira Davila sufriu un atentado con 3 bombas que se saldo sen feridos ao non atoparse ningún membro da familia nese momento no seu interior. EPG, 03/08/1933.

Mariano Nogueira Davila. Natural de Teis, mecánico de profesión. Dirixente do SAT antes da proclamación da República. Orador habitual nos primeiros de maio dos anos 20, tanto os organizados polo SAT como pola Federación Local de Sindicato de Vigo-UGT (FLS). Dirixente do Subcomité Socialista de Teis en 1931 (EPG, 06/06/1931) ano no que tamén preside a UTCV (EPG, 04/07/1931). En 1932 será vogal obreiro no Xurado Mixto da Industria Siderometalúrxica y derivados (EPG, 28/05/1932). Despois do golpe de estado non sofre castigo algún. Intervén en representación dos obreiros da conserveira Antonio Alonso Hijos na celebración do seu 50 aniversario en abril de 1937, "hizo referencia a la armonía que entre patronos y obreros había existido siempre en aquella Casa, cuyos gerentes recibieran en todo momento las mayores consideraciones (…)" EPG, 14/04/1937. Non consta que realizase ninguna aportación a ningunha das subscripcións patrióticas.

que logo, nunha estratexia claramente defensiva[310]. Pero as cousas trocaron no mes de novembro de 1935. O día 7 declarouse a primeira folga xeral unitaria, o sector do metal foi o elixido para esta primeira experiencia. A folga ven a rachar unha tendencia. Dende 1933 non se producía ningún movemento de carácter obreiro con carácter ofensivo, e esta folga xeral cumpría sobradamente esta caracterización. A súa organización é completamente novidosa, empregándose, se non por primeira vez, si de xeito masivo e habitual, as asembleas conxuntas dos dous sindicatos que se converteron non só no espazo de decisión, senón tamén de avaliación do conflito. Tamén, por primeira vez, estas asembleas saen fora dos locais sindicais e se trasladan a un marco neutral, o salón de baile Danubio Azul[311]. As reivindicacións dos traballadores xiran en torno a 3 eixos: un salarial, o pagamento proporcional das vacacións ao tempo de traballo; outro relativo á xornada de traballo, a súa redución ate as 44 horas semanais; e outro relativo á capacidade das empresas para efectuar novas contratacións, o control sindical dos novos contratos e a readmisión inmediata dos despedidos pola folga de outubro de 1934. A folga xeral remata 5 meses despois de iniciada, xa co goberno da FP, coa vitoria dos traballadores. Para que esta victoria fora posible houbo de actuar como mediadores as novas autoridades do Ministerio de Traballo. O consello de administración dos estaleiros Barreras, unha das empresas máis importantes do tecido industrial de Vigo das afectadas, reflectiu a súa impresión na memoria presenta á xunta xeral de accionistas:

> "Al ser entregado el Gobierno al Frente Popular comprendimos que la huelga la teníamos perdida y que el porvenir de nuestra industria dependía más que de nosotros, de la orientación que diera ese Gobierno a las excesivas exigencias de los obreros"[312].

A partir deste momento todas as mobilizacións obreiras en Vigo terán carácter ofensivo, unha organización unitaria e en todas constará como reivindicación o control sindical das novas contratacións, a readmisión dos despedidos pola represión posterior a outubro de 1934 e o despido daqueles traballadores contratados para substituír a estes despedidos. Segundo o Ministerio de Traballo da época, 8 son as folgas convocadas dende xaneiro a xullo de 1936 en Vigo, todas de pequena entidade (tranviarios, construción, carboeiros…) e todas saldadas coa vitoria dos traballadores.

> "(…) a presión exercida sobre as autoridades republicanas puxeron en cuestión a hexemonía da Patronal nas relacións laborais daquelas localidades máis importantes (Vigo, Coruña e Ferrol, máis que nada)"[313]

Pero tampouco hai que esquecer nestes procesos de unidade sindical a percepción -cando menos dende o mes de abril- dunha situación de ameaza (non a xeral construída dende o segundo bienio) senón dunha ameza tanxible no mundo local, que se ten en Vigo exactamente igual que en Zaragoza[314]: a ameaza do golpe e do fascismo.

---

[310]Oia, Victor, Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases…" p. 23.

[311] Teremos ocasión de falar sobre este espazo, que adoitaba ser o marco de reunión e mitines, nos últimos meses da República.

[312]*Memoria presentada por el Consejo de Administración a la Junta General de Accionistas de la Factoria Barreras el 31 de Marzo de 1936*. Citada en Oia, Victor, Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases…" p. 23.

[313]Oia, Victor, Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases…" p. 28.

[314] Cifuentes, Julita e Maluenda, María del Pilar, "De las urnas a los cuarteles: la destrucción de las bases sociales republicanas en Zaragoza" en Casanova, Julián, *El pasado oculto. Fascismo y violencia en Aragón, 1936-1939*, Siglo XXI, Madrid, 2010, p. 49

Este é o contexto laboral e de acción sindical a nivel de base nas cidades galegas no que se vai a producir o golpe de estado: unha ofensiva obreira de carácter unitario que ten como fin principal o control da contratación por parte das organizacións sindicais. Estamos ante un deses momentos de ruptura dos que falábamos na introdución desta investigación, un salto cualitativo. As reivindicacións obreiras non son un asunto menor, en concreto unha delas, a que máis fincapé poñen as organizacións sindicais en lograr, afecta aos principios fundamentais das relacións laborais nunha economía capitalista: a liberdade de contratación. Esta liberdade, ráchase ou pretende racharse por acción das organizacións sindicais que buscan exercer a súa arbitraxe e control sobre a potestade, intocable ate ese momento, da empresa para contratar aos seus traballadores dun xeito absolutamente libre.

A nova situación provoca unha análise da patronal, que nós consideramos que parte dun erro: a consideración de que o novo goberno da FP converteriase en aliado destas demandas dos traballadores. Posiblemente influídos polo contexto de expansión das liñas de división e asumindo como reais as construcións simbólicas que elaboran os emprendedores da dereita, asumen a vitoria da FP como o inicio dun proceso de características revolucionarias, senón iniciado dende o goberno si apoiado por este, que actúa como aliando das organizacións obreiras. Evidentemente, seguindo esta análise, o novo Goberno sitúase, en tanto que aliado das organizacións sindicais, como un inimigo a bater.

Pero o mundo sindical en Vigo non estaría completo sen unha referencia aos traballadores do mar. Neste sector o control era case absoluto da CNT dende a mesma proclamación da República. Non obstante, un conflito orixinado na segunda metade de 1932 en Bouzas entre a patronal "La Marítima" e o Sindicato de Industrias Pesqueiras (SIP) da CNT muda a situación. O conflito, que provoca a paralización do sector, e xera unha grandísima conflitividade chea de actos violentos e atentados armados, desenvólvese nun contexto moi desfavorable para os traballadores que remataron perdéndoo[315]. Esta derrota non só significou a non consecución das reivindicacións presentadas, senón que posibilitou a aparición dun sindicato amarelo, a *Agrupación Independiente de Trabajadores de la Industria Pesquera*. A derrota, a represión posterior e a acción da *Agrupación Independiente* fixeron que o desenvolvemento do SIP freárase drasticamente, perdendo moitos dos seus afiliados. Tal foi esta derrota que a patronal permitiuse o luxo de incumprir o laudo gobernamental que a obrigaba a readmisión dos despedidos, o SIP non tivo a capacidade para facerlle fronte[316]. Será a principios de 1936 cando a organización volva a ter a puxanza dos primeiros anos da República, permitindo incluso a afiliación daqueles traballadores que se deran de baixa durante, ou nos meses posteriores á derrota sindical de 1932[317]. Este reavivar da actividade anarcosindicalista no sector pesqueiro tivo que ver, tamén, coa crise do sector conserveiro que se viña arrastrando dende principios dos anos 30. A crise afectou gravemente aos prezos,

[315] Os medios confederais sitúan o comezo do conflito nunha folga solidaria coas mulleres traballadoras das fábricas de conserva que orixinou o peche patronal dos armadores (SO, 09/07/1932). Estancamento de prezos das sardiñas, apoio da patronal estatal a través da Federación de Armadores de Busques de España que facilitou o traslado dos buques de pesca ao sur do Estado… Pereira, Dionisio, "El asociacionismo marinero en el litoral español: la Federación Nacional de Industria Pesquera de la CNT", *Archivos de historia del movimiento obrero y la izquierda*, núm. 2, p, 121, 2012.
O atentado máis grave e sonado prodúcese o 22 de novembro de 1932, o sofre o avogado da patronal e dirixente nacionalista, Paz Andrade acusado de ser o verdadeiro inspirador do sindicato amárelo e incluso de formar un grupo de matóns para acosar aos traballadores. O atentado supuxo a clausura do local da Federación Local de Sindicatos Únicos (FLSU) de CNT en Vigo. EPG, 23/11/1932
[316] Pereira, Dionisio, "El asociacionismo marinero…pp. 121-122
[317] SO, 01/02/1936

fundamentalmente da sardiña, así en 1935 a cesta cotizouse un 80% menos que en 1930[318]. En abril de 1936 os mariñeiros, maioritariamente afiliados á CNT, comezan unha serie de mobilizacións reclamando un prezo mínimo para a sardiña, 40 pesetas por cesta é a súa reivindicación. Fabricantes de conserva e exportadores, os principais compradores do produto, ofreceron 15 pesetas cun tope de capturas, ao tempo que reclamaban a intervención do Goberno para abrir novos mercados que fixeran aumentar a produción. Precisamente a intervención do Goberno fixo que se chegase a un acordo, válido só para un mes, dun aumento de entre 20 e 23 pesetas por cesta ate un máximo de 100 cestas por embarcación e día. Pero, vencido o tempo do acordo e quedando sen efecto as medidas de control de prezos, estes baixaron a 5 pesetas a cesta, e os mariñeiros non tiveron máis saída que convocar a folga xeral do sector entre Muros e A Garda en xuño de 1936[319]. É neste contexto de forte conflitividade no sector pesqueiro cando se produce o golpe de estado.

Antes de entrar a analizar brevemente as organizacións tipicamente de dereitas con presenza en Vigo, hai que deterse nunha das organizacións políticas máis importantes a nivel da base en toda a provincia de Pontevedra durante o quinquenio republicano, o Partido Radical Republicano (PRR). Tan só pretendemos trazar unhas pequenas pinceladas de cal era a súa situación a partir de 1935 na cidade.

O PRR tiña unha considerable forza no rural da provincia a través do control de moitos sindicatos e sociedades agrarias, fundamentalmente asentado no prestixio do avogado Ramón Salgado[320]. Non obstante a súa presenza na contorna rural de Vigo-Lavadores era moi escasa, froito, como temos visto, da puxanza dos elementos obreiristas dentro das organizacións campesiñas. Ao mesmo tempo, o radicalismo local estaba dividido entre os partidarios do deputado Emiliano Iglesias, que controlaba a provincia, e os seus detractores que tiñan como núcleo máis importante a cidade de Vigo. De feito, as desavinzas entre os dous grupos chegaron a ocasionar a existencia de dous comités do PRR na cidade, un emilianista e outro anti-emilianista, dirixido polo tamén, noutro tempo prestixioso agrarista, Amado Garra[321]. As diferenzas procedían do momento da fusión o Partido Republicano Vigués co PRR. Os vigueses consideraban que o Comité provincial do PRR invadía as súas competencias. A disputa remata en 1934 coa vitoria dos partidarios da liña emilianista e o abandono do partido dalgún dos seus homes máis importantes contrarios á liña marcada polo deputado. Entre eles hai que destacar a Enrique Blein Budiño ou o propio líder do grupo opositor, Amado Garra. Ámbolos dous acabarán ingresando nas ringleiras de UR.

O cesamento, por depuración, das disputas internas fai que o PRR oriente a súa actividade cara a creación de estruturas de encadre profesional, algo absolutamente novo en Vigo. O primeiro intento centrouse nos campesiños. Incapaces os radicais de influír na potente FAL, deciden a creación do *Centro Agrario Radical de Lavadores* co obxectivo de asegurar, as súas, antano, potentes bases no rural ou cando menos tentar disputarlle á FAL a súa

[318] Pereira, Dionisio, *A CNT na Galicia, 1922-1936*, Santiago de Compostela, Edicions Laiovento, 1994, p. 181
[319] Pereira, Dionisio, *A CNT na Galicia…* pp. 181-182
[320] Naceu en Carril en 1894 e morreu en Meis en 1972. Avogado agrarista participou no Pacto de Lestrove en 1930 e obtivo acta de deputado pola Conxunción Agrario-Republicana en 1931, acta que repetiría en 1933. Despois do escándalo do estraperlo no que estivo implicado o PRR, abandonou o partido para integrarse no Partido de Centro de Portela Valladres. Presentouse nas listas portelistas nas eleccións de febreiro de 1936 pero non conseguiu ser elixido. A presa reflexa que ate cando menos principios de 1938 continuou a desenvolver a súa actividade como avogado.
[321] Naceu en Ponteareas en 1874 e finou en Vigo en 1948. Avogado e xornalista. Participa na campaña agrarista do Directorio Antiforal de Teis. Segundo alcalde republicano de Vigo, despois dun curto período do 15 de abril de 1931 ao 11 de setembro de Enrique Blein Budiño. O seu mandato rematará en decembro de 1932 coa súa dimisión.

preeminencia[322]. Non conseguiron nin unha cousa nin a outra. Pero este fracaso no rural non impide que o intento se repita noutros ámbitos, neste caso, no mundo urbano. Así crease, o *Grupo Profesional Ferroviario* e o *Grupo Profesional de Empleados Públicos* que pretendían ter un funcionamento similar ás organizacións de carácter sindical[323]. De feito, estas estruturas serán aproveitadas, andado o tempo, como un alcouve, non exclusivo evidentemente, onde se nutrirán as novas autoridades emanadas do golpe de estado para a busca de cadros para a súa organización sindical vertical. É máis, cando falemos dos apoios das novas autoridades golpistas e da formación da nova sociedade franquista, veremos como estas diferenzas que se producen nos radicais vigueses terán un reflexo case exacto nas súas actitudes ante as novas autoridades

Polo que respecta ás organizacións políticas de centro, centro-dereita e dereita o abano na cidade recolle tamén a práctica totalidade das organizacións estatais. Destaca, por riba de todas elas, a sección da *Unión Regional de Derechas* –integrada na CEDA-, a máis numerosa e activa. Conta cunha sección feminina que si damos como boas as cifras na enquisa do Ministerio de Gobernación de 1932 sería a organización con máis socios de toda a cidade, 1949 (750 homes e 1250 mulleres)[324]. O éxito colleitado entre as mulleres ten unha explicación na orientación que as mulleres de dereitas deron á súa organización

> "(…) las damas de la *buena sociedad* viguesa supieron combinar perfectamente sus actividades benéfico-religiosas con las de propaganda política y obtuvieron un resultado muy satisfactorio. Para ello pusieron en práctica diferentes métodos de captación y así, por ejemplo, las mujeres que deseaban beneficiarse de las obras de caridad promovidas por la URD debían presentar una tarjeta de afiliada al partido. Además, las empleadas en el servicio doméstico de las militantes (…) (criadas, modistas, lavanderas, etc.) era captadas para la causa (…)"[325]

A formación orgánica das organizacións de dereitas en Vigo caracterizouse polas diferenzas á hora de situar a relixión. Elemento central do discurso político ou non? Xa na asemblea fundacional de AN en xaneiro de 1932 un dos asistentes rexeitou que se incluíra como obxectivo a "defensa acentuada de la Religión", posición que foi amplamente rexeitada[326].

---

[322] EPG, 17/01/1934

[323] EPG, 11/02/1934

[324] Enquisa do Ministerio de Gobernación de 1932. Citada en Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 132. O propio autor manifesta as súas dúbidas sobre o real destes datos, afirmando que foron obtidos de informacións das propias organizacións.

[325]Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 132. Esta "captación" se reflexará tamén despois do golpe de estado na participación destas mulleres de servir nas diferentes subscricións. Só no epígrafe de "servinta" (os de modista e lavandeira son absolutamente opacos) aparecen 83 mulleres con aportación a algunha das subscricións entre o golpe e maio de 1937. As aportacións son obxectivamente pequenas, froito dos seus baixos ingresos, pero cunha media altísima en relación aos seus ingresos, 31,40 pesetas dun total de 2.655,90 aportado polo conxunto das serventas. Como elemento de comparación para ver o impacto do aportado nos seus ingresos mensuais dicir que o salario en cálculo mensual para unha criada en Madrid en 1930 era de 40,30 pesetas, 2,40 en cálculo diario (Caballero Barral, Borja, De Miguel Salanova, Santiago e De Pedro Álvarez, Cristina, "La evolución del servicio doméstico en el mercado laboral madrileño (1880-1930)"*Revista de Demografía Histórica*, XXXIV, I, 2016, p. 76.

[326] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 220. A persoa que rexeita a inclusión da relixión como un elemento definitorio non é outro que Victoriano Ballesteros Reboreda, xornalista, director do católico "Galicia Social". A súa oposición inicial non impediu que andado o tempo, en 1936 se fixera cargo da dirección de prensa e propaganda das milicias das JAP en Vigo nun tempo de loita soterrada contra a FE-JONS (EPG, 31/12/1936). Finalmente, afiliase a FET-JONS despois do Decreto de Unificación, en decembro de 1937 (AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, correspondencia 1935-1951, caixa 181, p. 58).

Finalmente nesa primeira reunión fundouse a URD de Vigo por suxestión do convidado da URD de Pontevedra, Víctor Lis Quibén.

> "¿Qué es la <<Unión Regional de Derechas de Vigo>>? No es, ni quiere ser, un partido político más, a la antigua usanza; pretende formar un conglomerado armónico en el que quepan monárquicos y republicanos, hombres de ciencia, industriales, comerciantes, rentistas y obreros que tengan un lema, un ideal: la defensa de la Religión, de la Patria, la Familia, el Orden, el Trabajo y la Propiedad."[327]

En 1935 a organización muda oficialmente de nome pasando a ser unha sección máis da AP de Gil Robles. Este cambio orixinou fortes tensións, sobre todo entre a sección feminina do partido que se negou a acadar a decisión da organización.

> "Esta sección femenina no comparte este criterio y continúa siendo Unión Regional de Derechas y defendiendo los lemas que son base de su condición y reglamento.
> (…) esperamos que nuestras afiliadas sepan comprender nuestros esfuerzos por la Unión de las derechas, esfuerzos que ha malogrado y unión que ha roto la sección masculina al desviarse de su ideario y de su programa fundamental."[328]

Esta posición provocou, de facto, unha excisión cando a sección masculina, agora AP, decidiu a creación dunha sección feminina de AP que quedou constituída como tal en decembro de 1935[329].

Igual que o PRR, a URD-AP tamén tentou abrise camiño no rural. Así o rexistro de asociacións da provincia de Pontevedra reflexa a existencia de doas organización agrarias dereitistas no Concello de Lavadores, as dúas co mesmo nome, a *Unión Campesina de Derechas* unha da parroquia de Teis e outra de Santa Cristina, ámbalas dúas fundadas en xaneiro de 1935[330].

Polo que respecta ás mocidades da URD-AP, as JAP, fúndanse oficialmente en abril de 1935. Aínda que non hai datos da súa militancia, o certo é que nós temos contabilizados 214 militantes dende finais do ano 1935 ata o Decreto de Unificación, con seguridade o número total sería substancialmente superior. É destacable que a organización das JAP en Vigo é parroquial ao igual que as organizacións agrarias, xa que hai constancia da creación de comités JAP nas distintas parroquias dos dous concellos[331].

Pensamos que as diferenzas no que a tinxe a como "defender" o feito relixioso e a derrota de aqueles que non estaban conformes en situalo como centro do ideario político cando a fundación da URD de Vigo, esta relacionada, con toda probabilidade co nacemento posterior en Vigo do PCR de Miguel Maura. Un pequeno partido de elites, sen representación institucional e cunha moi pequena actividade na cidade, non obstante, algún dos seus homes

[327] FDV, 22/07/1932
[328] FDV, 23/07/1935
[329] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 236
[330] Datos proporcionados por Miguel Cabo Villaverde da súa base de datos persoal.
[331] FDV, 03/12/1935

máis destacados aparecerá con postos de relevancia a partir do 20 de xullo de 1936 como teremos oportunidade de ver.

Polo que respecta ao BN, fundouse na cidade en marzo de 1935, sobre a base da escisión da URD e con restos do grupúsculo do Partido Nacionalista Español que existía en Vigo dende 1932. O seu acto público mais relevante foi a organización en setembro de 1935 dun mitin de Calvo Sotelo no cine Tamberlick. Destaca que moitos dos seus membros eran mozos, polo que na súa primeira reunión decidiu a formación da *Juventud del Bloque Nacional* (JBN). Fernández González destaca deste grupo os seus contactos a través dun dos seus dirixentes José Garcia Reboredo[332] co Partido Nazi para a introdución da súa propaganda en Galiza. Tamén da por boa a afirmación de Ángel Viñas sobre os contactos entre os conspiradores do BN na cidade e as autoridades nazis para prestar apoio ao golpe, neste caso a través do dirixente do BN e militar retirado pola Lei Azaña, Carlos Rodríguez Souza[333]. Todo isto fai plausible os estreitos contactos e mesmo a permeabilidade dos seus membros coa FE e a FE-JONS como veremos un pouco máis adiante.

Ademais destas organizacións sabemos da presenza de núcleos do PAE e CT unicamente por reflectir a prensa a constitución das súas directivas ou mencións a afiliados dispersos[334].

4.2. A FALANGE DE VIGO ANTES DO GOLPE DE ESTADO

A constitución de *Falange* en Vigo é froito dun proceso de agregación de diversas persoas que militan en organizacións ultradereitistas ou prefascistas dende a proclamación da República, pero tamén dun sector que provén directamente dos sectores monárquicos perdedores das eleccións municipais abril de 1931 na cidade. Este último sector será quen encabece a organización dende case a súa formación, non só en Vigo, senón incluso a nivel provincial, mantendo a súa influencia directamente ate a fin da guerra, cando menos.

Será en 1932, como xa mencionamos, cando se constitúa en Vigo un primeiro grupo de carácter prefascista, o PNE do doutor Albiñana, de feito cando en agosto de 1932 se produza o intento de golpe de estado do Xeneral Sanjurjo, o local do PNE será rexistrado en varias ocasións, pero tamén a casa de destacados monárquicos vigueses que xa tiñan iniciados contactos, dende a creación do PNE en Vigo, cos albiñanistas[335]. Esta confluencia dos albiñanistas cos sectores monárquicos máis tradicionais estaría xustificada por que o PNE, a

[332] Jose Garcia Reboredo. Familia natural de Carril e dedicado ao negocio consignatario, básicamente de enmbarque de emigrantes con destino a Bos Aires onde chegaron a ter oficina. Na actualidade a empresa continúa con actividade. José antes do golpe de estado era vicepresidente do BN na cidade. Despois do golpe afilíase a FE-JONS pero continuará coa súa militancia pública no BN. A nivel político, despois do golpe a súa actividade centrouse en organizar actos de lembranza de Calvo Sotelo, así presidiu en 1937 o Comité Pro Monumento da Calvo Sotelo (*Martín Codax* (MC), 01/07/1937) e en 1938 a Junta Local Pro-Homenaxe a Calvo Sotelo (AMV, ALC-25), pasando en 1939 a presidir a Agrupación de Comerciantes de Vigo (*Anuario de Vigo* (AV), 1939). Ademais de dirixente do BN foi dende cando menos marzo de 1936 (MC, 01/03/1936) ate a súa conversión en novembro de 1945 en *Cofradía de Nuestro Padre Jesús del Silencio en el Desprecio de Herodes* (actualmente activa e coñecida como *Cofradia del SIlenco de Vigo*) socio cooperador da *Asociación Martín Codax* (MC, 01/03/1936).

[333] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 249-250.
De Carlos Rodríguez Souza, ademais desta reseña, e de que ocupaba unha vogalía no BN en xullo de 1935 (FDV, 24/07/1935), non temos ningunha outra información.

[334] FDV, 02/04/1935 para o PAE e FDV, 07/09/1933 para a CT

[335] Jerez Riesco, José Luís, *Los hijos del trueno. Historia de la Falange en Galicia*, Madrid, Ediciones Fines/Ediciones Esparta, 2018, pp. 120-121

nivel ideolóxico, non era máis que unha organización reaccionaria conservadora, que encaixaba perfectamente no perfil ideolóxico dos monárquicos vigueses á cabeza dos que se atopaba nese momento Gustavo Krukenberg[336]. Certo é que o PNE afirmaba que entre os seus obxectivos prioritarios estaba a formación dunha organización paramilitar, que parecía situalo como unha organización de novo cuño influenciada polas dinámicas das organizacións fascistas de carácter europeo. Non obstante, a realidade é que a formación desta rama paramilitar debe ser tomada non só como un obxectivo secundario, senón tamén como a aposta por unha organización similar ás vellas "partidas da porra"[337]. Sexa como fora, a clausura do seu local en agosto de 1932 foi suficiente para que a actividade do grupúsculo practicamente desaparecera da cidade.

Pouco máis dun ano haberá que agardar para a aparición do primeiro núcleo fascista ou teoricamente fascista. Será en decembro de 1933 cando se constitúa en Vigo FE. O grupo iniciador estaba composto por José Roca Soler, estudante de farmacia[338]; Basilio Ínsua Martínez[339], industrial; Javier Ozores Ochoa[340] e o seu pai Javier Ozores Pedrosa[341]

[336] Consignatario de buques de orixe alemán. Presentouse ás eleccións municipais de abril de 1931 na candidatura monárquica pero non resultou elixido. Estaba presente nos incidentes que se produciron na toma de posesión da corporación municipal en 1931 e segundo conta a prensa foi agredido por un grupo de obreiros concentrados na casa do Concello para impedir a entrada dos concelleiros monárquicos: "Momentos después de las siete, cuando ya la sesión había comenzado, pretendieron entrar en el Ayuntamiento los concejales monárquicos electos señores Lago Álvarez (presunto alcalde monárquico) y Macaya y el candidato derrotado señor Krukemberg. Al darse cuenta el público de la personalidad de los señores que pretendían romper la muralla humana que cercaba la Casa Consistorial, surgieron las protestas contra ellos y la política que representaban, en forma violentísima. Los señores Lago Alvarez, Macaya y Krukemberg no lograron pasar del portal del Ayuntamiento." (EPG, 25/04/1931).
Máis tarde denunciarían na prensa ultradereitista de Madrid que ese dia tiveron que abandonar as súas casas por temor a ser linchados (*El Debate*, 27/04/1931).
Con motivo do intento de golpe de estado do Xeneral Sanjurgo foi detido e a súa casa rexistrada. Aparece como afiliado a FE ao pouco tempo da súa fundación en Vigo e membro do no segundo triunvirato de FE-JONS en 1934 (Prado, Julio, *El fascismo en Galicia…* p. 90), ano no que ostenta tamén a Xefatura Provincial de Pontevedra. Nese ano prodúcese un feito estraño, segundo Gonzalo Amoedo, foi expulsado polo propio José Antonio ao resultar acusado de masón (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…* p. 132). O seguro é que en xullo de 1936 está na organización desempeñando cargos a nivel provincial, e en concreto a Xefatura Provincial de Presa e Propaganda entre abril de 1937 e 1938 (EPG, 09/04/1937). En marzo de 1937 accede á presidencia do Consello de Administración do Depósito Franco de Vigo (EPG, 16/03/1937) e en 1938 á Secretaría Provincial con carácter accidental como membro da Xunta de Mando Provincial de FET-JONS (AHPP, Xefatura Provincial de Pontevedra, correspondencia 1938 (1), caixa 162, p. 516). A súa actividade política decae a partir da vitoria dos sublevados, volvendo a aparecer publicamente como consumado xogador e introdutor do golf en cidade nos anos 60, tal e como nos recorda o seu club de toda a vida fundado en 1952 polo antigo *Guardia Cívico* Enrique Lorenzo Docampo na súa páxina web https://racvigo.com/el-club/).
Paga a pena destacar, xa que pensamos que é un bo exemplo, das "mutacións" da memoria e das "trampas" do oficio de biógrafo, a lembranza, inventada, que ofrece a súa filla, a afamada poetisa Carme Kruckenberg sobre o período que vai dende xullo de 1936 a abril de 1939. Xusto antes de se producir o golpe de estado, a familia trasládase a Portugal, seguro que Gustavo era coñecedor do que ía a suceder e quixo poñer aos seus seres queridos a resgardo por si acaso a tentativa non saíse ben. Segundo Carme, volven a finais de 1937: "Meu pai estivo en Portugal connosco até volvernos a Vigo". (Queixas, Mercedes, *Vivir, unha aventura irrepetíbel. Biografía de Mª do Carme Kruckenberg*, Vigo, Editorial Galaxia, 2011, pp. 59-60). Nada máis lonxe da realidade, está constatada a presencia de Gustavo Krukenberg dende os primeiros momentos da sublevación en Vigo. Pero tamén é curiosa a descrición que se fai da imaxinaria volta a Vigo de toda a familia, onde comprobaron "a brutalidade dos primeiros tempos da guerra" (Queixas, Mercedes, *Vivir, unha aventura…* p. 59), que parece nada tiña que ver cun dos máis destacados dirixentes da FE-JONS da provincia.
[337] González Calleja, Eduardo, *Contrarrevolucionarios: radicalización violenta de las derechas durante la Segunda República, 1931-1936*, Madrid, Alianza Editorial, 2011, p. 134.
[338] Militante en activo durante todo o período cronolóxico estudado. Nunca desempeña cargo algún dentro da organización. En abril de 1939 aparece como traballador en paro no listado de parados da *Oficina de Colocación Obrera* (AMV, ALC-27) o que non parece cadrar moi ben con ese tempo de privilexios para os que acadan a vitoria.
[339] Militante en activo durante todo o período cronolóxico estudado. Nunca desempeña cargo algún dentro da organización. Hai quen o sitúa como un dos asasinos falaxistas (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento*..., p. 216
[340] Membro do primeiro triunvirato en Vigo de FE-JONS (Prada, Julio, *El fascismo en Galicia*... p. 90). Participa activamente apoiando ao Exercito sublevado en Vigo o día 20 de xullo de 1936 (FDV, 03/03/1937). Ate a súa partida ao fronte participa

empresario; Jesús González Gándara[342];Guillermo Oya García-Barbón[343] estudante; Luís Álvarez Soto, empregado[344]; Constante Fernández Pasín, operador de cine[345];Enrique Gutierrez Mares[346] e Florencio Zamorano Mayor, funcionario municipal, que actuaría de conexión co antigo grupo do PNE que acabaría diluíndose na nova formación[347]. Este é o primeiro continxente da nova organización en Vigo[348]. Para o seu financiamento contarán co apoio dalgún dos seus membros, a propia familia Ochoa, así como doutro vello coñecido, o consignatario de buques Gustavo Krukemberg que inmediatamente pasará a militar no novo partido e axiña se converterá nun dos seus dirixentes. Pero tamén outros se sumaron á axuda da nova organización. Entre estes hai que destacar ao consulado alemán en Vigo que por medio o representante do partido nazi na cidade, Conrad Meyer colaboraron nos aportes económicos da primitiva FE[349].

As relacións persoais e as militancias compartidas entre grupos, fundamentalmente os militantes do PNE e das outras organizacións de dereita e extrema dereita da cidade, URD-AP-JAP- e BN fixo que en pouco tempo a nova organización experimentase un gran

---

nas partidas de asasinos falanxistas (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento*... p. 216). Morre na fronte a finais de febreiro de 1937.

341 Ex alcalde de A Coruña e ex Gobernador Civil de Huelva (Prada, Julio, *El fascismo en Galicia*... p. 71). Presidente da Unión Patriótica en Vigo en 1927. Primeiro presidente en Vigo do BN (FDV, 21/05/1936). Terá unha importancia capital na conspiración para o golpe en Vigo, como teremos ocasión de ver. Presidente da Cámara da propiedade en agosto de 1936. Nomeado membro da Xestora Municipal de Vigo (3ª xestora municipal dende o golpe de estado) en novembro de 1936 (EPG, 27/11/1936).

342 Non hai datos concretos máis ala de 1936. O sitúan como un dos participantes nas partidas se asasinos falanxistas (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento*... p. 216).

343 O seu pai é Guillermo Oya Lastres, presidente de Tranvías Eléctricos de Vigo. Non consta que ocupe cargo algún durante todo o período cronolóxico estudado. Se lle atribúe na participación na saca e posterior asasinato de presos (Abad Gallego, Xoán C., *Máis días negros*..., p. 60)

344 Durante o período estudado compaxina a militancia en FE-JONS e despois FET-JONS coa militancia na GCV, primeiro como cabo e despois como sarxento (FDV, 10/11/1936 e EPG, 01/08/1937).

345 En xuño de 1936 sufriu un atentado a mans dun grupo de militantes antifascistas (Abad Gallego, Xoán C., *Máis dias negros*... p. 16). Tesoureiro do Sindicato de Espectáculos Públicos da CONS na súa constitución en febreiro de 1937 (EPG, 10/02/1937), Subxefe de Escadra provisional na 1ª Centuria de FET-JONS (EPG, 07/08/1937) e ascendendo máis tarde a Xefe de Escadra da 3ª Centuria en febreiro de 1938 (FDV, 02/02/1938).

346 En agosto de 1936 é membro da Xefatura Local de FE-JONS e viaxa a Burgos encabezando unha delegación de FET-JONS de Vigo (FDV, 29/08/1936). Xefe Local do Sindicato de Artes Gráficas da CONS en outubro de 1936 (FDV, 21/10/1936) e posteriormente Xefe Local da CONS de Vigo en decembro de 1936 (EPG, 27/12/1936).

347 Participa nos incidentes en maio de 1933 onde un grupo de militantes do PNE cantan na rúa Galán a Marcha Real (Abad Gallego, Xoán C., *Máis días negros*... p. 16. Tamén está presente nos incidentes contra a visita a Vigo do Presidente da República en agosto de 1934 polo que resulta detido (EPG, 09/08/1934). Toma posesión da súa praza como funcionario interino de arbitrios en agosto de 1936 ante a escaseza de persoal polas suspensións decretadas tralo golpe (Actas da Comisión Gestora Municipal de Vigo (ACGMV) do 17/08/1936, AMV, 70.1). Non obstante a finais de 1939 se lle abre un expediente sancionador polo que será cesado como persoal municipal xa en 1940. Outro que tampouco parece gozar dos froitos da vitoria.

348 Con toda probabilidade, inmediatamente acompañarán a ese grupo fundador de 10 homes, outros seis que participan na primeira reunión formal de FE: Antonio Araujo Vázquez (estudante); Alejandro Arias Salgado, primeiro presidente do PNE en Vigo (FDV, 20/07/1932); Alfonso Durán Juncal (empregado mercantil), membro do Sindicato de Empregados Mercantiles da CONS en marzo de 1937 (EPG, 24/03/1937); Silvio Pérez Arias (estudante), incluído entre os falanxistas responsables da comisión de asasinatos (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…* p. 241), marcha á fronte en febreiro de 1937 (MC, 01/02/1937); Carlos Grobas e Pedro Hylas Palacios, estudante. Prada o sitúa como jonista, que de feito dáse de baixa da FE-JONS entre marzo e abril de 1935 polas tensións entre os dous sectores (Prada, Julio, *El fascismo en Galicia*… p. 130). Sexa así ou non, o pequeno grupo excisionista volvería á organización xusto despois do golpe de estado como teremos ocasión de explicar máis adiante. Hylas terá un destacado papel nos primeiros momentos da sublevación pola súa pertenza á Comisión de Abastecemento de FE-JONS que se encargará de todos os donativos con destino á *Bandera Legionaria Gallega* en primeira liña (EPG, 24/09/1936).

349 Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica*...p. 269.
Conrad Mayer era membro da colonia alemán en Vigo constituída por unhas 150 persoas e xefe dun núcleo do Partido Nazi que existía nesta colonia. Parece ser que tamén desenvolvía labores de espionaxe para o Reich (Viñas, Ángel, *La Alemania nazi y el 18 de julio*, Madrid, Alianza Editorial, 1974, pp. 41, 270, 274, 280-285 e 326).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

crecemento relativo, unificándose cos antigos militantes do PNE, sectores dereitistas e dende febreiro de 1934 as JONS. Aínda que hai constancia da existencia dun núcleo das JONS en Vigo, basicamente porque se coñece o primeiro triunvirato dirixente local da organización unificada resultante a FE-JONS (Alejandro Arias Salgado, Jesús González Gándara, Javier Ozores Ochoa e posteriormente Gustavo Krukenberg[350]), o certo é que o grupúsculo das JONS resultou sumamente opaco en e foi imposible a identificación dos seus membros.

Como dicíamos, todos estes novos aportes fan posible un crecemento da organización dende a fundación ate finais de 1934 relativamente importante, non en cifras absolutas pero si en relación ao exiguo continxente fundacional. Pásase dos 16 militantes iniciais en 1934 a 66 ao remate do ano, incrementándose ate os 109 en 1935 e 135 nas vésperas das eleccións de febreiro de 1936 (Gráfico 4).

Gráfico 4
Incremento afiliación a FE, FE-JONS antes de febreiro de 1936 en Vigo



Elaboración propia a partir de: Abad Gallego, Xoán C., *Mais días negros*... pp. 16 e 18, Jerez Riesgo, José L., *Los hijos del trueno*... p. 90, AV, 1939, p. 154, Prada, Julio, *El fascismo en Galicia*... p. 90, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1951, caixa 181, p. 181-182, 233 e 239, 1091-1099, e baleirado dos xornais FDV e EPG entre 1932 e 1939

Hai que ter en conta á hora de avaliar as cifras de afiliación que presentamos que non son unha estimación, senón que nos referimos a afiliados concretos, con nomes e apelidos concretos, e deben de ser consideradas como un mínimo[351]. Este volume de afiliación previa

[350] Prada, Julio, *El fascismo en Galicia*... p. 90.
Alejandro Arias Salgado en participaría no triunvirato por FE, tiña sido en xullo de 1932 presidente do PNE en Vigo. FDV, 20/07/1932.

[351] Á hora da cuantificación dos primeiros militante de FE-JONS existe un problema engadido á falla dunha fonte completa e única. Polas novas que aparecen na sección da prensa que se lle cede a organización interna de FE-JONS (e logo de FET-JONS) aparece existir un proceso de reafiliación ou cambio de carné (tamén se dará en 1938) que dificulta, nalgún caso, a identificación dos camisas vellas, xa que as novas sobre a afiliación na prensa refírense a estes cambios, non a afiliación orixinal. Ao mesmo tempo e posiblemente por razóns "prestixio" e privilexios, algúns afiliados refírense a si mesmos como camisas vellas cando a data de afiliación formal non se corresponde con esas afirmacións. Por exemplo, José Martínez Fuentes, traballador da banca, se refire a si mesmo como camisa vella nun pequeno artigo que escribe en memoria do

ao golpe de estado ven a botar por terra afirmacións de coetáneos, tanto partidarios como belixerantes que en ámbolos dous casos tenden a unha clara subvaloración dos efectivos da organización fascista, .

> "En Galicia éramos unos pocos. Unos habían surgido en Madrid a la sombra de José Antonio; otros en Santiago de Compostela entre (…) la Universidad; algunos éramos de los que en Valladolid, en la Universidad también, habíamos aprendido las enseñanzas secas y castellanas de Onésimo Redondo".[352]

> "Media docena de señoritos, habían intentado organizar la Falange en Vigo y habían tenido que desistir. Aquel grupito de jóvenes reaccionarios, que alardeaban de fascistas, formado por Hylass, Modina, Oya, Tajuelo, Torrado y algún otro, fue considerado simplemente como una peña pintoresca de señoritos ociosos y audaces, que querían asustar a los izquierdistas con sus bravatas y sus truculencias de lenguaje. El falangismo era en Vigo una frívola diversión para hijos de familias acomodadas, sin más trascendencia que el agrio resentimiento."[353]

O autor de época que máis se achega á realidade dos datos que manexamos en canto á afiliación a FE-JONS antes do golpe, quizais sexa Silva Ferreiro, que lle outorga ao redor dos 100 militantes.

Outro sinal que demostra o incremento de afiliación en Vigo é a distribución do voceiro da organización na cidade. O número de exemplares solicitados á dirección do xornal *Arriba* en a Madrid, entre os meses de xullo a novembro de 1935 experimenta un importante aumento (Gráfico 5)[354].

Este proceso de incremento da afiliación entre 1934 e principios de 1936 parece ser unha constante en todo o territorio galego. Aínda que aparentemente, si observamos o Gráfico 4, o ritmo de crecemento diminúe ostensiblemente en 1936, esta impresión é falsa, xa que non debemos esquecer que nese ano tan só aportamos datos de xaneiro e febreiro antes do día 14.

---

primeiro caído falanxista, José Collazo Campos ("A la memoria de un camarada amigo", FDV, 10/12/1936), cando a realidade é que a súa afiliación consta en novembro de 1936 (EPG, 01/11/1936). O mesmo ocorre pero en sentido inverso con José Domínguez Sánchez, empregado de profesión, membro da Xunta de Mando Local en novembro de 1935 desempeñando a xefatura de prensa e propaganda, subxefe de centuria en xaneiro de 1937, momento no que se lle cita no local da organización para facerlle entrega do seu carné (EPG, 21/01/1937).

[352] Moure Mariño, Luis, *Galicia en la guerra*, Madrid, Ediciones españolas, 1939, p. 33.

[353] Anónimo, *O que fixeron en Galicia. 1936*, Vigo, A Nosa Terra [1938], 1998, pp. 33-34

[354] A fonte, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1943, caixa 161, p. 1767 non específica o número de exemplares vendidos no número 17 do xornal, pero si di que estes se venderon todos e previamente tamén afirma que os que regularmente se enviaban era 50 exemplares, polo que tomamos este número como o de xornais vendidos do número 17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Elaboración propia a partir de AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondecia 1935-1943, caixa 161, p. 1767

O que si debe ser sometido a revisión é a visión da nova organización como un pequeno núcleo pechado onde os e as súas militantes procedían dunhas poucas familias ricas. Si é certo que algúns dos seus militantes, os máis novos, procedían familias da elite económica de Vigo, pero estes non foron en ningún momento a maioría dos seus militantes. Así, se confirma para o caso de Vigo a tese sostida por Prada en relación á existencia de dous momentos no proceso de crecemento de FE/FE-JONS. Si na etapa formativa si houbo preponderancia de vínculos familiares, a partir dunha segunda etapa de desenvolvemento estes tenderon a difuminarse, cando menos numericamente. Aínda así a capacidade económica e a influenza social seguiu estando, pensamos, en mans deste grupo[355]. En todo caso, a vinculación dos afiliados por relacións de carácter profesional ou de amizade non debe ser empregada como unha característica do partido fascista español, xa que a procedencia de novos militantes dos círculos de amigos ou compañeiros de traballo non ten nada de particular nin de destacable, de feito e onde se produce lóxica e habitualmente captación de novos militantes nas organizacións políticas, xa que é onde se establecen a maioría de relacións sociais. En relación aos vínculos familiares, no caso concreto de Vigo, si ben é certo que en 1934, no proceso de consolidación e primeira ampliación do grupo fundador, o peso numérico dos familiares é considerable (Gráfico 6)[356] a partir dese ano prodúcese á vez que o despegue organizativo, unha significativa redución desta compoñente familiar ampliándose deste xeito a base da organización con novos aportes de novas redes persoais.

[355] Prada, Julio, *El fascismo en Galicia…* p. 120
[356] Os datos refírense ao primeiro e segundo grao de consanguinidade.

Gráfico 6
Coincidencia familiar en militancia FE, FE-JONS



Elaboración propia a partir dos listados de afiliados a FE-JONS, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento

Tamén debemos destacar a presenza de mulleres afiliadas, en concreto 16 o que veñen a supoñer o 11,85 % do total dos afiliados, unha cantidade nada desprezable tendo en conta a escasa relevancia que ate o de agora se lle tiña dado a presenza feminina *Falange*. Pero a súa importancia acrecéntase mais si temos en conta que desas 16, 11 se afiliaron no primeiro o ano de vida da organización[357]. Esta presenza de mulleres dende os primeiros momentos de actividade fai aínda máis crible a afirmación de Gonzalo Amoedo sobre a fundación da Sección Feminina en Vigo xa en 1935, no que podería ser unha das primeiras, senón a primeira organización feminina de FE-JONS de todo o Estado Español[358]. De feito a elixida, segundo Amoedo pola propia Pilar Primo de Rivera, para a dirección desta primeira Sección Feminina encaixa perfectamente nese papel. Estamos falando de María de los Dolores Ozores Ochoa, irmán e filla de dous dos fundadores de FE en Vigo, afiliada en outubro de 1934, presidenta da Sección Feminina en setembro de 1936 e Xefa Local en abril de 1937[359]. Pero non só María de los Dolores destaca entre as militantes femininas de primeira época, tamén comeza a súa militancia antes das eleccións de febreiro de 1936, María del Pilar Lago Núñez, unha estudante que chega a participar como oradora nos mitins do Sindicato Español Universitario (SEU)[360] e que pouco tempo despois converterase, primeiro, na Delegada

[357] En concreto as afiliadas son: Margarita Villamarían Perez (afiliada en marzo de 1934), María del Carmen Sobral Costas (afiliada en febreiro de 1936 antes das eleccións), María Luísa Sabadá San Frutos (afiliada en xuño de 1934), Pepita Fernández Azcoitia (Afiliada en xaneiro de 1934), Gloria Calvo Lorenzo (afiliada en abril de 1934), Leonarda Calvo Lorenzo (afiliada en agosto de 1934), Maria Collazo (afiliada en agosto de 1934), Dora Costas Montenegro (afiliada en novembro de 1934), Milagros Figueroa Poyán (afiliada en febreiro de 1936 antes das eleccións), Maria Mercedes Lago Núñez (afiliada en febreiro de 1936 antes das eleccións), Isaura Pardiñero Pedrera (afiliada en outubro de 1934), María Teresa Pascual Hevia (afiliada en xuño de 1934) e Pilar Rodríguez Falque (afiliada en xuño de 1934). AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 233 e ss

[358] Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento*… p. 480

[359] AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 233, EPG, 12/09/1936 e 11/04/1937.

[360] En concreto María del Pilar Lago Núñez participa no como oradora no mitin do día de San Tomás de Aquino en Vigo en 1937 (EPG, 09/03/1937).

Provincial da "Hermandad Campo-Ciudad", e dous meses máis tarde na Secretaria Nacional do mesmo organismo[361]. Posiblemente esta precocidade no desenvolvemento da organización de mulleres da FE-JONS en Vigo teña que ver co grao de politización das mulleres da URD local e cos seus enfrontamentos cos homes da organización por sumarse a AP, tal e como xa temos visto.

A vida da organización en Vigo está marcada principalmente por tres feitos: a excisión das JONS, o férreo control a que está sometida por parte das organizacións de carácter obreiro e os intentos infrutuosos por penetrar no mundo do traballo consecuencia da súa composición de clase..

O primeiro acontece en xaneiro de 1935 como consecuencia da marcha de Ramiro Ledesma da FE-JONS. En Vigo, parece ser que un pequeno grupo de militantes abandona a organización[362], e aínda que a maioría deles parece retoma a militancia pouco tempo despois, non obstante puidemos constatar a existencia dunhas JONS que non seguen a disciplina de FE-JONS e que continúan activas ate, cando menos, agosto de 1936 momento no que saen á luz pública facendo un chamamento ao ingreso nas milicias nacionais.

> "Las antiguas JONS que bajo la Jefatura Nacional de Ramiro Ledesma Ramos luchan en vanguardia contra todo lo que signifique marxismo, se dirigen a sus afiliados y simpatizantes para que ingresen las Milicias Nacionales organizadas en Burgos por la Junta de Defensa Nacional.
> Todos los jonistas deben responder a este llamamiento que a solicitud de Ramiro Ledesma Ramos hacemos público."[363]

Pero antes do golpe e ante a propaganda destas JONS independentes, FE-JONS ten que saír publicamente a manifestar que ese grupo non garda relación algunha con eles[364]. De todos xeitos, a cantidade de elementos escindidos quizais pola falla de apoios do grupo, non minorou en absoluto o proceso de crecemento experimentado por FE-JONS como se pode apreciar no Gráfico 4[365].

O segundo feito, a presión e o acoso por parte das organizacións obreiras non se exerceu simplemente, a través actos multitudinarios de protesta xenérica contra o fascismo ou contra a presenza concreta de fascistas, como os actos convocados contra o establecemento de FE en Vigo dos que xa dimos referencia noutro lugar, senón, mediante unha presión constante contra os membros coñecidos da organización. Así lle acontece a José Llopiz Méndez en novembro de 1935. Llopiz era o responsable da recepción da propaganda da organización en Vigo, concretamente, dos exemplares destinados a Vigo do xornal *Arriba*. Pero nunha carta enviada ao administrador do xornal, previo informe ao Xefe Local de Vigo, Felipe Bárcena, prégalle ao administrador do voceiro que deixen de enviarlle a el a propaganda

[361] EPG, 12/06/1937 e 12/08/1937. Pilar rematará a súa carreira política en 1939 como Xefa Local da Sección Femenina de Vigo (AV, 1939).
[362] Prada, Julio, *El fascismo en Galicia…* p. 130
[363] FDV, 05/08/1936
[364] EPG, 22/12/1935.
[365] Cómpre tamén precisar que a presenza deste grupo así como a súa opacidade con seguridade fai que na análise dos efectivos de FE-JONS esteamos incluíndo a algún dos seus membros.

"(...) pues por ser sobradamente conocido por mi arraigado falangismo, nada tendría de particular que el cerco de todas clases que se me tienen hecho, se estrechase hasta la asfisia (sic)."[366]

O terceiro feito que marca o desenvolvemento de FE-JONS nestes anos formativos é a incapacidade para nutrirse nos medios obreiros da cidade. Esta incapacidade non hai que atribuíla, exclusivamente, á competencia coas organizacións de carácter proletario, senón a súa propia configuración social interna tal e como indica o Gráfico 7.

Gráfico 7
Extracción socioprofesional dos militantes de FE-JONS
1934- febr. 1936



Elaboración propia

De feito, a presenza non disimulada de destacados membros da burguesía empresarial entre as súas ringleiras, a colaboración coas autoridades con motivo da folga revolucionaria de outubro de 1934 e os contactos a través dalgún dos seus militantes máis destacados coas organizacións de dereita monárquica configurarían unha organización percibida como allea á clase obreira. Estes contactos coa dereita reaccionaria monárquica resultaban evidentes coa presenza entre os seus militantes de Javier Ozores Pedrosa, que como xa mencionamos era un antigo membro da UP e dirixente local do BN[367]. Pero non só, Juán Cerqueira Domínguez[368] importante militante falanxista dende pouco tempo despois da fundación situaba socialmente á organización moi lonxe das aspiracións dos traballadores, máis, tratándose dun empresario do sector da conserva co que tantos conflitos tiveran os traballadores anarcosindicalistas e cos

[366] AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1762.
[367] A referencia á pertenza de Ozores Pedrosa á dirección local do BN é de maio de 1935, con total seguridade estaríamos ante un caso de dobre militancia.
[368] Juan Cerqueira Domínguez forma parte do grupo conspirador en Vigo. Participa na constitución da primeira Xestora Municipal o 23 de Xullo de 1936 e dirixe a organización falanxista dende setembro do mesmo ano para posteriormente pasar a ocupar o cargo de tesoureiro de FET-JONS en 1937. FDV, 27/07/1936, EPG, 01/09/1936 e FDV, 12/09/1937.

que aínda sostería un duro conflito no momento xusto da sublevación polo prezo mínimo da sardiña. Ao mesmo tempo, e facendo de ponte entre a FE-JONS e as organizacións monárquicas, coquetea coa organización outro representante das familias da conserva de Vigo, Juan Curbera Solleiro, membro da directiva da URD en 1934 e presente nas primeiras reunións de FE-JONS[369]. Xunto con Domingo Vidal Bretal, membro da Asociación Patronal de Armadores de Buques de Pesca "La Marítima" de Bouzas célebre polo lock-out pesqueiro de 1932 e os fillos do empresario Estanislao Nuñez Barrios, Eduardo, Joaquín e Ramón Nuñez Saavedra configurarán o núcleo duro empresarial falanxista de antes do golpe de estado. Cun escaso 6% de militantes pertencentes aos sectores industriais da cidade, estrutura social interna parece estar moi lonxe do descrito para outras zonas do Estado español, onde a dependencia directa e persoal da elite económica fixo que a presenza de militantes dos substratos máis baixos do proletariado (urbano e rural) ocuparan un espazo de relativa importancia nesta primeira FE-JONS[370].

Esta base social caracterizada a nivel político pola mestura de elementos provenientes de sectores da Ditadura de Primo, albiñanistas reaccionarios e membros activos dos dous sectores monárquicos máis significativos, URD-AP e BN, configuran unha organización hibrida ideoloxicamente falando que se definía a si mesma en negativo, xa que as veleidades revolucionarias dos seus mozos radicalizados tiñan ou debían ter escaso eco entre o importante, cualitativa e cuantitativamente falando, sector empresarial. A presenza desta mestura configura un escenario de dobres militancias entre as forzas anti republicanas como unha constante ao logo da vida da FE e FE-JONS e debe considerarse, cando menos a nivel local, como unha situación de absoluta normalidade. Só así se pode entender que, incluso despois do golpe de estado, esta situación de dobres militancias, poda constatarse a nivel público. Así, en setembro de 1936, un coñecido militante de FE-JONS, José García Reboreda do que xa temos falado, simultánea esta militancia coa presidencia do BN local. Será o mesmo Xefe Nacional de FE-JONS, Manuel Hedilla, quen tome cartas no asunto despois de ler no EPG que Garcia Reboreda dirixiu, en calidade de presidente do BN, un acto de homenaxe a Carlos de Borbón con motivo da súa morte en combate.

> "Es perfectamente inadmisible que quien pertenezca a Falange pueda aparecer como miembro de organizaciones políticas distintas.
> Por consiguiente te ordeno que hagas saber a José Garcia (sic) Reboredo (sic) que tiene que hacer público que únicamente (sic) pertenece a Falange Española o que de lo contrario publicamente (sic) será dado de baja en la Organización.
> Como hay que terminar con estos confusionismos peligrosos, procederás a solventar esta cuestión en la forma indicada con la máxima diligencia."[371]

Loxicamente a actividade da organización antes do golpe de estado está fortemente condicionada por esa influenza da dereita reaccionaria e dos sectores empresariais, e caracterizarase por un intento de disputarlle o espazo público, as rúas, ás organizacións

[369]FDV, 09/01/1934 e Prada, Julio, *El fascismo en Galicia…* p. 90

[370] Parejo Fernández, José A., *La Falange en la Sierra Norte de Sevilla (1934-1956)*, Sevilla, Universidade de Sevilla, Ateneo de Sevilla, 2007

[371]Comunicación da Xefatura da Xunta de Mando Provisional de Burgos á Xefatura Provincial de Pontevedra, datada o 6 de novembro de 1936, en AHPP, Xefatura Provincial de Pontevedra, correspondencia 1936-1939, caixa 186, p. 639. A realidade é que García Reboreda continuou representando ao BN ate a súa disolución en maio de 1937 (FDV, 04/05/1937) e que en todo o período ate 1939 non localizamos ningunha comunicación pública da súa expulsión de FE-JONS ou FET-JONS por motivo algún.

obreiras locais. Neste infrutuoso intento desenvolveranse unha serie de accións de carácter eminentemente violento, de enfrontamento físico, cos sectores obreiros. Pero estes enfrontamentos realízanse nunha situación de total desvantaxe para os mozos da FE-JONS ante a potencia dos grupos obreiros. En xuño de 1934 protagonizarán unha agresión a un grupo de militantes esquerdistas e en agosto outra a un mozo comunista[372]. No mesmo mes de agosto de 1934 tamén participan en altercados durante a visita do Presidente da República, Alcalá Zamora, a Vigo e un ano máis tarde, en xuño, un gran número de afiliados serán detidos no seu local en posesión de multitude de armas cortas e garrotes[373]. Unha mostra da importancia destas actividades na dinámica política da organización e a expulsión, por covardía e "falta de decisión al ser atacado por elementos marxistas" do carabineiro retirado Emilio López Oliver[374]. A desvantaxe na acción violenta na rúa significou a súa incapacidade para disputar o espazo público ás organizacións de carácter obreiro. Esta incapacidade está escenificada na resposta, que dende os grupos de acción libertarios, danlle á ameza a un dos seus líderes por parte dos mozos falanxistas a principios de 1936. Nun contexto de forte tensión e violencia producida pola folga xeral no sector do metal, pero tamén de tensión política derivada da campaña electoral de febreiro de 1936, os mozos falanxistas ameazan de morte a un destacado dirixente anarcosindicalista, Luís Quintas Figueroa. O asunto se trata nunha reunión do seu grupo de afinidade[375] ao que pertencía Quintas que decide, directamente, eliminar a ameaza eliminando aos falanxistas. Elíxese un día de reunión na sede de FE-JONS para levalo a cabo, o 7 de febreiro de 1936. O atentado finalmente se salda cun morto de cada parte, pero lle indicará a FE-JONS onde estaban establecidos os límites da súa aposta pola violencia e significará, tamén o inicio do seu martiroloxio local[376]: o morto, Luís Collazo Campos, será a primeira baixa da organización en Vigo, o número 26 a nivel estatal[377].

Esta preeminencia da acción de rúa, aínda con escasa incidencia real, faise dun xeito simultáneo cos intentos de penetrar no mundo do traballo. A imitación da UGT e CNT locais, FE-JONS fai publica a apertura dunha bolsa de traballo para que se inscriban os traballadores en paro e organizar a súa colocación[378]. Pero aínda que as formas sexa iguais, o xeito de conseguir esa colocación difería substancialmente. Mentres as organizacións sindicais forzaron a través do conflito a cesión nalgún sector da xestión das novas contratacións, a

[372]Abad Gallego, Xoán C., *Máis días negros...*, p. 18
[373]EPG, 09/08/1934, 15/06/1935 e 16/06/1935.
[374]AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, correspondencia 1940 (1), caixa 167, p. 323.
[375]Os Grupos de afinidade libertarios eran grupos, polo xeral de mozos, cuns estreitos lazos persoais similares aos grupos da FAI pero sen necesidade de vinculación a esa nin a ningunha outra organización. En concreto este grupo (chamado en medios confederación como "La Capilla") estaba composto cando menos polo propio Quintas (Sindicato de Oficios Varios da FSUL), Fernando Román Rodríguez (SUM), Robustiano Figueira Villar (o morto por parte libertaria, SUM), Andrés Arias Martínez (JJ.LL.), Leopoldo Comesaña (SUM), Ramón de la Torre Boullosa (JJ.LL.), Antonio Ribeiro (JJ.LL.). Todos eles, agás o propio Quintas e Román, son asasinados entre 1936 e 1939.
[376]Todas as referencias, a toma da decisión do atentado, o lugar onde se decide e o porque do mesmo nolo contou un dos seus protagonistas, Fernando Román Rodríguez, membro fundador das JJ.LL. e secretario do SUM da CNT no momento dos feitos en entrevista mantida o 12/06/1991. Contrastan as súas explicación co folletinesco relato ofrecido en Abad, Xoán C., *Máis días negros…*, pp. 29-37.
[377] O impacto do suceso conmocionou a toda a organización que días despois comeza a mandar comunicados de apoio ao Xefe Local de Vigo, Felipe Bárcena pola "enérgica actitud de esa J.O.N.S. que da muestra la disciplina y espíritu Falangista que posee." Comunicación da FE-JONS de Sevilla á FE-JONS de Vigo o 19 de febreiro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1760.
[378]"(...) invitan a todos los obreros sin trabajo, acudan a su domicilio sindical, Joaquín Yánez, 7, entresuelo, para incluirlos en sus listas de parados", FDV, 13/12/1935

táctica da FE-JONS está máis relacionada coa consecución de traballo a través de redes clientelares establecidas polos patróns militantes[379].

Pero a verdadeira actividade que desenvolve FE-JONS é de preparación. A chegada á Xefatura Provincial de Pontevedra de Daniel Buhigas Olavarrieta en marzo de 1935 desprazando ao vigués Gustavo Krukenberg, e o nomeamento de Felipe Bárcena de Castro como Xefe Local en abril de 1935 supón un salto organizativo. A Xefatura Provincial inicia unha labor de control e centralización das actividades, mentres que a local inicia unha reorganización que culmina coa fundación do SEU en decembro dese mesmo ano[380]. O máis significativo deste cambio de rumbo é a preeminencia que os novos mandos lle outorgan á estrutura paramiliar. Buhigas ordena que aínda que se manteña a organización clásica en centurias e escuadras, incrementar á preparación e a coordinación destas estruturas. As escuadras a partir dese momento estarán

> "(…) rigorosamente (sic) militarizadas, se destinan a la función de choque. Sus Jefes mantendrán contacto incesante con quienes las integren y los instruirán convenientemente."[381]

Esta nova misión das escuadras mestúrase cun troco organizativo profundo que pretendía integrar nas estruturas do partido a aqueles afiliados que o seu nivel de compromiso e arroxo non fora suficiente para integrarse nunha destas novas escuadras de choque. Este troco obedece a intención de integrar dun xeito efectivo aos afiliados maiores ou aos que a súa posición social non lle permitira unha participación máis violenta. A partir dese momento, integraranse na organización a través dunha estrutura celular. Cada célula estará conformada por 10 afiliados, baixo o mando dun Xefe de Célula.

Ás mudanzas organizativas internas propostas se lle engadían outras que pretendían expandir a organización polos concellos limítrofes daqueles nos que xa existía o partido. Para este fin ordenábase establecer

> "(…) contacto con una persona al menos, de los pueblos cercanos, que se encargue de fomentar el espíritu falangista y facilitar la labor de propaganda. Por lo tanto cada Jefe Local, buscará en los pueblos inmediatos esa persona y lo comunicará a esta Jefatura Provincial, a la mayor urgencia."[382]

Complétanse as medidas cun intento de aumentar a recadación no que atinxe ao financiamento do xornal da organización "Arriba", dando garantías aqueles que queiran contribuír do seu anonimato.

Este cambio cara a militarización coincide temporalmente co inicio da activación das liñas de división por parte dos emprendedores políticos previo á convocatoria das eleccións de febreiro de 1936. Esta claro que FE-JONS a nivel de base comeza a adecuar as súas estruturas ao desenvolvemento dun xeito organizado e centralizado da acción violenta. A propia vida

[379] Este xeito de proceder está constatado en Galiza para a provincia de Ourense por Julio Prada. Prada, J. *El fascismo en Galicia…*

[380] EPG, 28/12/1935

[381] Orde Circular Extraordinaria da Xefatura Provincial de Pontevedra ás xefaturas locais de 20 de setembro de 1935 en, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 589-590

[382] Orde Circular Extraordinaria da Xefatura Provincial de Pontevedra ás xefaturas locais de 20 de setembro de 1935 en, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 589-590

interna da organización inicia un troco que incluso ten reflexo nas comunicacións entre os seus órganos e dirixentes, algunha das cales comezan a efectuarse en cifrado:

"Querido Camarada:

> 12.565
> 976293117603-377454003860-9741819734-2215332699-
> 860479141082523488-1315987637174904.
>
> Mandar una escuadra de primera para el Domingo por la mañana, supongo que ya sabrás para lo que es.
>
> Un saludo nacional-sindicalista"[383]

[383] Comunicación entre o Secretario Provincial de Pontevedra, Joaquin R.A. Morquecho Posse e un membro da Xefatura Local da Estrada, Rogelio Gil Carballido, en novembro de 1935, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, correspondencia 1935-1951, caixa 181, p. 607

5. A VIDA COTIÁN: CULTURA, DEPORTE, LECER E REDES NUNHA SOCIEDADE DEMOCRÁTICA

As conquistas sociais que se producen dende finais do século XIX fixeron posible que a vella reivindicación dos tres 8 que Robert Owen formulara alá por 1810 fóra cumpríndose pouco a pouco. A redución da xornada laboral pola acción das organizacións sindicais fixo posible que os traballadores tiveran tempo dispoñible de seu. A existencia deste novo tempo, propiciou o nacemento e a reconversión das organizacións que pretendían enchelo cunha serie de actividades, que ían dende o divertimento ate a formación cultural, pasando polo deporte, actividades todas, ou a maior parte delas, ate ese momento reservadas, case en exclusiva, ás clases reitoras da sociedade. Ao mesmo tempo, o desenvolvemento técnico e a conseguinte electrificación das cidades posibilitou que a noite non fora impedimento para ocupar as rúas urbanas, para asistir a unha velada teatral ou a unha sesión de cine. Esta ocupación dos espazos públicos contribuirá a súa politización, converténdose nun marco de disputa política en loita pola súa apropiación.

Na metade dos anos 30 ámbalas dúas cousas, tempo e luz, eran unha realidade na contorna de Vigo. Organizacións de todo tipo e de todo signo que dende principios de século se lanzaran á conquista dese tempo novo desenvolvían unha actividade, por momentos frenética, en toda a cidade e a súa contorna.

> "(...) ahora no son sólo las ciudades con sus centros de enseñanza, las que sienten el imperativo categórico de laborar por el aumento del nivel cultural, sino que también el agro reacciona de seu (sic), y emprende sin subvenciones del Estado una serie de trabajos encaminados a superarse. Y estas ansias de "ser" que tienen los muchachos campesinos (…) es tan noble, que trabajan en ella con tanto cariño y hermandad, que su triunfo es más claro que la luz del día.
> Luz y día es lo que necesitan, porque ya sus antepasados vivieron la noche, ya la padecieron durante siglos."[384]

Na orixinal e pioneira proposta de Victor Oia sobre o estudo da vida cotiá durante o quinquenio republicano na contorna de Vigo, argumentaba que todas aquelas prácticas cotiáns desenvolvidas ou nas que participaran traballadores e traballadoras e que non foran consideradas estritamente como traballo, debían considerarse como periféricas, en tanto en canto a actividade diaria central dos traballadores era ocupada polo traballo[385]. Nós non pretendemos facer unha análise exclusivamente desta periferia do asociacionismo obreiro de carácter sindical, senón un achegamento ao conxunto da sociedade, evidentemente non exhaustivo, xa que por si só sería tema dunha investigación en exclusiva. Tamén, tal e como argumentamos na introdución, é obxectivo desta parte da nosa investigación desbotar ou afirmar a existencia dun proceso de "rearme" cultural e social posterior ao trunfo da FP nas eleccións de febreiro de 1936, e de ser así, indagar sobre os seus elementos máis característicos. Consecuentemente, faremos fincapé nas diferenzas que puideran existir entre os dous períodos, setembro de 1935 a febreiro de 1936 e dende este ao golpe de estado.

[384] Valenzuela, Ramón de, "Programa y propósitos de la Organización. Federación de Juventudes Culturales y Recreativas de Pontevedra" en EPG 23/05/1936.
[385] Oia, Victor, "Asociacionismo na periferia do traballo… pp. 193-194

Partimos da seguridade de que o período republicano no seu conxunto supuxo a expansión, practicamente sen precedentes na historia do Estado español, no desenvolvemento dende os sectores subordinados social e economicamente falando, pero non só deles, senón do conxunto da sociedade, das actividades culturais, de lecer e deportivas que son parte fundamental na conformación da vida cotián. A extensión deste tipo de actividades á maioría dos sectores sociais, na maioría dos casos dende unhas experiencias auto organizadas, contribuíu decisivamente a crear unha sociedade civil que se caracterizaba polo seu dinamismo.

> "Instaurada la República (...) esa masa de ciudadanos irrumpió en la política, haciendo sentir desde el primer instante a los Poderes Públicos su presencia activa y exigente y a la vez, gracias a las mejoras que rápidamente lograron en sus jornales y sueldos, tomaron posiciones en la vida social, disfrutando legítimamente de las comodidades que el vivir moderno pone al alcance de los más modestos. La práctica de los deportes, las giras al campo y a la montaña y los cinematógrafos, influyeron no poco en el cambio sensible operado en la mentalidad de las clases medias y proletarias en los últimos cinco años."[386]

Pretendemos facer unha análise cuantitativa e cualitativa deste tipo de actividade que nos permita debuxar un panorama máis completo da sociedade republicana nunha cidade obreira, pero tamén, como xa temos advertido, cunha importante compoñente rural e periférica no Estado español. Dito isto, e como primeiro paso temos que clarexar unha serie de cuestións.

En primeiro lugar, advertir que quedan fora da parte cuantitativa da nosa análise as iniciativas culturais, deportivas e de lecer que teñen como axente organizador ás propias empresas de espectáculos: entre elas, a máis significada en Vigo, o *Teatro García Barbón* e os dous clubes deportivos profesionais que existían na cidade, o *Celta de Vigo* e o *Vigo Sporting*. Tamén excluímos aqueloutras actividades organizadas por calquera tipo de administración – esta exclusión afecta basicamente á actividade desenvolvida polos concellos, o de Vigo e o de Lavadores-, centrándonos, exclusivamente na iniciativa privada colectiva e non profesional estritamente falando.

En segundo lugar, só tomamos en consideración aquelas organizacións con actividade real demostrable durante o período cronolóxico de referencia. Sabemos que no rexistro de asociacións existen máis organizacións que as que nós analizamos, pero, ou non tiveron actividade entre setembro de 1935 e xullo de 1936 ou si a tiveron non esta non tivo reflexo na prensa.

Á hora de desenvolver a nosa análise dividimos en tres grupos as organizacións que traballan no eido do lecer, do deporte ou da cultura. Optamos para facer a clasificación por un criterio de adscrición política non partidista, senón de carácter xeral[387]. Definimos un primeiro grupo

[386] Maura, Miguel, "La República en el presente y en el porvenir. Una política de suicidas", EPG, 18/06/1936

[387] No traballo de Victor Oia establécese, tamén, unha tripla catalogación, pero o obxectivo do estudo non é o lecer no seu conxunto senón o lecer dende unha visión exclusivamente obreira, polo que a súa catalogación céntrase en criterios ideolóxicos e non políticos, así el opta por organizacións de tipo socialista, anarquista e mixtas (Oia, Victor, "*Asociacionismo na periferia do traballo…*). Pola súa parte, Pere Gabriel, tamén establece unha división en tres grupos, pero no seu caso emprega unha mestura de criterios. Así divídeas en organizacións apolíticas e de carácter multifuncional (que na nosa clasificación se correspondería coas non adscritas politicamente), as esquerdistas e as que desenvolven as súas actividades

como o formado por organizacións que teñen uns postulados claramente dereitistas[388]; un segundo grupo formado polas que teñen unha adscrición obreirista-esquerdista[389] e un terceiro polas que non é identificable, por irrelevante na súa actividade, a súa adscrición política.[390].Evidentemente, para realizar esta clasificación por adscrición política, non tivemos en conta unha suposta compoñente de clase. Por exemplo, sabemos que os casinos fronte aos ateneos adoitan agrupar a socios adiñeirados, pero non hai dúbida que había persoas ben situadas economicamente que non responden á etiqueta política dereitista[391]. Ao mesmo tempo, a organización en si, neste caso concreto o *Casino de Vigo*, non nos consta que fixera declaración política concreta algunha sobre a súa orientación política. Quen fala do *Casino de Vigo*, pode falar do *Círculo Mercantil e Industrial de Vigo* ou do *Liceo Marítimo de Bouzas*, entre outros. Polo tanto, só incluídos como dereitistas ou esquerdistas aquelas organizacións que así o tiveran declarado ou que as súas accións así o revelen. Isto non quere dicir que non sexan identificables posicións de elitismo cultural entendido como clasismo, aínda que este aparece reflectido maioritariamente nalgunhas das empresas de difusión cultural. Quizás o caso paradigmático sexa o Teatro García Barbón.

> "Hoy nos reunimos en el Teatro García Barbón. Esta es la consigna. Esta es la frase que durante toda la mañana ha circulado entre las más distinguidas familias viguesas."[392]

Estamos ante unha distinción xeral relativa ao público que asiste ou que a propia empresa quere captar para as diversas funcións do teatro. Así, incluso actos de idéntica natureza, serán

---

exclusivamente no eido do ocio e espectáculo (que no noso caso poderían estar en calquera dos tres grupos, dereitas, esquerdas ou no adscritas politicamente). (Gabriel, Pere, "Espacio urbano y articulación política…").

[388]Incluímos neste grupo para todo o período estudado a: AP, AMC, *Acción Católica* (se inclúe a súa rama feminina e da mocidade), *Agrupación Pro-Comedor de los Pobres de Bouzas*, *Asociación Hijas de Maria*, *Caballeros de la Hermandad del Santo Cristo de la Victoria*, *Casa de Caridad*, *Colegio Alemán*, SEU, URD, *Club de Campo* (inclúese pola procedencia partidista dos seus fundadores, URD e BN), *Comisión de Caballeros, Señoras y Señoritas de Lavadores*, *Escuela Nocturna Obrera* (ligada directamente aos sindicatos católicos da cidade), *Sociedad Cultural Agraria de Cabral* (é unha organización un tanto ecléctica da parroquia do concello de Lavadores que mantén posicións dereitistas no eido municipal ao tempo que da acubillo a todo disidente -comunistas, radicais, monárquicos…- coa outra organizacións agraria parroquial, o *Sindicato de Agricultores Productores de Cabral*)

[389]*Agrupación Cultural Deportiva Obrera de Vigo*, *Amigos de la URSS*, *Asociación Cultural "El Libro"*, *Ateneo Cultural Deportivo Obrero de Lavadores*, *Ateneo de Divulgación Social de Lavadores*, *Ateneo Obrero de Divulgación Social, Ayuda Mútua de Tranviarios*, *Casa del Pueblo* (incluímos aquí a actividade, demais da propia Casa, das organizacións vinculadas a ela e a FLS da UGT: *Agrupación Socialista de Lavadores, Agrupación Socialista de Vigo, Federaciónde Trabajadores de la Enseñanza, Grupo Artístico "Pablo Iglesias", Sindicato Metalúrgico, Sindicato de Trabajadores de la Banca de Vigo* e *Sociedad de Camareros, Cocineros y similares*), *Comité Infantil de Ayuda a los Huerfanos de Asturias, Comité Pro Olimpiada Popular de Lavadores, Coro Airiños do Mar, Cuadro Artístico "Máximo Gorki", Cuadro de Declamación "La Estrella" de Sárdoma,* FAP, FLSU, *Frente Juvenil de Izquierda*, FP, IR, *Mujeres contra la guerra y el fascismo*, *Radio Comunista*, PG, *Sindicato Agrícola de Matamá*, *Sindicato Agrícola y Ganadero "La Reconsquista"*, *Sindicato de Agricultores de Beade "La Unión Campesina"*, *Sindicato de Agricultores de Corujo*, SAT, *Sociedad Coral "Queixumes dos Pinos*", *Sociedad Cultural La Aurora de Sárdoma*, *Sociedad "La Estrella" de Freixeiro*, *Sociedad Naturalista Gallega, Socorro Rojo Internacional, Unión de Trabajadores de las Fábricas de Conserva de Vigo y sus contornos* e UR.

[390]*Agrupación Artística de Lavadores*, *Agrupación Artística de Vigo*, *Agrupación Curros Enriquez*, *Agrupación Dramática Viguesa*, *Agrupación Cultural La Palomita*, *Aires del Marítimo*, *Asociación La Oliva*, *Ateneo Vigués*, *Atlántida H.C.*, *Casino de Vigo*, *Centro Compostelano*, *Centro Cultural Excursionista San Juan del Monte*, *Centro de Hijos de Vigo*, *Centro Excursionista de Galicia*, *Centro Orensano*, *Chao Sociedad Cultural*, *Círculo Mercantil*, *Club Náutico*, *Club Peñalara*, *Cuadro Artístico Musical Rosalía de Castro*, *Cultural Deportiva de Bouzas* ,*Exploradores de España (sección Vigo)*, *Grupo Deportivo Ryss-Rass*, *Liceo Artístico e Instructivo de Bouzas*, *Peña E mais si*, *Peña Excursionista La Chumba*, *Peña Excursionista Los Aceitunos*, *Peña Excursionista Peñón*, *Peña Excursionista Sportman*, *Peña Excursionista Helios*, *Peña Los Boyeros*, *Peña Los Traviesos*, *Peña Nosa Terra*, *Recreo Artístico de Teis*, *Sociedad Atlética de la Escuala de Artes y Oficios*, *Sociedad Coral San Lorenzo*, *Sociedad Filarmónica*, *Sociedad Gimnática Recreativa*, *Tragaldabas*, *Velo Club Vigués*.

[391] Villena, Rafael e López Villaverde, Angel L., "Hacia una caracterización del casino en la España contemporánea" *Hispania* LXIII/2, núm. 214, 2003

[392] EPG, 05/12/1935

publicitados ou noticiados destacando a presenza desas distinguidas familias viguesas. Este é o caso do Casino, clasificado como organización non adscrita:

> "Nuestra primera sociedad vió sus salones, en la noche de anteayer, al lleno completo. Lo más selecto de Vigo se díó cita en el Casino, donde una selecta orquesta (…)"[393].

Incluso, hai ocasións en que unha actividade asistencial –que tamén temos en conta na nosa análise- acompáñase dunha posición claramente clasista. Este é o caso doutra das organizacións de incluímos entre as non adscritas: o *Liceo Marítimo de Bouzas*. Unha organización dirixida e fundada polos pro homes da industria conserveira local que tanto protagonismo terán na represión a partir do 20 de xullo. O Liceo anuncia en decembro de 1935 a construción dun comedor para persoas pobres, asumindo así, tamén, unha misión asistencial-caritativa. Pero na nota que manda a prensa para realizar este anuncio, tamén informa que a súa directiva

> "hará una visita al señor alcalde para gestionar (…) destaque una brigada de policías urbanos para poner fin al vergonzoso espectáculo que supone la mendicidad en Bouzas."[394]

Deste xeito, compaxínase unha labor de caridade cos intentos de represión dos propios beneficiados daquela labor caritativa. Unha posición está que será constantemente reproducida despois de xullo de 1936 polas autoridades golpistas. Este desenvolvemento das actividades de caridade, habituais dende setembro de 1935 entre algunha das organizacións non adscritas politicamente, pero sobre todo, entre as de carácter dereitista, representa a "preocupación" de certas elites económicas pola situación das "clases baixas" que buscan ofrecer unha saída de "orde" á situación de necesidade que estas padecen. Será a súa particular visión da xustiza social, moi enraizada coa doutrina social da Igrexa que tamén será asumida plenamente polas autoridades golpistas. Neste eido asistencial hai que destacar a acción da *Sección Femenina* da URD. Esta, encamiñará a súa actuación a lograr 15 bolsas para nenos pobres no *Colegio de las Hermanas Franciscanas*, no Seixo, Lavadores[395]. Pero tamén desenvolverá unha labor formativa nos valores católico tradicionais a través da organización, nos locais da *Escuela Nocturna Obrera*, o centro do sindicalismo católico da cidade, unha catequeses carmelitana para nenos[396].

Pola contra, é moito máis sinxelo rastrexar á alternativa cultural dos traballadores ao ter unha expresión concreta en organizacións exclusivamente de seu. Esta alternativa axuda a configurar unha cultura política propia, un sistema de representación compartido como consecuencia da interacción de discursos e prácticas sociais[397]. Esta cultura política propia terá a súa manifestación máis evidente durante a última etapa do período republicano como teremos ocasión de ver máis adiante.

---

[393] EPG, 02/01/1936
[394] EPG, 05/12/1935
[395] Segundo a memoria popular neste colexio de Lavadores intalarase entre o 20 e o 22 de xullo de 1936 un centro de detención de elementos dereitistas.
[396] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica…* p. 229
[397] Gabriel, Pere, "Espacio urbano y articulación política..., pp. 117-118

Pasamos primeiramente a ofrecer unha ollada cuantitativa á actividade desenvolvida polos grupos definidos nos dous períodos de referencia, setembro de 1935-febreiro de 1936 e febreiro de 1936 ate o golpe de estado. As actividades que se inclúen na análise son de 12 tipos diferentes: bailes, veladas artísticas (teatro, declamacións poéticas, pezas de carácter cómico), conferencias culturais, actos de carácter reivindicativo social[398], actos reivindicativo social ou político mesturados con actividades recreativas previas ou posteriores, actos de carácter relixioso-mitins, concertos, deportes exclusivamente organizados directamente polas organizacións de referencia, actos de solidariedade, cine con exclusión do cine comercial, homenaxes e outros actos de carácter cultural ou de lecer [399].

> "No bastan ya, con todo su poder y reconocida eficacia, la sección de oficio multiplicada por la federación local y regional, necesitan centros instructivos recreativos, donde los obreros asociados y federados se traten, se familiaricen, se comuniquen, donde vayan sus esposas y sus hijos y la familia obrera se impregne de las ideas del provenir dirigidas a la libertad (...)"[400]

Entre setembro de 1935 e xullo de 1936 a actividade desenvolvida en cando á organización de eventos de carácter cultural e de lecer auto organizados é enorme, en concreto 267 actos de todo tipo en 6 meses, o que supón unha media de 1,43 actos por dia. Tan só estes dados, sen entrar en ningunha outra consideración, resultan certamente sorprendentes. Non obstante, o "reparto" de cada un deles nas diferentes organizacións, tanto formais como informais, independentemente do grupo de clasificación ao que pertezan, é máis ben pobre[401]. Son 65 organizacións as que participan con algún tipo de actividade, o que arroxa unha media de 4,11 actos para cada unha no período de 6 meses, menos dun acto ao mes[402].Este feito reflexa unha primeira conclusión de carácter xeral: as organizacións que realizan actividade cultural ou de lecer non se caracterizan pola súa capacidade organizadora, senón que a gran cantidade de actividade é consecuencia do gran abano de organizadores. Precisamente por iso cómpre afondar en cada organización para saber cales son as máis dinámicas e se existen diferencias salientables nese dinamismo entre elas. Si se analiza a súa actividade por grupos, dereitas, obreiristas-esquerda e non definidos politicamente como nos mostra o Gráfico 8, obsérvase que son as organizacións non adscritas politicamente as que fan que a media da actividade sexa tan alta[403].

[398] Inclúense neste ítem as actividade de caridade.
[399] Inclúense aquí a organización de escolas de ensino non regulado.
[400] *El Grito del Pueblo*, 04/11/1886, citado en Gabriel, Pere, "Espacio urbano y articulación...", p. 89
[401] Aínda que un dos autores de referencia neste tema, Javier Navarro, establece como diferencia fundamental entre actividade formais e informais a natureza da actividade organizada. Así, serían actividades informais os espectáculos, deportes, cafés, tabernas, prostitución... (Navarro, Javier, "Sociabilidad e historiografía...", p. 111), nós consideramos establecer a diferencia entre sociabilidade formal e informal non na actividade senón na organización que a leva a cabo. Será unha actividade formal a organizada por organizacións formalmente constituídas e informal a organizada por organizacións non formais, no noso caso concreto, as peñas, que no conxunto do período estudado teñen unha actividade centrada na organización de bailes e no excursionismo.
[402] Todos os datos proceden do baleirado dos xornais EPG e FDV entre o 1 de setembro de 1936 e o 15 de febreiro de 1936.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Gráfico 8
Número de actividades por grupo en relación á media total



Elaboración propia a partir do baleirado de EPG e FDV

Como pode observarse, esta situación non cambia de xeito significativo no período febreiro-xullo de 1936, aínda que si existe un importante aumento da actividade no seu conxunto. Dos 267 eventos pásase a 394, organizados, neste período, por 87 organizacións formais e/ou informais, polo que a nivel cuantitativo a hipótese inicial de que a vitoria da FP produce, indirectamente, un forte aumento da actividade cultural e de lecer confírmase. Pero é máis, este aumento non é aleatorio. Tal e como demostra o Gráfico 9 o crecemento experiméntase dun xeito acusado tanto nas organizacións sen adscrición política como nas que si a teñen dende unha posición obreirista-esquerdista, sendo moitísimo máis discreto nas organización de carácter dereitista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 9
Porcentaxe de aumento da actividade cultural entre set. 1935-feb. 1936 e feb.1936-xullo 1936



Elaboración propia a partir do baleirado do FDV e EPG dende setembro de 1936 a xullo de 1936

Pero ao mesmo tempo, si facemos unha escolla entre as actividades desenvolvidas a situación faise máis clara. As organizacións non adscritas politicamente fundamentan a súa preeminencia na organización de eventos, de xeito principal, de lecer, en concreto bailes e excursións[404] que supoñen o 74,80 % do conxunto da súa actividade no primeiro período e o 54,41% no segundo, unha baixada que non supón a perda do liderado neste tipo de eventos. Estes mesmos ítem só supoñen nas organizacións de dereita o 24,56% e 39,29% por período; para as organizacións da esquerda tan só un 8,33% no primeiro período e un 18,01% do segundo (Gráfico 10). A baixada na porcentaxe no grupo das organización non definidas e o aumento nos outros dous grupos é absolutamente lóxico se partimos das porcentaxes de todos no período anterior.

[404]Hai que ter en conta que neses momentos o excursionismo, como eles o chamaban, non era considerado estritamente unha actividade de lecer, senón unha actividade deportiva: "Por la presente se convoca a todos los grupos excursionistas y a todos los que practican este sano y viril deporte, a la reunión que tendrá lugar hoy, a los ocho de la noche en Cervantes, 5, bajo." Convocatoria coa pretensión de fusionar todos os grupos excursionistas de Vigo-Lavadores nunha soa entidade, en EPG, 20/12/1935.

Gráfico 10
Evolución de eventos: bailes e excursións



Elaboración propia a partir do baleirado do FDV e EPG dende setembro de 1936 a xullo de 1936

Polo contra, si analizamos os ítem de conferencias culturais e representacións teatrais a situación troca: tan só o 13,39% para as non definidas politicamente para o primeiro período e un 23,03% no segundo, fronte a un 44,79 % e un 21,43% respectivamente nas organizacións de dereita. A porcentaxe máxima para este ítem é a das organización de esquerda, un 56,14% da súa actividade no primeiro período e un 37,89% no segundo (Gráfico 11).

Gráfico 11:
Evolución de eventos: conferencias e represetación teatrais



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elaboración propia a partir do baleirado do FDV e EPG dende setembro de 1936 a xullo de 1936

Xa que logo, podemos confirmar dous feitos. En primeiro lugar, que o aumento da actividade entre os dous períodos, antes e despois das eleccións de febreiro de 1936, procede principalmente dos grupos de organizacións que non se encadran especificamente nas dereitas. En segundo lugar, todo parece indicar que se está a producir unha especie de especialización relativa en canto a actividade cultural. O lecer, aínda que presente nas organizacións cunha compoñente política, era un campo que estaba dominado por organizacións, chamémoslle específicas, mentres que nas noutras manifestacións culturais, digamos, máis elaboradas, eran as organizacións con definición política as que sobresaían.

Pero cal é a organización concreta que sobresae en cada un dos grupos e cal é a súa actividade? No conxunto das organizacións dereitistas unha organización é sen lugar a dúbidas a máis dinámica e a que máis actos organiza nos dous períodos estudados: a AMC. A Asociación, fundada en 1932, polo crego Emilio Álvarez Martínez[405], era unha organización enfocada cara a mocidade e cunha actividade centrada na difusión cultural dende unha perspectiva nacionalcatólica, cunha preferencia absoluta nas súas representacións teatrais pola obra de J.M. Pemán[406]. Aínda que a Agrupación defínese así mesma como apartada de calquera posición política partidista o certo é que entre os seus agrupados aparecen destacados membros da dereita, extrema dereita e do fascismo da cidade. Cando a agrupación se constitúa a nivel formal e legal, en novembro de 1934, na súa primeira directiva xa aparecerán as primeiras espadas do fascismo vigués: Emilio Torrado Lima[407], presidente; José Vázquez Fernández, secretario[408] e Manuel Campos Gómez, tesoureiro[409]. De feito, moitos dos seus textos desprenden postulados ideolóxicos fascistas ou parafascistas que se buscaba disimular baixo unha pátina cultural.

> "Podrá haber diferencias partidistas, odios, rencores… todo ello suscitado por las contiendas políticas, que separan a los hombres; todo esto, lamentable en extremo, perjudicial para el progreso y evolución de los pueblos, existe en la actualidad. Pero llega el momento, en que hay que exaltar a un genio que elevó el prestigio

[405]Emilio Álvarez Martínez, alcumado "O Reisiño". Parece ser que chegou a prelado doméstico do Papa Pio XII (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…*p. 241) participa primeiramente a nivel cultural no *Centro de Hijos Vigo* ocupando postos na súa directiva en 1932 e 1933 (EPG, 01/06/1932 e 20/09/1933). En 1933 funda a AMC que dirixe dende a presidencia de honra ate máis alá de 1939. Cónstanos que precisamente en 1939 volve á directiva do *Centro de Hijos de Vigo* (AV 1939: 124), presidindo a súa sección de Instrución. Dende antes do golpe de estado traballa como funcionario municipal, concretamente exercendo a xefatura da Sección de Beneficencia. Politicamente hai quen o sitúa entre os primeiros membros de FE, pero nos non temos constancia documental de tal afiliación. Si está constatada a súa simpatía por Calvo Sotelo e o BN (FDV, 12/02/1937). Vinculado directamente coas "labores" de represión (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…* p. 241). A finais do ano 1937 e principios de 1938 verase encartado en de varios expedientes de depuración, asunto que trataremos máis adiante.

[406] No momento da súa fundación existía unha clara vinculación con AC e a mesma URD (Velasco Martínez, Luis, "El movimiento antes del movimiento: de las asociaciones católicas a FET de las JONS. El caso de Vigo", en Ruíz Carnicer, Miguel A., *Falange. Las culturas políticas…*)

[407] Emilio Torrado Lima, de profesión empregado mercantil. Dono de Radio Vigo ate 1939. Membro do Consello de Administración de Tranvías Eléctricos de Vigo dende setembro de 1936 (EPG, 08/09/1936). Afiliado a FE-JONS en 1935. Secretario Provincial de FE-JONS dende xaneiro de 1937 (EPG, 24/01/1937). Xefe Comarcal de Vigo de FET-JONS (EPG, 02/06/1937) e Xefe Local de FET-JONS dende setembro de 1937 (FDV, 12/09/1937).

[408] José Vázquez Fernández, empregado municipal. Afiliado a FE-JONS en 1935. Secretaria xeral de FE-JONS en setembro de 1936 (EPG, 15/09/1936), cesado en outubro de 1936 para ser nomeado Xefe de Milicias (EPG, 02/10/1936). Único responsable de FE-JONS provincial que se dirixe ao público no Congreso Provincial de FE-JONS (EPG, 31/10/1936). Secretario Comarcal en febreiro de 1937 (EPG, 09/02/1937).

[409] Manuel Campos Gómez, profesión descoñecida. Vogal da *Juventud del Bloque Nacional* en setembro de 1935 (FDV, 04/09/1935), A primeira referencia como afiliado a FE-JONS en de setembro de 1936 cando FE-JONS o propón como alcalde de barrio do Distrito Primeiro, sección 4ª (AMV, ALC-19). Xefe de Centuria en 1937 remata sendo destinado a Lugo (FDV, 10/01/1937).

> literario de España, al <<Monstruo de la Naturaleza>>, como le dominó (sic) Cervantes, y unidos todos en fraternal abrazo, olvidándose de su significación social, para sentirse orgullosos y pensar solo en la Patria, que se halla tan ofendida, precisamente por los afanes egoístas de sus hijos, todo español se rinde, porque al fin lleva en sus venas, la sangre y el fuego de aquellos clásicos, y contribuye con el mayor entusiasmo a que el homenaje que se tributa, adquiera la máxima solemnidad y brillantez."[410]

A propia AMC fai gala de manter a toda costa aos principios que levaron ao fundador, visto polos propios asociados como unha figura case apostólica, a crear a organización, sen importar que esta fidelidade lle poida ocasionar a perda de potenciais asociados.

"(…) hubo quien en inesperada y breve visita pudo comprobarlo; allí todos son de una sola voluntad, si alguna vez se irguió el díscolo de siempre, entre todas las colectividades, aquella colmena se cuidó implacable de desterrarlo de su seno para poder disfrutar de la paz, tan esencial al desarrollo de la misma colectividad, y esto tenía que ser así, porque además de convivir entre ellos el genuino concepto de la fundación, ésta se percata ante todo de que no es varonil perder el tiempo en pueriles consideraciones de aprecio apasional (sic) nada más. Hay una directiva que actúa con todas las responsabilidades que impone la Ley, pero esa directiva sabe muy bien que sobre la letra del reglamento legítimamente aprobado está el sano y transcendental compromiso de respetar la fundación en su genuino concepto y llevar a cabo los fines eminentemente sociales, cultural y benéficos, que han movido la dinámica voluntad del apóstol fundador, a quien respetuosamente acudimos para no tergiversar su idea, hoy nuestra halagadora realidad."[411]

A Agrupación ten, ademais, unha magnífica rede de propaganda e difusión. Comezando polo seu propio xornal, o MC, creado en 1935 e cunha periodicidade mensual, que será o encargado de dar publicidade as súas actuacións, de fixar a súa posición política de xeito público e de dar a réplica a aqueles sectores que ataquen á organización[412]. Trátase do único voceiro que existe na contorna dunha organización de carácter cultural. Pero non só actuará como voceiro o xornal MC, senón que a única emisora de radio de Vigo, Radio Vigo, actuará como altofalante da Agrupación. Isto non é unha sorpresa, xa que o presidente da Agrupación, Emilio Torrado Lima, era tamén o dono de *Radio Vigo*. Declamacións poéticas e conferencias radiadas serán habituais na grella da emisora local, ate o punto que será a Agrupación a encargada de poñer o punto artístico á celebración en maio de 1935 do primeiro aniversario da fundación da emisora[413]. De feito, un mes despois da celebración, e nun artigo que resume a actividades desenvoltas pola Agrupación con motivo no aniversario, afírmase que,"(…) la Agrupación "Martin Codax", [é o] organismo artístico oficial de la Emisora (…)", selándose a alianza das dúas organizacións[414].

---

[410] Vázquez Fernández, Javier, "Lopez de Vega y Martín Codax" en MC, 01/08/1935. Precisamente Javier Vázquez Fernández será Delegado do Sindicato de Funcionarios Públicos da CNS en maio de 1937. EPG, 09/05/1937.

[411] Varela, José, "Nuestra agrupación es así", MC, 01/09/1935. José Varela Saavedra, director da Sección Benéfica da AMC en febreiro de 1937 (MC, 01/02/1937). Consta a súa afiliación a FE-JONS dende cando menos xaneiro de 1937 (EPG, 21/01/1937).

[412] Estas replicas adoptaran unha forma bastante críptica sen que en ningún momento se mencione directamente quen é "inimigo" atacado.

[413] MC, 01/06/1935

[414] MC, 01/07/1935

Non resulta estraña esta alianza entre as dúas organizacións. Por unha banda, como xa dixemos, a AMC é o acubillo das mocidades dereitas e fascistas de Vigo, mentres que *Radio Vigo*, actúa de altofalante deste mesmo sector ideolóxico. De feito, a emisora foi duramente criticada dende as páxinas do EPG por desenvolver unha actividade de tipo fascista.

> "Todo Vigo sabe porque no es un secreto que la emisora local es una cueva monárquico-fascista, y allá cada uno con sus ideas."[415]

Esta actitude de *Radio Vigo* suscita un debate dende as páxinas do EPG sobre o significado real da liberdade de prensa, que dende o xornal afírmase que vulnera claramente a emisora, polo que se apela directamente ás autoridades para que repriman as chamadas políticas que se lanzan dende as ondas.

> "Las ideas divulgadas por medio de la Prensa, tienen, dentro de la misma Prensa su natural y obligada contrarréplica. ¿Sucede igual con la radio? Pues mientras no suceda así, nosotros creemos que debe usted dar la orden de que "Radio Vigo" acate las disposiciones dictadas por la República para su seguridad, y limite su papel a la escueta y simple información sin matiz alguno determinado"[416].

Finalmente a polémica sáldase coa intervención do Gobernador que censura a actividade desenvolvida dende a emisora. Esta intervención da pé ao EPG para facer un comentario sobre o sucedido en claro ton de brincadeira.

> "Después de una visita al Gobierno Civil de Pontevedra los ilustres monárquicos que capitanean la radio local han decidido volver, ¡que tremendo! A servir a sus 986.000 radio escuchas "Los Tres Cerditos". Se vuelve pues, por los fueros de la cultura ya que el Gobierno no deja volver por los del fascio y la monarquía."[417]

Pero si a alianza con *Radio Vigo* posibilitoulle a presenza nas ondas, as íntimas relacións cos católicos, brindáronlle a posibilidade de empregar o seu local, o local da *Escuela Nocturna Obrera* como marco para a representación das súas obras, declamacións poéticas e concertos[418]. Pero non só, cando a velada pretendíase máis selecta esta tamén podía representarse nun pequeno teatriño que tiña o Pazo da Pastora, residencia, dun dos fundadores e financiadores de FE e FE-JONS, Javier Ozores Pedrosa[419].

Por outro lado, a divulgación ideolóxica da asociación facíase, sobre todo, a través da súa prensa, o MC.

> "¡Adelante, despertar risueño de la Patria que ya respira viendo la lontananza de su restauración espiritual, ahogando con sus bizarrías (sic) las malévolas enseñanzas de noctábulos del crimen y la traición!
> ¡España gime; es gemir de madre; no debe gemir en balde!

[415] EPG, 18/01/1936
[416] EPG, 18/01/1936
[417] EPG, 21/01/1936
[418] Velasco Martínez, Luis, "El movimiento antes del movimiento… p. 594
[419] MC, 01/05/1935

> La Historia con sus hechos: la Tradición con sus ejecutarios (sic), demandan defensa de lo que hizo a España nación y mundo a la vez."[420]

Mentres, curiosamente, as conferencias, sobre todo a partir das eleccións de febreiro de 1936, estaban bastante lonxe da temática política. Das 9 conferencias de organizan nese período, febreiro-xullo de 1936, 4 teñen como temática a saúde[421], 2 coa política municipal[422]; outra co deporte[423] e unha é de carácter político-técnica[424].

En resume, consideramos que AMC, a máis activa das organización de carácter cultural dereitista, constituese como un espazo de suma de enclaves. Mozos e mozas, xeralmente de boas familias e unidos por unha profunda concepción católica, traballan xuntos no eido cultural e establecen redes entre eles que servirán de contactos entre as organizacións políticas nas que militan. Moitos destes mozos teñen unha actividade paralela tanto en organizacións de carácter político como cultural-relixioso, neste caso dentro de *Acción Católica*[425]. Constrúen un espazo conxunto, falaxistas, alfonsinos do BN e mozos das JAP, e é precisamente neste punto onde hai que situar a negación da propia Agrupación a desenvolver unha actividade política. Evidentemente non se refiren ao abandono da acción política, senón á renuncia a unha posición política partidista. Esta renuncia a unha concreción no amplo abano das dereitas ou ultradereitas, posibilitou a experiencia unitaria máis alá das sintonías políticas concretas, que, parece quedaron relegadas en aras dun obxectivo común máis amplo: a defensa dunha determinada idea de España marcada fortemente polo nacionalismo ultracatólico. A partir do golpe de estado, aínda que se resaltarán as particulares organizacións de cada un dos membros, se manterá tamén unha definición unitaria que ultrapase esas posicións políticas concretas: o codixmo.

> "No ha quedado ni un sólo codixta, que haya permanecido en su casa en los momentos de peligro, y ello es un exponente claro de la orientación que se sigue en nuestras filas".[426]

Hai outra organización deportiva de carácter dereitista que paga a pena mencionala. Non desenvolve unha actividade cultural intensa, todo o contrario, polas novas da prensa habería que cualificala de pobre, pero ten unha característica que a fai tremendamente interesante. Trátase da *Sociedad Atlética Viguesa*. A prensa tan só reflexa a realización, en todo o período estudado, de dous actos, en concreto competicións de baloncesto[427]. Non obstante, en marzo de 1936 solicita á Comandancia Militar da praza un permiso para que dentro da sociedade puidera constituírse unha "*escuela militar*". A Comandancia resposta autorizando a creación

[420] Seone Buján, Jose M., "La juventud, esperanza", MC, 01/10/1935.
[421] "Consecuencias del raquitismo" EPG, 08/05/1936; "Estudio quimiobiológico de las vitaminas A y B" EPG, 05/06/1936; "El reumatismo y la alimentación de los reumáticos", EPG, 13/06/1936 e "Nariz y respiración", FDV, 26/06/1936. Todas elas radiadas a través da *Radio Vigo*.
[422] "El problema del agua en Vigo y su resolución por el servicio municipalizado del Ayuntamiento" EPG,19/06/1936 e "La ciudad y el urbanismo", EPG, 29/05/1936.
[423] "La importancia del deporte", FDV, 17/06/1936
[424] "Notas para una política agraria", FDV, 22/05/1936
[425] Destacan aquí asociados que incluso participan asiduamente na elaboración do voceiro da Agrupación, o MC, e que simultanean esta participación coa colaboración no voceiro de *Acción Católica* a nivel provincial, o *Spes*. En concreto nos estamos a referir a Gabriel Méndez Rodríguez e a Del Rio Crespo como elementos máis destacados.
[426] MC, 01/09/1936
[427] EPG, 06/05/1936 e 30/05/1936

USC

desa escola e nomea como responsable a Joaquín Vázquez Puga[428]. Deste xeito, convértese nunha organización de capacitación militar "privada" nun contexto de forte tensión social e violencia armada nas rúas, sospeitoso. Oficialmente ofrécese a redución do servizo militar a cambio de recibir os seus cursos

"AVISO A LOS RECLUTAS

> Se pone en conocimiento de todos los reclutas del actual reemplazo que para reducir el tiempo de permanencia en filas a ocho meses deberán matricularse antes del 1º de Junio, fecha de comienzo del primer curso en la Escuela de Preparación Militar Fuera de Filas "SOCIEDAD ATLETICA DE VIGO".
> Para toda clase de consultas y solicitudes de inscripción dirigirse a Secretaría de la Sociedad, Victoria 30, entresuelo, o al Director de la Escuela D. Joaquín Vázquez de Puga, Giner de los Ríos, 8-2º"[429]

No que se refire ao grupo de organizacións que compoñen as que clasificamos como non adscritas politicamente destaca entre todas elas, tanto no primeiro como no segundo período, a sociedade *La Oliva*. *La Oliva* era unha sociedade fundada a finais do século XIX, en concreto en 1889, por un dos prohomes da cidade da época, Policarpo Sanz, a partir dunha sociedade coral. Filla do seu tempo, a sociedade foi fiel reflexo dos xeitos de esparexemento das clases acomodades de Vigo. Consecuentemente, destaca na súa actividade a organización de bailes, 14 concretamente para o primeiro período analizado, fronte a tan só 4 conferencias culturais e un campionato de xadrez. Non obstante, no segundo período a súa actividade increméntase, mantendo a constante dos bailes – que serán 9- pero aumentando considerablemente as conferencias culturais, tamén 9. Destas 9 conferencias destaca, pola súa repercusión, a que imparte o profesor de economía política e facenda, José María Castroviejo o 5 de febreiro de 1936. O conferenciante, un dos intelectuais que formaron parte do núcleo primeiro das JONS en Galiza e posteriormente de FE[430], disertou sobre "El aspecto moderno del progreso capitalista". Coñecendo a traxectoria do personaxe podémonos imaxinar o enfoque da conferencia. O acto orixinou unha crise interna na sociedade, que ante as queixas de moitos dos seus asociados tivo que convocar unha xunta xeral extraordinaria para tratar o asunto. A xunta, convocada en exclusiva por mor da conferencia, celebrarase o 31 de marzo de 1936. Nela os asociados afirman que coa súa programación "se había salido de su órbita cultural para rozar temas de cuestión política" ante o que se acorda reflexar na acta "(…) el desagrado con que se ha visto la referida conferencia"[431].

Como se poder ver, as organizacións non definidas politicamente, das que é exemplo, *La Oliva*, pretenden ante o risco de ruptura entre os seus asociados fuxir das programacións que conteñan unha carga política evidente. Pero esta regra tamén ten as súas excepcións. A segunda sociedade máis activa deste grupo de organizacións, o *Círculo Industrial y Mercantil de Vigo* é unha das poucas entidades de toda Galicia que interpón alegacións contra o proxecto de Estatuto de Autonomía de Galiza de 1936. A emenda, que contén dúas partes, afirma, na primeira parte, que a autonomía non suporá nin para Galiza nin para o conxunto de

[428] FDV, 04/03/1936. O nomeado responsable desta escola militar, Joaquín Vázquez Puga, é militante falanxista, afiliado en setembro de 1936 (EPG, 26/09/1936) e posteriormente morto en combate (EPG, 05/03/1937)
[429] EPG, 27/05/1936
[430] Michonneau, Stéphane e Núñez Seixas, Xosé M., *Imaginarios y representaciones de España durante el franquismo*, Madrid, Casa de Velázquez, 2014, p. 130
[431] AMV, SOC-12

España beneficio algún. Na segunda parte, ataca a oficialización do idioma galego, afirmando que

> "(…) estimamos que el idioma gallego debería cultivarse, a fin de que no se perdiese por completo, en académicas y centros análogos, a fin de convertirlo en una verdadera lengua literaria y culta, pero fuera de estos entendemos no tienen aplicación más que en conversaciones familiares. Por eso nos parece admirable el propósito de creación de una cátedra universitaria, dedicada a su estudio; pero estimamos equivocado el pretender que todos en Galicia nos expresemos en gallego -a eso parece se tiende- pues, al menos desde nuestro punto de vista, consideramos que su enseñanza obligatoria ocasionaría una gran pérdida de tiempo, precioso para dedicarlo a más útiles disciplinas"[432]

En xuño de 1931, o *Ateneo Obrero de Divulgación Social* manifestaba o día da súa fundación cal debía de ser a súa actividade: "(…) *toda clase de actos de difusión social que interesan a los trabajadores como clase social explotada*"[433]. En base a este ou a criterios similares, un amplo grupo de organizacións de carácter político e sindical lánzanse, dende a proclamación da II República, a ocupar estes espazos, en principio, alleos á súa actividade fundamental.

> "El trabajo abandona el hogar. La ciudad interclasista se quiebra (…), con esta separación entre trabajo y hogar y entre clases sociales en el espacio, las relaciones de clase son vividas no solo en el lugar de trabajo sino también fuera del trabajo, en las comunidades residenciales."[434]

A dualidade de espazos, o do traballo e o do non-traballo, orixinou a aparición entre os traballadores dunha conciencia dual, o traballador-veciño. Isto fai potencialmente posible a disociación de comportamentos nos dous espazos. É neste contexto onde nós situamos a ampliación de actividades por parte das organizacións da esquerda e obreiristas.

Esta penetración no mundo lecer e a cultura, realízase tanto directamente polas propias organizacións políticas e sindicais, como potenciando novas estruturas vinculadas organicamente a elas ou non. Esta diferencia na vinculación orixina dúas tipoloxías, que a nivel práctico responden ou parecen responder a dúas concepcións ideolóxicas.

As organizacións de carácter socialista tenderán á centralización, tanto no ámbito organizativo, como na propia representación das actividades. O seu centro, será a *Casa del Pueblo*. Fronte á tendencia centralizadora dos socialistas, as organizacións de carácter anarquista e mesmo as comunistas optarán por unha organización de carácter descentralizado e tamén unha programación de actividades descentralizada. Nesta tipoloxía tamén habería que situar a acción social –en sentido amplo- desenvolvida polos Sindicatos agrarios, pero no seu caso, a descentralización é unha consecuencia do seu propio ámbito de actuación e organización, a parroquia, que tan só en procesos de carácter electoral queda superado. En

---

[432] Beramendi, Xusto, "La competencia entre procesos nacionalizadores en Galicia, 1808-1936. Una aproximación", Documento de traballo 2008/4 no Seminario de Historia do Departamento de Historia Social e do Pensamento Político e do Departamento de Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos da UNED e a Función José Ortega y Gasset, Madrid, 2008, pp. 40-41

[433] EPG, 12 e 14/06/1931

[434] Katznelson, Ira, "Working-Class formation: constructing cases and comparisons" en Katznelso, Ira e Zolberg, Aristide, R. (ed.), *Working-Class formation: Nineteenth-Century Patterns in West Europe and United States*, Pricenton, Universidade de Pricenton, 1986, p. 16

opinión de Pere Gabriel, a opción descentralizada respondería a un fracaso na articulación da proposta cultural alternativa, xa que a atomización resultante impediría unha verdadeira articulación social[435]. Pero, fronte a esta argumentación, se lle pode opoñer que, lonxe de ser incapaz de contribuír eficazmente á articulación social, a proximidade dos actos cos destinatarios, puido propiciar a acción colectiva destes sectores.

> "La proximidad espacial, la coincidencia en determinados barrios dentro del espacio urbano de trabajadores con similares situaciones de salario, alquiler, sentimiento comunitario y organización de clase hicieron más probable la acción colectiva."[436]

Cando analizamos as organizacións do grupo definido como obrerista-esquerdita atopámonos con que as dúas que máis actividade desenvolven identifícanse coas dúas posibilidades de acción espacial. En primeiro lugar, e dentro do grupo de actividade centralizada, atopámonos co *Centro de Estudios Sicológicos "Paz y Armonía"* que é a organización con máis actividade nos dous períodos estudados. O Centro, fundado en 1932, é unha organización un tanto ecléctica que desenvolve a maior parte da súa actuación na difusión do espiritismo e que ten contactos dende a súa creación con elementos socialistas, en concreto coa *Sociedad de Obreros del Transporte Mécanico de Vigo y sus contornos* vinculada á UGT[437]. A súa actividade no período estudado céntrase nas conferencias de divulgación do espiritismo (11 no primeiro período e 20 no segundo). Este tipo de actividade tivo unha resposta dende os grupos de *Acción Católica* que a identifica cun ataque directo á relixión.

> "(…) va para dos siglos que se está extendiendo por el mundo una peligrosa práctica que la razón y la fe condena como engendradora de muchos males. Es una práctica que sorprende por las inexplicables maravillas que produce y que excita vivamente la curiosidad por la novedad del fenómeno que presenta; una práctica que aparece a los ojos de las almas incautas como inocente pasatiempo; pero que poco a poco va infiltrando traidoramente en los espíritus un veneno sutil que concluye por extinguir la fe, corromper las costumbres y por causar en los instintos que la frecuentan daños a veces irreparables."[438]

O centro tamén desenvolve, de xeito marxinal, unha actividade de lecer centrada nas excursións e incluso chega a organizar un festival literario musical en febreiro de 1936[439].

En segundo lugar, e como exemplo das organizacións que desenvolven a súa actividade dun xeito descentralizado está unha organización de mulleres, *Mujeres contra la guerra y el fascismo* (MCGF). É esta a organización máis dinámica en relación ao número de actos e espazos ocupados para súa realización. A organización, de carácter internacional, fúndase oficialmente en Vigo o 26 de febreiro de 1936 sobre a base dun grupo de mulleres integradas

[435] Gabriel, Pere, "Espacio urbano y articulación política…" p. 84
[436] Oyón, Jose L., "Historia urbana e historia obrera: reflexiones sobre la vida obrera y su inscripción en el espacio urbano, 1900-1950" en *Historia Contemporánea*, núm. 24, 2002, pp. 19-20.
[437] Oia, Victor, "Asociacionismo na periferia do traballo… p. 213
[438] Delgado Capeán, Ricardo, "El espiritismo", *Spes: órgano de la Juventud Católica de Pontevedra*, núm. 19, maio-xuño de 1936. O autor, Ricardo Delgado é un fraile franciscano.
[439] EPG, 09/02/1936

na FP[440]. É máis que probable que estas mulleres xa tiveran unha organización previa, xa que na primeira convocatoria do grupo establécese que

> "Se recomienda a las comisiones femeninas de barriada, convoquen, como de costumbre, a las mujeres de las calles de su demarcación respectiva."[441]

Tamén existe unha referencia a posicións claramente feministas na cidade a finais de 1932, aínda que pensamos que neste caso é máis unha posición persoal que froito dunha reflexión colectiva. Estamos a falar da intervención Herminia González[442], traballadora dunha fábrica de conservas en Vigo, que no *Congreso Regional de Unidad Sindical*[443] celebrado en Pontevedra en novembro de 1932 manifesta:

> "(...) una ardiente defensa de las reivindicaciones de la mujer trabajadora, defendiendo el principio de a igual trabajo, igual salario; relata la forma en que trabajan las conserveras y la explotación de que son objeto, percibiendo salarios inferiores en la mitad al de los hombres."[444]

O dinamismo da nova organización maniféstase en dous feitos. O primeiro é a súa capacidade para sacar as súas actividades fora do seu propio local social. Así, tan so o emprega en 2 actos dun conxunto de 17 realizados dende a súa fundación ate o golpe de estado. Os actos realizados no local propio son dúas conferencias, mentres que para o resto da súa actividade apóstase pola dispersión xeográfica, nun intento de achegala ás distintas parroquias dos concellos de Vigo e Lavadores. De feito, é a organización de todas as que teñen algunha actividade dende setembro de 1935 ata o golpe que maior número de locais emprega. Trátanse de ao redor de 9 locais diferentes onde as MCGF realizan mitins de propaganda e asembleas de mulleres. Estes locais son dende espazos posiblemente alugados -Cine Tamberlick ou a Sala Cruz Blanca- a espazos de organizacións afíns ideoloxicamente falando –o *Ateneo Cultural Deportivo Obrero de Lavadores* e *Agrupación Socialista de Lavadores*-, pero tamén, e sobre todo, espazos de organizacións onde, en principio, non parece haber unha conexión ideolóxica evidente. Estes serían o local do SAT, o da *Sociedad "La Aurora" de Sárdoma*, ou o local do *Sindicato de Agricultores de Corujo*. Pero, ao mesmo tempo, o seu local emprégase por unha multiplicidade de organizacións, tanto para actos como para asembleas, principalmente de sindicatos obreiros afectos á UGT[445]. En segundo lugar, as MCGF adoitan a unificar nun so acto dúas actividades distintas, mesturando política e o lecer. Esta mestura,

---

[440] Blasco Lisa, Sandra, "El Comité Mundial de Mujeres contra la guerra y el fascismo y sus relaciones en España", *Historia y Política*, avance en liña, 1-27, 2024.

[441] FDV, 27/02/1936

[442] Non sabemos que foi de Herminia González, tan só que en decembro de 1936 continúa traballando nunha conserveira, en concreto na Juán López Valcarcel, e que en setembro de 1936 se lle desconta do seu salario 1 peseta para a subscrición pro exército (FDV, 25/09/1936).

[443] Trátase un acto de carácter sindical promovido polo Partido Comunista que busca crear unha alternativa sindical tanto á UGT como á CNT. O intento concretouse *Confederación General de Trabajo Unitaria* (CGTU) que non nunca chegou a significar un competidor real contra os dous sindicatos maioritarios e pouco tempo o PCE abandonará o proxecto reintegrando aos seus militantes, maioritariamente, á UGT.

[444] EPG, 1 e 3/11/1932

[445] As organizacións que empregan o local das MCGF son: *Asociación de Empleados del Comercio y la Industria*, a *Federación Regional de Trabajadores de la Enseñanza* (celebra o seu Congreso galego no local das MCGF), *a Juventud Socialista Unificada de Vigo, Juventud Socialista Unificada de Lavadores*, "*La Unión". Sociedad de Obreros del Transporte Mecánico de Vigo y sus contornos, Pioneros Rojos (Sección Riomau), Radio Comunista de Vigo, Sección de Repartidoras, Sindicato de agua, gas y electricidad, Sindicato Agrícola "La Reconsquista" de Sárdoma, Sociedad de Biseladores y similares, Sociedad de gasistas, electricistas y similares, Sociedad de Limpiabotas,* e *Sociedad de Oficios Varios y profesiones varias*.

aínda que tamén se produce noutras organizacións de carácter esquerdista, son as MCGF as que máis a empregan[446]. Si o desfrute conxunto de actividades de lecer crea unha serie de vínculos que non se establecen ou non teñen porque establecerse nunha actividade exclusivamente política, ao vincular as dúas actividades estes vínculos faranse factibles e máis fortes entre aqueles que comparten ou non militancia. A este respecto, a recentísima aportación de Sandra Blasco móstranos como os vínculos transversais que lograron tecer estas mulleres foron quen de traspasar os estreitos límites partidistas para construír conxuntamente esta nova organización[447].

Pero a actividade das MCGF desenvólvese tamén nun eido inexistente, cando menos de xeito organizado na cidade ate a súa aparición: as actividades reivindicativas de contido feminista. Salientamos aquí este tipo de actividades porque ademais da dimensión política que teñen, pensamos que teñen tamén unha dimensión cultural que viría dada pola transformación que supón a presenza de actividade política específica de mulleres. Tan só temos constancia de dúas actividades deste tipo, a primeira a celebración, posiblemente por primeira vez na cidade do 8 de marzo como día internacional das mulleres traballadoras. Como acostumaban facer, a xornada consistiu, nesta a súa primeira experiencia, na celebración dun baile "para festejar el triunfo conseguido por el elemento femenino antifascista en la pasada lucha electoral."[448] A segunda, si foi unha acción plenamente reivindicativa: unha manifestación de ao redor un milleiro de mulleres exixe a inmediata destitución dun vello coñecido, Emilio Álvarez Martínez, o Xefe da Sección de Beneficencia do Concello de Vigo e fundador da AMC. O motivo que dan as mulleres é o trato –digamos pouco apropiado- que o tal Emilio emprega coas mulleres que acoden ao seu servizo[449]. Neste caso a mobilización na rúa estivo precedida por unha solicitude formal ante o Concello para que se procedera á destitución do acosador. A solicitude encabezada pola dirixente anti fascista Elisa González, está asinada por máis de 900 mulleres ás que se identifica como militantes das MCGF[450].

En resume, a mestura da actividades, o dinamismo na súa organización coa ocupación de espazos non propios, ao tempo que o seu propio espazo pasa a ser ocupado por outras organizacións, a introdución no universo reivindicativo da muller como suxeito político con capacidade total e a transversalidade política da súas integrantes, configuran a MCGF como unha organización cunha gran capacidade de produción de capital social e das redes que o conforman, adquirindo un valor que afecta tanto aos individuos como aos actores colectivos[451]. Isto non nega que o resto de organizacións, independentemente da pertenza a un ou outro grupo dos que temos definidos, non contribúan á formación de redes e a creación de capital social, de feito, AMC, xogaría un papel moi similar dentro do sector dereita-ultraereita-fascista, senón que no caso destas dúas organizacións -MCGF e AMC- o carácter das súas actividades apunta directamente cara esa formación de redes. De todos xeitos e centrando a cuestión, tamén debemos de recoñecer que tanto unha como outra organización, non establecen prioritariamente redes de "carácter" forte, senón débiles, xa que en ámbolos

[446] Entre outras, acto de cambio de nome da rúa Elduayen por Aida Lafuente (con verbena incluída), previa solicitude ao concello (EPG, 28/05/1936), Mitin-verbena no seu local (EPG, 28/05/1936), Baile-mitin-homenaxe "*a sus orientadores*" (FDV, 03/07/1936).
[447] Blasco Lisa, Sandra, "El Comité Mundial de Mujeres…" p. 9
[448] EPG, 07/03/1936
[449] FDV, 29/02/1936. Este trato ás mulleres é a causa fundamental do expedientes de depuración que se abren contra Emilio Martínez e non calquera tipo de disidencia política.
[450] Acta da Sesión Plenaria do Concello de Vigo do 3 de abril de 1936. AMV, 70.1
[451] Putman, Robert D., Solo en… p.14.

dous casos, os seus contactos proceden maioritariamente de círculos próximos[452]. Pero independentemente da proximidade ou non dos vínculos que se establecen hai que destacar que estes, no caso das dúas organizacións tratadas, son no sentido que lle outorga Putman do tipo de capital social "bridging" ou capital social ponte, conectivo, onde as relacións establecidas terían a capacidade de saltar barreiras sociais e económicas poñendo en contacto persoas que en condicións "normais" ou en ausencia deste incentivo social, nunca actuarían de xeito conxunto, fronte ao capital social vínculo ("bonding") que reforzaría dos lazos dentro dun grupo determinado.

Aínda que este tipo conectivo de capital social estea presente concretamente nestas dúas organizacións de posicións ideolóxicas opostas, pensamos que se trata dunha excepción dentro dos grupos máis definidos politicamente, non así no grupo das organizacións non decantadas politicamente. Sería a presenza, ou mellor, a participación de individuos de diversa procedencia sociolóxica nos actos e nas organizacións de carácter non definido politicamente, as que potencialmente poderían crear redes de mais potentes e fortes. Neste sentido, hai que destacar algo que xa temos visto cando falamos destas organizacións, o seu compromiso coa "neutralidade" política como elemento imprescindible para poder ser o marco onde calquera individuo poida participar nos seus actos ou na súa estrutura.

Ao mesmo tempo, tanto dende posicións libertarias como comunistas búscase que as súas organizacións culturais e deportivas intégrense en estruturas coordinadoras que superen o marco local. Por parte dos libertarios será a *Federación Provincial de Centros Culturales, Anarquistas y Juveniles de Pontevedra* que tiña en Vigo-Lavadores a catro organizacións activas entre setembro de 1935 e xullo de 1936, a *Agrupación Cultural "El Libro"* de Sárdoma, a *Agrupación Cultural "La Antorcha del Porvenir*" de Beade, o *Centro de Estudios Sociales y Científicos "La Libertad*" de Mosteiro (parroquia de Bembrive) e o *Ateneo de Divulgación Social* de Lavadores. Todas estas organizacións estaban emprazadas en parroquias rurais do Concello de Lavadores, agás o *Ateneo de Divulgación Social*. A actividade destes grupos céntrase a partes iguais na propaganda ideolóxico-sindical e as conferencias de carácter científico. Sobresae entre todas elas unha actividade desenvolvida pola *Agrupación Cultural "El Libro*" en xaneiro de 1936. Trátase dunha excursión en autobús para visitar as principais construcións románicas da provincia[453]. É de salientar na versión cultural dos libertarios a ausencia completa de calquera incursión no deporte mercantilizado

> "(…) pois trataban de evitar que a mocidade caise (sic) nos vicios propios da sociedade de consumo, rexeitando de plano prácticas exclusivamente recreativas, a favor doutras máis comprometidas no eido social."[454]

Polo que respecta a alternativa comunista, as súas organizacións agrúpanse na *Federación Cultural Deportiva Obrera* que contaba na contorna de Vigo-Lavadores con dúas organizacións de carácter cultural e deportivo: o *Ateneo Obrero de Divulgación Social* e o *Ateneo Deportivo Obrero de Lavadores* (ADOL). Destas, a segunda é unha das organizacións culturais e deportivas máis importantes de Vigo e Lavadores. Destaca tanto na organización de eventos de carácter deportivo (organizan a II Volta a Vigo de "Pedestrismo" en novembro

[452] Granovetter, Mark, "The strength of weak ties" en American Journal Sociology, núm. 78, 1973.
[453] EPG, 24/01/1936. A Agrupación destaca pola temática das súas conferencias: "El origen del Universo", "El aborto", "Qué es la Reforma Agraria?"… Oia, Victor, "Asociacionismo na periferia do traballo…" p. 204.
[454] Oia, Victor, "Asociacionismo en periferia do traballo…*"* p. 202.

de 1935 e o Campionato de Vigo de "Pedestrismo" en marzo de 1936) como nos de carácter cultural, animadas pola figura do seu presidente, Urbano Rodriguez Moledo[455]. Culturalmente sobresaen as representacións teatrais a cargo do cadro artístico da Agrupación, o *Cuadro Artístico Marximo Gorki*. Precisamente, cunha homenaxe ao escritor ruso remata a actividade cultural e deportiva do período republicano. A homenaxe, celebrada para darlle maior realce no *Teatro García Barbón* o 18 de xullo de 1936, pretendía reunir no teatro ás organizacións de militancia comunista máis importantes da contorna[456].

Para completar este espazo e as súas potencialidades como creadores de capital social, non debemos esquecer que ao mesmo tempo que existen estas organizacións formais, durante todo o período estudado existe outro tipo de organización, moito máis informal e cunha estrutura organizativa moi tenue: as peñas. A súa actividade céntrase case exclusivamente en dous tipos de actos, de bailes –e o que parece unha variante destes, o "asalto"- e o excursionismo. Trátase, xa que logo, de actividades auto organizadas destinadas a un público concreto, a mocidade. Unha destas actividades "estrela" das peñas, o excursionismo, debe ser situado no contexto dos anos 30 non como unha actividade "menor" senón como un xeito de

> "(...) recuperar para el hombre urbanos el uso y disfrute de la naturaleza, una aspiración que fue compartida por la cultura socialista, y que se expandió con fuerza durante los años de la II República"[457]

Pero estes bailes e as actividades de excursionismo non son orixinais, practicamente todas as organizacións das que temos constancia con actividade, organizan este tipo de acto. O orixinal é esta auto organización e as posibilidades potenciais que podía ofrecer para ese establecemento de redes. Este ocio auto organizado desaparecerá absolutamente despois do golpe de estado e con el desaparecerá tamén esa manifestación pouco definida: o asalto. Estes asaltos podían celebrarse sos ou combinados co baile, pasando a denominarse, baile-asalto. Polo ton das convocatorias os asaltos e a modalidade máis "suave", o baile-asalto, poderían estar destinados ao "ligoteo".

---

[455]Urbano Rodríguez Moledo, orixinario de Marín, instálase a finais do anos 20 en Lavadores onde opten praza como funcionario de arbitrios. Dende os primeiros anos 30 desenvolve unha intensa labor político-sindical e cultural. Escritor en lingua galega polifacético son da súa autoría un poemario (Dolmen de 1928), dúas novelas (Maruxa e "Francisco José", esta en español) e unha gran cantidade de obriñas de teatro que adoitaban ser representadas tanto polo *Cuadro Artístico Maximo Gorki* como por diferentes agrupacións culturais da contorna. Ademais de directivo da ADOL tamén foi directivo da *Agrupación Artística de Vigo* en 1931, do *Cuadro de Declamación de la Agrupación Cultural "Saudade"* en 1932, e a *Sociedad Naturista de Vigo*en 1936. A nivel político sindical foi presidente da *Sociedad de Constructores de Embases Metálicos* (UGT) en 1932, Vicesecretario da *Federación Municipal Agraria de Lavadores* en 1933 e afiliado á *Asociación Comarcal de Empleados y Obreros Municipales* en 1936. En 1936 tiña militancia partidista comunista. Fusilado o 10 de decembro de 1936.

[456]Confirmaran a súa presenza no acto: o ADOL, a *Sociedad Cultural de Porriño*, o *Sindicato de Agricultores Productores de Cabral*, o *Ateneo Obrero de Cabral*, as *Juventudes Unificadas de Cabral*, os Radios Comunistas de Cangas, Aldán, Pontevedra e Lavadores, o *Sindicato de Agricutores de San Miguel de Oya*, o grupo *Vanguardia* de Canido, as *Juventudes Socialistas Unificadas de* Lavadores, Pontevedra e Vigo, a *Sociedad Naturista de Vigo*, as MCGF, *Amigos de la URSS*¸a *Sociedad de Biseladores*, o *Sindicato Metalúrgico*, o *Sindicato de Gasistas y electricistas*, o *Sindicato Ferroviario*, o *Sindicato de Carpinteros y Ebanistas*, o *Sindicato de Tipógrafos*, o *Sindicato de Vendedores de Periódicos*, o *Sindicato de Transporte Mecánico*, o *Sindicato de Panaderos y repartidores de Pan*, todos eles afectos a UGT. Sorprende nesta lista de asistentes o *Club Náutico de Vigo*. (FDV, 18/06/1936)

[457] Otero Carbajal, Luis E., "Ocio y Deporte en el nacimiento de la sociedad de masas. La socialización del deporte como práctica y espectáculo en la España del primer tercio del siglo XX" en *Cuardernos de Historia Contemporánea*, núm. 24, 2002, p. 187

"Este acuerdo de la junta de gobierno de la simpática sociedad ha causado excelente impresión entre los jóvenes del Centro Orensano y son incontables las bellísimas señoritas que se disponen a concurrir al citado asalto."[458]

Todo son suposicións sobre estes "asaltos" xa que a onda de "moralidade" que se impón a partir do 20 de xullo de 1936 borrou, incluso da memoria dos máis vellos esta forma de desfrute do ocio[459].

Pero, esta onda de moralidade, xa está presente neses mesmos momentos, non aparece da repente e da nada. Así aínda que, ademais das peñas de mozos, hai 7 organizacións que durante os dous períodos estudados realizan asaltos, e destas tan só unha é do grupo obreirista-esquerdista e outra dereitista[460], a AMC desenvolve un discurso, xa en 1935, que estará plenamente vixente a partir do golpe de estado e que advirte sobre a vida licenciosa que se impón na sociedad republicana

"Cuando la Cultura marcha bien y va unida con su hermana la Moral, son dos líneas paralelas, confluyen en la gran plaza del Progreso, que si Progreso es verdad (sic), ha de estar presidido por el palacio magnífico de la idea sobrenatural de Dios. Cuando la Moral y la Cultura se unen y se compenetran en la forma que he dicho se producen los grandes valores de la Raza. Eso no cabe duda; en cualquier momento de la Historia de la Patria, se ve. En el siglo XV, por ejemplo. Eramos (sic) los dueños de toda la Cultura (…)

Lo sabíamos todo, lo teníamos todo, teníamos la Cultural integral; pero teniamos (sic) también moralidad completa. (…) en cuanto surge la unidad nacional, en manos de los Reyes Católicos y hay gobierno que lo hace razonablemente allá va la expresión toda del sentir de la Raza y allá van las tres blancas velas, por el Atlántico, rompiendo el velo de todos los misterios, hasta que una mañanita del doce de Octubre, de la frente del viejo Neptuno arrancamos su corona de leyendas, mitos y terrores.

Todo eso se rompe porque es mentira y está allí la verdad espléndida, la verdad hecha tierra: América, creación de España por la Verdad (…)

Es decir, que cuando teníamos todo lo que debíamos tener, Cultura y Moral, íntegras y admirablemente dirigidas hacía Dios, fuimos lo que fuimos, y hasta que nos pongamos en esa ruta, no volveremos a serlo otra vez."[461]

Pero, tamén, fronte a este lecer e cultura auto organizada, obsérvanse as primeiras sinais doutro enfoque. Un enfoque que ten que ver co desenvolvemento de certos sectores produtivos da cidade, e que busca con ese desenvolvemento unha nova mercantilización das actividades de ocio. O incremento da actividade cruceirística orixina que determinados sectores da cidade comecen a reclamar publicamente a construción dunha industria do lecer que faga fronte ou que aumente o atractivo da cidade cara a nova actividade: o turismo.

---

[458]Acordo do Centro Ourensán de decembro de 1935. EPG, 20/12/1935.

[459]Foron infrutuosos todos os intentos para atopar sequera unha referencia oral a estes asaltos, parece que a destrución da sociedade republicana fixo que esta modalidade de desfrute e relación da mocidade quedase absolutamente esquecida. Si atopamos unha referencia na páxina do Consello da Cultura Galega (https://www.cultura.gal/es/evento/24891/158/28129), pero a definición que se fai como un "simple" baile non cadra coa diferenza que reflicten os medios entre baile, baile-asalto e asalto.

[460]As organizadoras de asaltos son a obreirista-esquerdista *Sociedad "La Aurora" de Sárdoma* (EPG, 14/04/1936); o dereitista *Casino de Suboficiales* (EPG, 05/01/1936, 07/02/1936, 11/02/1936, 14/04/1936) e as organizacións sen adscripción, *Centro Orensano*, *Sociedad Artística de Lavadores*, *Sociedad Gimnástica Recreativa* e *Círculo Mercantil e Industrial*.

[461] Escobar Fraguas, Manuel, "Cultura y Moral", MC, 01/11/1935

"Que distracciones tiene el extranjero que arriba a nuestras costas? Dirá la gente; el paisaje, pero esto no es suficiente.

Los que salen de casa con ánimo de pasarlo bien, y que vienen de lejanos países (sic), necesitan algo más que maravillas visuales, Necesitan goces materiales y espirituales, que se traducen en Clubs, bailes, Restaurant, etc.

Vigo no tiene nada de esto. Por ello precisamente hemos visto que los setenta y pico barcos que anclaron en nuestro puerto el año treinta y cuatro, quedaron reducidos a unos treinta en el treinta y cinco; la única causa, es la falta de distracciones mundanas en la ciudad. De distracciones diurnas y nocturnas.

Nos faltan muchas cosas para lograr estos fines (…)"[462]

Estas posicións chocarán de fronte cos intereses do sector empresarial pesqueiro que consideraba a franxa litoral como o marco exclusivo da súa actividade económica, e que a partir de 1937 forzará ás autoridades municipais a apoiar unha estruturación do litoral urbano con destino a incrementar esa súa actividade económica. O destino do litoral urbano vigués tamén quedou absolutamente condicionado polo resultado do golpe e posterior guerra, e os sectores que apoiaron a destrución do réxime democrático obtiveron, tamén, a conversión deste área da cidade nun recurso propio destinado ao seu beneficio. O "control" do desenvolvemento da cidade a nivel urbanístico será un de elementos máis característicos das novas autoridades do que se verán beneficiados determinados sectores, non só o conserveiro, senón determinados empresarios da construción que apostarán, todos eles en xaneiro de 1936 por anular o Plan Palacios de ordenación urbana[463].

Falamos ao principio da existencia dun conxunto de actividades culturais e de lecer que se caracterizan pola súas apelacións clasistas. Tanto as que proveñen de organizacións que representan ás clases privilexiadas como as que parten dos traballadores e das súas organizacións deben ser enmarcadas dentro dos procesos de construción de identidade. Así, si constatamos a existencia dunha alternativa de praxe cultural de base, desenvolvida dende organizacións ligadas aos partidos e sindicatos obreiros que incide nesa construción da identidade da clase obreira, resulta plenamente normal a existencia doutras experiencias que buscasen reforzar a identidade do grupo economicamente privilexiado.

As diferencias entre as dúas alternativas á construción de identidades terán un reflexo máis que evidente no apartado do desenvolvemento da actividade deportiva como teremos ocasión de ver de seguido.

A introdución do deporte está vinculada coas clases altas, de feito foi a aristocracia inglesa a que comezou a practicalo como un xeito de "cultivar el espíritu y el cuerpo de los jovenes aristocratizantes", pero tamén por unha serie de "valores" que a súa práctica levaba implícitos,

[462] El Tritón de las Cies, FDV, 02/02/1936

[463] A primeira aparición deste asunto na corporación municipal parece unha cuestión menor dentro dunha análise da situación económica do concello e a diminución dos ingresos por licencias municipais. A Comisión Municipal Permanente do Concello de Vigo (CMPV) constata esa baixada de ingresos entre 1927 e 1933 de 15.421,62 pesetas, e o momento no que o xestor Manuel Canellas (dono da *Metalúrgica* e antigo militante do PCR) afirma, sorprendentemente, que esta redución e consecuencia directa da aprobación do Plan Palacios (a afirmación é sorprendente porque na mesma sesión da análise dos datos ofrecidos se aprecia sen lugar a dúbidas que o maior descenso dese tipo de ingresos se corresponde cos anos 1927 e 1928, moito antes da aprobación do Plan que se fai en 1933, de feito o período cunha redución menor de ingresos é posteriormente á aprobación, entre 1935 e 1935). O asunto pasa ao Pleno que en sesión do 9 de decembro de 1936 anula o Plan. Acta da Sesión da CMPV do 2/12/1936, AMV, 70.1 e Acta do Pleno da Comisión Xestora Municipal de Vigo (PXMV) do 9/12/1936, AMV, 73.2.

"disciplina, el afán de superación, el sacrificio, la camaradería, el espíritu de equipo (...)"[464]. Será o paulatino acceso ao tempo libre da clase traballadora o que faga posible a penetración dos sectores obreiros na práctica deportiva. Esta conquista do deporte para a clase obreira supuxo unha serie de modificacións de calado. En primeiro lugar, os deportes elitistas practicados con anterioridade quedaron pouco a pouco marxinados, xurdindo outros novos e "democratizando" algún dos antigos. O ciclismo, o atletismo e o boxeo penetran con facilidade nas capas obreiras, mentres que se democratiza a práctica do fútbol e o excursionismo[465]. A partir dos anos 20 coa prensa como altofalante das competicións deportivas, o deporte –ou algúns deportes- convértense en actividades de masas, adquirindo a consideración de espectáculos, pero tamén mantendo a súa vertente de deportiva. Simultaneamente ao proceso de conversión en actividade de consumo, que ten o seu exemplo máis paradigmático no fútbol, asístese a un fenómeno de profesionalización onde os deportistas máis significativos convértense pouco a pouco en ídolos das masas populares ao mesmo tempo que comezan a aparecer os seareiros como fenómeno social [466].

A cidade de Vigo non é allea a todo este xurdimento, e a altura de 1935 conserva aínda con vigor certos elementos que xa están en decadencia noutras cidades máis poboadas e industrializadas do Estado español. Nos estamos a referir ao deporte non profesional, fundamentalmente ao fútbol non profesional. Entre setembro de 1935 e o golpe de estado teñen actividade deportiva contrastada 120 equipos de fútbol non profesional[467], 4 de wáter-polo, 4 de hóckey, 6 de baloncesto, 2 de ciclismo, 1 de atletismo e outro de rugby. Aínda contando con que algunha das persoas participantes o fixeran en máis dun equipo, máis de 1000 persoas participan destas prácticas deportivas.

Daquel deporte elitista anterior á eclosión entre as masas de traballadores tanto da práctica como do consumo, só queda en Vigo á altura de 1935 o hóckey e máis o wáter-polo. Curiosamente o hóckey na cidade será fundamentalmente feminino e tanto na súa práctica como na fundación dos primeiros clubs estaban representadas "las más conocidas familias viguesas de la época"[468], moitas delas vinculadas, posteriormente, a FE-JONS. Aínda así o proceso "democratizador" deste tipo de deporte tamén comezaba a producirse avanzado o quinquenio republicano. Así a figura máis destacada do hóckey feminino, tanto potenciadora desta modalidade deportiva como xogadora, Antonia (ou Antonina) Sanjurjo, dirixente galeguista local do PG[469], manterá unha posición diametralmente oposta ao elitismo

[464] Ë certo que esta práctica das elites centrábase en determinadas manifestacións ben específicas, esgrima, hípica, caza e excursionismo eran os destacados, de feito as referencias ao fútbol non chegaron as elitistas revistas deportivas ate 1909, e será precisamente a elite dirixente a que primeiro se embarca na fundación de clubs de fútbol (Otero Carbajal, Luís E., "Ocio y deporte en el nacimiento de la sociedad de masas. La socialización del deporte como práctica y espectáculo en la España del primer tercio del siglo XX", *Cuadernos de Historia Contemporánea* núm. 25, 2003, p. 173). En concreto para Galiza o mesmo proceso nos seus inicios en Domínguez Almansa, Andres, *Historia social do deporte en Galicia*. *Cultura deportiva e modernidade, 1850-1920*, Vigo, Edicións Xerais, 2009

[465] Otero Carbajal, Luis E., "Ocio y deporte…" p. 176.

[466] A importancia do futbol como deporte de masas, a conversión de ídolos populares das estrelas de cada equipa, tivo tamén repercusións na represión posterior ao golpe de estado. Así, Patricio Escobar, enxenieiro muncipal de Logroño, afiliado a Izquierda Republicana, pero tamén capitán do Real Madrid e membro da selección española que obtivo a medalla de prata nas Olimpiadas de 1920, salvou a vida xa que "el escándalo que podía desencadenar su muerte contuvo a sus opresores" (Preston, Paul, *El holocausto español…* p. 263).

[467] Só nos referimos a equipos de categoría senior, non incluímos os equipos de categoría infantil, que son 44.

[468] Rolland, Eduardo, "Las guerreras viguesas del hockey hierba" en *Vigoe*, 10 de decembro de 2022.

[469] En concreto figura como membor do Comité Local do PG de Vigo en 1934 como bibliotecaria. EPG, 29/12/1933.

"En la participación en los deportes desaparecen muchos prejuicios sociales. No hay cursis ni elegantes, ni artistócratas ni plebeyos, sino simplemente educación y buenos o malos deportistas."[470]

Precisamente o que contrasta coas grandes cidades do Estado español, a estas alturas da segunda metade dos anos 30, é a potencia do deporte afeccionado da base. Isto é debido a que nas grandes cidades do Estado español dende principios dos anos 20 empréndese unha viraxe cara á profesionalización, non só na actividade, senón tamén da concepción do deporte-espectáculo que relegará ao deporte afeccionado a unha posición marxinal.

"(…) fútbol como espectáculo de masas ya había rebasado el estadio del amateurismo y los trabajadores no encontraron la suficiente motivación deportiva para acudir a un encuentro amateurs, su pasión balompédica ya se había canalizado hacía los grandes clubes profesionales y las competiciones oficiales (...)"[471]

Non ocorría isto aínda en Vigo. Mentres que a equipa profesional da cidade esforzábase en chegar aos 1.500 socios[472], o fútbol non profesional era quen de mobilizar seareiros, incluso en desprazamentos de media distancia para apoiar ás súas equipas[473].

"Hoy tendrá que quedar definitivamente, uno clasificado [refírese a un encontro entre equipos afeccionados do Gran Peña de Lavadores e Marino de Teis], y por ello ambos equipos desplazan su mejor gente. Es enorme también el contingente de aficionados que acompañarán a mabos equipos. De Lavadores se anuncia que llevarán un tranvía extraordinario, ademas de varios autobuses. De Rios también se desplazarán varios autobuses con aficcionados de dicho barrio"[474].

É máis, dende a propia Federación Galega de Fútbol, profesional, tentouse por todos os medios a integración dos chamados equipos da Liga de non federados viguesa.

"Los clubs modestos, son en todas las regiones, escuelas de formación de futuros ases, lo mismo en el ciclismo, los sin licencia, que en el fútbol, los no federados.
Las federaciones Asturiana, Vizcaina, Catalana, como creo hay alguna otra también, tienen de tal forma organizados los clubs modestos dentro de sus respectivas, que les permiten tener grandes existencias de jugadores para las categorías superiores, sin que lleguen a agotarse estos.
En Galicia debería serlo también, pero no lo son, al contrario, los clubs modestes pertenecientes a la citada liga son enemigos de esta incorporación (…)"[475]

Pero estes intentos de integración sempre foron contestados dende os "dirixentes" do fútbol afeccionado con rotundas negativas. Incluso, dende a organización na que se encadran todos os equipos afeccionados, chégase a prohibir que se produzan enfrontamentos contra calquera equipos profesional.

[470] Conferencia de Antonia Sarjurjo en 1933, citada en Rolland, Eduardo, "Las guerreras viguesas…"
[471] Otero Carbajal, Luis E., "Ocio y deporte…" p. 184.
[472] FDV, 05/12/1935.
[473] EPG, 04/05/1936.
[474] FDV, 12/07/1936.
[475] ADPA, "A la Liga de Clubs no Federados, ¿Por qué no dentro de la Federación?, FDV, 09/07/1936.

"Se advierte a todos los equipos afiliados a esta Liga de Clubs no Federados que deben abstenerse de disputar encuetros con clubs afiliados a la Federación Gallega de Fútbol. Los contraventores deberán atenerse a las sanciones correspondientes"[476].

Non pensamos que fora a razón principal a presenza dunha corrente política contraria á profesionalización nesta reticencia do fútbol afeccionado, de feito, os clubs de fútbol vinculados directamente a estas opcións políticas, os comunistas, e que participan da liga dos non federados son moi escasos na cidade[477]. Aquí hai que ter en conta dous elementos. En primeiro lugar as federacións oficiais eran estruturas controladas aínda polas elites sociais

"El creciente entusiasmo deportivo de los jóvenes obreros choca con la exclusividad social de las federaciones deportivas oficiales, lo que tiene como consecuencia la formación de numerosos grupos informales compuestos en su gran mayoría por obreros."[478]

En segundo lugar, a propia política dos comunistas en relación ao deporte baseábase na creación de clubs nos que a afiliación comunista non fora un requisito, senón que se tentaba atraer a calquera mozo de esquerdas e a "millares de ellos que carecen de tal ideología, los cuales son la inmensa mayoría (…)"[479].

Non obstante, si existiu unha comunicación constante, unha rede, entre os clubs non profesionais e as organizacións de carácter obreiro, xa que con total seguridade, moitos dos militantes obreiros, pertencían a estes clubs, que maioritariamente tiñan vínculos de pertenza parroquial ou de barriada. Lograríase a través destes lazos unha articulación clasista da sociedade construída a través da "interacción permanente de discrusos y prácticas sociales por parte de los individuos" participantes[480].So así podemos entender porque cando estoure o conflito obreiro más importante da cidade nesa época, a folga xeral do metal de novembro de 1935, os clubs de fútbol non profesionais da cidade se mobilizan. A longa duración do conflito, 5 meses, fai que os ingresos dos traballadores desaparezan, e nese momento, cando máis escasean os recursos dos obreiros, cando os clubs de fútbol aparecen en escea. O 23 de xaneiro de 1936, cando a mediación do gobernamental non consegue a volta ao traballo e se suceden por toda a cidade atentados con bomba, oito clubs de fútbol non profesional, entre os que se atopan os máis importantes da liga, deciden convocar un torneo a beneficio dos traballadores en folga: a *Copa Metalúrgicos*[481]. Toda a recadación dos encontros destinarase integramente para os traballadores. Pero non só a recollida de fondos ten importancia para o desenvolvemento do conflito, senón que a súa soa realización supón un balón de oxixeno para unhas organizacións sindicais que un día despois do anuncio da copa solidaria, ven como o Goberno civil prohibe os mitins de propaganda sobre o conflito[482]. Destácase, ademais, dende a prensa, a capacidade de mobilización dos equipos e do motivo do torneo

[476] EPG, 06/02/1937.
[477] Só rexistramos a existencia de tres clubes, o *Gorki*, unha equipa do centro da cidade, e o *UHP* da parroquia de Cabral e o *Bala Roja* de ubicación descoñecida.
[478] Gounot, André, "El proyecto de la Olimpiada Popular de Barcelona (1936), entre el comunismo internacional y republicanismo regional" en *CCD*, ano 2, núm. 3, 2005, p. 117
[479] *Mundo Obrero*, 26/02/1936
[480] Gabriel, Pere, "Espacio urbano y articulación política…" p. 117
[481] Os equipos que toman a iniciativa son: o *Turista*, o *Gran Peña*, o *Damm*, a *Cultural de Cabral*, o *Deportivo Coya*, o *Arenas de Bouzas*, o *Aurora* e o *Rápido de Sárdoma*. FDV, 23/01/1936
[482] FDV, 24/01/1936

"Además del interés excepcional de los encuetros, tiene un atractivo de que la recaudación será a beneficio de los metalúrgicos, por todo lo cual no es aventurado suponer un lleno completo en el campo de Barrerio."[483]

Tamén outro tipo de organizacións culturais participan en actos solidarios cos traballadores do metal, sempre dende a organización de actos de carácter lúdico. Así a *Casa del Pueblo* organiza un festival a favor dos traballadores en folga coa presenza da coral e grupo de teatro *Queixumes dos Pinos* que representou unha obra infantil –o que constata e presenza de cativos, e polo que estamos ante un acto de carácter familiar- é unha "escena" cómica[484].

Este conxunto de interaccións froito da extensión, dende parámetros da auto organización, do lecer, da cultura e do deporte de base, conseguen tecer unha rede informal integrada dentro dunha intensa vida comunitaria "surgida de la superposición de las esferas del trabajo, el consumo, el ocio y la acción colectiva"[485]. Só dende este punto de vista pódese explicar a participación no conflito metalúrxico destes clubs, que en principio non tiñan ningunha compoñente política. Ao mesmo tempo, a propia organización do conflito non resta posibles apoios, xa que esta faise dun xeito unitario, o que non introduce elementos de ruptura nas propias comunidades. De feito, os dous sindicatos implicados, o SUM-CNT e o SM-UGT levan a aposta unitaria ate o extremo de que a presidencia das asembleas que se convocan durante o conflito son rotatorias, e as que tratan temas de maior transcendencia de realizan nun local neutral.

Esta potencia en canto ao deporte non profesional e os seus evidentes contactos coas organizacións de clase, fai posible a creación tanto no Concello de Vigo como no Concello de Lavadores de *Comités Pro Olimpiada Popular de Barcelona*. O proxecto, fundamentado no boicot á Olimpíada parda de Berlín foi apoiado dende o primeiro momento polos comunistas e posteriormente por socialistas e pola práctica totalidade de organizacións de esquerda, no que se deu en chamar a fronte popular do deporte[486]. Na nosa comarca os elementos que patrocinan na súa creación difiren nos dous concellos. O de Vigo, fundado en maio de 1936, está alentado pola FCDO, IR e as JSU[487], mentres que no de Lavadores participa a ADOL, como vinos entidade vinculada á FCDO e unha organización de carácter cultural e deportiva non adscrita, a *Cultural y Deportiva de Riomau*[488]. Pero o que máis nos interesa e a participación de organizacións non adscritas politicamente. Unha, acabamos de ver que se constitúe en impulsora do Comité en Lavadores, pero no caso de Vigo, son dúas as que pasan a integrar o seu órgano directivo local: o *Club Marítimo de Vigo* integrará a sección de natación e a *Agrupación Artística de Vigo* a de arte[489]. Xunto ás organizacións fundadoras e a estas organizacións culturais non adscritas, participan do órgano de dirección do Comité, a Agrupación Local do PSOE, as mulleres da MCGF e a *Asociación de Amigos de la Unión*

[483] EPG, 26/01/1936
[484] EPG, 26/01/1936.
[485] Oyón, Jose L., "Historia urbana e historia obrera…" pp. 21-22
[486] Gounot, André, "El proyecto de la Olimpiada Popular…
[487] EPG, 05/05/1936.
[488] EPG, 18/06/1936.
[489] O Club Marítimo de Vigo será o encargado de elixir a selección galega de waterpolo aínda que finalmente non haberá selección de waterpolo galega. Pola súa parte a Artística axudará a crear un coro e grupo de danzas tradiciónal ante os requirimentos do Comité Nacional Pro Olimpiada Popular da necesidade de que cada selección acoda cunha coral con baile e vestimenta tradicional. EPG, 05/05/1936 e 19/06/1936.

Soviética. Pero mesmo dende a prensa dereitista se fai eco e propaganda da constitución na cidade deste Comité:

> "Se ha reunido en Vigo las personas simpatizantes con la Olimpiada Popular de Barcelona que deben serlo todas, puesto que trata de unas reuniones deportivas de carácter internacional, muy beneficios para la juventud deportiva española."[490]

O 8 de xullo de 1936 realízanse as probas para a configuración das seleccións galegas de fútbol, atletismo e natación e tamén se realiza unha "competición" de coros para elixir o que representará a Galiza.

Os traballos das diferentes seccións rematan o 16 de xullo de 1936 coa presentación nunha festa no salón Danubio Azul, da selección galega de fútbol non profesional e o coro *Galicia Ceibe* creado para representar a Galicia en Barcelona[491].

> "¡Deportistas! ¡Trabajadores! El Comité Regional Pro Olimpiada Popular de Barcelona lanza un llamamiento para que mañana a las siete y media de la tarde, asistan al festival artístico que este Comité organiza para ayudar a sufragar el envío de la delegación que ha de representar a Galicia en la Olimpiada Popular de Barcelona"[492]

De todo o exposto podemos concluír que si existe unha diferenza notable na actividade cultural e de lecer despois da vitoria da FP. Unha diferenza que se fundamenta principalmente no aumento dunha actividade que xa era alta no período anterior. Non obstante, non se aprecia a consolidación maioritaria dunha alternativa cultural e de lecer de carácter obreiro. Pola contra, o aumento da actividade e as organizacións que o protagonizan dentro do grupo de organizacións sen adscrición política, aínda que algunha delas ten unha presenza destacada de elementos socialistas e comunistas, faise, dende o noso punto de vista, lonxe dunha perspectiva de clase, que é substituída por un reagrupamento de carácter popular máis que obreiro, o que denominamos na introdución, seguindo a Gramsci, un "bloque social de progreso". Este reagrupamento ou configuración deste bloque, orientarase dende unha visión ampla, onde non sería convinte a vinculación a unha ou outra alternativa política concreta e será protagonizado, non só por obreiros senón, tamén, por membros das clases medias, principais animadores das organizacións non adscritas politicamente.

Sexa como fóra, pensamos que esta pequena visión destes aspectos da vida cotián previa ao golpe de estado, reflexa unha sociedade dinámica, cun gran capital social que ademais vehículase a través de procesos de auto organización. Boa mostra disto son eses 661 actos culturais e de lecer realizados en menos dun ano. As organizacións populares son quen de ofrecer unha alternativa cultural e de lecer á cultura mercantilizada e á cultura institucional, máis que unha alternativa de clase á unha suposta cultura burguesa. Quizais o único eido que esta cultura popular deixa fora do seu marco de acción é o cine, que dado o custe dos proxectores e os problemas técnicos que lles podía supoñer, non tivo ningunha presenza entre o conxunto de organizacións con actividade. Todas as demais foron tocadas e podemos dicir,

[490] FDV, 31/05/1936.
[491] Neste acto de presentación só tomará a palabra unha orador, neste caso oradora, Elisa Risco dirixente das MCGF. FDV, 15/07/1936.
[492] EPG, 15/07/1936

sen temor a erro, que a oferta cultural naqueles días superaba con creces a que hoxe podemos dispoñer na cidade de Vigo.

Agora si estamos en disposición de avaliar que foi, a nivel de base, social, o que destruíu o golpe de estado e o novo réxime e cales foron as actividades principais nas que participaron os militantes e cadros do conxunto de organizacións anti fascistas. Tamén podemos concretar que se mantivo, si é que algo o fico, de todo este tecido socio cultural. Máis aló das típicas e tópicas referencias ao número de sociedades, de partidos políticos e de organizacións sindicais, pensamos que logramos reflectir, aínda que fose a un trazo groso aspectos non tidos en conta ate o de agora da sociedade republicana en Galiza, e en concreto na cidade de Vigo e os seus arrabaldes, algo, dende o noso punto de vista, absolutamente imprescindible para analizar tanto os procesos represivos -en sentido amplísimo- como aqueles que se constitúen en centrais na construción da nova sociedade do que foi a España de Franco.

Con todo caso, e para rematar este capítulo, tampouco deberíamos esquecer que as actitudes cara certas manifestacións culturais eran basicamente as mesmas que as que hoxe podemos ter, e como se divirten as persoas parece depender máis do seu contexto que do feito concreto do pracer.

> "El vecindario vigués se lanzó a la calle, a pesar de lo bastante desapacible de la noche a despedir el viejo año y recibir el nuevo, cada cual con aquello que le pareció más a gusto: unos con uvas, otros con champagne, algunos con coñac… y otros con nada ¡Y la jornada transcurrió tranquila!
> Centenares de familias invadieron los locales de Casinos, cafés y centros de reunión. Nutridas orquestas lanzaron los monocordes sonidos de "La Carloca", "La Caramba" y otros bailables, y la gente bailó y bailó sin parar.
> En los cafés, al sonar las doce en el relog (sic) casero, las orquestas "atacaron" los himnos de Riego y el Gallego, y la concurrencia dio rienda suelta a su entusiasmo con toda clase de gritos.
> En las salas de espectáculos, el mismo panorama. Y en la calle…
> En la calle, miles de personas distribuidas a lo largo de la ciudad amargaron la digestión de los que tienen un hogar confortable con sus ruidos de cacharrería y cánticos.
> Atrás quedó 1935. Veremos qué nos trae el año que hoy empieza. Para unos será de triunfo y opacara otros de desgracia. Viejo tópico, tan viejo como el mundo y que sin embargo resulta siempre nuevo. La gente es siempre la misma. Diríase que quien pasa es el Tiempo y no los hombres."[493]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[493] EPG, 01/01/1936

6. DA ESPERANZA Á DESTRUCION POLÍTICA, VIOLENCIA, GOLPE DE ESTADO EN VIGO

Xa vimos anteriormente como se produce a nivel estatal a activación das liñas de división, antes e durante a campaña electoral das eleccións de febreiro de 1936, e a súa radicalización durante o goberno da FP. Neste capítulo pretendemos analizar a nivel micro como se desenvolve, tanto a campaña como o proceso de reorganización da vida política a partir de febreiro de 1936, para pasar inmediatamente ao desenvolvemento do golpe de estado, así como as primeiras medidas que os sublevados toman para asegurar o seu trunfo a nivel local e para iniciar a construción da nova sociedade. Consecuentemente, o capítulo divídese en tres partes que coinciden cos tres movemento cronolóxicos que acabamos de explicar.

6.1. CAMPAÑA ELECTORAL E GOBERNO DA FRONTE POPULAR EN VIGO

A campaña electoral que conduce ás eleccións de febreiro de 1936 desenvolveuse baixo unha forte tensión da comarca de Vigo. Os contactos entre as organizacións de esquerda de cara a concretar a coalición electoral, o clima de enfrontamento dual propiciado polo trazado de divisorias e o clima de conflitividade que reinaba na cidade por mor da folga xeral do metal, debuxaron un ambiente de forte mobilización social. Esta situación trasladouse dende os locais das organizacións políticas e sindicais cara á rúa, e a política inundou todo, ou case todo, dende decembro de 1935. Iso debeu de pensar o crego da parroquia máis importante do Concello de Lavadores, Santa Cristina, que ante as liortas entre feligreses decide poñer unha nota pública na porta da súa igrexa:

> "Un ruego público. El rector de nuestra feligresía, don Eugenio V. Senra, suplica a toda persona de cualquier categoría, sexo y condición, no le hablen, ni siquiera incidentalmente y por asomos, de elecciones, votos ni partido alguno; aunque sea el más católico y derechista"[494]

O certo é que as organización políticas viguesas déronse presa en tentar concretar os acordos que a nivel estatal ían adoptando as diferentes organizacións políticas. Así, si oficialmente o día 19 de decembro a executiva do PSOE aproba á política da fronte única, dous días máis tarde ten lugar en Vigo o primeiro mitin en apoio desta estratexia. Este primeiro mitin de apoio a unha coalición electoral de esquerda foi convocado polos agrarios, pola FAP. Nel as organizacións agrarias da provincia e dentro delas as de Vigo e Lavadores avogarán por unha fronte "obrero y campesino"[495]. Esta fronte deberá facer seus os problemas fundamentais de Galiza e cumprir "con el deber que las Constituyentes no pudieron o no quisieron abordar"[496]. Ante a seguridade de que a fronte aí a ter unha concreción práctica, a organización, inicia un proceso de eleccións primarias interna para elixir os seus posibles candidatos nunha, aínda

[494] EPG, 18/12/1935.

[495] EPG, 21/12/1935. Aínda que a FAP era o único organismo coordinador realmente existen a nivel provincial dos agrarios, moitos dos sindicatos parroquiais da provincia non pertencían a esta organización e se movían en posición próximas ao PRR, aínda así a FAP era con moito a organización agraria máis potente a nivel provincial.

[496] Intervención de Antonio Alonso Rios no mitin da FAP do 21/12/1935. EPG, 24/12/1935.

hipotética, candidatura conxunta. O mesmo día, o tema da Fronte Única comeza a ser tratado nas diversas asembleas das organizacións obreiras. A primeira en facelo, ese mesmo día, é o Sindicato de Trabajadores de la Enseñanza-UGT[497].

O 30 de decembro ante os movementos que se están a producir de cara a constitución formal da Fronte, a FAP nomea oficialmente aos seus representantes nas conversas que, polo momento, aínda son hipotéticas. Pero non só fai iso, senón que ao mesmo tempo, o Comité da Federación ordena a todas as organizacións federadas que se absteñan de participar en calquera acto de propaganda non unitario e que non conte coa autorización expresa da Federación[498]. Ao día seguinte, a prensa, informa da radicalización do conflito do metal co estoupido de 3 bombas noutros tantos talleres metalúrxicos que permanecían, pese á folga, abertos.

O principio do novo ano non parece traer cousas novas. O conflito do metal segue radicalizándose e o 3 de xaneiro infórmase que Jaime del Rio, traballador metalúrxico, militante de CNT e antigo dirixente do SUM, resulta morto por un atentado. A prensa relaciona o asasinato coa posición de Jaime contraria ao mantemento da folga[499].

Mentres que se están a producir estes movementos, no campo da dereita parece existir unha calma chicha. A súa actividade pública céntrase dende finais de 1935 en promover unha campaña de caridade ante o gran aumento de parados na cidade[500].

> "(…) se ha constituido recientemente una entidad de carácter social. Integrada por un grupo de señores de los más significados de aquella localidad, con el fin de atender en cuanto sea posible la precaria situación de muchos de sus convecinos.
> Este organismo, inspirado en su amor al prójimo, desea hacer tanto en el desarrollo de su obra, puramente humanitaria, cuanto sea la ayuda que le presta para desarrollarla.
> (…) ante la necesidad de practicar dos de las obras de misericordia que son indispensables: "Dar de comer al hambriento y vestir al desnudo."[501]

En xaneiro fanse públicos os problemas das dereitas para chegar a un acordo de cara constituír un bloque "antirrevolucionario". Parece ser que os problemas xorden polo acordo previo entre CEDA e o PRR da provincia. O preacordo fixa o reparto dos postos na lista electoral: 4 para o PRR e 5 para a CEDA en previsión de que se sume o BN en cuxo caso se lle ofrecería o deputado que se lle atribuíu a maiores á CEDA. Non obstante, Victor de Lis, máximo representante do Bloque na provincia, desbota calquera intento de acordo nesas condicións.

> "(...) rechaza por inadmisibles las proposiciones formuladas por el Comité provincial de Acción Popular respecto a concederle un solo puesto en la candidatura (…) El Bloque Nacional lanzará dentro de breves días su candidatura en unión de elementos antirrevolucionarios (…) somos los verdaderos católicos que huimos de amalgamas con masones (…) y (…) somos los únicos que vamos

[497] EPG, 21/12/1935.
[498] EPG, 31/12/1935.
[499] EPG, 03/01/1936
[500] A campaña desenvolveuna tanto AP como as JAP durante todo o mes de decembro de 1935. EPG, 31/12/1935.
[501] A. y de Rovira, Agustina, "La Acción Social en Bouzas", EPG, 04/01/1936.

> a hacer grande a nuestra Patria, arrancándola de las garras de la masonería, de la revolución y del separatismo"[502].

Obsérvese como o marco de referencia das divisorias, que nestes momentos están a ser trazadas dende os emprendedores políticos das dereitas, aparece para atacar a aqueles que na opinión dos alfonsinos impiden o obxectivo da unidade: os masóns, neste caso do PRR. Isto ven a poñer de relevo que as divisorias son empregadas tanto para trazar unha liña co resto de opcións políticas, como tamén para efectuar unha selección no propio campo. Todos aqueles que imposibiliten de calquera xeito o obxectivo fixado, nestes momento a vitoria electoral para acadar o poder, son situados á outra beira da división. Dende os círculos monárquico empresariais de Vigo vese a situación como dramática, xa que a desunión das dereitas faría imposible unha vitoria, que de seguro se lograría actuando xuntos[503]. Tamén dende a organización máis transversal do universo da dereita, a AMC, xorden voces que apreman para a consecución dun acordo que integre a todas as posicións dereitistas, baseada nun só punto en común imprescindible: a loita contra a anti España.

"(…) unidad de acción [que] se extienda a aquellos partidos que van, como aspiración común, contra el marxismo, separatismo y masonería –tríptico de la anti-españa- para formar un firme bloque antirrevolucionario."[504]

Esta anti-España non é sequera unha parte de España porque, fundamentalmente, está formada por elementos estranxeiros:

"Además no son precisamente hombres de España, con sus propias ideas, los que pugnan por la revolución. Es un poder internacional que influye con la eficacia que le proporcionan sus medios… de ahí que la dolencia de España no pueda ser curada por éstos, porque al fin, aunque españoles, son extraños a sus ideas."[505]

Pódese ver que o trazado de divisorias non debe relacionarse cunha táctica política electoral desenvolvida polas grandes estruturas partidistas, senón que a súa pegada deixase sentir a nivel de base, penetra no corpo social e modifica e crea un novo tipo de relacións sociais.

Ante a proposta, que o BN considera ridícula, manifesta que están en disposición de elaborar unha lista propia "de elementos contrarrevolucionarios" que "con dolor" competiría, chegado o caso, coa patrocinada pola CEDA e na que se integra o PRR. Resulta sumamente interesante a identificación deses elementos contrarrevolucionario que se unirían á lista patrocinada polo BN. Na nota de Victor de Lis fala directamente de catro organizacións dispostas ou que importantes membros das mesmas estarían dispostos a participar: a URD, o *Partido Republicano Liberal Demócrata* (PRLD) de Melquíades Álvarez o PAE e o PCR[506]. Resúltanos pouco crible que se chegara a un acordo a nivel de partido co PRLD e co PCR de ámbito provincial, pero non o é tanto que se tiveran contactos con determinados elementos

[502] De Lis, Victor, "Por culpa de la CEDA no fue posible llegar a la unión de las derechas en esta provincia", EPG, 17/01/1936
[503] Así se manifesta Manuel Otero Bárcena, un dos grandes beneficiados do golpe, director nese intre do FDV. Otero Barcena, Manuel, "En esta hora crítica es indispensable un frente único de la derecha", FDV, 17/01/1936
[504] Méndez Rodríguez, Gabriel, "Frente contrarrevolucionario", FDV, 21/01/1936. O autor é un importante membro da AMC.
[505] Méndez Rodríguez, Gabriel, "Frente..."
[506] FDV, 18/01/1936

destas formacións tendo en conta cal será a posición e as actitudes dalgúns dos seu máximos representantes na partir do golpe de estado en Vigo.

Mentres, a nivel social, os traballadores en folga do metal reciben o apoio dos clubs de fútbol afeccionado que comezan a disputar ao seu beneficio a *Copa Metalúrgicos*. Pero a solidariedade en rede non só se manifesta nesta competición, outras equipas que non participan neste torneo, comezan a realizar *retos* tamén a beneficio dos traballadores[507]. Ao mesmo tempo, o conflito, que se atopa enquistado, recibe a atención do Goberno da República que envía a Vigo un delegado do Ministerio de Traballo para tentar chegar a unha solución[508].

A nivel político os sectores centristas tamén saen a escena. Neste caso e aínda que a concreción da coalición das dereitas aínda estea no aire, comezan a criticar a acción dos vellos *muñidores* que van casa por casa "comprometendo" o voto a unha futura e aínda hipotética, candidatura antirrevolucionaria. O rechamante destas denuncias, non é o feito en si, senón quen son os que se dedican a facer este traballo: as mulleres da dereita.

"De casa en casa, las señoras piden votos.

> No es sólo en la Guardia, en Pontevedra, en Caldas de Reyes: también los tratan de cazar en Vigo.
> Son de un descaro realmente insólito estas damas derechistas. No sólo pretenden utilizar su voto contra la República que se lo dio generosamente, sino que tratan de prostituir este nobilísimo derecho ciudadano, coaccionando a quienes están dispuestos a emitirlo espontáneamente, sin consejeras interesadas.
> No necesitamos excitar el celo del Sr. Gobernador Civil, para evitar este espectáculo. La autoridad, con sus agentes, y la Prensa, señalando públicamente y con nombres a las incansables muñidoras, terminarán con esta faena anticiudadana de las señoras derechistas.
> Por nuestra parte, si advertimos la reincidencia, no omitiremos el esfuerzo ni el espacio"[509].

As denuncias deste tipo de manobras xa tiñan chegado ao Goberno Civil quen, ante a gran cantidade de casos, vese forzado a emitir unha circular para tratar este tema concreto

"Constantemente se recibe en este Gobierno Civil denuncias de las que ya se hizo eco a

> Prensa, referentes a que gentes desaprensivas, valiéndose de medios y formas reprobables y delictivos, se dedican a la captación de votos con amenazas de graves daños y promesas de bienes espirituales y aún terrenales."[510]

Mentres que as dereitas manteñen a pugna para configurar a coalición da provincia e se comezan a denunciar as súas accións caciquís de cara ás futuras eleccións, a esquerda, neste caso agraria, elixe en primarias o seu candidato para integrar a lista da FP. O gañador con

[507] O *reto* era un sistema de enfrontamento deportivo entre dous equipos, consistía en que un equipo retaba a outro, principalmente a atrés da prensa, a un único partido. Neste caso concreto, o reto é da *Sociedad Cultural Chao* ao *Ciosvin* co propósito declarado de recadar fondos para os traballadores en folga. FDV, 25/01/1936.
[508] FDV, 25/01/1936.
[509] EPG, 26/01/1936.
[510] Circular núm. 17 do Goberno Civil de Pontevedra, EPG, 24/01/1936.

7.200 votos foi Antonio Alonso Rios[511], un galeguista de esquerda con fortes vínculos do PG[512]. A constitución da coalición electoral fai que as organizacións políticas e sindicais vaian decantándose, producíndose procesos de unidade[513] –tal é o caso das mocidades- pero tamén fixando as posicións dos que non se queren comprometer, como é o caso da CNT. A posición da organización libertaria está condicionada polo seu apoliticismo, pero a autonomía da cada unha das súas federacións locais posibilita ver posicións que matizan moito a postura oficial. Esta publícase a unha semana da confrontación electoral, e nela o Comité Nacional da CNT expresa a súa total negativa a participar en calquera tipo de apoio a un proxecto de carácter electoral

> "Dense por contestados quienes ingenuamente soñaron con nuestro auxilio directo en la reposición de la ficción electoral y los que usan el ascendente de la potencia confederal para lucrarse con unas actas. La C.N.T. a nadie apoya, ni nadie la interpreta, y menos representa, en la disputa de las urnas."[514]

Pero si esta é a posición oficial do Comité Nacional, a posición da FLSU difire substancialmente, cando menos no ton empregado, o que deixaba unha brecha ao apoio, incluso electoral

> "Sepan todos pues –y lo reiteramos a fuer (sic) de machacosos- que la C.N.T. ante el dilema de un mal menor, prefiere, ¡así, con toda sinceridad! una situación que garantice la libre emisión del pensamiento y el desarrollo de sus organismos sindicales y específicos, para preparación de una pronta emancipación total de la clase trabajadora y de toda la humanidad, y si bien creemos que en ninguna política es fácil conseguir lo anteriormente expuesto, afirmamos rotundamente nuestra repulsa con todos aquellos sectores que no sabemos con que fin, abusan para su propaganda de las letras C.N.T. y F.A.I."[515]

A finais de xaneiro de 1936, o culebrón da coalición dereitista continúa. A URD provincial anuncia a convocatoria dunha asemblea para a elección dunha Comisión que consiga unha candidatura única dereitista. Na comisión estará presente o dirixente pontevedrés do BN, Victor de Lis[516]. Un día máis tarde de anunciarse a creación desta comisión, a CEDA informa que o seu líder, Gil Robles, aumenta a dous os postos reservados, da candidatura unitaria co PRR, para o BN. Os cedistas preguntan publicamente si esa comisión nomeada en Pontevedra ten atribucións para falar en nome do BN e aceptar ou rexeitar a proposta, que afirman que será a única que fagan. A comisión resposta que as súas pretensións non son dous postos senón catro, pero en aras da concordia renuncian ao posto que en principio se lle debería outorgar, segundo os seus propios cálculos, ao PAE, pero non aclaran si falan ou non en nome do BN[517].

[511] EPG, 31/12/1935. Os outros candidatos nestas primarias provinciais foron, Ramón Alonso Martínez (portelista), Saturnino Piñeiro.
[512] EPG, 21/01/1936.
[513] A partir da constitución dos Comités da Fronte Popular tanto en Vigo como en Lavadores, as mocidades republicanas, socialistas e comunistas comezan a realizar asembleas conxuntas. EPG, 27/01/1936
[514] Manifesto do Comité Nacional da CNT ante as eleccións. EPG, 07/02/1936.
[515] Manifesto da FLSU de Vigo da CNT, "Cada cual en su lugar", FDV, 26/01/1936.
[516] FDV, 30/01/1936.
[517] FDV, 31/01/1936.

O ambiente de axitación na cidade e de implicación da poboación na contenta política, a menos de 15 días para a celebración das eleccións, está perfectamente reflexado neste texto dun dos líderes da FE-JONS local.

> "La característica de trabajo que han notado en nuestra ciudad, cuanto han tenido ocasión de visitarla y admirar sus bellezas, sin haberse disipado del ambiente, ha quedado dibujada hoy en un tono secundario; y es que, ante la proximidad de la lucha electoral, la política se ha adueñado, igual que en todas las poblaciones de España, del primer plano de la vida viguesa y todos los comentarios se desarrollan sobre ese tema.
>
> Y así advertimos en todos los sectores de las ciudades, un dinamismo extraordinario en la cuestión: asambleas de partidos políticos, antevotaciones para la proclamación de candidatos, propaganda ideológica, optimismos ante la lucha, confianza en el triunfo, promesas y más promesas…
>
> Las fachadas de los edificios aparecen inundadas por cartelones, en que los diversos partidos resumen sus esencias ideológicas; la prensa comenta diariamente el problema, y a través de las páginas de los periódicos, vemos en letras destacadas, infinidad de nombres de grupos, que aspiran a nuestro voto para ir luego al Parlamento, los que alcancen mayor número de sufragios.
>
> El público los lee con detenimiento y forma su composición de lugar, y aún más, se hacen los corrillos en la calle y examinan los pasquines, comentando inclusive la originalidad artística del cartel que influye también en la propaganda de la candidatura."[518]

E mentres o conxunto da cidadanía participaba politicamente da campaña, outros sectores, tamén politicamente activos festexaban co benfeitor económico dos fascistas vigueses, Conrad Mayer, o aniversario da toma do poder de Hitler no *Hogar Alemán* da cidade.

> "Ayer, jueves, se ha celebrado en el "Hogar Alemán", de Vigo, una fiesta en conmemoración al advenimiento al poder del "Fueher-canciller" (sic), a la cual han asistido todos los súbditos germanos residentes en nuestra ciudad.
>
> Después de breves palabras de salutación, pronunciadas por don Conrado Mayer, en representación de la colonia, se cantaron varios himnos e hizo una elocuente disertación el delegado señor Schulze, de Berlín (…)"[519].

Pero lonxe dos festexos hitlerianos e do dinamismo político que impulsa a campaña electoral, a cidade vive momentos de máxima radicalización social provocada pola continuidade da folga xeral do metal. Tal é a situación de tensión que se respira que o Goberno Civil de Pontevedra, en previsión da posibilidade dunha grave alteración do orde público tanto en Vigo como nas poboacións limítrofes, comunica ao Concello a súa decisión de nomear un delegado especial para velar polo mantemento da orde pública[520]. Non obstante, estes intentos de control das actividades disruptivas non tiveron éxito, e menos dunha semana despois do nomeamento do delegado especial, FDV informa, o 8 de febreiro, que "pistoleros" da CNT asaltan o local de FE-JONS co resultado de dous mortos, un por cada parte[521]. Estamos ante o acto planificado de violencia política máis importante na cidade durante todo o período

[518] Vázquez Fernández, José, "Instantáneas de la actualidad", MC, 04/02/1936
[519] FDV, 02/02/1936
[520] Comunicación do Goberno Civil de Pontevedra ao Concello de Vigo en AMV, ALC-19
[521] FDV, 08/02/1936.

republicano. A acción, da que xa temos falado anteriormente, é a resposta dos grupos libertarios ante as ameazadas de morte dos falanxistas a un dos seus membros, Luís Quintas Figueroa[522]. A acción acórdase nunha reunión do grupo de afinidade ao que pertencía o ameazado e se realiza, exclusivamente, por membros dese mesmo grupo, a maior parte deles mozos traballadores do sector do metal, nese momento en folga. O grupo coñecía as datas das reunións dos falanxistas, posiblemente como consecuencia dunha vixilancia previa. Elixe para realizar o asalto ao local un día de reunión para que o seu obxectivo resultase máis eficaz. Tan só a sorte salva aos 11 falanxistas que se atopaban nese momento no interior do local. Parece ser que o local estaba sen luz antes do asalto e que os falanxistas iluminábanse cunha vela. Os asaltantes, 7, ordenan aos presentes que se poñan cara a parede cos brazos en alto, nese momento, a luz da vela apágase, dándolle tempo aos falanxistas a se revolver e sacar as súas armas[523]. Na escuridade, produciuse un tiroteo co resultado dun morto por cada parte: Robustiano Filgueira Villar, de 25 anos, natural de Bembrive, metalúrxico empregado da Factoría Barreras e Luís Collazo Campos, natural de Teis, pola parte falanxista. Este suceso, que terá unha repercusión inmediata estatal, ao ser nomeado Luís Collazo como primeiro mártir da *Falange* en Galiza por José Antonio, será reinterpretado tempo despois por parte dos sublevados incluíndoo na súa retórica anti comunista dentro da construción simbólica da anti España, que como xa comentamos inclúe un conglomerado inseparable de elementos conformadores.

> "En ese local se encontraba Collazo, cuando la memorable tarde de este febrero de 1936, una banda de forajidos afectos al Gobierno rojo, asaltaban, pistola en mano, las dependencias falangistas y, a la voz de "rendíos" dispara el plomo moscovita sobre nuestro héroe, hiriéndole mortalmente." [524]

Unha vez máis pódese ver a través da reinterpretación do suceso como a categoría empregada polos sublevados –a anti España- non existe a nivel social, e, ao mesmo tempo, como os seus creadores eran conscientes desta inexistencia. Pero este suceso aínda ten dúas implicacións máis que o exceden con creces. As dúas están directamente relacionadas cos procesos de depuración posteriores ao golpe de estado. A primeira afecta directamente á familia do falanxista morto, os Collazo. En concreto ao seu pai, Andrés Collazo Melón. A segunda a un dos libertarios que participan no asalto, Fernando Román Rodríguez. Aínda que estes procesos de depuración e de represión serán tratados máis adiante de vagar, adiantamos, en aras da unidade narrativa que acontece en este caso concreto, que ademais pode ir dándonos pistas sobre a natureza das depuracións e os factores e ter en conta na represión.

Andrés Collazo Melón natural da parroquia de Teis fora xa en 1931 directivo da *Alianza Marinera* de Teis[525], unha organización de mariñeiros que oscilou durante toda a súa existencia entre as influenzas de carácter socialista, as comunistas e as anarquistas, que finalmente levaron a súa incorporación á CNT, xa en 1936. Entre 1931 e 1936 Andrés accede á condición de funcionario no Concello de Lavadores. Nese tempo, sabemos que está afiliado á UGT. O golpe de estado e a toma de posesión da Comisión Xestora Municipal non supoñen ningún cambio na súa vida laboral, de feito, e como mostra de normalidade, Andrés solicita en setembro de 1938 unha licencia por interese particular de 15 días[526]. Non obstante, dous

[522] Entrevista con Fernando Román Rodríguez o 16/06/1991
[523] FDV, 09/02/1936.
[524] Martínez Fuentes, José, "A la memoria de un camarada amigo", FDV, 10/12/1936.
[525] EPG, 24/05/1931.
[526] Acta da Comisión Municipal Permanente de Lavadores (CMPL) do 07/09/1938, AMV, LAV 8.4

meses máis tarde, se lle abre un expediente de depuración ao amparo do Decreto 108[527] sen que en ningún momento estivera sancionado preventivamente, como adoitada a ocorrer, coa separación do servizo. O caso é que cando se trata o seu expediente, sae á luz, a súa anterior militancia da UGT e a súa paternidade, insistindo en que cando o seu fillo morreu no atentado libertario, Andrés "se negó a reconocerlo"[528]. Nesa mesma sesión se lle sanciona coa separación definitiva do seu posto de traballo. Cando botemos unha ollada a todo o proceso depurador do persoal municipal de Lavadores, veremos que tan só existe este caso no que un simple militante da UGT ten unha sanción tan dura, polo que pensamos que non foi esa militancia, senón o feito de non recoñecer ao seu fillo fascista o causante da súa depuración. No seu caso, a ideoloxía do seu fillo perseguiuno despois de morto.

O outro caso, nos leva directamente á problemática dos salvadores, e tamén tentaremos desenvolver máis adiante, máis cómpre agora facer una pequeno adianto. O caso de Fernando Román Rodríguez non é para nada parecido ao de Andrés Collazo. Detido días despois do ataque á sede de FE-JONS foi xulgado na causa 37/1936, pero non chega a cumprir pena algunha ao resultar amnistiado coa vitoria da FP. Cando se produce o golpe de estado hai quen lle atribúe, quizais pola súa experiencia militar na Revolución de Asturias, a dirección militar dos traballadores que fan fronte a militares e gardas civís[529]. O certo é que participa na resistencia armada ate o último momento e despois fuxe con outros 3 compañeiros do seu grupo de afinidade aos montes próximos á cidade. No mes de setembro de 1936 recibe unha cita dun amigo da infancia, Enrique Romero González, que nese momento estaba afiliado a FE-JONS. Enrique ofrécelle interceder por el: pode continuar fuxido e el iralle comunicando cando e onde se producen as batidas en busca de fuxidos, ou pode optar por presentarse voluntariamente. Neste último caso, a presentación faríase o día e no lugar que Enrique decidira. Fernando sopesa as dúas posibilidades e ante o temor de represalias contra a súa familia por non presentarse a raíz da súa requisitoria, decide entregarse[530]. Enrique deseña a entrega, que curiosamente, non se producirá no cuartel de FE-JONS nin no da *Guardia Civil*, senón no cuartel do exército.

> "Nos contó Fernando que en su presentación estaba presente un teniente del ejército y un falangista y en el momento de decir su nombre, el falangista hizo ademán de desenfundar la pistola a la vez que exclamaba "*a ti tíñache gañas eu*", pero fue el militar quien impidió que la amenaza se cumpliera allí mismo."[531]

Foi a acción do salvador, dese amigo da infancia, quen coloca a Fernando nun momento nun espazo imprescindible para a súa supervivencia. Tamén é certo que este episodio só é o inicio do proceso de salvación, o primeiro contacto co aparello represivo do novo Estado, e que a acción doutros salvadores ou doutras circuntancias que maximizaron as opcións de salvación para que Fernando fora sorteando a morte ate a súa partida á fronte a finais de 1937, pero todo isto o veremos máis adiante. Pero volvamos ao traxecto abandonado nesta pequena aproximación ás repercusións para dous actores fundamentais do asalto á sede de FE-JONS.

---

[527] A tardanza na apertura do proceso de depuración non é un misterio, ten que ver coas tensións e graves problemas que xera o enfrontamento entre dous sectores presentes na Comisión Municipal e que serán tratados máis adiante.
[528] Acta da Sesión Plenaria Extraordinaria de Lavadores (SPEL) do 10/11/1938.
[529] Briallos, Antón, *Vigo 1936*…
[530] A requisitoria de Fernando faise pública o 19/09/1936 no EPG.
[531] Román Lago, Isidro, "Supervivientes, salvados y salvadores . Una aproximación desde el análisis micro (Vigo, 1936-1972)" en https://conversacionsobrehistoria.info/2021/05/13/supervivientes-salvados-y-salvadores-una-aproximacion-desde-el-analisis-micro-vigo-1936-1972/, 2021.

O mesmo día da proclamación oficial dos candidatos para as eleccións en todas as circunscricións, anunciase o primeiro mitin da coalición dereitista na cidade de Vigo. Antes incluso de que a prensa, revelase por fin, si fora ou non posible a candidatura unitaria das dereitas. O acto, a retransmisión pública e en directo do mitin de Gil Robles de apertura de campaña en Madrid, farase simultaneamente tanto no Teatro Odeón como no local da católica *Escuela Nocturna Obrera* o 11 de febreiro ás 11 da mañá. Curiosamente o público só poderá entrar nos locais con invitación ou coa acreditación de militancia a algún das organizacións antirrevolucionarias[532]. Estamos pois, ante un acto exclusivamente para convencidos, na representación teatral da unidade das formacións dereitistas. Ese mesmo día faise pública a posición do PCR de Vigo en relación a situación política e ás eleccións

> "A la derecha (…) cuya hegemonía ejerce un partido político, que, aprovechando unas circunstancias pasionales en que el sentimiento del país hizo renacer vehementísimos anhelos de defensa y restauración religiosa, ha cifrado su lema político en postulados abstractos, de contenido puramente subjetivo, cuyo tránsito a la realidad de los hechos se ha visto diariamente contaminado por una táctica deleznable en la que prevalecen egolatrías y despotismos de inconcebible desenfado.
> Su ideario (…) se ha convertido en un vulgar crisol de pasiones peligrosas, de donde salen la indulgencia trocada en rencor, el amor en odio, la magnanimidad en amenaza y la misericordia en látigo.
> (…)
> A nuestra izquierda, una suma de partidos (…) con programa incoherente en doctrina, vago y falaz en táctica; pero a través del cual se filtra el veneno revolucionario (…)"[533]

Finalmente, tal e como vimos dicindo e veremos máis adiante, moitos dos dirixentes do PCR elixiron como eles mesmos dicían, rancor, odio, ameaza e látego.

As xornadas previas á votación serán dunha grande tensión. Dous militantes de AP denuncian agresións e ameazas de morte a man de grupos esquerdistas mentres que realizaban propaganda electoral o día 12 de febreiro[534]. Ese mesmo día descóbrese un alixo de armas curtas, pero non se é capaz de identificar o seu propietario[535]. Días antes o propio Goberno Civil publicara unha circular na que en previsión de posibles altercados entre membros de distintas candidaturas prohibíase calquera tipo de acto público no que puideran coincidir forzas de distinto signo. Na mesma circular prohibíase, tamén, o emprego da radio para

---

[532] FDV, 09/02/1936.
[533] Manifesto do PCR-Vigo, FDV, 09/02/1936.
[534] Os dous denunciantes eran Miguel Soria, chofer, do que non temos referencia ningunha posterior e José Maceira Casales. Este sí terá protagonismo a partir do golpe de estado, de feito, o Alcalde de Lavadores ordenara o rexistro da súa casa o 19 de xullo en busca de armas (EPG, 19/07/1936) e posteriormente se afiliará a FE-JONS onde parece ser que integrará unha partida de asasinos falanxistas (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…*" p. 188) e onde tamén estará integrado o seu irmán Feliciano. Este Feliciano, antigo socialista (en 1933 aínda constaba como afiliado no Libro de Socios da Federación Provincial Socialista. AHPP, Administración Periférica do Estado. Ámbito Provincial. Seguridad e Interior. Seguridade. Incautacións de bens de Asociacións. Libro 7452) está afiliado a FE-JONS dende cando menos agosto de 1938 (AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161) e ao *Sindicato de Electricidad y Gas* da CONS dende o 30 de xaneiro de 1937 (EPG, 30/01/1937). Gonzalo Amoedo tamén afirma que entre novembro de 1936 e novembro de 1937 está preso por apropiarse parte do "confiscado" nas súas partidas nocturnas. Non negamos que o estivera, pero dende logo non nesas datas.
En represalia das actividades destes dous irmáns, unha partida guerrilleira, asasina a muller de José (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…* p. 188).
[535] FDV, 13/02/1936

propaganda política sen a autorización do Ministerio da Gobernación[536]. A candidatura dereitista remata a campaña electoral cun último chamamento ao voto onde se volven a situar en primeiro plano as liñas de división, advertindo das funestas consecuencias dunha hipotética vitoria da FP.

> "Electores: en los momentos actuales, en los que peligran todos los valores espirituales que constituyen el glorioso acervo patrio legado por nuestros antepasados, en que están en entredicho todas las libertades, la de conciencia, la de pensamiento y hasta la individual, es necesario que el frente antirrevolucionario ponga el valladar infranqueable de sus convicciones y de sus fuerzas para que el antiespañolismo no prospere."[537]

Conta a prensa que durante a xornada electoral do día 16 de febreiro formáronse longas colas nalgún dos colexios electorais máis importantes da cidade, e que si houbo algo que destacar foi a ausencia de incidentes, o nerviosismo dos cidadáns e o mal tempo.

> "Nada podía tener más importancia que la lucha electoral. Esta se deslizó en medio de una gran tranquilidad. La trascendencia del acto no escapó a las masas que fueron desde las primeras horas llenas de entusiasmo a depositar su voto en las urnas. (…) Llovió torrencialmente. Finalizada la votacion, los comentarios más vivos se hicieron en torno a estas. Las gentes mostraban curiosidad por saber lo que en el resto de España había acontecido. Pendientes de la radio permanecieron millares de personas."[538]

De todas é coñecido o resultado do 16 de febreiro, a maioría absoluta da FP tamén se acadou na cidade de Vigo. O primeiro candidato por número de votos da candidatura dereitista foi o xurista de Cotobade e candidato pola CEDA, Severino Barros de Lis, con 8.030 votos que o situaron no posto 8º dos candidatos máis votados na cidade. Acadaron a primeira, segunda e terceira posición como candidatos máis votados, Alejandro Viana Esperón de IR con 10.553, Alfonso Rodríguez Castelao do PG con 10.532 e Antonio Bilbatúa Zubeldía do PSOE con 10.473 votos[539]. Incluso, o candidato polo PCE, Adriano Romero Cachinero[540], resultou como máis votos que calquera dos candidatos dereitistas (10.352 votos)[541]. Tanto Severino como os candidatos da FP rematarían acadando a acta de deputado[542].

---

536 "Circular del Gobierno Civil ante las Elecciones", EPG, 01/02/1936

537 FDV, 13/02/1936

538 EPG, 18/02/1936

539 Todos os datos sobre os resultado electorais en Vigo en FDV, 20/02/1936.

540 Adriano Romero non tiña vinculación algunha coa provincia, foi introducido nas listas en aplicación do acordó estatal da coalición. Durante un moi breve período de tempo foi Gobernador Civil de Murcia (decembro de 1936-xaneiro de 1937). Ao remate da contenda exiliouse en Francia.

541 Os resultados electorais de Vigo difiren cos do conxunto da provincia, así o candidato máis votado na cidade, Viana Esperón, a nivel provincial acada o 4º posto con 87.939 votos. Castelao, que en Vigo é o segundo máis votado é o primeiro a nivel provincial con 103.436 sufraxios e o Bilbatúa, terceiro en Vigo será o oitavo no conxunto da provincia con 82.024 votos. No candidato da dereita, Severino Barros pasa algo similar. A nivel provincial non será el o máis votado na candidatura dereitista, senón Victor de Lis Quibén que se situou no 11º lugar con 71.321 apoios, mentres de Severino logrou 64.685 voto e o 13º posto, o último que daba opción a resultar elixido.

542 Severino Barros de Lis será detido en Madrid por apoio ao golpe de estado e morrerá aos poucos días da toma da capital por parte dos sublevados.

Alejando Viana Esperón e Alfonso Rodríguez Castelao salvarán a vida por atoparse os dous en Madrid entregando o Estatuto de autonomía ao Presidente da República. Alejandro desempeñará unha inxente labor no exilio de axuda aos exiliados acadando a Secretaría Xeral do *Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles* (SERE) falecendo en México en 1952 (Mera Cobas, Roberto, *Alejando Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos*, Vigo, Belagua, 2021). O caso de Alejandro é sumamente interesante, xa que é un dos poucos, por non dicir o único empresario conserveiro cun forte compromiso político coa república dende unha óptica esquerdista, chegando antes do golpe de estado a Vicepresidente

Pero a constatación da vitoria da FP non trouxo a tranquilidade á poboación. Para a FP e os seus apoios era fundamental manter a orde, con caer en hipotéticas provocacións da dereita derrotada e que o tránsito cara a toma do poder efectiva polos gañadores das eleccións fixérase coa normalidade agardada nun réxime democrático. Non obstante, a situación orixinada polo trazado de divisorias como base da campaña electoral non correspondía a unhas eleccións "normais". Os militantes de base das dereitas, bombardeados dende o mes de decembro de 1935, pola propaganda divisionista sobre a segura destrución de España, do seu xeito de vida e das súas tradicións agardaban inquietos o inicio da catástrofe profetizada polos seus líderes.

Ao tempo que a *Federación Agraria de Vigo* (FAV) facía público un manifesto chamando á calma aos campesiños que tanta importancia tiveran no trunfo da candidatura da FP, para que unha vez conseguida "la verdadera democracia" "desoigan las incitaciones que puedan hacerle elementos sospechosos, que sólo se preocupan del desprestigio de nuestra amada patria, sembrando el pánico entre la clase campesina"[543], unha gran manifestación festexa a vitoria da FP.

> "(…) las fuerzas del Bloque Popular, en el más perfecto orden, solicitaron la libertad de los presos políticos y sociales y el inmediato arreglo del conflicto metalúrgico.
> Será mejor no hablar de cifras, ni siquiera hacer cálculos. Digamos que en nuestra ciudad no se recuerda una tarde peor para una manifestación, ni una manifestación tan compacta.
> Cantando aquellos himnos [refírese á Internacional e o Himno de Riego interpretados pola Banda Municipal que abría a manifestación] avanzó la manifestación tranquilamente hacía la Puerta del Sol y calle Galán. A ambas aceras quedaron otros millares de personas que no quisieron exponerse a los rigores de la lluvia pertinaz. Desde galerías y balcones centenares de personas aplaudían y vitoreaban al Frente Popular."[544]

Uns días antes da manifestación, o novo goberno da FP repuxera aos gobernos municipais democráticos que foran suspendidos despois da Revolución de Asturias. O Alcalde de Lavadores, o socialista José Antela Conde, na súa recuperación do bastón de mando municipal fixo un chamamento á paz, pero tamén, deixou claros límites e o novo espírito que ía orientar a nova acción do goberno e dos concellos democráticos.

---

provincial de IR. Non obstante, toda a súa familia política, os Dotrás Fábregas, conserveiros tamén, manteñen unha actitude completamente diferente á do seu cuñado. Jose Dotrás Fábregas, secretario da *Unión de Fabricantes de Conserva* (organización á que tamén pertencía Alejandro) será un destacado membro da *Guardia Cívica de Vigo* e despois da unificación das milicias de FET-JONS e ocupará diversos cargos da Comisión Xestora do Concello de Lavadores (EPG, 09/02/1937 e 28/03/1937 e FDV, 07/10/1937). A súa dona, Josefina Dotrás Fábregas pasará a guerra en Vigo e contribuirá con aportacións modestas (5 aportes cunha cantidade total de 81 pesetas ao esforzo de guerra dos sublevados: EPG, 24/09/1936, 24/10/1936 dous aportes, un ao esforzo de guerra dos sublevados e outro a unha colecta relixiosa carlista, 30/10/1936 e FDV, 12/09/1936). Pero o máis sorprendente é que cando os procedementos de responsabilidade política que se abren contra Alejadnro rematan en a condea ao pago dunha inhabilitación absoluta de 15 anos, un desterro de 8 anos de duración a máis de 200 quilómetros de Vigo e unha multa de 200.000 pesetas (*Boletin Oficial de la Provincia de Pontevedra* (BOPP) núm. 177 de 5 de agosto de 1939), que se paga dous meses despois, deixando as súas propiedades a súa libre disposición (BOPP, núm. 226 do 4 de outubro de 1939), o que a efectos prácticos supoña deixalas a libre disposión dos Dotrás Fábregas.

Antonio Bilbatúa Zubeldía, vicepresidente a Agrupación Socialista de Vigo e telegrafista de profesión, será condeado a morte en Consello de Guerra (causa 140/1936) e fusilado en agosto de 1936.

[543] FDV, 22/02/1936

[544] EPG, 22/02/1936

"No venimos en plan de persecuciones ni venganzas; solamente emplearemos la primera contra el que se salga de la Ley. Queremos paz, orden, trabajo, libertad y República; queremos que junto a la miseria del poder [sic] trabajador, no exista la irritante holgura y bienestar económico del potentado, porque esto sería un crimen; queremos elevar el nivel material y moral de la paciente clase obrera para que no carezca de los medios de vida a que tienen derecho todos los hombres y de la cultura precisa para ser útiles a la humanidad."[545]

Pero tamén a amnistía decretada polo novo goberno para todos aqueles que foran encadeados ou desterrados polos sucesos de Asturias de 1934 ten repercusión en Vigo. Dúas foran as persoas afectadas polo desterro, Eugenio Barreiro, militante de IR e directivo do SAPB, e o mozo libertario Leopoldo Comesaña Lorenzo, militante das JJ.LL. e metalúrxico de profesión[546]. Á súa volta a Vigo foron recibidos por unha multitude convocada de xeito unitario polas dúas centrais sindicais, a FLS-UGT e a FLSU-CNT.

"A recibirlos acudieron a la estación millares de personas. Bastante ante de la llegada del convoy los andenes se habían llenado de público. Fuera, esperaban otros varios millares de trabajadores (…)

Cuando el tren entró en agujas se dispararon varias bombas, anunciando la formación de la manifestación.

Eugenio Barreiro y Leopoldo Comesaña fueron materialmente estrujados entre varios centenares de personas que los sacaron del tren en volanda. La multitud que llenaba los andenes prorrumpió en vítores.

Inmediatamente salieron al patio anterior a la estación, organizándose una grandiosa manifestación."[547]

Nestes primeiros días da vitoria da FP obsérvase, -tal e como mostra o relato- un ambiente festivo entre a poboación ante as primeiras medidas que vai tomando a FP. Ao mesmo parece consolidarse o clima de unidade entre as dúas organizacións sindicais animado polo traballo conxunto da folga xeral do metal que aínda continúa. Os chamamentos que o novo Goberno fai para que os traballadores teñan paciencia e lle concedan tempo para empezar a traballar, parece que nos ambientes obreiros de Vigo, son perfectamente entendidos. Boa mostra que é que dende a vitoria electoral non se producen ningún tipo de incidente, incluso a folga do metal parece que por primeira vez dende o seu inicio, en entra nun período de calma e a violencia que caracterizou os meses anteriores, descende drasticamente. Pero, sí hai un sector dentro da FP local que nin comprende nin considera necesario concederlle tempo a o novo Goberno. Este sector, curiosamente, serán os campesiños da FAP. O Comité Provincial da FAP reúnese no seu local de Lavadores o 2 de marzo. Cita para esta reunión ao seu recentemente elixido deputado, Antonio Alonso Rios. Na reunión, o Comité, constata a falla de enerxía do novo Goberno en cumprir cos compromisos e acordos aos que se chegou coa FAP para que se integrara na FP. O Comité non entende o retraso do Goberno e capacita aos seus delegados no Comité Provincial da FP para que exerzan presión para que se poñan en práctica o máis rápido posible as cuestións pactadas. Ao mesmo tempo, e aínda que se felicita

[545] EPG, 23/02/1936

[546] Descoñecemos o que foi de Eugenio Barreiro despois do golpe de estado, pero si sabemos que ocorreu con Leopoldo Comesaña. Depurado no seu posto de traballo na *Junta de Obras del Puerto* por orde da Autoridade Militar, temendo máis represalias agóchase con outros libertarios nunha casa da parroquia de Teis. Descuberto por unha delación, morre no enfrontamento coa *Guardia Civil* cando ían detelo o 19 de abril de 1937.

[547] EPG, 26/02/1936

da disciplina mostrada polos asociados nas últimas eleccións, prevén aos Sindicatos federados que non se poden consentir posicións mornas nin deslealdades na masa social, polo que ordena que ante a mínima sinal de deslealdade sexa aplicado, sen titubeos, o réxime disciplinario, amoestando ou expulsando a calquera socio desleal coa posición política da FAP[548].

Y a dereita? Que pasa coas dereitas locais? Garda silencio ate o 1 de marzo. Ate ese dia nin comunicados, nin avaliacións, nin das súas organizacións nin dos seus líderes locais aparecen na prensa, nada. Pero cando finalmente volve a escena, faino cun chamamento claro, non serven as apelacións á tranquilidade que se identifican cunha posición fracasada e tampouco vale xa o recurso ao tempo. A situación debe ser modificada inmediatamente porque de non ser así podería ser demasiado tarde.

"Tras las conmociones vienen los sedantes de la tranquilidad brindándonos una emoción distinta que borre la recibida en el inevitable encuentro con hechos que tuvieron atisbos de cataclismo.

Parece tomar cuerpo de verdad el manido aforismo de que <<el tiempo todo lo arregla>>; esto no solo no es verdad a pesar de la fanfarronería de apotegma que suelen darle los <<adaptables>> a toda situación, veletas a disposición de todo tiempo y alternativa, y no es verdad porque muchas veces se ha visto que no solo no arregló el tiempo eso que decían iba a arreglar, sino que lo puso camino de mayores irredentos males.

El tiempo tiene otra misión que cumplir, conviene no dejarlo correr en vano…"[549]

Pero tamén se fai unha referencia a supostas traizóns, que nós relacionamos coa posición da CEDA de non propiciar antes o entendemento cos outros sectores da dereita alfonsina, igual que as referencias a esas posicións "adaptables" no que viña a ser unha das críticas fundamentais que de sempre se lle fixo aos seguidores de Gil Robles

¡Cuanta farsa! ¡Cuanta deserción del bien! ¡Cuanta traición!

(…) tras el Carnaval, en el calendario que sigue su paso lento, viene la Ceniza polvoreando las frentes y las tonsuras porque todos somos polvo, pero sobre ese polvo que abate la altivez y el desenfreno, queda algo que no es polvo, la hombría de bien, la sinceridad y nobleza del buen obrar, la convivencia fraterna, la justicia social en lección del Evangelio, que no hay que salir de él para solucionar tantos problemas como espantan a la moderna sociedad avaramente asida a sus codicias e intransigencias, con amalgamas de virtud y vicios, con fariseísmo de conciencia extensamente sana.

El calendario sigue su paso lento, pero no olvidemos que la misión que tenemos en el tiempo nos pone obligaciones que no podemos incumplir, y la

[548] EPG, 03/03/1936. O malestar dos agrarios pontevedreses coa acción do novo gobernó irá in crecento dende ese mesmo momento e terá o seu punto culminante na Sesión Parlamentaria do 15 de abril de 1936 cando o seu deputado, Antonio Alonso Rios anuncie a retirada do seu apoio ao goberno Azaña despois de acusalo de inacción e debilidade: "(…) el ataque contra el Gobierno, de los verdaderos republicanos, debería ser furioso, porque no ha hecho lo que debiera: dar órdenes a los gobernadores civiles para que depuraran a la Guardia civil y la Policia, esa Guardia civil que mantiene amparados a los fascistas en toda Galicia con abundancia de armas, mientras la izquierda está soportando los ataques de la derecha. Esta es la realidad. La derecha sigue con la misma táctica y el Gobierno es un protector de la derecha. (Rumores)". Intervención de Antonio Alonso Rios na sesión parlamentaria do 15 de abril de 1936. Diario de Sesiones, Legislatura 1936. Núm. 17, p. 315.

[549] "El calendario sigue su paso lento", Editorial, MC, 01/03/1936.

> vida segura, la duradera, esa que no quiere admitir una filosofía de grosero materialismo, ha de darnos la cosecha que nosotros aquí sembremos."[550]

Será unha institución, en teoría apartidista, a que comece os ataques á República en Vigo: a Igrexa. No mes de marzo de 1936, os *Caballeros de la Hermandad del Santo Cristo de la Victoria* organizan unha serie de conferencias públicas, co apoio do Bispo de Vigo-Tui, cun obxectivo concreto declarado: atacar as políticas republicanas. Contarán para esta misión coa colaboración do lectoral de Málaga, e centrarán os seus ataques na destrución da familia tradicional. O argumento principal empregado foi a comparación entre a familia tradicional e a familia na Unión Soviética, que se presenta como o modelo que vai a adoptar o novo goberno.

A Igrexa pasa a converterse dun xeito activo nun emprendedor político que asume a activación das liñas de división, introducindo elementos de ruptura na sociedade e potenciando o enfrontamento nós/eles.

"La destrucción de la familia, que es el objeto del comunismo, es tristísimo tener que confesar que tiene sus coadyuvadores y cómplices en gran masa de católicos, que por ignorancia o mal fé han paganizado la familia cristina".
(…)
El matrimonio, en Rusia, es una unión absolutamente libre con relación a las personas y con relación a las demás circunstancias; consistiendo, en su forma legal, en una fórmula registral.
(…)
Esta destrucción de derecho ya lo era de hecho. Su preparación se verificó en tres etapas: libertad revolucionaria, con su concepto de la autonomía del individuo; el liberalismo romántico; y el naturalismo.
(…)
Con frase clara y precisa condena el divorcio como atentado público y social contra esencia misma del matrimonio.
El aborto es un doble asesinato: verdadero homicidio; y privación de gozar eternamente a un alma de Dios."[551]

Pero a Igrexa tamén contraprograma actos das autoridades civís. En concreto a celebración da Reconquista de Vigo. A hoxe popular festa comeza a celebrarse en 1936 cun carácter absolutamente civil por parte do Concello e a proposta dunha organización social, o *Centro de Hijos de Vigo* unha organización viguesista cunha composición social eminentemente burguesa. Ante isto, as autoridades eclesiásticas, celebran simultaneamente a súa particular versión da festa caracterizada polo protagonismo que se lle outorga ao *Cristo de la Victoria*[552].

[550] "El calendario sigue su paso lento", Editorial, MC, 01/03/1936.
[551] FDV, 27/03/1936
[552] FDV, 29/03/1936. Anticipa esta contraprogramación da Igrexa a primeira resignificación dunha festa que se pensa como popular e que as autoridades sublevadas convertirán unha serie de actos relixioso-patrióticos de apoio aos sublevados. O concepto de reconquista, integrado na simboloxía do bando sublevado será totalmente desenvolvido nestas celebracións. Xa que logo atopámonos cunha celebración que dende a súa primeira celebración ate os nosos días tivo dúas resignificacións. A primeira por parte da Igrexa que acabamos de describir e que será a que se adopte polas autoridades golpistas. A segunda, o proceso de volta á celebración popular, tamén lúdica, coa recuperación do sistema democrático e moi especialmente a partires dos anos 90 do século pasado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Contrasta tamén a actividade neste momento da Igrexa coa formación da primeira organización político-social de mulleres, as MCGF. Así dende os púlpitos das igrexas da cidade se realizan homilías que buscan contrarrestar este desenvolvemento do suxeito político muller.

> "La mujer (…) es en la vida moderna causa de ruina para el hombre con no pocos actos de su vida, más puede ser también causa de resurgimiento por el apostolado que puede ejercitar. Para ello la mujer tiene un gran poder, el impulso de su corazón y el atractivo de su encanto, de su bondad. Ese poder (…) es enorme palanca con influencia extraordinaria sobre el corazón del hombre.
> (…) Dios la creó como auxiliar del hombre, es decir, para ejercer la abnegación en provecho de su prójimo (…)
> (…)
> La mujer ganará corazones para Dios por la abnegación, en especial los corazones que le son más queridos (…)"[553].

Coa toma de posesión do novo goberno as posibilidades dunha mediación no conflito do metal que puidese ser máis favorable as posicións dos traballadores aumentan. Con seguridade a drástica redución de accións de tipo violento dende as eleccións axudou a fixar unha posición ás novas autoridades. Así é, o 4 de marzo, despois da mediación do Goberno, remata a folga xeral do metal coa vitoria dos traballadores. A experiencia da loita unitaria desenvolvida polos dous grandes sindicatos recibe un empurrón. A partir deste momento todos os conflitos laborais que xorden en Vigo serán levados de xeito unitario e todos, agás o conflito dos pescadores polo prezo mínimo das capturas, serán de carácter ofensivo: o control da contratación por parte das organizacións obreiras será o seu obxectivo máis ambicioso. Pero tamén, naquelas empresas nas que se tiñan producido despidos por mor da folga revolucionaria de outubro de 1934, os traballadores deberán ser readmitidos ao tempo que se reclama, tamén, a anulación todos os ascensos dende ese mesmo ano, esta última medida afecta tamén aos traballadores e funcionarios do Concello de Vigo e a súa execución permitirá ás primeiras Xestoras municipais posteriores ao golpe de estado contar dunha base de apoio fiel entre os traballadores públicos.

Neste asunto resulta paradigmático o acordo entre a empresa Tranvías Eléctricos de Vigo e os seus traballadores para evitar a folga en abril de 1936:

> "Primero. Procederá la Compañía al inmediato despido de todos los obreros y empleados que hayan sido admitidos por la misma desde el 6 de octubre de 1934, con ocasión o por consecuencia de los despidos de huelguistas de dicho año."[554]

Igualmente conséguese que todos os ascensos a partir de outubro de 1934 sexan eliminados, volvendo os traballadores promocionados aos postos que tiñan antes de outubro. Tamén se fai unha mención particular a traballadores concretos; Ricardo Salgado (inspector), Armando Diz (encargado de taller) e Antonio Alonso (empregado de oficinas) que deberán ser separados do servizo "por considerarlos perjudiciales para el logro de una armonía duradera entre la Empresa y el personal traviario". E, finalmente o Sindicato Tranviario reclama o control das novas contratacións de persoal xa que se pretende que

[553] Novena pronunciada polo crego da Igrexa do Perpetuo Socorro de Vigo o 8 de maio de 1936 e reproducida no FDV, 09/05/1936
[554] EPG, 03/04/1936.

"(…) la Empresa quede comprometida a completar sus cuadros de servicios en cuanto a las vacantes que queden en virtud de dichos despidos entre los elementos de dicho Sindicato[555]".

Con esta reivindicación como marco de referencia, as organizacións sindicais fan chamamentos públicos aos traballadores dos diversos sectores da produción para que se afilien, xa que de non ser así non poderán beneficiarse das conquistas que se logren. Así o fan *La Unión* e *La Invencible*, sindicatos que agrupan ás traballadoras da conserva, que recomendan

"(…) que se apuren a pedir su ingreso los que hasta ahora no lo hicieron, puesto que pasado el plazo que se dio para los ingresos y la amnistía, no será atendido nadie que no tenga el carnet de la organización. Se recomienda asimismo que los delegados y delegadas traigan los nombres de todos aquellos y aquellas que se niegan a pagar el sello para convocarlos y tomar medidas contra ellos."[556]

Neste contexto de ofensiva obreira que, incluso, chega a ser cataloga de revolucionaria pola CNT local[557], unida a un aparente pregamento das dereitas viguesas, os mozos comunistas e socialistas, recentemente unificados, fan unha demostración de forza: máis de mil mozos e mozas uniformadas desfilan polas rúas de Vigo como escenificación previa ao mitin que as xuventudes unificadas dan no campo de fútbol de Barreiro o 11 de maio[558]. É precisamente neste ambiente de mobilización, cando FE-JONS reaparece publicamente para mostrarse como única alternativa real revolucionaria, tentando pescar neste "revoltoso rio" que parece ser Vigo.

"(…) no (…) os dirán lo que ocurrió en 1932, en Arnedo. Hombres, mujeres y niños – trabajadores viviendo en cuevas y arrastrando una existencia miserable- fueron atacados a tiros muertos o heridos por fuerzas que estaban bajo sus órdenes. Por esta misma época tuvieron lugar los sucesos de Castilblanco, en donde fueron martirizados campesinos, mujeres entre ellos (…) En fin, ¿a quién pueden engañar? Las matanzas de Arnedo, Castilblanco, Salvaleón, Zorita, Parque de María Luísa, Casas Viejas y en cien pueblos más, y es lo tenia lugar con tres ministros socialistas en el Poder!"

(…)

La Doctrina Socialista es falsa. La táctica socialista es errónea. Los jefes socialistas son traidores. ¡¡Como va a triunfar la revolución marxista!! Y diremos más: "La democracia Republicano-Socialista ha muerto víctima de sus propios pecados. ¿Qué nos deja su testamento?" Escombros.

Nosotros, los nacional-sindicalistas, somos revolucionarios. Revolucionarios porque estamos decidos a cambiar el actual estado y emplear todos los medios para conseguirlo."[559]

---

555 EPG, 03/04/1936.

556 FDV, 17/03/1936.

557 "*Para ningún sector político y social es una novedad que atravesamos una etapa profundamente revolucionaria." "*A todos ciudadanos y trabajadores", solto do *Sindicato de la Industria Pesquera de Vigo*, maio de 1936, AMV, SOC-12.

558 EPG, 15/05/1936.

559 "Obreros, campesino, estudiantes y trabajadores en general", panfleto de FE-JONS distribuído no mitin de Barreiro das Xuventudes Unificadas o 11 de maio de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935,1943, p. 1770.

Pero mentres todo isto está a suceder, prodúcense dous feitos que pasan case inadvertidos e que con seguridade terán unha importancia determinante no desenvolvemento do golpe de estado. O 17 de marzo o Xeneral Sanjurgo a bordo do buque Sá Martín fai escala en Vigo de volta dunha viaxe a Alemaña[560], con toda seguridade houbo algún contacto cun vello coñecido seu, Gustavo Kruckenberg. A outra nova, si que será determinante, non só unha suposición como co hipotético contacto de Sanjurgo con Kruckenberg. Felipe Sánchez toma posesión da praza de comandante da guarnición de Vigo, catro meses despois se sublevará contra a República.

"**DESIGNIOS SINIESTROS**
Las huestes vaticanistas, preparan un golpe de mano contra las libertades del Pueblo…"[561]

Con este titular a toda páxina pechaba o mes marzo o voceiro da *Confederación Regional Galaica* da CNT. Non obstante, días antes desta advertencia de perigo inminente, as autoridades republicanas tiñan ilegalizado a FE-JONS. É evidente, xa que logo, que as organizacións sindicais e políticas que apoiaban á FP non vían a FE-JONS como o actor capaz de subverter o orde constitucional. Eran outros os perigos. Aínda así FE-JONS seguía viva. Mentres, o Xefe Nacional alentaba aos seus informándolles do gran crecemento da organización, aínda na clandestinidade

> "Pese a las persecuciones y al silencio (…), nuestro Movimiento crece por todas partes con entusiasmo incontenible. Ya está Jefatura ha adoptado las medidas precisas para que, poco á poco aprovechando todos los resquicios de oportunidad, se vaya reuniendo en todas las partes la red de nuestros mandos, rota en algunos sitios por ecarcelamiento (sic) de millares de militantes. Por otra parte se está penetrando en capas de la Sociedad Española donde nuestra propaganda, hasta hace poco, había calado insuficientemente. Pronto llegará á todas partes los efectos de esta tarea de reconstrucción, y en cuanto pasen los días del atropello inútil en que una Autoridad torpe se desgasta, renacerá nuestro Movimiento con redoblado brio, para rabia y confusión de nuestros perseguidores."[562]

[560] FDV, 18/03/1936
[561] SO, 21/03/1936
[562] Copia da Circular da Xefatura Nacional ás Xefaturas Provinciais do 13 de maio de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1951, caixa 181, p. 603.

Gráfico 12
Evolución da afiliación a FE e FE-JONS ate xullo de 1936



Fonte: Elaboración propia a partir das fontes xa especificadas (Gráfico 4)

Como se pode ver apreciar no Gráfico 12 -as cifras son de aumento de afiliación non acumulada- as referencias da circular de José Antonio ao proceso de crecemento, en Vigo, aínda que si se produce, é realmente tímido, e segue a mesma tendencia que xa apuntaba dende finais 1935, sen ser capaz de superar o impulso que supuxo ese mesmo ano. Aínda así os 179 afiliados á organización antes do golpe de estado fan que FE-JONS en Vigo, cando menos por número de afiliados, non poda ser considerada como unha organización marxinal. Ao respecto da procedencia destes novos militantes que entran na organización posteriormente ás eleccións de febreiro, na nosa pescuda non atopamos a ningún con militancia previa en ningunha outra organización política, isto non quere dicir que non a tiveran, senón simplemente, que dado o estado actual das fontes foi imposible establecer ese tipo de relación. Aínda así resulta sintomático, ou parece indicar unha tendencia, que dos 216 afiliados as JAP que temos rexistrados, ningún deles se pase a FE-JONS antes do golpe de Estado[563].

En todo caso, o crecemento dunha organización na clandestinidade fala da existencia de redes máis ala da propia organización que serviron para formalizar as captacións dos novos membros e que posibilitaron que un mínimo da estrutura orgánica do partido continuase a funcionar. Ademais dos recursos que ofrecían as organizacións formais nas que FE-JONS tiña influenza, AMC e o sindicalismo de base católico, constátase a existencia de locais alternativos de reunión naqueles momentos nos que a presión das forzas policiais era máis grande. Foron empregados domicilios particulares de militantes de segundo nivel menos

[563] Lowe, Sid, *Catholicism, War and the Foundation of Francoism: The Juventud de Acción Popular in Spain, 1931-1939*, Brighton,m Sussex Academic Press, 2010.

proclives á vixilancia gobernamental, así está constatado a utilización da casa de Asunción Rey Fernández, nai do falanxista Eugenio Domonte Fernández[564].

Como unha profecía autocumprida, no momento en que as dereitas debuxaban no Parlamento da República unha situación catastrófica en relación á orde pública, é xustamente cando comeza a se producir en Vigo toda unha serie de incidentes violentos nas rúas que ata ese mesmo instante non rexistraran ningunha alteración significativa. O 3 de abril estoura unha bomba de gran potencia nunha céntrica rúa de Vigo, a rúa Galán, a prensa informa que se descoñece a autoría[565], non obstante, a bomba foi colocaba no número 35 da citada rúa e nese mesmo número pasaban consulta médica Ángel e Antonio Ruiz Martínez, dous coñecidos homes de dereitas locais[566]. Tres días máis tarde cinco mozos comunistas entre 15 e 19 anos entran na Igrexa parroquial de Santa Cristina de Lavadores, en plena celebración da Pascua, cun ramo de rosas vermellas e un lazo da mesma cor con emblemas comunistas[567]. O 17 de abril tocaralle aos fascistas, mozos falanxistas tentan impedir unha reunión de carácter esquerdista, pero o feito máis grave prodúcese na céntrica rúa Galán. Sobre as 19 horas, cando a rúa estaba ateigada de xente, e sen motivo aparente prodúcese un tiroteo que provoca unha onda de pánico entre os transeúntes. Da refrega resulta un ferido e un detido, o falanxista Antonio Camba Santos[568]. Non obstante, media hora despois volve a producirse outro tiroteo, desta vez na rúa García Barbón. Unha multitude reacciona atacando ao que, aparentemente, era o causante, "un trabajador (…) confundido lamentablemente con un fascista y golpeado en distintas partes del cuerpo".[569]

O 26 de abril comeza a folga xeral do sector da construción en demanda prioritaria da semana inglesa. Resaltamos este conflito polas repercusións que orixinou. A folga, unha vez iniciada, parece que vai terminar inmediatamente, xa que os patróns do ramo, afirman que asumen todas as reivindicacións dos traballadores[570]. Tanto é así que ao seguinte dia de se convocar, nunha reunión a tres bandas, traballadores, patróns e Gobernador Civil, este mostra a súa estrañeza pola continuidade do chamamento a folga xa que, segundo el entendía, os patróns aceptaran as reivindicacións obreiras. Tamén os patróns, que reafirman o dito polo Gobernador, mostran a súa perplexidade. Non obstante, os traballadores argumentan que os patróns néganse a pagar 4 horas que se lles deben aos obreiros. Finalmente a reunión remata en acordo ao confirmar a parte empresarial o pagamento dos atrasos e recomendar o Gobernador aos traballadores "prudencia (…) pues deben ser los primeros en no crearle conflictos a la autoridad"[571]. Máis, despois duns días de calma, a folga reprodúcese o día 11 de maio, xa que os patróns, non contestan as propostas obreiras sobre as novas bases de

[564] As repercusións posteriores do emprego da casa de Asunción como lugar de reunión da FE-JONS previa ao golpe de estado será analizada máis adiante cando falemos dos beneficiarios da sublevación. A referencia da utilización da casa como lugar de reunión no AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1940, caixa 167, p. 2919.
[565] FDV e EPG, 04/04/1936.
[566] Tanto Angel como Antonio formarán parte GCV dende a súa fundación (EPG, 31/12/1936 e 14/03/1937). Angel además colaborará coa CT dende pouco antes da Unificación (AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1936-1939, caixa 186, p. 649) e Antonio adheirase a FET-JONS en outubro de 1937 (AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1935-1951, caixa 181, p. 7)
[567] Os mozos, detidos pola provocación eran Eugenio Domínguez Quintela de 15 anos, Bienvenido Gallego Martínez, Enrique e Julio Lago Campos e Marcelino Rojo Molares, todos eles de 19 anos. Non nos consta ningunha referencia posterior a ningún deles.
[568] Camisa vella, oficial de prisións de profesión, partirá como voluntario ao fronte en agosto de 1936. FDV, 11/08/1936
[569] EPG, 17/04/1936
[570] EPG, 26/04/1936
[571] EPG, 28/04/1937.

traballo no sector[572]. Os días 12 e 13 a folga parece ser absoluta no sector. O día 14, mentres un piquete percorría a cidade para vixiar que non se volvese ao traballo en ningunha obra, prodúcese unha discusión co tenente coronel retirado, Miguel Cuervo que remata en traxedia. O militar, en actitude violenta e "chulesca" segundo uns, e en defensa propia segundo outros, saca unha arma e dispara contra os integrantes do piquete dando morte a un traballador, José Fernández Lemos. En poucos minutos formouse unha turba que pretendía linchar ao militar, pero a intervención, tamén desgraciada, da forza pública impediuno a costa de disparar contra a multitude causando varios feridos de diversa consideración. Segundo unha versión, a turba entrou no domicilio de Miguel Cuervo e lle prendeu lume; na outra versión, foi o propio Cuervo quen incendiou a súa casa, chega de armas, explosivos e documentación comprometedora[573]. Ese mesmo día comeza unha folga xeral en protesta contra o asasinato que paralizou absolutamente Vigo e as súas contornas: "ni las panaderías trabajaron, ni los mercados abrieron". Nesta situación de paro absoluto, foron as organizacións obreiras as que

> "(...) cuidaban ellas mismas, por medio de delegados del orden, y la sensatez predominó en todo instante, si se exceptúan los primeiros momentos de disgusto que se patentizaron ante el edificio incendiado."[574]

A situación foi tal que o alcalde de Vigo tivo que dirixirse tanto á cidadanía como aos responsables sindicais para que

> "se protegiese especialmente a los establecimientos benéficos y no se privara de leche y pan a los niños, a los ancianos y a los enfermos en ellos acogidos. Y esto fue cumplido con el máximo celo."[575]

O cadáver do traballador asasinado velouse na *Casa del Pueblo* e o seu enterro converteuse nunha enorme manifestación unitaria tanto das organizacións obreiras como campesiñas da contorna.

> "La muchedumbre que formaba parte del cortejo era imponente. Las agrupaciones obreras y de agricultores, iban casi en masa con numerosas banderas. También iban en la comitiva las agrupaciones antifascistas y comunistas de ambos sexos, y los Sindicatos de la C.N.T., incluso los obreros del mar"[576].

Pero, tal vez, onde máis claramente pode palparse o ambiente e as inquedanzas dos traballadores é nas reivindicacións que as organizacións obreiras publican despois do enterro do traballador asasinado. A avaliación das xornadas de folga xeral efectúase a través dun comunicado conxunto da FLS-UGT e a FLSU-CNT. Enmárcase o suceso dentro dunha ofensiva da patronal, tanto española como en particular viguesa. Unha ofensiva, en opinión das organizacións sindicais, ten como fin a provocación a través do emprego de elementos fascistas contra os traballadores.

> "Esa provocación, es el fiel reflejo de todas una táctica que la reacción fascista utiliza y lleva a cabo contra las masas laboriosas para provocar situaciones de fuerza que, como la de ayer, la aprovechan para enfrentar a la fuerza pública con el

[572] EPG, 12/05/1936.
[573] FDV, 16/05/1936.
[574] FDV, 16/05/1936.
[575] FDV, 16/05/1936.
[576] FDV, 16/05/1936.

pueblo y repetir un Casas Viejas para que los sirva después de arma y hacer romper el Bloque Popular"[577].

Polo que respecta ás reivindicacións concretas que os traballadores demandan para atallar a violencia "fascista", reflicten unha gran dose de radicalismo, tal vez por tratarse de quen é o asasino, que xa fora denunciado polas organizacións sindicais ante as autoridades locais e provinciais.

"(...) el responsable de los asesinatos de los campesinos de Sobredo[578]; el mayor forero de la provinica de Pontevedra y responsable del levantamiento de campesinos de Corujo, que los acuciaba de hambre; uno de los más destacados enemigos del régimen y defensor de las peores causas que la patronal tiene contra los trabajadores, como en el conflicto del negrero Portanet, defendiendo a las esquirolas y matones que agredían a las compañeras conserveras huelguistas (…)"[579]

"1ª Destitución fulminante de las autoridades locales y provinciales responsables de que ese criminal fascista estuviese en libertad.
(…)
3ª Que sea un Tribunal Popular compuesto por los Diputados obreros, representantes de las organizaciones sindicales y partidos políticos de clase y los familiares de las víctimas de Sobredo y del compañero (…) asesinado cobardemente, los encargados de juzgar al fascista Cuervo.
(…)
5ª Prisión inmediata de todos los elementos fascistas conocidos como tales y desarme total de los elementos derechistas con la anulación inmediata de las licencias de armas concedidas y de que en lo sucesivo todas las concesiones se hagan mediante informe del Comité del Frente Popular
6ª Creación de las Milicias Obreras y Campesinas para la defensa de las reivindicaciones de la clase trabajadora."[580]

Como se pode apreciar o solicitado polas organizacións sindicais sobrepasa absolutamente o marco legal da República o que cobra máis transcendencia si temos en conta que esas mesmas

[577] Comunicado conxunto da FSL e a FSLU en FDV, 16/05/1936

[578] Miguel Cuervo comandaba as forzas da *Guardia Civil* que o 28 de novembro de 1922 madou facer fogo contra unha masa de campesiños que tentaban impedir o cobro dun foro na parroquia de Sobredo no concello de Tui, suceso que orixinou unha potente folga xeral de carácter agrario na provincia de Pontevedra. Foi xulgado por estes feitos o 5 de febreiro de 1937, pero xa eran outros tempos, e o relato, loxicamente non era xa o mesmo: "En la tarde del miércoles se celebró en la Sala de Audiencia provincial, la vista de la causa seguida con motivo de la muerte de Antonio Lemos, que sirvió de pretexto a los elementos extremistas para provocar en Vigo gravísimos sucesos, incendiando la casa número 51 de la calle de García Barbón, asaltando y saqueando varios domicilios, y teniendo a la ciudad cuarenta y ocho horas bajo el terror de las turbas, alentadas por las autoridades del Frente Popular."
Na testemuñal e pericial "verdaderamente minuciosa e irrebatible, demostraron de manera cumplida, que los disparos hechos por el señor Cuervo en defensa legítima de su persona, cuando amparaba también a un joven maltratado y su domicilio asaltado por los grupos, no habían podido causar la muerte al infortunado transeúnte (…) víctima de uno de los disparos que los revoltosos hicieran contra el propio señor Cuervo, que también resultó herido por un fuerte golpe de porra.
Ante la evidencia de las pruebas, el ministerio fiscal, representado por el señor Moreiras, retiró la acusación, estimando que no existía el menor indicio de culpabilidad contra el señor Cuervo. Esta actitud del Ministerio público, ha recogido un estado de conciencia de la ciudad, ya que era público, conocido de todos, que la víctima de estos sucesos había sido ocasionada fatalmente, por los mismo que después acusaron de homicidio al señor Cuervo (…)" FDV, 05/02/1937.

[579] FDV, 16/05/1936

[580] FDV, 16/05/1936. Aínda que Miguel Cuervo foi constantemente tildado de fascista por parte das organizacións sindicais e políticas que compuñan a FP, o certo é que non aparece como tal en ningún listado de militantes dos consultados e tampouco aparece nova algunha que o relacione coa *Falange* nin antes nin despois da unificación.

organizacións recoñecen que a reacción das masas xusto despois do asasinato chegou a superalas.

> "El movimiento expontáneo de protesta que ha surgido ante los hechos acaecidos en el día de ayer y que la Alianza Obrera, el Comité de huelga del Ramo de la Edifición y los partidos políticos de clase supo encauzar, (...)"[581]

De feito son as propias organizacións sindicais as que fan o chamamento a retomar o traballo mantendo un comportamento dentro do máis estrito orde

> Una vez cumplido el deber de solidaridad prestado por todos los trabajadores a la víctima caída ayer tarde y a todos los compañeros heridos por la masacre de la fuerza pública, las organizaciones firmantes de esta hoja ordenan que el paro se dé por terminado hoy a las doce de la noche, debiendo después de esa hora reintegrarse todos al trabajo en perfecto orden, a excepción del Ramo de la Edificación que debe continuar firme en la lucha hasta obtener todas las reivindicaciones presentada a la Patronal.
> Mantenemos firmes las peticiones formuladas en el manifiesto de esta mañana e invitamos a los trabajadores a que continúen luchando diariamente (sic) hasta conseguir que se dé satisfacción a todas esas reivindicaciones.
> Adelante trabajadores. Salud"[582]

Contrasta a actitude das organizacións sindicais en relación ao asasinato coa sostida polo Comité local da FP, moitísimo máis comedida e co que só existe un punto de coincidencia. A reivindicación do control de armas e a participación dese Comité da FP no proceso de autorización das persoas que poida portalas.

> "4ª Exponer el disgusto profundo que sienten todos los Partidos que componen el Frente Popular por la lenidad de las sanciones aplicadas a los elementos dirigentes del Fascio local, así como a aquellas personas que valiéndose de su significación les amparan y ayudan, y procediéndose finalmente a la destitución de aquellas autoridades culpables de tal lenidad"[583].

A finais do mes de maio dentro da famosa espiral de acción-reacción, tócalle aos dereitistas sufrir un atentado. Neste caso será a *Juventud Católica de Comesaña* a vítima. O día 30 de maio o seu local resulta incendiado por uns descoñecidos, quedando todo o seu mobiliario destruído. A policia efectúa detencións, pero non trascenden os nomes dos detidos[584].

E mentres que en Vigo e no conxunto do Estado español crecía a espiral de violencia, o Xefe Nacional de FE-JONS dende a cadea advertía aos seus

> "Andan por España algunas personas que, especulado con nuestras actuales dificultades de comunicación, aseguran a nuestros militantes que se han concertado fusiones o alianzas con otros partidos. Terminantemente: NO LES HAGAIS CASO. No se ha llegado a pacto alguno con nadie. Quienes lo propagan solo aspiran a aprovecharse de nuestro incremento a favor de agrupaciones en eclipse. Si

[581] Chamamento conxunto FSL-UGT, FSLU-CNT de volta ao traballo. FDV, 15/05/1936.
[582] Chamamento conxunto FSL-UGT, FSLU-CNT de volta ao traballo. FDV, 15/05/1936.
[583] Comunicado do Comité da FP en FDV, 16/05/1936
[584] FDV, 31/05/1936

> algún día nuestro Movimiento pactara con alguien, llegará a vosotros la noticia directamente, al través de nuestra jerarqui (sic) interna. NINGUN (sic) RUMOR QUE NO LLEGUE POR EL CONDUCTO ORGANICO (sic) DE NUESTRAS JEFATURAS DE BE MERECER EL MENOR CRÉDITO."[585]

Pero a creación de incerteza e de pánico non so se buscou dende o atentado violento. A principios de xuño un rumor esténdese polas rúas da cidade de boca en boca: a caixa de aforros municipal está en quebra e non pode facer fronte a unha hipotética retirada do fondos dos seus impositores. Milleiros de vigueses acoden ás oficinas da entidade e ante o temor da perda dos seus aforros, cancelan as súas contas. Nunha mañá, a caixa abona máis de 1 millón de pesetas por cancelacións de contas. Aínda que a caixa fai fronte a todas estas cancelacións o pánico segue a estenderse pola cidade e centos de persoas comezan a formar colas diante da sede bancaria para retirar os seus cartos. A liquidez da entidade comeza a verse comprometida, tanto que o Alcalde, Emilio Martínez Garrido, decide dirixirse aos cidadáns que agardan para retirar os seus cartos na mesma rúa. O chamado á tranquilidade da primeira autoridade municipal producirase posteriormente dende *Radio Vigo* e inmediatamente o Concello publica un comunicado chamando á tranquilidade, e onde por primeira vez se relaciona o rumor de insolvencia cunha manobra dos inimigos da República.

"Clientes de la Caja de Ahorros de Vigo, que tan considerables beneficios de carácter social reporta a la ciudad: no hagáis el juego, con vuestra injustificada alarma, a los enemigos de la República, de la Ciudad y de la Institución. Retirar vuestros fondos, si realmente los necesitáis, pero nunca impulsados por especiosos rumores, a los que no deben dar crédito las personas sensatas"[586]

Ese mesmo día, a FLS-UGT a través dunha nota pública manifesta o seu apoio á institución e volve a relacionar os rumores cun ataque planificado dos inimigos da República

"Los representantes de esta Federación de trabajadores en la Caja Municipal de Ahorros ponen en vuestro conocimiento que la alarma que se produjo en el día de hoy es infundada y propagada por los enemigos de la Institución y del régimen. Recomendamos a todas las secciones no retiren cantidad alguna."[587]

A estes chamamentos á calma únese tamén o *Centro de Hijos de Vigo* e a *Cámara de Comercio*, axudando a que a situación aos poucos días queden totalmente normalizada.

No mes de xuño a prensa local está pendente na campaña do referendo do Estatuto de Autonomía, mesmo a cidade adquire un aspecto diferente

"La ciudad viguesa apareció el domingo vestida de gala. Numerosas banderas en los balcones; animación extraordinaria en las calles; ritmo de gaitas y bandas de música; solapas condecoradas con los colores de Galicia; automóviles y autobuses con excursiones de los pueblos cercanos; vibrando en el aire un solo anhelo unánime: Galicia debe votar su Estatuto"[588].

[585] Orde da Xefatura Nacional ás Xefaturas Provinciais do 13 de maio de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1951, caixa 181, p. 603.
[586] EPG, 06/06/1936
[587] EPG, 06/06/1936
[588] EPG, 23/06/1936

Pero por detrás de todo o "disfrace" electoral no que esta inmersa toda a sociedade galega, e en concreto a viguesa, había un "rio subterráneo" que se preparaba para saír á luz. É curioso, pero ningunha das organizacións dereitistas anti autonomistas fixeron campaña contra o Estatuto, de feito a propia prensa contraria a un Estatuto que outorgara capacidades políticas á futura autonomía, pregúntase o porque do silencio dereitista.

> "(...) Todo el ruido estatutista corre a cargo del Frente Popular, y la autonomía no es para una política sino para toda Galicia. En tanto, los partidos derechistas permanecen silenciosos.
> ¿Qué explicación tiene este silencio? Vivimos lejos de los corrillos políticos y no lo comprendemos."[589]

Con seguridade estas dereitas daban por perdida a votación e tamén con seguridade, determinados elementos delas se dedicaban nese tempo a cousas máis importantes: ultimar os preparativos do golpe de estado. Estes preparativos previos vense dun xeito claro a través das ordes dos Xefes Provinciais de FE-JONS ás Xefaturas Locais. O Xefe Provincial de Pontevedra, nese momento encadeado despois da súa detención en Vigo xunto con 40 militantes máis[590] a raíz da ilegazación da organización, remite unha circular manuscrita aos Xefe Locais dende a cadea

> "En el plazo de 48 [horas, escrito a lapis] como máximun todos os Jefes de JONS enviaran a esta Jefatura Provincial, relación completa y detallada de sus afiliados especificando con toda claridad número de escuadras etc. de que se componen las milicias, indicando por clave los elementos [subliñado a lapis] de lucha con que cuentan sin omitir detalle.
> (…) dos veces a la semana como minimo (sic), las escuadras efectuaran (sic) marchas y ejercicios de campo, tales como despliegues en guerrilla, cuerpo a tierra, lanzamientos de granadas y bombas de mano, manejo de ametralladoras y morteros. Estes ejercicios se harán simulados, buscando como instructor uno de los camaradas que conozcan del ejército tales manejos.- Se pondrá especial cuidado en los ejercicios y practicas (sic) de marchas con el fin de evitar sospechas. Se procurará evitar en los actuales momentos toda prisión y detención.
> 2) En cada J.O.N.S. se prepararán afiliados especializados en fusil ametrallador, ametralladora, mortero y lanzamiento de granadas y bombas de mano. De estos militantes que constarán en relaciones independientes. se (sic) se dará cuenta de sus nombres a esta Jefatura."[591]

Independentemente da capacidade ou non que tivera a organización para desenvolver estas ordes, o certo é que dende a Xefatura parece claro que se pretende preparala para o inicio dunha acción armada. Ao mesmo tempo, o armamento que se menciona, do que FE-JONS carecía absolutamente, tamén pode indicarnos que o Xefe Provincial conta con que chegado o momento, si accederán a el, e o acceso dese tipo de material na provincia de Pontevedra so

[589] "Galicia y el Estaturo. Con el corazón en la mano y la duda en el espíritu", editorial de *Vida Gallega* (VG), 20/06/1936.
[590] Prada, Julio, *El fascismo en Galicia…*, p. 131
[591] Circular manuscrita de Xefe Provincial a XefesLocais FE-JONS do 22 de xuño de 1936, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 599.

podía vir do Exército. Polo tanto, FE-JONS ten a certeza en xuño de 1936 da inminencia dun golpe de estado de carácter militar ao que a organización se vai sumar.

Pero a cousa non remata aí, e o mesmo día que se emite a orde que acabamos de expoñer, emítese outra, esta con instrucións de carácter externo. Solicítanse datos sobre as unidades das forzas armadas que poidan existir en cada localidade, *guardia civil*, carabineiros, garda de asalto, policía municipal, facendo especial referencia a *guardia civil*, e especificando de que armamento dispoñen. Pregúntase tamén si existe estación telefónica ou telegráfica, que horas traballa e cal é a filiación política dos encargados. Cales son as comunicacións da localidade e si dispón de medios de comunicación (xornais, radio…). Tamén si hai ou non Casa do Pobo e no caso de existir número de militantes aproximadamente así como unha descrición do ambiente político[592]. Ou sexa se está a preparar unha sublevación.

Contrastan estes preparativos, esta posta en tensión da organización, coa seguinte circular que se remite ás xefaturas locais.

> "Algunos Jefes de distintas J.O.N.S. se han precipitado a dibujar planes de actuación y participación. Nada de extraño tiene esto porque la admiración que la Falange tiene y todos los camaradas sienten hacia el Ejercito (sic) les hace muchas veces tener una fe ciega en cualquier elemento militar que les invita a la conspiración. La Falange no tiene necesidad de pregonar una vez más su admiración y fervor hacia el Ejército Español, que sabe muy bien que en ocasiones memorables y recientes nuestros camaradas compartieron sus mismo (sic) peligros."[593]

Este cambio de rumbo, ou esta freada no desenvolvemento preparatorio ten que ver coa posición que nese momento sostén o Xefe Nacional dende a cadea e que xa vimos anteriormente: todo movemento no que participe a organización debe de ser iniciado, aprobado e comunicado polos condutos orgánicos da propia organización. Posiblemente as circulares do Xefe Provincial, Buhigas, nas que preparaba á organización para unha acción armada de carácter militar non foran froito de ordenes superiores, de aí esta volta á cautela. De todos xeitos, o propio Buhigas, nesta circular na que se critica a precipitación de algúns, explica porque é importantísimo proceder con cautela.

> "Consideran todos los camaradas hasta que punto es ofensiva para la Falange el que se le proponga tomar parte como comparsa en un movimiento que no va a conducir a la implantación del Estado Nacional-Sindicalista, sino a reinstaurar una madiocridad (sic) burguesa conservadora (de la que España ha conocido yan (sic) largas muestras) orlada, para mayor escarnio, con el acompañamiento coreogradico (sic) de nuestras camisas azules."[594]

O retroceso na preparación da organización acompáñase cunha serie de ordes para tentar que as diversas xefaturas locais non actúen de xeito descordenado ante hipotéticas invitacións á

[592] Circular manuscrita de Xefe Provincial a Xefes Locais FE-JONS do 22 de xuño de 1936, en AHPP, XefaturaProvincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 601.
[593] Borrador de Círcular Urgente e Importante a todas las J.O.N.S. de 27 de xuño de 1936, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 597
[594] Borrador de Círcular Urgente e Importante a todas las J.O.N.S. de 27 de Junio de 1936, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 597

participación en intentos de carácter golpista. A responsabilidade da participación o do inicio de calquera acción pasa directamente á Xefatura Nacional de FE-JONS

> "1º Todo Jefe, cualquiera que sea su jerarquía, a quien un elemento militar o civil invite a tomar parte en conspiración, levantamiento o cosa carecida (sic) se limitará a responder que no puede tomar parte en nada ni permitir que sus camaradas la tomen, sin orden expresa del mando central y que por consiguiente si los órganos supremos de dirección del movimiento a que se le invite tiene interés en contar con la Falange, deben proponerlo directamente al Jefe Nacional y entenderse precisamente con él o con la persona que él de modo expreso designe.
> 2º Despues de contestar como antecede lo pondrán con todo detalle y a la mayor rapidez en conocimiento de esta Jefatura Provincial.
> 3º Cualquier jefe sea la que sea su jerarquía ó afiliado que concierte pactos locales con elementos militares ó cívicos, ó acepten intervención de grupos ó personas políticas, en los asuntos de la Falange sin orden de esta Jefatura del Jefe Nacional, será inmediatamente expulsada y su expulsión de divulgará ó por todos los medios disponibles.
> 4º Será sancionado con la expulsión la demora de más de cinco días acusar recibo de la presente orden circular."[595]

Esta mobilización dos elementos falanxistas, acompáñase cun toque de atención dende a prensa aos mozos das dereitas. Dende a editorial do número de xuño do MC, lánzase un chamamento velado á mocidade

> "Los jóvenes cumplirán con su deber, pero también deben hacerlo quienes tengan obligación.
> Los de MARTIN CODAX, en la brecha y haciendo honor a esta frase: <<la espada en el combate, y no en la paz, se prueba."[596]

As familias católicas da cidade tamén empezan estes días a súa propia mobilización. Segundo FDV, 2867 pais de familia da cidade asinan un documento en defensa do ensino católico. O documento ao que ten acceso o xornal monárquico está dirixido á Presidencia do Goberno da República e nel os pais afirman que

> "(…) no podemos ni debemos entregar a nuestras hijas al cuidado de organizaciones deficientes o de centros improvisados por seglares, en momentos en que el entusiasmo o la pasión por el laicismo, afloja y desvirtúa los conceptos propios de una República democrática para todos los españoles, convirtiendo a las alumnas y alumnos católicos en una triste excepción dentro del régimen, a todos los efectos de educación y enseñanza"[597].

A nivel social á altura do meses de xuño-xullo tan só están activos dous conflitos, o da sardiña, do que xa temos falado e o conflito dos carboeiros que tamén afecta ao sub sector da industria pesqueira. Aínda que este último é un conflito menor, paga a pena unhas liñas sobre el, sobre todo pola orixinalidade da reivindicación obreira. Esta, en esencia, volve a ser o

[595] Borrador de Círcular Urgente e Importante a todas las J.O.N.S. de 27 de Junio de 1936, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 597
[596] MC, 01/06/1936
[597] FDV, 17/06/1936

control das contratacións, pero dado as características dun sector cun alto porcentaxe de parados e tamén cun alto volume de traballo, a proposta sindical diferénciase completamente das que xa temos visto. Os traballadores propoñen a efectos prácticos a desaparición dos cadros de persoal tal e como todas coñecemos. Serán substituídos por unha lista de todos os traballadores afiliados aos dous grandes sindicatos que desenvolverán o seu traballo por quendas rotativas dun día. O obxectivo é paliar o gran paro no sector repartindo o traballo entre todos os traballadores. Por desgraza non coñecementos si a reivindicación se logrou ou non o que si sabemos eran os temores da patronal de que o conflito se estendera a toda a flota pesqueira.

> "No consienten os tripulantes tomar carbón en otro puerto, y de este modo la huelga se extiende, llegando con seguridad a paralizar toda la flota pesquera de Vigo."[598]

A mediados do mes de xullo todos os traballos do Comité Pro Olimpíada Popular estaban rematados e elixidos formalmente os representantes de Galiza para o evento deportivo do verán en Barcelona.

> "¡Deportistas! ¡Trabajadores! El comité Regional Pro Olimpiada Popular de Barcelona lanza un llamamiento a todo el proletariado de Vigo y sus contornos para que mañana a las siete y media de la tarde, asistan al festival artístico que este Comité organiza para ayudar a sufragar el envío de la delegación que ha de representar a Galicia en la Olimpiada Popular de Barcelona"[599]

Finalmente serían enviadas a selección galega de fútbol non profesional e máis o coro *Airiños do Mar*, creado para a ocasión. A expedición sae de Vigo en autobús cara a capital catalana o 17 de xullo[600]. Un día máis tarde anunciase a través da prensa o acto cultural máis ambicioso –tanto polo espazo elixido como polos invitados- que as organizacións de esquerda organizan en Vigo durante todo o período do goberno da FP: o homenaxe a Máximo Gorki.

> "Hoy tendrá lugar en el Teatro García Barbón la velada homenaje a Máximo Gorki, preparada por el Ateneo Deportivo Obrero de Lavadores.
> El acto comenzará a las diez y cuarto de la noche y será presidido por el señor gobernador civil de la provincia.
> La primera parte del acto estará dedicada a la oratoria. Representantes de distintos organismos hablarán sobre la grandiosa figura del novelador de los humildes y se leerán unas admirables cuartillas de Cesar Falcón[601].
> La segunda parte correrá a cargo del cuadro artístico de la entidad organizadora del acto y del coro Curros Enríquez. El cuadro pondrá en escena la tragedia rural "A volta da Perdida", de Urbano R. Moledo, y la conversa "O tolo de Lastra" de Álvaro de las Casas.
> Amenizará los entreactos la banda de música municipal.
> La mayoría de los palcos ya están comprometidos por distintas sociedades artísticas y sindicales, que sus respectivas directivas ocuparán con las banderas en las balaustradas."[602]

[598] *Industrias Pesqueiras* (IP), 01/06/1936
[599] EPG, 15/07/1936
[600] EPG, 18/07/1936
[601] Escritor e periodista peruano exilado en España ate o final da Guerra Civil e afiliado ao Partido Comunista.
[602] EPG, 18/07/1936.

Non existe nova ningunha que confirme que o acto chegárase a se celebrar, pola contra ese mesmo día aparecía unha información no que todo comezaba a intuírse

> "Sin que conozcamos los motivos nuestra Agencia informadora en Madrid, dejó de transmitir noticias desde las nueve de la noche. Cuantos esfuerzos realizamos por restablecer la comunicación resultaron frustrados, así como cuantos intentamos (sic) para lograrla con nuestras corresponsalías de La Coruña y otras localidades de la región.
> Servimos únicamente la información que nuestros teletipos recogieron desde la una de la tarde hasta el momento de la inesperada interrupción."[603]

6.2. O GOLPE DE ESTADO: COMEZA A TRAXEDIA

O domingo 19 de xullo EPG abre a súa edición cun titular a toda páxina:

> "Se inició un levantamiento en Ceuta y Melilla.
> **No será declarado el Estado de Guerra.**
> El Gobierno considera facciosa toda tentativa en tal sentido. Donde se produzca será declarada la Huelga General."[604]

En páxinas interiores notas de diversos sindicatos de ramo que convocan as súas asembleas para o día seguinte. Na segunda páxina infórmase da teórica situación nas diferentes provincias do Estado e na terceira publícase un manifesto da Alcaldía.

> "Como en ocasiones análogas, el bulo cunde, propagando absurdas especies, que resultarían cómicas, sino llevaran aparejada una intención malévola. Respondiendo a esta dolorosa siembra de falsedades, la Federación Local de Trabajadores, que integran todos los gremios del término municipal; los Partidos Socialista, Comunista e Izquierda Republicana, así como las Juventudes Unificadas reparten profusamente en estos momentos un manifiesto dirigido a la opinión donde hacen constar, más que nunca, su incondicional y plena adhesión al Gobierno de la República. También la Confederación Nacional del Trabajo se halla en contacto con la Federación Local de Trabajadores para sumarse, si ello fuera preciso, a cuanto signifique defensa decidida del régimen que el pueblo se dio a sí mismo.
> Esta Alcaldía reitera al vecindario la seguridad completa de haber sido totalmente sofocado el criminal intento producido fuera del territorio peninsular, fuertemente ahogado por el grito clamoroso que a estas horas vibra en todos los ámbitos del país: "¡¡Viva la República!!"[605]

Un día antes, cando EPG informaba da imposibilidade de contactar coas súas axencias de noticias, o golpe xa estaba en marcha. Ese mesmo día, o día 18, chega a Vigo enviado pola Xunta de Mando nacional de FE-JONS, Manuel Hedilla. O enlace do falanxista foi unha militante da *Sección Femenina* que o pon en contacto co responsable da comunicación entre o

[603] EPG, 18/07/1936.
[604] EPG, 19/07/1936.
[605] EPG, 19/07/1937

partido e os militares conspiradores: Enrique Rodríguez "Tajuelo"[606]. A xefatura do partido en Vigo atopábase, nese momento vacante, xa que, o Xefe Local, Felipe Bárcena estaba no cárcere. Isto fixo que Hedilla decidirá nomear a *Tajuelo* como Xefe Local interino. Hedilla reúnese no Bar Derby da cidade con algúns elementos da xunta de mando local entre os que se atopaban Juan Yañez Tapias[607] e Ramón Núñez Saavedra[608]. Os falanxistas poñen en contacto a Hedilla co Comandante Militar da praza, Felipe Sánchez Rodríguez, que fixa unha reunión na que finalmente estará representado polo seu axudante, José Pavón, aínda que posteriormente, posiblemente, xa o día 19, será o propio comandante quen se reunirá con Hedilla. Nesta segunda reunión, Hedilla, informa ao militar que debe de agardar á declaración do Estado de Guerra que se producirá dende a capitanía da Rexión Militar en A Coruña[609].

Non obstante, estes feitos que se producen o 18 e 19 de xullo non debían de resultar sorprendentes para as organizacións políticas e sindicais. De feito, a *Alianza Obrera*[610], un organismo de coordinación político-sindical a imitación das alianzas obreiras de outubro de 1934 en Asturias, emitira xa no mes de abril, un comunicado advertindo da inminencia dun golpe.

> "A juzgar por los preparativos cabildeos y reuniones que se llevan a efecto desde antes del 16 de Febrero y que continúan realizándose en la actualidad, quieren elevar a categoría de realidades sus propósitos de establecer una dictadura fascista, mediante un golpe de Estado Militar (…)"[611]

E onde tamén se establecía a medida que inmediatamente debía tomar a clase traballadora

> "Primero: Inmediatamente que se produzca un acto de fuerza de carácter militar o civil, sin esperar aviso ni orden de ninguna clase, paralización absoluta de todo trabajo y oposición por todos los medios posibles al triunfo de ese asalto al poder, procurando que toda la clase trabajadora esté en la calle en pie de guerra."[612]

---

606 Algunha fonte confunde o alcume deste individuo co seu segundo apelido e o chaman Enrique Rodríguez Tajuelo, cando en realidade o seu nome é Enrique Rodríguez Cantero, alias "Tajuelo". Este "Tajuelo" é un camisa vella cunha gran inclinación cara a labor violenta, de feito os cargos que desempeñou na organización, agás a Xefatura Local interina que lle encomenda o mesmo Hedilla, teñen que ver coas milicias (axudante de milicias, enlace militar da Xunta de Mando Local e Xefe Local de Milicias, e todos durante o mes de marzo de 1937 (EPG, 11/12/1936, 14/03/1937, 23/03/1937 e 30/03/1937). Hai quen tamén lle atribúe o alcume de "O Terrible" e o relaciona coas sacas das prisións de Vigo (Amoedo, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento…*p. 118 e Abad Gallego, Xoán C., *Crónica luctuosa…*p. 60). Despois a súa actividade decae e se centra na organización sindical. Como traballador dunha empresa de construcción (nas oficinas) afíliase primeiramente ao Sindicato da Construcción da CONS (EPG, 29/01/1937) e despois é un dos fundadores do Sindicato de Oficinas y Despaños da CNS (EPG, 19/05/1937).

607 Fillo do famoso empresario vigués Paulino Yañez Llorente desempeña postos de dirección, tanto Xefe Local como Xefe Comarcal entre setembro de 1936 e maio de 1937.

608 Fillo do empresario metalúrxico Estanislao Núñez, única vítima do bando sublevado, morto ao ser asaltado o seu chalet por un grupo de traballadores o 21 de xullo en plenos combates contra as forzas sublevadas. Conta a memoria popular que os fillos de Estanislao Núñez, Eduardo, Joaquin, Ramón e Estanislao tomaron venganza pola morte do seu pai e percorreron os establecementos sanitarios onde se atopaban os feridos republicanos asesinado a moitos deles.

609 García Venero, Maximiano, *Falange en la guerra de España…* p. 147-148.

610 A primeira referencia a esta *Alianza Obreira* que pretendía coordinar a actividade de todas as organizacións de carácter obreiro, prodúcese o 25 de febreiro de 1936 con motivo do regreso a Vigo dos desterrados por mor da folga de outubro de 1934. EPG, 25/02/1936

611 "Comité de la Alianza Obrera. Circular urgente y de vital interés para la clase trabajadora" do 03/04/1936, reproducido en Chaves, Antonio M., *La UGT de Vigo…*, pp. 293-294.

612 "Comité de la Alianza Obrera. Circular urgente y de vital interés para la clase trabajadora" do 03/04/1936, reproducido en Chaves, Antonio M., *La UGT de Vigo…*, pp. 293-294.

Doutra banda, os grupos libertarios parecen ter informes da FAI de Barcelona onde se advirte da inminencia dun golpe de estado. O 14 de xullo as JJ.LL. teñen unha reunión onde o único asunto tratado foi a inminencia dun golpe de estado, e a posta en marcha do chamado "mecanismo de defensa confederal". A partir deste momento, e aproveitando os recursos que tiñan a través do *Sindicato de Chóferes* (SCh) da CNT, os mozos faistas e libertarios comezan a facer patrullas discretas por cidade. Todas as actividades previstas para levar a cabo esta defensa pasan a estar coordinadas polo secretario xeral do SCh, Cesar Rosas. [613]

Aínda que como vemos para as organizacións sindicais en Vigo a inminencia dun golpe de estado estaba máis de clara, a realidade é ningunha das grandes organizacións obreiras estaba preparada para facerlle fronte.

O domingo 19 de xullo sucédense as reunións, catro de importancia capital no posterior desenvolvemento dos feitos. As dúas primeiras teñen como centro o acoirazado *Jaime I*[614], que atraca no porto de Vigo o mesmo día 19; mentres e as outras dúas xiran en torno ás JJ.LL. Nada máis chegar a Vigo, no *Jaime I* recíbense tres visitas. A primeira do Xefe da Base Naval de Rios (Teis), Manuel Moreu e do tenente de navío Félix Ozámiz, ambos conxurados golpistas. O motivo desta visita non é outro que constatar que todo está preparado para facerse co navío e poñelo a disposición da sublevación. Os oficiais do buque, na súa inmensa maioría rebeldes, dan seguridade aos mandos vigueses de que o buque, unha vez feito á mar, porase a disposición dos sublevados. Pero esa mesma mañá chegan, tamén, ao acoirazado un oficial da guarnición de Vigo que di falar en nome do comandante Felipe Sánchez. Entrevístase co comandante da nave e lle solicita que a dotación do buque lles axude a declarar o Estado de guerra na cidade. O comandante négase a que as súas tropas participen, pero lle da seguridades ao emisario de Felipe Sánchez de que, en ningún caso, dende o acoirazado se abrirá fogo contra o exército. Con esta "declaración" de "neutralidade" en relación ás accións dos militares na praza de Vigo, o emisario abandona o barco[615]. Da terceira reunión so existe unha referencia na fonte oral[616]. Segundo a fonte, a alcalde Emilio Martínez Garrido, encárgalle ao policía municipal Manuel Iglesias Lago, militante de vello de UGT, que contacte coa tripulación do *Jaime I*, sabedor da amizade de Manuel con algún tripulante do acoirazado, para sondar o ambiente que se vive no barco. Non sabemos o nome do suposto

[613] Briallos, Antón, *Vigo 1936*..." p. 6.
Cesar Rosas Bermúdez nacido en 1903 en Nerva provincia de Huelva e morto en Vigo o 4 de abril de 1939. Traballa primeiro no esteleiro Vulcano do que é despedido por un conflito laboral que da lugar a creación do SUM-CNT como unha excisión do SM-UGT. Delegado do SUM no Pleno Rexional de Sindicatos de Ferrol de 1932 e Secretario Xeral da FLSU de Vigo no mesmo ano. A súa actividade sindical ocasionoulle a incapacidade para atopar traballo o que lle levou a solicitar unha licencia para taxis en xullo de 1933. O coche onde desenvolve a súa actividade profesional era propiedade da FLSU (posteriormente incautado polas Milicias da JAP (Informe do 17/07/1937, ALC-20, AMV). Detido en novembro de 1934 pola súa actividade en relación á folga de outubro. En 1936 representa ao Sindicato de Oficios Varios de Vigo no Congreso Confederal de Zaragoza. Rematada a resistencia contra o golpe, agóchase durante 3 anos na parroquia de Teis. Descuberto pola Guardia Civil e rodeada a casa onde se agochaba suicidouse co seu compañeiro de acubillo o tamén libertario Antonio Iglesias González. Requisitorias o 19/09/1937 EPG, 08/11/1936 FDV. Informes policiais do 17/07/1937 e 29/01/1938 (AMV, ALC-20). Apertura de expediente por responsabilidades políticas o 11 de setembro de 1937 (BOPP, núm. 210 de 11 de setembro de 1937).
[614] O *Jaime I* sae do porto de Santander o 17 de xullo con destino ao estreito de Xibraltar. O 19 recala en Vigo. O buque, dos máis grandes da mariña de guerra contaba cunha tripulación de 850 persoas.
[615] Declaración do tenente de navio Jose Mª Otero Goyanes na causa 1189/1939, Arquivo Intermedio Militar do Noroeste (AIMN), pp. 1236-1237
[616] Información obtida de Manuel Zabala Iglesias, neto Manuel Iglesias Lago, policía municipal de Vigo, afiliado á UGT. Expedientado en outubro de 1935 polos sucesos de outubro de 1936 e suspendido de emprego e soldo. Readmitido o 28 de febreiro de 1936. Suspendido de emprego e soldo o 28 de xullo de 1936, acórdase a súa baixa definitiva no cadro de persoal do concello en sesión da *Comisión Gestora Municipal* (CGM) o 3 de outubro de 1936 (Actas da CGM do 03/10/1936, AMV, 70.1). Paseado na Praia de Canido o 4 de outubro de 1936.

amigo, pero si que se trataba dun maquinista, o que cadra co relatado na causa, onde se asegura que entre a mariñeiría e os maquinistas tiñan formado un comité para impedir que os oficiais se fixeran co acoirazado[617]. Na conversa, que se produce no peirao, o maquinista informa a Manuel da intención de facerse co buque unha vez estea en alta mar, pero que de ser necesario poderíase tentar facelo antes de partir, coa intención de, posteriormente, facer fracasar calquera intento de sublevación da guarnición de Vigo[618]. Esta foi a mensaxe que transmitiu Manuel ao alcalde e que este desbotou por considerar que a fidelidade da guarnición á República estaba fora de toda dúbida.

Pero como dixemos, ademais deste ir e vir que xira en torno ao *Jaime I*, nese 19 de xullo prodúcese outras dúas reunións claves. A primeira na *Casa del Pueblo* entre representantes das JJ.LL. e das JSU. A intención dos libertarios era dobre: primeiro organizar a resistencia conxunta contra o que supoñan que era unha sublevación inminente, neutralizando primeiramente os centros de carácter dereitista e, en segundo lugar, sondar aos marxistas sobre a posibilidade de obter armas. A reunión remata sen ningún resultado práctico[619]. A segunda reunión na que tamén participan os libertarios prodúcese na casa do Concello. Unha comisión de CNT pretende entrevistarse co Alcalde para solicitarlle armas e proporlle un plan para desbaratar a sublevación: a integración de militantes de absoluta confianza na forza pública, policía municipal, carabineiros e *Guardia civil* como medida para asegurar a lealdade destes corpos e armar aos anti fascistas. Entre todas as vilas da Ría de Vigo, os libertarios aseguran ter comprometidos máis de 1000 homes para esta tarefa[620]. Finalmente a xuntanza non tivo lugar co Alcalde, senón co dirixente socialista, Heráclio Botana[621] e a piques estivo de anticipar a traxedia. Unha vez escoitado o plan dos libertarios, o dirixente socialista dixo que o seu era unha intentona golpista e fixo ademán de coller o teléfono á vez que dicía que ían a ir todos detidos. Nese momento saíron a relucir as armas dos libertarios e Botana cambiou de parecer.

Os fracasos destas reunións son significativos e demostran que os intentos das autoridades locais republicanas foron totalmente inútiles ante a súa incapacidade para superar o estrito marco da legalidade. Resulta paradoxal, pero esta incapacidade demostra, a nivel práctico, a falacia das "acusacións" do seu carácter revolucionario que dende os emprendedores políticos das dereitas levaban anos atribuíndolle a estas mesmas autoridades. Neste sentido o que ocorre en Vigo, a falta absoluta dun plan que opoñer á sublevación militar, ocorre noutras vilas e cidades do Estado español. Tal vez, un dos casos máis similares sexa Zaragoza, onde, ao igual que acontece en Vigo, tan só os cenetistas ofreceron alternativas que tampouco chegaron a concretarse ante o impedimento das autoridades republicanas[622].

[617] Declaración do tenente de navio Jose Mª Otero Goyanes na causa 1189/1939, AIMN, pp. 1240.
[618] Existe outra versión con diferentes actores destes mesmos feitos en Chaves, Antonio M. *La UGT de Vigo…* p. 302
[619] Briallos, Antón, *Vigo 1936…* p. 10
[620] Entrevista con Fernando Román Rodríguez o 16 de xuo de 1991. Fernando é unha fonte de primeira man para saber que se pretendía e como se desenvolveu a reunión posto que era un dos comisionados da CNT que participaron nela.
[621] Heraclio Botana naceu en Mourente (Pontevedra) en 1871. Afincouse en Vigo onde desempeñou o oficio de tipógrafo. Fundador da UGT en Vigo foi o primeiro concelleiro socialista de Galiza nas eleccións de 1913. Elixido deputado nas eleccións de 1931. Pertenceu sempre á ala centrista do PSOE dende onde abogou pola unidade de acción cos partidos republicanos. Membro do Comité Local da FP. Detido na súa casa o 24 de xullo de 1936 sométeselle a Consello de Guerra Sumarísimo (causa 142/1936) no que é condeado a morte por traizón. A sentenza será executada 27 de agosto de 1936.
[622] Borrás, José, *Aragón en la revolución española*, Barcelona, Cesar Viguera Ed., 1983, p. 93

Así as cousas, ante a inminencia da sublevación, tan só se foi capaz de opoñer a folga xeral, a ferramenta de loita mítica da clase traballadora e a única acción de masas contemplada pola FP.

A folga xeral, empregada na práctica totalidade do Estado español fronte a sublevación forma parte do repertorio habitual dos traballadores e xa fora empregada con éxito na outra intentona golpista que sofre o sistema democrático español, a *Sanjurgada* en 1932. Estes dous feitos, a dispoñibilidade como elemento incluído no repertorio e a súa capacidade para frear un intento de golpe, son os que fan que sexa aplicada como ferramenta máis idónea en xullo de 1936. Non estamos, xa que logo, fronte a unha "excesiva confianza de los mandos sindicales en la fuerza revolucionaria de la clase trabajadora" que bloqueou "otras alternativas al paro general o a la organización de la resistencia obrera"[623], senón ante o emprego da única ferramenta dispoñible, unha vez fracasados os intentos de apoiarse nas autoridades republicanas para facerse con armas, de resistencia. Pero ao mesmo tempo, a eficacia ou non da ferramenta empregada ten que ser analizada, tamén, dende a posición dos sublevados. Os directores da sublevación, e como máximo director o Xeneral Mola, son plenamente conscientes dos erros cometidos na intentona de 1932, e tamén son plenamente conscientes da arma que poden e van a empregar as organizacións anti fascistas. Deste xeito, as famosas instrucións que o propio Xeneral confecciona supoñen unha innovación dentro do repertorio dos pronunciamentos militares españoles, unha innovación que se caracteriza polo emprego, sen miramentos, da violencia armada non só contra calquera resistente, senón contra calquera potencialmente resistente. Esta innovación, anticípase, bloquea e desarma a resposta "tradicional" que os traballadores argallan[624]. Ao mesmo tempo, a adopción por parte das organizacións de traballadores da folga xeral como arma contra a sublevación, un tipo de sublevación novidosa, orixina unha serie de consecuencias, inmediatamente posteriores, que, polo xeral, non se teñen en conta e que afectan dun xeito determinante ao debate sobre a resistencia e a colaboración da sociedade fronte as novas autoridades. Dende este punto de vista, da innovacion no repertorio que supoñen as instrucións de Mola, resulta irrelevante, agás para reafirmar a propia innovacion que

> "Las matanzas y persecuciones no están inscritas en las prácticas de la derecha parlamentaria mayoritaria en la República [nin na minoritaria, afirmamos nós] ni en su tradición porque son radicalmente incompatibles con la experiencia de medio siglo previo (...)"[625]

Entraremos de cheo nestas consecuencias no seguinte capítulo da investigación, agora continuamos co relato dos feitos.

---

[623] Cifuentes, Julita e Maluenda, Maria del Pilar, "De las urnas a los cuarteles: la destrucción de las bases sociales republicanas en Zaragoza" en Casanova, Julian et al, *El pasado oculto: fascismo y violencia en Aragón (1936-1939)*, Zaragoza, Mira, 1999 [1992], p. 45

[624] A capacidade de xerar incerteza da innovación dos sublevados non só se aprecia na posición das organizacións dos traballadores, senón incluso nas reaccións dos militares leais que son detidos e posteriormente xulgados por traizón: "(…) é significativo que das súas palabras [refírese ao Contraalmirante Antonio Azarola no seu consello de guerra] non se pode deducir que o acusado teña a máis mínima impresión de que poida acabar sendo executado ao final do procedemento". Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez, Antonio, "Os verdugos no golpe de Estado de 1936. Quen matou a Antonio Azarola?" en Fernández Prieto, Lourenzo e Miguez, Antonio (ed), *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, 2018, p.65

[625] Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castiñeira, Francisco J. "Galicia, un golpe sin cuartel…" p. 22

O día seguinte, luns 20 de xullo, a primeira hora da mañá as organizacións sindicais declaran a folga xeral. A cidade paralízase completamente. Ás 12 da mañá, o Comandante militar de Vigo, Felipe Sánchez, recibe a orde na Capitanía da Coruña de declarar o estado de guerra. Inmediatamente fórmase un piquete de infantaría de 50 homes ao mando do capitán Antonio Carreró para proclamar o estado de guerra na cidade. Sobre a 1 da tarde o piquete sae do cuartel e se dirixe ao próximo cuartel da *Guardia Civil* onde colocan unha copia do bando de guerra.

> "Ante una situación de pública necesidad, los organos (sic) coactivos del Estado, velando por la defensa del orden y de los derechos individuales y cumpliendo órdenes emanadas del Poder Central, a todos los ciudadanos hacen saber:
> Queda declarado, provisionalmente, el Estado de Guerra en la PLAZA de Vigo, con arreglo a lo que dispone el articulo (sic) 49 del Capitulo (sic) 4º de la vigente Ley de Orden Público, por no haberse podido establecer relación con la Autoridad Gubernativa (…)"[626]

Nos seus 8 artigos dábase un prazo de 2 horas dende a súa publicación para que todos os cidadáns se someteran á autoridade militar e denunciaran a quen así non o fixeran (art. 1). Pero, aínda que prohibía a formación de grupos (art. 2) e achegarse ás liñas férreas, de enerxía eléctrica, conducións de auga, cuarteis, dependencias militares, bancos, centros fabrís e edificios públicos (art. 3), nada se dicía, explicitamente da folga, o que contrasta enormemente coa declaración do estado de guerra na Coruña, no que textualmente se dicía no seu artigo 5 que,

> "Las directivas de las Asociaciones Patronales u obreras de los oficios o profesiones que produzcan lockouts o huelgas serán pasados por las armas sin formación de causa"[627].

A caracterización do bando que se publica en Vigo como provisional, as referencias á súa declaración como consecuencia de orde superior e á imposibilidade de comunicación coa "autoridade central" e o morno das súas disposicións en relación a outras declaracións do estado de guerra, fannos pensar nas dúbidas que Felipe Sánchez tiña sobre a viabilidade da intentona. Pero esta actitude dubitativa tivo que cambiar pola forza dos feitos.

Unha vez fixado o bando no cuartel da *Guardia Civil*, o piquete de soldados diríxese polas rúas García Hernández, Colón e Policarpo Sanz cara a Porta do Sol. Durante todo o traxecto milleiros de persoas acompañan á tropa dando berros a favor da República. A situación é de total confusión, mentres que algúns paisanos aplauden á tropa, outros lles chaman traidores. Pero entre os soldados a situación é igual de confusa, algúns comezan a dar berros a favor da República. Así se chega á Porta do Sol, momento no que o Capitán Carreró ordena ao tenente axudante que o acompaña que lea o bando de guerra. Nese momento, un paisano, Manuel Lende González, tenta sacarlle o bando ao tenente. Uns din que o Capitán Carreró disparoulle un tiro e outros que foi coa súa baioneta como matou ao Lence, sexa como fóra, o capitán

[626] Bando da declaración do Estado de Guerra en Vigo, AIMN, Causa 140/1936, p. 1bis.

[627] Bando da declaración do Estado de Guerra na Coruña do 20 de xullo de 1936, Fernández, Carlos, *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*, Sada, Edicións do Castro, 1983, p. 79. Tamén consta a referencia á prohibición, por delicto de sedición e/ou rebelión, da folga nos bandos para Canarias de Franco (*La Gaceta de Tenerife*, 19/07/1936) ou de Mola para os territorios da súa xurisdicción (as provincias de Burgos, Palencia, Santander, Guipuscoa, Alaca, Biscaia e Logroño), no que se lles da media hora dende a publicación do bando aos traballadores en folga para volver aos seus traballos (*El Dia de Palencia*, 22/07/1936).

ordena abrir fogo sobre a multitude: o resultado, 15 mortos[628]. Inmediatamente despois, unha sección de metralladoras diríxese cara a Casa do Pobo na rúa García Barbón, que toma sen ningunha oposición. Era aproximadamente as dúas da tarde.

Case de xeito simultáneo a estes feitos, grupos de militantes de CNT asaltan en busca de armas, uns a armería "La Cosmopolita" e outros a Aduana cun escaso resultado. Ao mesmo tempo, Radio Vigo lanza proclamas ao pobo para que se defenda dos militares, non obstante a emisora será rapidamente ocupada polos sublevados – igual que as sedes de correos e telégrafos- impedindo toda comunicación radiada[629].

"En aquellas horas del día 20, el Alzamiento sólo era dueño del centro de la ciudad"[630]. Un grupo libertario, dirixido por Cesar Rosas, toma o cuartel da *Guardia Civil* de Teis, detendo a 12 gardas e incautando como botín 16 fusiles e 14 pistolas, pero escasa munición. Os traballadores establecen piquetes armados nas entradas a Vigo dende Teis e comezan a construción de barricadas no Concello de Lavadores. Entre as 7 e as 9 da noite os militares entran na casa do Concello de Vigo detendo ao Alcalde, Emilio Martínez Garrido e ao deputado socialista Ignacio Seoane Fernández[631].

Mentres no veciño de concello de Lavadores centos de persoas concéntranse na casa municipal agardando coñecer o que está a suceder en Vigo. A media mañá sábese que o Exército declarou o estado de guerra, pero descoñécese si as forzas son leais ou sublevadas. Xusto antes da comida confírmase que os militares sublevároronse contra a República. O alcalde, José Antela, prohibe ao persoal municipal que salga da casa do concello e ordena a requisa de armas nas casas de destacados dereitistas. Pola tarde ten lugar unha reunión do Comité da FP, mentres que grupos anarquistas, que nese momento rodean o cuartel da *Guardia Civil* de Lavadores, apreman ás autoridades para que ordenen o seu asalto ou cando menos, non se opoñan. Os socialistas, partidarios de parlamentar cos gardas civís, aseguran que estes non se sublevarán. O alcalde fala telefonicamente co xefe do posto para que se unan aos traballadores na defensa da legalidade, pero dende o cuartel dinlle que non farán nada ate ter unha orde do seu superior ou do Gobernador Civil[632]. Á noitiña dese luns 20 de xullo o José Antela, alcalde de Lavadores, fuxirá pola porta traseira da casa do Concello, non se lle volverá a ver ate a súa entrega voluntaria o 1 de agosto de 1936.

Esa noite en Vigo prodúcese constantes tiroteos e igual que no mes de maio resulta incendiada a casa do tenente coronel retirado Cuervo[633]. Mentres que o alcalde de Lavadores fuxía, os resistentes constrúen tres barricadas. A primeira xunto da fronteira do termo municipal de Lavadores e Vigo –o cruzamento do Choróns-, a segunda na única zona urbana do concello –

[628] A versión do tiro, que tamén identifica claramente ao primeiro morto do golpe en Briallos, Antón, *Vigo 1936…*, p. 14 e a versión da baioneta en Fernández, Carlos, *El Alzamiento de 1936…* p. 305. Ollo na súa a primeira versión dos feitos non fala dun home senón de dous e non menciona como se produciu a súa morte. Anónimo, *O que fixeron en Galicia. 1936*, Vigo, A Nosa Terra, 1998 [1938], p. 20

[629] Parece ser que o autor das proclamas resultou ser o cónsul de México en Vigo, o Sr. Miguélez, posteriormente acusado destes feitos. Fernández, Carlos, *El Alzamiento de 1936 en Galicia…* p. 305

[630] García Venero, Maximiano, *Falange en la guerra…* p. 148

[631] Ignacio Seoane Martínez, nado en Ribadavia en 1900, panadeiro de profesión. Deputado electo nas eleccións de febreiro de 1936 e presidente da *Sociedad de Obreros panaderos y similares* da UGT. Xulgado por sedición militar na causa 142/1936 foi condenado á pena de morte e fusilado o 27 de agosto de 1936 no cemiterio de Pereiró.

[632] A reconstrucción dos feitos a partir das declaración de do cabo da *Guardia Civil* José Quintela Fernández, do guarda José Mouriño Barros e do secretario do municipal Juan Gimenez de Blas en AIMN Causa 140/1936, pp. 11-13, 85, 126

[633] Fernández, Carlos, *El Alzamiento de 1936 en Galicia…* p. 305

o Calvario- e a terceira xusto diante da Casa do Concello e do cuartel da *Guardia Civil*. Entre a primeira e a segunda barricada había sobre uns 800 metros e entre esta e a terceira un par de quilómetros.

Segundo as testemuñas, ate despois da lectura do bando de guerra e de abrir fogo contra a multitude na Porta do Sol, non existen entre as forzas sublevadas ningún elemento civil. Mozos de diversa procedencia partidista comezarán a acudir ao cuartel do exército a partir dese momento. Nesta primeira mobilización en apoio do incipiente golpe xoga un papel aglutinador de primeiro orde a AMC[634].

> "Al estallar el Movimiento Salvador de España en nuestra ciudad, los agrupados codixtas, como un solo hombre, hicieron su presentación en la Comandancia Militar, muchos, la mayoría en Falange Española de las J.O.N.S., donde militaban, para aportar su esfuerzo a la liberación de la Patria.
> No ha quedado uno solo de los nuestros, que no haya concurrido al puesto del deber, con todo su entusiasmo, con toda su voluntad."[635]

A mañá do día 21 o exército, xa auxiliado por civís armados e *guardia civil* dedícase a limpar as comunicacións de Vigo pola estrada de Teis. A resistencia foi mínima. Pola tarde, iníciase o asalto de Lavadores. Na primeira acometida os mandos militares pecan de optimismo: dúas ducias de soldados ao mando do Capitán Carreró inicia o asalto pero pronto deben retirarse ao ser recibidos con bombas de man e descargas de fusilería[636]. Para a segunda tentativa os sublevados non actuarán tan á lixeira: barren a rúa con fogo de metralladora e bombardean a barricada con morteiros, a sorte da barricada está botada. Os resistentes retíranse a segunda barricada, a do Calvario. Horas antes, na madrugada do día 21, ten lugar un feito con consecuencias funestas. Os traballadores que se atopan na barricada son tiroteados dende un casa veciña que inmediatamente identifican como a residencia do empresario metalúrxico e pai de destacados falanxistas locais, Estanislao Nuñez. Unha turba asalta a casa e o patriarca escapa achogándose nun campo de millo próximo, pero é descuberto e asasinado. O resto da familia que se atopaba nese momento na casa son conducidos á casa do concello de Lavadores, e o chale saqueado e incendiado. Estes feitos serán a acusación principal da causa 539/1936 polo que se encarta a 26 persoas, 19 homes e 8 mulleres. A causa serve de escusa para encartar a dirixentes da UGT, CNT, do PCE e da ADOL e se saldará con 13 penas de morte, 10 penas de reclusión perpetua , 2 penas de 12 anos de reclusión, e unha absolución, dando por demostrado que

> "(…) con posterioridad a la declaración del Estado de Guerra, que tuvo lugar el día veinte de mes que se cita, y en días precedentes los elementos directivos movilizaron las masas adictas, reclutando medios personales y materiales con que hacer oposición a las tropas de España, para lo que requisaron armas, vehículos, víveres, construyeron barricadas estratégicamente, llegando desde ellas a hostilizar al Ejercito (sic), y en medio, de un sinnumero (sic) de violencias y coacciones, en la madrugada del día veintiuno pusieron la nota tragica (sic), tipica (sic) en el marxismo, propulsor del odio de clases, del asalto, incendio del chalet sito en Lavadores propiedad de D. Estanislao Núñez, llegando al

634 García Venero, Maximiano, *Falange en la guerra de España…* p. 148
635 "En las avanzadas. Heroismo de la juventud codixta", MC, 01/11/1936
636 Os fusiles probablemente foran os incautados no cuartel da *Guardia Civil* de Teis e as bombas, feitas a base de dinamita introducida en latas de conserva (concretamente de pementos) fixerannas os libertarios dende semanas antes do golpe, nun número aproximado ás 500. Entrevista con Fernando Román Rodríguez o 12/06/1991.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> asesinato de éste que ante la actitud de las turbas, habia (sic) buscado escondite en una huerta próxima, en donde le buscaron, vejaron, dandole (sic) por fin muerte alevosa."[637]

A resistencia nesta segunda barricada esgotou as municións dos defensores que se retiran cara a terceira e última defensa. E nese momento, cando a chegada das tropas é inminente cando a *Guardia Civil* de Lavadores abandona a súa finxida neutralidade e ataca aos defensores polas costas. Nese momento prodúcese á desbandada dos resistentes que se escaparán polas fincas dos arredores da casa do Concello aos montes próximos. Non obstante, as organizacións sindicais á altura do día 22 de xullo aínda conservan intacta certa estrutura e recursos que fai posible que editen un novo chamamento, asinado polos comités de UGT e CNT, á non abandonar a folga xeral declarada o dia 20. O chamamento informa que a sublevación só triunfou nalgunha localidade do estado e que é cuestión de días que o goberno se faga coa situación. Por iso a folga "debe continuar como el primer día, hasta hacer sucumbir a los asesinos fascistas que tomaron la ciudad por asalto." E para facer presión sobre os propios traballadores, menten e afirman que

> "Por las últimas noticas recibidas sabemos que quedaran cesantes de empleo y sueldo, al normalizarse la situación, todos los que se hayan reintegrado al trabajo obedeciendo las ordenes fascistas."[638]

A resistencia armada ao golpe de estado dáse por rematada con este chamamento a manter a folga xeral. Aínda así os tiroteos nocturnos illados continuarán escoitándose un par de días máis, ate o 24 de xullo.

Este relato do acontecido entre o día 19 e o 24 de xullo é un relato que pretende unificar os que ata de agora se manexan. Resáltanse os puntos coincidentes de todos eles e apórtase como elementos menos divulgados a posición do Comandante Militar da praza, de inicial dúbida, tanto a través da busca de axuda no *Jaime I*, a todas luces, innecesaria coas tropas e armamento do que dispuña como do texto do bando da declaración de guerra. Aínda que en moitos relatos dispersos insinuábase o liderado da CNT na loita armada, nunca se había tratado en profundidade todas as iniciativas que tentaron desenvolver. Tampouco o acontecido na casa do Concello de Lavadores era coñecido, nin a precipitada fuxida do seu alcalde nin a resistencia dos socialistas ao asalto do cuartel da *Guardia Civil*. A capacidade que conservan as organizacións sindicais e o contido do último chamamento á folga xeral era ate agora algo non divulgado.

6.3. A TOMA DO PODER: OS PRIMEIROS PASOS

O mesmo día que as organizacións sindicais reiteran o seu chamamento á folga xeral e cando aínda se escoitan disparos na cidade, un grupo de pro homes vigueses reúnense na casa do concello de Vigo para constituír a Comisión Xestora Municipal (CXMV). O nomeamento provén exclusivamente da autoridade militar da praza "(...) y con el concurso de la Federación Patronal"[639]. É lóxico supoñer que estes nomeamentos estiveran pactados previamente pola rapidez da súa constitución. Os nomeados debían de estar comprometidos na sublevación

[637] Sentencia da Causa 539/1936, AIMN, p. 225.
[638] Chamamento a continuar coa folga xeral de UGT e CNT, Causa 496/1936, AIMN, p. 3
[639] Silva Ferreiro, Manuel, *Galicia y el movimiento nacional*... p. 344

porque buscar apoios para constituír un órgano de goberno municipal ao tempo que se combate nas rúas non parece moi razoable. Ao mesmo tempo, a disposición de todos eles, todos agás un, nun momento no que a situación non estaba absolutamente clara e o futuro da sublevación non era nada esperanzador, remítenos a que estamos ante unha parte da trama civil do golpe que neste momento arrisca todo para que o golpe vaia adiante. Esta prontitude na constitución da CXMV contrasta, por exemplo, con outra cidade que inmediatamente queda nas mans dos sublevados: Valladolid. Alí non existe actividade municipal ate o 31 de xullo de 1936 unha vez que a loita e a folga fora vencida polos rebeldes[640].

José Albo Abascal (delegado de alumeado público), conserveiro e militar, presidente dunha gran cantidade de consellos de guerra; Crescencio Arosa Álvarez (delegado de policía urbana), destacado membro da *Unión Patriótica*, membro do Consello de Administración da *Panificadora*; Manuel Canella Tapias (delegado do servizo de augas), dirixente do PCR e dono da *Metalúrgica*, instrutor en numerosos consellos de guerra; Juan Cerqueira Domínguez (delegado de cultura e arte), conserveiro e camisa vella de FE-JONS; Alfonso Crespo Martínez (delegado de beneficencia e sanidade) concelleiro independente na última corporación do Bienio Negro, garda cívica, militar; Luís de Vicente Sansaín (delegado de pompas fúnebres), militar, ex presidente do Celta de Vigo e xuíz de numerosos consellos de guerra; Luís Ferrer Mariño (delegado pavillóns sanitarios), militante da ORGA, médico[641]; Sebastián García Retuerta (secretario da Presidencia da Xestora), militar e garda cívico; Ángel Reboreda Rodríguez (delegado de Gobernación), industrial do pan, afiliado ao PAE; Hipólito Reguenga Borrajo (delegado de fomento), construtor, dereitista; Javier Sensat Curbera (delegado de abastecemento), armador, conserveiro e militar, ultra dereitista; Paulino Yañez Tapias (delegado do servizo de lonxa), madeireiro, militante da URD e máis tarde comandante da *Guardia Cívica*. Preside a Comisión Xestora o delegado da autoridade militar José Giménez Garcia, actúa como secretario o secretario das corporacións democráticas José Baliño Ledo. Desta relación excluímos a un membro, Eugenio Fabrique González (delegado de facenda), dono da *Artistica* e membro do PCR, que non chega a tomar posesión do seu cargo, tan vez por precaución, ou tal vez por aspiracións máis altas nunha nova e hipotética estrutura estatal, tal e como finalmente aconteceu en abril de 1938 ao situarse como Vogal do *Consejo Nacional del Crédito*[642].

De 12 xestores, 5 seguen ou seguiron a carreira militar, 4 deles compaxinan esta carreira coa actividade empresarial familiar, precisamente 10 dos 12 son empresarios e todos teñen en común que pertencen tanto a *Unión de Fabricantes de Conserva* (UFC) como a FGP, que si seguimos a Silva Ferreira participou dalgún xeito na súa "elección". Todos eles, agás Sebastián García Retuerta e Luís Ferrer Mario forman parte da elite económica viguesa, e polo tanto da elite política da cidade[643].

---

640 Tomasoni, Matteo, "Política y sociedad en la retarguardia nacional: Valladolid "capital del Alzamiento", *Studi di Storia Contemporanea*, núm. 7, 2011, 4

641 A referencia á súa pertenza á ORGA é antiga, de xuño de 1931 e non sabemos a súa evolución ate que aparece como membro desta xestora municipal.

642 ALC-25, AMV

643 Fronte a posicións restrictivas sobre quenes integran as elites políticas baseadas en criterios exclusivamente de participación en institucións de carácter político, nós empregamos unha criterio amplo, integrando as elites económicas como parte das elites políticas, xa que a acción política pódese desenvolver, e a cotío así se desenvolve dende ámbitos non directamente relacionados con ela e sobre a cal exercen ou pretenden unha evidente influenza. Un claro exemplo de análise restrictiva en Presas Sobrado, Adrián, "La configuración de las élites políticas urbanas gallegas en el primer franquismo (1936-1951)", *Hispania Nova* núm. 19, 2021. Un exemplo dunha análise ampla onde se ten en conta, ademais, a laboura de "representación" de familias político económicas locais por parte de homes sen aparente experiencia política en Domper

Pódese ver perfectamente a primeira Comisión Xestora dos sublevados unha parte da trama civil do golpe que reflicte un carácter marcado plenamente, non pola súa militancia ou adscrición política que resulta, en certa medida un tanto "particular" con esa presenza de membros do PCR, senón pola súa clase[644]. Chama a atención esa presenza de dous militantes do moderado PCR, os empresarios Manuel Canella Tapias e Eugenio Fadrique González[645]. Con toda seguridade, nunha situación de polarización social onde se chega a percibir unha ameaza como certa, foi determinante, por riba da súa posición política, a súa posición social decantándose pola defensa dos seus intereses de clase. Isto sería totalmente concordante con outros lugares do Estado español onde triunfou o golpe, como por exemplo en Zaragoza onde a xestora nomeada polos sublevados viu a

> "(…) restaurar los privilegios económicos perdidos por las clases dirigentes tradicionales y reponer a los beneficiarios de tales privilegios en el escenario político."[646]

Algúns medios o afirman claramente ao relacionar directamente o golpe militar coas súas "necesidades" para aumentar os seus beneficios

> "Con el glorioso movimiento nacional que heroica y brillantemente se está llevando a cabo en nuestra tan amada Patria, se inicia una nueva era cuyas repercusiones más importantes han de afectar a la vida económica e industrial del país. En la ingente tarea de reconstrucción que se avecina es seguro que va a jugar principal papel el que se refiere a la ordenación de las manifestaciones industriales de España, (sic) Y, muy especialmente, aquellas que en su mayor parte, o en su totalidad, son actividades de exportación"
> "(…) la nueva era de prosperidad que aguarda, venturosa, a nuestras actividades exportadoras con el inmediato y ostensible reflejo en todos los órdenes que se derivan de las mismas."[647]

Por outra banda, a presenza militar nas diferentes Comisión xestoras que formarán os sublevados pódese interpretar dende unha posición onde se saliente o control do poder civil polo militar, pero tamén, e pensamos que de xeito especial en Vigo onde varios dos xestores teñen unha compoñente mixta, como un respaldo explícito do poder militar a ese poder civil concreto que agora toma o poder. Deste xeito, a presenza e a protección militar mandaría unha mensaxe de unidade da coalición dos sublevados ao conxunto dos cidadáns.

Lasús, Carlos, "Recuperar lo que es nuestro: élites políticas y ayuntamiento en Huesca (1936-1945)" en Frías, Carmen, Ledesma, Jose L e Rodrigo, Javier (eds), *Reevaluaciones. Historias locales y miradas globales*, Zaragoza, Institución Fernando El Católico, 2011.

644 Tamén é certo que a presenza de elementos da dereita, do centro e do centro-esquerda republicano, pode ser explicada polo procesos de fastistización, pero pensamos que neste caso resulta máis crible e sobre todo menos complexo apuntar a un interes de clase que a un proceso de contaxio unha determinada cultura política que afectara a todo o abano ideolóxico no centro, centro-dereita, dereita da cidade. Máis si lembramos o manifesto do PCR vigués con motivo da polarización ideolóxica nas eleccións de febreiro de 1936 e que salientamos anteriormente. Tamen en Valladolid dáse a presenza dun alto cargo da Deputación Provincial, Santiago Álvarez, que fora afiliado ao PCR durante a República e que no tempo do golpe comezou a súa militancia na FE-JONS, ver Palomares Ibáñez, Jesús M., *El primer franquismo en Valladolid*, Valladolid, Universidade de Valladolid, 2002, p. 68.

645 O PCR propón a Fadrique como compromisorio para a elección do Prensidente da República, aínda que os seus fillos, Eugenio, Josefina e Marcedes Fadrique del Rio, decantáronse rapidamente no contexto post golpe pola militancia en FE-JONS, concretamente no mes de agosto de 1936 (AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181, p. 233 e EPG, 03/08/1937). Pola súa parte Canella Tapias chegou a ser o presidente do partido en Vigo en marzo de 1933 (EPG, 04/03/1933).

646 Cifuentes, Julita e Maluenda, Maria del Pilar, "De las urnas a los cuarteles…" pp. 66-67

647 *Industrias Conserveras* (IC), núm. 27, agosto de 1936

Sexa como fora, a constitución da CXMV o 22 de xullo foi un acto meramente simbólico. Tratábase, exclusivamente, de escenificar a toma do poder civil e de revestir de "legalidade" –esa nova legalidade inventada polos sublevados- ás novas institucións, afastándose de algo parecido ao baleiro de poder. Só así pode explicarse que o acto de constitución da Comisión Xestora se quedase simplemente niso, ningunha declaración, nin a convocatoria dunha sesión posterior para tentar organizar a vida municipal tal e como se tiña feito e se fará noutras ocasións de cambio de corporación, nin nada parecido. Haberá que agardar para que a situación se calme. Será catro días máis tarde, o 26 de xullo. Os asuntos tratados nesta sesión revelan un absoluto descontrol dos servizos municipais e existencia dun descontrol similar a nivel cívico, onde polo manifestado polos xestores, reina o caos. O concello e os seus servizos normais de control da actividade municipal son incapaces de saber si están a cumprir as súas obrigas, quen as cumpre e quen non.

> "(...) es necesario levantar el ánimo a todo el vecindario y controlar la marcha de todos los servicios para lo cual entiende que debe procurarse que rondas de vecinos circulen por las calles para investigar lo que en los mismos sucede, visitando los establecimientos públicos y mercados y estableciendo una especie de control cerca de los diversos servicios como los de limpieza y arbitrios."[648]

A moción foi aprobada. Pero quen son os veciños que integrarían estas rondas? Para clarexar a composición das bandas de veciños a Comisión Xestora aproba tamén convocar para esa mesma tarde do día 26 a "representantes de diversas entidades y partidos, con el fin de organizar los servicios interesados por el Sr. Crespo".

Tanto a moción como a convocatoria dannos algunhas claves de cal é a situación a nivel de rúa. En primeiro lugar, os servizos de control municipais non funcionan, isto é basicamente, a policía municipal. Pero ademais identifícase cales son, en principio, os servizos máis afectados pola paralización que nós relacionamos directamente coa folga xeral, que por esta moción debemos entender que continúa: o servizo de limpeza e o cobro arbitrios. Ao mesmo tempo, a convocatoria para confeccionar as "rondas" de veciños, dinos claramente sobre quen se apoian as novas autoridades. Son os partidos políticos que teñen capacidade para colaborar e que debemos de considerar que son aqueles que, dun ou doutro xeito, apoian do golpe e que ademais teñen militantes entre os membros da xestora –URD, FE-JONS, PAE cando menos-, ademais doutros que non están presentes como do BN e especialmente as súas mocidades, onde hai que destacar ás JAP. Pero a realidade é máis grave aínda tal e como se reflicte no resto de asuntos tratados nesa mesma sesión. José Albo Abascal, delegado de alumeado público, informa que cando menos o 30% do persoal que se dedica a estas labores non está nos seus postos de traballo. Pero non só, a inactividade de sectores clave para a cidade maniféstase na aparición de desabastecemento, destacando por riba de todos o de peixe e leite. Para tentar controlar a situación a Xestora acorda

> "tomar nota de los barcos de pesca que se encuentran dentro de la ria y que no han salido de nuevo a la mar a efectuar sus ordinarias faenas y tomar igualmente nota de los barcos que se encuentran fuera del puerto sin traer la pesca a la ria."[649]

USC

[648] Moción do xestor Crespo Martínez. Actas da CXMV do 26/07/1936, AMV, 70.1
[649] Actas da CXMV do 26/07/1936, AMV, 70.1

Evidentemente este acordo non se tomou para executar por un persoal municipal que é incapaz de controlar os seus propios servizos, senón para esas rondas "veciñais" de partidos e asociacións. Posiblemente esteamos ante unha primeira xustificación práctica para a creación da *Guardia Cívica de Vigo* (GCV).

En resume, os acordos desta primeira sesión efectiva da CXMV veñen a demostrar que a situación na cidade é caótica e que está sometida a un desabastecemento dos produtos nos que é principal produtor, por unha banda no sector do mar e por outra no sector agrario. Constatan, xa que logo, o mantemento da folga xeral. Ao mesmo tempo, a forma que revisten os acordos: "tomar nota", "pasar a estudo", ou o control de servizos por parte de patrullas cidadáns, veñen a reflectir unha absoluta incapacidade a nivel práctico dos novos responsables municipais. Neste sentido só existe un acordo con posibilidade de aplicación real en toda esta primeira sesión, e que ademais ven a incidir na soidade dentro da institución dos seus xestores: "dar de baja a todos los actuales Alcaldes de barrio, sustituyéndolos por personal de toda confianza."[650] Pero igual que no resto de asuntos, non existe ningún acordo municipal para o nomeamento ou para darse por enterados, no caso de non ser a institución municipal quen tome un acordo, da substitución destes alcaldes de barrio ate o mes de novembro.

Ao mesmo tempo, a presenza da folga é unha constante nas publicacións que logran saír á rúa nestes días.

> "Hasta el día 18 las parejas que procedan de Grand Sole y alguna del Sur, así como varios bous, realizaron excelentes mareas; obteniendo incluso bastantes buenos precios. Las parejas del día pescaron poco.
> Hubo gran afluencia de bonito en este primer período, que se vendió a precios irrisorios, pues algún día arribaron cincuenta barcos cargados.
> También la sardina se ha pescado con abundancia.
> Después sobrevino la huelga, a consecuencia de las circunstancias políticas que sobrevinieron, permaneciendo aún paradas la mayoría de los barcos, así de pareja como trawlers y sardineros.
> Los boniteros también suspendieron sus salidas. (…) aún no ha podido reanudarse la exportación al interior de España (…)"[651].

Ante o perigo certo de desabastecemento da cidade, a CXMV, de acordo coa autoridade militar, toma unha medida radical na súa sesión do 26 de xullo. A suspensión do cobro de arbitrios para os produtos que veñan a Vigo doutros concellos, nun intento de incentivar o mercado pero tamén de recoñecer a nivel práctico a incapacidade das novas autoridades para proceder á súa recadación. Por outra banda, e xa como medida represiva tamén se acorda que todos aqueles comerciantes con posto fixo nos mercados que non se presenten inmediatamente á realizar o seu traballo perderán a propiedade do posto, que se outorgará a aqueles que o soliciten en primeiro lugar. Similares medidas se toman en relación aos traballadores das empresas e comercios privados. Por orde da autoridade militar todos os traballadores que non acoden ao seu posto de traballo poderán suplidos por todo aquel que o solicite[652].

[650] Acta da CXMV do 26/07/1936, AMV, 70.1
[651] *Industrias Pesqueiras* (IP), 01/08/1936
[652] FDV, 27/07/1936

É precisamente, o intento de desbaratar a folga xeral que continúa activa, o principal cabalo de batalla das novas autoridades e non só municipais. Na reaparición do BOPP, o 27 de xullo tan só se tratan dous asuntos. Un de carácter administrativo –a suspensión de todos termos e prazos- e outro de carácter laboral.

> "Mañana sábado se abrirá en la Diputación una Oficina de colocación obrera, donde deben solicitar trabajo todos los obreros amantes del orden y de España, que no estuvieran trabajando el día 18 del actual. Al inscribirse dichos obreros, harán constar la clase de trabajo que desempeñaban."[653]

A medida, que en aparencia, parece un intento de loita contra o paro obreiro, non é máis que unha manobra para substituír aos traballadores en folga por traballadores quebra folga. "El lunes próximo, estarán trabajando todas las obras de la provincia con igual número de obreros que tenían el día 18 de actual, (…)"[654]. Complétase co intento de control de quen son eses obreiros que manteñen unha actitude de resistencia

> Los contratistas y maestros de obras darán dicho día, a las ocho de la mañana, cuenta de la Ofician de colocación obrera, de los obreros que no se hayan presentado al trabajo, los cuales quedan, desde luego, despedidos, y serán reemplazados por aquellos que figuren en la lista y que hayan solicitado trabajo en dicha Oficina de colocación."[655]

Pero a persistencia da folga xeral non só se pode rastrexar na acción institucional dos sublevados, tamén se pon a funcionar o seu aparello propagandístico coa misión de tentar restablecer a normalidade na situación laboral. Neste sentido, a propaganda céntrase en tres eidos.

En primeiro lugar, un chamamento directo aos obreiros para que deixando de lado aos seus líderes volvan ao traballo, asegurándolles que todas as medidas sociais que se acadaron na República continúan vixentes e mesmo que a sublevación faise para salvar á República. Introducen ou pretenden introducir un elemento de ruptura dividindo aos obreiros entre bos e malos traballadores, superando a división clasista entre obreiros e patróns, un discurso que a partir deste momento será constantemente divulgado, pero non xa só como un intento de que os traballadores se integren aos seus postos, senón como un punto fundamental do discurso, tanto falanxista como nacionalcatólico[656].

> [ao Exército sublevado] "no lo empuja una determinada clase social, sino que obedece al más noble y elevado fin de regenerar España, que vale tanto como decir pueblo. El Ejército español no distingue obreros de patronos: solo sabe de España y dentro de ella, de los españoles.
> No tema nadie, buenos ni malos (...)
> ¡Ni un paso atrás en el terreno de las conquistas sociales!
> ¡Ni un paso adelante en el terreno del desenfreno y de la subversión!"[657]

---

[653] BOPP, s/n, 27/07/1936.
[654] BOPP, s/n, 27/07/1936. Aínda que no texto citado menciónase concretamente o sector da construcción idénticas medidas se propoñen para o resto dos sectores no mesmo BOPP.
[655] BOPP, s/n, 27/07/1936. Aínda que no texto citado menciónase concretamente o sector da construcción idénticas medidas se propoñen para o resto dos sectores no mesmo BOPP.
[656] Bernal, Francisco, "Corporativismo y fascismo. Los sistema de relaciones laborales autoritarios en la Europa de entreguerras", *Hispania Nova*, núm. 15, 2017.
[657] Sánchez, Felipe, "Obrero, escucha", FDV, 27/07/1936

"(…) solo va encaminado a la defensa de la independencia de España (…) en defensa del orden, de la paz Interior y del obrerismo, librando a este de la tiranía soviética y del veneno que elementos extranjerizados inyectaron en una parte de las masas trabajadoras."[658]

En segundo lugar, igual que acontece coas novas normas para identificar e substituír aos traballadores en folga da industria e os servizos de carácter privado, no eido da administración pública organízanse unha serie de convocatorias para que o persoal ao seu servizo acuda coa intención teórica de realizar calquera tarefa que sexa necesaria. O sorprendente destas convocatorias é que o punto de concentración. Non son as sedes administrativas, senón a rúa, en concreto o parque do Areal, as 7 da mañá. As consecuencias de non acudir ao que presupoñemos que non é máis que un conteo de empregados públicos, será a "renuncia a su destino, [de] todo aquel que no se presente, (…) que será sustituido por los aspirantes a ingreso más antiguos"[659].

En terceiro lugar, os sublevados organizan partidas de propaganda nas que empregan altofalantes. Estas se desenvolverán no medio urbano, pero sobre todo no rural e parecen ter como misión contrarrestar as novas que aínda seguen chegando do fracaso da sublevación na maior parte do Estado e minar, así, a resistencia dos traballadores.

"Ayer circuló por las calles de nuestra ciudad una camioneta dotada de un aparato de Radio y provista de grandes letreros con inscripciones patrióticas.
Dicho vehículo iba conducido por elementos de la Comandancia Militar y su paso por las calles, tocando himnos patrióticos, (…)
Hoy saldrán otras dos camionetas que se dirigirán por los barrios extremos para dar a conocer las noticias verdaderas de la marcha triunfal del Ejército salvador de España (...)"[660]

Pero a situación non parece mellorar dun xeito significativo. O 28 de xullo a CXMV inicia a súa acción represiva contra aqueles empregados que manteñen a folga, o que nos denominamos depuración reactiva.

"Examinadas las listas de asistencia a los servicios por el personal del Ayuntamiento, y resultando que no obstante el llamamiento hecho a todo el personal del Ayuntamiento, a medio de la estación de radio local, para que sin excusa ni pretexto alguno acudiese el veintitrés del actual a prestar servicio y a firmar en las listas respectivas, no lo han hecho, reiterando su ausencia en los días sucesivos, el personal que se cita a continuación, la Comisión Gestora acordó darle de baja en las nóminas del Ayuntamiento, a partir del indicado día veintitrés del corriente."[661]

Nesta primeira avaliación da persistencia da folga xeral nos servizos municipais, a Xestora identifica oito servizos municipais en situación precaria con máis de 35 persoas que non acoden ao seu traballo dende a declaración da folga xeral o 20 de xullo. Esta lista irá engordando a medida que a Xestora tente organizar o traballo do concello. Hai un dato moi

[658] Editorial, FDV, 27/07/1936
[659] Hai constancia de dúas convocatorias deste tipo, a primeira xa o día 23 de xullo e a segunda o 28. FDV, 27/07/1936.
[660] EPG, 02/08/1936.
[661] Acta da sesión da CXMV do 28/07/1936, AMV, 70.1

significativo sobre desta primeira depuración reactiva. Algún das depuracións acordadas na sesión referida do 28 de xullo, son anunciadas con anterioridade ao acordo no FDV, concretamente o 25 de xullo, o que da boa mostra da autonomía e poder real da Comisión con respecto a determinados elementos, dende logo non militares, xa que dubidamos moito que a autoridade militar saiba quen é quen no cadro de persoal do Concello e mesmo que das empresas afectadas pola resistencia ou en calquera tipo de empresa.

Finalmente o 29 de xullo o BOPP publica o Bando do Estado de Guerra do Xefe da VIII Rexión Militar, o Xeneral Carlos Bosch y Bosch disolvendo todas as organizacións de carácter obreiro e prohibindo as súas reunións. O mesmo bando, incide de xeito especial na folga e no seu mantemento.

> Art. 2º Toda reunión de obreros, dependientes, empleados o similares, será considerada clandestina. Los contraventores de esta disposición, serán juzgados en Juicio Sumarísimo, siendo pasados por las Armas los que la hayan organizado y convocado, así como los que tomen parte activa en ellas.
> Art. 3º Los que conspiren, exciten o induzcan a la huelga y opongan resistencia para reanudar el trabajo, serán considerados igualmente como Autores de resistencia a la Autoridad, comprendiéndole las mismas penas que el artículo anterior.
> Art. 5º Las represalias que tengan lugar por la vuelta al trabajo de los obrerismo será también constitutivas del delito de resistencia a la Autoridad, y por ello serán castigados sus autores con pena de muerte, previo juicio sumarísimo"[662].

Dende a prensa se lle recorda aos traballadores que persisten na actitude de resistencia cales son a partir de agora as consecuencias dos seus actos para eles e para as súas familias.

> "(…) existen ciegos y sordos -aunque pocos- que se empeñan en no querer ver y en cerrar los oídos a las voces de la realidad, que proclaman, por fortuna para España, los hechos consumados (…) Solamente un calificativo muy suave queremos aplicar a esos ciegos y sordos: el de suicidas, con los consiguientes daños para ellos y sus familias."[663]

Baixo esta ameaza da pena de morte, os traballadores van volvendo pouco a pouco ao traballo e aínda que *Industrias Pesqueiras* afirma a metade de agosto que "NO está aun en actividad toda la flota, por causas agenas a las garantías de orden público, que son absolutas."[664], a realidade é que a situación é case normal a partir da volta ao traballo dos metalúrxicos entre o 2 e o 8 de agosto de 1936.

Así pois os primeiros momentos da sublevación a nivel local esta combinou dous tipos de acción. Por unha banda, desbaratar todo o entramado representativo das autoridades democráticas tomando posesión das institucións, no noso caso, o Concello, e pretendendo transmitir unha idea de normalidade. Estamos ante a conquista simbólica dos organismos do Estado a nivel local, simbólica porque a situación de inestabilidade que se vive nos primeiros momentos non lles permitiu ás autoridades suplantadoras exercer un control real da

662 BOPP núm. 199 do 29/07/1936
663 FDV, 30/07/1936
664 IP, 15/08/1936

institución, máis alá de constatar a súa paralización. Este control das institucións, tanto políticas como sociais, efectúase a partir do descabezamento, tanto do Concello como das organizacións civís, políticas e sindicais. A partir do 24 de xullo de 1936 a maioría dos líderes políticos locais atópanse ou detidos ou fuxidos, o mesmo ocorre cos líderes sindicais máis representativos. Pero ao mesmo tempo, as novas autoridades comezan simultaneamente a desenvolver unha actividade propagandista, a través dos medios de comunicación, cando estes volven á rúa, que reproduce as liñas de división que xa se empregaran nos períodos anteriores, aínda que a partir de agora radicalizadas. Quizais o elemento máis difundido nestes primeiros días é o estrañamento do inimigo, a desnacionalización de todos os resistentes. En terceiro lugar, e como paso previo ao desenvolvemento da nova organización tanto política como social dun xeito completo, as novas autoridades céntranse de destruír a resistencia que continúa dende o día 20 de xullo. Este é un punto determinante para cuestións de moito máis alcance no debate historiográfico polo que nos estenderemos un pouco sobre el.

A folga xeral foi declarada en Vigo o 20 de xullo e remata, esmagada polas medidas tomadas polos sublevados, entre o día 2 e o día 8 de agosto. Ou sexa, a resistencia, relativamente xeneralizada, dura na cidade e nos seus arrabaldes ao redor de 15 días. A conexión entre os líderes sindicais e o conxunto de traballadores que secundan a folga queda rota como moi tarde o día 23 de xullo, e aínda así esta dura 12 días máis. Pero a opción que os antifascistas elixiron, ante o fracaso dos intentos de respaldo das institucións republicanas a unha acción armada, que características ten?

Ate o golpe de estado, exceptuando o seu emprego como freo á *Sanjurjada*, a folga xeral garda unha estreira relación coa loita "por unas mejores condiciones de vida; (...) por la extensión y ampliación de las libertades políticas", pero non como freo a un golpe militar armado, cando menos no caso español[665]. Tampouco a folga xeral proposta fronte ao golpe de estado era unha folga de características violentas, unha folga insurreccional típica. Pero indubidablemente, como folga, estamos ante un tipo de acción de "non facer", ou sexa, simplemente, en sentido estrito, non traballar. Certo é que na maior parte deste tipo de accións, este "non facer", este non acudir ao traballo, compleméntase coa toma do espazo público polos traballadores en folga en demanda dunha serie de reivindicacións, isto evidentemente non se produce en Vigo entre o día 24 e o dia 5 de agosto, pero si entre o 20 e 23 e de forma armada. Pero non se produce como demostración dunha pasividade cómplice, senón que a partir do 23 de xullo resulta materialmente imposible, non só pola derrota armada, senón tamén pola presenza nese espazo público de forzas armadas militares e paramilitares que o impiden. Que queda entón despois desta imposibilidade de que a folga se manifeste no espazo público? A súa definición estrita, o "non facer", isto é, unha resposta pasiva, esa é a resistencia. Precisamente, a resposta máis temida despois da resposta armada por unha novas autoridades que van basear o seu poder, ademais de na forza das armas, na mobilización dos cidadáns.

Esta mobilización cidadán se sitúa no cerne da cultura da vitoria. A construción dun sentimento de común pertenza identitaria a través da mobilización de masas[666]. Esta facilitou, en opinión de moitos, a adhesión masiva de extensos colectivos sociais a través dos espazos

[665] Bonamusa, Francesc, "Introducción", Dosier "La Huelga General", *Ayer*, núm. 4, 1991.
[666] Sevillano, Francisco, *El cultura de guerra del <<nuevo Estado>>...*" p. 10.

públicos como canles de comunicación bidireccional entre os cidadáns e o Estado[667]. Así as cousas, esa posición final de "non facer" atacaba a esencia do que ía ser o novo Estado. Estamos ante unha visión onde a falla de mobilización, a pasividade, comunmente analizada como aquiescencia, pasa a ser vista como un elemento máis de resistencia. Unha posición que nos remite, directamente, ás resistencias cotiáns, as famosas armas do débil de Scott[668]: non é que a pasividade, o "non facer", non sexa resistencia, non é que non sexa loita, é que é unha loita e unha resistencia adaptada ás posibilidades do momento concreto.

[667] Rodríguez González, Javier, " A implantación da ditadura franquista. A represión e os procesos de control social" en Grandío, Emilio (ed), *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerre Civil (1936-1939)*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2011, p. 32 e Hernández Burgos, Claudio, *Granada azual*...p. 51

[668] Scott, James, *Los dominados y el arte de la resistencia*, Pamplona, Txalaparta, 2003

7. A CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESPAÑA.

O 19 de maio de 1939 celébrase en Madrid o desfile da vitoria, tres anos de guerra tiñan rematado o 2 de abril dese ano. Pero no discurso que pronuncia o máximo triunfador da contenta, Franco, afirma:

> "No nos hagamos ilusiones: el espíritu judaico que permitía la alianza del gran capital con el marxismo, que sabe tanto de pactos con la revolución anti-española, no se extirpa en un día, y aletea en el fondo de nuestras conciencias"[669]

En realidade non houbo que agardar ao remate da guerra para que as novas autoridades puxeran todos os medios necesarios para acometer a obra de extirpación dos "malos" españois e de modificación das conciencias contaminadas, na versión máis suave das liñas de división, que se agudizan ao producirse o golpe de Estado, e que na súa versión máis radical fará unha diferencia máis básica aínda, entre os humanos e os non humanos.

> "He ahí el nudo del problema de la llamada lucha de clases: la credulidad infantil del pueblo. (…) Cuando mayor sea [o engano], tanto mejor penetra en la mente del pueblo. (…)
> [e] "(…) un hombre no puede sentirse íntegramente humano hasta que posee la verdad."[670]

Serán aqueles territorios onde a sublevación trunfe inmediatamente ou ás poucas semanas, onde o plan de transformación das conciencias constitúa unha avanzada do que máis tarde, e a medida que novos territorios sexan incorporados á zona rebelde, se irá producindo no conxunto do Estado español. Este "experimento" prodúcese nas retagardas, e tal e como recoñecía pasado o tempo o vitorioso *Caudillo*, non só se tratou dunha serie de modificacións máis ou menos profundas dentro da estrutura política e administrativa do Estado, senón que se buscou extirpar das conciencias os xermolos que durante un longo período, moito máis que o quinquenio republicano, aniñaran nos miolos dos españois.

Para unha misión tan ambiciosa precisábase unhas ambiciosas políticas. Medios que comezan a poñer en práctica aos poucos días da sublevación. Os primeiros en sufrilos foron os representantes das institucións democráticas, nunha manobra de descabezamento institucional, e ao tempo deles os líderes políticos e sindicais naturais de cada unha das poboacións nas que a sublevación saíu vitoriosa. Ocupadas as institucións democráticas e os líderes encadeados, asasinados ou fuxidos, lanzáronse contra calquera síntoma de resistencia, e cando esta estivo sufocada, comezaron a construción da nova España. Esta construción tivo que facerse, forzosamente, sobre un corpo social de apoio, e este corpo social, esta comunidade nacional, construíuse a partir das liñas de división que previamente á sublevación xa se había introducido de xeito masivo na sociedade. Nos primeiros discursos despois do golpe, os sublevados e os seus apoios iniciais, desenvolveron unha enorme campaña a través dos dous medios de masas máis importantes da época, -a prensa e a radio- para, reforzando as

669 Franco, Francisco, *Palabras del Caudillo, 19 de abril de 1937-7 de diciembre de 1942*, Madrid, Ediciones de la Vicesecretaría de Educación Popular, 1942, p. 102
670 "La credulidad del pueblo", editorial, EPG, 01/08/1936.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

liñas de división, incidir na definición, en negativo, de quen formaba parte da nova comunidade nacional. O exército non

> "(…) se levanta contra el régimen, ¡Viva la República!, se levanta contra un Gobierno inepto, cobarde y vil, que en lugar de llamar en su apoyo al noble Ejército español y a los ciudadanos siempre dispuestos al mayor sacrificio en bien de la patria, ha llamado para su apoyo a las hordas salvajes cuyos cobardes dirigentes solo saben embaucar a honrados trabajadores, dejándoles abandonados a su propio esfuerzo, después de haberles explotado inicuamente."[671]

O discurso representa unha realidade dual: o ben e o mal. O ben, o exército e os cidadáns, fronte a unha categoría indivisible o mal, o goberno republicano e quen o apoia, as hordas salvaxes e aqueles traballadores que, honrados, foron enganados. Sobre esta base, a do ben, -exército e cidadáns- construirase a nova sociedade. Este discurso non será estático e presentará unha serie de modificacións no transcurso da guerra e sempre en función das necesidades políticas dos sublevados. Así un dos elementos que máis rapidamente pasan a integrarse no discurso performativo é transcendencia da sublevación, que non só supón un freo ás hordas salvaxes que aniñan en España, senón que supón o primeiro chanzo de rebeldía da civilización occidental fronte a esas hordas que agora pasan a proceder de oriente, en contraposición á civilización occidental.

> "Tenemos el orgullo de ser la primera nación que defiende la civilización occidental, amenazada por las ideas disolventes de oriente."[672]

Evidentemente, si a xustificación da sublevación é a loita contra hordas disolventes orientais, a idea de reconquista fronte ao oriental, ao invasor, adquiriu un papel de primeiro orde na construción do discurso. E esta idea da reconquista, de nova reconquista, creouse vencellada á independencia nacional.

> "La defensa de la independencia nacional y de la esencia católica inherente a la propia personalidad de la nación, supuestamente en peligro de desaparecer por los intentos de convertir a España en una <<colonia rusa>> con el apoyo de traidores internos y la llegada de <<agentes internacionales>> que propagaban valores antiespañoles, constituían incluso motivos suficientes, a ojos de los intelectuales orgánicos de la rebelión"[673]

Ao mesmo tempo que se formula a idea da nova reconquista esta aparece unida de xeito automático a referencia á Cruzada. Como a primeira reconquista contra os invasores musulmáns, agora se produce unha nova reconquista, unha nova Cruzada contra os novos inimigos de España definidos previamente[674]. Entre estes ocupará, tamén, un lugar especial na propaganda xustificadora, a loita pola independencia contra os franceses. Esta idea, nos primeiros momentos da sublevación lévase ao extremo negándose, incluso, o carácter de

---

671 Alocución radiofónica do Comandante da Praza de Vigo, Felipe Sánchez, do 26 de xullo de 1936, reproducida en FDV, 27/07/1936

672 Declaracións de Francisco Franco a Reuters en agosto de 1936. Reproducidas en EPG, 04/08/1936.

673 Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...*, p. 181

674 Demostra a importancia desta construción da sublevación como cruzada que incluso na prensa, en concreto o FDV, aparece unha sección de novas, as novas que proveñen de Burgos e que dende o 15 de agosto de 1936, que pasan a titularse como "Desde la capital de la Reconquista Española".

guerra civil como elemento definitorio, para situala exclusivamente como unha guerra de independencia.

"No se engañe nadie. Que nadie vea en esta hora una guerra civil porque no existe tal guerra. Nosotros no luchamos hermanos contra hermanos –que eso es la guerra civil- sino que luchamos españoles contra rusos; españoles contra aventureros internacionales que han querido tomar nuestro suelo, el suelo de ESPAÑA, por campo de experimentación para arraigar en el mundo el poder de su barbarie asiática.

No. No vive España una guerra civil. Vive España una guerra de independencia"[675].

Todos estes elementos forza concrétanse na idea da loita contra los elementos disolventes orientais e os seus aliados externos e internos en defensa da patria española. Unha patria española que

"(…) no sólo se concibe como una entidad histórica y moral eterna sino también como la expresión de una jerarquía social de carácter natural sin la cual ni la patria ni la religión existen, y de la que la bestia criminal que anida en las clases sociales inferiores emerge sedienta de sangre y de sexo."[676]

Precisamente será este idea de patria o elemento máis definitorio dos sublevados que ademais terá a capacidade de erixirse nun punto de encontro entre todas as faccións da coalición rebelde[677]. A de patria será completada, nos primeiros momentos dun xeito tímido, coa defensa da cristiandade.

Ahora en el mundo se observa el acto de España, por la decisión gloriosa y la gesta heroica. Así los bizarros soldados de España interponen un infranqueable valladar a la ambición comunista, para salvar a España –y a Europa- de una negra amenaza. Y con ello también se ayuda a salvar la civilización cristiana y occidental, como nos refiere el gran Unamuno en su reciente discurso, que es derrotar a los dictados de Oriente y elevar sobre su solio a la inteligencia para estar sobre el instinto.

(…) Pero lo que más sobresale, lo que más se distingue en este reconquista, es la unidad de anhelo por una España de todos, grande e imperecedera."[678]

[675] Sigüenza, Julio, "Por las rutas imperiales", EPG, 18/09/1936. Julio, redactor xefe do EPG en setembro de 1936 é un deses homes cun pasado cercano nada asumible por unha parte das novas autoridades: vogal presidente da Sección de Arte, Cultura e Fala do Grupo Galeguista de Vigo en 1932 (EPG, 09/12/1932) e membro do Comité Pro Olimpiada Popular de Vigo, sección prensa en xullo de 1936. Dende o día 20 de xullo presta a súa pluma e a súa voz para facer propaganda do golpe, o que non lle serve para conservar o seu emprego no xornal no momento en que se produce o traspaso da administración militar do xornal a FE-JONS en xaneiro de 1937. O anuncio do seu despedimento farase público cunha nota no mesmo xornal bastante clarificadora: "Ha dejado de pertenecer a nuestra Redacción el que hasta ahora fue redactor-jefe de EL PUEBLO GALLEGO, don Julio Sigüenza.

Al dar publicidad a esta determinación nos creemos relevados de consignar explicación alguna, que nuestros lectores y su probada discreción no precisan de ella" (EPG, 12/01/1937). As magníficas relacións de Julio coas autoridades militares e a súa nova misión propagandística, foran posiblemente, razón suficiente para conservar o seu traballo ate xaneiro de 1937. Estas magníficas relacións cos militares sublevados reflíctiranse, tamén, na comida de despedida e honra que lle organiza, dias despois, o que fora administrador militar do xornal, Carlos González Simeoni (EPG, 12/01/1937).

[676] Cazorla Sánchez, Antonio, "Patria mártir: los españoles…", p. 295.

[677] Nuñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...*, p. 186.

[678] Méndez Rodríguez, Gabriel, "España cambia su faz" en FDV, 07/08/1936. Gabriel Méndez Rodríguez é un destacado socio da AMC.

Esta aparición, tímida, da relixión como un factor desencadéante da sublevación converterase, pouco a pouco, nun elemento de primeiro orde xustificador tanto da sublevación como da posterior guerra, relacionando a idea de reconquista co carácter cristián da mesma[679].

> "Hace medio año que estamos empeñados los hijos del Apóstol Santiago en una guerra religiosa y patriótica, de la misma transcendencia que aquella que comenzó en Covadonga y terminó en los muros de Granada.
> (…)
> ¡Lástima grande que tengamos que explicarle al mundo civilizado que estos no es un pronunciamiento militar, ni una guerra civil, ni una lucha de clases! (…) ¡El caso de España!"[680]

Pero todos estes elementos combinados non tiñan como misión exclusiva a simple xustificación da sublevación, senón que se puxeron en marcha como un discurso onde fundamentar a existencia do que debería ser a nación española. Para que os discursos sexan ou poidan ser asumidos con maior facilidade e eficacia pola poboación necesitouse dous feitos imprescindibles. O primeiro, tempo. Consonte con esta necesidade de tempo, Franco non quixo

> "(…) ejecutar golpes estratégicos rápidos por ser apropiados sólo para una guerra contra un enemigo exterior. Hablando de las ciudades y el campo que ya han sido ocupados, pero aún no han sido redimidos, declaró (…): 'Debemos realizar la tarea, necesariamente lenta, de redención y pacificación, sin la cual la ocupación militar sería totalmente inútil. La redención moral de las zonas ocupadas será larga y difícil, porque en España las raíces del anarquismo son antiguas y profundas"[681]

O segundo, a construción simbólica de todos os elementos que van a ser capitais nesa nova España. Estes novos ou renovados símbolos deberían ter a capacidade de crear identidades, axudar nos procesos de nacionalización e lexitimación do novo estado. Pero os símbolos non só posúen esta capacidade, senón que tamén outorgan capacidade de mobilización "y catalizadora de emociones patrióticas"[682]. Estas emociones patrióticas están intimamente ligadas á negación do feito político da nación e á súa conversión en feito emocional[683].

É precisamente a necesidade ou a intención de provocar a mobilización social no marco da construción da nova sociedade unha das ideas sobre a que existe un consenso máis importante sobre o estudo do franquismo. Non obstante, as actitudes que os cidadáns toman ante esta "necesidade" de mobilización por parte das autoridades do novo réxime e a análise destas actitudes, si ocasionan debate. Ben é certo que parece que ultimamente tense asumido un papel relativamente colaboracionista en amplas capas da sociedade.

---

679 Núñez Seixas, Xosé M., *¡Fuera el invasor!...*, pp.187-189.

680 "Exhortación pastoral con motivo del Año Santo jubilar del Apóstol Santiago, Patrón de España", polo Arcebispo de Compostela, Tomás Muñiz, EPG, 01/01/1937. Sobre este tema, é imprescindible, Rodríguez Lago, Jose Ramón, *Cruzados o herejes: la religión, la Iglesia y los católicos en la Galicia de la Guerra Civil*, Vigo, Nigratrea, 2013.

681 Preston, Paul, "Franco y la represión: la venganza del justiciero" en Navajas, Carlos e Iturriaga, Diego (eds), *Novísima, Actas del II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, Logroño, Universidad de La Rioja, 2007, p. 60.

682 Serrano, Carlos, "Introducción. ¿Por qué importan los símbolos nacionales?" en Moreno Luzón, Javier e Núñez Seixas, Xosé M., *Los colores de la patria. Símbolos nacionales en la España contemporánea*, Madrid, Tecnos, 2017, p. 18 e 22

683 Molina Aparicio, Fernando, "<<La reconstrucción de la nación>>…" p. 29

"La dificultad de calibrar las actitudes de los ciudadanos bajo una dictadura como la franquista y la constatación de la heterogeneidad de las mismas, no tiene que ser obstáculo para reconocer que buena parte de la sociedad española no permaneció pasiva. (...) Es en este escenario en el que se debe entender que buena parte de los españoles fueron más allá del mero consentimiento, más allá de la obtención de beneficios personales, del miedo, o de la propia supervivencia y mostraron una colaboración, más o menos sólida, con el <<nuevo>> régimen."[684]

En suma, o "Estado, a través de su modo de proceder (…) demanda, estimula, sugiere (…)", mobiliza ou pretende mobilizar á poboación[685]. Pola contra a poboación non segue un manual para responder a estas demandas, senón que se comporta, moitas veces de xeito equívoco. Incluso os representantes locais dese Estado tampouco actúan exactamente seguindo un punto por punto un manual polo que a súa actuación tamén pode estar afectada, e de feito como vermos ao longo deste capítulo o está, por esa incoherencia.

Neste capítulo analizaremos esas demandas de mobilización das novas estruturas estatais que van construíndo os sublevados e como responde a poboación a elas. Partimos para esta análise dunha idea que pensamos xa temos desenvolvida nas páxinas precedentes. Esta idea non é outra que, si as demandas do Estado ou das estruturas estatais previas, pretenden a mobilización dos cidadáns porque resulta imprescindible para a creación da súa nova comunidade nacional, a pasividade, ou sexa, a non mobilización, debería interpretarse como resistencia, intencional ou non intencionalmente. Ao mesmo tempo, a pasividade como un acto de non facer nos remite directamente ao xeito de resistencia que forzosamente asumen os cidadáns e máis concretamente amplas capas dos traballadores da primeira parte da fase da sublevación golpista. Dende o noso punto de vista, non se pode asumir a pasividade nun contexto de demanda de mobilización por parte das novas autoridades como aceptación implícita. Tampouco se debería caer en xeneralizacións con escasa ou nula base empírica.

"Con un fusil en una trinchera, mediante la denuncia de un vecino en el cuartel de la Guardia Civil, participando en una suscripción en favor del ejército franquista o a través de la asistencia entusiástica a los actos y desfiles, muchos españoles prestaron su apoyo al franquismo."[686]

Francisco J. Leira Castiñeira demostrou no seu *Soldados de Franco* que unha gran parte dos soldados mobilizados non combateron por cuestións ideolóxicas ou políticas ou que a presenza de combatentes "cambiados de bando" foi relativamente normal, incluso a presentación como voluntario para a fronte debe ser vista, en ocasións, como unha estratexia de supervivencia; Xabier Buxeiro mostrounos na súa tese como ese "síndrome delator" non era tal e as persoas que participaron desta práctica foron unha excepción[687], algo que xa apuntaba hai máis de 10 anos Nacho Moreno na súa aproximación ao estudo da aplicación da Lei de Responsabilidades Políticas en Aragón[688]. Sobre as participacións, resulta evidente

684 Hernández Burgos, Claudio, *Granada azul…* pp. 12-13

685 Cabana, Ana e Hernández Burgos, Claudio, "Lidiar con el franquismo cotidiano. El concepto de Eigen-Sinn y las interacciones sociales en el contexto de una dictadura", *Ayer*, núm. 133, 2024, p. 145

686 Hernández Burgos, Claudio, *Granada azul…* p. 53.

687 Bruxeiro, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia…*

688 Moreno, Nacho, "<<Por el bien de la Patria y de la Justicia>>. Denuncias e informes de las autoridades aragonesas" en Casanova, Julián e Cenarro, Ángela (eds), *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936-1945)*, Barcelona, Editorial Planeta, 2014.

que, en sentido estrito, son formas de colaboración, pero para avalialas, tal vez, sexa máis interesante e definitorio poñelas en relación directa coas non participacións -algo que faremos neste capítulo- ou incluso, e na medida das posibilidades que as fontes ofrecen, aproximarnos aos seus porqués, algo que tamén faremos aquí. Por último, que difícil, máis aló da retórica, é escudriñar asistencias entusiásticas para conferirlles valor probatorio de calquera cousa, sobre todo cando estas se mostran sobre un papel.

Este capítulo no que tratamos a construción da nova sociedade franquista está dividido en cinco partes. En primeiro lugar trataremos sobre a eliminación física do inimigo político, cales son os seus ritmos, quen son os asasinados e quen non o son. En base a isto facemos unha proposta de reflexión teórica sobre os elementos definitorios deste proceso de eliminación. En segundo lugar, analizaremos como os símbolos creados polos emprendedores políticos da sublevación adáptanse ao ámbito concreto de estudo. Tamén veremos como son e como funcionan as canles de transmisión deste novo universo simbólico a través da modificación da vida cotiá que impoñen os sublevados. Seguiremos en terceiro lugar, coa exposición e análise do proceso de mobilización social máis importante que se vive na cidade, as subscricións patrióticas. Analizase todo o proceso, dende quen participa, como o fai, cal son as subscricións elixidas, canto se subscribe… esta análise permítenos ofrecer unha foto de cal é o nivel de participación da sociedade nos engrenaxes iniciais do novo réxime. En cuarto lugar, analizamos como evoluciona ao longo do conflito a organización de masas por excelencia do franquismo, a FE-JONS e posteriormente a FET-JONS. Esta evolución ponse en relación coas outras organizacións que participan da sublevación, tanto previas, as JAP, como posteriores, a GCV. Cales son os seus ritmos de crecemento, cales os atrancos cos que atopa, quen son os seus integrantes, cal é a porcentaxe de antigos republicanos entre as súas filas. En quinto lugar, faise unha análise da xestión do poder municipal dende o golpe de estado. Falaremos das políticas desenvolvidas, de que son e a que sectores representan os xestores. Analizaremos, tamén, os procesos de depuración, o primeiro que xa temos definido como reactivo e o segundo que activo.

7.1. A ELIMINACIÓN DO INIMIGO POLÍTICO

As "necesidades" dunha sublevación militar levan aparelladas o sometemento o máis rápido posible das estruturas de poder do goberno que se dispón a derrogar. Con esta idea de partida podemos afirmar, que a violencia que dende o primeiro día da sublevación se exerce sobre a sociedade republicana non é evolución da violencia previa. Na análise que temos feita desta violencia previa, obsérvase como é froito dun proceso de trazado de liñas de división na sociedade que se acrecenta en período electoral e se radicaliza coa derrota das dereitas. Este acrecentamento é consecuencia dos intentos da toma do poder por parte dos emprendedores políticos das dereitas, pero non se busca unha toma do poder a través da violencia dun xeito inmediato, senón que se busca propiciar un movemento que sexa quen de tomar o poder. É unha violencia que busca producir violencia. Ao mesmo tempo, a extensión e posterior radicalización das liñas de división tamén incide na creación dun novo marco referencial que posibilitase a aplicación de violencia sobre aqueles sectores que se sitúan doutro lado da divisoria marcada. A violencia previa ao golpe é unha preparación. Unha preparación na que se buscaba, en concreto

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"(…) magnificar la incertidumbre, polarizar a los participantes y reforzar las líneas de división. La polarización misma (…) aumenta la propensión de todos los participantes en la interacción a emplear medios violentos".[689]

Non obstante, é o fracaso desta política desenvolvida polos emprendedores políticos da dereita, a que provoca a derrota nas eleccións de febreiro de 1936 e posteriormente, esgotada a saída posibilista, xustifica e promove unha acción de violencia, o golpe de estado. É nese momento cando a toma violenta do poder apoiase no trazado de divisorias que viñan situando ao opoñente político como un elemento alleo á vida "nacional", como un inimigo. A violencia xurdida a partir do golpe, de natureza distinta, aséntase tamén nunha especie de segunda fase do activado das liñas de división caracterizada polo brusco descenso da permeabilidade da liña e o aumento da exixencia da divisoria. Consecuentemente, o *liminar de mediación*[690] desaparece ao tempo que as divisorias se reforzaban máis e máis. Esta desaparición do *liminar de mediación* e impermeabilidade das liñas de división, teñen como resultado último a normalización da acción violenta. A percepción de amplas capas da sociedade destes elementos posibilitará que individuos que son alleos ou que non necesariamente pertencen ao aparello para estatal que os sublevados construirán, participen de xeito normalizado no asasinato en masa.

Pero aínda non estamos aí, estamos no punto de inicio, na necesidade militar de controlar, neutralizar e destruír o aparello representativo do Estado democrático. A opción elixida para lograr este fin foi brutal[691]. Neste sentido as famosas instrucións do director do movemento son claras: a eliminación inmediata de todas aquelas autoridades civís e militantes que lle puideran facer fronte. Este é un xeito de proceder que se da en todo o Estado español naquelas vilas e cidades onde trunfa o golpe. A celeridade que ofrecen os xuízos sumarísimos e o absoluto control por parte das autoridades militantes de todo o proceso os converteron

"(…) na máis eficaz arma no arsenal dos sublevados, explotando a indefensión das persoas procesadas ata límites nunca vistos ata entón, xa non polo seu carácter masivo ou dimensión política, senón polo fondo eliminacionista da súa natureza."[692]

[689] Tilly, Charles, *Violencia…* p. 231.

[690] Beriain emprega o concepto liminar de mediación como o punto de contacto entre o interior (dunha sociedade tradicional) <<puro>> e o exterior <<impuro>>. Beriain, Josetxo, "Introducción: modernidad, barbarie…" p. 8.

[691] Resulta sedutora a idea do emprego do concepto de brutalización, pero asumindo as críticas que xa se lle teñen feito e das que dimos conta noutro capítulo da presente investigación. Tendo en conta isto, o concepto de brutalización podería ser empregado non para o conxunto dos combatentes da guerra de África, senón para un sector específico da oficialidade de exército, entre os que se atopa o autor das famosas instruccións, o Xeneral Mola. Pensamos que pode ser un camino interesante por percorrer, en todo caso a visión da brutalización como un proceso "vivivencial" habería que engadirlle, na nosa opinión, a análise de cómo esa experiencia brutal con "barbaros" se traspasa a nacionais, e este, non é un asunto vivivencial, é un asunto de creación política previa, das liñas de división. Dende logo non é unha posición dunhas poucas persoas ou dun líder carismático, senón un proceso social. En todo caso cómpre afastarse das explicacións míticas, tipo "*Las declaraciones de Sanjurjo al diario pacense La Libertad, donde anunció que <<en un rincón de la provincia de Badajoz hay un foco rifeño>>, instigaron la matanza de Arnedo y alimentaron en ciertos cuerpos policiales la visión del proletariado español como un enemigo exterior suscepctible de ser exterminado*" (González Calleja, Eduardo, "Experiencia de combate. Continuidad y cambios en la violencia represiva (1931-1939)", *Ayer*, núm. 76, 2009, p. 43). Que poder de convicción tiña o Xeneral!!

[692] Cidrás Fuentes, Aldara, *A xudicialización da violencia golpista…* p. 352.

Con esta arma de carácter militar, os sublevados centráronse nunha primeira etapa nese obxectivo inmediato, o descabezamento das estruturas de poder republicanas[693]. Pero non só, dentro destas estruturas de poder atopábanse, tamén, as organizacións sociais e os seus líderes. É certo que nunha primeira fase, non todos estes líderes están nas súas mans, pero si existe un importante número que si o están. No caso de Vigo estes serán, principalmente, dirixentes socialistas. Con toda seguridade, nestes primeiros momentos, tal e como parecen demostrar as súas intervencións nos consellos de guerra,

> "(…) a idea de que as persoas que sufriron a violencia explarizante golpista endexamais imaxinaron o que lles haberia de ocorrer, por que só unha minoría deles tería fuxido trala declaración do golpe de Estado." [694]

Aínda que pensamos que esta afirmación é absolutamente pertinente e atinada, tamén pensamos que non é xeneralizable e como veremos máis adiante non é aplicable en todos os casos. De feito, a permanencia nos postos de traballo en sectores produtivos concretos fronte á fuxida, orixinou un índice de supervivencia moi superior á opción contraria, combinada, iso si, con outro tipo de estratexias ou mesmo con circunstancias non previstas inicialmente que fixeron maximizar as posibilidades de salvación en determinados casos. Isto nos remite a unha consideración, a complexidade pola aleatoriedade do proceso, fai pouco consistentes as construcións teóricas de carácter xeral, inclinándonos por unha serie de interpretacións "<<descentrada(s)>> y fragmentada(s), que ayude a complejizar el paisaje"[695]. Tal e como nos recordaban Gutmaro Gómez e Alejandro Pérez-Olivares, "si en algo ha estado de acuerdo la historiografía ultimamente ha sido en desistir de pensar la violencia como categoría uniforme"[696].

[693] Non nos estamos a referir a unha primeira etapa caracterizada pola preminencia dos asasinatos legais sobre os simples asasinatos, senón no que consideramos un primeiro paso represivo, a rápida eliminación dos represesantes institucionais de carácter legal.

[694] Cidrás Fuentes, Aldara, *A xudicialización da violencia golpista*…p. 348
Quizáis o máis paradigmático en Vigo sexa o caso do Alcalde de Lavadores, José Antela Conde. José fuxe antes de que a sublevación teñan trunfado en Lavadores e se agocha no monte ate o 31 de xullo, momento no que acode á casa do crego da parroquia de Cabral ao que lle solicita que o acompañe a entregarse. O crego dille que é mellor agardar ao día seguinte, xa que ese día era domingo e lle da pousada, antes de acompañalo o 1 de agosto e entregarse, 26 días despois será fusilado. Causa 140/1936, AIMN.

[695] Hernández Burgos, Claudio, "Donde el miedo habita: el funcionamiento cotidiano de la represión franquista (1936-1951)" en Míguez Macho, Antonio (ed), *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia del franquismo a la dictadura argentina*, Granada, Comares, 2016, 43

[696] Gómez Bravo, Gutmaro e Pérez-Olivares, Alejandro, "Las lógicas de la violencia en la Guerra Civil: balance y perspectivas historiográficas" en *Stud. Hist. Hª cont.*, núm. 32, 2014, p. 254.

Gráfico 13

Ritmo de fusilamentos para o conxunto VIgo-Lavadores



Elaboración propia a partir dos datos do Proxecto Nomes e Voces e dos datos da base de propia

O Gráfico 13[697] parece amosar como o recurso ao fusilamento como consecuencia de sentenza de Consello de Guerra foi empregado aparentemente como xeito normal de eliminación da hipotética resistencia ao golpe e descabezamento das institucións democráticas locais. Unha vez que este se consolida o seu emprego é marxinal, o que volve a incidir na utilidade que se lle deu a este recurso institucional como medio represivo de carácter inmediato, como unha consigna seguida froito dunha planificación previa. Pero isto non é totalmente certo. O fusilamento, o medio "legal" represivo empregado, exerceuse simultaneamente co asasinato paralegal, sen unha aparente mestura duns e outros. De feito o recurso empregado de xeito preferente, independentemente do marco temporal, agás o mes de xullo de 1936 –e descontando ás persoas que resultan mortas como consecuencia dos combates armados cos sublevados-, foi o asasinato paralegal, tal e como o demostra o Gráfico 14. Así, pódese afirmar que non é certo que exista unha sucesión temporal no emprego dos recursos represivos, senón que o asasinato paralegal primou en todo momento. Unha das principais

[697] Como se pode ver na gráfica existen diferenzas en canto as datos optidos do Proxecto Nomes e Voces e os que resultan da nosa investigación. Non obstante, as diferenzas son mínimas e non reflicten diferenzas na posible interpretación dos feitos. De feito o número de fusilados no Proxecto, tanto os que foron asesinados en Galiza como fora dela e que tiñan veciñanza en Vigo, é de 57, mentras que nós rastrexamos 65. As 8 persoas a maiores que a nos nos constan fusiladas son: Antonio Acuña Lmas, militante de IR, fusilado o 17 de febreiro de 1937 en Pontevedra; Eduardo Araujo Pérez, presidente do SM da UGT e militante comunista (non consta o lugar nin a data de fusilamento); Joaquín Domínguez Martínez, soldado de reemprazo no Rexemento Mérida núm. 35, fusilado o 28 de outubro de 1936; José Gallego Nogueira, empregado municipal de Vigo, fusilado o 27 de xullo de 1936 en Pontevedra; Manuel Graciano Araujo, confiteiro, militante da CNT, preso nun primeiro momento no campo de concentración de San Simón e fusilado en decembro de 1936; Generoso Longa Faramiñan, mecánico militante das JSU, xulgado por rebelión o seu caso quedou sobreseído, pasándose a zona leal, detido intentando fuxir a Francia foi xulgado en Xixón e fusilado o 14 de febreiro de 1938; Agustín Prieto Balsa, mariñeiro dirixente do SIP, xulgado por rebelión militar e fusilado o 27 de agosto de 1936; Teresa Rodas Cordeiro e fusilada o 6 de agosto de 1936 no Castelo do Castro. A maiores existe tamén algún caso no que as datas do seu asasinato non son coincidentes. Estas son as razón da diverxencia apreciada na gráfica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

diferenzas que no seu día sinalou, entre outros, Julio Prada[698], a xustificación do feito, do asasinato, isto é a apertura dun proceso cunhas características supostamente legais e garantistas, aínda que estas nunca existirán, foi en realidade un medio represivo excepcional. Esta diferenza entre os asasinatos amparados institucionalmente e os alegais e a súa periodización, primeiro os alegais e posteriormente un suposto intento de control por parte das autoridades sublevadas, deu orixe ou sustentaba a hipótese da chamada "violencia en quente". Á vista destes datos queda totalmente desbotada tal hipótese, e polo tanto, tamén a consideración da violencia paralegal como previa e despois simultánea aos asasinatos legais tal e como tamén afirmaba no seu momento Prada[699].

Sobre a primacía duns e outros a nivel porcentual, o conxunto Vigo-Lavadores, supón unha excepción á media dos fusilamentos en relación ao conxunto de asasinados. Si esta foi no conxunto de Galiza un 31,14 %, para a nosa área de estudo supuxo tan só 17,90 %[700] Esta porcentaxe sensiblemente inferior ao conxunto de Galiza ten que ver coa escasa presenza de militares na cidade, sobre todo en relación con outras como Ferrol, A Coruña e Pontevedra. A cativeza da dotación militar viguesa (non chegaba a 120 persoas) fixo que a presenza de militares legais, vítimas case inmediatas do golpe, fora mínima, de aí a diferenza porcentual co conxunto de Galiza.

Gráfico 14
Comparación temporal número de fusilados-número de paseados. Vigo-Lavadores

Elaboración propia a partir da base de datos creadas na investigación

Pero unha vez constatada a simultaneidade dos asasinatos legais e os paralegais, xurde a pregunta fundamental, porqué unhas veces, as menos en Vigo-Lavadores, emprégase o asasinato legal e outras o paralegal? Para responder a esta pregunta aínda temos que seguir

698 Prada, Julio, "Memoria "Da longa noite de pedra" La represión franquista en Ourense (1936-1939), *Historia Actual On Line*, núm 4, 2004, p. 132

699 "Nuestra propuesta de referirnos a una represión de naturaleza paralegal tiene la ventaja de señalar la existencia de unas determinadas manifestaciones represivas que preceden y coexisten al aldo de otras de naturaleza institucionalizada, justificada o normativizada sin mezclarse con ellas (…), Prada, Julio, "Memoria "Da longa noite de pedra"…", p. 132

700 A media para Galiza mantense para a provincia de Lugo e para A Mariña segundo o explica Bruxeiro na súa tese de doutoramento. Buxeiro, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia*... p. 202.

indagando nas vítimas. Para demostrar que este recurso, o asasinto legal, foi empregado para paralizar as estruturas de poder locais da República non basta cunha representación temporal do seu emprego, senón hai que relacionalo coa identificación dos fusilados. No Gráfico 15 ofrecemos un achegamento a quen son estas persoas fusiladas dende unha perspectiva laboral a través dos datos que se ofrece no Proxecto Voces e Nomes. Como o que se trata de demostrar é a incidencia dos fusilamentos sobre o persoal que ocupa as estruturas de poder local republicano, fíxose unha clasificación mixta. Por unha banda, saliéntase estes cargos institucionais –concelleiros, deputados, ex deputados-, por outra banda, a clasificación empregada salienta a relación cos medios de produción do fusilado para visualizar cal foi o sector social máis afectado por esta onda de violencia física. Hai que clarexar que o ítem que representa aos "traballadores por conta propia" correspóndese basicamente con traballadores de profesións liberais. Feitas estas precisións o primeiro que resalta do gráfico é a grande proporción de persoas fusiladas sobre as que non se aportan datos da súa actividade profesional, o 10,71 % dos fusilados. Por desgraza esta é unha eiva que a nosa investigación non foi quen de reducir dun xeito significativo e os datos que temos a partir da nosa base de datos son substancialmente iguais aos ofrecidos no proxecto. Independentemente disto, a gráfica ofrece outros elementos de sumo interese.

Efectivamente, os cargos institucionais supoñen unha importante porcentaxe do total dos fusilados, o 18,18%, pero a categoría máis afectada son os traballadores por conta allea cunha porcentaxe do 40,00% fronte a un 5,45% industriais –considerados en sentido amplo-, e un 16,36% de traballadores de profesións liberais. Completan a situación o 1,82% de labregos e resto do sector primario e un 7,27% de membros do exército e forzas e corpos do seguridade do Estado.

Gráfico 15
A quen fusilan. Vigo-Lavadores



Elaboración propia a partir dos datos do Proxecto Nomes e Voces

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo tanto, son os traballadores por conta allea, o que normalmente identificamos con clase obreira a máis afectada polos fusilamentos, onde máis inciden os asasinatos legais. Parece que a intención desta primeira onda represiva foi, efectivamente, os representantes das institucións locais de carácter democrático e un grupo dos representantes máis cualificados das organizacións políticas e sindicais de carácter obreiro, aínda que non todos os líderes políticos e sindicais son asasinados nestes procesos legais, nin sequera unha gran parte das súas figuras máis representativas. De feito "tan só" o 54,54 % (12 persoas), destes traballadores por conta allea fusilados desempeñan cargos políticos ou sindicais, excluídos evidentemente, os políticos de representación institucional[701].

Sabemos, entón, sobre quen, a nivel laboral recae o groso da onde represiva "legal", pero aínda nos queda por saber cal eran as posicións ideolóxico-políticas sobre as que inciden os fusilamentos. Neste caso, si existen diferentes substanciais sobre os datos obtidos a través do Proxecto Voces de Nomes e os que ofrece a nosa propia base de datos.

Gráfico 16
A quen fusilan (Vigo-Lavadores). Posición ideolóxico-política



Elaboración propia a partir dos datos do Proxecto Nomes e Voces

O Gráfico 16 reflexa unha eiva importantísima, non existen datos da posición política dos fusilados para un 55,36% dos casos. Esta eiva é máis grave si temos en conta que como temos visto os fusilados forman parte dos representantes institucionais e dunha parte dos líderes políticos e sindicais da cidade. Así ofrecen unha "realidade" onde non hai constancia do fusilamento de ningún galeguista e tan só 1 republicano. Loxicamente serán as vítimas socialistas as que deixan unha pegada máis evidente, tal é como reflicte a gráfica –un 21,43%- ao pertencer a maioría de cargos institucionais a esta opción político-ideolóxica. Esta incapacidade da base de datos provén de que o seu obxectivo práctico é mostrar unha foto

[701] En concreto nos estamos a referir a Manuel Acuña Gómez, pintor, vogal do Comité Pro Olimpiada Popular de Barcelona en Lavadores, militante da UGT; Eduardo Araujo Pérez, presidente do SM-UGT e militante do PCE; José Araujo Pérez, membro da dirección das JJ.SS.; Agustín Bamio Silva, secretario do Comité da Asociación de Amigos da URSS e militante do PG; Manuel Del Rio Vázquez, primeiro secretario de Axitación e Propaganda do Socorro Bermello Internacional e militante do PCE; Miguel Gómez Pardo, secretario da Agrupación Socialista de Lavadores; Fernando Lago Lago, Secretario do Sindicato de Oficios Varios da CNT; José Moreda Vázquez, presidente do Sindicato de Pintores e Albañiles da UGT e vogal do PCE; Agustín Prieto Balsa, membro do Comité do SIP-CNT; Urbano Rodríguez Moledo, presidente do ADOL e militante do PCE; Victor Romero Pazo, bibliotecario do ADOL e militante do PCE e Antonio Santos Cabaleiro "O Moreno de Teis", secretario administrativbo do Comité Local das JJ.CC. e afiliado á CNT.

fixa, unha relación de nomes de vítimas, non unha análise das vítimas. Precisamente por isto dicíamos na introdución desta investigación que afirmar que temos coñecemento das vítimas era algo un tanto optimista. Sabemos o nome das vítimas e cando as converteron en vítimas, sabemos, destas vítimas de fusilamentos, cal era a profesión da maioría e pouco máis sabemos. Como veremos máis adiante a situación é moito máis grave cando falemos dos paseados.

Para tentar resolver esta eiva debermos botar a vista atrás, antes de que as vítimas foran convertidas en vítimas, buscando porqué chegaron a ser vítimas, agás que sosteñamos que a súa vitimización é consecuencia directa e case exclusiva da súa actitude ante o golpe, tal e como sostén Xabier Buxeiro na súa tese e do que falaremos máis adiante[702]. Pero, si sostemos que non foi así teremos que indagar no pasado inmediato desas vítimas, no que pasou antes desa vitimización. Entón aparecen, fragmentados, cando menos, anacos dos porqués. Pero ao mesmo tempo, si consideramos que a posición e actividade previa non é determinante na vitimización a través do fusilamento (neste caso, porque na proposta de Buxeiro esta argumentación ampliase a todos os casos de asasinato, incluso de depuración), tamén deberíamos retroceder buscando esa situación previa para posteriormente argumentar porque consideramos que non é determinante na vitimización. Sexa cal sexa a conclusión, antes existe unha hipótese e a conclusión debe ter en conta todas ou a maior parte das posibilidades. Dende esta posición de partida, a nosa hipótese foi que efectivamente a posición previa determina a vitimización. Non podemos argumentar que sexa así en todos os casos, pero si na maioría dos casos. Polo tanto, retrocedemos no tempo na busca desas posicións previas. Os resultados móstranse no Gráfico 17. É certo que non conseguimos escudriñar a posición político-ideolóxica do conxunto das vítimas, pero si logramos reducir de xeito significativo a eiva da base de datos do Proxecto.

Gráfico 17

A quen fusilan (Vigo-Lavadores). Posición ideolóxico-política



Elaboración propia a partir dos datos da nosa base de datos

Déuselle visibilidade a unha parte dese 55,36 % de fusilados sobre os que o Proxecto non ofrecía datos, quedando reducido a un 26,15 %, unha porcentaxe bastante máis asumible. Pero

[702] Buxeiro, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia…* p. 226

de cara á reflexión posterior sobre cal é a nosa conclusión sobre porque uns foron asasinados legalmente e outros o foron paralegalmente, é de importancia capital, salientar as porcentaxes de cada unha opción ideolóxica. Así en primeiro lugar, os fusilamentos incidiron sobre os socialistas que supoñen un 24,62 % do total; un 18,46 % de comunistas, 16,92 %, anarcosindicalistas, o 4,62 % para os republicanos, un 1,54 % para galeguistas e un 7,69 % para o grupo que nós definimos simplemente como leais. Certo que "leais" non é unha clasificación político-ideolóxica e que polo tanto a nosa representación gráfica está mesturando unha categoría que non encadra na definición previa, pero o asasinato legal destes "leais", que abranguen aos membros das forzas de corpos de seguridade do estado está definido por esta condición: permanecer leais ao goberno legalmente constituído. Polo tanto temos contestado á pregunta do porque estas vítimas foron asasinadas legalmente para este 7,69 % de leais: pola súa posición de mantemento da legalidade constitucional. Coincide esta explicación para este sector en concreto coa que propón Buxeiro para o conxunto dos fusilados. Esta porcentaxe de asasinatos que se relaciona directamente coa súa actitude ante o golpe incrementaríase si efectivamente tivéramos en conta a acusación pola que os encartados son xulgados. Rebelión, resistencia ao exército, reparto de armas entre a turba de revoltosos, dirección das accións de acoso ao exército, asasinato de persoas de orde (este último caso está referido ao xa comentado asasinato do empresario Estanislao Núñez), almacenamento de material de guerra (este caso ten que ver co achádeo nunha mina da parroquia de Lavadores, lugar da Bouciña ou co descubrimento de "material de guerra" nun local dun sindicato da FSUL-CNT) ou a dirección e mando tanto da construción como da resistencia efectuada nas barricadas no Concello de Lavadores. Independentemente da acusación, si está constatada resistencia activa (requisa de armas, presenza nas barricadas, ataque á forza pública) para un 18,67 % dos fusilados. Sumados ao 7,69 % de membros das forzas e corpos de defensa do estado que resultaron asasinados por fusilamento, temos unha porcentaxe do 26,36 % nos que a argumentación da resistencia ao golpe como factor propiciador do seu asasinato pode resultar válida. Non obstante, unha importante parte dos líderes socialistas e algún comunista encartados baixo o suposto de resistencia ao golpe, non tiveron ningún tipo de participación, e non está constatada a súa presenza en ningún acto de resistencia. Nin o Alcalde de Vigo nin os concelleiros fusilados estiveron presentes nas barricadas e non só non repartiron armas, senón que, como xa temos visto negáronse a facelo de xeito rotundo. Outros, si está constatada a súa presenza en lugares onde se produciron actos de resistencia, por exemplo, no "sitio" da casa cuartel da *Guardia Civil* de Lavadores. En concreto, tanto o alcalde de Lavadores, José Antela Conde como o deputado Antonio Bilbatua Zubeldia e o seu irmán e dirixente socialista Demetrio. Pero, tanto un como os outros mantiveron, lonxe de incitar os ataques á casa cuartel, unha actitude mediadora, negándose en todo momento a acceder ao asalto violento[703].

Pero é máis, existen asasinados mediante fusilamento, representantes sindicais fundamentalmente anarcosindicalistas, nos que a súa conversión en vítimas está directamente relacionada coa súa actividade sindical previa e non coa súa posición de resistencia ao golpe. Por so mencionar tres casos evidentes, aínda que máis adiante faremos unha avaliación

[703] Os datos que manexamos sobre este asunto proceden das causas 140/36 contra Antonio Bilbatúa Zubeldia, Demetrio Bilbatúa Zubeldia e José Antela Conde; causa 721/1940 contra Eulogio Moreda Vázquez; causa 539/36 contra Benito Lorendo Misa, Rosa Rosendo Rodríguez, Emilia Gómez Lemos e 22 máis. Tamén de Abad Gallego, Xoan C., *Máis días negros*..., Briallos, Antón, *Vigo. 1936*... e Amoedo López, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento*...

cuantitativa, podemos citar a Secundino González Querol, Agustin Prieto Balsa e Manuel Rodríguez Careu[704].

Secundino González Querol era mariñeiro e membro do SIP-CNT. Na folga de 1932 contra "La Necesaria" integra unha comisión que se encarga de repartir comida entre as familias dos mariñeiros en folga necesitados. Cando o conflito remata en derrota do SIP, Secundido chega a se afiliar ao sindicato amarelo auspiciado pola patronal, *Sociedad Autónoma de Bouzas*, volvendo á militancia anarcosindicalista na "amnistía" que decreta o SIP en abril de 1936 aos antigos militantes que abandonaran á organización e que xa temos comentado. Pois ben, entre maio e xuño de 1936 integra a Comisión do SIP que negocia cos armadores as condicións de traballo dos mariñeiros. Durante os días do golpe Secundino está embarcado no *Nuevo Ángela* de faena na Costa da Morte. Atraca no porto de Vigo o 25 de agosto de 1936, momento no que é detido. O 2 de setembro de 1936 instrúeselle causa (a 113/36). Na causa aparecen como testemuñas das supostas fecharías de Secundino os armadores contra os que el loitaba polas melloras nas condicións laborais dos mariñeiros, Víctor Montenegro, Casimiro Armada, Manuel Gestoso, Jesús Freire e Laureano Montenegro. Ademais preséntase como "apoio" a estas testemuñas, Santiago Guisande Martínez, presidente da amarela *Sociedad Autónoma de Bouzas*. O 4 de xaneiro de 1937 se lle traslada a Base Naval de Rios para cumprir a sentenza de morte ditada polo Tribunal.

Agustín Prieto Balsa, mariñeiro e directivo do SIP en 1936, preso dende os primeiros días no campo de concentración da Illa de San Simón. Nunha vista á illa do patrón Victor Montenegro Feijoo, recoñeceo e inmediatamente de se lle abre consello de guerra, en concreto o 1415/1937. A denuncia que consta na causa do patrón e *guardia cívico* e clara e contundente do porque se lle acusa

> "Agustín Prieto (...) tripulante marinero de uno de los vapores pesqueros de D. Jesús Freire Costas, vecino de esta localidad; que ese individuo se distinguió por su actuación como organizador del Sindicato de los trabajadores de la Flota pesquera de Bouzas desde los primeros días de Mayo de 1936, tomando parte directa, como dirigente de las comisiones en varias entrevistas que llevaron a cabo con la presidencia de LA MARÍTIMA para imponernos ciertas condiciones de conducta a seguir obligándonos a reconocer al Sindicato de la CNT, que hasta entonces estaba descalificado desde la última huelga del año 1932, obligándonos a despedir al personal adicto a los armadores y a colocar a los indeseables que el Sindicato consideraba conveniente a bordo, contra la voluntad de los armadores"[705]

De novo salta como un elemento clave na reacción patronal o logro sindical previo do control das contratacións. Parece que a forza que demostraron nos meses finais as organizacións sindicais e a súa capacidade para, en determinados sectores produtivos, cuestionar, cando non eliminar a capacidade patronal para decidir as contratacións, non se esquece. Con toda seguridade as patronais afectadas viron como naqueles meses previos ao golpe o fundamento

[704] Esta relación directa entre os primeiros asasinados e a súa actividade sindical previa está constatada para Zaragoza onde aparecen de xeito remarcado dous sectores produtivos con importancia mobilizadora na cidade, empregados de comercio e tranviarios que "habían contribuído a radicalizar la (…) huelga de los 36 días que en la primavera de 1934 dejó exahusta la vida económica de la ciudad". Cifuentes, Julita e Maluenda, Maria del Pilar, "De las urnas a los cuarteles…" p. 60

[705] Escrito de denuncia de Victor Montenegro Feijoo na causa 1415/1937, AIMN

do seu poder, a contratación, podíalle ser arrebatado, e en realidade, como xa argumentamos no seu momento, este ataque é un ataque ao cerne das relacións laborais capitalistas.

Pero volvendo á denuncia contra Agustín vemos como, despois de identificar o "delito", identifícase ao delincuente, do que, por suposto non se mencionan en ningún momento si tivo ou non tivo relevancia algunha na resistencia contra o golpe.

> "En todas las entrevistas celebradas con esta presidencia y demás miembros directivos, tomaba parte directa y hacía prevalecer su criterio, siempre bajo amenazas de paralización de toda la Flota pesquera, si no se acedia (sic) a sus pretenciones (sic), llegando a tener que aceptar algún pacto desastroso para los armadores con pago de indinisaciones (sic) en metálico para evitar que se empidiese (sic) la descarga del pescado que los barcos trahian (sic) a Puerto."[706]

Finalmente, o seu papel de dirixente sindical no período previo que como acabamos de ver se caracteriza por unha ofensiva dos traballadores, determinará o seu fusilamento o 28 de xaneiro de 1938.

Por último, Manuel Rodríguez Careu, O Chato, dirixente do SIP na vila de Bouzas durante a primeira parte do período republicano. Participou activamente da folga contra "La Marítima" de 1932 e representou ao SIP no Pleno Nacional de Sindicatos de xullo de 1933 en Xixón. Precisamente neste pleno sostivo unha posición contraria ás teses defendidas por outro dos grandes líderes do SIP vigués, Dalmacio Bragado. A polémica chegou a facerse pública a través dun debate dende as páxinas no voceiro estatal da CNT, o "CNT"[707]. Este enfrontamento fixo que O Chato abandonara a actividade sindical a finais de 1933 e cambiara, incluso, de profesión, abrindo un bar, o "Náutico" en Bouzas. Totalmente desligado da actividade sindical foi detido a finais de xullo de 1936 e acusado de resistencia ao exército, concretamente de participar tanto na tentativa de asalto ao Cuartel da *Guardia Civil* de Bouzas como na requisa de armas e mesmo nas barricadas de Lavadores, ou sexa se lle acusa de estar presente en todos os actos de resistencia armada que tiveron lugar entre o 20 e o 23 de xullo, agás na toma do Cuartel da *Guardia Civil* de Teis. Para un home desligado de toda a actividade sindical dende había tres anos, moito nos parece. Condenado por rebelión militar será fusilado o 14 de setembro de 1937.

Os tres exemplos mostrados de persoas que non participaron ou que, con moita probabilidade, non participaron en actos de resistencia e aínda así foron fusilados, son exemplos tomados "ao chou", máis ala da súa militancia anarconsindicalista. Esta militancia elixiuse, simplemente, por que o nivel de coñecemento actual dos seus cadros é infinitamente máis ampla que o de calquera outra tendencia sindical ou política en Vigo[708]. Pero aínda escollendo estes exemplos ao azar hai unha característica común a todos que agocha unhas das razóns máis evidentes da súa conversión en vítimas, a súa militancia no SIP. Máis adiante falaremos máis sobre esta cuestión.

---

[706] Escrito de denuncia de Victor Montenegro Feijoo na causa 1415/1937, AIMN

[707] CNT, 19/07/1933, 21/08/1933

[708] Este coñecemento sobre os homes e mulleres que militaron no anarcosindicalismo en Vigo nestes tempos debemosllo á inxentes labol desenvolvida por Antón Briallos e moi especialmente a Victor Oya na recuperación na memoria libertaria local.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha análise cuantitativa sobre os fusilados, nos revela, tal e como mostra o Gráfico 18 que non está demostrada a participación na resistencia para unha porcentaxe do 52 % dos fusilados, o que non quere dicir que esta non se producira, simplemente que co actual nivel de coñecemento non se pode afirmar que esta se producira ou non. Así as cousas é tremendamente arriscado manter, para Vigo cando menos, a teoría defendida por Xabier Buxeiro. Por outra banda, basearse nas acusacións dos diferentes consellos de guerra para concluír que aqueles aos que se lles acusa foran realmente integrantes dos grupos de resistencia é conceder credibilidade aos executores, unha credibilidade que realmente non teñen, máis cando se trata de xustificar o asasinato que ían cometer.



Elaboración propia a partir da base de datos creadas na investigación

En todo caso, si resulta realmente dificultoso penetrar, no xa na militancia político-sindical dos asasinados, senón incluso na súa extracción social, como pretendemos facelo con garantías e en cantidade representativa, na actitude concreta no momento concreto do golpe?, a través do escrito de acusacións? da fonte oral? O que está claro son os datos que mostra a Gráfica 17. O 73,85 % dos asasinados mediante fusilamento tiñan militancia política previa e en sectores dunha alta conflitividade no quinquenio republicano ou eran representantes institucionais do réxime democrático, e foron asasinados independentemente de que se mostrasen timoratos, apáticos ou combativos. Si foi esta militancia previa a que ocasionou a súa conversión en vítimas ou foi a súa militancia a que orixinou a súa actitude de resistencia e a subseguinte conversión de vítimas é difícil, por non dicir imposible de dilucidar por medio da análise histórica. Seguindo a Ch. Tilly,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Nadie ha estado nunca próximo a identificar las condiciones necesarias (ni mucho menos suficientes) de carácter motivacional ni fenomenológico de las actuaciones individuales en las que se infringen daños en busca del propio bien"[709].

Pero hai máis, si a actitude de resistencia armada ou potencialmente armada configura a característica fundamental dos asasinatos por fusilamento, é lóxico supoñer que os detidos nos primeiros momentos que se atopasen nesta situación, ter ofrecido resistencia, no caso de Vigo armada, ao golpe, deberían ter sido sometidos a este proceso de eliminación, só pena de que a que mencionada característica non fora tan determinante. Neste suposto, pensamos que é imprescindible para facer unha análise centrarse naquelas persoas que resultan detidas entre xullo de 1936 e abril de 1937, xa que a partir desta data o número de fusilamentos cae en picado (Gráfico 14), e a consolidación da situación como unha guerra civil convencional reduce o impacto dos asasinatos na retagarda. Así que é máis que probable que unha persoa resistente tivera moitísimas máis posibilidades de ser asasinada en febreiro de 1937 que un ano despois. Analizaremos pois unha causa paradigmática que comeza a súa instrución o 25 de xullo de 1936, polo tanto dentro do período de maior incidencia dos asasinatos por fusilamento. A causa 141/1936.

Nesta causa están encartados 53 persoas, polo que o universo da análise é relativamente grande. Todos son dirixentes de sindicatos da FLSU-CNT. O obxectivo da mesma é dilucidar quen son os responsables da existencia de material de guerra, explosivos, municións, armas, e documentación atopados nun rexistro nun dos locais cos que contaba a FLSU en Vigo. Dos 53 encausados, de todas as ramas da produción, 24 son xulgados en rebeldía. O 30 de setembro de 1936 ditase auto de procesamento contra 28 dirixentes presentes e 21 en rebeldía, un destes xa asasinado no momento da súa detención por unha partida da *Guardia Civil* no veciño concello das Neves onde vivía a súa familia, e tres son liberados durante o proceso. Da análise dos informes que se integran na instrución do consello e das declaracións de dúas testemuñas que se presentan voluntarias a declarar, podemos afirmar que existe unha ampla gama de actitudes entre os encartados en relación ao golpe. Sempre dende a visión que ofrecen os informes policiais que de cada un deles temos: actitudes de posible resistencia armada ao golpe, posible resistencia armada con asasinato de falanxistas previo ao golpe, actividade sindical coactiva con suposta pasividade fronte ao golpe, actividade sindical previa por coacción, actividade sindical extremista previa con suposta pasividade fronte ao golpe… Con esta variedade de supostas actitudes, moitas delas perfectamente compatibles cos delitos específicados no Bando de Guerra da *Junta de Defensa Nacional* como castigados coa morte, sorprende que non houbera na causa ningunha condena á pena capital, é máis, non hai ningunha condena. Si, hai dous asasinados entre os encartados –un xa mencionado-, pero non por fusilamento.

O primeiro que chama a atención no desenvolvemento do consello de guerra se seguimos a tese sostida que afirma que a participación na resistencia e non a posición previa de cada un dos fusilados/encartados sería a clave para sofrer asasinato empregando este sistema, é que, tanto a declaración do tenente da *Guardia Civil* que manda o piquete que fai o rexistro no local onde se atopa o material de guerra como a das testemuñas, inciden, precisamente na actitude e accións previas ao golpe de estado, obviando a existencia ou non de actitudes de resistencia ao golpe entre os encausados: "[es] el alma del Sindicato de Industrias Pesqueras y derivados" declara o tenente da *Guardia Civil* Francisco González Rodriguez sobre German

709 Tilly, Charles, *Violencia…* p. 133

Parga Varela sen aportar ningunha referencia sobre a súa suposta actividade nos días nos que se combateu nas rúas; ou en "una ocasión de una huelga habida en Vigo en el mes de Abril le obligaron a cerrar el taller por los Directivos del Sindicato de Hojalateros (…)" di a testamua de cargo presentada por iniciativa propia, Emilio Filgueira López, e salienta, unha circunstancia que temos destacado noutro apartado da investigación e que a nós nos parece determinante na actitudes que tomarán unha parte do colectivo empresarial, que estes directivos lle obrigaron a contratar a 5 persoas, afiliados -directivos di el- do propio sindicato[710]. Tamén algún dos propios encartardos declaran a súa non participación en folga anterior de ningunha clase, en concreto Jesús Filgueira Blanco, directivo do *Sindicato de Hojalateros* e Ramón Martínez Rodríguez do *Sindicato de Confiteros*. O primeiro declara tamén que pola súa posición moderada foi obxecto de agresións por parte dos líderes do sindicato máis radicais tentado ofrecer unha visión máis suave da súa actividade sindical anterior ao golpe[711]. Nin as testemuñas de cargo, nin o mando das forzas seguridade, nin os encartados se dan conta de que do que se trata é de negar a súa participación en actos da resistencia. Pero é que tampouco os avogados defensores adoptan unha liña semellante, todo o contrario, insisten en presentar aos encartados como alleos á dirección da actividade sindical previa. Así o avogado defensor de Indalecio Rodríguez Lourido, vogal da sección de sargueiros do SIP solicita ao xuíz militar que revogue o auto de procesamento xa que o seu defendido non era "más que un honrado trabajador, perteneciente a dicha sección por necesidad y para evitar el hambre.", ademais

> "de hacer constar que (...) ha estado alejado de tales acciones sindicales, pues dedic-ado (sic) a la vida del trabajo estabaconstantemente (sic) en el mar, hasta que regresó y se entero (sic) de la requisitoria (...)"[712]

Por outra banda, é certo que nos informes policiais que o xuíz militar solicita, todos fan referencia a súa posición en relación ao golpe de estado, "los sucesos revolucionarios" na súa linguaxe. Pero estes informes non ofrecen datos concretos e a participación ou non dedúcese de meras conxecturas e nalgún caso da declaración exculpatoria que lle fan aos axentes de vixilancia aos veciños dos investigados. En concreto en oito casos, como mínimo, a información subministrada non é correcta. Estamos falando de Domingo González Fernández, fundidor, vogal segundo do SUM do que se informa da súa participación activa na folga xeral metalúrxica pero non se sabe si participa ou non na resistencia ao golpe, como de feito participou; Guillermo Martínez Montenegro, torneiro, contador do SUM, do que se afirma que

> "Por lo que se refiere a su posible actuación a (sic) los sucesos revolucionarios, de las gestiones practicadas se deduce que no tuvo ninguna relación con los elementos rebeldes y fue de los primeros en presentarse al trabajo una vez normalizada la situación."[713]

[710] A declaración do tenente en folio 19 volta, e a da testamuña voluntaria en folio 40, causa 141/1936, AIMN
[711] As declaracións de Jesús Filgueira e Ramón Martínez en folios 39 e volta e 39bis e volta, causa 141/1936, AIMN.
[712] Solicite de revogación de auto de procesamiento de Indalecio Rodríguez Lourido, folio 78 volta, causa 141/1936, AIMN.
[713] Informe policial núm. 4220, folio 142 da causa 141/1936, AIMN.

Non obstante, sábese que Guillermo acompañou ao seu irmán German (alcumados dos *Cojulos*), afiliado ao *Sindicato de Montadores Electricistas* e membro dos Comités de Defensa Confederal, cando menos no asalto ao cuartel de carabineiros de Teis[714].

Os dous, tanto Domingo como Guillermo, serán os encartados que queden, primeiro en prisión atenuada, e posteriormente libres. Parece como si a súa militancia como dirixentes anarcosindicalistas previa, efectivamente, non fora causa para ser represaliados e as supostas dúbidas sobre a súa participación na resistencia ao golpe fixeran que o xuíz militar non "puidera" continuar o proceso contra eles. Pero non, a causa da liberación non é outra que a súa profesión e o seu lugar de traballo. Efectivamente, a súa profesión como acabamos de ver, obreiros metalúrxicos especializados, polo tanto de difícil substitución, ademais nun momento de gran escaseza en toda a zona rebelde deste tipo de traballadores, é a clave. De feito, será a súa propia empresa, os estaleiros Barreras –onde traballan estes dous encartados- a primeira en ofertar postos de traballo, en concreto para a mesma categoría que desempeña Antonio e máis Guillermo, torneiros, a finais de setembro de 1936. Ademais, cómpre destacar que esta oferta pública de traballo faise, incluso, contra as propias medidas impostas polas novas autoridades, xa que nela se especifica que serán admitidos os candidatos "aún cuando sean de poblaciones fuera de Vigo" [715], e como xa temos visto, o control dos traballadores nos primeiros momentos da sublevación fixo que as novas autoridades estableceran bolsas de contratación tanto para parados como para empresarios, onde obrigatoriamente se debían de contratar os novos operarios, que en todo caso, tiñan que pertencer á poboación onde estaba radica a empresa en cuestión[716].

Pero sigamos co relato dos feitos. O xuíz militar solicita ao auditor de guerra o 27 de setembro a concesión da liberdade atenuada[717], liberdade que se concede ese mesmo día

> "(...) que se tome las medidas convenientes a fin de que los detenidos en prisión atenuada Guillermo Martínez Montenegro y Domingo González Fernández están convenientemente vigilados y regresen a la prisión un vez efectuado el trabajo"[718]

[714] German Martínez Montenegro, foi o instigador do asalto ao cuartel o 20 de xullo de 1936, ao contrario do seu irmán non se presentou ao traballo ao remate da resistencia senón que estivo agochado durante 3 anos e posteriormente presentouse no Goberno Civil xa en 1939. Xulgado nese mesmo ano en consello de guerra por adhesión á rebelión foi condeado a 15 anos. Participa xunto ao seu irmán na reconstrucción da CNT en 1940 e no relanzamento confederal en 1976. Todos os datos en Abad Gallego, Xoan C., "¡Ás barricadas! A defensa da legalidade republicana na bisbarra de Vigo", Culleredo, *Actas do II Congreso da Memoria,* Edicións Embora, 2013; Abad Gallego, Xoan, C., *Heroes o Forajidos. "Fuxidos" y Guerrilleros Antifranquistas en la comarca de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2005; entrevista con Waldino Varela realizada por Victor Oia o 22 de xullo de 2006.

[715] FDV, 22/09/1936

[716] Ate o 7 de agosto de 1936 existen en Vigo tres bolsas de traballo diferentes: a da *Central Obrera Nacional-Sindicalista* (CONS), a da FGP e a do Concello. A partir deste dia as tres bolsas unifícanse en tan só unha, a do Concello. EPG, 07/08/1936. Non obstante en setembro de 1936 será o Goberno Cvil quen ordee a creación destas bolsas a nivel provincial e establecerá a súa dependencia e xestion a través das distintas delegacións de orde público, un dato significativo para decatarse de cal era a consideración dos traballadores e da súa problemática, o orde público (EPG, 24/09/1936). En 1938 os servizos de colocación obrería serán xa competencia exclusiva da *Confederación Nacional-Sindicalista* (CNS) através dunha *Comisión de Colocacion* (Oficio 655 da CNS á Alcaldía do 04/10/1938, ALC-23, AMV). Facemos a diferenza entre CONS e CNS, porque a prensa da época tamén a fai. Así todas as referencias aos sindicatos falaxistas anteriores ao Decreto de Unificación son á CONS e posteriores a mesma CNS.

[717] Folio 101 da causa 141/1936, AIMN

[718] Folio 102 da causa 141/1936 AIMN. Os dous son traballadores do esteleiro Barreras, nese momento recovertido para a producción de material de guerra.

Independentemente da súa condición de dirixentes sindicais, ademais dun dos sindicatos da CNT máis radicais da cidade e da súa implicación ou non en actos de resistencia -que non está probada, segundo os informes policiais-, estes traballadores , xunto con outro máis tamén dirixente metalúrxico, Enrique García Comesaña[719] que tamén queda en liberdade por estar realizando o servizo militar no momento do golpe, logran a liberdade "a disposición do xulgado" por motivos laborais. De feito será a dirección da empresa Barreras a que minimice a actividade sindical dos encartados

> "(...) es individuo que aun perteneciendo a dicho Sindicato no es de los elementos peligrosos y de acción, así lo informan en los Astilleros de Barreras."[720]

O contexto no que se desenvolven os feitos resulta determinante nesta salvación. O incremento da produción sometida ao interese de guerra fixo aumentar as xornadas traballadas no estaleiro ate as 24 horas continuadas[721]. Para este incremento da produción foi imprescindible a presenza de traballadores cunha formación que os fixo dificilmente substituíbles, e polo tanto imprescindibles, e precisamente por isto estes homes quedan en liberdade.

Esta situación non afecta exclusivamente ao estaleiro Barreras, hai indicios que confirman que se produce noutras empresas con capacidade de produción militar ou que empregan, por exemplo, a condutores de camións, que polas novas dos xornais, tamén eran escasos[722]. En concreto nesta causa que estamos a analizar, aparece outro traballador encausado en situación similar aos xa mencionados.

Trátase de Manuel Domínguez Caride, metalúrxico, caldeireiro de oficio nos estaleiros Vulcano (Enrique Lorenzo e Cía.), militante do SUM. Manuel era un home de acción con detencións previas ao golpe, entre as que destacan a do 15 de marzo de 1935 pola colocación de bombas en Lavadores, non sabemos contra quen, pero si que actuou con outros libertarios e o presidente da JJ.SS. de Lavadores[723]. En xullo participa activamente na resistencia ao golpe, non obstante no informe policial afirma que "(...) es individuo que goza de regular conducta, sin embargo en los Talleres Lorenzo y Compañía goza de buena conducta". O informe complétase co declarado polos responsables da propia empresa:

> "(...) este obrero no es persona que en ninguna ocasión haya empleado términos violentos con sus Patrones. Tampoco se ha podido comprobar que tomara parte de los sucesos revolucionarios."[724]

Como todos os encartados na causa 141/1936, Manuel foi exculpado e continuou traballando en Vulcano.

---

[719] Folio 104 da causa 141/1936 AIMN.
[720] Informes exculpatorios por parte da empresa dos dous procesados en folios 142 e 103 da causa 141/1936, AIMN
[721] Villar, Margarita e Lindoso, Elvira, "El negocio de la guerra en Galicia, 1936-1939", *Revista de Historia Industrial*, núm. 39, 2008, p. 161.
[722] Sen pretender ser exaustivo e a modo exemplo: Mecanicos navais en EPG, 17/08/1937; Torneiros e axustadores (EPG, 20/08/1937); enxenieiros, axudantes, conductores, xefes de taller, contramestres, encargados, caldereiros e montadores EPG, 20 e 22/08/1937). As datas na presa fan referencia exclusiva á primeira publicación non ao número de veces que os anuncios se repiten, que adoitan facelo.
[723] EPG, 16/03/1936
[724] Informe da policía 4299 no folio [ilexibel], causa 141/1936, AIMN

Pensamos que non estamos ante un feito anecdótico senón ante un proceder xeneralizado por parte das novas autoridades. A profesión de moitos dos resistentes e/ou militantes sindicais previos ao golpe foi un factor que permitiu que se maximizaran das posibilidades de supervivencia. Esta posibilidade produciuse entre aquelas persoas que tiñan unha actividade profesional de carácter especializado e que finalmente resultou imprescindible para a produción, fundamentalmente de material de guerra ou de elementos auxiliares á actividade bélica. A súa especialización impediu que puideran ser substituídos por outros traballadores tal e como se fixo e mesmo se incitou a facer por parte das novas autoridades noutros sectores da produción.

> "(…) teniendo en cuenta que mucha gente detenida y sujeta a procedimiento ocupaba cargos en la industria y en el comercio y cuyas plazas no han sido cubiertas por los patrones en espera de las resoluciones que en su día pudieran dictar los Tribunales, criterio que en ciertos aspectos perjudica a numerosos trabajadores que quizá por no ser de ideas exaltadas se encuentran en paro forzoso; por la presente se ordena que todos aquellos patronos que tengan empleados u obreros detenidos deberán cubrir sus plazas en el menor plazo posible con empleados u obreros que pueden solicitar en la Oficina de Colocación, con carácter provisional, hasta que los Tribunales resuelvan respecto de la Libertad de los detenidos quedando definitivamente admitidos aquellos cuyas vacantes pertenecieses a individuos que hubieses sido penados."[725]

Tamén coñecemos casos no que salvación por profesión vai acompañada do inicio da militancia nas organizacións de encadre do réxime. Este é o caso dun metalúrxico non encausado na causa que analizamos, pero que resulta interesante tamén. Trátase de Enrique Monroy Álvarez, metalúrxico na fábrica de parafusos de Bouzas. Enrique milita no SUM-CNT, aínda que é probable, non se coñece a súa participación en actos de resistencia contra o golpe e non sufre, en principio, ningún acto de represión. O seu pai é Adolfo Monroy Figueroa, un dirixente de vello do SIP-CNT. Adolfo si é asasinado, de feito entre 1934 e 1936, nos procesos de negociación coa patronal "La Necesaria" fora xa ameazado de morte polo patrón Victor Montenegro. Finalmente despois dun "chivatazo", Victor cumpriu a súa ameaza o 9 de novembro de 1936. Mentres que o seu fillo Enrique, pensando que o seu pase á CNS maximizaría as súas posibilidades de salvación, afíliase. Temos constancia de que se lle cita para unha reunión preparatoria para a reorganización do sindicato metalúrxico da CNS en maio de 1937[726]. Esta afiliación á CNS só foi un paso na supervivencia, Enrique e os seus irmáns acabarían pouco tempo despois marchando para Brasil.

Así pois, si facemos unha análise das consecuencias que para este tipo de traballador especializado metalúrxico tivo o golpe, os datos que resultan, pensamos que van na dirección sinalada. Na nosa base de datos temos identificados 762 traballadores metalúrxicos (±112)[727].

---

[725] Orde do Gobernador Civil da provincia de Pontevedra publicada pola *Delegación de Orden Público* de Vigo –lembramos que é o servizo que ten asignadas as competencias en materia de colocación obreira- no EPG, 25/10/1936.

[726] EPG, 28/05/1937. A conservación da memoria da historia de Adolfo e máis de Enrique debémoslla a Rosa María Sobreira, amiga da familia Monroy Álvarez.

[727] O ± 112 trátase dun elemento corrector ante a repetición de nomes e apelidos que fixo imposible determinar si estabamos ante a mesma o distinta persoa. Ao mesmo tempo, é imprescindible sinalar que ainda que a mostra de persoas con profesións da metalúrxia e bastante ampla, te un problema pola sobrerrepresentación dos traballadores dunha empresa concreta, Barreras, da cal dispoñemos de toda o cadro de persoal a data de 16 de setembro e 21 de outubro de 1936 por ter participado colectivamente nunha suscripción patriótica. Pola contra a mostra infravalora o persoal das outras dúas grandes empresas metalúrxicas de Vigo, *La Metalúrgica* e *La Artística*.

Destes, sabemos da participación política ou sindical previa de 141 (±2)[728] e de 26 que sen que coñezamos esa posible militancia sofren algún tipo de represión. De 61 dos 141 (±2) non consta ningún dato que indique que sufriran algún tipo de represión, nin detención, nin requisitoria, nin proceso de responsabilidades políticas, nin despedimento… nada (entre eles estaría incluído o caso que acabamos de ver de Enrique Monroy Álvarez). A militancia neste primeiro grupo está representada no Gráfico 19.

Gráfico 19
Militancia de metalúrxicos sen represión



Elaboración propia a partir da base de datos creadas na investigación

Temos logo 80 metalúrxicos con militancia político sindical e algún contacto co aparello represivo e 26 onde non nos consta esa militancia, pero que tamén teñen contacto con ese aparello represivo. Cal foi a natureza do contacto destes 106 traballadores? No Gráfico 20 móstrase.

[728] Á hora de falar da militancia destes traballadores cómpre tamén advertir da infrarepresentación dos militantes da FSL-UGT en relación aos da FSLU-CNT, froito do que xa comentamos, desigual estudo duns e doutros.

Gráfico 20
Natureza dos contactos co aparello represivo dos metalúrxicos



Elaboración propia a partir da base de datos creadas na investigación

Cómpre explicar algún dos ítem empregados no Gráfico 20 xa que algún deles, en principio, parece que representa categorías iguais. Comezamos polo ítem onde se encadran un maior número de metalúrxicos: "teñen contacto co aparello represivo pero volven aos seus postos de traballo". Son os casos similares aos tres traballadores que xa comentamos encartados na causa 141/1936, Guillermo, Domingo e Enrique. Encartados nalgunha causa ou detidos por uns poucos días son reclamados polas súas empresas ou aparecen ao pouco tempo como traballadores en activo nesas mesmas empresas nas que traballaban antes do golpe[729]. Un exemplo de persoa incluída nesta categoría o temos en Gumersindo Barreiro Fernández, pintor naval e traballador de Barreras. En xuño de 1936 accede á vicesecretaria do SUM, aínda que ideoloxicamente non é libertario, senón socialista[730]. Incorpórase ao traballo ao remate da folga xeral, pero a *Guardia Civil* o detén na mesma factoría. No momento da súa detención está presente Fernando Barreras, o dono do estaleiro, que intercede por el, pero non consegue que quede libre. Xa na cadea volverá a interceder por el Barreras e tamén Manuel Sanjurjo, dono doutra empresa metalúrxica, *La Industriosa*. Tres días despois Gumersindo será liberado, figurando a súa situación como, prisión atenuada, e aínda que figura como vicesecretario do SUM nunca foi citado nin encausado en causa algunha. Volveu a traballar en Barreras ate que a súa quinta foi mobilizada. A súa actividade a partir de 1939 decae pero continúa vencellado á organización[731].

[729] Para rastrexar a presenza destes traballadores nas súas empresas despois do contacto co aparello represivo a fonte fundamental son as listaxes de suscripcións para o exército, a fonte oral e incluso as candidaturas da CNS nas primeiras eleccións sindicais (isto ao noso xuízo debería abrir unha nova liña de investigación de base, a actitude destes traballadores ou dalgúns destes traballadores en relación ao sindicalismo vertical e a súa actuación dende os primeiros momentos nas súas estruturas locais e provinciais). Estas suscripcións facíanse, polo común, dun xeito nominativo e individual, pero tamén se atopan listaxes nominativas colectivas, execcións de parte dos salarios que efectúa a propia empresa e posteriormente publica a prensa. A mlistaxe máis completa que temos relativa ao sector do metal é a dos estaleiros Barreras.

[730] Moi probablemente influenciado polo seu pai, Constante Barreiro, panadeiro oriundo de Avión socialista e militante da *Sociedad de Obreros Panaderos y Similares* da FSL-UGT.

[731] Entevista realizada por Victor Oia a Enrique Barreiro Domínguez en decembro de 2008.

Na nosa proposta de análise integran este grupo de imprescindibles, laboralmente falando: torneiros, fresadores, trazadores navais, mecánicos, caldeireiros… e a práctica totalidade deles preséntase ao traballo a partir da fin da folga xeral, entre o día 2 e o día 7 de agosto de 1936[732]. Os metalúrxicos agrupados neste ítem teñen unha característica común: está constatado que o 75 % deles, 21 de 28 persoas, retoman a súa actividade político sindical a partir de 1939 e volven a ser detidos na gran caída de 1947[733]. É máis, unha importante parte deste grupo, por non dicir a totalidade, participa activamente na primeira folga xeral de sector que se realiza en Vigo despois da Guerra Civil en 1962 onde xogarán un papel clave para o seu éxito e na formación das primeiras Comisións Obreiras na cidade. A afirmación de Contxita Mir para a Cataluña rural parece ser perfectamente asumible para unha cidade da retagarda franquista e industrial galega:

> "(...) la predisposición (…) a mantener viva una cultura política y una disciplina revolucionaria que se resistía a ser aniquilada por la derrota bélica. Un ánimo que la mayoría de las veces no es percibido en su justa medida, si no se atienden los comportamientos individuales o de pequeños grupúsculos."[734]

No ítem "cadea" incluímos a aquelas persoas que son detidas, xulgadas e condenadas, fronte ao epígrafe de "detido" que só temos constancia dunha detención e non sabemos si esta orixinou o seu encausamento. Os tres ítem seguintes, fuxidos asasinados, presentados e encadeados. Fan relación, primeiro a súa fuxida inmediatamente despois de finalizar a resistencia armada e despois que sucede con eles. No primeiro caso, resultan mortos ao ser descubertos os seus acubillos; o segundo caso sobreviven ate 1939 e se presentan ante o Gobernador Civil e finalmente o terceiro caso correspóndese con fuxidos que son detidos e ingresados na cadea. Dentro do epígrafe de "colaboradores" están integrados todos aqueles metalúrxicos que se integran nalgunha das estruturas político sindicais do novo réxime ate 1939. Ao mesmo tempo, a inclusión nos ítem que non levan aparellada a morte, non exclúen que tamén regresaran aos seus antigos traballos, pero cos datos dos que dispomos actualmente é imposible afirmar que así fora. Polo tanto, o 26 % dos metalúrxicos que a pesares de ter contacto co aparello represivo volven rapidamente aos seus postos de traballo, é unha porcentaxe mínima segura. A partir dela pódese ir aportando máis luz sobre o ocorrido con ese 39 % de traballadores que sobreviven e que con seguridade unha parte deles pasará a engrosar ese 26 % nos que a súa profesión foi determinante para a súa salvación. Independentemente disto, parécenos suficientemente acreditado o factor do emprego especializado como elemento clave na supervivencia, que si ademais vai asociado á non fuxida nos primeiros momentos despois da derrota da resistencia armada, supuxo unha clara maximización das posibilidades de supervivencia tanto a líderes sindicais como a resistentes.

Pero aínda nos quedan por analizar unha parte dos encausados na causa 141/1936. Volvamos a eles. Outros dos oitos casos nos que os informes policiais non son quen de asegurar a participación nos actos de resistencia, senón que o deducen da súa non presentación ao traballo é o torneiro Fernando Román Rodríguez, dirixente do SUM e traballador, tamén, de

[732] Ao final deste apartado faremos unha análise de maximización da supervivenza en relación á actitude tomada despois da fin da resistencia armada.

[733] A caída de 1947, en realidade de finais de 1946 é unha desarticulación das estruturas clandestinas que afecta a todo o Estado español e que en Vigo comeza coa detención dun metalúrxico de Barreras en posesión de selos de cotización da CNT e que pouco a pouco e de xeito ramificado afecta a toda Galiza. As detencións non só afectan ao mundo llibertario senón que tamén caen destacados cadros comunistas e intelectuais progresistas.

[734] Mir, Contxita, "El sino de los vencidos: la represión franquista en la Cataluña rural de postguerra" en Casanova et al., *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002, p. 145.

Barreras. Este é un caso moi rechamante e nel se mesturan varios elementos. Membro dos grupos de defensa confederal participa, como xa sabemos, no asalto dos libertarios ao local de FE-JONS en marzo de 1936 polo que é detido e xulgado[735]. Coa vitoria da FP será amnistiado e volverá a ser libre. Participa tanto na organización da resistencia como na resistencia mesma en todas as barricadas que fan fronte aos militantes en Lavadores. Cando todo está perdido fuxe aos montes próximos en compañía de Luís Quintas, Olegario Collazo e Leopoldo Comesaña[736]. A principios de setembro de 1936 e tras recibir garantías dun falanxista amigo da infancia, Enrique Romero González, entrégase no cuartel do Exército. O certificado de penais que solicita o xuíz e o informe que remite a policía na causa son reveladores.

> "(...) aparece procesado en sumario número 37 del año actual, por el delito de homicidio y lesiones, con motivo del asalto al Local de Falange Española."[737]

> "(...) desde que se inició el movimiento Militar, no volvió a su trabajo en la Factoría de Barreras en Coya, lo que fundadamente hace suponer que ha tenido alguna participación en la agresión a la fuerza armada. Confidencialmente se sabe que fue uno de los que tomo (sic) parte activa en el asalto al Centro Fascista, de resultas del cual resultaron varios muertos y heridos. Todos los informes recogidos respecto a este sujeto coinciden en que es un elemento indeseable."[738]

Sorprende que aínda con estes antecedentes sexa absolto exactamente igual que o resto de acusados. Neste caso, a súa absolución non determinará a súa liberdade, senón que pasará ao redor dun ano en prisión provisional da que so sairá para partir ao fronte co exercito rebelde. A súa volta, coa desmobilización do exercito en 1939, volverá a traballar na empresa Barreras e será unha peza fundamental na primeira reconstrución das estruturas de CNT.

Os demais encartados dos que sabemos que participaron activamente na resistencia e que son xulgados na causa 141/136 son: Ramón Martínez Rodríguez, secretario do *Sindicato de Confiteros*; Basilio Calvar Solla, *Sindicato de Obras del Puerto*, do que se afirma que figura

> "(…) entre los más extremistas de la C.N.T. aprovechando cualquier ocasión para hacer propaganda de la idea. No se ha podido comprobar de una manera exacta la participación que haya tenido en los sucesos revolucionarios, pero se presume que habrá actuado lo posible en Domayo, donde vive."[739]

Arturo Navarro Domínguez, contador do *Sindicato de Boteros y Lancheros* e German Parga Varela, fogoneiro, secretario xeral do SIP. Detido cos fondos do sindicato, unhas 18.000 pesetas e do que a policía informa que é un:

> "(…) individuo de pésimos antecedentes en los archivos de esta Comisaria (…) ha sido detenido e ingresado en la Cárcel en multitud de ocasiones por causas de huelgas y otros motivos de carácter sindical (…) Desempeñó un papel muy

[735] Causa 37/1936
[736] A sorte dos seus compañeiros de fuxida, todos membros do SUM-CNT, foi diferente á súa. Luis Quintas continuará fuxido pero será axudado e manterá contactos frecuentes coas estruturas libertarias clandestinas ate a súa detención en febreiro de 1950. Condeado a 25 anos de cadea. Olegario Collazo e Leopoldo Comesaña morreran en enfrontamento armado coa Guardia Civil ao ser descuberto o seu agocho na parroquia de Teis en abril de 1937.
[737] Informe de antecedentes penais en folio 158, causa 141/1936, AIMN
[738] Informe da policía 4297 no folio 158, causa 141/1936, AIMN
[739] Informe da policía 4270 en folio 156, causa 141/1936, AIMN

> importante en la huelga de parejas de pesca del año 1933 con ocasión de la cual se cometieron multitud de agresiones con armas de fuego y explosivos, no habiendo duda de que intervino en todos estos hechos criminales, sino como autor material, sí como perpetrador (sic) e inductor, ya que ejerce gran influencia sobre todos los elementos del sindicato.
> No se ha podido determinar de una manera cierta si intervino en los sucesos revolucionarios, aun cuando se cree que ha debido de tener intervención por cuanto se trata de persona que no se arredra por nada y más habiendo tomado parte casi todos los elementos de su Sineato (sic), digo sindicato"[740]

Este informe resulta curioso. Afirman, como en todos os casos, que non se sabe a ciencia certa si participou na resistencia contra o golpe, que si o fixo, pero si se afirma que casí todos los membros do seu sindicato participaron. Independentemente da curiosidade do informe, German é un dos asasinados xulgados neste consello de guerra. Unha vez absoluto permanece, xunto con Fernando Román, na cadea do Frontón, a disposición do Tribunal, pero o 10 de outubro de 1936 foi "sacado" polo tristemente afamado *guardia* civil Francisco González "*El Rabioso*" e paseado días despois, o día 12, na estrada A Coruña-Tui.[741]

Xa que logo, dende o noso punto de vista pódese concluír, que a participación ou non participación na resistencia contra o golpe en modo algún foi determinante para vitimización polo sistema de fusilamento. Algo que, por outra banda, xa afirmaban os propios sublevados:

"Son bastantes los casos de detenidos por los sucesos que en la memoria de todos están bien presentes, contra los cuales no existen cargos terminantes para ser enjuiciados por procedimiento militar, ni que obliguen a una detención gubernativa dilatada; pero que por sus anteriores simpatías hacia el nefasto Frente Popular en cualquiera de sus partidos igualmente comprometidos y odiosos, motivan que por parte de las Autoridades se les retenga en prisión por su peligrosidad que siempre hay que suponer en tales individuos (...)
> El magnífico espíritu que anima a las autoridades militares, justiciaras siempre, pero con una justicia paternal y benévola, que tanto les ennoblece y diferencia de los criminales instintos en que abundan los enemigos de la civilización europea y cristiana, que en España fue tradicional y fielmente guardada en los pechos de sus hijos, por atavismo y propia creencia y educación, me lleva a escribir estas líneas para estudiar el caso, no de personas comprometidas contra España, dirigentes marxistas, masones o judaizantes, sino el de aquellos otros que sin saber la trascendencia de sus actos y tal vez por cobardía calculadora, trataban de contemporizar con los cabecillas que trabajan por la destrucción de España, y han contribuido por un buen pasar, en caso del triunfo de las ideas extremistas (…)"[742]

Tal e como di o texto a participación neses "sucesos" non é determinante, pero si o seu pasado que os conduciu a tentar destruír a España.

Ao mesmo tempo, si pensamos que este sistema se aplicou como medio para eliminar á representación institucional democrática representada por alcaldes, concelleiros e outro tipo

[740] Informe da policía 4241, folio 132, causa 141/1936, AIMN
[741] Abad Gallego, Xoan C., "Una semblanza del Teniente de la Guardia Civil Francisco González "El Rabioso", *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, núm. 8, 2002, p. 61.
[742] Un español de corazón, "Patriotismo de todos", EPG, 24/10/1936

de cargo electo. Incluso aplícase a aquelas persoas de autoridade social xa fora por ser figuras de consenso, xa polo seu prestixio persoal. Estes atributos si foron determinantes para a súa eliminación. Igualmente, o asasinato mediante fusilamento foi empregado para eliminar aos leais dentro do corpo social principal dos sublevados: militares e forzas e corpos de seguridade.

Ao mesmo tempo, estamos certos de que os asasinatos, tanto por fusilamento como por paseo e por saca foron planificados, pero a planificación non chegou á determinación concreta das vítimas asociadas a un ou outro xeito de asasinato, senón aos sistemas e á determinación dun obxectivo absolutamente común. Así, existen unha multiplicidade de factores que determinaron a conversión en vítima ou a salvación, e entre esta multiplicidade de factores existen uns que son de carácter xeral, a necesidade de determinada man de obra, tanto para o mantemento "normal" da capacidade produtiva das industrias da retagarda sublevada en interese conxunto do beneficio empresarial e das necesidade de guerra, imperiosas sobre todo nos primeiros momentos do conflito. Pero tamén existe factores de carácter particular: amizades que se tornan valiosas, contactos que afloran para lograr salvacións… relacións todas elas dinámicas con son

> "(…) dinámicas las interrelaciones entre los individuos y consecuentemente no existen relaciones inequívocas constantes entre perpetradores y potenciales víctimas, o entre un perpetrador concreto y el conjunto de las potenciales víctimas, o entre el salvador, el salvado o la víctima."[743]

Neste sentido cómpre descatar o carácter das relacións que establecen os salvadores. Estamos ante unhas relacións non unívocas: pódese actuar como salvador dunha persoa ao tempo que se é asasino doutra. Temos exposto anteriormente o caso do amigo falanxista salvador de Fernando Román Rodríguez, Enrique Romero González. Parece evidente que Enrique forma parte imprecindible do proceso de salvación de Fernando, pero non é un salvador digamos "absoluto", de feito, Enrique foi obxectivo das partidas guerrilleiras que actuaron pola zona. Nun informe sobre as "vítimas de los rojos", de agosto de 1942, unha partida guerrilleira "visita" a Perfecto Pérez Nieto (falanxista da parroquia de Sárdoma da que tamén era veciño Enrique) que resulta asasinado, pero estes guerrilleiros non buscaban a Perfecto, senón a Enrique do que querían coñecer o paradeiro. Foi ao negarse Perfecto a desvelalo cando foi morto. Porqué un salvador resulta buscado por unha partida de guerrilleiros? Non hai moito que supoñer sobre a pregunta, nin sobre as intencións que os guerrilleiros tiñan[744].

Pero tamén existen asasinados que non pasan por todo ese proceso legal que con leva un consello de guerra. Estamos a falar do que comunmente se coñece como paseados. Remitímonos a excelente análise que fai Buxeiro na súa tese sobre o emprego deste concepto e da multiplicidade de supostos de asasinatos que engloban. El detecta dous principais, as sacas e o asasinato tras detención[745], por desgraza o nivel de coñecemento destes paseos para a comarca de Vigo aínda non permite facer unha análise que aporte luz das diferentes tipoloxías que presenta. De feito os datos obtidos ao tentar reproducir este proposta para a nosa zona arroxan unha muro dificilmente salvable: dun 70,59 % dos paseados non temos máis información que a data da aparición do seu cadáver, descoñecendo cales foron as

[743] Román Lago, Isidro, "Supervivientes, salvados y salvadores…
[744] "Informe sobre las víctimas habidas en esta ciudad por las hordas rojas" do 21 de agosto de 1942. AHPP, Xefatura Provincial del Movimiento, Correspondencia 1941-1946, Caixa 183, p. 363.
[745] Bruxeiro, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia…* p. 243

circunstancias do seu asasinato. Para o outro 29,41 % si temos coñecemento, pero a cativa porcentaxe e a fragmentación de circunstancias dificilmente unificables impídemos facer máis que constatar este feito[746]. Así as cousas, aínda que somos plenamente conscientes de que a tese defendida por Buxeiro é a máis correcta, non temos outra posibilidade que seguir a empregar a distinción tradicional sen poder penetrar no que se agocha tralo concepto de paseado.

Para tratar este colectivo para nada uniforme procederemos do mesmo xeito que acabamos de facer para os fusilados, preguntándonos quen son os asasinados extraxudicialmente? Para isto, igual que para os fusilados, empregaremos comparativamente as dúas fontes, a base de datos do proxecto Nomesevoces e a nosa propia base de datos. A nivel numérico existe un desfase entre as dúas bases de datos, mentres que no proxecto figuran como paseados, desaparecidos (en realidade tan so 1 das persoas que aparecen neste ítem é desaparecido, xa que as outras 7 sábese que foron asasinadas e así o reflicten as súas fichas no proxecto) e mortos (outras tipoloxías) 282 persoas, na nosa base de datos esta se incrementa ate as 331. O desfase de 49 persoas é absolutamente asumible e lóxico ao estar a comparar unha base de datos xeral, para o conxunto de Galiza, e unha que unicamente atende a un zona xeográfica moi limitada. A nivel análise dos datos a realidade que reflicten as dúas bases de datos é practicamente a mesma (Gráfico 21), agás un incremento de case un 13 % nos asasinados que desenvolven unha actividade laboral por conta propia, que aínda porcentualmente significativo pensamos que non é relevante na análise global.

Tal e como argumentamos cando falamos da causas dos fusilamentos, non aparecen entre os paseados representantes institucionais o que ben a confirmar que foron eles o obxectivo prioritario desa modalidade de asasinato legal. O mesmo ocorre con aquelas persoas que definimos para os fusilamentos como "leais" integrantes das forzas de seguridade. Aínda que si aparecen paseados destas características a súa porcentaxe é ínfima, o 0,71% na base de Nome e Voces e o 1,06 % na nosa base. En todo caso, os datos sobre os paseados veñen a confirmar tamén que o sector máis afectado por este tipo de asasinato foron, igual que no caso dos fusilados, os traballadores por conta allea, ou sexa a clase obreira. Un 68,79 % dos paseados como mínimo –Nomes e Voces- pertencen á clase obreira, fronte a un 6,38 %, como máximo, –datos da nosa base- ás chamadas profesións liberais e traballadores por conta propia.

[746] Este 29,41 % coñecido divídese en: 6,22 % tiñan unha requisitoria, polo que estaban buscados polas autoridades sublevadas; 6,92% a través de sacas 3,81 % mortos en combate ao seu descuberto o seu agocho pola forza pública; 4,15 % mortos na súa casa o no hospital a consecuencia de feridas feitas pola forza pública; 7,27 % corresponden a paseados despois de efectuada a súa detención; 0,35 % suicidados despois de detidos; 1,04 % paaseados despois de que o seu caso fora sobreseído por un tribunal e outro 0,35 % asesinado despois de desertar.

Gráfico 21

A quen pasean. Extración laboral dos paseados



Cómpre, xa que logo, indagar cales son os sectores destes traballadores por conta allea nos que a represión incide para ver si existe algún deles no que destaque especialmente. A nosa hipótese de inicio era que a situación previa determinou, en gran medida, a incidencia dos asasinatos[747]. Tendo en conta os sectores produtivos máis activos na etapa republicana a incidencia dos asasinatos debería de terse producido no metal, no sector pesqueiro-conserveiro e na construción.

Tal e como se pode apreciar no Gráfico 22, confirmouse, pero só parcialmente a nosa hipótese. En primeiro lugar, dous dos sectores nos que presumiamos unha maior incidencia de asasinatos, o conserveiro-industrias do mar e o da construción, acadan os maiores nivel de represión nas dúas bases de datos comparadas: 19,07 % para a construción e 17,53 % para as industrias do mar na base de datos de Noves e voces (17,60% e 16,74 respectivamente na nosa base de datos). Non obstante, na nosa hipótese inicial non se tivo en conta o sector dos transportes (ferroviarios, choferes, tranviarios, empregados de teléfonos…) e a porcentaxe de asasinados mediante paseo neste sector é máis elevada que no sector do metal tomando calquera das dúas bases de datos. Un 12,45 % do sector do metal fronte a un 16,74 % dos transportes, a partir da nosa base de datos. A vantaxe do sector do transportes aínda é máis grande si se toman os datos de Nomes e Voces, un 10,31 % dos asasinados no metal fronte a un 17,53 nos transportes.

[747] Tamén Julita Cifuentes e Maria del Pilar Maluenda establecen esta relación entre actividade sindical conflitiva previa e posterior represión na cidade de Zaragoza. Cifuentes, Juliata e Maluenda, Maria del Pilar, "De las urnas a los cuarteles…", pp. 54-65

Gráfico 22
Incidencia asasinatos por paseo a nivel sectorial



Os motivos deste erro na hipótese inicial pensamos que obedecen a dous motivos fundamentais. Por unha banda, non se tivo en conta a hora de elaborar a nosa hipótese inicial os procesos de salvación que xa describimos no sector do metal e que seguramente foron máis limitados no sector dos transportes. E en segundo lugar, minusvalorouse o conflito dos tranviarios que forzan á empresa a renunciar á potestade de contratación libre de persoal e incluso ao despedimento de traballadores que as organizacións sindicais consideraban "prexudiciais" para o clima de traballo. A exclusión dos tranviarios no sector dos transportes reduciría en máis dun 12 % a incidencia dos asasinatos neste sector –nas dúas bases de datos- e a hipótese inicial quedaría totalmente confirmada. Precisamente esta "comprobación" excluíndo aos traballadores dos tranvías do sector dos transportes, tamén se pode empregar para reforzar a nosa tese da vinculación dos asasinatos coa actividade político sindical previa, xa que é nos tranviarios onde esta é máis potente, e é nos tranviarios onde máis asasinados se producen, un sector, ademais, afectado pola reivindicación do control da contratación por parte das organizacións obreiras.

Fáltanos aínda coñecer cal era a posición político ideolóxica dos paseados, igual que fixemos no caso dos fusilados. Aquí as diferenzas entre a base de datos Noves e voces e a nosa propia base de datos, son significativas. Si no caso dos fusilamentos, Nomes e voces ten bastantes eivas como xa vimos, no caso dos paseados as lagoas impiden calquera tipo de análise sobre as relacións entre asasinados paseados e a política previa. Non é que a nivel historiográfico teñamos que matizar esta relación, como xa vimos que algún propón, é que a nivel empírico cos datos dispoñibles é imposible establecer calquera tipo de relación, o que evidentemente, non quere dicir que esta non existise. O Gráfico 23 reflexa estas lagoas para o actual concello de Vigo.

Na nosa pescuda puidemos reducir considerablemente o 87,94 % de descoñecidos, pero a vinculación política destes aínda está por debaixo do 50 % de asasinados (Gráfico 24) . Así

tan só coñecemos a militancia para un 43,81 % que aínda que supera amplamente o 12,06 % que ofrece a base de datos Nomes e voces, non deixa de ser unha porcentaxe limitada.

Gráfico 23
A quen pasean. Posición idelóxico-política



Elaboración propia a partir dos datos do Proxecto Nomes e Voces

Así as cousas, unha análise baseada na posición política do conxunto dos asasinados mediante os paseos non deixará de ser absolutamente provisional e indicará tan só unha tendencia posible. Aínda así hai unha serie de datos que se desprenden deste 43,81 % dos asasinados mediante paseo que pensamos poden resultar interesantes.

En primeiro lugar, das porcentaxes que reflicte o Gráfico 24 do conxunto que coñecemos, reforzase a idea da eliminación dun sector dos traballadores maioritariamente comprometidos cunha posición ideolóxica que poderiamos definir como obreirista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 24
A quen pasean. Posición ideolóxico política



Elaboración propia a partir dos datos da nosa base de datos

As outras opcións non chegan en conxunto ao 10 % dos asasinados. Ao mesmo tempo, si poñemos a lupa sobre os asasinados optemos uns datos realmente interesantes. Dos 151 asasinados dos que coñecementos a súa posición política, o 63,58 % (97 persoas) tivo ou tiña no momento do golpe de estado un cargo político, sindical ou asociativo, non obstante, na nosa base de datos temos rexistrados, a maiores, 1372 cargos políticos, sindicais e sociais entre 1931 e 1936. Ou sexa os asasinados sobre o conxunto dos cargos coñecidos é de tan só o 6,60 %, ou o que é o mesmo o 93,40 % dos cargos políticos, sindicais e sociais do período republicano, sobreviven. Tal vez, á luz destes datos os que defenden a catalogación dos asasinatos masivos entre 1936 e 1945 como xenocidio, deberían reformular as súas hipóteses. Pero o principal, dende o noso punto de vista, é a pregunta que xurde unha vez postas á luz estas cifras. Cun universo tan amplo, 1469 persoas tan só para o actual concello de Vigo, de cadros políticos, sindicais e sociais, onde "tan só" 97 resultan asasinados, quen son a nivel político os 251 asasinados mediante paseo dos que coñecemos a súa militancia?

Descartamos que sexan cadros políticos ou sindicais xa que de selo o máis probable e que deixaran unha pegada pública antes do golpe, cousa que non pasou. Non podemos saber si militaban ou non nalgunha organización, xa que as listaxes de militantes para os dous grandes sindicatos non están dispoñibles. Pero, si non son cadros, que determinou a súa conversión en vítimas? Son "simplemente" resistentes? Pensamos que a clave pode estar no obxectivo dos asasinatos. Os asasinatos, tanto por fusilamento como por paseo, na nosa opinión non deben ser relacionados cun recurso exemplarificador, senón como un mecanismo de propiciación do terror. Asumimos a tese sostida por Buxeiro e que tamén está presente na investigación de Aldara Cidrás que xa matizamos máis arriba

> "(...) podemos afirmar que, en Galiza, as grandes matanzas perpetradas durante os primeiros meses tiveron lugar nun período no que as autoridades golpistas exercían un control incontestabel sobre o territorio, que lles permitiu actuar de xeito controlado e sostido no tempo. Nesta situación, moitas da vítimas optaron

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> por continuar coa súa vida, baixo a premisa de que non ían sufrir a violencia que chegaron a sufrir"[748]

Efectivamente, é a descrición dunha reacción "normal". Non fuxiron porque na súa análise non había, en principio, nada que temer ou nada que fixera plausible a súa conversión en vítimas. Polo tanto non estaban incursos en ningunha das teóricas circunstancias que motivaron os primeiros asasinatos: resistencia ao golpe, no caso da tese sostida por Buxeixo, destacado compromiso militante, no caso sostido nesta investigación, ou a suma de ámbalas dúas. Non obstante, despois dos primeiros mortos en combate orixinados pola teórica resistencia armada e das detencións dos representantes institucionais, membros das forzas e corpos de seguridade do Estado e líderes políticos e sindicais, comezan a aparecer mortos que non reúnen, en principio, ningunha das características "necesarias" para a súa vitimización. Esta nova realidade transmite á sociedade que o abano das posibles vítimas se abre e que o asasinato se convirte en aleatorio, dende a perspectiva da posible vítima. Todas as persoas que non tiveran ou teñan no momento dos feitos unha actitude de total apoio ao golpe, pasan a ser susceptibles de converterse en vítimas e ao mesmo tempo que todas pasan a ser susceptibles de salvarse. Estamos ante a creación do que se coñece como incerteza non deliberativa ou externa, onde o suxeito non sabe si vai sufrir violencia e onde ademais non depende del que suceda o non suceda.

> "Una razón es *epistémica* para temer (etc.) que *p, solo si* es una razón para creer que es al menos posible que p" o, dicho de otra forma, "una oración enuncia una razón epistémica de *S* para temer que *p*, si y sólo si enuncia una razón de *S* para *no estar seguro* de que ~ *p*."[749]

Esta proposta do asasinato aleatorio posibilita integrar nela a chamada violencia "incontrolada", aquela efectuada por partidas de asasinos, *guardias civiles*, cívicos, falanxistas... Esta non serían máis que un intento de incrementar a incertidume. Asumindo esta formulación o concepto de violencia introlada desaparecería ou non correspondería a realiadade, xa que non existe ningunha acción, falando a nivel xeral, que non estivera "planificada" en tanto en canto parte integrante do xeito de violencia asumida como necesaria polos golpistas. Esta violencia aleatoria onde non existe a posibilidade de accións incontroladas, no fondo, non deixa de ser nada máis que o seguimento estrito das famosas consignas do Xeneral Mola.

Como consecuencia deste asasinato aleatorio podemos atopar entre os superviventes a líderes dunha traxectoria pública incontestable, ademais nunha porcentaxe incriblemente alta como acabamos de ver, e asasinados que a nivel público non teñen ningunha transcendencia nin na resistencia ao golpe nin na actividade político sindical previa. É a aleatoriedade. Esta aleatoridade busca a creación de incerteza, incerteza que é imprescindible para xerar medo, e polo tanto, control social. Dende esta perspectiva o terror non é máis que unha ferramenta política que se emprega de xeito constante contra un sector da sociedade e que resulta imprescindible para sentar as bases da creación da nova sociedade[750]. Non hai que esquecer que esta violencia xeradora do terror foi, sobre todo na retagarda dos sublevados, un requisito

[748] Bruxeiro, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia…* p. 239.
[749] Hansberg, Olbeth, "Miedo e incertidumbre" *Crítica, Revista Hispanoamericana de Filosofía*, vol. XXVI, Núm. 76-77, abril/agosto 1994, p. 158.
[750] Robin, Corey, *El miedo…*

previo para construír o novo poder[751]. Así, cómpre deixar claro que os sublevados non pretendían, por imposible, o exterminio de todos os opositores ou dos potencialmente opositores, senón o que Foucault chamaba a "normalización disciplianria" creando un modelo onde se sentiran identificados os individuos que compoñen ou van compoñer a nova sociedade[752]. E aínda que a "normalización disciplinaria" permite a existencia de disidentes (potencialmente todos os supervivintes) que se integrarían na normalidade do novo sistema, tamén requiriu a existencia dun terror previo que paralizase a unha sociedade que como temos visto caracterizábase polo seu dinamismo e as amplas doses de autoorganizacion social. En todo caso, non debemos de ver nos disidentes a esas persoas de difícil integración polo feito de ser disidentes, senón nos inadmisibles para o novo réxime. Onde si ben todos os inadmisibles son disidentes, non todos os disidentes resultaban inadmisibles[753].

7.2. VIDA COTIÁN E MOBILIZACIÓN SOCIAL

Neste apartado tentaremos ofrecer unha visión de como se modifica a vida contía dos cidadáns a partir do trunfo do golpe de estado. Resulta obvio que nunha situación de guerra a vida cotián dos habitantes das zonas en conflito vese fortemente alterada. Porque aínda que non houbo frontes de batalla en Galicia, si houbo guerra dende a perspectiva de que un conflito armado non só existe ou ten repercusións a nivel militar, senón tamén a nivel social, máis, cando estamos a falar dunha guerra civil. O trunfo do golpe de estado posibilita aos sublevados iniciar o proceso de creación da nova comunidade nacional, a imaxinada nos seus respectivos imaxinarios. Nós trataremos a vida cotián dende a mesma perspectiva que a tratamos cando falamos dela no período republicano, centrándonos nas actividades de lecer, culturais e deportivas, pero ademais falaremos de como as demandas de mobilización das novas autoridades inciden tamén nesa vida cotián. Lonxe da nosa intención é facer sequera un intento de chegar ás reinterpretacións das "realidades" "subxectivas" que se producen a nivel local, bástanos con tentar comprender as obxectivas canto máis as "subxectivas". En todo caso coidamos que é preciso sinal que tentar ofrecer unha visión a ras de chan ou unha visión de como se transforma o cotián non significa forzosamente nin asumir que a lupa do historiador debe desprazarse aos suxeitos individuais como fin da análise nin ás súas experiencias subxectivas[754].

Ao mesmo tempo, e volvendo á nosa proposta concreta, consideramos que existen dous grupos sociais sobre os que inciden dun xeito especial os discursos, que se pretenden performativos, das novas autoridades: as mulleres e os nenos e mozos. Consecuentemente, faremos unha breve descrición do que supón para estes dous grupos o trunfo do golpe de estado.

A principios de agosto de 1936 a folga xeral convocada para impedir o trunfo da sublevación militar tiña sido sufocada en Vigo. A Xestora municipal que se fai cargo do concello tentaba, unha vez que se consegue a volta ao traballo, prepárase para realizar unha inxente labor de

[751] Gómez Bravo, Gutmaro e Pérez-Olivares, Alejandro, "Las lógicas de la violencia en la Guerra Civil: balance y perspectivas historiográficas" *Std. Hist. Hª. Cont*., núm. 32, 2014.
[752] Foucault, Michel, *Seguridad, territorio, población: curso en el College de France (1977-1978)*, Bos Aires, Fondo de Cultura Económica, 2006, p. 67.
[753] Offe, Clauss, "La <<barbarie>> moderna…" p. 35
[754] Ferris, Kate, "Utilizar la Alltagsgeschichte para entender la experiencia vivida de la dictadura fascista italiana", *Ayer* núm. 133, 2024.

depuración entre o persoal municipal. Mentres no veciño concello de Lavadores as forzas vivas non demostraban interese algún en reorganizar e ocupar as estruturas do poder municipal[755], tal vez porque o seu obxectivo final para Lavadores era simplemente deixalo desaparecer como entidade local autónoma como finalmente ocorre en 1941.

> "En todas las regiones dominadas por el alzamiento nacional reinan el orden y la alegría. Se trabaja en todas partes. Los pueblos y las ciudades disfrutan ya de la paz y la fraternidad humanas, que han sucedido a aquellos días de luchas y de enconos. Las autoridades militares, (…) obran con energía y tacto exquisitos,(…)"[756]

Efectivamente, a intención das novas autoridades é dar unha sensación de normalidade unha vez que a resistencia fora vencida. Inmediatamente suspéndese o toque de queda e CXMV autoriza a realización de espectáculos públicos ate as 21:30 da noite e permite aos vigueses e viguesas que podan volver a pasear polas rúas ate ás 22:30, advertindo que pasada "esa hora, cuantos grupos de observen en las calles serán disueltos por la fuerza previo aviso"[757]. Ese mesmo día sabemos que os cines da cidade volven a ter función. Era o 2 de agosto, aínda que un tanto precipitadamente, o dous de agosto aínda hai moitos sectores en folga, a vida parece retomar un ritmo de normalidade dun verán que se promete caloroso.

O discurso marco dos sublevados estaba creado como vimos moito antes da propia sublevación, polo que unha esta trunfa só debe de adaptarse a nova situación. Xa non se trata, tan só, de mostrar ao rival político como inimigo extranxeiro que ven a destruír a nación e todos os seu atributos tradicionais, senón que agora o discurso debe ter capacidade de mobilización e capacidade performadora: ao redor del deberase ir construíndo a nova comunidade nacional. Precisamente por iso, na construción desa nova comunidade nacional un dos feitos prioritarios e borrar todos os rastros da anterior etapa republicana que fan referencia a unha comunidade nacional que se quere extirpar. Este borrado tentarase facer a todos os niveis. O borrado comeza moito antes da declaración de ilegalidade das organizacións políticas e sociais que dalgún xeito participaron e/ou apoiaron á FP de setembro de 1936[758]. Previamente tómanse unha serie de medidas prácticas sobre a destrución simbólica do que fora o réxime republicano e as súas institucións. Non nos estamos a referir á imposición dos novos símbolos nacionais, senón a feitos máis a ras de chan, que fixeron visible, dende os primeiros momentos da toma do poder local polos sublevados, a fin da etapa anterior.

> "OCUPACIÓN DE CASAS DEL PUEBLO.- El Jefe nacional en sus últimos contactos expresó sus deseos de que una vez comenzado el Movimiento insurreccional contra los rojos, la Falange ocupara todas las Casas del Pueblo y centros anarquistas y sindicalistas, colocando su bandera en los mismos, como un acto simbólico; aprovechando para nuestros servicios los locales y muebles debiendo implantarse estas medidas tanto en las capitales como en los últimos pueblecillos.
> (…)

[755] A Comisión Xestora do Concello de Lavadores (CXML) constitúese, por orde do Gobernador Civil o 3 de setembro de 1936. Acta de constitución da CXML do 03/09/1936, LAV. 6.5, AMV.
[756] Alocución radiofónica de Franco, reproducida polo EPG, 04/08/1936.
[757] EPG, 02/08/1936
[758] Decreto 108 do 16 de setembro de 1936. BOJDN, núm. 22.

> Esta ocupación de edificios marxistas y anarquistas tiene un sentido sombólico (sic) que hay que imponer a las masas proletarias, las cuales, al ver ondear nuestra bandera en sus centros comprenderán cual será el desenlace último de la revolución nacional contra los rojos."[759]

E así foi en Vigo, inmediatamente triunfou a sublevación e se asentaron as novas autoridades. A Xefatura de Mando Provisional de FE-JONS o tiña moi claro, había que empregar elementos simbólicos para que a poboación, e en particular os traballadores, foran conscientes na súa vida diaria que a situación trocara radicalmente e que esa vida anterior quedara definitivamente atrás. Porque coa ocupación da Casa do Pobo non só se ocupaba un espazo de sociabilidade política xestionado polos propios traballadores, senón que tamén se tomaba posesión dun espazo de lecer e vida cultural. Todos eses referentes quedaban destruídos coa instalación de FE-JONS neses locais. Pero a conquista dun espazo referencial non pretende só a simple ocupación. Pretende a resignificación do local que se sitúa, neste caso, nun plano metafórico. A Casa do Pobo representa á propia España, e a súa ocupación simboliza a volta de España verdadeiro pobo. España será recuperada para a verdadeira España. Así o expón o Xefe Provincial de FET-JONS, Jesús Suevos e Felipe Sánchez, comandante militar da praza no acto de inauguración dun comedor do Auxilio Social na antiga Casa do Pobo

"(…) en el que un día fuera cobijo de esa hidra de siete cabezas que se llama marxismo.
> En lo que fueran cuevas de la casa, en las que quizá crímenes materiales se cometieron -de los morales no hay que hablar, pues están en la mente de todos- (…). [Agora si pode chamarse Casa do Pobo], "pues en ella tienen acomodo los hijos de los que un día envenenados frecuentaron aquel antro."

"(…) el hallarse en esta casa que fue un día cobijo de malvados y enemigos de la Patria, parece providencial, ya que la Falange E. T., que es la llamada a laborar por la política social del Nuevo Estado, tiene hoy aquí su sede."[760]

Pero estas primeiras ocupacións simbólicas non só afectaron aos locais pertencentes ás organizacións políticas e sindicais. Outros, incluso de propiedade privada pero cunha forte carga simbólica no período anterior son tamén ocupados. Así lle ocorre á emblemática sala de baile, local de celebración por excelencia de mitins das organizacións esquerdistas durante o quinquenio republicano, *Danuvio Azul* que pronto será requisado polo Exército para fixar no que fora, tamén, un mítico lugar para o lecer das clases populares, nada máis e menos que o cuartel das Milicias Voluntarias de Vigo[761]. Máis tarde irán caendo nas mans das organizacións que os sublevados irán creando para o encadramento da poboación os locais dos partidos e sindicatos, pero xa non revestirán, dun xeito tan evidente, o emprego simbólico destes dous locais, agás a ocupación do local do SAT por FE-JONS, que finalmente correrá a mesma sorte que a Casa do Pobo e será empregado para instalar nel a delegación parroquial dos servizos do Auxilio de Social en marzo de 1937[762]: a caridade dos triunfadores ofrécese dende a sede dun dos sindicatos agrarios máis potentes da provincia e parte integrante fundamental do imaxinario agrarista de toda Galiza.

[759] Circular núm 5 da Xunta de Mando Provisional de FE-JONS do 11 de setembro de 1936, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1776-1778.
[760] Discursos de Jesús Suevos e Felipe Sánchez na inauguración dun comedor do Auxilio Social na antiga Casa do Pobo, EPG, 27/06/1937.
[761] A referencia ao emprego como cuartel das Milicias Voluntarias en FDV, 02/08/1936
[762] EPG, 03/03/1937

USC

Pero a destrución dos símbolos locais máis achegados aos cidadáns no seu día a día tamén afectou a asuntos en aparencia nimia: os carteis e máis as pintadas das paredes, que nese intre debían ser moitas ao ter pasado relativamente pouco tempo do proceso electoral. Así o 2 de agosto de 1936 o concello concédelles un prazo de 72 horas aos propietarios de edificios, muros e tapias de fincas para que borren ou arrinquen todo cartel e pintada "subversiva"[763]. Unha medida esta que ben pode asociarse ao renomeamento de rúas e a retirada de simboloxía "disolvente" que se producirá posteriormente e que outra vez nos remite ao borrado de símbolos referenciais cotiáns para a cidadanía.

A substitución de referentes no rueiro por novas iconas do nacente Estado ou a destrución dos símbolos por apropiación e as novas representacións simbólicas non só afectan aos bens inmobles ou aos discursos formativos da comunidade nacional. Esa nova comunidade que se vai conformando dende o 20 de xullo

> "(...) no solo devuelve a la Patria la tranquilidad y el orden, tan necesarios, sino que, además extermina la mala hierba que, alimentada por el ciego materialismo de un pueblo semi asiático, emponzoñaba la convivencia nacional y amenazaba con reducir a polvo hasta los mismos cimientos de España y de nuestra civilización occidental."[764]

Precísase, pois, unha escenografía máis potente que supere e representación externa e que inclúa aos propios cidadáns, o que Núñez Seixas e Moreno Luzón cualificaron de "imaginería patriótica" que contribúe decisivamente a "reforzar la dinámica de movilización social proautoritaria"[765]. Esta, necesariamente, debe que adoptar unha nova estética que represente esa nova e á vez vella España que combate nas frontes. Así a estética dos cidadáns debe ser modificada ao tempo que son modificados os seus pensamentos. Estas modificacións da representación estética das persoas afectan directamente ás opcións máis persoais sobre a propia imaxe, asunto no que os golpistas non pensaron renunciar. A normalización disciplinaria focoultiana atopará un campo onde realizarse na propia representación persoal do cidadán nas súas interaccións co resto da comunidade. O individuo como tal individuo debe demostrar visiblemente, en todo momento, a súa adhesión á nova comunidade.

> "LA INSIGNIA NACIONAL PRENDIDA AL PECHO significa orgullo de ser español. EL QUE NO LA LLEVA NO ES DIGNO DE ESTAR CON NOSOTROS"[766].

Mesmo o Xeneral Millán Astray afirma, ou iso nos conta a prensa, nunha entrevista que lle concede a Juan Brasa co gallo da súa visita a Vigo en setembro de 1936, que existen 9 accións que reflicten o bo comportamento como cidadán, entre estas hai dúas que entran plenamente nestes intentos de control das representacións estéticas dos cidadáns. A primeira o "saludo ciudadano" que debe ser considerado a base da disciplina e o respecto e que ademais

> "(...) en las ocasiones debidas, debe ser considerado como obligatorio, y además sirve como prueba de entusiasmo, de lealtad, o, por lo menos, de acatamiento. El que

[763] FDV, 02/08/1936
[764] "Viva España", editorial de IC, núm. 26, xullo de 1936.
[765] Moreno Luzón, Javier e Núñez Seixas, Xosé M., *Los colores de la patria*..., p. 269.
[766] EPG, 10/09/1936

> ostensiblemente niegue o eluda el saludo ciudadano, demuestra, por lo menos, tibieza de su patriotismo"[767].

Finalmente, o saúdo á romana supera esta consideración de expresión de simple adhesión para converterse en obrigatorio como xeito de saúdo ás autoridades representando a "forma plástica del acatamiento o adhesión a lo dispuesto por el Caudillo y por tanto al Movimiento glorioso que salva a España"[768]

A segunda "recomendación" do Xeneral Astray son os "vivas" de contestación ou de adhesión que se producen nas manifestacións ou actos públicos. Estes "vivas" constitúen unha especie de manifestación de fe, de unidade e asentimento colectivo, pero tamén se interpreta como un reto ao inimigo. Dentro destes "vivas" o Xeneral afirma como imprescindible, o "Viva España" que debe de acompañar aos resto de "vivas". Por outra banda, os "vivas" a persoas só deben producirse se estas son mandos de tropas.

Pero estas modificacións non se refiren só a adornos ou a litúrxia oral no día a día e nas mobilizacións, senón que teñen tamén a súa manifestación na proliferación homes e mulleres uniformados polas rúas: camisas azuis, pardas, negras, caquis… conforman unha nova realidade cotián nas cidades, da que Vigo non é unha excepción. Certo é, tamén, que co paso do tempo, este tipo de adhesión simbólica de carácter persoal, presenta problemas pola súa simplicidade, por carecer dos atributos que demostren unha implicación verdadeira e como tal, como superficial, pasará a ser criticada. As críticas centraranse na ausencia de verdadeiro sacrificio efectuando unha comparación entre a retagarda e a fronte, entre verdadeira entrega e simple simulación que será xeneralizada a partir de 1937.

> "(…) se titulaban patriotas, se agazapaban, se escondieron, pusieron mil escusas pretextos para no tener que empuñar el fusil. Para esto, él [o voluntario falanxista verdadeiro] tuvo una sonrisa de desprecio y desdén (…)"[769]

Incluso esa proliferación de uniformes e de cores será atacada e ridiculizada, andado o tempo, polos sectores que se consideran a si mesmos como os verdadeiros representantes da revolución española

> [O] "(…) entusiasmo se reflejó en el heroísmo indiscutible de nuestro Glorioso Ejército y en las primeras milicias que se lanzaron a la Reconquista de España. Surgieron más tarde otras…
> A engrosar dichos grupos se apretaron jóvenes, viejos, niños, mujeres, etc., etc.
> Los desfiles se sucedieron y los aplausos se repartieron con mayor o menos entusiasmo.
> En los hogares se discutió qué uniforme se adoptaría en la familia. Surgieron discrepancias en algunos, más o menos ideológicas, y…, por fin, se adoptaron resoluciones de compensación y reparto proporcional.
> Se reunió sobre la mesa el escaso y fofo entusiasmo ideológico de los miembros de la casa, y se repartió buenamente… El papá saldría vestido de

[767] As 9 normas do Xeneral Millán Astray en EPG, 06/09/1936. Días despois nunha nota recadrada no EPG aparece unha referencia ao saúdo cidadán, ou saúdo fascista, "somo latinos y este es el saludo de nuestra raza". EPG, 22/09/1936
[768] Decreto 268, en EPG, 29/03/1938.
[769] Selidor (a), "Al regreso", artigo "enviado por la Jefatura Provincial de Prensa y Propaganda (Sección Prensa)", EPG, 25/12/1936

> "tirio": la mamá, de "troyana", y los peques, de "churrifanfanguis". De ese modo quedarían a bien con todos.
> La casa fue una guardarropía teatral y el hogar se transformó en una "petit Societé des Nations" o en un secreto y ridículo "Comité de no intervención familiar"
> Dudamos, con fundamento, que en un lugar de esta clase pueda existir un ideal sincero y profundo. ¡No es posible!"[770]. (EPG, 14/04/1937).

No fondo, dende determinados sectores falanxistas, subsiste a idea da mobilización, do compromiso e do combate como un acto de sacrificio. Só o sacrificio por España, que está representado dun xeito definitivo no combate na fronte, borra dun xeito case definitivo a sombra da sospeita que planea dende os primeiros dias do golpe sobre a práctica totalidade da poboación.

"Se resiste uno a creer que el que teníamos por amigo, y estrechábamos su mano, o cuando menos por persona honorable ajena a la complicidad en las jornadas horrorosas preparadas con la más refinada crueldad y las ruindades más agravantes, pudiera ser nuestro asesino y de nuestros hijos o factor directo en la comisión de tales asesinatos.
Repetimos que buena parte de la labor ruin contra la Patria y sus más destacados valores y contra el mismo pueblo sin exceptuar mujeres y niños, realizada por el comunismo y sus secuaces del izquierdismo, se debe a indiscreciones y a la buena fé de millones de españoles. Aprendamos debidamente la dolorosa lección y no volvamos a hacer en tales ligerezas que conceptuábamos nimiedades. Y no lo son."[771]

Sacrificio e guerra, cruel pero fermosa en tanto que revitalizadora e conformadora dun novo ou dun renacer do verdadeiro espírito da españolidade e dun imaxinario novo, a comunidade de combatentes que se convertera a partir de abril de 1939 na comunidade dos vencedores, igual de imaxinaria e simbólica que a comunidade de combatentes.

"La guerra es dura, pero es deporte de hombres. ¡Afuera los cobardes, los afeminados! No tienen puesto entre los soldados de España, entre los milicianos de Falange. La guerra es dura, pero hermosa."[772]

É precisamente a mobilización inmediata que os sublevados conseguen na retagarda, en Vigo e a súa comarca, e que se manifesta a nivel práctico no rápido recrutamento da primeira compañía de milicias voluntarias, o que marca unha especie de mínimo esixible que se debe de concretar no mantemento da "tensión" da mobilización so pena de ser identificado como elemento "acomodaticio", sobre todo dende unha óptica falanxista[773].

"Prólogos trágicos del 19 de julio de 1936; los judíos alzan las manos a la romana –sin virilidad, a escondidas- para agarrarse al clavo ardiente del haz español. Se está en pleno dilema ineludible, o Roma o Moscú.

[770] O texto aparece na sección "Claridad Azul" do EPG, 14/04/1937
[771] "Necesaria discreción", editorial FDV, 09/09/1936.
[772] Torrente Ballester, Gonzalo, "Banderín", EPG, 23/12/1936
[773] O 5 de agosto de 1936 a prensa anuncia que se pechan as solicitudes para integrarse na primeira compañía das Milicias Voluntarias de Vigo, motivo polo cal o comandante militar da praza, Felipe Sánchez, decide a partir un novo período para forma unha nova compañía de voluntarios miliciáns. EPG, 05/08/1936. Nestas primeiras compañías de voluntarios integraranse osmozos militantes de FE-JONS e máis das JAP. EPG, 06/08/1936.

> Barruntos de victoria plena. Paz recobrada de la retaguardia. El oro de los judíos ya se les hace seguro en la bolsa costrosa, al amparo de los fusiles de soldados y milicianos. Fechas de amanecer en Enero de 1937. Ya no levantan la mano. Se buscan sitios y emplazamientos más cómodos. Falange es dura, los haces vienen con ansias firmes y rectas de clara justicia social. El dilema ineludible se esfuma. Hay terceras posiciones insípidas y eclécticas. Surge el signo fatal de la triangulada masónica."[774]

Pero a extirpación da hidra anti española das conciencias dos cidadáns da que falaba o Xeneral Franco no desfile da vitoria, precisaba máis que recursos simbólicos estéticos persoais ou sociais, ademais dos consabidos asasinatos, persecucións e depuracións. Precisaba que estes foran acompañados dun discurso que debía ser transmitido como ensinanza imprescindible para integrarse na comunidade que se estaba a formar, unha especie de construción "do que debe ser". Precisamente na incoherencia entre o deseñado "debe ser" e o seu resultado real, o que foi, está todo o abano de posibilidades que os individuos empregaron na súa relación cotián cos órganos do Estado a nivel local, unha vez que estes tamén interpretaron ese "debe ser" na súa realidade concreta de actuación. Estas ensinanzas, estes "deben ser", penetran ou pretenden penetrar no máis recóndito da vida cotián afectando a todos os ordes da vida. Para que isto poda producirse faise primeiro de xeito explícito unha descrición do que se agarda de cada un (ese "debe ser"), incluso no ámbito privado.

Este discurso "do que debe ser" ten, na nosa opinión, e aínda que afecta a todos os integrantes da sociedade, dous receptores privilexiados: as mulleres e os cativos e mozos. Nas mulleres trátase de recuperar as posicións máis tradicionais do binomio muller-nai destruíndo todos os avances que se lograran no quinquenio republicano. Polo tanto, hai unha dobre función do discurso destinado a elas, por unha banda destrutor do pasado e por outra conformador do presente e do futuro. Pero ao mesmo tempo, pensamos que unha boa parte dos discursos destinados á muller, non son emitidos para elas, senón para os homes. Neles advírtese dos perigos de que as súas mulleres –súas como propiedade- se comporten ignorando ese "que debe ser" do novo réxime.

A crítica cara as mulleres como suxeitos sociais é global é abrangue case todos os aspectos da vida cotián, tanto en familia como non en familia. Chégase, incluso, a criticar a imaxinación que se presenta como un atributo eminentemente feminino e que racha a harmonía da familiar.

"Paulatinamente va convirtiendo el hogar en una pesadilla de la que el hombre no verá el instante de verse libre, haciendo por este equivocado procedimiento que aborrezca los minutos que pasa en común, anhelando constantemente, el verse entre sus amigos o compañeros de oficina para allí dar rienda suelta a su libre albedrio, abrir la espita de su contento."
(…) no se trata de celos exacerbados, de temperamentos femeninos dados a sospechar, sino que son resultantes de un exceso de imaginación que mina las convicciones y consigue progresivamente sugestionar (...)"[775]

O obxectivo é reformar e/ou reforzar o principio de autoridade onde a muller debe e ten que adoptar un papel absolutamente subalterno do home a risco de que o home, o suxeito realmente social na simboloxía dos sublevados, quede tamén en ridículo.

USC

[774] "Al pan, pan y al vino, vino", EPG, 28/01/1937
[775] De Montemayor, R., "Exceso de imaginación", EPG, 02/08/1936

"Suceso del dia

> Para que luego hablen ustedes de los hombres casados y digan si esto y lo otro, y lo de más allá. Todo pura invención y habladuría superflua. La mayor parte de ellos son unos infelices, víctimas de sus propias esposas y, algunas veces, hasta de las ajenas.
> (…)
> Ricardo, bonachón él y con menos malicia que un muñidor de Emiliano Iglesias tiene una consorte que le perdió el respeto el primer día de la boda, y ahora hace y deshacer a su antojo. (…)"[776].

Resulta obvio que escritos deste tipo non buscan un público feminino, senón todo o contrario. Pretenden que o home adopte o rol que lle asigna a nova cosmovisión. A pasividade que se lle outorga á muller é tal que incluso o "debe ser" non vai en moitos casos, como xa dixemos, dirixido a elas, senón que se convirte nunha serie de normas dirixidas aos homes para que asuman o seu papel como verdadeiros responsables das accións das mulleres. O "debe ser" afecta tanto a comportamentos como a calquera manifestación de carácter social, polo que se aplica, incluso, unha equivalencia entre moda e apoio explícito ao bando sublevado, algo que tamén se fará cos nomes de determinados locais, sobre todo bares e tendas de roupa, relacionando a persistencia de nomes non españois coa dubida nas convicción nacionais dos seus propietarios.

"En momentos como el presente ya no debiera existir un solo nombre extranjerizado, en la fachada de los establecimientos.

> ¿Qué indican esos letreros? ¿Falta de palabras en nuestro lenguaje? No por cierto. ¡Admiración, por el país de cuyo lenguaje se extrajo el nombre? Mal se compagina esa admiración, con una adhesión franca a un Movimiento netamente Nacionalista.
> Cualquier dato puede ser significativo en estos momentos.
> Nosotros esperamos, que esos nombres, que tan mal suenan en la España Nacional sean sustituidos rápidamente (…)"[777]

Non obstante, a "reflexión" que acompaña á crítica ás mulleres adoita a ridiculizalas. Nun interesante escrito de PPKO que reproduce un suposto diálogo entre unha enfermeira voluntaria no Hospital de Bella Vista e un miliciano que volve de facer a súa garda na rúa do Principe –posiblemente sexa ou queira referirse a un garda cívico-. O diálogo comeza cunha "confesión" do miliciano de que hai un dos convalecentes no hospital que se ve atraído pola enfermeira en cuestión. Esta contéstalle ao miliciano que ela se "cotiza" máis ca un cardeal, e o miliciano respóndelle:

"Luis.- ¡No lo creo!...

> Chuchi.- ¿Por qué?...
> Luis.- Porque te falta el solideo…
> Chuchi.- ¿El solideo?... ¡Majadero! ¿Crees, acaso, que he perdido la cabeza?
> Luis.- ¡Claro que no, porque para la cabeza es!...
> Chuchi.- ¡Si te contase!...
> Luis.- ¿Y por qué no?...

[776] "El suceso del día. ¡Pobres maridos!", EPG, 07/08/1936
[777] "Claridad Azul", EPG, 07/05/1937.

> Chuchi.- Pues escucha: Ayer fui de visita a casa de la señora de Dondin, y como está al tanto de las modas de París, que nos importan los modistos judíos, quiso la buena mujer ponerse ese ridículo casquete que pega tanto en una cabeza de mujer española, como si yo saliese a la calle con pantalones de payaso.
> Pues verás: Sin duda llevaba el solideo mal sujeto, porque lo cierto fue que le cayó al suelo, y al bajarse para cogerlo pudimos ver que, en efecto, el solideo le tabapa (sic) una incipiente calva con ribetes de corona…
> ¡Bueno!... No quiero decirte el sofocón por que pasó la "elegante", al darse cuenta de que le habíamos descubierto la corona capilar…
> La pobre, roja de vergüenza, se disculpó así:
> -Los modistos no saben qué hacer de nostras, porque esto del solideo…
> - Esto del solideo- repitió mi padre que entraba en aquel instante en casa, después de hacer su guardia en la calle del Principe-, esto del solideo, recalcó con sarcasmo, me parece un atentado contra la Patria y la Religión, porque no estamos en tiempos de exhibiciones ultramodernas, que mal riman con el momento actual, de sencillez y abnegación, en que se quiere negarnos la intergridad territorial para someternos al vasallaje bolchevique.
> Luis.- ¡Vaya cartucho bien tirado!...
> Chuchi.- ¡Y que lo digas!..."[778]

O tratamento e a posición da muller ten unha relevancia especial nesta reformulación das conductas e das actitudes que se deben promover en claro contraste cos dereitos e os niveis de igualdade que conquistaron no período republicano. Incluso, fronte a outras economías de guerra, onde a muller gaña protagonismo no mundo do traballo por conta allea ante a ausencia dos homes que combaten na fronte, as novas autoridades manteñen unha posición diametralmente oposta, apostando, en todo caso, pola volta ao fogar da muller traballadora.

"Es un gravísimo abuso el que la esposa del obrero se vea obligada a trabajar en una fábrica o taller, dejando abandonados los quehaceres de la casa y la educación de los hijos.
> Insensible el marxismo ante esta iniquidad, lejos de amparar a las familias numerosa s, (sic) suprimió los subsidios que gobiernos anteriores les había otorgado.
> El Caudillo, verdadero padre del pueblo español, quiere el retorno al hogar de la esposa del obrero, quiere que el trabajador, al llegar a su hogar d espués (sic) de la jornada de trabajo, encuentre quien le atienda convenientemente.
> ¿Cómo puede conseguirse e el (sic) retorno de la madre al hogar?
> ¿Cómo puede conseguirse tan bella aspiración?
> El medio para conserguirl a (sic) es la implatación del Salario Familiar"[779]

Esta volta a muller tradicional ao abandono da actividade produtiva e a relegación das tarefas de coidado do fogar, do home e dos posibles fillos esta perfectamente resumida nas razóns que a *Sección Femenina* da URD local esgrime para auto disolverse en agosto de 1936.

"Esta entidad se constituyó en tiempos felizmente ya pasados, de persecución y ateísmo, con el único fin de agrupar a su alrededor a todas las mujeres defensoras, por serlo y por ser españolas, de la Religión y del orden.

[778] PPKO, "Diálogo substancioso", FDV, 04/04/1937
[779] Texto a dúas columnas na páxina 5 do EPG, 15/08/1937

> Hoy en que, gracias a Dios, los tiempos han cambiado y que por nuestro glorioso Ejército se está reconquistando la integridad física y moral de España, no es necesario que nosotros (sic) las mujeres, actuemos en política y como solo lo hacíamos obligadas por lo que creíamos un deber y suponíamos una defensa de nuestros principios, al cesar aquellas tristes circunstancias, cesa también la necesidad de nuestra actuación y por ello hemos decidido disolver esta organización (...)
> Creemos que todas nuestras afiliadas, estarán conformes con esta decisión. Los destinos de la Patria, por la gracia de Dios están en manos de los que la han salvado y la conducirán hacia un porvenir glorioso y próximo; a las mujeres, nos corresponde reintegrarnos a nuestros hogares y rezar por la victoria de las armas de España y educar a la nueva generación fuerte y sana que ha de dar días de gloria a nuestra querida Patria."[780]

Pero quizais a expresión máis crúa do que o novo réxime agarda das mulleres fágaa o Xeneral Millán Astray no discurso do 4 de setembro de 1936 co gallo da súa visita á cidade de Vigo onde salienta o "valor" das mulleres españolas, destacando entre as súas virtudes o seu empurrón ao homes para que defendan España e a fermosura dos seus "vientres virginales, que habéis de concebir para ofrendarlos a la Patria (…)"[781].

Dentro destas reformulacións non quedan fora, evidentemente, as mozas e mulleres das súas organizacións. Para as mulleres da *Sección Femenina*, determinados aspectos relativos á mobilización pasan a estar prohibidos, por ser identificados cunha posición ou/e unha estética eminentemente masculina. Así, en outubro de 1936 a Xefatura Local de FE-JONS prohibe que as mulleres de *Sección Femenina* vistan o uniforme con calquera tipo de correaxe ou cinto e prohibe tamén a súa partición nas manifestacións[782]. Jesús Villot, falanxista local, describe o papel das mulleres nestas manifestacións patrióticas:

> "Flores y serpentinas son arrojadas desde los balcones por señoritas, como cariñoso recuerdo de las mujeres que han sido salvadas, moral y materialmente de la barbarie y el salvajismo. ¡Viva España! ¡Viva el Ejército! ¡Arriba España!"[783]

Por outra banda, constátase a existencia entre o discurso e a realidade de evidentes situacións de dobre moral. A muller, recuperada para España e o cristianismo debe estar lonxe de toda frivolidade e concupiscencia e dedicarse ao seu fogar, non obstante, nun informe sobre conducta social e moral solicitado polo Xulgado de Instrución núm. 2 de Vigo de xuño de 1938 á policía en relación a María Fernández Losada (modista) e máis a María Fernández González ("sus labores") afírmase:

[780] FDV, 25/08/1936. Aínda asi, na nosa base de datos figuran 7868 ± 338 das que constan que traballan fora da casa 1499 ± 76, ou sexa un 19,05 % das mulleres rexistradas traballan á altura de 1937 fora da casa. Haberia que ver que sucede con emprego fiminimo a nivel evolutivo para constantar a influenza do discurso neotradcionalista da volta ao fogar, aínda que con seguridade, empregos altamente feminizdos na época republicana –conserveiras- continuarán cunhas taxas de emprego finimino moi altas, ao tempo que outros, ausentes, como as traballadoras das fábricas de porcelana manterán similares taxas de emprego. Á volta ao fogar en determinadas circunstancias –matrimonio, nacemento de fillos- constantada para determinados sectores –por exemplo as traballadoras de Telefónica- tivo un impacto similar nas profesións feminizadas industriais?

[781] Reprodución do discurso do Xeneral Millán Astray o 3 de setembro de 1936 en Vigo, EPG, 04/09/1936.

[782] EPG, 08/10/1936.

[783] Villot, Jesús, "Instantánea callejera", FDV, 14/08/1936.

"(…) desde hace un tiempo a esta parte, se dedican al contrabando de tabaco y que también la casa donde viven (Carral 8) la dedican al negocio también ilícito de prostíbulo clandestino, siendo por lo tanto su conducta dudosa (…)"[784]

O que contrasta vivamente cos informes de conducta dos e das militantes políticas ou sindicais onde na maior parte dos casos esa militancia político sindical fai que a súa catalogación moral sexa de "indesexable" ou "moi mala".

Todo este discurso de control e submisión da muller culmina cunha serie de medidas legais das que, a nós nos pareceu máis salientable, a volta ao Código Civil de 1889[785] que referenda a nivel legal a deriva iniciada en agosto de 1936 e que se concreta na perda da patria potestade dos fillos por parte das mulleres –que era compartida co home na lexislación republicana- e a eliminación do matrimonio civil e do divorcio. Así, o papel da muller

"(...) era el mismo que había tenido desde tiempos ancestrales, pero ahora con unas motivaciones ideológicas que perseguían, como objetivo mínimo, convertir a la mujer en garante y legitimador del régimen a través de la familia; pilar primero y básico de la organización social (...)"[786]

En resume, os discursos sobre a muller que pretenden incidir directamente sobre o seu comportamento cotián, pero tamén sobre o dos homes en relación ás mulleres, son esencialmente esencialistas, igual que os discursos sobre a nación, e pretenden establecer como verdade incuestionable a subordinación feminina como algo natural, non como unha posición ideolóxica ou política, aínda que evidentemente isto é unha posición ideolóxica clara. O control e a reconstrución da muller resultaban imprescindibles na construción da nova sociedade xa que a elas se lles reservaba o papel fundamental de adoutrinamento dos novos membros desta, os cativos e cativas. Incluso acusándoas, por ignorancia ou ineptitude, neste papel de muller-nai, de ser as culpábeis das elevadas taxas de mortalidade infantil[787]. Pero aínda que este papel de formadoras responsables da nova xeración de españoles non contaminados, a súa actuación tamén é subalterna xa que as decisións debía ser tomadas polo home. Neste sentido destaca como os chamamentos á afiliación dos cativos e cativas nas organizacións de encadre do novo réxime, fanse prioritariamente ao pai, non á nai (subsumida, no mellor dos casos no xenérico, "pais"), ou sexa, aínda que está exercera a responsabilidade da educación dos e das pequenas, esta deberá ser considerala como "delegada", tanto como polo home como polo propio Estado.

"Y también los niños. ¡Si, los niños; entendedlo bien, padres de familia, en la FALANGE, se respira el más puro patriotismo, las más delicadas esencias de la España grande y tradicional, y la mejor riqueza que pueden legar los padres a sus hijos, es hacerles útiles parala vida y para servir a la Patria."[788]

[784] Informe 836 da Alcaldía de Vigo ao Xulgado de Instrucción núm. 2 de Vigo de 19 de xuño de 1938, ALC-26, AMV.
[785] Lei do 12 de maio de 1938.
[786] Alted Vigil, Alicia, "Las mujeres en la sociedad de los años cuarenta" en *Las mujeres y la Guerra Civil Española*, Madrid, Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, 1991, p. 295.
[787] Palacio Lis, Irene, *Mujeres ignorantes, mujeres culpables. Adoctrinamiento y divulgación materno-infantil en la primera mitad del S. XX*, Valencia, Universidade de Valencia, 2003, pp. 15
[788] "Una vibrante llamada de las falanges de las J.O.N.S. Las mujeres y los niños españoles deben incorporarse al movimiento redentor de la Partria. Hay que ir, con prisa, havía una España grande y libre", EPG, 06/08/1936

Pero na educación dos fillos, a propaganda non busca unicamente sentara as bases para a "creación" de futuros bos españois, senón que tamén se centra no presente. Os mozos e os nenos teñen unha misión de cumprir no momento concreto, independentemente da súa formación posterior. Esta misión é dobre. Por unha banda, o mozos deben prepararse para o combate, para a guerra, e é misión das familias potenciar os seus desexos guerreiros. Así o reclamaba a CT viguesa en setembro de 1936.

> "Conocemos padres de familia vigueses, vuestra conducta intachable, en su mayoría en el aspecto moral y católico pero, sin embargo, esa conducta patriótica en la (sic) que respecta a vuestros hijos deja mucho que desear. Si: pensadlo bien, sabed que estamos en momentos en que todo sacrificio es pequeño y vosotros con ese egoísmo que el amor a vuestros hijos os produce, muy noble y digno de elogio en otros momentos; pero no en éstos cuando la Patria los necesita; y es antipatriótico en grado sumo que queráis apagar el cariño que sienten por España, evitando su marcha al frente de combate."[789]

Por outra banda, tamén se busca nos nenos unha misión de defensa activa da sublevación, instándoos, case, a unha actitude delatora.

> "(…) lo que podéis hacer por España, infantiles ciudadannos (sic)… Bastará que contribuyáis a no tolerar que se hable mal de Ella en parte alguna, sin alzar enérgico vuestro grito…, sin hacer oír vuestra voz de indignación."[790]

Estes chamamentos a acción de nenos e mozos combínase cunha crítica á situación previa. A crítica da escola republicana laica e supostamente politizada que tiña como obxectivo a formación dunha nova xeración que renegara da esencia de España.

> "La importancia de la escuela la descubrió el sectarismo español desde el primer momento. El llamado laicismo, que no era, tal como se entiende en otros países, laicismo, sino persecución, no tendía a otra cosa sino a arrancar de la escuela tradicional española todo lo que había en ella de continuidad histórica española y de sentido tradicional. Es decir, a construir una escuela nueva, sin antecedente español, para que en ella se formasen unos ciudadanos ajenos a las creencias que informaron siempre nuestra nacionalidad y de las nostalgias del pasado que, al menos en el recuerdo, nos hacían sucesores de los que hicieron de España la primera potencia del mundo."[791]

Consecuentemente trátase de recuperar a escola tradicional ancorada nas esencias da nación española e polo tanto no catolicismo como elemento conformador. Esta recuperación, ademais de eliminando o elemento máis prexudicial do sistema educativo, as mestras e mestres, efectúase, tamén, coa inclusión na vida cotián dos cativos dunha serie de ritos iniciáticos.

> "Cuando el estado del tiempo lo permita y en la sesión matutina, formarán los niños ante las Escuelas, entonando el Himno a la Bandera, en tanto ésta es izada, entrando seguidamente los alumnos en el aula. Ha de ser este Himno el aprobado por

[789] "Del Requeté vigués. A todos los padres de familia", EPG, 20/09/1936.
[790] Casal del Rey, J., "A unos balillas de España", FDV, 11/08/1936.
[791] De Cossio, Francisco, "El valor de la escuela", EPG, 23/08/1936.

> R.O. de 13 de agosto de 1907, previo concurso abierto por el Ministerio de la Guerra[792].
> Al terminar la clase de la tarde será arriada la bandera, en tanto, los niños entonan el indicado Himno.
> Los días festivos ondeará en todas las Escuelas.
> Una vez en la sala de clases, los escolares, tras el saludo cristiano, recibirán del señor maestro la explicación y significación del salvador movimiento que lleva a cabo el Ejército español, a la vez que se pondrá una máxima atención en desvirtuar aquellas enseñanzas marxistas de que los niños hayan podido ser objeto.
> La enseñanza de la Historia patria ocupará el lugar destacado que corresponde en el plan escolar y una tarde por semana se dedicará a explicar a los educandos el catecismo de la doctrina cristiana y la Historia Sagrada.
> Espera esta Delegación Militar de Instrucción Pública, que los señores maestros nacionales habrán de dar el más exacto y fiel cumplimiento a las precedentes instrucciones; la comprobación de lo cual queda encomendada a los señores inspectores de primera enseñanza, quienes darían inmediata cuenta a la Jefatura de la Inspección, de toda negligencia o tibieza observadas en tal sentido, y con motivo de sus visitas."

Os novos ritos escolares irán aparellados coa completa depuración dos textos empregados nas aulas e en calquera tipo de biblioteca, destrución que se considera "caso de salud pública" e que debe facer que "no queden ni vestigios de las mismas"[793].

"Este Rectorado desea que en las Escuelas primarias obtengan adecuada repercusión las citadas disposiciones llevándose a cabo por las autoridades del ramo, la más estrecha vigilancia con respecto a los libreros que se pongan en las manos de los niños. (…) [O inspector] estará muy especialmente atento, (…) a que en ninguna Escuela, nacional o privada, logre entrar ningún libro contaminado de gérmenes de perversión para los futuros ciudadanos, llamados a la alta empresa de consolidar la nueva España que ahora resurge a costa de los más grandes sacrificios."[794]

A depuración e a elaboración concreta dunha lista de libros prohibidos terán o seu colofón no curso 1938/1939 coa orde dunha nova revisión de textos nos primeiros días do mes de setembro de 1938. A lista de libros prohibidos esta integrada por títulos de materias, en principio, nada sospeitosas: aritmética e xeografía, a vida das plantas, o mundo dos insectos, ciencias físicas…así ate unha trintena de libros[795]. Hai algún apuntamento que nos da unha idea de cales foron os substitutos dos libros prohibidos. Así a Xefatura Local de Flechas fai un chamamento a todos os cidadáns que tiveran no pasado fillos estudando en ensino primario

[792] Aínda non oficializado a *Marcha Real* como novo hino, óptase por esta letra: "¡Salve, bandera de mi patria, salve!/Y en alto siempre desafía al viento/Tal como en triunfo, por la tierra toda,/Te llevaron indómitos guerreros./Tu eres, España, en las desdichas grande,/Y en ti palpita, con latido eterno,/El aliento inmortal de los soldados/Que a tu sombra, adorándote, murieron./Cubres el tempo en que mi madre reza,/Las chozas de los míseros labriegos,/Las cunas donde duermen mis hermanos,/La tierra en que descansan mis abuelos./Por eso eres sagrada. En torno tuyo,/ través del espacio y de los tiempos,/El eco de las glorias españolas/Vibra y retumba con marcial estruendo/¡Salve, bandera de mi patria, salve,/Y en alto siempre desafía al viento,/Manchada con el polvo de las tumbas;/Teñida con la sangre de los muertos!"
De feito, a *Marcha Real* prohíbese a finais de agosto de 1936 en Vigo, en concreto no contexto precisamente dun acto en honra da bandeira bicolor, a Comandancia Militar da cidade avisa que queda "terminantemente prohibido tocar y cantar la Marcha Real en la calle, festivales y sitios públicos" EPG, 29/08/1936
[793] Orde 13 da *Junta de Defensa Nacional,* BOJDN, núm. 18 do 8 de setembro de 1936.
[794] Circular do Reitor da Universidade de Santiago de Compostela do 1 de febreiro de 1937. EPG, 02/02/1937
[795] BOPP, núm. 221 do 16/09/1938.

e incluso a algún flecha que estivera en cursos superiores por si conserva libros da editorial F.T.D., xa que é a editorial que se emprega na escola de fechas que ten en Vigo FE-JONS[796]. Resulta curioso o emprego de libros desta editorial cando nos discursos da nova pedagoxía a empregar na escola de España fálase de seguido de que esta ten que ser neta e autentifcamente española

> "La Institución Libre de Enseñanza, de lejana fundación al servicio siempre de judíos, marxistas, etc., iniciando su obra de colectivismo, buscando al pueblo para apoderarse de él. Y fueron sus alamas las Misiones Pedagógicas, las bibliotecas circulantes, catálogos oscuros de literatura extranjera mal traducida, pero bien escogida para su fin, el naturalismo sucio, el teatro de las ideas, la novela doctrinal y revolucionaria, las descripciones retorcidas de los pueblos de España, las obras del teatro clásico bárbaramente mutiladas para que sirvieran a intelectos poco desarrollados y sembraran la duda sobre el pasado glorioso, que había que matar para lograr una socialización tiránica de las masas que sabían mal leer que es siempre lo peor el no saber leer, fieles servidores de sus designios siniestros. (…)
> Falange Española Tradicionalistas y de las J.O.N.S. reaccionó contra esa pedagogía enclenque y enfermiza, proclamando que la vida es milicia y es religión. Y puso frente a lo extranjero lo nacional; frente al naturalismo, lo caballeresco; a lo individual, la hermandad; frente al materialismo, CRISTO, y frente al puño, el brazo extendido y la mano abierta, que abrazan, con la trilogía de la Patria, el Pan y la Justicia Social"[797]

E é curioso porque F.T.D. (*Frère Théophane Durand*, superior dos *Hermanos Maristas* entre 1883 e 1907) é unha editorial francesa especialista en manuais escolares adaptando textos franceses. A partir de 1932 a editorial pasará a chamarse Editorial Luís Vives e terá a súa sede en Barcelona ate que a comezo da contenda sexa asaltada e destruída por milicias anarquistas trasladándose a zona sublevada, en concreto, Zaragoza. Basicamente o libro buscado pola Xefatura Local de Fechas de Vigo é o *Libro de España*, que se edita emulando a súa versión francesa, *France par deuxenfants*, en 1932 e ten unha reimpresión en 1939. A *Junta Técnica del Estado* tentou en 1937 editar un novo e actualizado *Libro de España* co argumento de que "Las escuelas de la Nueva España han de ser continuidad ideal de las trincheras de hoy" ensinando aos nenos "(…) como características de la Raza que debe admirar e imitar, la Fé Cristiana, la hidaluía caballerosa, la cortesía exquisita, el valor militar, la ponderación de juicio." pero o concurso, que se viu prorrogado ate en tres ocasións, nunca chegou a resolverse[798].

O interese pola educación dos nenos e nenas, vistos os resultados que as mesmas autoridades do novo Estado en 1939 fan públicos, foi lamentable e reflicten que obedeceu simplemente á unha práctica de control social e ideolóxico dos novos cidadáns. Así en 1939 o panorama educativo no concello de Vigo é de absoluta parálise

[796] A primeira referencia que atopamos a existencia desta escola propia de FE-JONS para flechas é de febreiro de 1937. EPG, 20/02/1937. A petición de libros para escola en FDV, 05/03/1937. A escaseza de libros desta editorial na escola se relaciona co alto volume de rapazas –o texto só se refire a rapazas- que se matricularon na escola.
[797] EPG, 31/08/1937
[798] Orde da Presidencia da *Junta Técnica del Estado* de 21 de setembro de 1937, BOE núm. 337, do 22 de setembro de 1937.

"Las actividades municipales en cuestión de enseñanza durante estos últimos años puede decirse que se redujeron a preparar la labor para el futuro y resolver las dificultades que las circunstancias fueron presentando."[799]

En concreto entre 1936 e 1939 o concello de Vigo en materia educativa realiza o traslado "de alguna" escola municipal de local ante situacións de insalubridade dos locais orixinais; outorga 4 bolsas para o *Seminario de Tuy* e realiza o proxecto de construción da *Escuela de Comercio*. Absolutamente nada máis. O panorama complétase coa incapacidade tanto das autoridades locais como estatais de dotar ao instituto dun local propio e estable, situación na que se atopa dende a súa fundación en 1927. Tal é a gravidade das carencias que vive o instituto que o seu director, Ricardo Aldama[800], o denomina "*Ambuante Instituto*". Pero a situación non só é dramática pola inexistencia dunha instalación propia para o centro, senón que as súas aulas, pensadas para 40 alumnos tiñan unha asistencia normal de entre 160 e 200 mozos e mozas. Con esta sobre carga de alumnos e alumnas resulta lóxico que a nivel pedagóxico a situación foxe desesperada

"No hay laboratorios, museo, no existen salas de proyecciones y conferencias, no se cuenta con lugares de descanso, de esparcimiento, de estudio, las obras de la biblioteca tienen que permanecer cerradas en cajones, en fin, incluso la sanidad padece."[801]

A situación non é mellor nas escolas nacionais radicadas en Vigo. Así na *Escuela Nacional Graduada del Centro* ensínanse unha especie de mestura entre formación ideolóxica e formación profesional orientada á demanda das empresas locais.

"(…) las ideas fundamentales que encarna el glorioso Movimiento Nacional, con miras a una educación sólida y a una preparación orientada hacia cuestiones industriales, marítimas y comerciales, que son las actividades más destacadas a que se dedica el pueblo vigués."[802]

E por suposto, en materia educativa, establécese un filtro social, que os fillos dos obreiros dificilmente podían superar. Dos 143 alumnos desta escola do curso 1939/1940

"(…) alguno (…) merecían pasar a centros docente superiores; pero el origen modestísimo de nuestra población escolar en general, no encamina por derroteros culturales más elevados a estos hijos de obreros y pescadores."[803]

Iso si, os ensinantes e as autoridades tanto municipais como estatais teñen

[799] Resume de actividades en materia educativa en AV 1939, p. 97.
[800] Ricardo Aldama Herrero de orixe vasco, foi antes da sublevación secretario do *Hogar Vasco* e catedrático de Historia natural no Instituto de Vigo. Delegado de Traballo en Vigo (na Oficina de Colocación Obreira) en outubro de 1936 e director do Instituto en 1939. Parece ser que a súa labor como secretario do *Hogar Vasco* ocasionoulle a aparturra dun expediente de depuración, acusado de separatismo por outro profesor do Instituto. O expediente non foi adiante, de feito no mesmo se afirma que o *Hogar Vasco* era unha institución con vínculos tradicionalistas (Martínez Pereda, Lucio, *Medo político…*" pp. 68-69
[801] Aldama, Ricardo, "Instituto Nacional de Enseñanza Media. Transcendencia educativa y probcema (sic) vital del Centro vigués", AV 1939, p. 98.
[802] AV 1939, p. 104
[803] AV 1939, p. 104.

"fe en el grandioso porvenir de Vigo y con ello, se subsanarán las deficiencias docentes que hoy existen en primera enseñanza en cuanto al aumento del número de escuelas y mejora de locales (…)"[804]

Pero esta é a situación do ensino público, non de todo o ensino na cidade, porque o ensino privado, no que podemos poñer de exemplo ao *Colegio Políglota Mercantil del Sagrado Corazón* que xestionan os irmáns Maristas, vai vento en popa. En 1939 fronte as deficiencias do ensino público que acabamos de ver, os Maristas contan cun colexio de ten unhas instalacións de 15.000 metros cadrados , 400 alumnos e 24 profesores. Ademais da actividade académica, os maristas, fundan en 1939 un club deportivo, o *Club Estudiantil Vigués* con máis de 300 socios provintes maioritariamente dos ex alumnos do centro. Igualmente o centro converteuse nun punto de organización do lecer entre mozos e mozas da clase media alta da cidade, xa que conta con club de lectura, salóns de billar, xogos de interior e a realización de excursións de carácter instrutivo[805].

Como se pode ver pola evolución mostrada, o obxectivo dos sublevados en relación ao ensino é a creación dun mecanismo de control social onde a actividade académica ofertada dende as institucións públicas ten un claro compromiso co fornecemento de persoal para as industrias locais. Será a iniciativa privada, enfocada a aquelas familias que puideran pagar a educación, a que realizará a misión instrutora real, establecéndose así unha práctica educativa baseada nas diferenza de clase. Como veremos máis adiante os supostos intentos de creación dun ensino nacional sindicalista, retóricos ou prácticos, fracasaron, cando menos en Vigo en setembro de 1936, momento no que a Igrexa e os sectores nacional católicos fanse co aparello educativo sen oposición ningunha da suposta organización fascista, naquel momento FE-JONS.

Pero as transformacións que se producen dende o éxito do golpe militar afectan tamén de xeito absoluto a todo o que consideramos, cando falamos da vida cotián no final do período republicano, como elementos centrais desa vida cotiá. As actividades de lecer transfórmanse absolutamente. Non só desaparecen a maioría das organizacións que se dedicaban a súa organización, senón que tamén se produce un cambio radical en como se organiza e en que se organiza.

"Si se tratara de un alzamiento político, como agrupados del "MARTIN CODAX", nos pondríamos al margen, porque como tales codixtas somos apolíticos, pero persuadidos de que los hechos actuales son claramente patrióticos, queremos ocupar el puesto que nos corresponde, y por eso se da el caso de que los nuestros, sin distinción, están, y estamos en compenetración perfecta, como militares unos, como falangistas muchos, con el alzamiento salvador del Ejército Español (…)
(…) en nuestra organización, se prefieren y resaltan los principios fundamentales de la vida, cuáles son Religión y Patria; y de allí salimos enardecidos, y bien orientados para la defensa de lo que hizo de la Madre España un Mundo civilizado, de sublimes gestas, alentadoras del renacer presente."
La mujer viguesa ostentando ufana, los colores de una bandera evocadora de proezas, inenarrables; el obrero emancipado de una opresión antiespañola;

USC

[804] AV 1939, p. 104.
[805] AV, 1939, p. 99.

> esta nueva vida de paz y confraternización visible, como anticipo de una paz ganada en descomunal pelea; todo me hace reflexionar, en el correr de mi vida juvenil. ¡Qué grande es vivir ahora!
> Como vigués que corre delirante a tomar parte en la defensa de los ultrajados derechos de la madre como único interés que nos domina, con sus títulos de mil ejecutorias, grito con vosotros todos: ¡¡Viva España!!! ¡¡¡Arriba España!!!"[806]

Esta é a posición oficial da AMC, que cando falamos da vida cotiá no período republicano situamos entre as organizacións dereitistas. Será precisamente esta asociación a que maior protagonismo teña a nivel cultural entre o golpe de estado e a fin da guerra en Vigo. Cualificamos un seu momento a esta agrupación cultural de transversal ao acoller no seu seo a todo un abano de posicións ideolóxicas anti democráticas: falanxistas, japistas, mozos do BN… Consecuentemente con este abano de posicións reaccionarias, serán os seus agrupados, uns dos primeiros en mobilizarse para apoiar ao exército sublevados.

Al estallar el Movimiento Salvador de España en nuestra ciudad, los agrupados codixtas,

> como un solo hombre, hicieron su presentación en la Comandancia Militar, muchos, la mayoría en Falange Española de las J.O.N.S., donde militaban, para aportar su esfuerzo a la liberación de la Patria.
> No ha quedado uno solo de los nuestros, que no haya concurrido al puesto del deber, con todo su entusiasmo, con toda su voluntad. Más tarde y cuando Vigo observaba ya su vida ordinal, entre los soldados y falangistas que van al frente, allí está la representación de los agrupados codixtas, que llevan en el fondo de su pecho, todo el españolismo que es necesario para llegar a una Patria Grande y Libre."[807]

Pero este carácter de organización transversal, fundamentalmente xuvenil, non desaparecerá co trunfo do golpe de estado, senón que continuará a partir de xullo de 1936.

Loxicamente, todas as organizacións de carácter cultural das que falamos na etapa republicana e que incluíamos dentro do epígrafe de esquerdistas, desaparecen. Pero a destrución do tecido asociativo cultural e de lecer tamén afecta aos outros dous grupos que definimos na etapa republicana. Das 16 organizacións de carácter dereitista que tiñan actividade pasamos a tan só 4 (AMC, *Acción Católica*, *Colegio Alemán*, e SEU), algunha delas cunha actividade absolutamente residual como o *Colegio Alemán*. Polo que respecta ás organización non definidas politicamente, contabamos cunhas 40 organizacións con actividade real entre setembro de 1935 e xullo de 1936, destas manteñen a súa actividade 6 sociedades[808]. Tamén aparecen na prensa agrupacións que tendo actividade previa anuncian a súa autodisolución, como é o *Casino de Vigo*. Así, das 87 organizacións que teñen actividade cultural ou de lecer en xullo de 1936 subsisten no período de guerra, 10, ou sexa o 88,50% das organizacións culturais desaparecen. Isto supón en termos de auto organización cidadán da actividade cultural unha hecatombe que ademais se traslada inmediatamente ao espectacular descenso de actos culturais e de lecer ofertados. Neste aspecto o impacto é aínda maior, pasándose de 661 actos entre setembro de 1935 a xullo de 1936 a 87 actos entre xullo de 1936 e decembro de 1938. Esta redución non só ten un impacto nas posibilidades de participación cultural ou en

[806] Seoane Buján, Jose M., "Los codixtas no pueden ser otra cosa", FdV, 7/08/1936.
[807] "En las avanzadas. Heroismo de la juventud codixta", MC, 01/11/1936.
[808] Estas seis sociedades que resisten ao golpe son: *Agrupación Artistica de Vigo*, *Agrupación Dramática Viguesa*, *Centro de Hijos de Vigo*, *Círculo Mercantil*, *Exploradores de España* e a *Sociedad/Orquesta Filarmónica*.

actividades de carácter lúdico, senón que supoñen unha redución drástica das posibilidades de interrelación nuns espazos que se converteran na época republicana en paradigmáticos na produción de capital social. Polo tanto a redución deste tipo de actividade de carácter auto organizado supoñen un chanzo máis da destrución de espazos de sociabilidade, recluíndo aos individuos cada vez máis a espazos eminentemente privados. A politización do espazo público a través da iniciativa das organizacións de carácter social, en sentido amplo, desaparece ou se ve reducida á súa mínima expresión. Este fenómeno acrecéntase aínda máis si temos en conta que moita da actividade despregada polas organizacións que subsisten ao golpe pasa a circunscribirse a actividade exclusivamente para asociados, tal e como lle ocorre a moita da que xera a *Agrupación Artística de Vigo*. Por outra banda, asístese tamén a un proceso de centralización da actividade e máis do 90 % dos actos teñen lugar en Vigo centro, desaparecendo calquera actividade cultural e de lecer do ámbito periurbano e rural do concello e do Concello de Lavadores. De feito, o primeiro acto de carácter cultural organizado fora do centro de Vigo, e o único do que temos constancia, realizase o 16 de abril de 1937 na parroquia rural de Beade, do Concello de Lavadores, a cargo da *Agrupación Artística de Vigo*[809].

O panorama a altura de 1939 é culturalmente, desolador. No resume da actividade cultural desenvolvida en 1939 en Vigo, o *Anuario de Vigo* tan só informa da actividade de tres organizacións eminentemente culturais, unha a *Agrupación Artística de Vigo*, outra a *Sociedad de Amigos del Arte* e por último a *Agrupación Dramática Viguesa*[810].

Pero tamén cómpre destacar a existencia de organizacións creadas despois do golpe de estado en concreto, aínda que con actividade real e publicidade na prensa tan so atopamos dúas: a *Junta Organizadora de Actos Conmemorativos* que máis tarde pasará a chamarse *Junta de Damas Viguesas Pro-España* e o *Patronato Pro-Presos y huerfanitos de Nuestra Señora de la Merced*. Esta última, o Padroado, organiza actos pero non os desenvolve ela mesma. Temos rexistrados tan só dous actos culturais organizados polo Padroado ao longo do período, un a cargo dunha compañía de zarzuela que nese momento se atopa en Vigo, en xullo de 1937, e o outro a cargo da *Agrupación Artística de Vigo* para a recadación de fondos para a obra social do Padroado en marzo de 1938[811]. Polo que se refire á *Junta* ten maior actividade pero realizada exclusivamente en 1936, e toda en relación á propaganda das vitorias do exército sublevado. Tanto unha como a outra representan ás "mas distinguidas damas de la sociedad viguesa"[812]. No caso da *Junta* proponse como fin

> "(...) desarrollar en la juventud el amor a Dios y a la Patria, el respeto al Jefe del Estado, el culto al honor, el sentimiento del deber y la responsabilidad, el auxilio al prójimo, la iniciativa, la disciplina, la solidaridad, el civismo, el vigor y la energía física (...)"[813].

Esta cativa actividade das organizacións de novo cuño ven a incidir nunha realidade que debe ser completada e que explica o limitado das actuacións destas dúas organizacións.

[809] EPG, 16/04/1937. Nesta actuación en Beade representou a obra "La Papirusa" de Adolfo Torrado e Leandro Navarro, unha comedia de humor "facilón". Adolfo Torrado é o maior representante do "teatro de evasión da postguerra". Huerta, Javier, Peral, Diego e Urzaiz, Hector,*Teatro español de la A a la Z*. Madrid, Espasa-Calpe, 2005.
[810] "Devolución en Vigo de las cosas del arte", AV 1939, pp. 119-120.
[811] O primeiro en EPG, 11/07/1936, e o segundo en Notificación 159 da Alcaldía ao Patronato da Merced de 15/03/1938, AMV, ALC-21.
[812] EPG, 29/09/1936.
[813] EPG, 03/10/1936.

Efectivamente, os eventos de carácter cultural e lúdico caen en picado, pero nos estamos a referir a aqueles actos organizados por organizacións concretas non a todos os actos realizados. O que descende, espectacularmente, non é máis que auto organización, o capital social. De xeito paralelo a este descenso, obsérvase un incremento tamén espectacular da acción "cultural" e de lecer vencellada a organismos de carácter institucional. Por exemplo, as conferencias radiadas superan amplamente as do período republicano que só desenvolve a AMC pola súa proximidade ideolóxica a *Radio Vigo*. As actuacións da Banda Municipal multiplícanse e os actos de carácter "cultural" onde os cativos son os protagonistas teñen carácter semanal ate cando menos 1938. A este tipo de actos hai que sumarlle os constantes requirimentos a poboación para a participación en todo tipo de actos, dende actos festivos polas vitorias logradas ate de desagravio polos atentados á relixión na zona leal. Mesmo os festivais organizados polas organizacións de carácter cultural, case sempre, a beneficio dalgunha causa ou dalgunha organización integrante da coalición sublevada, incluso os concertos de música clásica da *Filarmónica de Vigo*, son interpretados nesa mesma clave. O concerto celebrado o 8 de outubro de 1936 cun repertorio de carácter clásico rematou coa "Marcha fúnebre" de Choupín,

> "(...) como recuerdo y honor a los héroes caídos en esta lucha por la salvación de España y en defensa de la civilización (...) que la concurrencia escuchó respetuosamente en pie, emocionada. Los viva a España rubricaron, con su grito patriótico esta espléndida fiesta de arte (...)
> (...)
> Así se hace Patria y se forma conciencia espiritual, que es, a la postre, lo que ha de presidir todos los actos de la nueva España"[814].

As novas autoridades golpistas proceden de dous xeitos en canto á vida cotián e ao lecer. Por unha banda, créanse, pouco a pouco, unha serie de normas que teñen como misión controlar as manifestacións públicas dos costumes cidadáns, e por outra banda, planifican un lecer vinculado á difusión exclusiva do seu universo ideolóxico, empregando calquera medio –actos en directo, radio, cine- para transmitir ese "como debe ser" ao conxunto da poboación. Neste sentido unha das primeira medidas que se toman é o intento de control moral da poboación, que tiña caído nunha completa relaxación do período republicano.

> "(…) siendo misión especialísima del cargo que ostentó [Alcalde do efímero Concello de Teis], el velar por la reforma de las costumbres relajadas en grado sumo, por la dejación completa que de su autoridad hacían los gobernantes de hace pocos días, y teniendo en cuenta que en este término municipal es necesario tomar medidas para que no continúe tal estado de cosas, he acordado disponer lo siguiente:
> Primero.- Queda prohibido terminantemente el escandalizar, blasfemar y pronunciar palabras soeces en la vía pública, tabernas, etc.
> Segundo.- En los casos en que estas faltas sean cometidas por niños o menores de edad, serán responsables directos de las mismas sus padres, tutores o encargados.
> Tercero.- Los infractores serán castigados con fuertes multas."[815]

USC

[814] EPG, 09/10/1936
[815] EPG, 16/09/1936.

Este control moral do espazo público vaise trasladar inmediatamente aos espazos de represesntación dedicados ao tempo lúdico dos cidadáns. Os primeiros afectados serán o cine e máis o teatro. A *Delegación Local de Orden Público* advirte

> "Debiendo ser el cine –y lo mismo el teatro- además de lugar de esparcimiento y recreo, escuela de educación e instrucción, pero nunca centro de corrupción y de perversión, advierto a las Empresas respectivas, que será duramente castigada toda representación inmoral, pornográfica y antipatriótica, e incautada y destruida toda película calificada de tal."[816].

Hai que ter en conta que estas medidas sobre o cine e máis o teatro adiántanse máis dun ano ao que será a primeira regulación oficial da censura, nesta caso cinematográfica en decembro de 1937 e a creación da *Junta Superior de Censura* con sede en Salamanca[817]. Pero ao mesmo tempo, que sexa precisamente a *Delegación de Orden Publico* a encargada dos asuntos que ateñen a cuestións de carácter moral, e polo tanto persoais, sitúa o problema nos termos nos que as novas autoridades o circunscriben: a moral ou a moralidade é un asunto de carácter público e non privado, e polo tanto pasa a ser competencia, non só a sanción dos seus hipotéticos desvíos, senón tamén a definición dun tipo de moral correcto fronte a outras morais incorrectas, das institucións que teñen como misión o control da orde pública. As institucións estatais penetran ou pretenden penetrar dentro da conformación moral dos individuos e así orientar as súa actuacións de carácter público, pero tamén privado. Os primeiros locais de lecer damnificados por esta onda de nova moralidade serán dous cafés: o *Café Concierto* e o *Café Brasil*, este último, un cabaré. O motivo da multa:

> "(…) celebrar en ellos espectáculos inmorales y estando decidido a cortar y suprimir de manera radical espectáculos de tal naturaleza he ordenado al mismo tiempo la clausura de ambos antros de inmoralidad y corrupción. El Delegado de Orden Público, J. Gandara"[818]

Loxicamente esta pretensión de control abarca tamén os espazos de sociabilidade tradicional, neste caso, masculina: as tabernas.

As tabernas, como espazo privilexiado de sociabilidade informal non son moi queridas polas novas autoridades. O que facer con elas está sometido a certos "vai vens". O 31 de outubro de 1936, de novo a *Delegación de Orden Público* autoriza a súa apertura ate as 22 horas, non obstante dous días despois, o 1 de novembro, rectifica e ordena o seu peche ás 19:30 horas[819]. A diferenza de horario é notable. Para os sublevados o lecer masculino de taberna mostra "feitos diferenciais". A peor taberna é a andaluza, fronte a castelán ou a catala e vasca –"no sé si es el clima o lo que es, pero en Cataluña o en Vasconia, la taberna se comporta mejor-." En realidade o que se lle reprocha ás tabernas é precisamente ser ese espazo informal de socialización, un espazo multifuncional de intensa sociabilidade de carácter popular, que non viña de agora, senón que está presente dende cando menos a Restauración[820].

[816] EPG, 28/10/1936.
[817] Orden Circular do 19 de outubro de 1937, BOE núm. 370, do 25 de decembro de 1937.
[818] EPG, 07/10/1936
[819] EPG, 31/10/16 e 01/11/1936
[820] Uría González, Jorge, "La taberna: un espacio multifuncional de sociabilidad popular en la Restauración española", *Hispania*, núm. 63, 2003.

"Inculcas una moral, que deja mucho de desear, enseñas la política con una pasión y desenfreno que es excesivo, sea en plan destructor, anarquista. Eres insoportable, mal oliente, grosera, chabacana. Hay que sustituirte. Es a Falange Española a quien corresponde esa misión de sustituirte y te sustituirá."[821]

É como si este fora un espazo que en principio escapárase ao seu control, como de feito así foi. E escapábase ao control social, en canto que ámbito de sociabilidade informal, e ao control moral, en canto que espazo onde o alcohol interviña como elemento catalizador.

Pero incluso espazos de sociabilidade máis íntimos, como o propio núcleo familiar, pretenden ser invadidos polos discursos performativos. En setembro de 1936 e despois dunha reunión de xornalistas –os chamados *soldados de la pluma*- solicitan ás autoridades "competentes" se lles permita empregar a radio –neste caso Radio Vigo- para formar mellor aos cidadáns. Os propoñentes tiñan perfectamente clara a súa misión

"(…) -en la hora en que por tradición familiar y eterna bendicen la mesa y los manteles con el pan de cada día-, escucharán nuestra voz (…) y les dirá: Ese pan y esos manteles; esa paz y ese bienestar de que disfrutas en la compañía de tus seres queridos, es posible, únicamente posible, por el esfuerzo de los que luchan en los frentes de batalla. Que nada les falte, puesto que ellos lo están dando todo, su propia vida, para que nada te falte a ti."[822]

A iniciativa concretouse no que dende ese momento pasaron a chamarse "Charlas Patrióticas". A cargo de destacados xornalistas vigueses, estiveron vixentes ate o ano 1938. Pero para que esta labor de infiltración na vida íntima das familias tivera éxito era imprescindible que o maior número delas dispuxeran dun aparello receptor, cousa que durante todo o período da guerra, resultaba unha utopía. Ante este contratempo, e argumentando que

Siendo la radio uno de los medios más eficaces de una propaganda, y ya que en el nuevo Estado ocupa ésta un lugar preferente, necesario para la luz de los pueblos, creo que no deben haber ni un solo habitante de la localidad que deje de oír la doctrina del Nuevo Estado. Ahora bien trpezamos (sic) nuevamente con la dificultad de que los medios de fortuna son reducidos en casí (sic) todos los particulares y por este motivo se veán (sic) privados de las emisiones tanto de propaganda como de noticias en general, que diariamente se radián (sic) desde la emisora Nacional, lo mismo que la propaganda que semanalmente organiza esta Delegación Provincial.

Para ello solicito de su amabilidad preste toda clase de cooperación a la Sección Femenina de esa localidad para instalar en sus locales un altavoz conectado con un aparato de radio, que sea posible adquirir entre el vecindario."[823]

E como resulta lóxico á vista de todos estes feitos, o control moral pon a súa gadoupa sobre o lecer de verán e na súa forma máis característica, a praia. O primeiro verán da nova era, o verán de 1937, será para todos aqueles que quixeron desfrutar dos areais, totalmente distinto

[821] "La taberna y Falange Española", EPG, 02/12/1936.
[822] EPG, 15/09/1936.
[823] Oficio núm. 35 da Delegación Provincial de Prensa y Propaganda de la Sección Femenina á Alcadia de Vigo do 10 de maio de 1938. ALC-25, AMV.

aos verán anteriores. En xuño de 1937 o Concello de Vigo –tamén o farán outros en case idénticos termos, como o de Pontevedra- fai públicas as normas que deben rexer para tomar baños de auga e sol nas praias de Vigo e de Panxón do veciño concello de Nigrán.

> "Primera.- Queda absolutamente prohibido el baño sin traje adecuado, que será para los hombres traje completo y para las mujeres traje completo y falda.
> Segunda.- Se prohíbe (…) el paseo y estacionamiento en las playas con traje de baño, debiendo usar indispensablemente para ello, el albornoz.
> Tercera.- Los bañistas deberán vestirse y desnudarse en las casetas y demás lugares habilitados a tal fin, o en sitios próximos suficientemente resguardados, quedando terminantemente prohibido hacerlo en toda la extensión de la playa.
> Cuarta.- Nadie podrá transitar por las calles con albornoz ni bajar a las playas en traje de baño, aún cuando se cubra con albornoz."[824]

O tema do control moral nos arenais foi unha constante durante os primeiros anos do franquismo, un asunto "escabroso" que foi "controlado" sobre todo polos prelados de cada unha das diócesis que "se veían en la obligacion de advertir a los ciudadanos, y en especial a las ciudadanas de los peligros que las aguardaban."[825]

Pero como dicíamos antes, non só se establece ese "debe ser" a través das normas morais e de conducta específicas, senón que en toda a planificación dos actos de carácter lúdico. Introdúcese, especialmente polos medios de comunicación de masas como o cine, os novos marcos de referencia da nova sociedade que se pretendía forxar. Neste sentido, a música, y en concreto a música patriótica xogou un gran papel. A Banda Municipal será a encargada de transmitir as composicións musicais que simbolizarán o novo réxime. Os concertos de carácter lúdico que todas as semanas interpretaba a Banda son substituídos, inmediatamente despois da toma do poder polas autoridades golpistas, por interpretacións das músicas que representan a cada un dos actores da coalición dos sublevados. Neste sentido as novas autoridades son plenamente conscientes do papel da música no control de masas, afirmando que "sabida es la influencia sugestiva que en las masas ejerce el arte músico en sus manifestaciones de unir el canto coral al intrumental". Así entre as normas, xa citadas, do Xeneral Millán Astray para os bos españois tamén fala dos himnos e cantos patrióticos que deben fomentarse intensamente

> "(…) excitando, y aún obligando persuasivamente a que los presentes acompañen los cánticos que habrán de ser viriles y entonados, porque el que canta con desgana es desleal."[826]

As novas autoridades bautizan a esta nova actividade da banda municipal co nome de "Concierto patriótico". Este tipo de concerto monopolizará a súa actividade nos dous primeiros meses da sublevación e reapareceran a comezos de 1937. Os concertos teñen un repertorio absolutamente dedicado aos himnos, sabendo que "(...) es la influencia sugestiva que en las masas ejerce el arte músico en sus manifestaciones de unir el canto coral al instrumental (...)".[827]

---

[824] EPG, 20/06/1937.
[825] Pelta Romero, Raquel, "Imáges e ideologías: la representación gráfica de la mujer durante el primer franquismo", *Boletín de Arte*, núm. 18, Universidade de Málaga, 1997, p. 360.
[826] EPG, 06/09/1936
[827] EPG, 17/09/1936

Un programa típico deste tipo de concerto sería: 1. "La canción del soldado", 2. "Banderita tu eres roja", 3. "Oriamendi", 4. "Himno de la JAP"; 5. "Himno a la bandera", 6. "Gloria a la madre", 7. "La canción del soldado", 8. "Himno de la Académia de Infantería; 9. "Himno Oficial de FE de las JONS"[828]. Este repertorio tamén podía ser acompañado pola interpretación dalgunha obra patriótica composta por algún concidadán[829]. A partir de marzo de 1937 os "Concertos patrióticos" deixan de ter o protagonismo e pasan a ser tan só unha parte da actuación da banda, ao tempo que aparece para pechar o acto a Marcha Real, que eles chaman Himno Nacional. Loxicamente, desaparecen os himnos de cada unha das milicias, en sintonía co proceso de unificación que xa está en marcha e coa perda progresiva de protagonismo de cada un dos grupos integrantes da coalición en beneficio da unidade no que comeza a chamarse así mesmo como "Movimiento". Mantense, iso si, as composicións patrióticas de vigueses, fundamentalmente "La Espina", ou Acero Toledano", dedicada ao Comandante militar da praza[830]. De todos xeitos, posiblemente, a insistencia nos primeiros meses da sublevación da representación dese variado conxunto de himnos hai que buscala tamén no necesidade dos integrantes da coalición dos sublevados, de que os seus símbolos se coñezan por parte das masas, de feito a prensa publica as letras destes himnos para coñecemento da poboación¨, o que ven a supoñer outra proba a escasa incidencia desas opcións políticas entre o conxunto dos cidadáns[831].

O outro medio imprescindible que empregan os sublevados para a transmisión do seu discurso integrado dentro dun ámbito tradicionalmente reservado ao lecer é o cine. A mediados de decembro de 1936 comezan este tipo de actividades que chegarán ata o remate da guerra. Resultan interesantes os títulos das películas proxectadas, pero tamén a propaganda que a través da prensa faise delas. Unha análise desta propaganda revela que o primeiro que se destaca é a asistencia masiva de público, incluso antes de que a película tivera o seu primeiro pase.

> "Desborda ya los límites de acontecimiento local el estreno próximo de la más grande y más perfecta película que se ha exhibido en estos últimos tiempos, para adquirir categoría de acontecimiento nacional, "Crisol de España", (…) es algo más que una película. Es la síntesis de la Historia de España, desde el comienzo del sigl (sic) ohasta (sic) nuestros días. Cuarenta años de vida nacional, con sus tragedias y sus sainetes, que culmina en el salvador Movimiento Nacional. Todos verán esta película."[832]

[828] Programa da Banda Municipal para o concerto do 17/09/1936, EPG.

[829] No concerto do 17 de setembro, a última obra interpretada foi "La Espina" composta polo vigués e alférez de complemento Garcia de Coté. A letra deste tipo de composición adoitaba facer referencia á brabura dos soldados vigueses e galegos: "Bravos soldados viguese/De la cuarta Compañia/Que para tomar Asturias la Roja/Salienteis de Vigo un dia./No os asustan los cañones/De los rojos al tronar/Ni las águilas de acero/Ni a su fuego y hierro/Con queo os quieren destrozar/ Muy proto nuestra bandera roja y gualda/El frente rojo atravesará abrazándose en Oviedo la heroica/Con la que reinando está/Valientes sois como fieras/Luchad con brio y valor/Porque España sea libre/Del marxismo destructor/[Estribillo]/Banderita de mi infancia/Banderita roja y gualda/Banderita bicolor si algún día los traidores/Cambiaron los colores/Por mandato del Masón/Hoy te ves restaurada/En la parte conquistada/Al soviético furor/Y muy pronto han de verte/Aunque me cueste la muerte/Ondear en toda la nación". EPG, 17/09/1936

[830] FDV, 14/03/1937, EPG, 03/06/1937 e 29/04/1937

[831] Por exemplo o 24 de agosto, EPG publica as letras de "La canción del legionario", que curiosamente afirmaba na edición do 11 de agosto de 1936 de FDV que era un himno popularísimo, e "El novio de la muerte", iso sí "a petición de numerosos lectores que desean aprender la letra (…) canciones con las que van a luchar los pravos (sic) que palmo a palmo van reconquistando la Patria".

[832] FDV, 28/01/1938.

Este recurso a unha especie de "maxia propiciatoria", non e máis que translación a unha "nova" ou anuncio publicado nun xornal do principio do "debe ser" que será constantemente empregado pola prensa, sobre todo tanto no caso das manifestacións patrióticas como nos festexos polas vitorias militares e que veremos máis adiante. No contexto desta concreta función cinematográfica ese "todos verán esta película" non e máis que "todos DEBEN ver esta película". Evidentemente si na propaganda anúnciase xa o éxito de público que terán os pases destas películas, nos días seguintes farase fincapé nese éxito anunciado que viña a confirmar que todos –"los buenos españoles"- comportáronse como DEBÍAN comportarse

> "¡¡Toda la ansia de España está en CERCO DE MADRID. Todas nuestras almas se agrupan en torno a las huestes del general Varela, nuevos y heroicos campeones de la civilización (sic).
> Por eso este sensacional y actualísimo film, verdadera maravilla de las exlusivas FILMS PATRIA sigue electrizando y enardeciendo a todos los buenos españoles."[833]

Unha das películas que máis eloxios suscita pola prensa é "Hacia…la Nueva España". Destácase como a película incide nun tema de primeiro orde para as sublevados: mostrar a barbarie dos anti patria. Fai un repaso da destrución que os "rojos" cometeron en Irún, Málaga, El Alcazar… incluído as obras de arte tanto relixiosas como das iconas do españolismo.

> "(…) monasterio de la Rábida, donde el retato de Colón se vé acuchillado por los sin Dios y sin Patria;". (…) todo eso y mucho más, (…) desfila ante los atónitos ojos del espectador que no puede creer que haya gentes tan bárbaras, tan siniestras, tan sin entrañas, que deshagan con el fuego y la dinamita lo que fue creado y cuidado por nuestros antepasados."[834]

Inmediatamente despois móstrase a cara dos soldados españois que liberan a patria desa barbarie, representando nunha mesma obra as dúas caras, a da anti España, os seus males e atrocidades, e a da España que lle fai fronte.

> "Soldados, falangistas, requtes (sic) y demás milicias, militares todos de nuestra España, ofrecen a la tranquila y descansada retaguardia una faceta de su gran esfuerzo y sacrificio por conseguir la España Una, Grande y Libre que todos ansiamos."[835]

Dende este punto de vista "Hacia…la Nueva España" pecha un círculo que outras películas proxectadas en Vigo non o fan, xa que só presentaban unha parte do conflito ou unha simple acción militar[836]. Pero o certo que é algunhas destas proxeccións cinematográficas foron empregadas, ademais de como medio de propaganda de masas, como elemento de coacción, e o seu visionado, foi nalgún caso obrigatorio. Así, acontece con dous películas estranxeiras, unha alemá e outra italiana proxectadas en agosto de 1937. A alemá preséntase como "El triunfo nazi en Alemania", pero en realidade debe tratarse de "El triunfo de la Voluntad" que

[833] EPG, 20/12/1936.
[834] EPG, 06/06/1937.
[835] EPG, 06/06/1937.
[836] Entre estas está a xa citada "Cerco a Madrid" pero tamén "El ataque y voladura del Alcazar de Toledo" (EPG, 22/12/1936), "Oviedo la mártir" (31/12/1936), o documental "Epopeya Española" (27/05/1937) ou "La Guerra de Reconquista en el Frente de Aragón" (EPG, 20/08/1937).

xa fora proxectada co gallo dos "Festivales en honor de las naciones amigas de la Nueva España" que organizara FE-JONS a finais de xaneiro de 1937. A italiana é unha primicia en Vigo, "Camisas Negras". As proxeccións realízanse no escenario máis importante da cidade, o Teatro García Barbón e a recadación é a beneficio de FET-JONS. As dúas películas, pero sobre todo a alemá, son presentadas como un "fiel reflejo de lo que pasaba, pasa y pasará en España"[837]. Ante o anuncio da proxeción do film en Vigo a colonia alemá organízase, lembremos que existe unha sección do Partido Nazi en Vigo, e solicita a reserva de 250 entradas, pero o que máis nos interesa é que ademais da colonia alemá,

> "(…) diversos propietarios de fábricas han adquirido para sus obreros, centenares de localidades altas, pues esta película ofrece a éstos enseñanzas sociales utilísimas, a la vez que les muestra tal como eran en realidad los antiguos dirigentes de sus sindicatos."

Refórzase a idea da "función pedagóxica" que os empresarios e as autoridades queren darlle ao filme

> "El tema es vigoroso, emotivo; las escenas han sido trazadas con rasgos rotundos, enérgicos, para que lleguen a todos los cerebros e impresionen todos los corazones."
> (…) Nadie. Hombre, mujer, viejo o niño, paisano o militar, que tenga conciencia del momento porque atraviesa España en esta amanecida imperial, debe dejar de conocer esta película, de suprema emoción nacionalista."[838]

O mesmo sucede días máis tarde cando toque a proxección de "Camisas Negras", a prensa incitará aos empresarios a que leven aos seus traballadores ou cine, no que non pode ser calificado máis que unha velada de formación.

> "Los patronos, los propietarios de fábricas deben obsequiar a todos sus obreros de ambos sexos con localidades para que vean esta portentosa película, de la que habrán de sacar provechosas enseñanzas, afianzando su fé en el porvenir de España"[839]

E a recomendación, foi atendida: Barreras, *La Artística*, Adolfo Quiros Conservas, *Hijos de Carlos Albo, Conservas Alonarti, SA, Talleres Mecánicos e Hijos de Juan B. Cerqueria…* mercan centos de entradas que serán repartidas entre os seus cadros de persoal[840].

Pero si estes aspectos do lecer, a destrución das organizacións propias da organización cultural ou o seu papel marxinal nos inicios da construción da nova sociedade, a potenciación do discurso do "debe ser", a pretensión da modificación estética e moral da poboación e os intentos de control da vida privada e os espazos de sociabilidade tanto formal como informal, supoñen unha modificación total da vida cotián dos vigueses e viguesas, aínda queda por tratar outro aspecto desde control. Un dos elementos imprescindibles para configuración do novo universo simbólico dos sublevados. Estamos falando da mobilización da poboación co obxectivo de representar un grupo compacto e unitario.

[837] EPG, 03/08/1937.
[838] EPG, 04/08/1937.
[839] EPG, 08/08/1937.
[840] EPG, 11/08/1937.

"A través de las conmemoraciones, la mitología nacionalista se consolida, se transforma y se pode al dia. De la misma manera, esos mitos se difunden con el propósito de articular y fortalecer lazos emocionales entre los habitantes del territorio nacional y la idea de nación."[841]

"En estas fiestas de patriotismo de adquiere el conocimiento exacto del concepto Patria y nos penetra hasta lo más íntimo el orgullo de pertenecer a un pueblo que, haciendo honor a su Historia, ocupa siempre los puestos de honor en las avanzadas de la civilización".[842]

Dentro destes procesos de mobilización atopámonos co novo calendario festivo e coas mobilizacións para festexar a conquista das diferentes cidades durante a guerra. En relación ás primeiras pensamos que pouco temos que aportar á visión xeral que ten presentado Zira Box[843], tan só un par de apuntes relativos ao tratamento que se lle da a dúas festividades locais que a priori encaixaban perfectamente dentro do universo símbolico que empregan os sublevados, estamos a falar da festa da Reconquista e a celebración do Cristo da Vitoria. De feito a idea da reconquista, ou da nova reconquista basease na reconversión da guerra contra o franceses, a guerra da independencia, nunha nova guerra de independencia tamén contra as forzas estranxeiras, o que ven a significar unha especie de "continuidad y adaptación del recuerdo histórico"[844]. Ao mesmo tempo, a mestura das dúas celebracións resultaba adecuada para transmitir toda unha serie de valores bélicos, nacionais e relixiosos.

As dúas celebracións teñen antecedentes anteriores. No caso da Reconquista, festexada o 28 de marzo, é unha festa que se celebra a iniciativa dunha organización de carácter multifuncional, que nós situamos no seu momento, como non adscrita politicamente na análise que fixemos da cultura e o lecer no período republicano: o *Centro de Hijos de Vigo*. Como é obvio a festa rememora a reconquista da cidade de Vigo ante as tropas francesas que a mantiñan ocupada, e ten a consideración oficial de día de Vigo dende 1935. Destácase como elemento central da efemérides ao protagonista do feito armado, o pobo. As celebracións corren a cargo da iniciativa exclusiva do Centro ate 1936 no que se produce un acordo entre a organización é o Concello que asume como propias as iniciativas daquel. Os actos consisten basicamente nunha comida de confraternidade dos socios do Centro, e a nivel público a iluminación do escudo e do olivo, símbolos da cidade, e unha serie de conferencias culturais. Ao mesmo tempo, aprovéitase a efeméride para honrar á memoria de vigueses distinguidos, no caso de 1936, os elixidos foron, Martín Echegaray e Policarpo Sanz. En 1936 o Centro, en contacto con diversas organizacións empresariais, consegue o peche do comercio ás 13h. Como pode verse estamos ante unha celebración nada fastosa cun protagonismo exclusivo das celebracións de carácter civil e sen presenza algunha de referencias relixiosas, agás a visita á Igrexa de Santa María para depositar unhas flores ante o Cristo da Vitoria[845].

[841] Moreno Luzón, Javier, "Mitos de la España inmortal. Conmemoraciones y nacionalismo español en el siglo XX" en Forcadell, Carlos, Salomón, Pilar e Saz, Ismael (eds), *Discursos de España en el siglo XX*, Valencia, Universidade de Valencia, 2009, p. 124

[842] EPG, 13/09/1936.

[843] Box, Zira, "El calendario festivo franquista: tensiones y equilibrios en la configuración inicial de la identidad nacional del régimen" en Moreno Luzón, Javier (ed), *Construir España. Nacionalismo español y procesos de nacionalización*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2007.

[844] Peiro Martín, Ignacio, "Políticas del pasado: la Guerra de la Independencia en el Franquismo", en Forcadell, Carlos, Salomón, Pilar e Saz, Ismael (eds), *Discursos de España en el siglo XX*, Valencia, Universidade de Valencia, 2009, p. 173.

[845] Todas as referencias en EPG, 27/03/1936 e 28/03/1936.

Polo que respecta ao Cristo da Victoria, aínda que é tradicional a realización da procesión no primeiro domingo do mes de agosto, non hai referencias na prensa de nada salientable, é máis no EPG, non existe referencia algunha agás unha foto do inicio da procesión en 1935 sen texto algún[846]. A confraría organizadora dos actos láiase desta situación de esmorecemento na que se atopaba a celebración durante toda a etapa republicana e afirma que grazas á recuperación do sentir católico de España a festa volveu ter un carácter oficial a partir de agosto de 1936.

> "Durante los cinco años que padecimos el anticristiano y antinacional Gobierno republicano, la Hermandad de Caballeros del Santísimo Cristo de la Victoria tomó sobre sí la organización de la fiesta, logrando aumentar la magnificencia y esplendor de las solemnidades. Este año, al recobrar la España liberada su tradicional espíritu católico, el señor alcalde no vaciló un momento en asumir el patronato, delegando en la Hermandad los detalles de la organización, no sin dictar oportunas disposiciones para el mejor orden de la grandiosa procesión."[847]

A situación previa das dúas celebración troca a partir do golpe. É certo que a proximidade da celebración do Cristo da Vitoria á sublevación fai que en agosto de 1936 non se festexe coa tradicional procesión, senón que os actos se reduciron simples as misas. Aínda así a prensa faise eco do significativo da data, neste primeiro ano da sublevación, mesturada coa da Reconquista.

> "Silenciosamente, por exigencias de una etapa en que se va a [inintelilxible] reconquista gloriosa que esta [inintelixible] en la totalidad de la Patria, la España cristiana por naturaleza y oprimida por los traidores a ella, se celebró con inusitado fervor la fiesta de la Reconquista de Vigo.
>
> Así se vió la Colegiata desde las primeras horas de la mañana del domingo repleta de pesoras de todas las clases sociales para rendir un ferviente y patriótico homenaje de amor al Cristo de la Victoria con sus comuniones que suman muchísimos centenares y sus plegarias a favor de otra nueva etapa de gloria en el momento actual.
>
> Hemos visto en este día del domingo con emoción consolada el desfile de muchísimos de los jóvenes que constituyen las Milicias nacionales y su presencia en la Colegiata para oír misa y comulgar; hemos admirado el fervor y con ello nos han [ininteligible] confirmándose una vez más que todos sus sacrificios tiene como firme exponente Dios y la Patria, por los que luchas valerosos y confiados en un triunfo aplastante."[848]

A partir deste ano, a procesión convértese nun acto institucional coa presenza de todas as autoridades eclesiásticas (os bispos de Tui e Madrid-Alcalá) e todas as autoridades locais. Faise público, incluso, as persoas que serán os portadores do estandarte e dos cordóns que ten a imaxe. En 1937 correspondeulle a "honra" de ser o portador a un dos represores da cidade, Bernardo Pereira Borrajo, capitán de fragata, e presidente de numerosos consellos de guerra ate final de 1936. Dos acompañantes, Miguel Colmeneiro e Rafael Novoa Guerrero, so temos datos do primeiro, directivo do sindicato católico de oficios varios en 1933, falanxista dende novembro de 1936 e afiliado á CONS en xaneiro de 1937. Fronte a escaseza de referencias na

[846] EPG, 06/08/1935.
[847] EPG, 31/07/1937.
[848] "Información religiosa. El Cristo de la Victoria. Gesta gloriosa." FDV, 04/08/1936.

prensa anterior ao golpe sobre a procesión, nesta primeira celebración na nova España, ao día seguinte, EPG en páxinas interiores (a 3), titula a toda paxina: "VIGO VIVIO EL DOMINGO SU FECHA DE MAXIMO FERVOR RELIGIOSO. El Cristo de la Victoria, dolorido y marinero, fué paseado en triunfo por las calles de la ciudad".

A representación dos actos combina o sentimento relixioso coas referencias políticas que están presentes non só pola presenza das autoridades locais e provinciais e a traxectoria dos encargados de portar o estandarte do Cristo, senón tamén na simboloxía dos "fieis".

> "Al terminarse la misa y salir los prelados y autoridades del templo, el numeroso público que se había estacionado delante de la iglesia, saludó con el brazo levantado dando incesantes vivas a España."[849]

Resulta significativa o xeito no que se organiza a procesión. Ten dúas presidencias diferenciadas que representan aos poderes do novo Estado. Na primeira, os estamentos relixiosos, na segunda os representantes das institucións civís, militares e os dirixentes locais e provinciais de FET-JONS[850]. As tres patas do novo Estado, Igrexa, partido e exército, unidas no acto, na retórica, na simboloxía, na transmisión ideolóxica pero, diferenciadas, a Igrexa por unha parte e o partido e o exército por outra, independentes cada unha das patas.

A avaliación do acto, a asistencia dos fieis-cidadáns, como non podía ser doutro xeito, foi inmensa segundo a prensa, sobre todo tendo en conta que para os propagandistas, os meros observadores, sempre son participantes e como tal se inclúen.

> "Nuestra imaginación escapa a todo cálculo en lo que hace al número de fieles que asistieron (…) y los que había situados a uno y otro lado de las calles del trayecto. No incurrimos en hipérbole si decimos que la ciudad viguesa y todos sus alrededores se habían aglomerado a lo largo de las calles. Fue, en una palabra, la manifestación religiosa más grande que se recuerda en nuestra ciudad, y con este queda dicho todo."[851]

Ao ano seguinte a procesión sofre dúas modificación substanciais. A primeira danos conta do grao de radicalidade que se acadou nas normas de control moral e estético da poboación. Os organizadores eclesiásticos, a "*Cofradía del Santo Cristo de la Victoria*", fan públicas unhas normas de estrito cumprimento para a vestimenta das mulleres.

> "No se admitirá en la procesión a las mujeres que no lleven velo o pañuelo lo suficientemente grande que cubra toda la cabeza, no bastando por lo tanto el pañuelo de bolsillo según acostumbran a tocarse algunas, aun (sic) dentro de la iglesia, por ser irreverente. Segunda, tampoco serán admitidas las que no lleven medias, usen falda exageradamente corta, y lasa que pretendan concurrir con los brazos desnudos, o casi desnudos." [852]

Todas as mulleres que non cumpran estas normas serán expulsadas da procesión. Non só a presenza na procesión é un indicativo de pertenza á nova comunidade nacional que se está a

[849] EPG, 03/08/1937.
[850] EPG, 03/08/1937.
[851] EPG, 03/08/1937.
[852] EPG, 06/08/1938.

formar, senón que esta pertenza está suxeita ao estrito cumprimento dunhas determinadas regras, neste caso estéticas, que serán as que posibiliten a integración das persoas, mulleres, neste caso, nesa comunidade.

A segunda modificación que se produce en relación á celebración do ano 1937 afecta á representación simbólica. En 1937 estableceuse unha presidencia dobre que como dixemos representaba aos tres poderes do novo Estado, isto mantense en 1938, pero un deses poderes, representante da unidade da coalición que compoñen os sublevados, en 1938 ocupa un espazo novo que ven a simbolizar a unidade igrexa, estado, partido e poboación.

> "Habría marcha las Organizaciones Juveniles de Falange Española Tradicionalista y de las JONS con sus banderas de cornetas y tambores y la cerraba una compañía de infantería, también con cornetas y tambores y la banda municipal."[853]

De este xeito a presenza do partido non só se manifestou na presidencia civil do acto, senón que eran os falanxistas os que abrían o acto en si, e detrás deles as presidencias e os asistentes. Coa unificación consolidada, o novo partido, FET-JONS, pasa a representar simbolicamente, sen dúbida algunha, a unidade do conxunto da cidadanía, circunstancia que non se producira en 1937. A orde que fai que sexan os mozos falanxistas os que encabecen a procesión, parte do Concello. Así será o poder político, que evidentemente non está encarnado en FET-JONS, quen ordena á organización de encadre da poboación, FET-JONS que asegure a súa presenza indicándolle, tamén, como vai ser esta presenza. Así a Alcaldía diríxese ao Xefe de Milicias de FET-JONS de Vigo para que "se digne disponer que las bandas de cornetas y tambores de las Organizaciones de Flechas, Cadetes y Milicias de 2ª línea, de Vigo, Bouzas y Teis, asistan al mencionado acto religioso (…)". Curiosa labor a do partido "fascista" único[854].

Ao mesmo tempo, en 1937 tampouco houbo referencia algunha doutrinal na prensa antes da procesión, algo que tamén troca en 1938. Unha páxina enteira do EPG está dedicada o día da procesión ao Cristo da Vitoria, explicando a tradición do Cristo, a chegada da talla a Vigo por mar e elucubra da súa procedencia… remata dunha translación cara ao presente da súa invocación.

> "Que nuestros ojos sepan buscarlo como puerto de refugio y como fuente incansable. Y que El, que es Señor de Victorias, sepa alcanzarnos en esta hora tan grande y tan sangrienta, la victoria definitiva. Que por su Causa hace guerras España y por ella está abriendo de nuevo los caminos de la fe que el enemigo quería cegar con odios y rencores"[855].

Pero o recurso iconográfico e simbólico do Cristo da Vitoria tamén se integra dentro dos recursos empregados na fixación do binomio catolicismo-España

> "(…) un ámbito espléndido para la exteriorización de las ansias de redención, que los españoles debían de sentir por haber dejado caer a su Patria en las garras de la <<bestia marxista>>".[856]

---

[853] EPG, 09/08/1938.
[854] Oficio 6586 de Alcaldía a Jefe de Milicias de FET-JONS do 4 de agosto de 1938. ALC-25, AMV.
[855] EPG, 07/08/1938.
[856] Hernández Burgos, Claudio, *Granada azul. La construcción de la <<Cultura de la Victoria>> en el primer franquismo (1936-1951)*, Granada, Editorial Comares, 2011, 225.

Esta integración realízase de dous xeitos. Presentándoo relacionado coa outra festa que imos analizar, a Reconquista, ou relacionándoo directamente co outro símbolo empregado polos sublevados, a figura de Cristo Rei. E así como a representación física da festa, a procesión, tivo que agardar a 1937 para realizarse, a integración dentro dos elementos simbólicos do binómico catolicismo-España, faise dende os primeiros momentos da sublevación.

Como integración dos dous elementos iconográficos, e tamén como unha chamada a propia mobilización, neste caso para unha novena rogativa:

> "Vigo, no hay que dudarlo, tiene siempre puesta su fé muy reconocida y siempre demostrada después del triunfo de la Reconquista de la plaza, a lo que se debe la Victoria,, (sic) que subraya su gloriosa advocación. Otra segunda Reconquista de Vigo tuvo lugar el 20 de julio del presente año, que triunfó sobre el marxismo cruel que acariciaba su presa, pero el Santísimo Cristo de la Victoria, se valió como siempre de los que creen y sienten las glorias patrias para que el triunfo fuera aplastante, como lo será en todo el territorio español tan codiciado por los enemigos de Dios y de la Patria, Madre envejecida y generosa que cobijó en su maternal regazo a una gran parte del mundo, después de haberla conquistado y civilizado.
> Esta es España, la España inmortal que no puede hundir ni el marxismo, ni el judaísmo masónico aterrador, porque España es, ha sido y será siempre gloriosamente católica por su fé y su tradición."[857]

E integrado coa icona de Cristo Rei:

> "(…) el día del Cristo-Rey que es el Cristo de la Victoria, [recomendase aos cidadáns que recen, que participen na oración] para rogarle levante el brazo de su justicia y alce su mano para bendecir a los soldados que pelean y se incline hasta la tierra y recoja en su gloria las almas de los que sucumben "por Dios y por la Patria"[858].

Polo que respecta á outra festa de Vigo que pasa a integrarse no repertorio simbólico dos sublevados, a Reconquista, acabamos de ver como deixa de ser unha festa absolutamente civil a subsumirse dentro do universo católico da man do Cristo da Vitoria. Aínda que a festa da Reconquista ten unha gran potencialidade para ser explotada polos sublevados sobre todo nos relatos da "nova" reconquista, a realidade foi que o seu emprego a través da prensa foi marxinal. A celebración en 1937 desenvólvea exclusivamente a entidade cultural que comezou coas celebracións en anos atrás, o *Centro de Hijos de Vigo*. Os actos desenvolvidos son mínimos, as ofrendas florais aos heroes da Reconquista, o luch no local do Centro e a visita ao Cristo da Vitoria. Todo igual á ultima celebración republicana, iso si, como moitísimo menos realce e transcendencia pública e sen o apoio explícito da corporación municipal. Só se producen dúas modificacións. A primeira e que entre os homenaxeados coa lembranza e as flores no cemiterio, aparece o capital Carreró, capitán ao mando dos militares que proclamaron o Estado de Guerra na Porta do Sol e que morre en combate na fronte de Asturias en setembro de 1936. A segunda, o acto de nomeamento do Comandante militar de

857 "Información Religiosa. El Cristo de la Victoria. En la Colegiata. Novena rogativa, FDV, 17/10/1936.
858 Ande, F., "¡A la procesión. Por el triunfo de nuestro ejército, acudamos al Cristo de la Victoria, acudamos a Cristo Rey", EPG, 20/10/1936.

Vigo como socio de honra do Centro. Igual que acontece coas celebracións do Cristo da Vitoria, en 1938 modifícanse substancialmente. O organizador segue a ser o Centro, pero en 1938 o acto central da conmemoración pasa a ser relixioso: unha misa no altar do Cristo da Vitoria

> "(…) por el eterno descanso de aquellos patriotas que cayeron en 1809 para liberar nuestra tierra de los invasores extranjeros, y de los que en esta nueva Reconquista hicieron el sacrificio precioso de sus vidas por la España Imperial que se está forjando a costa de sacrificios insuperables."[859]

Este troco ven a representar o avance do proceso de subsunción das autoridades civís e militares coas eclesiásticas. A nova realidade tende a tinxir as representacións simbólicas todas desa pátina relixiosa, que así se converte en inseparable da nova comunidade que nace.

Aínda así, a conmemoración segue circunscrita a un espazo moi cativo. Non se insta a mobilización da sociedade e exclusivamente faise un chamamento á participación de todos os socios do Centro. Iso si, a participación aínda que restrinxida, debe ser por motivos patrióticos.

> "La directiva ruega a todos los socios su asistencia a estos actos, pues ellos constituyen un homenaje a los inmortales de 1809 y a los que en la guerra actual, a las órdenes del invicto Caudillo y Generalísimo de los Ejércitos, han sabido morir con el nombre de España en los labios por la Unidad, la Grandeza y la Libertad de nuestra Patria."[860]

En 1939 a conmemoración recibe o respaldo oficial do Concello e se decreta día festivo local. Consecuentemente a corporación municipal pide a todos os veciños de Vigo que engalanen as fachadas das súas casas[861]. Aínda que o desenvolvemento da conmemoración non presentaba ningunha diferenza substancial ao ano anterior, un feito circunstancial fixo mudar todo: a toma de Madrid.

> **"Dos fiestas en una jornada: el 130 aniversario de la Reconquista de Vigo y la victoria de Madrid.**
> **La mayor manifestación que recuerda nuestra ciudad"[862]**

A caída de Madrid opacou todas os actos previstos para conmemorar a Reconquista, que agás o titular arriba reproducido non tivo incidencia algunha nin se fixo a obvia relación entre reconquista e toma de Madrid.

A Reconquista como conmemoración viguesa ten un pobre percorrido no seu emprego como elemento simbólico da nova comunidade. Mesturada, como xa vimos antes, co Cristo da Vitoria si ten máis percorrido que empregada en solitario, xa que a mestura fai referencia a binomio catolicismo-España, pero en solitario e dado a forza que contén a soa idea da Nova Reconquista, xa sexa como continuación da loita contra os "mouros" ou contra a invasión francesa, xerou apenas un par de artigos en todo o período estudado.

[859] EPG, 27/03/1938.
[860] EPG, 27/03/1938.
[861] EPG, 26/03/1939.
[862] EPG, 29/03/1939.

Nas demais efemérides que as novas autoridades fan chamados á mobilización dos cidadáns, Vigo resposta exactamente igual aos mesmos criterios con que se respondía nas demais cidades da retagarda sublevada. Tanto nas celebracións de marcada inspiración relixiosa como naquelas que se organizaban para festexar a toma das cidades que pouco a pouco pasaron a máns rebeldes. Aínda que existe unha coincidencia clara co descrito para Granada por Hernández Burgos, si existe, en relación a esta cidade, unha diferenza notable que cómpre salientar.

Cóntanos Hernández Burgos que na cidade de Granada as manifestacións festivas polas vitorias do exército sublevado "gozaron de gran espontaneidad durante los primeros años de guerra"[863]. Isto non acontece en Vigo. Xa vimos como a nivel da organización do lecer e da cultura a característica paradigmática da acción dos sublevados na cidade é a destrución da capacidade de auto organización. Como a iniciativa dun grande abano de pequenas organizacións sectoriais é substituída, independentemente da desaparición destas ou non, pola iniciativa das estruturas institucionais, tanto das institucións do Estado como do partido único institucional ou da Igrexa. Sen a iniciativa desas pequenas organizacións os procesos de auto organización son certamente difíciles. Si é certo que si nos guiamos por determinadas afirmacións da prensa cando recolle a nova das mobilizacións, parece como si nestas houbera un amplo compoñente de espontaneidade.

> "Desde aquel instante millares de personas, no obstante lo intempestivo de la hora, salieron a la calle, improvisándose a media noche una manifestación que recorrió las principales calles, yendo a la cabeza numerosos japistas, falangistas y milicianos con sus respectivas banderas. Mujeres de todas las edades y clases sociales, hombres y niños no cesaban de aclamar a España con un entusiasmo que jamás hemos visto."[864]

A cita fai referencia aos festexos pola toma de Toledo en setembro de 1936. Apréciase improvisación na celebración, de feito a propia cita menciónao, pero a improvisación non é espontaneídade. Son conceptos diferentes. Este fala da ausencia de organización e aquel da sorpresa dos organizadores. Ninguén sae espontaneamente á rúa cunha bandeira e xa non digamos con bandeiras de diferentes organizacións, como ninguén espontaneamente se sitúa á cabeza dunha espontánea manifestación. Pero como esta argumentación posiblemente non seca tida como válida, cousas da espontaneidade, si lemos o mesmo xornal dous dias despois da espontánea/improvisada manifestación veremos que as cousas non foron tan "espontáneas" como nos dibuxaba a crónica anterior.

> "(…) de las radios en diversos puntos de la ciudad, en Bouzas, Las Traviesas, Lavadores, Teis, Canido, etc., recogían la llamada hecha por la emisora de Radio Vigo, para que el pueblo, a las once y media de la noche se congregase en la Plaza de Compostela para organizar la procesión de las antorchas."[865]

Xa non hai nin improvisación nin espontaneidade, senón todo o contrario. Será que dende a prensa, altofalante das autoridades golpistas, se quere dar a sensación de que é o pobo, como órgano unitario da nación, o que se manifesta de propia iniciativa sen ter que gardar consigna

[863] Hernández Burgos, Claudio, *Granada azul*... p. 172.
[864] FDV, 27/09/1936.
[865] FDV, 29/09/1936.

algunha? Pretenderase transmitir a idea de que este pobo que agora forma a nova comunidade nacional está absolutamente comprometido coa vitoria dos exércitos de España? Non parece descabelado que así fora, non?

> "Expontáneamente (sic) se organizó una manifestación, que recorrió las calles de la ciudad entonando himnos patrióticos y dando delirantes viva a España, al Ejército y a las milicias ciudadanas."[866]

Neste caso a espontánea manifestación festexa a toma de Oviedo en outubro de 1936. Aquí non fai falla indagar moito, a manifestación foi espontanea, di a cita, pero ao remate da crónica da espontánea manifestación afírmase que abriu camiño a banda municipal e a escuadra de cornetas e tambores de FE-JONS. Unha espontaneidade rara ou contaxiosa.

> "Ayer tarde, cuando los rumores más gratos circulaban por la ciudad y a nuestro teléfono acudían todas las llamadas, sonaron en Vigo las explosiones de júbilo más vigorosas y los gritos patrióticos colmaron las calles de un júbilo singular, ¡Bilbao era de España!
> (…) en la Plaza de Compostela el público se aglomeraba para formar la gran manifestación espontánea por la liberación (…)"[867]

Outubro de 1937, toma de Bilbao, de novo a espontaneidade en marcha. Sorprende, neste caso, a organización da espontaneidade. Conta a crónica desta manifestación espontánea que os edificios oficiais izaron as bandeiras, momento no que os veciños comezaron a acudir ás rúas céntricas onde moitos comerciantes pechaban espontaneamente as súas tendas. Espontaneamente o público concentrouse nas Avenidas de onde "*había de partir la manifestación*" espontánea. Espontaneamente atopábanse naquel punto "*las autoridades civiles y militares*" que presidiron a espontánea manifestación que espontaneamente se dirixiu aos consulados das nacións amigas, enarborando as bandeiras destas nacións (nazi, italiana e portuguesa) xunto coa de España, a de FET-JONS "*y Requetés*".

> "Formaron todas las milicias con sus respectivas banderas y bandas de cornetas y tambores.
> En una palabra, fue una verdadera culminación de entusiasmo patriótico.
> Las baterías hicieron las salvas de ordenanza, se dispararon numerosas bombas de palenque y las campanas redoblaron. El vecindario de las barriadas afluyó al centro de la población, y en pocos momentos la manifestación era hervidero de gente.
> (…)
> Algunos edificios particulares iluminaron sus fachadas con bombillas con los colores nacionales."[868]

Hai moitos máis exemplos da "espontaneidade" das mostras de felicidade pola toma das diversas poboacións, incluso prodúcense manifestacións de espontánea ledicia ao coñecerse o Decreto de Unificación, exactamente no mesmo sentido que todas as descritas. En resume, en Vigo ao contrario de en Granada, non se produciron actos multitudinarios de xeito espontáneo. De feito a propia espontaneidade de feitos multitudinarios contradí, pensamos, as características propias dun réxime que pretende, tal e como se viu ao longo deste apartado, o control absoluto de todas as actividades cidadáns, públicas e privadas, canto máis unha

[866] EPG, 18/10/1936.
[867] EPG, 20/07/1937.
[868] EPG, 20/07/1937.

aglomeración espontánea do sino que sexa. A prensa relata un feito que cataloga como espontáneo, pero a crónica non ten intención algunha en transmitir un feito, senón que de crear un relato. Nese relato creado si é posible a espontaneidade das masas, pero só no relato.

Neste sentido non podemos esquecer que nunha gran maioría dos actos de mobilización da poboación, a prensa non xoga un papel, exclusivamente, de informadora da celebración do acto, senón que actúa como transmisora do que "debe ser". Así expresións do tipo de todo "Vigo estará presente hoy en la magna fiesta patriótica (…)"[869], non forman parte dun ritual máxico, senón que expresan o que se reclama da poboación en relación a un acto concreto. Pero tamén hai momentos nos que este "debe ser" expresase directamente:

> "Todo el pueblo vigués debe concurrir en la mañana de hoy al grandioso acto de la Jura de la Bandera por los nuevos reclutas, que se celebrará con el esplendor máximo"[870].

E incluso, outras veces, os actos organizados móstranse como un reclamo dos propios cidadáns e para darlles a oportunidade que de poidan exteriorizar os seus sentimos españolistas. Deste xeito vincúlase o que "debe ser" co que as persoas "queren facer". Así acontece cos actos que se organizan coa visita en setembro de 1936 do Xeneral Millán Astray

> "(…) se celebrará un imponente desfile militar en el que el público, una vez más, tendrá ocasión magnífica de exteriorizar sus patrióticos sentimientos y de prodigar aplausos y sus vítores a los bravos soldados y milicias nacionales que reconquistan día a día y en heróico esfuerzo, una ciudad o pueblo de la Patria que manos criminales querían destrozar."[871]

Un titular sobre a visita de Millán Astray a Vigo resume o papel da prensa, non como informadora, senón e, sobre todo, como conformadora dunha realidade anhelada.

> "[Titular] Hoy, a las onde de la mañana Vigo se congregará en la Plaza de Compostela para escuchar la palabra encendida del heroico general Don José Millán Astray
> [subtitular] "La ciudad, engalanada de banderas, rendirá su mejor homenaje al glorioso fundador del Tercio.—(…) A los gritos de ¡Viva España! y ¡Viva el Ejército libertador! Vigo exteriorizará, una vez más, sus profundos sentimientos de españolidad."[872]

E, por suposto, cando a visión que ofrece a prensa, non coincide coa visión oficial, rectifícase inmediatamente e se piden excusas e responsabilidades. Traemos aquí dous casos significativos. Un sobre a "capacidade" de "influeza" de determinadas persoas, representantes dos sectores económicos máis comprometidos coa sublevación.

O 28 de novembro de 1936 o comandante de enxeneiros, Braulio Amaro y Gómez publica un artigo no EPG ("Forjando el alma de la Nueva España. Los profesionales de la política"). O artigo é unha mala crítica á figura política de Santiago Casares Quiroga, pero un parágrafo di:

[869] FDV, 16/10/1936
[870] EPG, 13/09/1936.
[871] EPG, 02/09/1936.
[872] EPG, 03/09/1936.

"En efecto entre los nuevos ricos, es el señor Casares una de las más destacadas figuras de la plutocracia coruñesa; de la que recibe y a la presta su apoyo (El señor Casares, es una de las personas más admiradas y queridas en el Banco Pastor)

¿Cómo ha de ser marxista el señor Casares, si por lo menos desde que falleció su padre (antes lo fuera éste) fue administrador de los bienes de casi toda la aristocracia de La Coruña y también de los grandes capitalistas de esa ciudad"? Lo fue, de… (aquí los nombres de cinco prestigiosas personalidades coruñesas, que con todo cariño y respeto silencio), y sobre todo lo es de don Pedro Barrié y de toda la familia Pastor (fundadores y dueños del Banco de su nombre)".

A presenza do apelido Barrié e as referencias ao Banco Pastor fan que soen todas as alarmas e o 3 de decembro, o comandante Braulio, ten que saír na primeira páxina do EPG a pedir desculpas.

"(…) al hacer referencia al Banco Pastor, y sobre todo al señor D. Pedro Barrié, no figuraba en mi ánimo el producir ninguna ofensa a la institución ni señor citados, y menos en estos momentos en los que la Patria necesita la plena y total capacidad de sus hijos (…) La colaboración, tanto del Banco Pastor, como de D. Pedro Barrié al movimiento salvador de la Patria, es pública y notoria, y yo, como español, como soldado y sobre todo como cristiano, soy el primero en reconocerlo asi.

Mi única idea al publicar el artículo citado, esta laborar, dentro de mis cortos medios, en el magno momento actual, y para ello, hacia resaltar, con recio perfil, la indigna conducta de Casares Quiroga, que, pregonando por todas partes ideas disolventes contra el capital, la religión y la aristocracia, pregonando, en una palabra el credo marxista, por otro lado no vacilaba en vivir su vida dentro de una perpetua contradicción."[873]

Pero a cousa non queda aí, e o propio xornal debe pedir desculpas, tamén, ao "faltar" a tan importante señor, xustificando porqué o artigo fora publicado.

"N. de la R. El artículo a que se refiere la carta abierta (…) pasó por la Redacción de EL PUEBLO GALLEGO en un momento en que el trabajo era realmente intenso, lo que hizo que el mismo fuese enviado a las máquinas sin la especial revisión (…)

(…) la aclaración que publicamos tal y como nos llega, para satisfacción de su autor y de las honorables personas y entidades don Pedro Barrié de la Maza y Banco Pastor, cuyo patriotismo y fervor por el Glorioso Movimiento Salvador de España está elocuentemente demostrado y por encima de toda duda ya que es público y notorio."[874]

O outro caso ten unhas repercusións máis graves para o, neste caso, xornalista que comete o erro. O 17 de xullo de 1937 o Comandante militar da praza, Felipe Sánchez publica un artigo relatando os feitos do 20 de xullo de 1936 na *Hoja del Lunes* (HDL). Non obstante ao día seguinte sae unha nota do Comandante dicindo que o seu artigo fora manipulado, e ordea a

USC

[873] EPG, 03/12/1936.
[874] EPG, 03/12/1936.

publicación do texto orixinal no só na HDL, senón en todos os xornais e se lle comunica ao xuiz militar para ser si existe responsabilidade por parte dos que fixeron a manipulación do texto[875].

7.3. BUSCADO APOIOS…E CARTOS: AS SUSCRIPCIÓNS PATRIÓTICAS

Inmediatamente despois do golpe, as novas autoridades decatáronse de que un dos seus principais obxectivos para manter a sublevación era a captación de fondos. Para cumprilo, habilitáronse unha serie de mecanismos que trasladaran o esforzo económico bélico ao conxunto da poboación que estaba baixo o seu mando. Aínda que as medidas adoptadas tiñan carácter xeral, e como tal se deseñaron para o conxunto do territorio controlado por eles, para a realización práctica da recadación empregáronse sistemas diferentes que oscilaron entre o sistema de cota fixa para o conxunto da poboación e establecida polas propias autoridades –caso, por exemplo de Zaragoza[876]- e o sistema de cota libre a vontade de cada un dos subscritores, sistema empregado en Vigo e noutras moitas localidades de Galicia. Pero as subscricións, ademais dun obxectivo eminentemente económico tiñan tamén, sobre todo no sistema de cota libre empregado en Galiza, outro interese para os sublevados: mostrar o compromiso e adhesión da poboación coa sublevación. Foi este interese o que fixo que os xornais se inzaran de listas e listas de subscritores que viñan a demostrar a amplitude dos apoios ao novo réxime en construción. O sistema foi tan eficaz que aínda que pensado para axudar ao esforzo de guerra pronto se viu incrementado con novas "peticións" de apoio para todo tipo de cuestións: para o aguinaldo dos soldados no nadal de 1936, para a compra de bandeiras a diferentes institutos armados, para reformas nos cuarteis, para a construción de infraestruturas, para financiar o Auxilio Social… no que sen dúbida supón a maior extracción de capital privado da sociedade española para trasladalo tanto ao novo estado como a estruturas paralelas privadas: *Falange*, Requetés, J.A.P., Igrexa… que chegan a establecer, tamén, as súas propias subscricións. Ao falar deste aspecto das subscricións, a extracción de capital privado cara institucións e organizacións paralelas ao propio estado en construción, non se pode esquecer como dende as propias estruturas estatais reforzouse a idea de que o capital obtido tiña que partir exclusivamente da sociedade, e que as diferentes administracións tiñan rigorosamente prohibido a súa participación, asegurando a procedencia social de todo este capital recadado.

"Las suscripciones iniciadas en diferentes sentidos –para el Ejército, para las Milicias, para abastecimiento de las tropas en el Frente, para café, etcétera- representan, en la mayoría de los casos, un sacrificio para quienes a ellas contribuyen, sacrificio que las circunstancias imponen y que exige a todo buen español el fin nobilísimo y esencial que se persigue: La salvación de la Patria y de su singular significación en el mundo civilizado.

Pero ese sacrificio, deber inexcusable en estos momentos, ha de ser personal y no puede ni le está permitido a ninguna entidad oficial administrativa, a los Ayuntamientos especialmente, contribuir o engrosar las suscripciones con aportaciones provinientes de los dos, cuya administración les está encomentada, debiendo, en cambio, fomentar la contribución de los

[875] HDL, 20/07/1936.

[876] Alcalde, Angel, "Lazos de sangre… Este é o sistema empregado con carácter xeral no conxunto da zona controlada polos sublevados.

particulares a las sucripciones iniciadas o que se inicien con los mencionados fines."[877]

Tratábase, ademais dos obxectivos meramente económicos –facer fronte aos pagos exteriores que se realizaban en efectivo[878] e crear as primeiras reservas de ouro do novo Estado- da introdución dun mecanismo de redución das disponibilidades líquidas en mans dos cidadáns e tiña como obxectivo último o control social.

"¡Galicia se dio toda!... El dinero, todo el dinero de Galicia, salió de los bancos y los escondrijos. Reunido con sudores, fatigas y amarguras infinitas, moneda a moneda, fue todo junto, sin vacilaciones ni restricciones a engrosar los fondos de la santa causa; pero el dinero de los hombres no bastaba a tan costoso empeño y las mujeres no fueron tampoco esta vez cortas ni remisas: el oro y la pedrería que aurealaba su belleza, los anillos que eran para ellas símbolo de amor y preciado y dulce yugo, fueron con el alma entregados, humedecidos con lágrimas de esperanza, de ternura y congoja."[879]

O obxectivo de control social a través da redución das disponibilidades líquidas efectuose tamén a través dos chamamentos á imposición de todos os aforros en contas correntes nos bancos da zona sublevada e que só poderían ser retirados baixo autorización gobernamental, só en determinadas cantidades e para o seu uso exclusivamente no fin alegado. Iso posibilitaría, ademais, a creación dunha masa de capital útil para o Goberno de Burgos na construción da súa propia facenda[880].

"Ningún billete debajo de los ladrillos. Ningún billete en las cajas de caudales. TODOS LOS BILLETES DEBEN IMPONERSE EN LAS CUENTAS CORRIENTES DE LOS BANCOS. Con ellos se facilitan las negociaciones comerciales y los pagos que exigen las negociaciones de guerra.

El miedo es antipatriótico. No se puede privar al Ejército, Falange y demás fuerzas que luchan por España, de un apoyo tan necesario, de un arma tan eficaz como el dinero.

(…) Las Autoridades legítimas del Movimiento Nacional autorizan la extracción de fondos de los Bancos justificando debidamente su inversión.

Falange conseja que dichas extracciones no se verifiquen o se reduzcan al mínimun, y solamente en los casos de verdadera necesidad.

El patriotismo lo exige.

Aconsejamos la fórmula de pago por medio de talones contra cuenta corriente, o por medio de órdenes de transferencia de fondos de cuenta a cuenta.

(…) Hemos observado varios casos de personas que habiendo obtenido autorización para extraer fondos los han invertido luego en fines distintos de aquél con el que justificaron la petición y obtuvieron el permiso.

Esto significa ponerse frente al Movimiento, boicoteándolo cobardemente. Y no lo perdonaremos, aun cuando no tenga importancia la cifra que se haya desviado de los fines para los cuales se ha pedido."[881]

[877] Circular 180 do Gobernador Civil de Pontevedra, BOPP núm. 242, do 18/09/1936.
[878] Como veremos ao longo deste apartado este obxectivo xeral en Vigo non se deu, cando menos ao recadado pola principal subscripción en metálico que se establece na cidade.
[879] Santos, Roberto, "Galicia, ejemplo y blasón", FDV, 28/11/1936.
[880] Martorell, Miguel A., "La extirpación a fondo..."
[881] EPG, 13/09/1936.

Pero de que falamos exactamente cando falamos de subscricións patrióticas? O marco legal empregado polas autoridades rebeldes para estas extraccións monetarias e de ouro é unha orde do 19 de agosto de 1936[882]. Nela preténdese a centralización do ouro recadado mediante os aportes dunha campaña xa iniciada que se titulaba, "Oro para la Patria" na que se instaba a poboación a doar o ouro que tivera, tanto en xoias como en moeda. Non obstante, a partir da orde establécense novas modalidades de achega: a subscrición en metálico, a subscrición en ouro e os donativos dos funcionarios públicos, estes obrigatorios e descontados das súas nóminas[883]. Este marco legal tamén posibilitaba a creación de novas achegas dos cidadáns diferentes destas tres variantes, sempre coa autorización da autoridade, a partir de outubro de 1936, e polo "Goberno General" a partir de novembro do mesmo ano. En todo caso, estas prohibicións non impediron que en xullo de 1937 o mesmo "Gobierno General" recoñecese a proliferación de subscricións fora do control estatal.[884]

A posibilidade de efectuar diferentes subscricións en cada cidade, sempre autorizadas polo mando superior, posibilita certa autonomía recadadora local. De feito as subscricións non serán as mesmas, por exemplo, en Vigo que en Pontevedra, e mesmo subscricións efectuadas en Pontevedra e que se pretenderon estender a Vigo, suspenderanse aos poucos días de iniciarse. Tal é o caso da subscrición "pro Avión" que establece, á imitación da que existe en Pontevedra, FE-JONS de Vigo o 22 de setembro de 1936 e que suspende dous días despois[885]. Pero o máis importante é que esta autonomía recadadora orixina unha multiplidade de subscricións, no noso caso, 23 subscricións entre agosto de 1936 e abril de 1937, que é, para a análise das subscricións, o noso marco cronolóxico[886]. En concreto as subscricións estudadas son:

SUBSCRIPCIÓN	DATA DE INICIO	DATA DO ÚLTIMO APORTE
Subscrición Pro Aeroporto	23 de setembro de 1936	14 de abril de 1937
Donativo para a 1ª Compañía de Milicias	05 de agosto de 1936	18de abril de 1937
Subscrición do Comité de Abastecemento do Exército	07 de agosto de 1936	17 de abril de 1937
Donativos da FE-JONS (incluídos os aporte para o Auxilio Social)	14 de agosto de 1936	30 de marzo de 1937
Subscrición para os soldados da fronte de Asturias	11 de marzo de 1937	25 de marzo de 1937
Subscrición Nacional de Ouro	18 de agosto de 1936	16 de abril de 1937

[882] BOJDN, núm. 9 de 21 de agosto de 1936.

[883] De Prado Herrera, Maria L., "Oro para la Patria. Confiscaciones "donaciones" y presión fiscal en los inicios del Franquismo" en https://conversacionsobrehistoria.info/2019/02/12/oro-para-la-patria-confiscaciones-donaciones-y-presion-fiscal-en-los-inicios-del-franquismo/

[884] Prada Rodriguez, Julio, *Marcharon con todo…* pp. 31-32.

[885] EPG, 22/09/1936 e 24/09/1936. O motivo oficial do abandono da subscripción en Vigo ten que ver con que a que se está a realizar en Pontevedra ten carácter provincial. Non obstante que todo o período estudado non existen ningunha referencia a recadación en Vigo para esta subscripción provincial.

[886] A enorme cantidade de aportacións unido á redución unilateral do tempo da investigación por parte da USC imposibilitou abarcar todo o período ate 1939. De todos xeitos, os datos optidos correspondente ao período cronolóxico de máxima recadación, polo que continúan a ser revelantes tanto para analizar quen, a que ritmo, que cantidades e en que contexto se efectuaron as doacións, ou a gran maioría das doacións.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Subscrición Pro Hospitais Militares	06 de outubro de 1936	18 de abril de 1937
Donativos JAP	28 de agosto de 1936	25de novembro de1936
Donativo para a Medalla a Felipe Sánchez	06 de setembro de 1936	13 de outubro de 1936
Aguinaldo do Soldado	06 de decembro de 1936	18 de decembro de 1936
Donativos para a CT	24 de setembro de 1936	16 decembro de 1936
Donativos para Cantinas Escolares	17 de xaneiro de 1937	07 de abril de 1937
Auxilio de Inverno	31 de xaneiro de 1937.	17 de abril de 1937
Donativos Pro Málaga	18 de febreiro de 1937	21 de febreiro de 1937
Donativos Pro Igrexas de Málaga	23 de febreiro de 1937	17 de marzo de 1937
Outras achegas **Donativos para a cadea** **Subscrición para a bandeira da Guarcia Civil de Bouzas** **Subscrición para a reconstrución da capela do cárcere de Vigo** **Donativo para turrón da Guardia Cívil de Lavadores** **Donativo para roscóns para os nenos pobres** **Donativo para o banderín das Milicias Voluntarias** **Donativo para uniformes do Exploradores de Lavadores** **Donativo para as *Mujeres al Servicio de España***	18 de setembro de 1936	15 de abril de 1937

Unha vez vistas cales son as subscrición que constitúen o obxecto da nosa análise hai que dicir que ademais das mostradas existe, como xa comentamos, a subscrición en metálico e obrigatoria para todos os funcionarios públicos. Tal e como dixemos na introdución do presente traballo, non incluímos na análise esta achega, por figurar como oficialmente obrigatoria, cousa que non sucede con ningunha outra das achegas que mostramos. Igualmente cómpre subliñar que existe outro tipo de achega, as achegas en especie –fundamentalmente produtos agrarios, conservas e nos primeiros momentos peixe fresco, estas últimas doadas pola UFC e a patronal pesqueira- que non temos en conta ao resultar de dificilísima conversión os produtos doados a diñeiro. De todos xeitos, este tipo de achega individual é puntual, e cuantitativamente falando moi inferior ás achegas en ouro ou diñeiro, incluso, os propios sublevados chegan a tentar substituír todas as achegas individuais de produtos por achegas en cartos, agás claro está, as achegas en especie das patronais da conserva e da pesca.

Aínda así pensamos que non podemos deixar de tratar, canto menos dun xeito xeral, as achegas en especie que se efectúan dende as asociacións empresariais, principalmente nos primeiros meses da sublevación e que tanta importancia tiveron para o abastecemento do exército sublevado. Dúas son as patronais máis comprometidas e que ademais, tamén, integran a FGP local, polo que tamén participarán dos actos desta, pero ademais teñen unha actuación de subministradoras de todo tipo de mercadorías aos sublevados de xeito particular. Estas dúas patronais non son outras que a UFC e a Patronal de buques de pesca.

A UFC envórcase dende un primeiro momento a axudar economicamente aos sublevados:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Ya en los primeros momentos, los conserveros gallegos hicieron un donativo para las fuerzas que actuaban en los frentes de 2.000 cajas de sardinas en conserva.

> Posteriormente se hicieron otros donativos que ascienden en total a 3.500 cajas. Estas cajas representan 350.000 latas con un valor aproximado de 130.000 pesetas."[887]

Un apoio que tamén brindaron no abastecemento inmediato, no prazo de 24 horas, aproveitando as canles de distribución das súas industrias, á Intendencia Militar, neste caso en concepto de vendas a prezo mínimo e uniforme, dende a súa oficina centraliza en Vigo. Pero estas doazóns e estas vendas a baixo prezo, non son gratis, senón que os conserveiros non teñen escrúpulos ningúns en recoñecer que agardan satisfaccións por este apoio.

"Si hoy hablamos de la potencialidad de nuestra industria, no es porque busquemos justicia a
> nuestras peticiones en los centros madrileños hoy en poder de las bárbaras hordas marxistas, sino para demostrar que cuando hablábamos de la influencia de la industria conservera en nuestra economía y en la balanza comercial española, era porque tal hecho constituía una realidad tangible a la que en aquellos centros no se le prestaba toda la atención a que, en justicia, se hacía acreedora.
> (…)
> Nosotros sabemos que los altos poderes del nuevo Estado ya lo han comprendido así y por ello esperamos que en el fututo se han de tratar y resolver mejor nuestros problemas.
> Nos permite abrigar tal esperanza el rumbo certero que saben dar a nuestros problemas los actuales rectores de la vida nacional."[888]

Dito, e feito. Cinco meses despois, o EPG publica a 3 columnas na primeira páxina: "Facilidades para la exportación conserveira. La Presidencia de la Junta técnica dictará reglas para simplificar la tramitación de licencias"[889]

Esta boa sintonía coas autoridades da sublevación leva, incluso, á patronal conserveira a propor como organizar os servizos estatais que teñan que ver coa súa actividade, mantendo unha posición activa na fixación tanto da política como da nova organización do Estado.

"(…) no bastará con que se eleve a los altos cargos a personas de solvencia técnica; es
> indispensable, además una permanencia en las funciones o más concretamente, que los cargos de la Dirección General de Comercio y Política Arancelaria, sean cargos exclusivamente técnicos e inamovibles. Si se quiere dar a nuestro comercio una determinada tendencia bien puede ser cumplido este interés desde el superior cargo del Ministerio. Y esto es lo que se ha dicho que habrá de ser y lo será porque de ello se están dando fehacientes muestras."[890]

Tamén a patronal irmán, a pesqueira, fai, un esforzo para apoiar ás novas autoridades, conscientes de que a democracia republicana tiña que ser derrubada

"Advertíamos, como la inmensa mayoría del país, que algo muy profundo y hondo,
> perteneciente a la raíz de la nacionalidad y a la esencia de la raza, se había

[887] "Potencialidad de la Industria conservera gallega", IC, setembro de 1936.
[888] "Potencialidad de la Industria conservera gallega", IC, setembro de 1936.
[889] EPG, 06/03/1937.
[890] Queizan, J., "Temas de política comercial. Nuevos rumbos", IC núm. 28, setembro de 1936.

> conmovido en un movimiento fecundo, de rescate, pero también de rehabilitación, de restauración, de restitución.
> Y la pesca, que fue siempre una industria expoliada, maltratada, incomprendida ¿cómo no había de acoger con esperanza, con alegría, esta alborada explendorosa (sic) que se ha levantado el 18 de julio en los entonces sombríos horizontes de España?"[891]

Esta situación de "inxustiza" na que vivían os patróns da industria pesqueira tiña unha materialización práctica concreta

"Es sin duda justo el elogio, porque una clase especialmente castigada por las experiencias disolventes del anarco-sindicalismo, abandonada por el Estado a la furia de las organizaciones que nadie contenía en el afán destructivo de imponer a la clase patronal las claudicaciones más opresivas, no repara en realizar un nuevo sacrificio, en aras del interés supremo de la Nación que en la hora actual el Ejército encarna."[892]

Consecuentemente

"La industria pesquera entiende así su cooperación a la gesta reivindicatoria de España. No se limita a dolerse del papel de víctima propiciatoria en que hasta ahora se la tuvo, aunque nadie con más justificación pudiera hacerlo; sino que recaba su participación activa y se muestra dispuesta a todos los esfuerzos que entren de la esfera de lo posible. Y lo hace sin la codicia de recompensas, que la de una era de orden y justicia para todos los españoles."[893]

Pero aínda que como din, o seu apoio cos seus produtos á sublevación, non busca ningún tipo de recompensa e se conforman con situarse do lado da orde e da xustiza, o certo é que tan só unha semana despois, unha das reivindicacións máis urxentes da patronal, a consecución de primas por desguace de buques para a modernización da flota, soluciónase

"La cuestión fue expuesta en los términos convenientes a la Autoridad Militar.
> Era tal su claridad y la razón que asistía a los industriales interesados en la percepción de las primas al desguace, como tanto el buen deseo del Ilmo. Comandante Militar de la plaza en proporcionarle un remedio, fácilmente sugerido por el Delegado de aquella Autoridad para las cuestiones de Hacienda, el comandante señor González Simeoni.
> Resolviendo una razonada instancia que al efecto fue presentada, se acordó efectuar semanalmente los pagos de los jornales devengados por cuenta del Tesoro, y como anticipo del segundo plazo de las primas al desguace."[894]

É evidente quen e porqué apoian o golpe de estado dende un primeiro momento. Si relacionamos estes inquebrantables apoios cos datos que se ofreceron en relación ao impacto dos asasinatos por sectores produtivos que vimos na primeira parte deste capítulo (Gráfico 22) podemos concluír que son estas dúas patronais, coñecedoras do que sucedía nos diferentes centros de traballo do seu sector e de que persoas en concreto eran as que tiñan as "ideas disolventes", persoas que ademais non desenvolvían traballo cualificado algún pola propia

[891] "En esta hora de España" artigo de IP, reproducido en FDV, 12/09/1936.
[892] "En esta hora de España" artigo de IP, reproducido en FDV, 12/09/1936.
[893] "En esta hora de España" artigo de IP, reproducido en FDV, 12/09/1936.
[894] "Problemas y aspiraciones. Las primas al desguace", IP, 15/09/1936.

natureza deste traballo, as instaron, apuntaron, cando menos, unha porcentaxe significativa dos que debían morrer. De feito, o obxectivo de "limpar" á clase obreira de elementos indesexables faise explícito na prensa patronal.

> "Uno de los objetivos que se propone el movimiento antimarxista que sacude toda la entraña nacional, y se halla en trance de completo triunfo, es la depuración de las filas de la clase trabajadora, procurando la eliminación de todo germen disolvente, que altere la fecunda armonía ente el capital y el trabajo.
> (…)
> Y si hay algún sector necesitado de esta obra depuradora, ninguno en forma más apremiante que el sector pesquero. Todas las experiencias anarco-sindicalistas tuvieron su mejor caldo de cultivo en la mayor ignorancia del obrero del mar, de la que prevalieron arteramente los explotadores y arribistas de la clase trabajadora." [895]

Pero volvendo ás subscricións que si imos a analizar polo miúdo. Pode apreciarse, a partir do cadro, como nas grandes subscricións de carácter xeral a última aportación recibida coincide coa fin do período estudado e as que rematan antes ou moito antes refírense a subscricións locais e/ou para un fin concreto: Aguinaldo do soldado, aportes para a medalla para Felipe Sánchez… Ao mesmo tempo, tan só vendo o destino das aportación podemos sacar unha primeira conclusión: incluso en aquelas materias de competencia das autoridades municipais e para as que deberían ter sido consignadas cantidades nos orzamentos, como por exemplo, o mantemento das cantinas escolares, os sublevados proceden a retraer a financiación directamente dos cidadáns. Outras, parece que teñen unha finalidade vingativa, tal é o caso, das doazóns para mercar turrón á *Guardia Civil* de Lavadores, a mesma que traizoou aos resistentes e atacou ás barricadas o día 22 de xullo polas costas, ou tamén, a que se establece para sufragar o arranxo da capela da prisión onde se ateigaban os presos políticos en Vigo ou mesmo para paliar as gravísimas deficiencias en cando a material médico, é incluso, a propia habitabilidade da prisión[896].

Independentemente disto hai que salientar un feito que non ocorre noutras localidades ocupadas polos sublevados e que ten que ver coa xestión directa das grandes subscricións. A nivel xeral, tanto o impulso das subscricións como a súa xestión realizouse a través de "instituciones de poder", concellos, deputacións, gobernos militares e civís[897], non obstante en Vigo non foi así. A iniciativa parte da FGP e ten un obxectivo bastante máis modesto do que logo resultou ser: o abastecemento das forzas que se sublevan en Vigo[898]. De feito, nestes primeiro momentos a FGP quere deixar claro que a súa subscrición "es independiente (…) de la que en su día se organizará como homenaje al Ejército" e polo tanto non se debe confundir

[895] "El problema del personal", IP, 15/09/1936.
[896] O 9 de setembro de 1936 faise pública unha nota do "señor jefa" (sic) da prisión de Vigo onde se exorta tanto a médicos, drogueros, farmacéuticos, almacenistas e comerciantes para que contribúan con donativos ao sostemento das condicións hixiénicas e médicas da prisión. Este chamamento que se fixo antes que aos cidadáns en xeral que aos profesionais indica cal é a situación que están as vivir os detidos republicanos na prisión de Vigo. Esta situación está motivada en palabras do Inspector Provincial de Prisións Fernando Lago Búa (fusilado o 5 de xaneiro de 1937 acusado de establecer unha rede de extorsión entre os presos do campo de concentración da Illa de San Simón) polo crecemento extraordinario que se produce "en los días que vivimos". Segundo se comenta na nota do Inspector as necesidades son perentorias e non se refiren en exclusiva a material médico, senón a todo aquel imprescindible para o próximo inverno (mantas e colchóns). EPG, 09/09/1936.
[897] De Prado Herrera, Maria L., "Entre la voluntad y la imposición: las suscripciones patrióticas durante la Guerra Civil española", *Historia del Presente*, núm. 30, 2017, p. 21
[898] EPG, 01/08/1936.

coa "Suscripción en Vigo para las fuerzas armadas"[899]. É precisamente neste momento onde a FGP explica claramente que as doazóns que se están a producir fanse a un organismo propio, fundado no seo da propia federación, o *Comité Local de Abastecimientos*[900] (CLA). De feito, existen outras iniciativas empresariais para a obtención de fondos mediante subscrición, aínda que estas pensamos que non deberon de pasar dun simple anuncio e se fusionan inmediatamente coa iniciativa da FGP[901].

Estes primeiros aportes para esta colecta que se circunscribe, prioritariamente, a Vigo producíronse dende o momento inmediatamente despois do golpe ata a primeira semana do mes de agosto. Seguindo a Prada[902] posiblemente esteamos ante unhas aportacións dunha procedencia case exclusivamente empresarial e que en Vigo deixarán un saldo de 75.046,26 pesetas a dia 1 de agosto[903]. Polo tanto, aínda que o primeiro aporte que aparece na nosa base de datos é do 5 de agosto de 1936, sabemos que a recollida de fondos é anterior, e comeza xa inmediatamente despois do golpe de estado e de xeito absolutamente centralizado dende a FGP.

Non obstante, este carácter local das primeiras doazóns, pronto troca. A FGP-CLA informa o 8 de agosto dos destinos aos que se lle está a subministrar recursos: ás comandancias militares de Astorga, León, Valladolid, e Pamplona ás que se lle envía, principalmente, peixe, tanto fresco como en conserva[904]. Pero esta expansión das súas actividade de subministración de recursos non esquece a prioridade de abastecer a aquelas unidades militares onde haxa presenza de milicianos de orixe vigués.

> "Esta Federación, que en todo momento está atendiendo con el máximo interesa y diligencia las necesidades de las fuerzas armadas al servicio de la santa causa de la reconquista de España, desea igualmente que las distintas secciones del Ejército, procedentes de nuestra ciudad, que han salido a tomar parte en diferentes operaciones, cuente con el aliento y calor de todos los vigueses.
> A tal fin, organiza la Patronal, por intermedio del Comité local pro abastecimientos, una expedición que será destinada a Luarca, por la cual serán enviados a aquellos valientes vigueses, diferentes clases de vivieres (...)"[905]

Esta situación parece cambiar nalgún momento entre ese 16 de agosto e o 22 do mesmo mes, pasando a FGP-CLA a abastecer a unidades que non teñan como procedencia Vigo. O cambio parece escenificarse coa visita ao local da FGP do Comandante militar da praza para tributarlle a gratitude do exército pola labor que está presentando.

> "El Ejército y en su nombre el Comandante Militar de la Plaza, sienten honda gratitud hacia aquellas personas o instituciones locales que desde los primeros momentos colaboraron, primero, al restablecimiento de la tranquilidad en nuestra

[899] Carta ao director de FDV do presidente da FGP, Jose Manuel Sanjuán. FDV,08/08/1936.
[900] Carta ao director de FDV do presidente da FGP, Jose Manuel Sanjuán. FDV,08/08/1936.
[901] Entre estas outras iniciativas patronais de recadación de fondos podese citar a que se anuncia por parte da famosa *Sociedad "La Marítima", Asociación de Armadores de Bouzas*, tamén a principios de agosto de 1936. EPG, 09/08/1936.
[902] Prada Rodríguez, Julio, *Marcharon con todo…* p. 33.
[903] EPG, 01/08/1936.
[904] EPG, 07/08/1936.
[905] EPG, 16/08/1936.

> ciudad, y, después, al abastecimiento, en sus múltiples aspectos a las fuerzas del Ejército.
> (…)
> Si en Vigo hubo alguna Corporación que pusiera todo su esfuerzo y toda su mejor voluntad al servicio del Ejército, está fue la Federación Gremial de Patronos. Y para ello no necesitó estímulos de nadie; nadie llamó a sus puertas (…)"[906]

O discurso do Comandante da praza de Vigo na sede da FGP tamén nos aclara unha sospeita sobre a participación no golpe de estado dos empresarios vigueses, pouco a pouco todo se vai relacionando.

> "Nada hubiéramos podido hacer nosotros (…) si desde los primeros momentos no hubiéramos encontrado con corporaciones, cual esta Federación Gremial Patronal, que nos ayudó a restablecer el orden en la ciudad."[907]

Obsérvese o alcance da afirmación feita polo máis alto representante militar de Vigo. Salienta neste anaco da súa intervención, unha axuda da patronal que non ten que ver co abastecemento ou nos aportes de capital para os sublevados, non, fala exactamente da axuda da patronal, imprescindible no restablecemento da orde na cidade. É restablecemento do orde nas circunstancias que se producen entre xullo e agosto de 1936 equivale a dicir represión. Así, a través do estudo polo miúdo dos apoios económicos aos sublevados emerxen aspectos agochados como a responsabilidade das patronais na "limpeza" da clase obreira ou o seu papel da represión nos momentos de maior incerteza da sublevación.

Pero volvamos ás subscricións. Este papel organizador e xestor das axudas da patronal viguesa a través do CLA ten unha consecuencia importantísima. Sorprendentemente, as achegas e extraccións de capital que se realizan non serán ingresadas nas contas que os sublevados dispoñen a nivel estatal para este destino. Os cartos obtidos serán xestionados pola propio CLA e o que se transferirá ao goberno de Burgos será o material ou os subministros mercados polo CLA naqueles frontes ou lugares onde Burgos o necesite, empregándose para a distribución a propia infraestrutura da FGP[908]. Isto supón unha diferenza fundamental co que ate o de agora sabiamos sobre as subscricións a nivel estatal[909]. A efectos prácticos ven a representar a absoluta confianza das altas institucións do bando sublevado na patronal viguesa que se traduce nunha autonomía inusitada deste organismo patronal. De feito, a autonomía na xestión dos cartos, supón que o CLA ten a capacidade de negociar con eles e mercar a quen o CLA lle interese, asociados á FGP incluídos, e que así sexan os propios patróns os beneficiarios directos da subscrición. É unha xogada mestra economicamente falando, ademais, complementada con esa necesaria "limpeza" da clase obreira. Loxicamente a FGP-CLA, con este tinglado montado, arremete contra a variedade de colectas que existen no territorio ocupado, variedade que crea confusionismo, retrae a doazón e serve de xustificación

[906] EPG, 28/08/1936.
[907] EPG, 28/08/1936.
[908] Nota da FGP sobre o destino das recadacións. EPG, 02/10/1936. A distribución propia das axundas por parte da FGP-CLA foi un factor de importancia capital para o Exército que o eximía de destinar unha serie de valiosos recursos para o transporte dos suministros. A distribución realizada por este medio foi realmente expectacular – non memos de 25 comboios enviados tanto á fronte como a outras zonas da retagarda do bando sublevado entre finais de xullo e metada de outubro de 1936- e demostra a capacidade de organización da FGP. EPG, 15/10/1936.
[909] Martorell, Miguel A. e Comín, Francisco, "La Hacienda de guerra… p. 11.

dos "rezagados". En resume, defende a súa exclusividade, o "monopolio" do que desfruta en Vigo.

> "La diversidad de títulos con que se denominan las distintas suscripciones para el Ejército en varias poblaciones del territorio ocupado, se presenta a un confusionismo que intentan aprovechar los rezagados que encuentran así un pretexto para retardar o eludir si esto fuera posible-, un auxilio a que están obligados (…)"[910]

A principios de novembro de 1936 o Xeneral en Xefe da VIII Rexión Militar ponse en contacto co Goberno Civil de Pontevedra para darlle traslado dunhas novas "normas respecto a las doazóns y envíos de vivires para los Cuerpos de Ejército y Milicias Nacionales que luchan en los diferentes frentes"[911]. Estas normas establecen a creación dunha Xunta que será a responsable de todos estes envíos e que non contempla a presenza da FGP-CLA. Non obstante a actividade da FGP-CLA non se ve alterada de ningún xeito por esta disposición da que parece que Vigo queda ao marxe. De feito, o 2 de decembro aparece unha nova no FDV de que o afamado propagandista PKO inicia unha subscrición para que os posuidores de aparellos de radios contribúan con 5 pesetas ao *Aginaldo del Soldado*. Pero o dia 6, no mesmo xornal, a Autoridade Militar anula a subscrición do PKO, xa que tan só o CLA está autorizado para efectuar recadacións para o Exército, tanto para a súa recollida como para o seu establecemento.

> De seguirse esa táctica de iniciar suscripciones por análogo sistema, se incurriría en varios vicios, y a eso tiende el funcionamiento del Comité Pro-Abastecimiento del Ejército.
> En las oficinas de este Comité (…) es donde únicamente, ahora y en lo sucesivo, pueden entregarse cantidades con destino al Ejército y a las milicias, siempre, claro está, que se trate de cualquier clase de suscripciones.
> Se trata con ello de tener un control, que de otra forma no sería posible. De seguirse ese sistema de abrir suscripciones, los resultados de las mismas no serían del todo halagüeñas, mientras que de otra forma, y la práctica lo está demostrando, siempre hay control y unidad de criterio."[912]

De todos xeitos, si está constatada a existencia de xuntas encargadas da xestión de doazóns en Vigo, aínda que nós pensamos que teñen unha actividade marxinal ou de simples intermediarios en determinados aspectos como a subministración de prendas de vestir entre o CLA e as autoridades. Así, si temos en conta as existencias declaradas pola *Junta de donativos en Prendas de vestir para el Ejército y Milicias* de novembro de 1936, en calquera dos produtos que almacena e a comparamos coa de remisións que dese mesmo produto fixo o CLA, as existencias da primeira resultan irrelevantes ante o remitido polo CLA[913].

---

[910] Nota da FGP sobre a natureza das subscripcións, EPG, 02/10/1936.

[911] "Normas por las que en lo sucesivo se han de regir los envios de viveres donados para el ejército y milicias armadas. Teniente Coronel Jefe de E.M. de A Coruña, 17 de noviembre de 1936", ALC-19, AMV.

[912] FDV, 06/12/1936

[913] Por exemplo a *Junta* declara ter en stock 196 camisas e o CLA declara ter remitido entre agosto e decembro de 1936 63.458. O stock da *Junta* en ALC-19, AMV e a declracion do CLA en FDV, 09/01/1937. Outro exemplo mais claro si cabe é a disposición da autoridade militar do 4 de decembro de 1936 onde se lle encarga en exclusiva á CLA toda a organización da subscripción do *Aginaldo del Soldado*, que se realiza a través de doación múltiples: diñeiro, prendas de roupa de abrigo, viveres, tabaco e mesmo doces. Tamén será o CLA a encargada de distribuír nas frontes o recadado. EPG, 04/12/1936. Incluso subscripcións que non teñen como destino da recadación como a establecida en febreiro de 1937 polo Bispo de Tui,

A rebufo ou simplemente animados pola acción recadadora da FGP, en agosto de 1936, outros organismos de carácter político, lánzanse a creación das súas propias subscricións. Os primeiros de todos serán FE-JONS e as JAP viguesas[914]. Estas primeiras peticións á cidadanía consistirán chamamentos á achega de determinados accesorios no caso de FE-JONS e de material sanitario no caso das JAP. Estas doazóns serán xestionadas directamente por cada unha das organizacións convocantes.

A cousa cambia cando falamos da outra gran subscrición que se recada en Vigo, e no conxunto do territorio ocupado: a subscrición de "Oro para la Patria". As achegas dos cidadáns de ouro (calquera tipo de ouro) e xoias deben de ser entregadas nos locais da Caixa de Aforros Municipal que servirá de intermediario co goberno de Burgos en concreto co Tesouro Nacional. Aínda que tamén é certo que hai organizacións empresariais que actuaron nalgún momento como intermediarios entre a Caixa de Aforros e os doantes, tal é o caso da asociación de patróns de buques de pesca "La Marítima" de Bouzas[915].

Pero si esta subscrición ten una regulamentación estatal que fai que as achegas estean centralizadas na Caixa de Aforros, que sucede coa subscrición en metálico da que falamos, a xestionada polo CLA? Pois tanto o xeito de recadación como os lugares para efectuar as achegas son múltiples. Atopamos doazóns obtidas por comisións parroquiais onde sempre está presente o crego da parroquia, ou as colectas parten da súa iniciativa

> "(…) don José Fernández Parada, quién con un entusiasmo digno del mayor elogio, en defensa de la santa causa de provisión al Glorioso Ejército, consiguió de casi todos sus feligreses que unos en especies, los otros en metálico y bastantes en ambas formas aportase su concurso (…)
> (…)
> Confiamos que este ejemplar hecho de cariño y ayuda al Ejército cunda como es debido y que las demás parroquias imitándolo hagan sus necesarias y valiosas aportaciones."[916]

Estas comisións recadadoras podían fixar un día para acudir á Igrexa parroquial a doar ou podían visitar casa por casa a todos os habitantes da parroquia buscando o pago inmediato da doazón. Neste caso a comisión ademais do crego está integra por *japistas* como sucedeu na parroquia de Beade a modo de "escolta" ou para ter unha capacidade de convencemento maior, ou por falanxistas e milicianos que acompañaban a un "grupo de damas" na parroquia

---

para remediar a penuria que vivien os habitantes de Málaga, recén conquistada para España, contan coa infraestrutura do CLA aínda que exista unha comisión propia que as organice. EPG, 17/02/1937.
De todos xeitos conven aclarar que as subscripcións que o propio CLA transforma en productos para abastecer á fronte, son independentes do material de guerra que chegará ás autoridades militares por outros circuitos que como e lóxico a prensa non reflexa. Aínda así sabemos da presenza tanto de material de guerra para ser enviado á fronte como de persoal especialista neste tipo de material na cidade. En concreto, en xaneiro de 1937, hospédanse en Vigo 5 subditos polacos no Hotel Continental e do gasto faise cargo a Comandancia Militar e dos que se afirma que son "encargados de montar material de guerra de nuestrosEjércitos (sic)". A presenza destas persoas en Vigo en Oficio 266 do 12 de xaneiro do Concello de Vigo á Comandancia Militar, ALC-20, AMV; e a catalogación de persoal relativo ao montaxe de armamento en Oficio 384 do 7 de xaneiro da Comandancia Militar de Vigo á Alcaldía, ALC-20, AMV. Causounos moita estraneza a nacionalidade deste persoal, polo que nos puxemos en contacto con Angel Viñas para saber si a el lle constaba a contratación ou axuda de polacos ao exército sublevado neste tempo, e a resposta foi que non tiña constancia ningunha da participación de polacos como expertos en armamento no exército sublevado.

[914] Primeiras referencias na prensa, EPG, 20/08/1936.
[915] FDV, 05/11/1936.
[916] EPG, 27/08/1936.

de Teis[917]. En todo caso estas colectas parroquiais pretendían que todos os veciños "sin exceptuar ni uno solo" participen da subscrición[918]. A prensa empregou as tradicionais "competencias" intraparroquiais para incentivar a participación dos veciños neste tipo de doazón

> "(…) no hemos de ser menos que otras feligresías de la diócesis: la Guía, Malvás… y entre las más cercanas, Sárdoma que amén de dinero ofrendaron varias toneladas de patatas y diversas especies. No hablemos de Comesaña."[919].

Incluso destacando a presenza entre os doantes de persoas que pola súa ideoloxía serían refractarios á participación: "(…) postularon con el párroco a la cabeza elementos que, no hace muchos días eran comunistas". Dáse a entender que a participación nas subscricións significará unha especie de redención de erros pasados, neste caso erros de carácter colectivo como a resistencia mostrada contra os sublevados en Lavadores.

> "¡Vecinos de Lavadores! Durante los últimos sucesos algunos espíritus irreflexivos, ignorando alguna heroicidad que llevasteis a cabo y proclamó a la faz del mundo la autoridad eclesiástica local, os han motejado de "pequeña Rusia"; aunque ya se están retractando; demostraremos que somos los primeros españoles y gallegos (…)"[920]

Pero non só actuaron estas comisións parroquiais, tamén determinadas tendas foron establecidas como locais actos para as doazóns, locais de sociedades recreativas… e mesmo unha perruquería, que por certo, nun só día recadou máis que a comisión parroquial de Beade. De feito, o recadado por estas comisións de carácter parroquial, son cantidades mínimas e o número de subscricións aportadas tamén son pequenas en relación coas aportadas directamente polos cidadáns (Gráfico 25). Unha explicación plausible puidera ser que estas doazóns, efectuadas polo xeral en medio rural, tiveran como obxectivo a recadación en especie por riba da recadación monetaria. Sexa como como fora parece que a presenza de elementos paramilitares nestas comisións non tivo o agardado compoñente intimidatorio. Non obstante, entre as doazóns directas existe un centro de doazón que supera con creces todas as medias ás do resto de aportes directos e, por suposto as das recadacións por comisión. Este non é outro que a Comandancia Militar e o cuartel da *Guardia Civil* de Lavadores[921].

[917] EPG, 20/09/1936 e 27/09/1936.
[918] "Lavadores: Donativos para el Ejército salvador", EPG, 27/08/1936.
[919] "Lavadores: Donativos para el Ejército salvador", EPG, 27/08/1936.
[920] EPG, 27/08/1936.
[921] Non incluímos nestes centros de doacción ao cuartel da *Guardia Civil de Vigo*, porque non consta na fondo que se produciran doacións nel.

Gráfico 25
Media (en pesetas) das aportacions á subscripción pro exército por lugar de aportación



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

O porqué desta grande diferencia das cantidades medias aportadas na Comandancia Militar e no Cuartel da *Guardia Civil* de Lavadores require unha análise de quen son as persoas que doan nestes centros.

Gráfico 26
Número de subscricións por lugar de aportación



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Primeiro, como se pode apreciar na Gráfica 26 o número de persoas que doan na Comandancia militar ou no Cuartel da *Guardia Civil* de Lavadores é o máis cativo de todos os definidos, en concreto 424 aportacións recíbense nestes locais. Estas 424 aportacións corresponden a 266 ± 4 persoas, polo tanto cada unha delas realiza de media 1,59 aportacións. Aínda que contamos co problema que xa se comentou noutro apartado da investigación sobre a dificultade da concreción da posición ideolóxica de moitas das persoas que temos rexistradas na base de datos, sabemos que destas 266 persoas 54 (20,30%) tiñan militancia previa en organizacións políticas ou sindicais, 34 (12,78 %) estaban, no momento da doazón encadrados en algunhas das organizacións da coalición sublevada, e non temos datos para 178 (66,92 %). Non seremos nós quen, a partir de datos para o 32,98 % do total, fagamos ningún tipo de afirmación categórica, non obstante, si estes datos os completamos co volume das achegas, a situación indica unha clara tendencia (Gráfico 27). O 68,93% de todas as achegas realizadas tanto na Comandancia militar como no Cuartel da *Guardia Civil* de Lavadores o realizan persoas cunha militancia previa política ou sindical anti golpista, fronte a un 4,67 % das achegas realizadas nestes mesmos locais de persoas militantes da coalición sublevada e un 26,40 % que achegan persoas que non temos identificadas politicamente. Aínda que todos estes non identificados corresponderan con militantes ou favorables ao golpe non suporían conxuntamente o 32 % das achegas. Xa que logo, pódese considerar que cunha alta probabilidade estes lugares de doazón están condicionados pola militancia previa da persoa doante. E que estes lugares sexan centros tan representativos da violencia e represión exercida contra a poboación que se decantaba polo defensa da República lévanos a pensar que estas doazóns son, en principio, forzadas. Destaca por riba de todas as subscricións de calquera tipo e en calquera local as que fai na Comandancia Militar, Publio Mateo Rupez, dono dunha empresa de vagóns frigoríficos, natural de Bouzas, militante de IR e interventor por esta organización das eleccións de febreiro de 1936 que doa entre xaneiro e marzo de 1937, 112.526,00 pesetas[922], ás que habería que sumar unha multa por responsabilidades políticas de 250.000 pesetas[923].

Gráfico 27
Miles de pesetas doadas según posición política na Comandancia militar e no Cuartel da Guardia Civil de Lavadores



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

[922] As ahcegas de Pluvio en FDV, 10/01/1937 (duas) e FDV, 07/03/1937. As achegas de realizadas inclúen ademais das que se aportaron para a CLA unha realizada tamén na Comandancia Militar pero para a subscrición de FE-JONS.
[923] Martínez Pereda, Lucio, *Medo político e control*... p. 230.

Por outra banda, o conxunto das subscricións, pero especialmente as xestionadas polo CLA e a subscrición de *Oro para la Patria*, xeran unha enorme propagada a traves da prensa que pretende presionar á poboación para que participe activamente delas. Esta campaña de mobilización iniciase dun xeito un tanto indefinido reclamando tan só colaboración ante os múltiples gastos que orixina o funcionamento do exército.

> "(…) se apresuren a hacer sus donativos en el domicilio de la Federación Gremial de Patronos, pues no ha de ocultarse los cuantiosos gastos que se están efectuando para los fines expresados, y sobre todo, si se tiene en cuenta lo mucho que debemos al glorioso Ejército español que nos ha salvado con su comportamiento valeroso de la anarquía que se le avecinaba a nuestra querida España."[924]

Pero a medida que pasen os días as peticións de mobilización radicalízanse estableceéndose dous eixos de demanda. Por unha banda, un eixo que apela á necesidade económica e que polo tanto diríxese principalmente a todos aqueles que poidan efectuar cuantiosas achegas. O argumento principal empregado non é outro que a situación acomodada da que desfrutan é consecuencia directa a acción do exército que salvou ás clases pudientes da horda marxista.

> "(…) España, al fin, se a puesto en pie y que el sacrificio mínimo que en esta hora puede exigirse a un español es el de su dinero. Los hombres opulentos, los millonarios, los grandes financierost ienen que pensar que había llegado su última hora y que son los valores espirituales del país, es decir, el alma de la nación, lo que les está salvando. Ellos, que en un momento estuvieron a punto de perderlo todo, ¿cómo podrían regatear a España lo que necesita para salvarse ella y para salvarse ellos. Esto, no ya por patriotismo, sino por interes. ¡Y que mal suena en esta hora histórica la palabra interés!"[925]

Pero este reclamo, sin máis, simplemente apelando a eses interes, sen presión, vaise volvendo máis exixente e comeza a aparecer con ameazas incluídas ante a pasividade diante das subscricións. Ate o Gobernador Civil manda unha nota de prensa ante o que considera exemplos de "refinado egoismo, de tacañería avarienta y de cerrada incompresión en no pocas personas adineradas". A estes, que o gobernador indentifica xenericamente con comerciantes, rendistas e propietarios acaudalados, chega a cualificalos de emboscados

> "(…) que solapadamente procuran obtener buena parte en los beneficios de la situación sin aportar en cambio la parte que en los sacrificios les corresponde. Esto no debe ser así y no será."[926]

E, inmediatamente despois, pásase directamente á ameaza

> "LOS COMODOS, LOS QUE AUN VACILAN Y ESPERAN, NO TENDRIAN LUEGO SITIO. A LA HORA DEL TRIUNFO, POR MUCHO QUE ENTONCES QUIERAN CORRER, NO TENDRAN DONDE COLOCARSE ENTRE LOS PATRIOTAS, ENTRE LOS BUENOS ESPAÑOLES.

[924] EPG, 02/08/1936.
[925] EGP, 08/08/1936.
[926] Nota de prensa do Gobernador Civil de Pontevedra en FDV, 25/08/1936.

> ESTAMOS EN DIAS DE SACRIFICAR CADA CUAL LO QUE TENGA EN EL ATAR DE LA PATRIA. TODO ESFUERZO, TODA APORTACION ES UTIL.
> NO SE PUEDE SER ESPECTADOR CUANDO ESPAÑA JUEGA SU PORVENIR, Y HAY LUCHA ENTRE LA CIVILIZACIÓN Y LA BARBARIE. PORQUE LA INACTIVIDAD ES UNA DEFINICIÓN."[927]

A subscrición de *Oro para la Patria* ten, ademais un reclamo específico ás mulleres, ao ser tradicionalmente quen posue xoias e adornos de ouro. Outra vez apélase ao papel de mullernai e ao seu sacrificio

"¡¡ MUJER ESPAÑOLA!!

> ¡ADMIRABLE MUJER! ESPIRITU DE SACRIFICIO, TEMPLE DE HEROÍNA, ALMA GENEROSA, CORAZÓN ABIERTO A TODAS LAS FRAGANCIAS DEL PATRIO AMOR:
> Si diste ya, con entereza magnífica, tus hijos a España, ayúdanos ahora en el esfuerzo final de nuestra epopeya gloriosa a acelerar la victoria de la Civilización y la Fé, aportando tu donativo de oro y alhajas al Tesoro Público.
> LA ALHAJA COMO ADORNO ES UNA FRIVILIDAD QUE EN ESTOS MOMENTOS OFENDE EL DOLOR DEL SACRIFICIO
> LA ALHAJA DONADA PARA EL TESORO NACIONAL REPRESENTA UN NUEVO AVANCE EN LA OBRA DE SALVACIÓN Y RESURGIMIENTO DE ESPAÑA; Y UNA FLOR SOBRE EL CUERPO YERTO DEL HÉROE.[928].

Os reclamos á participación nas colectas de ouro seguen os mesmos parámetros que os que se fan para as colectas do CLA. Tan só existe unha diferenza entre eles, a utilización do concepto "xudeo" para catalogar a todos aqueles que non participan ou que participan con escasos aportes na doazón de ouro que con seguridade apela a vellos mitos racistas do atesoramento do metal precioso polos creentes desa fé ou, os propagandistas teñen como referencia as campañas anti hebreas dos nazis alemáns.

"Es un judío quien en estos momentos guarda el oro, cuando la Patria lo necesita.

> (…) Aunque las listas que diariamente publicanos de las entregas de oro de los habitantes de Vigo son altamente demostrativas del desprendimiento voluntario de los buenos vigueses y mejores amantes de la Patria, nosotros, y como nosotros todos los que conocemos la riqueza que en alhajas posee nuestra ciudad, nos atrevemos a asegurar que en este aspecto domina todavía un espíritu judaico, en bastantes casos.
> (…)
> Por otra parte, ¿creen los espíritus judaicos que a estas horas tendrían todavía sus alhajas, si el 20 de julio último irrumpieses en nuestra ciudad las hordas marxistas enloquecidas? ¿Creen muchos que si las fuerzas que acaudilla el glorioso militar don Felipe Sánchez, no defendiesen con su vida la ciudad desfrutarían de esta tranquilidad, antes los hechos horrorosos que están ocurriendo en parte del territorio español?
> Ningún vigués debe sustraerse ni un momento a la entrega del oro que pueda poseer. Ha llegado la hora de que toda conciencia sea verdaderamente

USC

[927] EPG, 05/09/1936.
[928] EPG, 30/08/1936.

> patriótica, y no podrá serlo si todavía quisiera conservar una alhaja que debe quemarle la vista al verla en su casa.
> Fuera vanidades en este instante de los supremos sacrificios por España.
> La ostentación o la retención de una alhaja acusa una alma de judío
> Y los vigueses debemos ser todos, absolutamente todos, españoles, como esos que nos emocionan al ver sus nombres en las listas, entregando todo su oro para España."[929]

Pero a medida que pasa o tempo, a propaganda a favor das doazóns troca. A chegada dos primeiros mortos e a estabilidade das frontes de batalla fai que se estableza unha comparación: a paz da retagarda e o sangue da vanguardia. Así a participación será un mínimo que os habitantes da retagarda débenlle aos que combaten nas trincheiras. Non participar identificarase con atentar contra o esforzo que realizan os milicianos na fronte en defensa, ademais, dos que quedaron na retagarda.

"Está bien ese desprendimiento. Así; bien a secas. Los donantes no hacen sino cumplir sus deberes de cristianos y de patriotas y agradecer, siquiera en reducidas proporciones, el sacrificio y la abnegación de los que supieron darlo todo por la patria, luchando en los frentes por la España tradicional, la de la historia cargada de gloriosas hazañas. (…)
> Repetimos que está bien, a secas. Lo cual quiere decir que todavía no es bastante lo hecho y que se necesita más, bastante más.
> Los que luchan por la patria se lo merecen todo, son dignos del esfuerzo y del sacrificio de todos. Y todos están la obligación moral de procurar que nada les falte (…) Atenderlas necesidades de los que por nosotros cayeron en el frente de batalla, debe ser ahora una de nuestras primordiales preocupaciones. El primer deber de todo buen español, de todo buen vigués."[930]

Loxicamente o incumprimento deste deber moral de asistencia aos que loitan só pode ser castigado dun xeito, a exclusión da comunidade nacional.

---

[929] De Castro, Manuel (Handicap), "Notas del movimiento. Todo el oro para la Patria", FDV, 13/09/1936. Manuel de Castro *Handicap* foi un xornalista deportivo que participou na fundación do Real Club Celta de Vigo en 1923. Afiliado a GCV participa na súa sección de censura postal ate a súa desaparición pola súa interación nas Milicias Nacionais. Asiduo propagandista dos sublevados sempre dende unha posición cercana ao Partido Fascista Italiano, foi nomeado pola autoridade militar directivo da Asociación da Prensa de Vigo (EPG, 25/12/1936) e máis tarde presidente (EPG, 17/02/1937) coa misión de rematar a depuración na profesión de xornalismo. Afiliado á CNS en xaneiro de 1937 (EPG, 12/01/1937), en xuño dese mesmo ano ocupará o cargo de Delegado da súa Sección Deportiva (EPG, 15/06/1937). Na actualidade a personaxe conta cunha praza con estatua incluída e os premios de honra do Real Club Celta de Vigo levan o nome deste filo fascista. Poderíase dicir, que aínda que filo fascista é o fundador do Club, pero isto tamén é falso. O Club fúndase con dúas almas mater, o tal *Handicap* e Juan Baliño Ledo, secretario municipal durante a etapa republicana, católico fervente e de ideas galeguistas, depurado polos compañeiros de *Handicap* e o responsable de redactar os primeiros estatutos do Club, de propoñer o seu nome e as súas cores. Este, que chegou nos anos 60 a director do FDV, non ten lembranza pública algunha nin por parte do Celta nin do Concello.
Como o que ten que ver con sentimentos a unhas cores deportivas parece que nestes días ten unha facilidade tremenda para borrar calquera mácula, co gallo do centenario do Celta a editorial Galaxia publicou un panexírico disfrazado de biografia histórica que oculta todo o relativo a este señor entre o período 1936-1939, nunha gran laboura de limpeza historica de Galaxia e do seu autor. Estévez Iglesias, Adrián, *Manuel de Castro, Handicap. Crónica dunha paixón*, Vigo, Galaxia, 2023. Como mostra de esquecemento de toda unha sociedade son públicas tamén as loubanzas por parte do responsable do BNG na actual corporación municipal a este señor.

[930] EPG, 08/11/1936.

"Quien niegue su oro a España mientras otros le dan su sangre o la de sus hijos, no es español y no debe estar entre los españoles."[931]

Precisamente esa inclusión/exclusión da comunidade nacional por mor das doazóns é o outro eixo de atención das subscricións. Efectivamente, as doazóns nas diferentes subscricións, todas, son publicadas, e a súa publicación apela, sen lugar a dúbidas, á formación da nova comunidade nacional. Quérese facer ver que eses listados de doantes que enchen páxinas enteiras dos xornais son os apoios entusiastas do réxime en formación e tal e como afirman na primeira conminación á poboación para que participe, non "se ventila hoy en España más que un problema: el de la Patria y de la anti-Patria"[932]. Serán estes doantes os representantes desta Patria. O importante da publicación das persoas doantes é que estamos ante a única chamada á mobilización dos cidadáns que pode reflectir feacientemente cantos son os mobilizados e quen son cada un deles. Isto é o interese fundamental, neste eixo, das autoridades "demostrar la fervorosa simpatía (…) hacia el movimiento nacional iniciado por el Ejército a favor de la prosperidad de España"[933]. Precisamente, para esta "demostración", a modalidade de subscripción que adoptan os sublevados en Vigo é ideal, xa que se trata dun tipo de achega libre, sen cota, é polo tanto unha vía de demostración da suma de "elemetos adheridos desinteresadamente" tal e como reclamaba a *Junta de Defensa Nacional* na exposición de motivos do seu Decreto núm. 23[934]. No mesmo sentido insistían ao principio do proceso recadador dende os xornais de Vigo, a colaboración debe ser en concepto de gratitude ás forzas armadas, e polo tanto "no precisa (…) excitaciones y menos coacciones"[935]. Así, "sen coaccións" e libre para quen quera participar e pase, deste xeito, a formar parte da nova comunidade nacional preséntanse as subscricións. Consecuentemente mediante a prensa atacarase a todos aqueles que efectúen doación baixo seudónimo, criptónimo..., porque o seu emprego oculta á comunidade a identidade do novo membro. Esta ocultación da identidade non pode ser máis que un síntoma de cobardía que impide ao individuo mostrar, con nomes e apelidos, o seu apoio explicito á sublevación. Ramón Villot, xefe do gabinete de censura de Vigo nunha conferencia radiada critica esta posición "vosotros vigueses, que escondéis vergonzosos el gesto de una dádiva a España, tras el despreciable anónimo de "Un admirador", aprendez, tomad ejemplo (…)", neste caso, da labor das "obreritas" que doan deixando constancia do seu nome[936]. Tamén se relaciona a ocultación do nome coa posibilidade, falsa, dunha hipotética volta a "un pasado anárquico" e que os nomes, pública constancia de apoio á sublevación, sexan empregados para axustes de contas. Manter esta posición "constituye un gravisimo delito, que de conocerse los casos y no hay duda que existen, serán debidamente castigados."[937] Esta idea da existencia de medos a que os nomes poidan ser empregados a posteriori por unha hipotética vinganza dos anti fascistas manifféstanse, segundo a prensa, "especialmente" no Concello de Lavadores.

"(…) aparecen emboscados, vergonzantes o como quieras llamárseles, que en vez de tener a orgullo –el santo orgullo del patriotismo- de hacer público sus nombres, se cubren con el disfraz de unas iniciales o con los pseudónimos de "un patriota", "un español", "un vecino", etc. Los que actúan de tal modo, son unos vergonzantes pobres de espíritu, que en su inmensa mayoría están

[931] EPG, 05/12/1936.
[932] "Gratitud a las Fuerzas Armadas", Editorial do FDV, 02/08/1937.
[933] EPG, 09/08/1936.
[934] BOJDN núm. 4 do 04/08/1936.
[935] "Gratitud a las Fuerzas Armada", FDV, 02/08/1936.
[936] A conferencia radiada por Radio Vigo de Ramón Villot foi reproducida polo EPG, 23/09/1936.
[937] "Ya hay Autoridad", Editorial FDV, 11/09/1936.

> influenciados por la cobardía y por el miedo a esa ausencia de autoridad ya desterrada, afortunadamente. Ya hay autoridad, hay que gritarles con fortísimas trompetas, un día y otro, hasta que se convenzan, a esos pusilánimes o jugadores de ventaja."[938]

Fronte a estes que ocultan o seu nome, hai que lembrarlles que "inscribir sus nombres en las listas (…) representa una profesión de fé españolista", como dicíamos unha manifestación explícita do apoio á sublevación[939]. Pero, estes chamamentos a deixar de agochar o nome mediante un lema ou unha frase ou seudónimo, tiveron éxito entre os doantes, e polo tanto, asumiron que a presenza do seu nome e apelidos era un compromiso coa nova comunidade que estaba a constituirse?, foi tan masiva a ocultación do nome e dos apelidos? A resposta á segunda pregunta é clara, non. A substitución do nome por calquera outra designación foi moi reducida. Si nos fixamos na evolución mensual porcentual das doacións sen identificación clara, vése como en ningún caso superaron o 10,10% das subscricións nun marco de referencia mensual (Gráfico 28). Isto nos está a indicar que as novas autoridades non podían permitir e de feito non permitiron nen sequera unha porcetaxe reducida de supostos desafectos ou de individuos que cos seus actos se situasen fora na comunidade nacional que estaban a crear. De feito, as críticas e as acusacións de traizón a aqueles que participaban nas doazóns sen mostrar o seu nome comezan en setembro de 1936, despois de que en agosto se rexistraran 426 destos casos pero xa a finais de setembro, despois da campaña estes se reduciron porcentualmente, caíndo do máximo de toda a serie do 10,10 % de agosto a tan só un 3,15 %. Os efectos da campaña desenvolvida volverán a indicir fortemente neste tipo de doazón que baixará ao 1,72 % mensual en outubro. A partir deste momento, nunca se volverá a porcentaxes cercanos ao 5 % das doazóns. En números absolutos o pico máis alto coincidirá co porcentual, agosto con 426 doazóns sen nome e o máis baixo coa fin da serie en abril de 1937 con 27. A mutación é evidente.

Gráfico 28
Porcentaxe de ocultación de nomes nas subscricións



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

USC

[938] "Ya hay Autoridad", Editorial FDV, 11/09/1936.
[939] "Ya hay Autoridad", Editorial FDV, 11/09/1936.

Pero independentemente desta ocultación que en conxunto non supón máis que un 1,28 % de todas as achegas, a publicación das listaxes cos nomes de cada un dos subscritores constitúe a maior mobilización de supostos apoios dos sublevados en todo o período, mobilización que neste caso é nominal, como si nas diferentes manifestacións que as novas autoridades convocan para festexar os seus éxitos superamos o nome de todos os que se mobilizan e cando o fan. Isto é o que exactamente nos proporciona o emprego das listaxes de doantes, saber quen se mobiliza e cando se mobiliza. Si temos en conta que un dos aspectos máis salientables do novo réxime e ese intento de mobilización da sociedade de cara a construción dunha nova comunidade de nacionais, a traves do estudo dos ritmos de doazón podemos calibrar a influenza das novas autoridades a nivel social, cantos son os que se mobilizan e polo tanto se intergan ou pretenden integrarse ou simular a súa integración, pero tamén os seus ritmos, incluso podemos ver as estratexias dos sublevados para aumentar o número dos mobilizados. Ademais a análise ao longo dun periodo de tempo relativamente amplo, 9 meses, pode mostrarnos como evolucionan os fluxos de mobilizacións e si estes van ou non van aparellados a outros aspectos máis xerais de carácter político.

Entre o 5 de agosto de 1936 e o 30 de abril de 1937 efectúanse ao conxunto de subscricións que definimos ao principio deste apartado un total de 38.069 ±176 aportes. Estes aportes ás subscricións divídense tal e como mostra o Gráfico 29. O gráfico demostra como a participación maioritaria foi sen lugar a dubidas a protagonizada a través da mobilización dos individuos con preto de 30.000 aportes directos, que superan os 32.000 si se lle engaden os 3.107 aportes indirectos como froito da retención de parte do seu salario por parte das empresas para contribuír colectivamente como traballadores. O desproporcionado número de achegas por parte dos cidadáns fai que os demais item non teñan practicamente representación gráfica en comparación con estes.

Gráfico 29

Participación por sector en milles de aportes ás subscricións



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

Merecen unha referencia explícita as aportacións dos nenos e nenas. Os chamamentos á participación dos escolares enmárcanse dentro da súa formación ideolóxica, de feito a maioría das subscricións onde participan nenos son recadadas polos mestres nas propias aulas. No

primeiro chamamento á participación de escolares nas subscrións faise fincapé en que por medios destas eles, os nenos e nenas, tamén participan nos destinos de España.

"Los niños también siente en sus almas infantiles esta hora decisiva que para sus gloriosos destinos vive España. (…)

Estos niños de hoy leen un Historia de su Patria que unos desalmados quisieron interrumpir, haciéndola tutelar de un país extranjero caótico, donde la familia y la religión no significa nada para continuar los senderos de una civilización cristiana y ordenada, basada en el respecto a aquellos principios que fueron siempre, por tradición gloriosa, consustanciales con España. Esa Historia que ellos leen estuvo a punto de ser cortada.

Y esto sí que no han de poder olvidarlo ellos nunca: unos hombres pertenecientes a un Ejército siempre glorioso, se interpusieron en el camino e hicieron que la Historia no sufriera alteración, que los principios básicos de la cultura volvieran a ser restaurados, que España siguiera figurando a la cabeza de los pueblos que supieron luchar por su espiritualidad y por supuesto entre los pueblos grandes y civilizados."[940]

De todos xeitos esta situación, esta esmagante maioría das subcricións por parte de particulares, debe considerarse ate certo punto lóxica, xa que os individuos son numericamente moito máis numerosos que as empresas ou que as institucións, de aí que a súa participación numérica nas aportacións sexa infinitamente superior. Non obstante esta grandísima desproporción mantense si en vez do número de subscricións, analizamos as cantidades subscritas. Así no Gráfico 30 mostra como no volume de cantidades subscritas a diferenza entre os subscritores persoas físicas e as empresas é abismal, o que ven a reforzar a idea de que o mecanismo das subscrición empregouse, fundamentalmente, como un medio de extraer capital privado dos cidadáns. A presión que estes tiveron que soportar foi infinitamente máis grande que a que soportaron as empresas. Ao mesmo tempo, e en todo caso, as grandes asociacións empresariais viguesas, como tivemos ocasión de comprobar, efectuaron as súas axudas fora do instrumento das subscricións.

Esta desproporción en canto ás cantidades subscritas entre os suxeitos participantes reflíctese nas 23 subscricións que teñen lugar en Vigo. En todas elas o sector que máis capital aporta son os cidadáns seguidos moi de lonxe por empresas e institucións.

Ate o de agora falamos de subscricións, non de subscritores. Evidentemente cada unha das subscricións non se realizaron por un subscritor, senón que moitas persoas fixeron aportacións múltiples, tanto á mesma subscrición como a distintas. Polo tanto, cantas foron as persoas que participaron das subscricións?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[940] FDV, 20/08/1936.

Gráfico 30
Participación nas subscrición por volume de aportación total en pesetas



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

Non é unha resposta fácil, sabemos que contribúen directamente 18.168 persoas con veciñanza en Vigo ±1.586[941], (11.249 homes, 6.849 mulleres e 70 sen identificar) pero a esta cantidade habería que engadirlle a parella que non resulta identificada nas doazóns en parella, ou sexa 968 persoas; outro tanto ocorre cos nenos e nenas que non os tivemos en conta á hora de elaborar a base de datos principal, que son 767. Con estas incorporacións teriamos unha participación de 19.903 persoas ±1.586. Queda o problema das familias, temos rexistradas 590 familias que subscriben de xeito colectivo, destas 237 están totalmente identificadas e todos os seus membros incluídos nas iniciais 18.168 persoas, polo que nos quedan 353 sen incluir ningún dos seus membros. Das familias identificadas obtemos unha media de 4,8 membros por familia. Multiplicando o número de familias non identificadas pola media familiar nos sáennos 1.694 persoas, que ante a imposibilidade de identificación pasan a engrosar o ítem de persoas que imposible individualización. Así o resultado final dos participantes é 19.903 persoas ±3.280. Tendo en conta que no conxunto Vigo-Lavadores o censo máis próximo a 1936-1937, o de 1940, vivían 123.734 persoas[942], temos que tan só participan das subscricións, o intento de mobilización concreta máis grande e sostida no tempo do novo réxime, o 16,08 % da poboación. Deste 16,08 % da poboación só podemos asegurar que participa da mobilización, polo tanto que non permanece pasivo como o outro 83,91 % da poboación. Pero dentro dese 83,91 % da poboación hai persoas que tamén se mobilizan, aínda que, curiosamente, desoíndo a fortísima presión para participar das doazóns. Sen ir máis lonxe, temos rexistradas 3.645 persoas que aínda que mostran outras actitudes de colaboración, non participan das subscricións. Estes son, basicamente, afiliados ás organizacións de encadre do novo réxime. FE-JONS, GCV, CONS-CNS, JAP e CT (3.370 persoas). Hai, tamén, unha moi pequena parte destes 3.645 persoas que non nos constan como afiliadas a ningunha estas estruturas e si resultan beneficiados polas novas autoridades, basicamente trátase de funcionarios municipais (158); e outra parte restante, está formada

[941] Excluíronse da base de datos todas aquelas persoas que non tiveran veciñanza en Vigo e tamén se excluiron do cálculos economicos todas as súas aportacións.
[942] Datos sacados na páxina do Instituo Nacional de Estatística.

polos primeiros voluntarios nas milicias que saen para á fronte, pero o número dos que non participa nas subscricións é tamén cativo (108)[943]. Con estes aportes o número dos mobilizados sube a 23.586 persoas, o 19,06% da poboación dos dous concellos, resultando pasivo o 80,94 % da poboación.

Pola contra, constátase entre os doantes a presenza de individuos que antes do golpe tiñan militancia política ou sindical nas organizacións da esquerda e obreiristas pero si a relacionamos co conxunto de militantes deste grupo rexistrados, o grupo que participa é minoritario, só o 27,15 % (936 militantes). Esta baixa participación parece querer indicar que a doazón non foi empregada de xeito xeral como unha estratexia de salvación por parte dos potencialmente represaliados, nin a doazón forzada abrangueu a amplos sectores dos antigos militantes de esquerda e obreirista. A modo anecdótico, xa que os casos son case irrelevantes, sabemos que a participación neste tipo de mobilización non foi impedimento para a conversión de vítima. En concreto cónstannos 23 persoas que participan nas subscricións e que finalmente foron, ou paseadas ou fusiladas.

Esta situación dos militantes esquerdistas-obreiristas prodúcese de xeito inverso si en quen nos fixamos é no grupo de militantes e colaboradores, cunha porcentaxe de non participación do 36,45 % (3.645), que como acabamos de ver optaría outras formas de mobilización.

Pero si consideramos ao conxunto das subscricións como mobilizacións resulta fundamental saber cando se producen, cal é o seu ritmo cronolóxico. No gráfico 31 mostrámolo.

Gráfico 31
Ritmo de aportacións ás subcricións

Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

Como se pode ver a potencia da mobilización céntrase nos tres primeiros meses da sublevación para logo decaer dun xeito rápido, tan só ten un pico en decembro de 1936 que se corresponde co inicio dunha subscrición do CLA que remata o mesmo mes -Aguinaldo do Soldado-, de aí a volta á baixada. De todos xeitos, o número de subscricións e a recadación

[943] Hai 9 persoas neste grupo que estarían noutras situacións.

conseguida non van parellos, tal e como demostra o Gráfico 31. Mentres que o aumento máis significativo, en cando ao número de subscrición, prodúcese en setembro, a cantidade recadada descende bruscamente. Non obstante, dende as autoridades non se dá a voz de alarma ate o mes de novembro, e cando se fai incídese sobre o descenso recadador, cando o "problema" radica, ademais, na espectacular caída do número de doantes.

> "Desde la iniciación del glorioso movimiento militar, han surgido muchos Comités pro Abastecimiento del Ejército en distintas ciudades gallegas. Las aportaciones se hacen de análoga forma a como se hacen en Vigo. Sin embargo, nuestra ciudad, verdadera potencia económica, industrial y comercial de Galicia; ciudad que a patriotismo no hay quien le aventaje; ciudad que siente como ninguna el dolor de España que en condenar los horrores del marxismo puso su mejor entusiasmo…, nuestra ciudad ha quedado un poco rezagada a este respecto. Mientras en otras ciudades gallegas la suscripción a favor del Ejército alcanza en alguna a cerca de tres millones y en otras dos millones, en Vigo la suscripción excede en muy poco del millón de pesetas. Produce sonrojo el confesarlo, pero es la realidad estampada todos los días en la Prensa al dar cuenta de las aportaciones recibidas.
> (…) Vigo ha dado siempre pruebas fehacientes de ser una ciudad donde la trilogía orden, paz y trabajo estuvo aireando a todos los vientos; donde el patriotismo no necesitó estímulos para manifestarse; donde en una palabra, la gente ha sido generosa y comprensiva y acudió llí (sic) donde se le requirió para alivio, muchas veces, de causas y de cosas que más nos perjudicaban que nos beneficiaba. ¿Por qué entonces este retraimiento en un momento solemne de la vida de nuestra Patria y, por consiguiente, de Vigo?"[944]

Gráfico 32
Comparación do número de achegas co capital achegado



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[944] FDV, 07/11/1936. Efectivamente a finais de novembro de 1936 o CLA tiña recadado en Vigo, 1.771.645, 35 pesetas

Pola importancia a nivel simbólico das subscricións e tamén a nivel económico para unha facenda estatal inexistente, pensamos que estamos ante unha das mobilizacións máis importantes dos primeiros tempos do novo réxime. De feito, na propia evolución do mecanismo das subscricións vese como as autoridades inciden, a nivel práctico, no aumento das doazóns con nome, adaptándoas, incluso, as posibilidades económicas: non se trata de que se doe moito –que tamén- senón de que moitos doen. A tal fin, establécese un novo xeito de efectuar o pagamento: a detracción dunha parte dos salarios dos obreiros por parte dos patróns para ingresar directamente nunha subscrición, evidentemente, segundo informan os diferentes patróns que se van sumando á medida, o seu carácter é absolutamente voluntario. Aínda que a primeira detracción salarial efectuada deste xeito faina unha pequena librería en agosto de 1936 está non se publica coa relación de nomes de cada empregado, senón a cantidade detraída en conxunto. En setembro isto troca, comezarán a publicaranse os nomes de todos os empregados coa cantidade detraída. O primeiro en efectuar as detraccións deste xeito é a *Agremiación de Almacenistas de Vino y Aguardiante* o 4 de setembro, pero non ten ningunha transcendencia pública, igual que as seguintes empresas que o fan, *Vapores de Pasajes* e un pequeno negocio, *Casa Quiros*. Non obstante o 16 de setembro o dono do estaleiro *Barreras* anuncia que decidiu tomar esta medida na súa fábrica para todo o seu persoal (525 traballadores), voluntario, claro. A prensa neste caso si recolle a iniciativa do empresario, pero non destaca o valor económico da medida, senón o seu valor político, de inclusión na nova comunidade nacional.

> "La circunstancia de ser los donantes obreros metalúrgicos, entre los cuales la propaganda marxista había llegado a tener hondas raíces, hace mucho más significativo este donativo espontáneo, que debe interpretarse como el deseo de esos obreros y empleados de una nueva era de paz, de tranquilidad y de prosperidad."[945]

De feito o propio comandante militar da praza ao recibir unhas destas axudas detraídas directamente do salario dos traballadores fai unha comparación ven a poñer de manifesto o que estamos a dicir, a importancia da mobilización de toda a sociedade como conformadora na nova comunidade nacional. Afirma, Felipe Sánchez ao recibir a recadación de dúas empresas (a conserveira *Antonio Alonso Hijos* e o importe de todas as hora extraordinarias dunha empresa radicada en Mos) e dun emigrante en Valparaiso:

> "Es decir se han recibido tres donativos importantes que ponen de manifiesto que todas las clases sociales -patronos, obreros y aún los que trabajan lejos de España- tiene fe en la victoria del Ejército liberador, la que, aportando sus recursos al Patrimonio Nacional, se hacen tan soldados como los que empuñan el fusil."[946]

Esta medida de efectuar detracción salariais aos traballadores e traballadoras pronto será imitada por outras moitas empresas a partir de outubro e para todo tipo de subscrición agás, loxicamente, a de *Oro para Patria*. Pero ao mesmo tempo, e como medida para que toda a sociedade participase, incluso aquelas persoas con ingresos mínimos, crease unha nova subscrición, trátase da subscrición para adquirir unha medalla de platino para o Comandante Militar da Praza. A medalla é o símbolo da concesión da honra de vigués distinguido que a CXMV acordou conceder ao militar "como tributo de admiración y reconocimiento por haber

[945] EPG, 12/09/1936.
[946] EPG, 17/04/1937.

salvado a Vigo de la furia de los rojos". Como pode verse, incluso, unha distinción municipal págase con cargo a unha subscrición popular. A doazón será de 1 peseta e só se permitirá unha por persoa[947]. Na práctica isto será modificado, aceptándose doazóns de cantidades inferiores. O obxectivo da subscrición é a máxima participación da veciñanza, buscando a materialización desa nova comunidade. Mesturadas as dúas medidas durante tan só dous meses, setembro e outubro, xa que a principios de novembro pechouse ao superar a cantidade prevista, o numero de doantes supuxo o 57,16% de todas as doazóns realizadas en setembro e o 40,33% de outubro.

A partir deste momentos os requirimentos, e as ameazas de non ser estes atendidos, efectuaránse case exclusivamente ao sector máis adiñeirado economicamente falando da sociedade.

> "-He dado a la Suscripción Nacional 100, 500, 1.000 o 10.000 pesetas. Soy un hombre de derechas, y con ese puñado de dinero compré mi tranquilidad, cumplí con mi deber y nadie tiene que reprocharme.
> ¡Valiente deber has cumplido español acomodaticio y cuco, al estimar tu misión tan sencilla y confortable, si consideras que el gesto calculado pobretón, de desprenderte de unos dineros valdrá para inmunizarte eternamente de ese sacrificio personal continuado, que tu -¡no lo niegues! en tu fuero interno tomas como despojo.
> (…)
> Repasa pues tu conciencia. El total de tus caudales no compensa en mínima parte el sacrificio del Ejército y Milicias nacionales en los frentes de combate (…) Las rutas de perfección son otras: las de unión indisoluble de credo y de economía.
> No basta aplaudir, cantar, desfilar, manifestarse con entusiasmo hispanos en la calle o en el círculo de amigos. No vale solo ostentar insignias y banderines en la solapa para congraciarse con el ambiente; pues la bandera, la insignia y el españolismo que en el traje hay que llevarlos en el corazón.
> Mira por dónde vas. Es momento áun de rectificar el sendero hollado.
> Medita además en tu actitud, porque cuando venga el tiempo próximo de juzgar a los que han ayudado y a los que han querido dar sensación de ayuda, el dedo público te señalará como reo de lesa Patria, y será pedida cuenta de tus monedas (…)"[948]

Pero independentemente da busca da participación por todos os medios e do reducido nivel de implicación que se logrou, quen son as persoas que están a doar? Os datos que podemos ofrecer sobre a extracción socio profesional son para unha porcentaxe mínima, so coñecemos a profesión do 19,11% dos doantes ou sexa para 4.821 persoas. Aínda así, e tendo en conta que a mostra que na actualidade serve para estudar a estrutura socio profesional das subscrición en Galiza é de tan 203 persoas (só aquelas persoas que superaron as 1000 pesetas de achega), e dun marco cronolóxico de só 3 meses, pensamos que paga a pena expoñer os datos que obtivemos[949]. Empregaremos as mesmas categorías que empregamos cando analizamos os asasinados. O datos que reflexa o Gráfico 33 son claros: a mobilización foi protagonizada polos traballadores que representan un máis dun 76% dos doantes, non obstante a súa capacidade económica, ou unha posición estratéxica que os levou a restrinxir ao máximo

[947] EPG, 05/09/1936.
[948] "¿Por dónde vamos?", EPG, 31/12/1936.
[949] Prada, Julio, *Marcharon con todo…* pp. 33-34.

a doazón, considerando que figurar como doante era suficiente, limitou as súas doazóns a menos do 3% do total. Tamén hai que destacar a preponderancia do empresariado de carácter industrial fronte ao comercial e fronte a calquera outro sector que con menos do 8% de doantes acada o 55% das doazóns. A estas achegas empresariais habería que engadirlle todas as achegas en especie que non computamos e as aportacións en cartos das súas empresas que tampouco computamos como aportación persoal, de incluír estas como persoais a desproporción sería moitísimo máis acusada.

Si facemos unha comparación cos datos que ofrece Prada para toda Galiza con base nos resumes das doazóns, existen diferenza notables, a primeira e fundamental, a inexistencia entre a porcentaxe de doantes que presenta Prada de traballadores por conta allea. Isto podería ser unha consecuencia de restrinxir a análise a aquelas persoas que doan 1.000 ou máis pesetas. Desde xeito a restrición introducida o que fai a efectos prácticos é reducir as subscricións ao mero terreo económico, desaparecendo as súas implicacións máis evidentes na construción da nova comunidade nacional. Así, os verdadeiros protagonistas desta estratexia, os traballadores, en tanto de sector da poboación maioritaria e que máis subscribe (falando en termos de volumede subscricións), desaparecen da análise.

Gráfico 33

Comparación entre participantes e achegas



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

Nós pensamos que cómpre salientar a súa presenza xa que constitúen un obxectivo prioritario dos sublevados e así o mostramos ao longo deste apartado. Esta presencia matiza o obxectivo económico, que aparece como evidente, e o completa cun obxectivo ideolóxico-simbólico de primeiro orde.

Pero é máis, nos mantemos a análise unitaria das subscricións, así o fixemos nestas páxinas, porque todas elas, tanto as de carácter estatal como as de carácter local teñen uns obxectivos similares cando non idénticos. Por unha banda, a mobilización social para a conformación da nova comunidade nacional, o control social coa redución de capital circulante en mans particulares e a conseguinte redución e control dunha gran parte das transaccións por parte das

USC DE COMPOSTELA

novas autoridades, xunto ao financiamento das actividades dun grupo socialmente reducido polo conxunto da sociedade é nunha das operacións de "rapiña" de máis longa duración dos primeiros anos do franquismo. Dicíamos que si mantemos esa análise unitaria, entón, incluso poñendo o límite que establece Prada para analizar estas detraccións, as 1.000 pesetas como mínimo, incluso con el, aparecen os traballadores. Así é poñendo ese límite, as 4.811 persoas analizas no Gráfico 32, redúcense dun xeito drástico ate tan só 55, pero os traballadores non desaparecen como acontece na análise de Prada. No Gráfico 34 obsérvase o resultado, de feito tan só aparecen con porcentaxes significativas os traballadores e os empresarios, pasando a ocupar o primeiro lugar tanto en achegas como en diñeiro aportado, os empresarios do comercio, algo que tampouco ocorre na análise de Prada para o conxunto de Galiza.

Gráfico 34
Comparación entre participantes e achegas mínima de 1000 pesetas



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

Por outra banda e para finalizar esta pequena contribución das subscricións no Gráfico 35 mostramos a posición política dos doantes a través dunha mostra de 3.061 persoas con militancia coñecida. Integramos no epígrafe de "coalición sublevada" a todas as organizacións de encadre do novo réxime e ás organizacións políticas que fixeron posible o trunfo do golpe (PNE, BN, URD, AP); na dereita-centro integramos as organizacións de dereita que non tomaron parte como tales na consolidación do golpe (Monárquicos independentes, PCR, PRR, PAE e UMEP); na esquerda (UR, IR, PG) e na esquerda revolucionaria (PSOE, PCE, CNT, FAI, UGT).

O primeiro que pensamos que hai que salientar é que á luz do Gráfico 35 cobra maior significación o Gráfico 25, onde se mostraba como as achegas realizadas polas persoas que tiñan militancia previa eran as mais abundantes de todas as achegas que se realizaban na Comandancia Militar. O Gráfico 35 visualiza como as achegas destes militantes a nivel global son moito máis reducidas tanto en número de persoas que as fan como en capital achegado, é polo tanto significativo que neste local concreto, a Comandancia Militar prodúzase todo o contrario, co que pensamos que se reforza a idea de que estas achegas foron absolutamente forzadas. Por outra banda, séguese a reflectir que dentro das persoas das que temos constancia

USC DE COMPOSTELA

a súa militancia, as que máis achegan e máis participan nas doazóns son as integradas dentro da coalición. Tamén é importante que en todos os epígrafes existe unha desproporción a favor do número de doantes militantes en detrimento da cantidade achegada, en todos agás no grupo da esquerda, onde a desproporción é ao revés. Isto parece querer indicar que é neste grupo onde se concentraron os esforzos "recadadores" por parte dos sublevados.

Gráfico 35
Posición política dos doantes



Elaboración propia a partir do baleirado das listaxes de subscrición do FDV e EPG entre o 05/08/1936 e o 30/04/1937

En todo caso, os sublevados independentemente da presión que a nivel económico estaban a soster sobre o conxunto dos cidadáns, do que eran plenamente conscientes, continuaron tentando detraer capital colectivo para o seu emprego privado, empregando moito deste capital, nas obras de caridade e control, como o *Auxilio Social*, que debían de axudar a resolver as condicións de necesidade que padecía a poboación, condicións que eles mesmo creaban.

> "Aunque la mayoría de los vecinos de este término no tienen recursos sobrados para hacer frente a las necesidades que impone la vida y que todos ellos han contribuído diversas veces y recientemente con sus aportaciones en metálico y en especie a las necesidades patrias, sin embargo me veo precisado a recurrir nuevamente a su bien probada generosidad y sentimientos humanitarios (…) para poder adquirir con el dinero que se recaude mantas y toda clase de prensas de abrigo para las personas desamparadas que se encuentren concentradas en Madrid cuando dentro de unos días nuestro glorioso Ejército y valientes milicias le reingresen para la Patria (…)"[950]

7.4. AS ORGANIZACIÓNS DE ENCADRAMENTO SOCIAL: FALANXISTAS E CATÓLICOS

Unha vez lograda a vitoria militar na cidade había que organizar a poboación, non so era necesario para controla, senón que tamén era imprescindible para canalizar o esforzo de guerra a través das achegas das diferentes patronais e do conxunto dos cidadáns a través, como temos visto, das subscrición patrióticas. Pero a organización da poboación tamén obedecía a motivos eminentemente políticos: era imprescindible escenificar simbolicamente e

[950] O Alcalde de Vigo convoca unha nova subscripción para axuda a poboación de Madrid. EPG, 14/03/1937

a nivel práctico esa España á que todos os escritos de xustificación do golpe apelaban. A representación dunha sociedade faise a través das organizacións que lle son propias a esa sociedade, polo que do que se tratou foi de tentar integrar aos cidadáns nunhas estruturas de mobilización e control que aseguraran o apoio á acción militar. A representación partidista da vella dereita estaba tocada, na retórica falanxista, pola súa incapacidade para impedir, pola vía electoral, a deriva da nación cara a súa destrución, polo que había que buscar unhas novas estruturas políticas ou transformar algunhas, xa existentes. FE-JONS, a organización supostamente antisistémica que chegara a ser ilegalizada no derradeiro tramo da República partía cunha serie de vantaxes sobre os seus competidores. A primeira delas, a estrutura paramilitar da organización respondía perfectamente ao contexto de guerra, a segunda a composición da organización feita fundamentalmente de mozos, os protagonistas de toda acción militar precisamente pola súa mocidade, e a terceira a inexistencia dunha organización de masas de carácter dereitista que lle puidera facer fronte, agás mozos das JAP.

A experiencia de convivencia harmónica entre japistas, falanxistas e outras correntes menores do tradicionalismo católico español na AMC, auguraba un futuro sen liortas. A rápida e nada problemática mobilización posterior ao golpe de estado en Vigo dos sectores dereitistas e falanxistas que culmina coa creación o día 5 de agosto da Primeira Compañía de Milicias Voluntarias viña a confirmar que a aposta por unha política de unidade en negativo tiña un gran éxito. En realidade, si vemos a composición política inicial dos mozos que integran esta primeira compañía de milicias e os diversos aportes ate decembro de 1936 comprobaremos como os mozos vigueses encadrados en milicias específicas de organizacións políticas son maioritariamente japistas. Dos 5 continxentes de voluntarios que están na fronte procedentes de Vigo nese mes de decembro, 3 son milicias políticas: as Milicias Voluntarias das JAP-Vigo, 134 membros; as milicias voluntarias de *Falange* Vigo, 39 membros e as milicias voluntarias dos requetés de Vigo, 26 membros. A estas habería que engadirlle dúas unidades de milicias sen adscrición política concreta: a primeira compañía de milicias voluntarias de Vigo (130 integrantes e destino en Mérida) e a segunda compañía de milicias voluntarias de Vigo (65 integrantes e destino en Grado, Asturias)[951]. Seguindo Aurora Artiaga

> "Más que su propia magnitud, fue sobre todo la inmediatez de su colaboración lo que convierte a estas agrupaciones de civiles en un observatorio idóneo para calibrar el grado de respaldo social de los rebeldes."[952]

Como é posible que unha organización que se da por desaparecida dende febreiro de 1936 teña esta capacidade?[953] Con estes datos resulta evidente que as JAP non desaparecen, de feito son a milicia que máis mozos aportan de Vigo á fronte. Sorprende polo tanto está potencia de

[951] Todos os datos no estadillo de distribución de paquetes co gallo do nadal aos soldados vigueses na fronte por parte do CLA. Este estadillo fala de 2133 soldados vigueses na fronte á altura de decembro de 1936. Además dos citados no texto, habería presenza viguesa na fronte de Talavera, Valdemoro Getafe, Navalcarnero, Sevilla A Nova, Catro Ventos, Carabanchel e Madrid (56 vigueses); no destacamento da *Guardia Civil* de Alcorcón (47); na fronte de Aragón, Zaragoza e Belchite (71), no descatamento da *Guardia Civil* de Tieno (42); en Villagonzalo (6) e no Rexemento Mérida núm. 35 de tropa de reenmprazo, en Grado (1.517). EPG, 25/12/1936.

[952] Artiaga, Aurora, "Voluntarios para un golpe, soldados para una guerra: las milicias rebeldes de primera línea en la Guerra Civil", *Ayer*, núm. 111, 2018, p. 25

[953] "Desprovista del amparo del gobierno, desmoralizada por la derrota electoral y rechazando la lucha física con los contrarios, la JAP se diluyó, en la práctica, despué sde febrero de 1936. La organización se mantuvo, pero llevó una existencia agónica hasta abril de 1937" (Báez y Pérez de Tudela, Jose M., "El ruido y las nueces…" p... 144. É máis, despois incluso do Decreto de Unificación en abril de 1937, aparecen de xeito relativamente constante na prensa, sobre todo no católico FDV, unha serie de referencias a unha milicia nacional, a *Milicia Nacional Cruces Negras de la Victoria*, esta milicia é, sen dúbida algunha, a antiga milicia da JAP.

mobilización das JAP nestes primeiro aportes. Pero esta potencia inicial non so se manifesta na súa capacidade para nutrir ao fronte de mozos, senón tamén na súa capacidade de recadación, sobre todo na modalidade, pouco rastrexable, das doazóns en especie. Nestas e na recadación en diñeiro, as JAP viguesas especializaranse nun só destino: o material de carácter sanitario, de feito todas as súas colectas fanse con este motivo. O caso é que son tantos os recursos acumuladas que en outubro de 1936 deciden compartir este material coas outras milicias, incluídas as falanxistas, pero aínda así, o sobrante é tan grande que se decide remitilo directamente a Burgos[954].

A que obedece esta potencia da JAP viguesa nos primeiros momentos do golpe? Traduciuse esta capacidade demostrada a nivel organizativo nun relanzamento a nivel local da organización? Para responder a estas dúas cuestións é preciso indagar na súa directa competidora e vencedora desta competencia: FE-JONS. Como xa temos visto os máximos dirixentes de FE-JONS atópanse na cadea no momento do golpe, polo que as estruturas da organización estaban nun nivel de funcionamento mínimo. O golpe trouxo consigo as urxencias derivadas dun enfrontamento armado primeiro e da posterior represión dos traballadores en folga. Todo isto incidiu máis na desorganización interna que ademais se viu agravada polo inicio dun proceso de crecemento nunca experimentado. A propia Xunta da Mando Provisional da organización na súa circular núm. 1 ás territoriais para informar da súa constitución o 1 de setembro de 1936 é plenamente consciente da situación da organización:

> "PROHIBICION.- (sic) En plena vigencia los Estatutos, se ordena terminantemente a todas las Jefaturas del Movimiento, que en su actuación se atengan a los mismos. NO pueden ser invadidas las funciones de ninguna autoridad dentro de la Falange. Es menester acabar con el estado anarquico (sic) que desde el comienzo de la guerra civil hasta ahora ha atravesado la Falange."[955]

A situación na JONS de Vigo é de tal gravidade e desorganización, incrementada polo vertixinoso crecemento que se está a experimentar, que o 14 de setembro de 1936 a Xefatura Local ten que ser reorganizada, e para garantir o bo funcionamento da nova xefatura, a Xunta de Mando Provisional designa ao Delegado Nacional Alfredo G. Heredero "para que el tiempo que estime oportuno controle el funcionamiento de esta JONS."[956] Esta situación de descontrol a nivel orgánico prolongarase cando menos un mes máis, ate finais de outubro, no que a nova dirección local da organización con Juan Yañez Tapias ao fronte, faise pouco a pouco coas rendas da organización.

Pois ben, pensamos que este descontrol inicia na organización en Vigo posibilita que sexan as JAP quen leve a iniciativa durante este pequeno lapso de tempo nos aportes tanto de material como de homes ao fronte. A JAP, moito máis asentada que a FE-JONS e sen os problemas organizativos desta, desempeña un papel de importancia capital en Vigo nos 3 primeiros meses de guerra. Ao mesmo tempo, a fuga de militantes que a escala macro se lle atribúe a partir das eleccións de febreiro cara a súa rival non parece experimentarse en Vigo[957], e aínda que si sucede durante os últimos meses de 1936 e ate o Decreto de Unificación, esta non

[954] FDV, 30/09/1936.
[955] Circular núm. 1 da Xefatura de Mando Provisional de FE-JONS do 9 de setembro de 1936. AHPP. Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, pp. 1814-1818.
[956] EPG, 15/09/1936.
[957] Báez y Pérez de Tudela, Jose M., "Movilización juvenil y radicalización verbalista: la Juventud de Acción Popular", *Historia Contemporánea*, núm. 11, 1994.

parece moi significativa, como teremos ocasión de comprobar máis adiante. Sexa como fora é precisamente a situación de debilidade organizativa inicial duns fronte a fortaleza en decadencia doutros o que orixina os enfrontamentos directos que nos primeiros meses de guerra se suceden, de xeito velado, na prensa local.

> "Cuando venga el señorito pregúntale (o, mejor, entérate) si ha empuñado las armas para salvar a España; pregúntale que ha sido y que ha hecho, y si con sus actividades o con su inactividad ha contribuido a deshacer y a envenenar a este pueblo español (…) ponlo en el lazareto y obsérvale. O mejor: no le admitas; de nada te ha de servir, y, en cambio, te va a desprestigiar."[958]

> Son muchos los que critican la acción impasible del ricacho que olvida sus deberes.
>
> Triste manera de pensar, si creen que no existe más riqueza que la extensión de terrenos y los billetes de Banco.
>
> ¡Quién sabe si muchos de estos que tanto critican, tendrán con otras riquezas de otro orden una perfecta posibilidad de remediar males que a la sociedad aquejan! ¿Es que nadie ha pasado que la ignorancia está cumpliendo a las mil maravillas su papel?"[959]

A situación de velado enfrontamento nestes inicios da guerra xa se tiña escenificado simbolicamente a principios de agosto de 1936. A JAP experimenta un proceso de medre, cando menos organizativo, e se aproveita da usurpación dos locais que tiñan pertencido ás organizacións sindicais e de esquerda para abrir novas sedes en Vigo. Neste contexto, o 8 de decembro abre un novo local-cuartel en Bouzas. No acto de inauguración están presentes representantes de todas as organizacións que integran a coalición sublevada, incluso organizacións de carácter sectorial: exército, o crego da parroquia, os carabineiros, a *Guardia Civil*, a *Sociedad de Armadores de Bouzas*, a GCV, os requetés e os Exploradores de España. Pero FE-JONS non está presente como organización, aínda que si fala no acto un falanxista, pero non como falanxista, senón como heroe do Alcazar de Toledo, veciño da parroquia[960]. Pero sen dúbida algunha o conflito máis grave que se produce entre a JAP viguesa e a FE-JONS de transcendencia pública prodúcese a finais de outubro de 1936. Na portada de FDV do 31 de outubro aparece publicada unha nota da *Jefatura Provincial de Milicias* da JAP

> "La Jefatura provincial de las Milicias de la J.A.P. hace saber a todos los obreros de la provincia de Pontevedra que habiéndose recibido en esta Jefatura multitud de consultas sobre si era obligatorio el ingreso en determinadas organizaciones obreras que según el Decreto promulgado por la Junta de Defensa Nacional de España de 25 de setiembre de 1936, no hay obligación de sindicarse, toda vez que el mencionado decreto prohíbe mientras duren las actuales circunstancias todas las actuaciones de carácter sindical así como político, aún descontando los más elevados móviles en las referidas actuaciones.
>
> Por lo expuesto se desprende que ningún obrero está obligado a sindicarse ya que según dice el mencionado decreto en su día el Gobierno que rija los destinos de España sabrá desarrollar la única política y la única sindicación posible en toda la Nación bien organizada.- La Jefatura provincial de la J.A.P."[961]

[958] "Escribiendo la nueva Historia de España… Apostillas a unas palabras del heroico coronel Yagüe", EPG, 24/11/1936.
[959] Servicio de Propaganda y Prensa de la JAP, "Conceptos sociales", EPG, 09/12/1936.
[960] O falanxista que intevén no acto non é outro que Waldino Leirós. FDV, 08/12/1936
[961] FDV, 31/10/1936.

A JAP atacaba de xeito directo a campaña de afiliación e crecemento que FE-JONS estaba a realizar entre os traballadores para encadralos no seu proxecto sindical, a CONS. Esta posición da JAP que posiblemente estea relacionada coa posición da Igrexa e dun sector do empresariado, fai que FE-JONS teña que saír publicamente para dirixirse tanto aos novos militantes da CONS como aos obreiros e aos potencialmente militantes, a informarlles que non existe ningunha disposición oficial que impida a creación e a sindicación dentro das súas estruturas. De feito, terá que ser a Xefatura de Mando Provisional quen interveña. A situación é grave porque afecta a un dos piares do encadramento deseñado pola FE-JONS.

> "CENTRAL OBRERA NACIONAL SINDICALISTA.- Como ya se ha dicho por radio, el Decreto de 25 [de] Septiembre sobre prohibición de actuaciones políticas y sindicales, NO AFECTA A NUESTROS SINDICATOS, los cuales debéis organizar en todas partes, tanto de obreros como de patronos.
> A este particular presentaréis la máxima atención, pues importa controlar la masa obrera llevándola a nuestras filas, con exclusión de elementos sospechosos y procurando siempre que los Sindicatos estén totalmente en nuestr (sic) manos y que no planteen conflictos en tanto dure la guerra."[962]

Como pode verse a orde da Xefatura de Mando Provisional incide exactamente nos mesmos aspectos que fai públicos a Xefatura Provincial de Milicias das JAP, polo que é posible que esta situación sexa un reflexo de algo que está a ocorrer a nivel estatal. De todos xeito, esta Circular núm. 5 fai incidencia, tamén, no obxectivo do encadre da poboación obreira nos sindicatos da CONS: o control. Un control que debe realizarse baixo dous premisas. A primeira, a exclusión de "elementos sospeitosos", nomeadamente unha referencia a poñer atención á infiltración de axentes estraños na nova organización sindical falanxista, algo que como teremos ocasión de comprobar máis adiante, non se produciu, ou de producirse está "atención" foi máis ben leve. A segunda, a consideración da estrutura sindical como mero armazón de encadre, toda vez que a súa actividade, a vixilancia e reclamación de dereitos quedaba aprazada en tanto en cando non rematase a guerra. Esta segunda premisa, que dúbida cabe, si se levou á risca, aínda que a nivel retórico a prensa transmitiu sempre esa compoñente "revolucionaria".

Pero volvendo ás relacións coa JAP. Este conflito por mor da actividade sindical foi a última manifestación pública directa, cando menos na prensa local, entre a JAP e FE-JONS. Aínda así, a encendida defensa da catolicidade de FE-JONS que durante todo o período teñen que realizar os seus propagandistas é probable que estea relacionada con críticas procedentes, entre outros, das JAP. A nivel público a partir de finais de decembro de 1936 principios de xaneiro de 1937, a JAP mantén unha política partidaria da unidade de todas as forzas sublevadas baixo a autoridade incuestionable do Exército.

> "Ahora o nunca. Vivimos ahora en los momentos críticos del "ser" o del "no ser". Ahora o nunca. "Ser" es vencer para siempre y ganar una a una todas las batallas que están planteadas.

[962] Circular núm. 5 da Xefatura de Mando Provisional ás Xefarturas Provinciais de 29 de setembro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1830. Unha vez recibida esta Circular a CONS de Vigo publica unha nota onde aclara, ao igual que a circular, que o Decreto 25 de suspensión de actividades políticas e sindicais non afecta á FE-JONS. EPG, 01/11/1936.

> Nuestros días exigen patriótica pasión, plenitud de vida y voluntad patriótica. Pasó la hora de los partidos políticos. Una sola voluntad. Un solo pensamiento: Dios y España.
> Somos todos hermanos. Boinas rojas, alud de sangre generosa, que acude al corazón de la Patria. Boinas verdes, que proyectan los haces luminosos de la esperanza. Camisas azules, que se confunden con el cielo. Camisas pardas de la JAP, disciplina y espíritu, que semejan la tierra castellana con sus esencias de Hispanidad, el nuevo sentido de la España redimida. Y, sobre todos, el Ejército, los cascos negros del Ejército, donde destella el porvenir de España. Todos hermanos y, como hermanos, colaboradores por una España grande, fuerte, justa, en la unidad política y territorial, socialmente jerárquica y catolicamente religiosa. Por la España IMPERIO. Por la España católica y tradicional.
> Por ese espíritu, millares de los nuestros luchan en todos los frentes, alistados en calidad de voluntarios en las unidades del Ejército, unos; otros en distintas milicias voluntarias, y donde las circunstancias lo consintieron, en las milicias de la JAP:
> Y luchan para que prevalezcan los principios incomparables, que forjan nuestro Imperio, con sacrificio y con sangre, sin pedir aplaudo, como paladines esforzados de la Civilización Cristiana de Occidente, puestos los ojos en el porvenir con los pies arraigados en la tradición."[963]

Pero non só a JAP continúa con importante actividade de encadre despois do golpe en Vigo, outra organización procedente da época republicana tamén desenvolve unha gran labor de encadre, neste caso, sectorial: os *Exploradores de España*.

Esta organización de carácter infantil e xuvenil de interese estatal pola actividade que desenvolvía en relación a educación dos cativos dende 1932, viña de ter recoñecida a súa capacidade para elixir os seus cargos e auto regularse por un Decreto do Ministerio de Instrucción Pública de 2 de maio de 1936[964]. A petición da organización estatal para que o Ministerio adoptara esta resolución estaba fundamentada nos intentos de control da organización por parte "de elementos que por su conducta habían sido separados del movimiento escultista, tanto en Vigo como en otras capitales de la Nación"[965]. Estes elementos pretendían "convertir la Institución en una entidad política o religiosa sin fundamento alguno y en contra de lo más esencial de sus preceptos reglametarios". Como consecuencia deste Decreto a *Dirección General de Seguridad*

"(…) adoptó en el acto las correspondientes medidas de orden y vigilancia para que la labor de los Exploradores de España, no se va entorpecida en los más mínimo por cualquier clase de elementos. Finalmente por la misma Dirección General, ha sido declarado que la titulada Asociación de Scouts Hispanos, carece de todo derecho para inscribirse y funcionar, a menos que sea autorizada por el organismo directivo de Los Exploradores de España, lo que será de todo punto imposible en atención a que en España no existe motivo alguno para producir esa perniciosa división en la juventud."[966]

[963] FDV, 12/01/1937.
[964] *Gaceta de Madrid* núm. 126 do 5 de maio de 1936.
[965] FDV, 19/06/1936.
[966] FDV, 19/06/1936.

Estamos pois ante unha organización composta por cativos e mozos de carácter laico e que trata de divulgar entre outros os valores de compañeirismo, gusto e respecto pola natureza e potenciar a actividade física a través do excursionismo. Unha organización que como se desprende das citas esta uniformada ao estilo dos scouts, e cunha estrutura de organización semiparamilitar. Como vemos, a nivel estético, unha boa candidata para ser integrada dentro das estruturas de encadre, neste caso da mocidade e tamén en competencia coas estruturas de mozos e cativos das organizacións que apoiaban a sublevación: *fechas, chavales e pelayos*. E así foi ate 1938[967].

A organización en Vigo reaparece despois do golpe en setembro de 1936 participando na xura de bandeira pública e colectiva que se organiza o día 14 dese mes, de feito serán os exploradores quen abra o desfile posterior ao acto de xura[968]. A partir deste momento participarán en canto desfile e procesión se celebre en Vigo, sempre abrindo as marchas. Destaca a súa presenza na misa pola honra dos mártires de España no día de defuntos de 1936 onde mobilizan a máis de 90 rapaces[969]. Combínase estas actividades de encadramento político coas propias da organización, as excursións. Non obstante hai unha diferenza fundamental coas mesmas actividades desenvolvidas no período republicano nas que nunca se reflectía símbolo algún político ou relixioso. Agora, en todas as actividades que lle son propias, aparece como constante a celebración dunha misa previa a excursión á que poden ou non incorporar unha charla de carácter político sobre as ensinanzas á mocidade do "Alzamiento Nacional".[970] Destaca a súa convivencia coas organizacións de encadre político social das forzas que participan na sublevación, sen aparente problema. Así o 17 de novembro de 1936, 120 exploradores vigueses participan nunha concentración en Pontevedra xunto cos *Pelayos* da *Comunión Tradicionalista*, e despois da obrigada cerimonia relixiosa desfilaron polas rúas da cidade xunto con carlistas, garda cívica de Pontevedra e JAP[971]. Nótese á ausencia da FE-JONS nesta celebración na capital da provincia.

En marzo de 1937 a organización está nun proceso de crecemento, que con seguridade non espertaba simpatías, especialmente entre os falanxistas. O seu obxectivo nesta fase de crecemento é expandirse ao veciño concello de Lavadores.

> "(...) hay una cantera sublime que, bien encauzada, bien trabajada, puede alimentar, con infinitas savias, las raíces de este tronco que nosotros, válganos la inmodestia, cultivamos con todo el cariño que se merece y de que es digno, ya que, al hacerlo, el bien de la Patria primero y de los hombres después, procuraremos."[972]

Para a súa introdución en Lavadores, os exploradores precisan cartos, xa que para a súa "militancia" é imprescindible o uniforme oficial do grupo, e sendo á poboación de Lavadores de orixe humilde, os rapaces candidatos a ser explorador, non tiñan a posibilidade de mercalo cos seus propios medios. Isto se soluciona co establecemento dunha subscrición, polo tanto coa autorización da autoridade militar. A subscrición comeza o 16 de marzo e a última achega

[967] Seguramente a pervivenza da organización en Vigo en Galiza ate 1938 teña que ver con que o período de maior auxe e apoio estatal foi durante a Ditadura de Primo de Rivera, e na proclamación da República o seu máximo dirixente, Fernando Garcia Molíns, tivo que comunicar a todas as seccións que se debía atacarse o novo réxime.
[968] EPG, 15/09/1936.
[969] EPG, 03/11/1936, 01/12/1936.
[970] EPG, 03/11/1936.
[971] EPG, 17/11/1936.
[972] EPG, 12/03/1937.

prodúcese o 15 de abril. Nela participan 134 persoas que achegan un total de 325,70 pesetas, cantidade moi modesta, pero suficiente para o obxectivo. Con motivo desta subscrición a Comisaría de Vigo dos Explorados fai pública unha nota onde manifesta o obxectivo da súa organización e do escultismo como actividade para os rapaces.

> "Escultismo, es Patria; Escultismo, es Fe; Escultismo, es disciplina. Estos tres conceptos, sin ninguno de los cuales la vida de los pueblos, de los hombres, es imposible se practican en el Escultismo. No es tan solo nuestra misión, con ser importantísima por lo que regenera al cuerpo y al alma el contacto con la naturaleza, el ir de excursión, comer y divertirte los días de fiesta: el desfilar por las calles; no. No es tan solo esta nuestra misión. (...) esta enseñanza nuestra (...) tiene por objeto primordial hacer hombres útiles a su Patria y a sus semejantes, dispuestos al máximo sacrificio por su Dios y por su Nación."[973]

A competencia coas outras organizacións de encadre dos rapaces e rapazas vigueses é evidente. De feito, dende o noso punto de vista, parece como si estivéramos ante a rama infantil-xuvenil doutra organización creada a raíz do golpe, a GCV. O catolicismo como idea central, a inexistencia de referencia calquera ao concepto de revolución, aínda que fóra retórico, o pouso militarista que tamén ten a GCV e as referencias á Ditadura de Primo como un período fecundo a recuperar, fannos soster esta afirmación. De feito, ao igual que lle ocorre á CGV e ás organización de encadre da poboación , o Decreto de Unificación de abril de 1937 é a sentenza de morte dos exploradores en Vigo. En maio de 1937 realizan o seu último acto multitudinario e de carácter oficial –pola asistencia das autoridades civís e militares-, unha concentración de Vigo de exploradores de toda Galicia (estiveron presentes exploradores de Marín, A Coruña e Ferrol, aínda que non asistiron sabemos que a organización tiña "comisarías" en Cangas, Tui, Boiro…) para xurar a súa bandeira publicamente. Este xuramento fíxose

> "(...) ante la gloriosa Bandera de España que, para que fuera lo (sic) verdaderamente autentica, lo hicieron con esa Bandera que los vigueses lucen en las grandes solemnidades tan orgullosos y que aparece desgarrada por varios sitios (labor del tiempo y de la polilla) y que pertenece a los días venturosos de la Dictadura del insigne patricio don Miguel Primo de Rivera, Consejero Nacional de la Institución, que nuestros exploradores pudieron guardar, mimar y adorar cuidadosamente durante los años felizmente pasados de la destrucción y el odio."[974]

A retórica da promesa lembra á retórica dos *flechas* nesa concepción do neno soldado como un home futuro que vai a defender á nova España a través do camiño da loita.

> "(…) los niños de hoy, hombres aptos para la lucha por la vida, soldados de tempo aguerrido e inigualado del mañana, pertenecientes y de reciente ingreso en los Exploradores de España, contestaron con voz enérgica y henchidos de una amor patrio, con un: Si Prometemos, salido de los más profundo de su alma joven (…)"[975]

[973] FDV, 13/03/1937.
[974] FDV, 25/06/1937.
[975] FDV, 25/06/1937.

Pois ben, a partir deste acto solemne da xura de bandeira, a actividade dos exploradores esmorece, á par que a actividade dos *flechas* increméntase, chegando a ter idénticos problemas que os exploradores para dotarse de uniformes, e adoptando unha política identica a aqueles: a subscrición[976]. Só existen dúas referencias máis á actividade dos exploradores en Vigo, as dúas relativas á súa participación en actos de carácter relixioso[977]. A primeira na procesión do Corpus en mario de 1937 e a segunda súa participación nos *Jueves Eucarísticos* en xuño do mesmo ano. Nunca máis volverán a participar nas celebracións das vitorias do exército sublevado, e finalmente o 25 de marzo de 1938, o Xeneral Yuste, xeneral en xefe da VIII Réxión Militar, decide a disolución da organización[978]. As causas que levan a disolución, que en principio só afecta ao territorio da VIII Rexión Militar están expostas na exposición de motivos da orde e teñen que ver con dous aspectos principais. En primeiro lugar trátase dunha organización non tradicional e de ascendencia extranxeira, e polo tanto contraria á nova España.

> "En la España que estamos forjardo a costa de tantos sacrificios y heroísmos, toda institución que carezca de sabor tradicional, y no sea de utilidad tan positica que aconseje conservarla, debe desaparecer. Pues pretender mantenerla como ocurre aquí en Galicia con los Exploradores –moderna institución de origen exótico- es como una encubierta resistencia a lo nuevo y proceder como su nada hubiera pasado en nuestra Patria después del 19 de julio de 1936."979

Despois da excusa ideolóxica, para nada aplicable como vimos aos exploradores, ven o motivo político

> "El puesto de esos muchachos que lucen orgullosos el uniforme de explorador está en las Organizaciones Juveniles de la Falange, ente los Cadetes, los Flechas o los Pelayos, ai por su edad no están aún en condiciones de abandonar esa tropa para ingresar en la de los que luchan y mueren por Dios y por la Patria, como varios de esos exploradores así lo han comprendido y realizado, habiendo dado ya alguno de ellos su vida por nuestro ideal."980

Remata o acto de disolución dos exploradores coa imprescindible consigna dende abril de 1937, "unidad".

Como vemos a integración da sociedade nas estruturas de encadramento foi un proceso múltiple e dinámico onde algunhas destas estructuras foron inicialmente potenciadas para máis tarde ser eliminadas en función de los procesos de asimilación ideolóxica e de integración orgánica nun ente organizacionalmente unitario: a FET-JONS. Estes procesos de asimiación ideolóxica que son obviamente bidireccionais desenvólvense tendo como marco de referencia primeiro a FE-JONS e despois de abril, xa consolidados, a FET-JONS. É

[976] EPG, 13/08/1937.
[977] Isto non quere dicir que os Exploradores non continuasen coa súa propia actividade de excursionismo, como así foi, pero non volveron a aparecer publicamente en actos "oficiais".
[978] Orden de disolución da asociación Exploradores de España en todo o territorio da VIII Rexión Militar do 25 de marzo de 1938. FDV, 27/03/1938.
[979] Orden de disolución da asociación Exploradores de España en todo o territorio da VIII Rexión Militar do 25 de marzo de 1938. FDV, 27/03/1938.
[980] Orden de disolución da asociación Exploradores de España en todo o territorio da VIII Rexión Militar do 25 de marzo de 1938. FDV, 27/03/1938.

precisamente por estes procesos de asimilación ideolóxica polo que determinadas estruturas de encadramento sectorial quedaron ao marxe da integración.

Estámonos a referir á FGP. O papel da FGP tanto no golpe como na súa consolidación e posterior vitoria xa foi analizado no apartado das subscricións, quizais por ese papel de primeiro orde foi quen de manterse durante todo o período cronolóxico estudado ao marxe do complexo unitario conformado por FET-JONS e as súas estruturas satélites. Ao mesmo tempo, tivo a capacidade para crear a nivel interno unha pequena organización, a *Sección Femenina da Federación Gremial de Patronos* (SFFGP) que integrará ás familiares dos patróns nunha estrutura de apoio propia. Hai moi poucas referencias a esta organización, sabemos que se funda a principios de 1937 e que mantén a súa actividade ate a fin da guerra[981]. A súa actividade é de carácter, fundamentalmente, interno, asumindo unha serie de labores que fora da FGP son realizadas pola SF de FE-JONS: costura de prendas para a fronte, traballos de intendencia relativos ás mercadorías que xestiona da FGP… A súa presenza pública é moi limitada aínda que si significativa. Así na viaxe que Pilar Primo de Rivera fai Vigo coa escusa de inaugurar un comedor do Auxilio Social da parroquia de Teis en abril de 1937, tamén visita para cumprimentar, os locais da FGP onde foi recibida pola dirixente da SFFGP, Filomena Aranaz Elices que describiu a labor da organización como

> "En este local sentimos los verdaderos latidos de la Nueva España, que presintió vuestro padre, y de la que fué gran adalid vuestro hermano.
> Por la España Una, Grande y Libre que todos soñamos y por lo que para España representan vuestros apellidos, levantamos solemnemente en este momento nuestras copas con un ¡Viva España! ¡Viva Franco! ¡Viva Jose Antonio! ¡Arriba España!"[982]

Un discurso onde se transloce un resaibo primorriverista que tamén detectamos nos Exploradores de España. Este, ao igual que no caso dos exploradores está intimamente ligado a unha posición católica tradicional nas mulleres da SFFGP.

> "FEDERACIÓN GREMIAL PATRONAL
> Recomienda a todos sus asociados se adhieran al homenaje, que proyecta el pueblo de Vigo, al ilustrísimo Sr. Obispo de Tuy electo Arzobispo de Valladolid, sumándose a la excursión que en el tren especial organiza la Sección Femenina de Beneficencia de esta Patronal."[983]

É certo que coñecemos a moi poucas asociadas a esta SFFGP, tan só 6 mulleres, pero dáse a casualidade que ningunha delas pertence simultaneamente a SF de FE-JONS. Só existe unha coincidencia con outra "militancia" e esta é coa *Junta Organizadora de Conmemoraciones Patriótico Religiosas-Junta de Damas Viguesas Pro-España* (JOPR).

A JOPR é unha organización que nace da man das "mas distinguidas damas de la sociedad" viguesa para organizar os "actos patriótico-religiosos"

[981] Figuran como fundadoras desta organización dúas mulleres con ilustres apelidos vigueses, un deles igado ao mundo das conservas, estamos a falar de María Villavicencio Llorente, a súa sobriña, Maria Villavicencio Pereira e de Angelina Molins Saenz-Diaz. EPG, 07/01/1937
[982] EPG, 09/04/1937.
[983] EPG, 23/03/1938.

"(…) que en adelante hayan a celebrarse con motivo de los sucesivos triunfos que sobre los enemigos de la Patria vienen logrando el heroico Ejército Nacional y las no menos heroicas milicias que le acompañan en su lucha contra el marxismo y la anti-patria."[984]

En realidade as distinguidas damas tan só organizaron un acto de celebración de carácter político, os festexos co gallo do nomeamento de Franco como "supremo Jefe de España" o dia 2 de outubro de 1936[985]. Todo o resto de actos que desenvolven son de carácter relixioso e os preparativos para os festexos ante a inminente toma de Madrid en novembro de 1936, que loxicamente non se levaron a cabo. O interesante da organización volve a ser que non existe ningunha das súas militantes, coñecemos tamén poucas, 24, que compaxiean a pertenza á JOPR coa militancia na SF. Pero, de novo, volve a haber unha simultaneidade de militancia, neste caso, coa antiga Sección Feminina da URD.

Esta ausencia de coincidencias entre a militancia destas dúas organizacións e a SF de FE(T)-JONS parecen indicar que existiu unha alternativa ao encadramento das mulleres na SF. Unha alternativa dende as posicións dereitistas clásicas e ultracatólicas con altas doses de elitismo que non atopou acomodo da SF, e que ao mesmo tempo desenvolveron unha labor que superaba o marco para o que estaba pensada a alternativa católica de encadramento das mulleres, a *Acción Católica Feminina*.

Aínda que a SFFGP mantivo a súa actividade sen necesidade de integrarse nas estruturas unitarias de FET-JONS durante todo o período da guerra, a JOPR desaparece en novembro de 1936 despois da falsa alarma da toma de Madrid e ante o empuxe dese tipo de celebración que xa comentamos, das celebracións organizadas de xeito "espontáneo", das que tanta propaganda podíase sacar e aínda se saca.

Quédanos por analizar unha soa organización antes de entrar de cheo da FE(T)-JONS, a GCV. Numericamente é a segunda organización no Vigo post golpe e supón unha clara alternativa de encadramento na retagarda a FE-JONS. Pensamos que a orixe deste grupo está na necesidade manifestada na sesión da CXMV do 26 de xullo de 1936 xa mencionada, e onde se reclamaba a creación de "rondas de vecinos [que] circulen por las calles para investigar (…) estableciendo una especie de control (…)"[986]. Misión inicial que lle outorgaba a Comisión Xestora era o control do funcionamento dos servizos, pero tamén, e ante a disolución da policía municipal, o control da seguridade cidadán que finalmente se lle encarga ante a inexistencia de calquera outro grupo con capacidade a FE-JONS[987]. Uns días máis tarde da aprobación desta medida, crease oficialmente a GCV. En concreto o 18 de setembro de 1936. Polo tanto a creación da milicia obedece á imposibilidade das autoridades municipais de controlar o seus propios servizos, naquel momento ante a persistencia da folga xeral, e á necesidade de contar cun corpo paramilitar por riba da policía municipal que se encargue da seguridade cidadán no día a día. Ao mesmo tempo, pasará a desempeñar unha función de mobilización da retagarda –e aquí onde entra en competencia coa FE-JONS- en colaboración tanto co Exército como coa *Guardia Civil*.

[984] EPG, 24/09/1936.
[985] EPG, 02/10/1936.
[986] Actas da CXMV do 26/07/1936, AMV, 70.1.
[987] Actas da CXMV do 04/09/1936 e EPG, 06/09/1936.

"La traición y complicidad de unos malos españoles, esclavos del oro y del marxismo ruso, ha traído a nuestra Patria una guerra salvaje, llena de crímenes horrendos, familias enteras asesinadas con la más refinada crueldad, dinamita, incendio, por todas partes la muerte la destrucción y la ruina.

Este cuadro desolador presentaría nuestra ciudad, según los siniestros propósitos de los marxistas, si el recio temple, la capacidad y previsión del Comandante Militar de la Plaza no lo hubiera evitado, ese Sr. Comandante tan bien secundado por sus valeroso Capitanes y soldados, y seguido de la heroica Guardia Civil, de la Marina y de Carabineros leales a España con las fuerzas de Asalto.

(...)

El ofrecimiento y servicio individual poco valen y nada resuelve; todos debemos defender a cada uno, todos debemos defender a Vigo y a Galicia, todos debemos defender a España.

Por eso la Guardia Cívica de Vigo es una agrupación organizada de ciudadanos que se ponen al servicio y en relación, del Ejército liberador de España y de la benemérita Guardia civil, (...) con la misión de defender la vida, la hacienda, la religión, el orden y la autoridad de un pueblo.

La Guardia Cívica se compone de hombres honrados de todas clases sociales, sin matiz político (...)"[988]

O que así fala non é outro que Alfonso Crespo, Comandante da GCV e o xestor que na sesión do 26 de xullo propón a creación de grupos de cidadáns que controlen, patrullen e vixíen o cumprimento dos servizos municipais[989]. A relación entre as carencias manifestadas naquela sesión da xestora e a fundación da GCV son obvias ate no promotor das iniciativas. Nace, pois, a GCV como

"(…) agrupación Civil organizada militarmente y al servicio del Ejército libertador de España y como auxiliar de la Guardia Civil y fuerza pública para defender la Patria y la civilización cristiana contra el comunismo y la barbarie de la invasión rusa."[990]

Os aspirantes a gardas cívicos tiñan que ter máis de 35 anos e que as súas circunstancias familiares e ocupación nas industrias e comercio lle impediran desenvolver tarefas na fronte[991]. Polo tanto estamos ante unha organización pensada para adultos que ademais se caracterizan por desenvolver, en principio, unha actividade profesional concreta, industriais e comerciais. Exclúense para integrar a organización a calquera persoa que tivera formado parte de calquera organización vinculada coa FP ou co *Partido de Centro* de Portela Valladares[992]. Como veremos máis adiante isto a nivel práctico non foi así, e entre os membros da GCV figuraron militantes de todo ou case todo o abano ideolóxico das forzas que integraron a FP. A organización terá unha estrutura interna de carácter militar asimilándose á estrutura dun batallón de infantería, cos seus mesmo mandos que procederán, de ser posible do exército ou

[988] FDV, 19/09/1936. O texto, parte do discurso de Alfonso Crespo, será despois publicado como "exposición" no regulamento da GCV.

[989] Alfonso Crespo Martínez, comandante de infantería, xa fora concelleiro na corporación municipal republicana a principios de 1936 por designación gubernativa. Estará presente nas tres comisións xestora que se suceden durante todo o período cronolóxico estudado é en xaneiro de 1939, ademais, será nomeado Xefe da Secretaría Provincial de Orde Publica. BOPP, núm. 17, do 20 de xaneiro de 1939.

[990] Artigo 1 do regulamento da CGV. Guardia Cívica de Vigo, *Reglamento*, Vigo, Imprenta Rápida, 1937, p. 7.

[991] Artigo 1 e 2 do regulamento da CGV, pp. 7-8

[992] Artigo 4 do regulamento da CGV, p. 10.

en caso contrario deberán ser formados en instrución militar. Consecuentemente o mando da milicia será único e exercido, en todo caso, por un militar en activo ou retirado[993].

Aínda que en todo o regulamento non existe ningunha referencia a unha posición ideolóxica fascista ou para fascista, tan só a que acabamos de expoñer de defensa da patria e da relixión cristián, que en ningún caso pode ser considerada fascista ou similar, si se adopta a simboloxía fascista nos saúdos entre gardas e superiores.

> "De paisano, cubierto o descubierto, el saludo se hará a la romana, levantando el brazo derecho hacia adelantes en forma que la mano, extendida con la palma hacia abajo y con los dedos unidos, quede a la altura de la frente"[994]

Outra vez o baleiro ideolóxico acompañado de simboloxía fascista.

A organización conta dende a súa constitución formal o 20 de setembro de 1936 con 518 membros, aínda que segundo afirman houbera 250 solicitudes máis que quedaron sen formalizar por considerar que o número dos inscritos era suficiente para a labor a realizar[995.] De feito, a partir deste momento péchanse os novos ingresos, circunstancia que só se verá modificada en marzo de 1937 coa apertura dun novo proceso de afiliación.[996] Consecuentemente coa extracción social dos seus membros, que veremos en detalle máis adiante, a GCV ten unha rede de apoios que lle fornecen de recursos, entre os que cabe citar ao *Círculo Mercantil de Vigo*, a *Sociedad Gimnasio*, o *Centro Compostelano* e o ourensán, que lle ceden os seus locais en caso de necesidade[997]. A nivel organizativo a GCV presenta unha estrutura funcional, baseada en servizos, totalmente supeditada ás misións de represión e vixilancia de enclaves considerados estratéxicos na cidade. Os enclaves aos que se lles presta atención, no que eles mesmos denominan Servizo de Armas, van dende lugares públicos de concentración de cidadáns (Praza de Urzaiz, Porta do Sol, Santa Rita, rúa de Peniche), edificios con gran carga simbólica (Consulado alemán e consulado italiano), importantes arterias de comunicacións da cidade (Rúa Urzáiz e Calzada de Teis) e outros lugares relativos a comunicacións e de alto valor económico (Estación de Ferrocarril, e peiraos). Tamén con valor estratéxico desempeñaban a vixilancia do Hospital Militar de Bella Vista e máis do Depósito de auga que fornecía á cidade. Esta misión de vixilancia complétase coa de represión que posiblemente se realizara a través da presenza dun retén de cívicos tanto no Cuartel da *Guardia Civil* de Bouzas como no de Lavadores e dende abril de 1937 unha sección motorizada.[998]

Pero ademais desta presenza constante nos cuarteis da *Guardia Civil* que lle outorga esa posibilidade de participar xunto cos integrantes do instituto armado directamente nos asasinatos de inimigos políticos, a GCV realiza unha misión que será un dos puntais da represión ao conxunto da cidadanía: a censura. Estas tarefas, integradas no que eles denominan *Servicios Especiales* serán realizadas por dous grupos de 26 cívicos cada un que se dedicarán, fundamentalmente, en quedas de mañá e tarde, á censura postal. Estes grupos

[993] Artigo 9 do Regulamento da CGV, p. 16.
[994] Artigo 28 do Regulamento da CGV, p. 26.
[995] FDV, 22/09/1936.
[996] FDV, 19/03/1937.
[997] FDV, 25/10/1936.
[998] EPG, 11/04/1937.

estarán integrados por individuos con coñecemento de idiomas, principalmente o inglés[999]. Unha proba máis de que estamos ante un grupo socialmente de elite. Completan as labores de censura outro grupo de 10 cívicos que se dedicarán á censura telegráfica, telefónica e da prensa escrita. Da importantísima labor na represión que xogou censura postal, fálamos un informe de FET-JONS, concretamente un informe das actividades do seu servizo de información. No informe que abarca dende setembro de 1937 e decembro de 1939, afirmase que "en vista de que sin intervención en la censura postal no había forma de nada positivo"[1000] e continúa, "El Secretario Provincial, dos Agentes y yo, nos hicimos censores y eso dio por resultado el obtener (entre otros) la carta que personalmente entregue en la visita a esta que trataba de un atentado contra el Generalísimo, fraguado en la América del Sur. (…) Tenemos clasificados como verás en la memoria, bastantes cartas de toda España, pero sobre todo de Cataluña." Unha boa mostra da importancia de manter este servizo nas mans da GCV.

Esta labor represora coa súa presenza nos cuarteis da *Guardia Civil* e a asunción dos servizos de censura, será completada coa súa participación, como oficiais de prisións voluntarios, na vixilancia e custodia de presos. Compréndese, deste xeito, as facilidades desta organización para colaborar nas sacas de presos que se cometen ao longo do período.

O transcurso dos meses e a "normalización" da situación na cidade en vez de reducir os servizos que prestaba a garda cívica, os incrementou. En marzo de 1937 se lles encargará tamén a vixilancia da Delegación de Facenda e en abril se lles habilitará para realizar requisas da prata agochada nas vivendas dos cidadáns[1001]. Aproximadamente ate agosto de 1937 –xa co nome de Milicia Nacional de Segunda Liña- participan uns 170 cívicos nos servizos diarios desta organización o que da conta do nivel de "militarización" da sociedade, máis si lle engadimos os máis de 90 falanxistas que tamén prestan servizo de rúa de xeito simultáneo.. Conta FDV que esta importancia na retagarda da GCV fixo que incluso nalgunha *emisora de la zona roja*" falasen sobre eles, atribuíndolle un importante papel na coacción dos cidadáns máis xoves para que se enrolen no exército sublevado. Independentemente de que a nova sexa o non certa, deu pe para que o xornal fixera un exercicio laudatorio da súa actividade.

> "Este admirable cuerpo (...) cuyos jefes han sido felicitados por el Alto Mando, que lo han revistado en sus visitas a nuestra ciudad, después de una instrucción militar a la que sus componentes se han sometido con ejemplar patriotismo y entusiasmo, tiene hoy a su cargo el cumplimiento de numerosos servicios de la retaguardia.

[999] De Castro, Manuel [Handicap], "En la retaguardia. Del engranaje de la guerra", FDV, 06/01/1937.

[1000] Memoria correspondiente al año 1939. Servicio de Información e Investigación de FET-JONS, Delegación Provincial, 22 de enero de 1939, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia (1937-1947) caixa, 190, pp. 815-825

[1001] EPG, 07/0/1937 e FDV, 04/04/1937. Precisamente nese papel na requisa de prata os cívicos terán una destacada participación no acoso ao que as autoridades realizan a unha parte da importante familia conserveira dos Curbera (lembrar que un dos membros da familia forma parte destas mesmas autoridades, un tal Javier Sensat Cubera). En concreto, nada máis obter a autorización para participar na requisa de armas, o 7 de abril de 1937, os cívicos preséntanse para un rexisto na casa de Julio Curbera Fernández, irmán do responsable das empresas Curbera, en actitude que o propio Julio define como chulesca e irrespetuosa para provocar un incidente con que poder denuncialo, como de feito sucedeu. A denuncia foi por resistencia á autoridade "*falta de obediencia y de consideración*". Na resolución do expediente, no que se sanciona a Curbera ao pago de 2.000 pesetas, o propio instructor trasloce a verdadeiras intencións dos que acoden ao chalet de Curbera a facer o rexistro: "(…) precisa llamar la atención del funcionario que redactó el presente atestado y de los Guardias de Seguridad y Cívicos al hacer la comparecencia, para que en lo sucesivo reflejen en forma concreta e inteligible cualquier suceso o diligencia en que intervengan, pues en el presente caso incurren en contradicción por defecto de expresión y sólo se deduce del atestado la falta de obediencia y de consideración, sin puntualizar ni aclarar en cuanto al objeto principal del registro, olvidandose (sic) de inquirir cuantos extremos afectan a la tenencia de moneda extrajera por lo que se dificutan ulteriores actuaciones." Notificación 345 do Concello de Vigo, do 16 de abril de 1937, AMV, ALC-20)

> Bajo el mando de dignos jefes y oficiales del Ejército ellos tienen el Control (sic) de Correos, Telégrafos y Teléfonos. Y auxilian con entusiasmo a las fuerzas de la Guardia civil y de la Guardia de Asalto.
> No solo animan el ambiente patriótico en estos meses de recuperación de la Patria, con sus marciales desfiles, sino que son unos sensatos auxiliares mantenedores del orden y de la organización ciudadana de Vigo y de sus inmediaciones."[1002]

Pero, quen constituía esta milicia? Na nosa base de datos cónstannos 794 garda cívicos, pero só temos datos da súa extracción socio profesional para 303, o 38,16 %. Aínda así, pensamos que sen ser definitivas as conclusións que se poden extraer, si apuntan cando menos unha posible tendencia. Faremos a análise a partir das mesmas categorías empregadas noutras ocasións na presente investigación.

Gráfico 36
Extración socioprofesional da GCV



Elaboración propia a partir do baleirado FDV e EPG entre o 19/09/1936 e o 12/10/1937

Hai varias cousas que destacar da información do Gráfico 36. En primeiro lugar, reflíctese un incumprimento dos propios estatutos ao figurar entre os seus membros estudantes, que presupoñemos que son menores de 35 anos, a idade mínima para a afiliación. É certo que a súa porcentaxe é moi pequena, o 1,98 %, pero existen. Non será o único incumprimento que veremos. En segundo lugar, e moito máis interesante é a alta presenza de afiliados traballadores por conta allea, o 38,28 % do total. E aínda que os profesionais liberais, a maioría médicos, e os empresarios, tanto do comercio como industriais, suman o 55,45 % dos membros con profesión coñecida, o certo é que a porcentaxe de traballadores por conta allea, dadas as características da organización que describimos, resulta, en principio, demasiado alto. Non obstante si indagamos nese epígrafe a cousa matízase. O Gráfico 37 mostra como estes traballadores son maioritariamente traballadores do sector servizos, que superan o 50 %

1002 "Las emisoras rojas. Los servicios de esta admirable milicia ciudadana. Aluvión de nuevos inscritos", FDV, 18/03/1937.

do total. Ademais existe unha porcentaxe alta de funcionarios, o 14,66 % , mentres que os traballadores por conta allea do sector secundario só representan o 31,90 % dese 38,38 % total.

Desta configuración socio profesional resulta unha organización urbana (o peso do rural é insignificante) composta maioritariamente por empresarios industriais e do comercio (40,25 %), polo tanto cunha maioría ampla dun sector moi concreto da sociedade viguesa. A este hai que engadir unha alta presenza de profesións liberais e de funcionarios que sumados acadan o 20,72 % do total coñecido.

Gráfico 37
Composición dos traballadores por conta allea



Elaboración propia a partir do baleirado FDV e EPG entre o 19/09/1936 e o 12/10/1937

Os datos dos que dispomos a procedencia partidista dos membros da milicia son moi escasos, polo que non permiten nin sequera esbozar unha posibilidade cun mínimo de rigor. Temos 5 membros que proceden do PCR e 10 da URD, pero tamén, nos aparecen antigos militantes anarquistas, socialistas, galeguistas, agrarios e republicanos (a maioría do PRR). Precisamente por isto dicíamos antes que a condición de non ter pertencido as organizacións integrantes na FP non se cumpriu. Operan tamén na GCV os salvadores? Como José Albalde González, socio da libertaria, *Agrupación Cultural El Libro* de Sárdoma puido afiliarse á GCV? Ou José María Colmeneiro Rey, membro da sección de arte, cultura e fala do *Grupo Autonomista Galego*? Que fan Enrique Giménez Iglesias, Emilio Rey Abuin ou Abraham Soriano Paz, sindicalistas da UGT na *Guardia Cívica*? e Gerardo Villar Vázquez, vogal de *Unión Republicana*? Non o sabemos, pero todos están na GCV e ningún deles se integra en FET-JONS cando a GCV desapareza. Pode que algún deles como o médico José María Colmeneiro tiveran unha evolución cara posicións neo tradicionalistas como lle aconteceu a outros que procedían do galeguismo, ou pode que para outros a súa presenza fóra unha estratexia de supervivencia consentida polos mandos da GCV. En todo caso, volve a manifestarse a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

complexidade das supervivencias e os múltiples camiños que aqueles que viron ameazadas as súas vida tiveron que percorrer.

En todo caso, o Decreto de Unificación fai que a GCV desapareza. Pero xusto despois da promulgación do Decreto, a GCV aínda fixo un acto público con tal organización. Foi un acto de entrega á milicia dunha bandeira bendicida polo Bispo de Madrid-Alcalá. O acto en si carece de interese, pero si é importante quen actúa de madriña cos cívicos. Trátase de Corona García, o nome non di nada, pero si o cargo que desempeña. Corona é a tesoureira da *Junta Organizadora de Conmemoraciones Patrióticas*. Visibilízase unha nova conexión entre todas estas organizacións que actúan sectorialmente ao marxe de FE(T)-JONS nos procesos de encadramento da poboación nos primeiros tempos da nova España. No seu discurso volven a reflectirse os elementos forza do discurso de todas estas organizacións: patria tradicional e relixión.

Otra vez como en el siglo XVI, la Providencia ha señalado en esta hora histórica que sea España la valiente defensora del cristianismo y su civilización humana y espiritual contra la barbarie Rusa brutal y materialista, y que sea la España blanca, la España liberada, la vencedora de esos políticos malvados y traidores que han abierto las puertas de nuestra Patria a los forajidos y criminales de todos sus países.
No importan, los venceremos siempre, que llevamos en nuestras venas la sangre de Numancia y Zaragoza, de los defensores de la Capital de Asturias y del Alcázar de Toledo.
Caballeros de la Guardia Cívica, os entrego ya, la Bandera de España, que es el símbolo de la Patria, y Religión, Familia y Justicia, recibida esta Bandera con respeto y emoción, conservadla con la dignidad y el honor de vuestras acciones y defenderla hasta perder la última gota de vuestra sangre.
Viva España!"[1003]

Menos dun mes despois da entrega da bandeira, a GCV desaparece como tal adoptando o nome de *Milicia Nacional de Segunda Linea* o 12 de maio de 1937[1004]. Non obstante non duraría moito tampouco con este nome e o 11 de outubro celebrarase o acto de disolución[1005].

Antes de cesar en el mundo (sic) de esta unidad, que se organizó como auxiliar del Glorioso Ejército (...) he de hacer unas consideraciones (...):
Unificación.- Unificación pide nuestro Jefe del Estado y caudillo salvador de la Patria; por gratitud, por lealtad debemos disponer con decisión nuestro ánimo a la obediencia y entregar nuestra voluntad a su deseo y mandato (...)
Vosotros a su tiempo y voluntariamente habéis tomado vuestra disciplina y servicio a medida de vuestras edades y circunstancias y hoy que las necesidades de la guerra, continúan, habréis de seguir también con vuestra tarea que por callada no es menos importante. Lo desea el Caudillo que es Jefe de Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S. que personifica el espíritu y forma del Movimiento Nacional y ha de ser nuevo estímulo para la antigua Guardia Cívica de Vigo pertenecer a la Milicia Nacional de Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S. (...)

[1003] EPG, 27/04/1937.
[1004] EPG, 12/05/1937.
[1005] FDV, 12/10/1937.

> La doctrina patriótica y renovadora para constituir la España Grande, Libre e Imperial que anhelamos, es el contenido y substancia de Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S., organización instituida por el Caudillo como garantía de continuidad política orientadora del Movimiento cuya misión es ser lazo de unión entre la Sociedad y el Estado con la viva adhesión del pueblo. Los buenos españoles tiene que incorporarse todos al Movimiento Nacional."[1006]

Daniel Buhigas, Xefe Provincial de Pontevedra de FE-JONS no momento do golpe de estado alertaba á toda a organización provincial, menos dun mes antes de consumarse, das funestas consecuencias que podería ter apoiar movementos "estraños" que tiveran como obxectivo a destrución do réxime republicano.

"La participación de la Falange en proyectos premaduros y candorosos constituiría una
> gravísima responsabilidad y arrastraría su total desaparición aun en caso de trinfo (sic), porque tales movimientos seguidos por políticos, no conducirían a más que a convertirnos en una fuerza de asalto, ahora de milicias juvenil, destinada el día de mañana a desfilar ante los fantasmones encaramados en el Poder"[1007].

Non advertía da derrota ou do que significaría embarcarse en aventuras golfistas con poucas probabilidades de éxito, advertía do que podería ocorrer en caso de trunfo. O 20 de xullo, como xa vimos, FE-JONS lánzase sen titubeos ao apoio das forzas militares e da *Guardia Civil* sublevadas. A partir deste intre a organización atópase cunha serie de problemas, algún como o caos organizativo xa o comentamos, como consecuencia, fundamentalmente do seu rápido crecemento. Esta situación, vimos tamén, que foi posta de manifesto pola *Jefatura Provisional de Mando*, e que precisou no caso concreto de Vigo da súa intervención, quedando a organización "controlada" por un conselleiro nacional. Isto, evidentemente, reflicte a existencia de problemas que afectan á local de Vigo, pero por riba destes problemas segue a manifestarse un problema moito máis grave que afecta a toda a organización, a Vigo tamén, loxicamente.

O problema fundamental que afecta á organización no seu conxunto é que a conxuntura bélica e política obrígalle a tomar dúas posicións que son en si mesmo contraditorias, e que á vez marcarán o futuro da organización. Como dixemos, en primeiro lugar constátase o espectacular crecemento, que dende a territorial de Galiza, atribúese á "supresión de la censura para nuestra propaganda y especialmente por nuestra heroica actuación"[1008]. Isto orixina que dende os mandos da organización insístase na necesaria formación dos novos militantes, que deben saber "en todo momento a que atenerse; (…) cuales son nuestros postulados y cuales son nuestros fines" ante o risco de desnaturalización da organización. Non obstante, esta labor formativa redúcese a facer chegar aos novos militantes "cuales son

[1006] FDV, 12/10/1937.
[1007] Borrador de Círcular Urgente e Importante a todas las J.O.N.S. de 27 de Junio de 1936, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1951, caixa 181. p. 59
[1008] Circular da *Jefatura Territorial de Galicia* ás *Jefaturas Locales* do 1 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1870-1872.

USC COMPOSTELA

nuestros postulados y cuales nuestros fines", facendo especial mención, aos recursos meramente simbólicos[1009].

"(…) que al recibo de ésta circular convoques a todos los Jefes de J.O.N.S. de tu provincia y le exijas preste el juramento de la Falange para lo cual te adjunto un ejemplar de la fórmula reglamentaria, juramento que, además de verbalmente, prestará por escrito, advirtiéndole que todo aquel que las vulnere será considerado como un traidor a la causa y tendrá el castigo merecido.

Los Jefes de J.O.N.S. tendrán que exigirlo a su vez a todos los militantes sujetos a su jurisdicción, sin excepción alguna, ya que si alguno lo ha prestado con anterioridad lo renovará. Ordenarás a dichos Jefes que, una vez por mes, recuerden a todos el juramento prestado, leyéndoselo de nuevo para que no lo olviden, que solo se sirve a la Falange con disciplina, que es obediencia y que es fé."[1010]

Considera a *Jefatura Territorial de Galicia* que esta fórmula empregada restablecerá "la esencia de nuestro movimiento". [1011] En resume ante o crecemento da organización a dirección constata a posibilidade dunha perda de identidade e pon como remedio desta posible situación a realización dunha serie de "actos litúrxicos". Independentemente de si se considera que a medida adoptada remedia a situación de posible perda de identidade creada pola gran afluencia de militantes novos o non, isto foi o que se fixo.

En suma, constátase un crecemento espectacular que provoca nas estruturas da organización unha potencial ameaza de perda de identidade. A solución aportada incide no encadramento das novas incorporación a través a liturxia típica falanxista.

O propio *Xefe Provisional* é consciente que o crecemento experimentado pola organización dende o golpe de estado orixina problemas na organización

"Nuestra Organización ha tenido un crecimiento rapidísimo: todos lo sabéis. Y cuando una criatura crece rápidamente, cuando un muchacho se hace hombre de súbito, sus músculos no pueden seguir el ritmo del crecimiento y al principio padecen una laxitud que sólo más tarde desaparece, con el ejercicio de la vitalidad, recobrando el organismo sus formas y su vigor definitivos. Algo semejante ha pasado en FALANGE ESPAÑOLA. Debido al rápido crecimiento no somos todavía una organización perfecta. Hay muchísimas cosas que se pueden mejorar y que se mejorarán."[1012]

Pero ante esta situación a opción que se adopta é unha fuxida cara diante ante as necesidades que os militares demandan de novos aportes de carne de canón. A mobilización da mocidade pasa a ser unha prioridade absoluta que deixa nun segundo plano calquera outra consideración.

[1009] Circular da *Jefatura Territorial de Galicia* ás *Jefaturas Locales* do 1 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1870-1872.
[1010] Circular da *Jefatura Territorial de Galicia* ás *Jefaturas Locales* do 1 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1870-1872.
[1011] Circular da *Jefatura Territorial de Galicia* ás *Jefaturas Provinciales* do 1 de outubro de 1936.AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1870-1872.
[1012] EPG, 01/01/1937.

"La consigna de la hora es lograr el mayor reclutamiento de hombres para nuestras milicias. El honor de Falange, comprometido con el Generalísimo, lo exige. Te pido por consiguiente que de una manera personal ayudes a las Jefaturas de milicias a lograr, en todos sus aspectos, que la movilización sea numerosa, se haga pronto y resulte tal como Falange desea."[1013]

Ao mesmo tempo a análise que se fai dende a local de Vigo, sen contradicir, por suposto ao *Jefe Nacional*, aporta unha visión máis concreta dende a retagarda.

"Sabias palabras que merecen meditarse y no olvidarse. Con ellas se puede contestar perfectamente al enemigo que acecha y no pierde ocasión de atacar. Quizá nuestras deficiencias "por crecimiento rápido" sean una de las razones que con más fruición esgrimen."[1014]

Estas son as dúas posicións contraditorias que FE-JONS adopta: por unha banda a constatación de que o gran aumento de afiliación está a producir unha desnaturalización da organización, e, de outra banda, a insistencia ante a conxuntura bélica e os reclamos do Exército de aumentar a remisión de voluntarios falanxistas ao fronte. Esta contradicción maniféstase á perfección na caracterización que fai Aurora Artiaga cando analiza a primeira mobilización cidadán dos sublevados

"Pero foi o propio e imprevisto fracaso da acción golpista e a súa deriva nunha guerra que pronto se advertiu de longa duración o que modificou a perspectiva inicial dos sublevados respecto da colaboración popular no esforzo bélico."[1015]

Así a colaboración na mobilización inicial fixo que dende a FE-JONS se comezase a constar que o incremento descontrolado da afiliación orixinaba ou podía orixinar unha perda de identidade que podía constituír un arsenal para os ataques de competidores. Aínda así, e ante a disxuntiva de manter o esforzo mobilizador ou asegurar a integridade ideolóxica da organización, FE-JONS obta por manter como obxectivo prioritario a captación de novos membros. O conflito interno está servido. De feito na mesma circular que se establece como obxectivo prioritario a captación de novos afiliados e o seu encadre nas milicias con destino ao fronte, constatase xa a presenza de "emboscados" entre os militantes da organización.

"He comprobado que en Galicia urge restablecer la moral que es base de nuestra organización. Para ello procederás a evitar que permanezcan emboscados en la retaguardia, ocupando puesto o destinos que fácilmente desempeñarían los camaradas de Segunda Línea. En Falange ni puede ni debe haber emboscados. Precisamente ahora que vamos a realizar una movilización que muestre nuestra fuerza se precisa que no queden lejos del frente ningún falangista que por su deber debe estar en él."[1016]

[1013] Circular da *Jefatura Territorial de Galicia* á *Jefaturas Provinciales de Pontevedra* do 16 de decembro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1888-1890.
[1014] EPG, 01/01/1937.
[1015] Artiaga, Aurora, "<<Todo por España y España para Dios>>. A Bandeira Legionaria Gallega de Falange Española na Guerra Civil", en Grandío Seoane, Emilio, Axeitas, Xose L. e Villares, Ramón, *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, p. 22.
[1016] Circular da *Jefatura Territorial de Galicia* á *Jefaturas Provinciales de Pontevedra* do 16 de decembro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 1888-1890.

A partir deste momento a unidade da organización queda fendida: "emboscados" e bos falanxistas; "cucos" e militantes disciplinados; camisas vellas e novas camisas; falanxistas puros e impuros.

> "Cuando en Falange queden únicamente los puros, los no contaminados, los que sienten a Falange como algo integrante de su ser, ese día las gentes tendrán que descubrirse ante los que llevan grabado a fuego sobre su pecho las cinco fechas y el yugo, despreciando a todos los que al oído van vertiendo ironías y diciendo reticencias"[1017].

Esta situación de división interna non so ten un reflexo na prensa, o que podería ser interpretado unicamente como unha advertencia cara aqueles que se queiran aproveitar da organización, non, internamente a situación é complexa.

> "Diversas incidencias, que llegan hasta la Jefatura de la Junta de Mando provisional, acusan la presencia de un posible mal interno, que puede minar el espíritu fraternal y de compañerismo, que hizo invencible a la Falange, aun (sic) en los dias (sic) de máxima represión contra nosotros. Parece ser, que para los cargos de algunas provincias, se prefieren a camaradas de la última hora, sobre aquellos de probada abnegación y desinterés, demostrados en los tiempos difíciles. Ciero (sic) que para los cargos de responsabilidad, hay que buscar a los falangistas capacitados, sea cual fuere su antigüedad en nuestras filas. Pero en casos de igualdad de méritos y capacidades, deben los Jefes territoriales y provinciales, preferir siempre a los "camisas viejas", que están compenetrados con el nacional-sindicalismo. Nada que más pueda desmoralizar a nuestros compañeros, que determinaciones caprichosas imposibles de cohonestar, con el espiritu (sic) de severa justicia y de riguroso reconocimiento de méritos, que fueron normas de la Falange, cuando sobre todos existía la autoridad indiscutible de nuestro Jefe Nacional."[1018]

E de novo ante a constatación dun problema interno evidente a solución que aporta a *Jefatura de Mando Provisional* da organización apela a consideracións simbólicas: responsabilidade, honra e "sentido falanxista".

> "Este problema delicado no puede ser objeto de regulación por preceptos o normas concretos. Es el sentido de responsabilidad de los Jefes, en todas las jerarquías, el que debe mostrarse, superando motivos personales, simpatías (sic) y hasta sentimientos. A su honor, a su interpretación falangistas del deber acudo, para que con el máximo cuidado procuren siempre, que cuando el interés de España y de Falange no sufra, sea preferido un camarada apto de historial inmaculado y antiguo, a aquel otro que pudiera haber llegado a nuestras filas arrastrado por la atracción del éxito."[1019]

No Gráfico 38 pódese ver o incremento de afiliación para Vigo durante o ano 1936. Un 219 % no conxunto dos 5 últimos meses de 1936, cun pico mensual en setembro do 105,40 % de

[1017] EPG, 18/11/1936.
[1018] Circular núm. 8 da *Jefatura de Mando Provisional* ás *Jefaturas Provinciales* do 16 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, p. 1810.
[1019] Circular núm. 8 da *Jefatura de Mando Provisional* ás *Jefaturas Provinciales* do 16 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, p. 1810.

crecemento, que como se pode ver no Gráfico é o mes de crecemento máximo. Este incremento, conta ademais, con algún atranco inesperado. O Xefe Local de Lavadores contesta á circular da Xefatura provincial sobre o estado da organización nas diferentes vilas e cidades a finais de setembro de 1936:

> "[Ao] encomendársenos hace un mes la organización de la J.O.N.S. de este Ayuntamiento, nos encontramos en la masa general del pueblo, con un ambiente hostil, por ser este, el principal foco marxista de la Provincia.
> En las parroquias donde impera el elemento agrario, la gente no era marxista, encuadrados en la JAP.
> En el Ayuntamiento, el Delegado de Orden Público y presidente de la Gestora enemigo de Falange"[1020]

Pero esta situación que os falanxistas definen como ambiente hostil non só se produce en Lavadores, a organización en Teis, que funciona de xeito autónomo pola súa condición durante uns meses de concello independente, tamén manifesta os problemas de hostilidade coa poboación na súa labor cotián[1021].

> "Nuestra J.O.N.S. radica en una zona envenenada por las ideas marxistas, en donde tenemos muchos enemigos que no nos conocen y otros que, aún conociéndonos, no nos ayudan como nosotros deseamos. Nuestra misión es laborar por la causa de Falange, que es la de España y estar dispuestos a aceptar cualquier misión que se nos ordene por nuestros jefes y superiores."[1022]

Outra vez, igual que cando falamos das subscrición patrióticas ou da folga xeral convocada para loitar contra o golpe de estado sobrevoa sobre o relato o tema da pasividade como unha estratexia de resistencia, desta vez identificada como "un ambiente hostil" ou "no nos ayudan".

[1020] Contestación á Circular do 17 de outubro de *Jefatura Provincial* a *Jefaturas Locales*, do 17 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, pp. 2002-2003.
[1021] Tamén a organización en Bouzas funcionará con autonomía. Para coordinar as catro organizacións de FE-JONS (Vigo, Teis, Lavadores e Bouzas), funciona unha Xefatura Comarcal que agrupará a estas agrupacións autónomas.
[1022] FDV, 17/01/1937.

Gráfico 38
Incremento da afiliación de FE-JONS en Vigo. 1936



Fonte: Elaboración propia a partir do baleira das caixas 186, 182 e 181 de Correspondencia 1936-1939, 1937-1949 e 1935-1951 do AHPP, Xefatura Provincial do Movemento e o baleirado do EPG e FDV do ano 1936.

Aínda con estes atrancos, a organización en Vigo conta a finais de 1936 cun mínimo de 917 militantes[1023], dos que 738 son novos militantes. Incluso parece que este incremento espectacular da afiliación non pode ser xestionada polas estruturas da organización que comunica a través da prensa que todos os novos afiliados deben agardar para facerse cos seus respectivos carnés á publicación dos seus nomes a través da prensa[1024]. Esta decisión, que pretende organizar minimamente as tarefas de afiliación dos novos membros, tamén cumpre outra misión: a publicidade dos novos afiliados, contribúe, xunto coas listaxes de doazóns ás subscrición patrióticas, a reflectir ao conxunto da poboación esa creación da nova comunidade nacional, como os veciños se van sumando ás diversas iniciativas e organizacións dos sublevados. Pero tal e como xa vimos e continuaremos incidindo nas páxinas seguintes, o crecemento da organización non nos pode levar a afirmar que estamos ante unha organización potente e con un sólido aparello organizacional, todo o contrario. Afirmar isto significaría afirmar que o número de afiliados determina a potencia dunha organización e do seu aparello orgánico, afirmación bastante simplista[1025]. Pola contra, o que ocorre no contexto concreto de FE-JONS e o seu espectacular crecemento, é o nacemento dun xigante con pés de lama.

Por outra banda, si temos en conta que unha importante cantidade de militantes anteriores a xullo de 1936 eran mozos e que estes, na súa gran maioría marcharon ao fronte, temos como resultado que a organización en Vigo carece de elementos preparados ideoloxicamente suficientes para exercer as tarefas de dirección. Esta situación parece que se fai especialmente

[1023] Non se contabilizaron esta estatística os militantes responsables dos sindicatos da CONS que por estatutos tiñan que ser tamén afiliados a FE-JONS nin os do SEU, xa que na maioría dos casos a referencia temporal da que dispomos é a relativa ao seu nomeamento como cargo e non a súa afiliación. Tampouco están incluídos os militantes de Lavadores que dende o 23 de setembro de 1936 contan con organización propia e nova, xa que antes do golpe non existía a FE-JONS en Lavadores e os militantes deste concello estaban integrados na organización de Vigo.
[1024] EPG, 17/09/1936.
[1025] Ruñiz Carnicer, Miguel A., "El populismo falangista", *El futuro del pasado*, núm. 13, 2022, p. 107.

grave andado o tempo, de feito o Xefe Provincial ponse en contacto co Subxefe Nacional de Milicias para tentar paliala.

"Aprovecho también esta ocasión para decirte es necesario deis una orden en el sentido de que sea permitido, a petición de los Jefes Provinciales Políticos, que queden en sus puestos los Jefes Locales a quienes afecte las movilizaciones de estas últimas quintas y las sucesivas que sean llamadas tan sólo para servicios de retaguardia. Comprenderéis que es imposible mantener las organizaciones si destrozamos los cuadros de mando y que es mucho más provechoso para la Patria trabajar al frente de las Jefaturas de Falange, que haciendo guardias por carreteras o por campos de concentración."[1026]

No caso concreto de Vigo non coñecemos a totalidade da Xunta de Mando Local que dirixe a organización a partir de setembro de 1936, pero si sabemos que dos 4 membros coñecidos, (o Xefe Local, Juan Yáñez Tapias, claro representante dun sector moi presente en todo este tempo, os conserveiros; o Xefe de Sanidade, Carlos Álvarez Pereira; o de Prensa e Propaganda, Waldo Fernández Senra substituído en decembro por Fabriciano Fernández Sierra e o de Informacion e Investigación, Angel Arrieta Masende) todos afílianse en setembro de 1936[1027]. O que significa que pasaron de non ser militantes a ser dirixentes locais en menos de un mes, dende o Xefe Local ata o responsable de investigación e información da organización, sen dúbida os cargos máis importantes da dirección local. Esta presenza de dirixentes, chamémoslle de aluvión, orixina que o propio Xefe Provisional se poña en contacto cos responsables da xefatura provincial de Pontevedra para exixirlle que o

"(…) sentimiento de la propia responsabilidad te hará acabar con el ambiente de aventurismo que existe en tu jurisdicción, pues no es posible continuar con este estado de cosas.
Espero me participes tu decisión sobre estas cuestiones de dignidad"[1028].

Parece ser que o conflito estaba provocado pola presenza dentro dos cargos da Xefatura Provincial de militantes de Vigo con pésimos informes, informes que tamén afectaban ao Xefe Provincial de Investigación e ao secretario desa mesma xefatura. Hai que ter en conta que a organización, que a altura de outubro de 1936 aínda non ten fixadas as normas e como organizar a súa segunda liña, ou sexa, os militantes que non se atopan na fronte, considera que esta militancia non só debe de constituír unha reserva en caso de necesidade para ser mobilizada, senón que son un alcouve de militantes para as novas estruturas estatais.

"SEGUNDA LINEA.- En breve se os enviará las normas para guiar la actuación de la segundo línea del Movimiento como unidad militar de reserva y como vivero de capacidades con vistas a la Gobernación del Nuevo Estado"[1029]

[1026] Oficio da *Jefatura Provincial de Pontevedra* á *Subjefatura Nacional de Milicias* do 10 de novembro de 1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1938, caixa 162, p. 1045.
[1027] Aínda que como xa dixemos, Hedilla reúnese en xullo cun grupo de militantes entre os que se atopaba Juan Yañez Tapias aos que lles encarga a dirección da organización en tanto en canto o seu Xefe, Felipe Barcena, está no cárcere, a realidade é que na prensa aparece que Yañez se afilia oficialmente o 18 de setembro de 1936 (EPG).
[1028] Escrito da *Jefatura de Mando Provisional a la Jefatura Provincial de Pontevedra* de 21 de decembro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161, p. 1878.
[1029] Circular núm. 7 da *Jefatura de Mando Provisional a Jefaturas Provinciales* do 9 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, pp. 1802-1806.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

E é precisamente nese alcouve onde se preparan as novas capacidades humanas para a gobernación do novo Estado onde a situación é máis grave. Esta importancia que se lle concede neste momento concreto á segunda liña, ven motivada polos movementos que FE-JONS está a realizar ao redor dos militares, e máis concretamente de Franco. Así FE-JONS acada un acordo, en outubro, co citado xeneral para conseguir vantaxes "tácticas" á hora de ir ocupando as novas estruturas estatais, tal e como informa a circular núm. 7 da *Jefatura de Mando Provisional* de 9 de outubro de 1936.

"FALANGE Y EL NUEVO ESTADO.- Se decidió, consciente la Junta de la importancia decisiva del momento histórico que atravesamos, prestar nuestra asistencia al General Don Francisco Franco, manteniendo como es natural nuestra fidelidad a la doctrina, al programa y al Jefe nacional y procurando conseguir ventajas tácticas en la representación en toda clase de organismos oficiales, a condición de no comprometer lo más mínimo nuestro prestigio y nuestra pureza de conducta."[1030]

A condición imposta por *Falange* en canto ao mantemento desa pureza de conducta era unha condición que vista a situación xeral interna, non se ía poder manter. De feito, dende a base se relaciona esta posibilidade pactada, esta misión da segunda liña como alcouve de futuros cadros da administración, coa chegada dos buscavidas

"De los avisados es...

Hay quienes se han puesto la camisa azul y se han bordado en el pecho el yugo y las flechas, para que les sirvan de escudo o ganzúa de su egoísmo.

Unos, servidores del Estado o Corporaciones públicas, creen que la Falange, Segunda o a ser posible, Tercera Línea, es un trampolín infalible para saltar a puestos codiciados.

Otros, aspirantes a prebendas o cargos, piensan que con ingresar en nuestra Organización pueden realizar sus deseos por encima del derecho o de la capacidad ajenos.

(...)

Habrá que colocar otros [carteles] que digan, poco más o menos, lo siguiente:

"Se advierte a todos, que la juventud española está entregando su sangre o su vida a la Patria, en los frentes de batalla".

Para que se enteren los que creen que la retaguardia no tiene obligaciones patrióticas que cumplir, sino apetitos que satisfacer."[1031]

Con esta consecuencia non desexada, pero previsible, do acordo para a ocupación das estruturas do novo estado, provoca a nivel interno, unha serie de graves problemas de indisciplina na local de Vigo. A situación faise pública, como medio para lembrar a afiliados e novos candidatos a integrarse un dos fundamentos principais da organización.

"LAS ORDENES SON PARA CUMPLIRLAS, reza un cartel que para algo más que adorno figura en nuestros locales; las órdenes hasta ahora son cumplidas, pero no así lo ruegos, ya que al parecer o los camaradas que figuran en las listas no se enteran de los periódicos, o enterados hacen caso omiso de dichas listas. Es condición precisa que todos aquellos cuyos nombres se publican se

[1030] Circular núm. 7 da *Jefatura de Mando Provisional a Jefaturas Provinciales* do 9 de outubro de 1936. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, pp. 1802-1806.
[1031] EPG, 03/01/1937.

> presenten en la Secretaría local de esta J.O.N.S, al efecto de que la buena marcha de la misma no sufra entorpecimientos, ADVIRTIENDOLES, que de NO PRESENTARSE en un plazo máximo de tres días se tomarán las oportunas medidas."[1032]

Así o que nun principio constituía unha oportunidade para a organización, o reforzo da segunda liña co obxectivo de nutrir as novas institucións estatais, co paso do tempo, constituíu un serio problema ou unha seria ameaza

"(...) mientras en la vanguardia los fuertes, los jóvenes empuñan el fusil, en retaguardia otros deben laborar sin descanso para garantía de los que combaten, para que cuando vuelvan "banderas victoriosas" no tengan que entrar en las ciudades a bayoneta calada para eliminar a cuantos no han hecho nada más que cobijarse cobardemente en los cafés y casinos."[1033]

Para reforzar esta necesidade de disciplina, de acatamento sen cuestionar, a propaganda da organización incide de novo no simbolismo e na idea salvífica do sacrificio, identificando a militancia na organización como un acto sagrado. Aquí si se mantén o reclamo fascista da concepción da acción política como unha sorte de relixión cívica.

"… Que vale tanto como "sacrumfacere", es decir hacer una cosa sagrada, o mejor, realizar un hecho sagrado.
Pues bien: Sacrificio te Exige Falange, camarada, al entrar en ella. Y de tal modo, que tu vida sea un continuo sacrificio.
He ahí la norma luminosa de Falange:
"HAZ DE TU VIDA UN SACRIFICIO"
Obedece la voz concisa y militar que esto de ordena. Y obedecerla, no con desgana ni pereza, sino con placer santo y jubiloso.
Obedece en silencio y sin replicar. Y "sacrifica" tu vida en aras de Falange, esto es, haz sagrada tu vida en el Servicio de Falange.
Y tu vida son tus pensamientos, tus palabras y tus hechos. Haz, pues, sagrados tus pensamientos, tus palabras y tus hechos.
Ten en cuenta que Falange es Sagrada y hay que servirla, por tanto sagradamente.
(…)
De no sentir así la esencia de Falange, despójate esa camisa azul o no pienses acogerte en los brazos amorosos de nuestro Yugo.
Per (sic) si estás resuelto a seguir sus normas santos, no temas y obedece la Voz que te ordena:
"Haz de tu vida un sacrificio; que, al hacerla, sirves a Falange, es decir, a España (Porque Falange es eso: ESPAÑA. Sépanlo los desvirtuadores de nuestra esencia).
Si no fuera así, sí todo ha de ser para ti una fórmula fría, inaceptable y propicia para lucros personales como en la política estéril y envenenadora, si no sientes hervir en tus venas la sangre ante el Santo Nombre de Falange, créeme (sic), no pienses más en Falange, no pienses más en España. ¡Arrincónate, escóndete!"[1034]

[1032] FDV, 10/11/1936.
[1033] Intervención do Secretario Comarcal de Vigo de FE-JONS, José Vázquez Fernández nun mitin en Vigo a principios de xaneiro de 1937. EPG, 06/01/1937.
[1034] FDV, 10/11/1936.

Fronte a esa propaganda que si recolle o acervo fascista, aparece outra na que este está totalmente ausente, e que aquel home novo que propugna o renacer palenxinésico, non ten nada de novo, senón que é unha volta sen matices, ao pasado, divulgando como falanxista unha serie de elementos que nada teñen que ver coa cultura fascista. Nun intento de recondución desta situación, sen éxito evidentemente, un dos líderes galegos do SEU, Gonzalo Torrente Ballester, afirma xa en 1938:

"La costumbre de mirar atrás, exacerbada en estos días, vicia en absoluto la épica periodística contemporánea, aún la mejor intencionada. Y si se trata de elogiar a Toledo, a Belchite o al Santuario de la Cabeza –pongo por casos admirables y bien conocidos- no hay periodista ni escribidor de sós que se contento con una exposición veraz, respetuosa y entusiasmada de los hechos, sino que, como aquel Bernardo López (uno de los peores poetas de nuestra literatura), traerá a cuenta a "Sagunto, Cádiz, Numancia, Zaragoza y San Marcial". Y hecha la comparación, el escribidor, el periodista, que quedan tan tranquilos y orgullos, pensando aún en posibles agradecimiento de lo héroes presentes.

Es cosa de dejarse de tontear caballeros. Este procedimiento de alusiones y citas a glorias pretéritas, además de revelar muy poco talento no favorece, antes bien perjudica a nuestros soldados de hoy. Que no son gloriosos por parecerse más o menos a gaditanos o numantinos, sino porque, ante un deber que exige sacrifico, lo cumplen con sencillez y virtud prendas de héroes (...)

(....)

Síntoma es esta manía de flojedad espiritual y decadencia." [1035]

A organización parece abordar un proceso de hibridación coas diferentes posicións das diferentes culturas políticas que se integran na coalición sublevada. De feito estamos ante unha organización que á altura de outubro de 1936 pouco tiña que ver xa coa que iniciou de man do exército a sublevación en xullo de 1936. Si afirmábamos na primeira parte desta investigación que a primitiva FE-JONS previa ao golpe carecía de cadros formados, nestes primeiros meses de guerra, os cadros de nivel local non só non teñen formación algunha, máis alá do estilo retórico, senón que sosteñen publicamente oposicións evidentemente contrarias ás da súa organización. Así o médico Cesar Abellás Justo, Xefe Local de FE-JONS en Teis en xaneiro de 1937, afiliado en setembro de 1936, escribe un artigo doutrinal para o MC no que fronte á posición da súa organización sobre o nacional sindicalismo, un dos piares supostamente intocables da organización, propugna, fronte a eliminación das clases, a doutrina corporativa da Igrexa católica, incidindo nesa hibridación da que antes falamos.

"La F.E. de las J.O.N.S., para abordar el problema intelectual socialmente, propugna por el SINDICALISMO y CORPORATIVISMO, pues tiene conciencia de las relaciones casi naturales, casi fatales, que unen a los de la misma clase y profesión y además porque solo la CORPORACIÓN puede dar a todas las personas de una misma profesión conciencia de la unidad de su función social y de intereses comunes en bien de nuestra Patria.

El Estado Corporativo de la sociedad, además de proteger la libertad de las clases y derechos profesinales (sic), ofrece a los individuos medios de ejercer su profesión y desarrollar su aptitud auxiliándolo mutuamente. La sociedad para estar normalmente constituida debe estar organizada corporativamente.

[1035] Torrente Ballester, Gonzalo, "Invitación al silencio", EPG, 01/01/1938.

> La Iglesia católica estima necesaria, moralmente, la constitución de estas Asociaciones sindicales establecidas, claro está, conforme a los principios de la Fé y de la Moral cristiana, para alcanzar por el camino más breve y fácil el objeto que se propone y que es el acrecentamiento de los bienes espirituales y materiales."[1036]

Incluso dende o órgano de prensa da FE-JONS, dende as súas editoriais, fanche chamamentos á renuncia dos programas políticos e a centrarse na construción dun icónico home novo, iso si caracterizado polo seguimento exclusivo da moral cristián e sempre dende unha posición de sometemento aos superiores e respecto escrupuloso da disciplina.

Estamos cansados de ideas políticas, lo que necesitamos urgentemente, son nuevos espíritus activos, sin perjuicios, ardientes, realizadores. Nuestra gloriosa ruta Imperial está ya trazada con rasgos de sangre y fertilizada con huesos de mártires, y sobre ella debemos dirigir nuestros pasos al resplandor de los luceros inmensos ojos con que observan eternamente nuestra conducta futura los héroes que residen en el Cielo.

> La salvación de España no depende de tal o cual partido, bastante partida y destrozada nos la han dejado- ¡Gemid hermanos, todos en ella pusisteis vuestras manos!
>
> UNA GRAN ESPAÑA LIBRE solo podrá ser realizada mediante la creación de nuevos ciudadanos propicios al sacrificio, amantes de la disciplina, ejecutores de una moral cristiana, reflejo humano de la divina doctrina de Jesús.
>
> ¡Hombres de la excelsa HISPANIDAD que renace! No consintáis pese a quien pese, caiga quien caiga, más desfiles de siniestros caciques por el viejo tinglado de la farsa."[1037]

Pouco a pouco o espazo da prensa que ocupan os textos de FE-JONS nos que se advirte sobre a presenza da "infiltración" de "cucos" van deixando oco a outros onde a organización comeza a defenderse contra "insidias e terxiversacións" do seu programa.

"(...) ya no miran a la Falange con la misma simpatía.

> (...) "No puede ser... –dicen-, esos falangistas son terribles, intransigentes... Parecen revolucionarios..."
>
> ¡Pobres escandalizados! ¿Parecemos revolucionarios? Dejadnos reclamar a voces muy altas y para nosotros solo ese calificativo.
>
> "Nosotros no queremos la revolución marxista. Pero sabemos que España necesita la suya", aseguró –infalible- José Antonio.
>
> Ese es nuestro sentido de la revolución. Hacemos la revolución de España, necesaria siempre y siempre escamoteada.
>
> Por en esta (...) Patria nuestra (...) hubo que sentirse revolucionario, para poder ser español con alegría, sin mezquindad, sin asfixia.
>
> (...) hubo de sentirse revolucionario para seguir siendo cristiano, como revolucionarios fueron los primeros mártires de Cristo en la paganía decadente del Imperio de Roma.

USC

[1036] Abellás Justo, Cesar, "La F.E. de las J.O.N.S. y las Universidades", MC, 01/12/1936.
[1037] "Menos programa. Más espíritu realizador (Lema de la Falange)", EPG, 21/10/1936

> (...) hubo de sentirse revolucionario para acabar para siempre con unas instituciones cuyo único fundamente era la injusticia del triunfo de unos pocos privilegiados sobre legiones enteras de oprimidos...
> (...)
> No somos la vanguardia de nadie. Somos España."[1038]

Pero o inimigo externo que se agocha na retagarda non se identifica cunha posible resistencia dos restos das organizacións de carácter democrático, senón que este se sitúa nas marxes da propia organización en aparente sintonía coa loita contra a anti-España.

"(...) no venimos a ejercer coacciones, como dicen nuestros enemigos, que lo son también de
> España, esos que cobardemente se preocupan solo de su dinero (…) Venimos a decir a los españoles que ya no caben medias tintas y es necesario decidirse (…)". Es un deber de todos el acudir a este llamamiento de la Falange; los que estén limpios para dar pruebas una vez más de su amor a España; los que tengan culpas, para lavarlas en el lodo de las trincheras entre el tableteo de las ametralladoras y el ruido seco del cañón.
> (...) Venimos a borrar el odio con amor (…) venimos a deciros que abrimos nuestros brazos a todos para que puedan llamarse dignamente españoles; venimos a desenmascarar a los traidores, a los aduladores, a los fariseos, y a atacar duramente a los que se refugian en las peñas de café y en las tertulias de casino, sin preocuparse para nada de los que luchan en los frentes por la causa de España (…)"[1039].

Ante esta situación, a Xefatura Local de *Falange*, lembremos baixo o mando dun camisa nova, inicia o que parece unha escola de formación militante. Só coñecemos que se organizan tres charlas, as tres fanse na parroquia de Bouzas, un feudo tradicional das JAP. A primeira "Moral y disciplina falangista" a cargo de Manuel Mediero Prado, camisa nova; a segunda "Pasado, presente e futuro de Falange" que foi impartida polo Secretario Local de Bouzas, o camisa vella Marcial Escobar de la Puente[1040]. Sorprende a elección do conferenciante da primeira das charlas. Trátase dun individuo con antecedentes de participación política dende 1931, ano no que resulta denunciado por adoutrinamento dos seus alumnos dunha escola da parroquia de Coia, estes, cando a parroquia foi visitada polo Alcalde, recibírono con berros monárquicos[1041]. Pero esa actividade educadora non é a importante para o caso, senón a súa actividade de carácter "sindical" como membro da organización que, con seguridade, máis resistencia lle fixo a FE(T)-JONS, a *Unión de Maestros de la Escuela Privada* (UMEP). Unha organización de carácter católico que entra en competencia directa co SEM a partir de 1937 e que será a nivel local a máxima opositora ao control das escolas por parte de FET-JONS e da que falaremos máis adiante.

Pero todos estes inconvenientes do crecemento non supoñen, en principio, un atranco para que a organización continúe a súa labor de expansión, todo o contrario, tal e como mostra o Gráfico 39, xaneiro de 1937 supón un novo récord de afiliacións.

[1038] "Consigna. ¿Revolucionarios? EPG, 06/12/1936.
[1039] Intervención de José Vázquez Fernández, Secretario Comarcal de FE-JONS de Vigo nun acto de propaganda en Vilagarcia a finais de decembro de 1936. EPG, 22/12/1936
[1040] EPG, 03/12/1936 e 08/12/1936.
[1041] EPG, 21/05/1931.

Gráfico 39
Incremento da afiliación a FE(T)-JONS en Vigo 1937



Fonte: Elaboración propia a partir do baleira das caixas 186, 182 e 181 de Correspondencia 1936-1939, 1937-1949 e 1935-1951 do AHPP, Xefatura Provincial do Movemento e o baleirado do EPG e FDV do ano 1937.

Con 413 novos afiliados nun só mes –desta vez sumado os afiliados nas catro estruturas territoriais da comarca- a organización convértese sen lugar a dúbidas nunha organización de masas. O acusado descenso de novas incorporacións que se produce dende abril ate xullo, non ten que ver cunha baixada natural do ritmo de afiliacións, senón cunha disposición interna a raíz do Decreto de Unificación: a prohibición de novas afiliacións, que como se ve, non se leva a cabo dun xeito estrito (40 novas afiliacións en maio e 15 en xuño que contrastan coas 413, 176 e 134 dos tres primeiros meses do ano). A orde de non proceder será revogada a finais de xuño de 1937 por desexo expreso de Franco[1042]. Este crecemento está acompañado na provincia de Pontevedra e na local da comarca de Vigo dunha reestruturación que pretende poñer freo aos vicios que veñen desenvolvéndose na organización. Para efectuar estes trocos enviase a un conselleiro nacional, Francisco Bravo. A chegada de Bravo supón a "dimisión" inmediata e o abandono da organización do Xefe Provincial, Manuel Castro Peña, que será substituído por Jesús López Suevos e o cese do Xefe Provincial da CONS, Gerardo Rodríguez Bermejo[1043]. Nada máis tomar posesión López Suevos censurou

("...) con gran energía la conducta de aquellos falangistas que, faltando a su deber, habían deshonrado la camisa azul, y la de los jefes que no supieron reprimir con mano dura los excesos y extralimitaciones. La primera condición para ser falangistas -dice- es ser hombre honrado. Sin eso no es posible vestir la camisa azul.

Anuncia una profunda y radical depuración de la Falange en la provincia de Pontevedra. "Fue inevitable la confusión en los primeros tiempos, pero ahora tiene que desaparecer esa confusión. Y os aseguro que mientras sea Jefe provincial, seré inexorable para quienes no cumplan con su deber. No se cometerá un solo desafuero en nombre de la Falange y si algún falangista desleal lo cometiese, llegaríamos hasta donde fuese necesario en la represión y el castigo, sin que nos asustasen las más severas medidas. Exigiré la más exacta disciplina. (...)"[1044]

[1042] Trátase dun anuncio do Secretariado Político de FET-JONS. EPG, 22/06/1937.
[1043] EPG, 20/01/1937.
[1044] FDV, 24/01/1937.

Pola contra, en Vigo a reestruturación non afectou á Xunta de mando local que xa se tiña reestruturado en marzo de 1937, co obxectivo de efectuar

> "(...) una rigurosa depuración de las personas afiliadas a Falange de Vigo, rápidamente, todo lo rápidamente que nos lo permitan las circunstancias" [que además se realizan polo desexo] "recientemente expresado por las altas Autoridades de la Falange: Que todo el que vista una camisa azul ha ser una persona decente", será un hecho en Vigo"[1045]

Pero, quen leva a cabo esta volta aos principios, á decencia de FE-JONS? Dos 10 militantes que integran a Xunta de mando local, tan só dous son camisas vellas, en concreto o enlace militar, Enrique Rodríguez "Tajuelo", que foi un dos homes cos que contacta Manuel Hedilla na súa estancia en Vigo nas xornadas do golpe de estado, o outro, responsable da secretaría técnica da organización, Ventura Cerqueira, un conserveiro que actuou nos anos anteriores ao golpe como enlace entre as familias máis poderosas da cidade e os círculos fascistas[1046]. O resto son todos militantes novos, e ningún deles pertence á clase obreira ou aos "sectores populares". Dirixe a organización Juan Yáñez Tapias, conserveiro, antigo dirixente da URD, afiliado en setembro de 1936. Juan Cerqueira introduce na dirección da organización un secretario particular da xefatura local que queda a cargo de Amador Núñez García, exportador de raba, afiliado en xaneiro de 1937 e a partir de 1938 vicepresidente dunha das asociacións máis elitistas da época, o *Club de Campo*. A secretaria local da organización queda en mans de Estanislao Durán Gómez, antigo dirixente do PCR, vogal da FGP, presidente da *Asociación de Navieros y Consignatarios de Vigo*, afiliado en setembro de 1936. Da subsecretaría política faise cargo Marcelino Suárez Celda, do que non sabemos máis que se afiliou en outubro de 1936. A subsecretaría militar correspóndelle a Antonio Conde Pascual, perito mercantil conselleiro delegado de *Vapores de Pasaje*, afiliado en setembro de 1936, e curiosamente membro do *Rotary Club* antes do golpe de estado. Na secretaría de administración e finanzas atopamos un problema, a prensa afirma que este cargo está desempeñado por un tal Juan Ribas, pero na nosa base de datos sobre falanxistas, non atopamos a ningún Juan Ribas, si a un Antonio Ribas. Este Antonio fora directivo do *Casino de Vigo*, e máis tarde delgado de fabricación de material de guerra para a provincia de Pontevedra en 1938 e enxeñeiro municipal afiliado en decembro de 1936. Como responsable de intendencia temos ao militante con máis proxección política posterior, Rafael J. Portanet, fabricante de salgaduras e vogal da FGP, afiliado en xaneiro de 1937 que ocupará a xefatura local a finais dese mesmo ano e alcalde de Vigo entre 1964 e 1970, e finalmente atopándomos como responsable da secretaría xurídica a Fernando Póveda, notario, Xefe Local de Prensa en 1938 e provincial en 1939, e de novo, de xeito imprevisto, membro do *Rotary Club*.

Como vemos os encargados de facer volver á organización aos seus principios son na súa inmensa maioría militantes con escasa ou nula experiencia na organización, algún cun pasado dereitista chamémoslle clásico e incluso republicano centrista e dous membros do *Rotary Club* organización que foi asimilada ás entidades masónicas. Dentro das profundas diferenzas que parece que tiñan entre todos, existe un elemento de unidade, todos pertencen ás clases máis acomodadas da cidade e están relacionados coa organización chave no trunfo do golpe en Vigo, a FGP. Outro tema é a presenza entre os mandos da organización de antigos

USC

[1045] EPG, 24/03/1937.
[1046] EPG, 23/03/1937.

membros do *Rotary Club*, sobre todo cando FE-JONS de Bouzas solicitara no mes de decembro ante a Comisión Municipal Permanente do Concello de Vigo (CMPV) a retirada inmediata dos símbolos que esta organización tiña en Vigo[1047]. De feito,

> "(...) los rotarios, por su supuesta, para algunos sectores, vinculación a la Masonería, ,pasaban a ser proscritos por los militares sublevados. Para el gobierno republicano, la extracción burguesa de la mayoría de los asociados a los clubes rotarios, era motivo de desconfianza. Por un lado y otro, los rotarios van a ser perseguidos. Incautación de documentos, detenciones. El infierno comenzaba para rotarismo español que se va a ver proscrito en España durante más de 40 años."[1048]

Efectivamente, os rotarios foron igual de perseguidos que o foron os masóns, e perseguidos e xulgados polo *Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo* entre cuxa documentación atópase toda unha serie, a R, dedicada a eles. Que pasou logo en Vigo? Pois non o sabemos, sabemos que estes dous casos de rotarios na FE(T)-JONS non son únicos e que entre os militantes atopábanse máis rotarios, todos, como corresponde coa pertenza á organización, persoas economicamente moi desafogadas[1049]. É posible que esta posición económica e a chegada a cargos de responsabilidade local dalgún deles fixera que as posibles represalias sobre o resto foran contrarrestados por estes cargos.

En todo caso, a labor do enviado da *Junta de Mando Provisional*, tiña en Vigo, outra misión: a reorganización dos sindicatos da CONS. Efectivamente, aínda que a organización sindical é unhas das estruturas máis importantes de FE(T)-JONS para o encadramento da poboación, e aínda que as chamadas á súa organización e desenvolvemento figuran entre as primeiras instrucións que transmite a *Junta de Mando Provisional* ás diversas territoriais, o seu desenvolvemento era á altura de 1937 moi cativo en Vigo. Da importancia que a *Junta de Mando Provisional* lle dá á CONS nós fala as xestións da organización ante o propio Franco para que se aclarase ou retirase o famoso Decreto de 25 de decembro de 1936 no que se apoiou a JAP para dicir que a actividade sindical estaba prohibida.

> "CENTRAL OBRERA NACIONAL-SINDICALISTA.-Debéis seguir trabajando en la organización de nuestros Sindicatos, en la medida que las circunstancias permitan.
> El camarada Rafael Garcerán [citado nun punto anterior como "delegado de Falange cerca del General Franco (…)"] ayudado por otros compañeros y después de realizar las gestiones pertinentes cerca del Jefe del Estado y de su Gobierno, se ocupará de reorganizar debidamente cuanto a la C.O.N.S. se refiere.
> Se pedirá como es natural la anulación del Decreto de 25 de setiembre último que entorpecía la actuación sindical de nuestra Organización."[1050]

[1047] Actas da Sesión da CMPV do 02/12/1936, AMV, 70.1.

[1048] Rubio Villaverde, Jesús, *Rotary en España, 1920-1992*, Belmar, Rotary Internacional, 1993, pp. 39-40.

[1049] Os outros rotarios que nos constan afiliados a FE(T)-JONS e que non parece que sufriran ningún tipo de represión son: Manuel Palacios Curieses. Depositario do *Rotary Club* en 1930, adherido a FET-JONS en novembro de 1937. Casimiro Durán Gómez, secretario do *Rotary Club* en 1935, afiliado a FE-JONS en setembro de 1936, de familia conserveira chega a deputado provincial de FET-JONS en 1940. Manuel Espárrago Fernández, rotario, afiliado a FE-JONS en setembro de 1936, director da Xunta de Obras do Porto de Vigo felicitado polos seus servizos para FET-JONS en setembro de 1939, e Manuel Prieto González, rotario, candidato monárquico nas eleccions de 1931. Xerente de Cervezas A Barxa. Responsable do Servizo de Avituallamento da fronte en novembro de 1936. Descoñecemos a data concreta da súa afiliacion.

[1050] Circular núm. 7 de 9 de outubro de 1936 de Xefatura de Mando Provisional a XefaturasProvinciais, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1802-1806.

De feito ate decembro de 1936 só nos constan 78 afiliados en Vigo a algún sindicato da CONS, e tan só dous sindicatos constituídos: o Sindicato de Banca e o Sindicato da Carne. Non é unha situación estraña si lemos as instrucións que se reciben para a formación de estruturas sindicais na Xefatura Provincial de Pontevedra

> "Venimos a trabajar y obedecer, no pedimos planes, programas, ni reglamentos tenemos fé en nuestros Jefes y con todo entusiasmo les seguimos
> (…)
> 2º Notarás que no se te da en ellas [refirese ás circulares] un reglamento tipo para la constitución de nuestros sindicatos, no te importe, los reglamentos, los artículos, nada son si no hay en quien ha de cumplirlos e interpretarlos una fe viva y un gran espíritu de combate.
> (…)
> Acción, fé, obediencia, este es el camino de los sindicatos. Fórmalos, dales vida, mueve toda una legión de nacional sindicalistas disciplinados, alegres, trabajadores, que el Jefe nacional, nuestro glorioso Caudillo, ya les dirá el camino a seguir en nuestra marcha triunfal."[1051]

A finais de 1936 está constatada a inexistencia dunha estrutura sindical propiamente dita na cidade. Despois dunha viaxe do Xefe Territorial de Prensa e Propaganda a Vigo en decembro de 1936, comunica á Xefatura Provincial que o traballo máis importante a facer en Vigo é "la urgente necesidad de proceder con toda rapidez a la organización de la C.O.N.S. en dicha ciudad.". Tarea para a que se escolle a Carlos Montero Díaz, delegado local da CONS na Coruña[1052].

A situación troca radicalmente a partir da visita de Francisco Bravo. A primeira medida que se toma é a obrigación de todo militante de FE-JONS de afiliarse á CONS[1053]. e en agosto de 1937 funcionarán na cidade 26 sindicatos integrados na CONS-CNS[1054]. Pero exactamente igual que ocorre a nivel político, a construción dos sindicatos da CONS-CNS orixina novas polémicas entre os partidarios dunha visión do sindicalismo de carácter cooporativista como vimos no caso de Xefe Local de Teis e os partidarios unha opción nacional-sindicalista. Así si na constitución da CONS en Teis, as razóns esgrimidas e os argumentos publicitados son un calco da doutrina social da Igrexa, empregándose referencias a León XIII, Pio X e XI e Bieito XV[1055], na prensa reprodúcense textos que combaten esta idea.

> "Nuestra organización social de la vida, es una auténtica superación del marxismo y del capitalismo: el Nacional-Sindicalismo ni es viejo, ni es copia de modelos extranjerizantes: es, sencillamente español, moderno y nacido de frente a la realidad.
> Patria y Sindicato son las dos piedras angulares del Nacional-sindicalismo. Pero no una Patria entendía al estilo feudal como suma de señoríos y privilegios al modo que algunos quieren hoy todavía en pleno siglo XX resucitarla y entenderla, sino una Patria como unidad de destino, como

[1051] Organización Nacional Sindicalista de España, Circular 14, AHPP, Xefetura Provincial do Movemento, Correspondencia, caixa 161
[1052] Escrito de Xefatura Territorial de Prensa e Propaganda de 22 de decembro de 1936 a XefaturasProvinciais, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1882.
[1053] EPG, 29/01/1937.
[1054] Establecemos unha diferencia CONS e CNS porque nas fonte refléxase esa diferencia a partir do Decreto de Unificación.
[1055] EPG, 29/12/1936.

> sagrada hermandad. Y no un sindicato cualquiera clasista, sino un sindicato vertical, de producción, de verdadera solidaridad social y económica."[1056]

Independentemente da posición pola que uns e outros opten, o que si está claro é que a actividade normal dunha organización sindical non está entre os fins da CONS-CNS. Xa vimos anteriormente como a actividade reivindicativa suspendíase ate despois da vitoria militar, pero non só a reivindicación queda posposta, a nivel de base, que é o estudo que nós estamos a facer, a dirección da organización sindical, ordena aos seus delegados de fábrica ou sección,

> "(…) se abstengan de intervenir de palabra o por escrito en asuntos sindicales o relacionados con éstos, entre camaradas y empresarios, sin el debido control de esta Delegación Local.
> A los infractores de esta orden se les sancionará con el mayor rigor."[1057]

Por outra banda, resulta sorprendente a organización interna dos sindicatos, unha copia en pequeno dos sindicatos locais da antiga CNT. Así é, a CONS comeza a fundar sindicatos nunha clara imitación da estrutura dun sindicato confederal de base local.[1058] Pero a organización interna de cada un destes sindicatos de carácter local revela dous feitos. Por unha banda, a cativeza da súa penetración en cada un dos sectores produtivos onde pretende asentarse. Isto é evidente ao analizar a estrutura de enlace entre a dirección do sindicato é os diferentes talleres, industrias ou seccións. É unha estrutura mínima, onde a dirección central do sindicato tan só se compón de 3 membros: Delegado, Secretario e Tesoureiro que establece unha serie de "delegacións" a nivel de fábrica ou incluso de sector produtivo. Este funcionamento a nivel de delegación de base, os encargados de conectar a estrutura sindical central coa base na fábrica, é unha copia exacta do funcionamento práctico da CNT en Vigo en 1936. Máis as delegacións de cada un dos sindicatos CONS son mínimas ao igual que mínima é a estrutura central de cada sindicato, o que revela unha presenza igual de mínima nas fábricas.

Ao mesmo tempo existen unha serie de sindicatos que agrupan a profesións cunha man de obra real certamente ridícula numericamente falando, como ridícula é a súa organización interna. Nos referimos, por exemplo, a creación en marzo de 1937 do *Sindicato de Profesores de Orquesta*, a imitación do sindicato do mesmo nome que funcionaba na Casa do Pobo (UGT) en 1936. A CONS para este sindicato organiza o mesmo esquema que para outro calquera sindicato; unha especie de dirección de 3 persoas e unha serie de delegacións, neste caso, por tipo de instrumento (¡!). Así, noméanse, delegado para instrumentos de corda, instrumentos de vento e pianistas[1059]. Unha proba da ineficacia deste sistema de delegación son as constantes chamadas aos afiliados para que pasen polo local para o pago de cotas, o que ben a supoñer que unha das misión fundamentais de enlace dos delegados entre o sindicato e a base, o cobro de cotizacións ou non se realiza por unha posición de centralización que choca co sistema adoptado ou non se ten capacidade real de realizar.[1060]

[1056] "Aclaraciones. No somos Corporativos, somos sindicalistas", reproducido en FDV, 12/02/1937 de "Amacener" de Zaragoza.
[1057] EPG, 16/02/1937.
[1058] Andado o tempo, a partir de 1938, a estrutura local de carácter cuase confederal mutará a unha estrutura centralizada a varios niveis, abandonando o tipo de organización local para decantarse por estruturas de ámbito provincial e mesmo estatal afectados os dous niveis por unha dinámica de decisión de arriba a abaixo ate culminar na estrutura da OSE en 1940.
[1059] EPG, 04/03/1937.
[1060] EPG, 04/03/1937.

USC

Pero a organización interna da CONS-CNS non reflicte un sistema fixo, o que en realidade, volve a dar pistas sobre a súa limitada capacidade. Así, nun dos sectores predominantes na comarca, os labregos, a CONS funda un sindicato de carácter municipal, saltándose o tradicional ámbito parroquial ate 1936. Neste sindicato de ámbito municipal, séguese a pauta da dirección por triunvirato (Delegado, secretario e tesoureiro) e unha serie de delegacións, neste caso unipersoais e de ámbito parroquial. Isto volve a revelar unha incidencia mínima a nivel parroquial, de feito este xeito de organización aplícase ás parroquias de Lavadores (Sta. Cristina), Freixeiro e Coruxo, pero non en Sárdoma e Cabral na que a delegación faise por lugares, o que nos está a indicar que a presenza de militantes é máis alta nesas dúas parroquias de aí a necesidade de limitar o ámbito de responsabilidade dos delegados[1061]. Descartamos neste caso concreto a posibilidade de que a presenza de delegados en ámbitos inferiores débase a criterios poboacións, xa que Sta. Cristina, onde só se nomea un delegado, é a parroquia con máis habitantes de todas as citadas.

De todos xeitos, os dirixentes estatais dos sindicatos sempre foron conscientes de que a idea do sindicalismo vertical, a propugnada por FE(T)-JONS non era realizable antes da vitoria, que a integración nunha mesma estrutura de carácter sindical a patróns e obreiros, co pretendido obxectivo utópico de facer desaparecer a loita de clases era un imposible.

> "(...) hay que evitar la confusión, demasiado extendida, entre las posibilidades presentes de FALANGE en el terreno sindical y sus posibilidades futuras en el mismo terreno. Las realizaciones de que hablan nuestros 26 Puntos - sobre todo, porque son los que más nos interesan para el caso, los comprendidos bajo los epígrafes "Economía, lucha de clases, trabajo" y "Tierra"- presuponen que FALANGE ESPAÑOLA T. DE LAS J.O.N.S. tenga íntegramente los poderes del Estado. Entonces, claro está, todo nos será posible; pero, entretanto, sin perder de vista jamás nuestros objetivos totales y procurando acercarnos a ellos lo más que podamos, hemos de evitar el escollo de las impaciencias y las fantasías.
>
> Así, por ejemplo, yerran los camaradas que suponen hacederos desde ahora mismo, en toda su integridad y en todos los casos, los Sindicatos Verticales por ramos de la producción. Este modelo sindical que se indica, (…) aparte de no poderse formar con la rapidez que algunos ingenuos se figuran, hallen resistencias formidables que solamente podrán ser reducidas por la fuerza del Poder."[1062]

Formando parte da estrutura sindical da FE(T)-JONS atopámonos con outras dúas estruturas de encadre sectorial intimamente relacionadas, por unha parte o SEU e por outra o SEM. As dúas teñen unha misión fundamental para o futuro da organización, formar aos dirixentes do mañá. As dúas parten dunha situación ben diferente, si no caso do SEU si existía ou existiu unha experiencia previa ao golpe, no caso do SEM non era así. Pero nin SEU nin SEM teñen ningún tipo de actuación en Vigo nos primeiros momentos da sublevación, non así as institucións eclesiásticas que rapidamente iniciarán a súa campaña de conquista do ensino. Si na concepción que se fai dende antes do golpe, no trazado de divisorias, de que España é consubstancial ao catolicismo, no proceso de reespañolizacion da poboación o catolicismo

USC

[1061] FDV, 03/03/1937.
[1062] Circular pública da *Secretaría Sindical Nacional*, EPG, 27/04/1937.

debe xogar un papel de primeiro orde[1063]. Consecuentemente dende agosto de 1936 a presenza da Igrexa en todo acto que incida nesa recatolización está asegurada. Non sorprende que quen lace a primeira referencia á reposición dos crucifixos nas escolas sexa unha vella coñecida, dirixente da sección feminina da URD viguesa, Agustina A. y de Rovina. Agustina fala nun artigo de FDV como en Navarra procedeuse á reposición do crucifixo nas escolas

> "No se puede silenciar la pluma, cinco años entumecida por la influencia del yugo moscovita, la emoción que le causa saber, que una de las primeras disposiciones dictadas por la autoridad de Navarra ha sido colocar de nuevo en las escuelas el Crucifijo y determinar las normas de enseñanza católica a seguir para la instrucción (…)"[1064]

Poucos días despois se inicia a reposición de crucifixos nas escolas de Vigo. A iniciativa parte unha organización vinculada á UMEP, a *Asociación Católica de Padres de Familia de Vigo* e anunciará o primeiro acto de reposición para o primeiro día do mes de setembro, confirmando a asistencia todas as autoridades da cidade.

> "(…) el señor obispo de esta Diócesis bendecirá los Crucifijos de todas las escuelas nacionales y municipales de Vigo. A continuación los niños y maestros de todas las escuelas de la localidad tanto oficiales como particulares y el pueblo, presidido por las autoridades y acompañado por la banda municipal, llevará en manifestación a la Escuela nacional de niños del Centro el Crucifijo que ha de quedar repuesto en aquella escuela y la Bandera que se pondrá en la misma. [Interesante dualidade, cruz e máis bandeira].
> En la imposibilidad, dada la premura del tiempo y la circunstancia de hallarse los colegios en vacaciones, de invitar individualmente a cada uno, se ruega a todos los señores maestros nacionales, municipales y privados, así como a las Comunidades religiosas de enseñanza, que con sus alumnos acudan a la Colegiata el martes a las 18'30.
> Igual ruego se hace a los padres de familia, a las entidades de Acción Católica y al pueblo en general.
> Los otros Crucifijos quedarán depositados en la iglesia Colegiata para que cada escuela, cuando tenga completo su censo escolar, con un sacerdote y una delegación de la Asociación de Padres de Familia, celebra su entronización particular."[1065]

Aínda que como dixemos se anuncia que a iniciativa do acto a tivo a Asociación de Pais católicos, a realidade é que estamos ante unha orde directa do Prelado da Diocese[1066]. Concibido como unha manifestación de adhesión católica e polo tanto patriótica, o Bispo de Tui deixa claro que obxectivo do mesmo, "este acto es muy significativo, es la reparación de aquello que fue arrojado, aquello que llegó a estorbar. Y, sin embargo, esto es lo único que va a levantar una nueva España". Ao finalizar o discurso do Bispo, déronse "viva a Cristo Rey, al Ejército salvador de España y a Galicia"[1067]. *Falange* é un convidado de pedra, incluso nalgunha parroquia, nin convidado é, optándose pola presenza, exclusiva das milicias JAP, como no caso de Teis[1068]. A organización "fascista" non ten capacidade, cando menos a nivel

[1063] Hernández Burgos, Claudio, *Granada azul*... p. 157.
[1064] A. y de Rovira, Agustina, "La gallardía patriótica y cristiana de Navarra", FDV, 09/08/1936.
[1065] EPG, 29/08/1936.
[1066] EPG, 01/09/1936.
[1067] EPG, 02/09/1936.
[1068] EPG, 09/09/1936.

local, para presentar, nin tan sequera a nivel de propaganda na prensa, a súa alternativa ao control da Igrexa do ensino. Así días despois destes primeiros acto de reposición dos crucifixos, disólvense os *Consejos Locales de Primera Enseñanza* a través dos cales se controlaba o ensino a nivel municipal na etapa republicana, que son substituídos por unas *Juntas de Primera Enseñanza*[1069] tamén de carácter municipal. Este novo organismo estará composto por 5 membros: o Alcalde da localidade, un mestre, supostamente elixido entre os mestres do concello, 2 pais, o médico municipal e o crego do pobo[1070]. Tampouco hai rastro de *Falange*, pero é que o SEM, que en principio sería competente dentro da estrutura falanxista para asumir o liderado na alternativa a un ensino controlado pola Igrexa, nin sequera estaba en funcionamento en ningunha vila nin cidade da provincia. Hai que agardar ao 25 de setembro para que se anuncie a súa creación como sindicato provincial[1071].

Pero contrariamente ao que puidera parecer, o SEM, unha vez en funcionamento, adopta unha posición subalterna da UMEP que agora actúa a nivel provincial baixo o nome de *Asociación Católica de Profesores* (ACP). Mentres o reitor da USC lembra nunha instrución para Inspección Educativa a obriga dos mestres de

> "(...) resucitar la antigua costumbre, que intensificaba durante el tiempo de la Cuaresma la enseñanza de la Doctrina a los niños de las escuelas. Y para hacer efectivo este propósito aquella alta autoridad dispone que, sin perjuicio de la enseñanza de la Religión y la Historia Sagrada durante el tiempo que falta hasta la terminación de la Cuaresma, los señores maestros se pongan de acuerdo con los señores curas párrocos, con el fin de que aquéllos, al frente de sus alumnos, asistan dos veces por semana a la iglesia respectiva, a una conferencia de instrucción religiosa (…)"[1072]

O SEM, consciente da súa propia incapacidade para atraer a un gran sector dos mestres, ameaza

> "(…) puede ocurrir (…) que haya Maestros "no conformes" con el glorioso Movimiento y para denotar su incorformidad se sumergen en un "espera" absurda aislándose de las corporaciones nacionalistas afectas a la verdadera Patria."[1073]

En abril de 1937, a UMEP-ACP anuncia a entrega a Franco dun programa de 17 puntos sobre a formación dos novos mestres, aproveitando a súa presenza na asemblea de mestres católicos que celebran en Valladolid. No punto 11 propoñen que para os novos mestres

> "Es imprescindible que haya una labor intensa de formación espiritual. Cursillos de Religión y Apologética, Retiros y Ejercicios espirituales, etc., y lecciones de orientación profesional".[1074]

En xullo de 1937 a *Comisión de Cultura y Enseñanza de la Junta Técnica del Estado* decide, aproveitando o verán a realización dunha serie de xornadas sobre o maxisterio en toda a zona

[1069] Aínda que nun primeiro momento empregase este nome de *Juntas*, posteriormente volverase á denominación de *Consejo*.
[1070] EPG, 12/09/1936.
[1071] EPG, 26/09/1936.
[1072] "Instrucciones de Inspección Educativa", EPG, 14/03/1937.
[1073] FDV, 13/04/1937.
[1074] FDV, 30/04/1937.

controlada polos sublevados. A finais de agosto remata o curso impartido en Pontevedra e o SEM organiza un acto de peche. Fala en primeiro lugar polo SEM, Modesto Rodríguez Figueredo[1075].

> "Frente a la tabla de Ginebra [1ª Declaración de dereitos do neno, redactada en 1923, en 1924 foi adoptada pola Sociedad de Nacións], ponemos la tabla de los derechos del niño español: Pan y Catecismo. Aspiramos a una inmensa cruz, a cuya sombra España cumpla el lema del Caudillo: POR LA PATRIA, EL PAN, Y LA JUSTICIA. ARRIBA ESPAÑA; por Isabel, por el Imperio, por todos los caídos."[1076]

¿Onde está a nivel de base a alternativa nacional sindicalista para o ensino? A resposta dánola unha circular de instrución da *Inspección de Primera Ensañanza de Pontevedra* de 8 de maio de 1938. A circular lembra unha instrución da *Jefatura del Servicio Nacional de 1ª Enseñanza* de 5 de marzo, e afirma que "es necesario para una total eficacia de cuanto en la referida Circular se dispone ampliar e insistir sobre algunos extremos cuyo incumplimiento pudiera ser objeto de servera sanción.". Como primeiro elemento a lembrar está

> "(...) la obligatoriedad de asistir en corporación todos los niños y Maestros de las Escuelas Nacionales, en los días de precepto, a la Misa parroquial. El exacto cumplimiento de este extremo ha de ser indispensable y por ninguna razón se podrá obviar, a cuyo efecto, se recaba la autoridad de los Consejos locales y la cooperación de los señores Curas Párrocos para que colaboren con esta Inspección dando cuenta a la misma de aquellas infracciones que en sus respectivas localidades puedan cometerse."[1077]

Para esta misión a FET-JONS se convirte nun simple elemento colaborador de encadre á que se lle outorga a misión de simple aglutinador:

> "En aquellas localidades en donde existan Organizaciones Juveniles de Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S. deberá asistir igualmente el Maestro acoplando a ellas a los niños de su Escuela que no estén encuadrados en dicha milicia."[1078]

Ao mesmo tempo, faise fincapé no contido do estudo que debe definirse como patriótico. Pero neste punto, o patriotismo non se refire á unha idea moderna, incluso imperial, senón ao estudo das esencias tradicionais de España. Desaparece, xa que logo, do interese primordial, a famosa revolución nacional-sindicalista.

> "(...) se practicarán a este efecto, como una actividad escolar de gran eficacia educativa, la enseñanza de cantos populares e himnos patrióticos, así como lecturas de biografías y de hechos actuales que están tejiendo las glorias nacionales del momento presente."

[1075] Dende 1977 existe un premio Modesto Rodríguez Figueredo que en realidade é o Certame Nacional de Narracións Breves do Pedrón de Ouro, asociación do que o falaxista era vicepresidente. O premio adopta o nome de Modesto á súa norte.
[1076] EPG, 31/08/1937.
[1077] Circular 158 de Inspección de Primeiro Ensino de 5 de maio de 1938. BOPP, núm 108 do 08/05/1938.
[1078] Circular 158 de Inspección de Primeiro Ensino de 5 de maio de 1938. BOPP, núm 108 do 08/05/1938.

USC DE COMPOSTELA

Outra das organizacións sectoriais de encadre que desenvolve en Vigo a FE (T)-JONS é a *Sección Femenina*. Xa falamos do papel da muller na concepción falanxista, consecuentemente a organización de mulleres orientará a súa actividade cara a asistencia, tanto aos feridos de guerra como a través do *Auxilio Social* que será a súa máxima expresión. De feito, existe un documento interno onde se especifican as labores na organización e tamén unha serie de prohibicións para as mulleres falanxistas.

Hai que salientar en primeiro lugar que, cando menos, nos primeiros momentos despois do golpe a SF non se organizaba en escuadras como a organización masculina de FE-JONS, senón en grupos. Cada grupo estaba composto por un máximo de 10 mulleres á fronte do cal estaba unha xefa de grupo que recibía instrucións da Xefe Local. Todas as integrantes da SF tiñan prohibido

"1º.- El marchar al frente con los Camaradas bajo ningún pretexto.
2º.- El usar armas de fuego, ni llevarlas encima, como tampoco usar el correaje por considerar que es impropio de un uniforme de mujer.- El uniforme se compondrá unicamente (sic) de la blusa azul con emblema, falda negra, gorrito y cinturón negro.- Más adelante se darán normas fijas para el abrigo, distintivos etc.
3º.- Los desfiles de las Secciones femeninas serán solo (sic) cuando lo crea conveniente el Jéfe (sic) Provincial."[1079]

Tamén se establecían as tarefas nas que a militancia na SF podía realizar. Estas eran basicamente tres: asistencia en hospitais "(…) se ocuparán las afiliadas si los heridos estuvieran graves de que no les falten los Sacramentos de la Iglesia si quieren recibirlos."); labores de confección de prendas para as milicias ("que ademas (sic) de ser un ahorro para la Organización es una recompensa para las mujeres el bordar las Banderas que han de llevar al combate nuestros Camaradas para luchar por España.") e recollida de cartos nas diferentes subscricións[1080].

Aínda que, como xa dixemos, a SF de Vigo foi unha das primeiras, senón a primeira en fundarse a nivel estatal, o certo é que esta primeira experiencia deixou de funcionar antes do golpe. Despois deste a organización refúndase o 13 de agosto de 1936. Dende ese momento, tal e como mostra o Gráfico 40 o aumento da militancia foi moi similar aos dos homes, aínda que os seus ritmos non coincidan. De feito os picos de afiliación duns e doutras están totalmente distantes. Mentres que para os homes prodúcese en xaneiro de 1937 nas mulleres dáse en abril de 1938. A diferencia obedece, ou en parte obedece á lentitude do proceso de unificación e aos aportes que proporcionan tanto requetés como margaritas. No caso dos requetés vigueses incluíndo os adheridos non sobrepasan en todo o período os 175 afiliados, pero non temos datos para as margaritas. Tamén existía unha SF da JAP, pero tampouco sabemos os seus membros nen si pasaron a intégranse na SF ou non. En todo caso, o que si sabemos é que o proceso de integración foi en Vigo lentísimo. Hai follas de militantes e adheridos pola CT ate catro meses despois do Decreto de Unificación o que nos está a indicar

[1079] "Normas de organización de F.E. Sección Femenina", s/d. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, pp. 1976-1977.
[1080] "Normas de organización de F.E. Sección Femenina", s/d. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, pp. 1976-1977.

que existen aínda estruturas organizativas diferentes das dúas organizacións.[1081] Tamén sabemos pola prensa cando se produce a efectiva integración das margaritas na SF, ou sexa a súa primeira reunión como organización única, curiosamente, en marzo de 1938, xusto un mes antes do pico de afiliación da SF[1082].

Gráfico 40
Evolución comparada de afiliación a FE(T) JONS
homes/mulleres



Fonte: Elaboración propia a partir do baleira das caixas 186, 182 e 181 de Correspondencia 1936-1939, 1937-1949 e 1935-1951 do AHPP, Xefatura Provincial do Movemento e o baleirado do EPG e FDV do ano 1937.

E ao igual que sucede coas outras organismos de encadre vinculados á FE(T)-JONS as mensaxes e o papel que se lle outorga as mulleres na SF volve a estar mediatizado por unha tradición que non é a fascista.

"1º Dar de comer a los desamparados.
2º Coser para los necesitados
3º Educar a los niños desamparados.
Y la mujer de FALANGE FEMENINA como VERDADERA CRISTIANA, no solamente promete, sino que ya ha realizado y realiza estos deberes fundamentales de la doctrina cristiana; tiene un enorme taller, donde diariamente un gran número de falangistas cosen hoy, para el Ejército y la Falange y mañana coserán para los pobres.
Organiza también un magnífico comedor que será inaugurado próximamente y donde ser servirá comidas a los familiares pobres de nuestros héroes en el frente y a los menesterosos de la ciudad.
Tiene una escuela para flechas, educando los niños que carecen de enseñanza para convertirlos en buenos cristianos y verdaderos patriotas."[1083]

[1081] Listaxes de militantes e adheridos da CT en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, p. 651 e ss.
[1082] EPG, 29/03/1938.
[1083] FDV, 01/11/1936.

Malia toda a propaganda que desenvolveu a FET-JONS a principal organización de traballo das mulleres da SF, o *Auxilio Social* tivo na cidade unha actuación máis ben pobre. A finais de 1937 funcionan no Concello de Vigo e de Lavadores 4 comedores do auxilio. Un en Teis, outro na antiga Casa do Pobo, outro en Bouza e outro en Lavadores. O resto da labor caritativa asistencial que se realiza está co financiada polos Concellos e se fai a través das respectivas *Juntas Locales de Beneficencia*. Precisamente por un informe desta *Junta* sabemos que un dos "logros" presentados pola SF, o *Refugio Nocturno para Mujeres* é de titularidade municipal, e as militantes da SF só realizan a súa xestión[1084].

Tamén en 1938 o *Auxilio Social* da SF pretende estender as súas actividade de control social, que xa realiza a través dos seus comedores para pobres e necesitados. Para tal fin solicita ao concello a cesión dunha parcela dun mínimo de 2.000 m^2 para a construción dunha gardería para fillos de mulleres traballadoras, polo que solicitan que estes terreos deberían estar nalgunha das zonas fabrís co Concello. O seu fin, tal e como expresan na solicitude, non é axudar as nais traballadoras atendendo aos fillos durante a xornada laboral, senón "inculcar en sus almas las bases de una educación cristiana y española"[1085].

De todos xeitos, e aínda que o *Auxilio Social* fora definido pola propaganda como "la justicia de Falange", e que polo tanto tiña ou debía ter unha estreitísima vinculación coa SF, a nivel práctico parece que isto non sucedía. En 1940 a Delegación Nacional da SF constata por unha serie de protestas que lle chegan dende "provincias" os graves problemas de relación co *Auxilio Social*

> 1º. en las cuestaciones se niegan las afiliadas a realizarlas, por no ser respetadas por la gente. 2º. Poca armonia (sic) entre los mandos de la S.F. y A.S. 3º. Poco interés en los mandos de la S.F. en dar facilidades a los de A.S. para proporcionarles camaradas, creyendo que de esta forma son más jefes que los de A.S. 4º Despotismo en el trato a las afiliadas que son facilitadas al A.S. para sus servicios, por parte de los mando de Auxilio Social, etc."[1086]

Ao remate da guerra en 1939 establécese unha dicotomía entre dúas categorías, vencedores e vencidos, nós pensamos que meramente simbólica, pero que, simbólica ou non parece pre configurar determinadas conductas, incluso emocións individuais[1087]. Pois ben esta comunidade de vencedores vaise conformando ao longo do conflito e ten un elemento central nos ex combatentes. Estes antes, evidentemente, son combatentes e polo tanto, na retórica falanxista, son os que dan o sangue para que a retagarda poida sobrevivir. Xa que logo, son un elemento central simbólico e como é lóxico van ser un obxectivo prioritario de encadramento político, incluso despois da unificación, onde pasan a representar todos os valores da "revolución" nacional sindicalista. Consecuentemente, FET-JONS lánzase a unha forte

[1084] Informe do Concello a Gobernador Civil de Pontevedra sobre a situación das institucións de carácter benefico en Vigo, de agosto de 1938. ALC-25.
[1085] A solicitude está feita pola Delegada Local do Auxilio Social en xuño de 1938. ALC-23. Sábese que o concello accedeu ao solicito, pero non se sabe si a citada gardería chegou a facerse realidade.
[1086] Orden circular núm. 9 s/d da *Delegación Nacional de la S.F., Secretaría a Delegaciones Provinciales de la S.F.*, AHPP, Xefatura Provincial. Correspondencia, 1940, caixa 167. P. 403.
[1087] Ampudia de Haro, Fernando, "Distinción social y franquismo: la dicotomía "vencedor/vencido" en Navajas Zubeldia, Carlos e Iturriaga Barco, Diego (eds), *Novísima. Actas do II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, Logroño, Universidade da Rioja, 2010, 285.

campaña de afiliación destes combatentes para o seu encadramento político e con vistas a un futuro no que haberá que gañar a paz.

> "España para hacer la Revolución Nacional-Sindicalista, necesita el instrumento imprescindible de una vigorosa y decidida Falange, que agrupe y organice la fuerza y la juventud españolas.
> La guerra ha llevado a los frentes de batalla la casi totalidad de las jóvenes generaciones de nuestra tierra. La mayor parte de los actuales combatientes no tuvieron tiempo material de conocer y amar nuestra Falange y se han ido a cumplir con su deber sin haber podido ingresar en nuestra Organización."[1088]

Non obstante dende a fronte comezan a chegar pronto queixas e desenganos que son importantes na medida da importancia que FET-JONS lle concede a nivel simbólico aos combatentes. E para os falanxistas ou algúns falanxistas e moi importante

> "Cuando vosotros, camadas nuestros, y todos los que a vuestro lado combaten volváis de las trincheras, la ola reaccionaria que pretende ahogar nuestra revolución nacional-sindicalista quedará rota. Vosotros os reintegrareis a vuestras aldeas, a vuestros talleres a vuestras fábricas y habrá en España por primera vez desde siglos, una generación que habrá conocido el dolor, la muerta y la victoria."[1089]

Pero ás veces ante este requirimento de que sexan os combatentes quen destrúa aos inimigos da revolución nacional sindicalista, tamén hai quen se pregunta, dende unha posición de miliciano falanxista voluntario, para que se fixo a guerra.

> "(...) exaltados por el patriotismo, inspirados por José Antonio y conducidos por Franco, vestimos la camisa azul para tomar apresuradamente el fusil y lanzarnos a las trincheras, nos bastaba con ser españoles. Hoy, próximo ya el amanecer de la nueva España creo conveniente que sepamos el porque y el para que de nuestras luchas."[1090]

A súa pregunta non é unha dúbida sobre a necesidade de empuñar as armas, senón un reclamo de propaganda doutrinaria entre as tropas que en realidade descoñecen o que teñen/deben ou se lles reclama implantar. E como non podía ser doutro xeito, o Xefe Provincial, Suevos, contéstalle cunha evasiva, consciente de que nada se fixo para suplir esas carencias. Así respóndelle que no que atinxe "a la propaganda, es cierto está muy abandonada en general. No siempre por culpa nuestra, precisamente."[1091]

E ante a actitude de buscar ese apoio dos combatentes que no fondo supón un abandono das responsabilidades propias dos dirixentes que se atopan na retagarda tamén hai quen lle lembra

---

[1088] Xefe Provincial de Pontevedra e Xefes Locais, sen data. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, p. 1334.
[1089] Carta do Xefe Provincial, López Suevos a Mario Nodal Lamigueiro, miliciano de FET-JONS na fronte de Aragón o 27/06/1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, correspondencia 1938, caixa 162, p. 1071.
[1090] Carta do miliciano Isidro Vázquez Palacios ao Xefe Provincial, López Suevos, 0 21 de agosto de 1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia, 1938, caixa 162, pp. 1020-1021.
[1091] Carta do Lopez Suevos a Isidro Vázquez Palacios, Estafeta de campaña núm 28, 9 de setembro de 1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia,1938 caixa 162, p. 420, 422.

esa responsabilidade, que acompaña, tamén, coa falla de coñecemento dos fundamentos dese nacional sindicalismo que debe ser implantado.

> "(…) nada conseguiremos con ganar batallas en los frentes, si vosotros no lográis en la retaguardia ganar la gran batalla de la paz, con la puesta en práctica de nuestras doctrinas Nacional-Sindicalistas. Nadie mejor que vosotros a los que Dios os ha concedido el don de la palabra para extender por España la grandeza de nuestro dogma que hoy aun (sic) tantos desconocen."[1092]

Este colectivo, que non comunidade, ao que FET-JONS apela resposta tamén con apelacións á organización, con críticas ao descoñecemento do que se require de el. Pero dende as altas instancias desa organización que apela a unha suposta comunidade o que se lle ofrece é a súa fragmentación. A *Asesoría Nacional de Milicias*, establece en abril de 1938 e no contexto dunha campaña de afiliación, unha prelación entre combatentes que definirá subsidios, pensións e empregos na vida civil. Establécense 13 niveis dende os que posúan recompensas individuais (ascensos e méritos de guerra) ate os que tiñan pertencido antes do golpe a organizacións anti marxistas que colaboraran na preparación do mesmo e esta pertenza teña sido activa[1093]. Así as cousas, esta comunidade de vencedores nace dividida incluso entre os que mostraron apoio á sublevación.

Pero, e cando volven?

> "Aproximadamente unos trecientos excombatientes obreros en las Minas de Estaño existentes en esta demarcación, si no fuese por las injusticias y otros atropellos que con ellos comete la Compañía Francesa explotadora de las referidas, ya en la actualidad hubiesen sido nuestros Camaradas; dichas injusticias me refiero a los míseros sueldos que ellos perciben por el trabajo, que ha (sic) excepción de un porcentaje de ellos muy reducido el resto no llega a cobrar siete Pesetas cuyo trabajo a efectuar es de los más pésimos por ser bajo tierra y carecer las mencionadas de ciertos materiales que la Ley les obliga a tener; otro de los atropellos es a que en donde les obligan a trabajar en un turno de noche por espacio de un mes continuo que por efecto de ciertos gases que emanan de los minerales segun (sic) manifestaciones, les es imposible de resistir (sic), aparte que los relevos de turno de noche a día nunca oscilaron de una semana o cuando más quince dias (sic), y otro es aquel de despidir (sic) a os obreros sin saber estos el motivo. Todas estas manifestaciones y otras más las hicieron personalmente los obreros excombatientes en esta J.O.N.S. para ver si por medio de nuestros Servicio (sic) se pudiesen evitar dichos errores cometidos por la indicada empresa; hemos hecho los medios, hasta la fecha no han tenido ningún resumen de que fuesen favorecidos en algo que ellos llegasen a comprender el efecto de nuestros ideales, apesar (sic) de obrar en esta Jefatura una copia de una resolución tomada por el Servicio de Jurisdicción y Armonía del Trabajo de Pontevedra en donde comunica a la referida empresa los salarios que en lo sucesivo debian (sic) de percibir todos los obreros, dicha resolución fue

[1092] Carta do Comandante Alfonso Perez Viñeta (extremeño e camisa vieja) dende o 10 Tabor de Regulares de Albucemas núm. 5 da 150º División Marroquí a Lopez Suevos, novembro de 1938. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia, 1938 caixa 162, pp. 1023-1024.

[1093] Circular núm. 4 de 27 de abril de 1938 da Asesoría Nacional de Milicias, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, caixa 186, 1936-1939, p. 1986

> comunicada a los directivos, por el Delegado Sindical Local, y sin embargo es hoy el día de la fecha que dichas ordenes (sic) no san sido cumplidas.
> Estas son en comparacion (sic) con otras que les biene (sic) sucediendo simples causas que ellos manifiestan en varias ocasiones, y en vista de no ser favorecidos en sus pretensiones por la Falange se encuentran en la actualidad apartados de ella.
> Confío el verlos algun (sic) día militando en nuestras filas pero para llegar a eso es conveniente que por los representantes del Nacionalsindicalismo se tome un poco de interés y ver la forma de que esa situación critica (sic) por que atraviesan (sic) desaparezca."[1094]

FE(T)-JONS deféndese na prensa da terxiversación do concepto revolucionario falanxista, da concepción do catolicismo que algún parece negarlles, da apertura da propia organización a aqueles que formando parte da anti España, agora, acoden a eles, da súa idea de Estado totalitario onde os sindicatos teñan un papel predominante, da concepción destes sindicatos como marcos de encadramento de patróns e obreiros que simbolice a fin das clases sociais… Pero FE(T)-JONS, tamén ataca, e ante as críticas afirma que a esencia da verdadeira Patria está nas trincheiras, onde todo é sacrificio redentor e cando se produza a volta dos que combaten nas frontes (futuro), todos os mornos, emboscados e cucos que aniñan en retagarda daranse conta que a paz aínda ten que ser gañada, tal e como manifestou no discurso da vitoria Franco. Que está a suceder? Realmente as posicións defendidas por FE(T)-JONS están a ser contestadas? Os representantes todos desa vella política que foi incapaz de salvar a España están en disposición de dar a batalla contra eles? Non, non o están. FE(T)-JONS non resposta a unha serie de escuras manobras políticas orquestradas por un grupo de influentes "señoritos". Está a responder a un proceso social, un proceso que se inicia na mesma FE(T)-JONS: a hibridación[1095].

A posición política de FE(T)-JONS é froito directo, a partir de xullo de 1936, do proceso de crecemento descrito anteriormente. A entrada masiva de novos militantes ocasiona, como non podía ser doutro xeito, e máis tendo en conta a situación previa a nivel organizativo e de formación ideolóxica, un proceso de acoplamento das referencias e do modo de concibir o mundo deses novos aportes coas que xa existen dentro da organización. Dado o volume de novos aportes, a cultura política que estes traen en tanto actores políticos que eran, tende a modificar a posición inicial da organización á que chegan, moitos ademais, provintes doutras tradicións. De feito a propia organización defínese a si mesma como iso, como unha forma de ser, non unha forma de pensar, unha cultura fronte a unha ideoloxía, porque a posición ideolóxica, en realidade, non é posible

"La Falange no es una manera de pensar, no: la Falange es una manera de ser. No olvidéis estos: la Falange es una manera de ser. Es la manera de ser de los españoles de FRANCO, de la Segunda Reconquista y el Segundo Imperio. Una manera de ser que imprime carácter. Porque la Falange es, sobre todo, un espíritu y un estilo."[1096]

[1094] Xefatura Local de Vila de Cruces a Secretaria Provincial de FET-JONS do 4 de xullo de 1940, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento, Correspondencia 1940, caixa 168, pp. 615-617.

[1095] Tiramos o concepto de hibridación do suxestivo traballo de Oscar Rodríguez Barreira, "Tratando de hacerse fascistas…Falange y el personal político franquista en provincias. Parafascismo, culturas políticas e hibridaciones, 1933-1945", *Historia y Política*, núm. 51, 2024.

[1096] Discurso, sen data, en AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1936-1939, caixa 186, p. 1332

Esta *Falange* "manera de ser" é o resultado do proceso de hibridación, un proceso que ten a súa causa máis salientable na expansión da FE(T)-JONS dende o golpe. É contra este primeiro paso contra o que pretenden reaccionar os mandos da organización tal é como describimos anteriormente. Pero o contexto de mobilización e a aposta decidida por contribuír a ela por parte da dirección da organización, unida a falla de estrutura e de formación dos seus cadros, orixina que a resposta á hibridación sexa unha sorte de representación simbólico virtual: o envoltorio que dicía Ismael Saz cando falaba de fascistización, facilmente asimilable polo conxunto da organización, dos novos e dos vellos militantes. Pero o proceso de hibridación non se detén no interior da organización asaltada por miles de novos militantes. Ese produto híbrido, revestido dun ritual fascista, será o marco referencial onde se van a encadrar, dentro das súas estruturas organizativas, un conxunto aínda maior de cidadáns. É na presentación dese produto, no contraste coa realidade local e diaria onde vai a producir un novo choque, un novo e máis amplo proceso de hibridación co conxunto social ao que se lle "presenta" a organización como estrutura de encadre social. É por iso que os novos militantes, dirixentes locais dende os primeiros momentos, ofrecen e publicitan un "produto" hibridado, contraditorio moitas veces, que será o que "merquen" as novas incorporacións, proceso que se repetirá de xeito constante. Precisamente neste contexto algúns recorreran aos constantes reclamos, retóricos, aos camisas vellas, aos puros, os teoricamente non hibridados, para que conserven as esencias orixinais, que en realidade, nunca existiron.

As outras organizacións que apoian o golpe participarán tamén desta hibridación, a súa actividade irá esmorecendo ante a competencia cunha FE-JONS que se irá convertendo no seu igual, ou aquelas que subsistan serán forzosamente integradas a partir da desaparición de FE-JONS decretada por Franco na nova e xa oficialmente híbrida FET-JONS. Neste sentido non debemos perder de vista a labor que realizan organizacións como AMC. Si antes do golpe, a organización era un punto de encontro, de interrelación, das diversas tendencias anti liberais, a partir do golpe seguirá a desenvolver un papel destacado na configuración política local, mantendo a súa función de punto de encontro. Manterá un discurso e sobre todo fornecerá de militantes e dirixentes a FE-JONS que, pola propia configuración da AMC, terán unha posición mixta: un catolicismo exacerbado combinado cunha defensa, por riba de todo, do nacionalismo tradicionalista revestido coa retórica fascista, e sobre todo unha intención de futuro, da irremisibilidade dos cambios que se están a producir a nivel social e político.

> "Todos los valores tradiciones que han constituido la base firmísima donde se puede asentar un garantía el porvenir de España, serán recuperados con su natural vigor, para que sigan aportando su beneficio, que es avivar el alma nacional forjada al temple de todas as tradiciones. Ahora bien, habrán de ser reintegradas a perpetuidad y con mayor solidadez (sic). (...) Por lo menos pedirán al español, más virtud cívica, más fundamento religioso, mayor espíritu de sacrificio. (...)
> (...) En lo social implantará la justicia y caridad y que no ha conseguido resolver el pensamiento de nuestros gobernantes."[1097]

A nivel de composición interna da organización tamén existe un proceso de hibridación, aínda que non se pode cualificar como espectacular. Así no Gráfico 41 vemos como máis do 15% do militantes, tendo en conta o número total de militantes ao final do período, procede de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[1097] Méndez Rodríguez, Gabriel, "Retorno de valores", MC, 1/03/1937

outras organizacións dereitas (incluídos os carlistas), aínda que esta porcentaxe debe ser vista como un mínimo, o que a nós nos consta.

Gráfico 41
Procedencia dos afiliados a FE(T) JONS



Fonte: Elaboración propia a partir do baleira das caixas 186, 182 e 181 de Correspondencia 1936-1939, 1937-1949 e 1935-1951 do AHPP, Xefatura Provincial do Movemento e o baleirado do EPG e FDV do ano 1937.

Gráfico 42
Procedencia das achegas dereitisas a FE(T) JONS



Fonte: Elaboración propia a partir do baleira das caixas 186, 182 e 181 de Correspondencia 1936-1939, 1937-1949 e 1935-1951 do AHPP, Xefatura Provincial do Movemento e o baleirado do EPG e FDV do ano 1937.

Por outra banda, máis dun 3 % son de militancia anterior a organizacións que apoian da FP. En números absolutos estamos falado de 100 persoas, que a nós non nos parece unha cantidade nada desprezable. Ao mesmo tempo, e aínda que non podemos ofrecer porcentaxes sabemos que sobre uns 70 máis están integrados nos sindicatos da CONS-CNS. De feito, hai sindicatos da CONS que están dirixidos por militantes da UGT, CNT pero tamén por galeguistas, agrarios e mesmo comunistas, ou que estes forman parte das súas direccións. En

concreto a súa presenza está constatada das direccións do *Sindicato Nacional Bancario* (UGT), no *Sindicato de Panderos* (CNT), Sindicato Metalúrxico (CNT, UGT), *Sindicato de Artes Gráficas* (toda a dirección pertenceu anteriormente á UGT), *Sindicato de Empleados Municipales* (UGT, republicano), SIP-CONS (republicano, UGT, CNT), *Sindicato de Obreros del Puerto* (UGT), *Sindicato de Agricultores de la CONS* (PG, UGT, Agrario), *Sindicato de Estibadores* (PCE), *Sindicato de Camareros* y *Cocineros* (UGT) e *Sindicato de Gas y Electricidad* (UGT),

Ao mesmo tempo, si facemos analizamos a procedencia destes dereitistas (Gráfico 42), vemos como a porcentaxe maior corresponden ás persoas procedentes da GCV, pero aínda así non chegan ao 50% do total da organización dos que temos constancia que se integran despois da súa desaparición. Outro tanto ocorre cos procedentes da JAP, o porcentaxe so está por diante das aportacións das dereitas clásicas (URC, BN, PAE, e PNE), pero en relación ao total de *japistas* que temos rexistrados só supón un 21,80 % Isto pode ser debido ás dificultades que tivemos á hora de identificar os novos militantes de FET-JONS en 1938 para os que utilizamos simplemente datos numéricos e non a identificación dos individuos. Polo tanto estas porcentaxes deben ser consideradas como un mínimo seguro. En todo caso, o Gráfico 41 demostra a hibridación interna e as múltiples achegas dende posicións ideolóxicas distintas e nalgún caso, incluso, contraditorias.

7.5. A XESTIÓN DO PODER LOCAL.

Centrar as nosas pescudas na comarca de Vigo ofrece a posibilidade, á hora de analizar a ocupación e a xestión que os sublevados fan do poder, de comparar dous modelos totalmente diferentes. Por unha banda, a dun concello urbano economicamente centrado na industria metalúrxica e nas industrias do mar, Vigo. Por outra banda, un concello rururbano cunha forte compoñente rural pero tamén cun desenvolvemento industrial que o sitúa lonxe dun típico concello agrícola, Lavadores[1098]. Igualmente tamén se produciron diferenzas notorias en cando a resistencia ao golpe, xa que, como temos visto, esta centrouse no concello de Lavadores. A explicación é relativamente sinxela: en Lavadores vivía unha gran cantidade de man de obra, obreiros e obreiras que se desprazaban a Vigo para traballar diariamente, aínda que tamén puido afectar o alto grao de politización da sociedade lavadorense. Igualmente non hai que deixar de sinalar que moitos dos que participaron nas barricadas eran veciños de Vigo, aínda que esta consideración non foi tida en conta polo Comandante militar da praza, Felipe Sánchez, na súa primeira visita ao Concello despois do trunfo da sublevación.

> "(…) Felipe Sánchez (…) manifestó que venía ahora a Lavadores en son de paz porque en ese tono le llamaban [ilexible] mostrando su extrañeza por la falta de asistencia de muchos ciudadanos de aquel término."(...) Dijo que en Lavadores fue el único punto donde encontró resistencia y que, aun lamentándolo mucho, se vió precisado a tratarle como se merecía, o sea con las armas y que, en cumplimiento de su deber, la volvería a tratar de la misma manera si en lugar de llamarle en son de paz lo hiciesen en son de guerra."[1099]

[1098] Román Lago, Isidro, *Campesiños de Lavadores*...
[1099] EPG, 09/09/1936.

Pero aínda que entre os dous concellos existen unhas notables diferenzas, na xestión que os sublevados fan da política municipal e no desenvolvemento das dúas institucións tamén existen algunhas grandes similitudes, entre a que destaca unha relativa falla de estabilidade dos gobernos municipais. No caso de Vigo, entre o 27 de xullo de 1936 e o 1 de abril de 1939 sucédense 4 gobernos municipais e no caso de Lavadores serán 3, aínda que neste caso a última corporación municipal foi incapaz de desenvolver unha mínima actividade de carácter externo ante os grandes problemas que xurdiron dentro da propia corporación[1100].

Como xa temos visto e sucede en todas as xestoras municipais nomeadas inmediatamente despois do golpe, a misión dos primeiros días é colaborar coas autoridades militares en derrotar a folga xeral que os traballadores convocan para tentar parar á sublevación. Inmediatamente despois, a xestora tenta poñer a funcionar a institución, tanto como medio para desenvolver unha serie de medidas de control da poboación, como para poder organizar, dun xeito eficaz, a axuda e o avituallamento das tropas sublevas. Foi precisamente nese intento de botar a andar os servizos municipais cando os novos xestores danse conta da dificultade ante a ausencia dunha gran parte do persoal municipal. E para poñer en marcha todos os servizos municipal botouse man de todo o que se tiña, incluso dos funcionarios xubilados que se "encuentren en las debidas condiciones físicas" que son chamados a que se incorporen outra vez ao servizo activo, ante as baixas de persoal en numerosos servizos, baixas que, tratando de agochar a realidade identifícanse coas incorporacións ao Exército[1101]. Ao mesmo tempo, a CXMV como medida para transmitir á poboación o retorno á normalidade derroga o acordo que tomara o 27 de xullo para a suspensión do cobro dos arbitrios municipais como medida para incentivar a entrada de produtos de primeira necesidade na cidade dende a súa contorna, e que xa comentamos. Non obstante, un mes despois a situación está totalmente fora de control con máis de 33 postos vacantes no servizo de arbitrios

Como consecuencia de las cesantías decretadas hasta el día de la fecha y las que se proponen hoy, así como en virtud de las detenciones de funcionarios decretadas por la autoridad competente, existen en el Cuerpo de Arbitrios las vacantes siguientes: (...) como se observará figuran a más de las vacantes de vigilantes que son las plazas de la última categoría, otras de gran importancia, como son las de la Administrador del Matadero, Aforador de los depósitos intervenidos de vinos y carnes y tres Recaudadores. (...) [Isto orixina unha] situación de anormalidad que no permite que el personal del indicado Cuerpo disfrute del descanso semanal, y además que la fiscalización y cobro de algunos arbitrios, tan importantes como los de vinos y carnes, no se cobren con la debida regularidad."[1102]

Esta situación de precariedade dos servizos municipais é aproveitada inmediatamente para comezar o proceso de substitución do persoal municipal con praza gañada en oposición por un novo persoal de carácter interino que estará formado na súa maior parte por persoas adeptas ás

[1100] Esta falla de estabilidade parece ser característica das cidades galegas, de feito A Coruña vive 5 gobernos municipais entre 1936 e 1939; Pontevedra, 3; Santiago, 5 e Ourense 4. Pero non é a tónica habitual na retagarda franquista no que atinxe a grandes cidades, así Valladolid só ten unha en todo o período (Palomares Ibáñez, José M., *El primer franquismo*...), Salamanca 2 (Cuesta Bustillo, Josefina, "La Guerra Civil y la militarización del espacio en Salamanca", Salamanca, revista de Estudios, núm. 40, 1997, Zaragoza 1 (Cifuentes, Julita e Maluenda, María P., "De las urnas a los cuarteles..." e Granada 3 (Hernández Burgos, Claudio, *Granda azul*...

[1101] Moción do xestor Alfonso Crespo Martínez na sesión da CXMV do 07/08/1936, AMV, 70.1

[1102] Moción do xestor Alfonso Crespo Martínez na sesión da CXMV do 17/08/1936, AMV, 70.1

novas autoridade. Así de 27 persoas que se contratan para suplir as baixas no servizo de arbitrios, 4 serán cubertas con traslados de persoal propio, pero 22 serán persoas que agora acceden a un posto de traballo de carácter público en calidade de persoal interino do concello sen requisito legal algún [1103]. A situación debeu de coller de sorpresa aos xestores ou revestir unha grandísima gravidade, xa que a contratación destas persoas aprobada o 17 de agosto viña a contradicir un acordo deses mesmos xestores do 29 de xullo, que despois de cesar a 21 traballadores por non acudir aos seus postos de traballo, efectúan unha primeira contratación de interinos para suplir o persoal en folga (os 21 desa sesión máis os 25 traballadores cesados o 28 de xullo, 17 do servizo de limpeza), decidiron prohibir calquera nova contratación de carácter eventual[1104]. Non obstante a situación de abandono de postos de traballo continúa e o 30 de xullo, 11 traballadores do servizo de augas son cesados, a petición do Comandante militar, por ausencia do seu posto[1105].

Polo tanto, a primeira incorporación de persoas á función pública aos que se lles suporá, por ter conseguido unha praza de traballador ao servizo do Concello, adhesión ás novas autoridades, non se realiza como froito da labor depuradora activa da Comisión Xestora, senón que será con consecuencia directa da resistencia ao golpe dos titulares da praza municipal, unha especia de depuración reactiva que se realizará sen subxección a expediente algún e por simple acordo da CXM. A falla ao traballo, igual que está a acontecer na práctica totalidade das empresas de Vigo nos mesmos momentos, é un acto de resistencia que si ben, algunha empresas optaron por agardar a súa reincorporación, no Concello non foi así dada a total paralización dos servizos municipais, imprescindibles para o afianzamento da sublevación. Nesta etapa de depuración reactiva son cesados 90 empregados municipais que veñen a supoñer o 10,61 % do total de empregados do concello.

A primeira medida de carácter activo que a Xestora toma en relación á depuración do seu persoal e do 8 de agosto de 1936, e non afecta a persoal de carácter obreiro ou administrativo ao seu servizo, senón aos profesores das escolas municipais que "por su actuación hayan dejado de ser dignos de regentar las escuelas de las que son titulares"[1106].

Así a primeira medida activa para o persoal municipal non docente tómase na sesión da Xestora do 20 de agosto e ten que ver coa suspensión de emprego e soldo dunha gran parte do persoal da Policía Municipal que resulta, á vista dos informes da *Delegación de Orden Público*, "indeseables"[1107]. Isto provoca a desaparición do corpo de policía municipal, polo que a Xestora decide convocar un concurso-oposición para ocupar con carácter de interinidade as prazas que quedan vacantes e onde será valorado o "sufrimiento por la patria" ou algún feito relevante de carácter público [1108]

Todo isto ven a demostrar que a intención desta primeira CXMV non é proceder a crear unha nova estrutura administrativa "exnovo" dende cero[1109]. Primeiro pola imposibilidade práctica

[1103] Sesión da CXMV do 17/08/1936, AMV, 70.1. Unha das persoas nomeadas nesta sesión non sabemos si se trata de persoal propio o de carácter interino, xa que o seu nome e apelidos (Eduardo González) dificulta a súa individualización.
[1104] Sesión da CXMV do 29/07/1936. AMV, 70.1.
[1105] Martínez Pereda, Lucio, "La depuración franquista... p. 155.
[1106] Moción do xestor Juan Cerqueira Domínguez, camisa vella de FE-JONS, na sesión da CXMV do 08/08/1936, AMV, 70.1.
[1107] Sesión da CXMV do 20/08/1936, AMV, 70.1.
[1108] EPG, 21/08/1936.
[1109] Martínez Pereda, Lucio, "La depuración franquista... p. 149.

e a contradición que suporía cos seus obxectivos inmediatos de afianzamento da sublevación que precisaba ademais da xa comentado apoio en labores de todo tipo de loxística, os servizos de información e control da poboación de carácter municipal. Segundo, porque os sublevados contaban con certos apoios, moitos máis dos que se lle supoñían dentro do persoal municipal e que procedían, entre outros, dun colectivo de persoal municipal afectado por un decreto do último alcalde da FP que anulaba os ascensos, gratificacións e novas altas no cadro de persoal dende o 1 de outubro de 1934 e que este colectivo comezou, case inmediatamente despois do golpe, a recorrer ante os tribunais do contencioso-administrativos, gañando todos os xuízos e anulado as decisións tomadas no seu momento pola corporación municipal da FP. Este colectivo, loxicamente resentido coa política da FP foi o punto de apoio máis grande que a CXMV tivo entre o persoal municipal. Pero tamén sabemos da existencia dun grupo de funcionarios afiliados a FE-JONS, que ademais non están acudindo ao seu posto de traballo nestes primeiros momentos e que a CXMV acorda, aínda así seguir efectuándolles o pagamento dos seus salarios, pero este será ingresado na conta da Xefatura Local de FE-JONS[1110]. Ao mesmo tempo, o proceso depurador activo que comeza coa disolución do corpo de Policía Municipal non ten, en ningún caso, relación con supostas ordes do Comandante militar da praza. Este participa no pacto previo ao golpe cos que máis tarde, o 22 de xullo, nomeará como integrantes da Xestora, pero non hai razón obxectiva que faga presupoñer que tivera coñecemento algún do cadro de persoal do Concello e de que persoal tiña ou non tiña que ser depurado, de feito antes de comezar a depuración a Xestora solicita os correspondentes informes de todo o persoal á *Delegación de Orden Público*, prova de que nin sequera eles coñecían as actividades político sindicais dos traballadores municipais, agás contadas excepcións.

Pero a Xestora nestes primeiros momentos da súa actividade toma outra serie de decisións que pasan inadvertidas e que revelan a natureza da xestión pública que vai a acometer. Na sesión do 7 de agosto de 1936, advírtese que a situación da facenda municipal é de quebra técnica grazas ás accións das diferentes corporacións democráticas, unha xustificación idéntica para a paralización das actividades cando se constitúa o Concello de Lavadores[1111]. Pero a reacción dunha e doutra Xestora é totalmente diferente, mentres que en Lavadores se informa inmediatamente "a la Superioridad" da situación solicitando unha prórroga dos orzamentos xa prorrogados, en Vigo, o mesmo xestor que informa dos problemas co déficit, o cívico Alfonso Crespo, propón o aprazamento do cobro dun dos impostos municipais, o de branqueado de casas, xa que por mor da pasada folga da construción "*no fue posible afectuar aquella medida de higiene en el plazo dado por la Alcandía.*". Pero cando a moción pasa a debate sofre un repentino cambio. Como consecuencia das intervencións dos xestores Sensat Curbera, e Reboreda Rodríguez, ambos empresarios, que propoñen que a prórroga non afecte só ás multas por falla de branqueo, senón que se estenda a todas as multas pendentes da etapa democrática. Pero este tampouco será o acordo final. Finalmente a Comisión Xestora acorda condonar todas as multas por infraccións das Ordenanzas municipais e bandos impostas pola Alcaldía de Vigo ate o dia 20 do mes de xullo dende o 16 de febreiro, unha medida de gracia que afecta maiormente a industriais e empresarios[1112].

O 26 de agosto o Gobernador Civil comunícase coa Xestora para dicirlles que todas as xestoras deben ser nomeadas seguindo unhas normas que non cumpre a actual CXMV, así os

[1110] Sesión da CGM do 24/08/1936, 70.1.
[1111] Sesión da CXMV do 07/08/1936, AMV 70.1 e Sesión da CXML do 30/09/1936 LAV 6.5 AMV.
[1112] Sesión da CXMV do 07/08/1937, AMV 70.1.

xestores poñen os seus cargos a súa disposición. O 1 de setembro toma posesión a nova Comisión Xestora "constituída con arreglo a las normas dictadas por la Junta de Defensa Nacional". Dous días máis tarde constitúese a primeira xestora do Concello de Lavadores.

A segunda xestora de Vigo non supón un cambio tanto na composición política como na composición social coa primeira. Prodúcese unha redución dos seus membros, pasando de 13 a 8, incluíndo en ámbolos dous casos, ao delegado militar. Cinco xestores non continúan. Dous deles non temos constancia de que tiveran ningunha participación na primeira xestora para a que foron nomeados. Trátase de dous empresarios, Eugenio Fadrique González e Crescencio Arosa Álvarez. Tamén abandona a xestora outro empresario, o construtor Hipólito Reguenga Borrajo que pasará a dedicarse de cheo aos seus negocios. Sebastián García Retuerta outro dos xestores que non continúan, militar e cívico, foi mobilizado e se incorpora ao seu destino militar. E por último, Javier Sensat Curbera para o que se buscarán destinos máis acordes coas súas capacidades[1113]. Os xestores que continúan son todos, agás un, empresarios e todos, tamén agás un, teñen militancia política previa: PCR, PAE, GCV, camisa vella de FE-JONS, URD e ORGA.

Por outra banda a Xestora nomeada para dirixir o Concello de Lavadores ten unha característica diferente á viguesa: a maioría dos membros, xa ocuparan cargos de carácter municipal en corporacións anteriores, destacando a vinculación con corporacións da Ditadura de Primo de Rivera. A nivel político en Lavadores non existe unha vinculación tan clara con partidos concretos e domina unha sensación da volta ao poder dos sectores tradicionais da sociedade que foran apartados, polos agrarios, xa en 1914, volveran ao concello da man da Ditadura de Primo e volverán agora de man das novas autoridades. En concreto, os sete xestores nomeados son: José González Lorenzo, delegado civil e de orde pública, actúa como alcalde. Propietario, Alcalde de Lavadores en 1924, monárquico e adherido a FET-JONS en decembro de 1937; Martín Lago González, médico, concelleiro en 1924. Adherido a FET-JONS en agosto de 1938; José Díaz Casabuena, profesor da Escola de Artes e Oficios de Vigo, dirixente da URD ente 1932 e 1934; Victoriano Rial Román, empresario, concelleiro na corporación de 1924, monárquico, secretario local de FE-JONS na primeira xunta de mando local en setembro de 1936; Enrique Alonso Fernández, empresario da construción; José Caride Fernández, aparellador, concelleiro no Bienio Negro, afiliado ao PRR, GCV dende setembro de 1936 e posteriormente afiliado á FET-JONS, xusto despois da unificación, e por último, Miguel Martínez Pereiro, que actúa de síndico da xestora, funcionario e xuíz municipal de Lavadores en setembro despois da destitución do seu titular.

Como se pode ver a xestora de Lavadores ten un carácter máis tradicional que a de Vigo, cunha forte presenza de aqueles que accederan ao poder municipal a través da Ditadura de Primo, a inmensa maioría tamén procede socialmente do sector empresarial do concello. Non existe ningún camisa vella de FE-JONS porque a organización non existía en Lavadores antes do golpe. Ademais todos os militantes que aparecen na corporación afílianse despois do seu nomeamento. Tres deles teñen unha vinculación oculta. O día 20 de xullo, o aínda alcalde de Lavadores, o socialista José Antela Conde, ordena á garda municipal que realice unha serie de rexistros en busca de armas en domicilios de destacados dereitas do concello. Entre os rexistros que se efectúan, tres deles son as casas de tres dos xestores agora nomeados: José Díaz Casabuena, Victoriano Rial Román e Martín Lago González.

[1113] Javier Sensat Curbera, foi nomeado en febreiro de 1937, Presidente da *Junta Reguladora de Importanción*, un organismo de carácter estatal da novo organización institución dos sublevados.

Nos casos concretos de Vigo, e máis claramente en Lavadores, non existe esa entrada de elites novas no goberno municipal coa chegada dos sublevados ao poder, senón que tanto nunha xestora como noutra dominan as elites de carácter económico e político que controlan a industria e incluso a banca, a través do *Banco de Vigo* no que algún dos xestores tiña intereses. Así parece que esta realidade axústase a análise de Antonio Cazorla sobre volta ao poder das elites tradicionais fronte á renovación do persoal político local de Ángela Cenarro, cando menos neste momento concreto, aínda que como veremos a situación vai manterse ao longo de todo o período cronolóxico estudado[1114]. Tendo que conta que por tradicionais hai que considerar elites asentadas económica e politicamente cun importante papel no desenvolvemento da cidade, tamén nos anos posteriores á guerra e ate os anos 60-70 do século XX. En todo caso para avaliar a potencia dos posibles cambios ou as permanencias sería imprescindible avanzar na análise do poder municipal máis alá de 1939, o que supera o marco cronolóxico desta investigación. Aínda así, si sostemos como válida a proposta de Rodríguez Barreira[1115], sobre a hibridación da FE(T)-JONS, quizais, habería que ir máis alá da identificación de militancias vellas ou novas nos ocupantes dos distintos gobernos municipais. Para outra investigación queda.

Na acción depuradora das corporacións tamén existe unha diferencia entre Vigo e Lavadores. Neste último, posiblemente pola tardanza na creación da Comisión xestora, o proceso de depuración comeza por orde do Goberno Civil, que insta a apertura do proceso contra o sereno da Casa Consistorial, Enrique Pérez Rodríguez a finais de outubro de 1936 e que será o primeiro empregado municipal de Lavadores en sufrir esta situación.[1116] Por outra banda, a acción desta primeira xestora de Lavadores é reducidísima e non toma ningún acordo que revista importancia en todo o período no que exerceu as súas funcións, quizais lastrados polas dificultes económicas do concello, sobre o que non é capaz de aportar solución algunha ou da advertencia que o Gobernador Civil fai a todas as xestora nomeadas nestas mesma datas:

> Los gestores tendrán funciones restringidas, circunscritas a lo estrictamente necesario para la no interrupción de la vida municipal. Eso es, el sistema que se adopta antes de llegar a la completa reorganización y constitución de las Corporaciones Municipales. Un régimen circunstancial y de transición, ni puede en modo alguno, implicar una situación definitiva y plena de facultades. Sería perjudicial y pernicioso que así fuera (…)"[1117]

Tan só toma un par de acordos dende a súa constitución ate o seu cese en febreiro de 1937 que teñen que ver coa difusión dos símbolos na construción da nova sociedade. Primeiro, en novembro de 1936 organiza os actos "espontáneos" para cando se produzo a toma de Madrid

> "(…) la Comisión Gestora, por unanimidad, acordó que para festejar la toma de Madrid por nuestro glorioso Ejército, se iluminase la Casa Consistorial y se disparen bombas para que anuncien rápidamente al vecindario tan grata noticia y recorran las calles (…) una banda de música y gaitas."[1118]

[1114] Cazorla Sánchez, Antonio, "La vuelta a la historia: caciquismo... Cenarro, Ángela, "Instituciones y poder local en el <<Nuevo Estado>>" en Juliá Díaz, Santos (coord.), *República y Guerra en España (1931-1939)*, Madrid, Espasa Calpé, 2006.
[1115] Rodríguez Barreira, Oscar, "Tratando de hacerse fascistas..."
[1116] Acta da Sesión CXML do 28/10/1936. LAV 6.5.
[1117] Acta da Sesión Constitutiva da CXMV do 01/09/1936. 70.1.
[1118] Acta da Sesión da CXML do 06/11/1936. LAV. 6.5. AMV.

E un mes máis tarde aproba o cambio do nome das rúas. A súa xestión non deu para máis porque na mesma sesión comunícase un ditame da avogacía do Estado confirmado pola Auditoría Militar, no que Gobernador Militar da Provincia acorda suspender todos os acordos de segregación do Concello de Teis, en base ás moitas irregularidades que se detectaron en todo o proceso de segregación que se tiña confirmado antes do golpe de estado[1119]. Como consecuencia da anulación da segregación do Concello de Teis e para integrar na xestora aos representantes da agora novamente parroquia, o Gobernador Civil cesa aos membros da Xestora e nomea unha nova que toma posesión en febreiro de 1937.

Pero mentres que no Concello de Lavadores non hai problema algún coa ausencia do persoal do concello e tampouco se da iniciado ningún proceso de depuración, no Concello de Vigo as cousas son absolutamente diferentes.

Do persoal interino contratado para substituír aos empregados, sobre todo da sección de arbitrios, que deixaron de acudir aos seus postos por mor da folga xeral, 13 persoas tampouco acudiron a ocupar os seus postos. As así cousas o xestor Crespo Martínez, lembremos fundador da GCV, e responsable de persoal, propón unha nova contratación de 16 persoas[1120]. Desta vez, tenta asegurarse de que as persoas que se integren interinamente no cadro de persoal do Concello, sexan absolutamente fieis ás novas autoridades: dos 16, 8 pertencen a organizacións que apoian a sublevación (FE-JONS, CONS e MC), de 7 non nos consta afiliación algunha e 1 tiña un pasado de militante á UGT e tempo despois será depurado. Este proceso, dende a primeira contratación ate a constatación de que os novos empregados non se presentan a traballar e os novos nomeamentos onde se inclúe un militante da UGT, demostran un gran descontrol dentro da Xestora a quen lle resulta difícil poñer en funcionamento unha maquinaria tan grande como o Concello de Vigo. Pero ao mesmo tempo, a chamada destes militantes adeptos para asegurarse un mínimo de cobertura das prazas vacantes, orixina un efecto chamada, e a partir deste momento militantes e achegados a FE-JONS comezaran a facer solicitudes de concesión de prazas no cadro de persoal do concello. O problema para o acceso dos militantes de FE-JONS ao traballo municipal a través de solicitudes propias e que as máis das veces, estes militantes solicitan prazas xa ocupadas, polo que o Concello non pode máis que desestimar as súas solicitudes. Este é o caso do primeiro peticionario afiliado a FE-JONS, Ángel Bello Pérez, no momento de efectuar a solicitude, empregado mercantil, e que solicita en setembro de 1936 unha praza de capataz municipal, solicitude de a xestora rexeita por non existe ningunha praza vacante desa categoría[1121]. Isto nos está a dicir que a "ocupación" dos empregos municipais por parte dos adeptos á sublevación non foi unha cuestión de enchufismo individual, senón un proceso colectivo realizado dende a propia institución municipal e que tivo como obxectivo a vinculación de persoal leal naqueles servizos máis afectados, primeiro pola paralización orixinada pola folga xeral, e despois pola depuración activa do seu persoal, que aínda que se intentou non puido ser substituído ante o gran volume de depurados, polo persoal leal que xa traballaba no concello.

O rechamante é que canto máis tempo pasaba e máis se afacían os novos xestores ás súas responsabilidades, a situación máis empeoraba. O 7 de setembro[1122], xusto despois de que o

[1119] Acta da Sesión da CXML do 30/12/1936. LAV 6.5. AMV.
[1120] Actas da Sesión da CXMV do 05/09/1936, AMV, 70.1.
[1121] Actas da Sesión da CXMV do 05/09/1936. AMV, 70.1.
[1122] Actas da Sesión do CXMV do 07/09/1936, AMV, 70.1.

xestor Yáñez Tapias propuxera a construción dun gran mastro na praza de Compostela para que ondee en todas as festas e solemnidade unha gran bandeira "nacional" que sexa visible a unha gran distancia, a Comisión xestora, insta ao responsable do servizo de bombeiros, Ángel Reboreda, a que reorganice o servizo ante a súa inviabilidade operativa. Dous días despois, o 9 de setembro, a xestora trata da reconstrución da Policía Municipal. 50 dos integrantes (o 50 %) do corpo quedan fora despois da súa reconstrución, dos outros 50 que si conseguen continuar desempeñando as súas funcións, cónstanos militancia previa en organizacións de carácter social (non político nin sindical) dun garda, 6 afiliados a FE-JONS e CT e dos 43 restantes non temos datos de actividade previa, nin posterior de carácter política ou sindical. A estas 50 reincorporacións se lles unirán 8 máis que unha vez solicitado o reingreso se lles concede o 12 de setembro. Destes 8, 4 son militantes de FE-JONS ou pasarán a militar inmediatamente, como Avelino Martínez Carro, readmitido o 12 de setembro e militante dende o 19 do mesmo mes. Dos outros 4 hai un deles, Ernesto Fernández Álvarez que si tivo militancia previa, e aínda así resulta readmitido. De feito o 20 de agosto de 1936 o Comandante Inspector da Policía Municipal que é quen procede á reorganización do corpo afirma del que é "un individuo indeseable", pero aínda así volve ao corpo. Este caso non ten nada que ver con ter ou non ter participado na resistencia ao golpe, como interpretacións recentes relacionan a permanencia de individuos con militancia previa nos seus postos de traballos despois da toma de posesión das diferentes xestoras municipais[1123]. Ten que ver con algo máis banal, os amigos influentes. De feito cando na Corporación Municipal non quede case ningún membro desta segunda CXM, Ernesto, será primeiro depurado (xuño de 1939) e posteriormente se lle abrirá un proceso por responsabilidades políticas[1124].

O proceso de reorganización da Policía Municipal continúa a finais de setembro cando a CXMV decide o reingreso de 17 axentes que foran suspendidos, 3 destes axentes pertencen a organizacións de apoio ao novo réxime[1125]. En outubro de 1936 a CXM aproba o ingreso dos participantes no concurso-oposición para o acceso a Policía Municipal. 22 serán os aspirantes aprobados[1126]. Destes, 3 pertencen ou o farán inmediatamente a FE-JONS, pero o máis rechamante é que 6 dos aprobados non teñen veciñanza en Vigo nin en Lavadores, o que vulnera a lei, e nos impide saber si teñen ou non militancia algunha, agás de un, Miguel Figueroa González veciño de Nigrán é militante de FE-JONS. Podemos estar ante unha táctica de introdución de elementos de FE-JONS doutras vilas no concello de Vigo como persoal propio? Sería por un tema de menor presión para colaborar en asuntos represivos?

Ao final do proceso de depuración nesta primeira fase na que non se instruíu expediente algún quedan readmitidos 80 axentes, 20 son finalmente expulsados e 22 son de novo ingreso polo sistema normal de provisión. O Gráfico 43 mostra a militancia dos readmitidos do corpo unha vez depurado e incrementado.

[1123] Buxeiro Alonso, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia...*, p. 193.
[1124] ALC-27, AMV.
[1125] Actas da Sesión da CXMV do 25/09/1936 AMV, 70.1.
[1126] Actas da Sesión da CXMV do 03/10/1936, AMV, 70.1

Gráfico 43
Composición política da Policía Municipal unha vez depurada (set. 1936)



Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas da CXMV e do EPG e FDV

Como se pode ver a depuración limpa un corpo de especial sensibilidade de elementos desafectos ou potencialmente desafectos ao novo réxime dos que só están presentes os casos mencionados e que serán depurados en 1939 unha vez rematada a guerra. Tamén vimos como se dan casos de coptación de policias que non militaban en ningunha das organizacións dos sublevados e inmediatamente antes ou despois, como medio para asegurar o seu traballo comezan a militar. En todo caso, a CXMV na súa actuación en relación á contratación de novo persoal, pretende facer gardar a aparencia de legalidade, procedendo a efectuar estas incorporación por medio de consursos-oposicións, iso si, obviando as razóns que orixinada cada unha das prazas libres e a necesaria veciñanza co concello para ser admitida ás mesmas.

As depuracións regulaméntanse co Decreto 108 de 16 de setembro, e nel exíxese a instrución do correspondente expediente para todo o persoal afectado. Ante isto, a CXMV, pregunta ao Gobernador Civil si esta exixencia afecta tamén aos funcionarios xa depurados A resposta do Gobernador é de 4 de novembro de 1936 e afirma que aínda que o Decreto non entra nesa casuística, convén que así se faga[1127]. Todas as depuración efectuadas volverán a efectuarse, desta vez coa apertura do procedente expediente administrativo. Non se volverá a tratar o tema das depuracións ate a sesión do 9 de decembro de 1936[1128].

En relación á xestión de persoal veremos máis adiante como as actuacións de carácter administrativo da CXMV tenden a borrar as diferenzas entre os funcionarios con pasado antifascista e aqueles que apoiaron ao novo réxime, nun intento, pensamos, de gañarse fidelidades.

Pero saltemos a outro aspecto de sumo interese. A xestión económica que realizan os sublevados. Xa vimos como as dúas primeiras accións económicas da xestora eran

[1127] Actas da sesión da CXMV do 04/11/1936, AMV, 70.1.
[1128] Actas da sesión da CXMV do 09/12/1936, AMV, 70. 1. Trátase de 14 funcionarios do servizo de augas e 5 do servizo de arbitrios.

contraditorias: por unha banda afirmar que o estado da facenda municipal era catastrófico (igual que en Lavadores) e ao mesmo tempo aprobar a condonación de impostos e multas municipais. Co pasado do tempo esta política vólvese aínda máis contraditoria. Dado as restricións que o Goberno Civil impón aos xestores no seu nomeamento en setembro de 1936, a actividade básica da corporación céntrase, ademais de na depuración, en aumentar a recadación, o que volve a ser contraditorio coas condonacións, pero o caso que é a capacidade recordatoria do concello non é capaz nin tan sequera de pagar integramente o salario dos empregados, os pagos aos provedores e os intereses dos diferentes créditos concedidos. Así a CXMV toma unha medida absolutamente represiva. Unha vez analizados que son os acredores, decide o 14 de setembro non efectuar ningún pago a acredores anteriores ao 20 de xullo, anteriores ao golpe de estado[1129]. Esta medida reviste unha clara intención represiva e constitúe unha clara acción confiscadora. Desgraciadamente foi imposible atopar ningún documento municipal no que consten estes acredores para facernos unha idea clara de contra quen vai a medida, que loxicamente é contra un sector do empresariado, ao que os sublevados non parece terlle moita simpatía. A nivel práctico e en condicións normais a medida crearía inseguridade xurídica e ocasionaría que moitos dos provedores municipais se retiraran ante o risco de non ver satisfeitas as débedas contraídas con eles, non obstante nas circunstancias pola que estaba pasando o concello, moitos destes provedores eran absolutamente conscientes de a quen non se lle ían facer efectivos as débedas e a quen si. Para non deixar ningunha dúbida, a comisión xestora introduce no seu acordo de non recoñecemento de obrigacións unha serie de excepcións e establece unha prelación para os pagamentos.

En primeiro lugar, pagaranse os atrasos a todo o persoal empregado do concello en situación de suspensión de emprego. O motivo, a situación perentoria na que viven estas persoas. A medida pode parecer, en principio, estraña, pero é unha argumentación constantemente repetida, sobre todo no proceso de depuración no Concello de Lavadores. O argumento empregado en Lavadores da situación límite das familias do persoal propio en suspensión, e polo tanto sen ingresos, faise para rebaixar o tempo de suspensión ao que é sometido o persoal sometido a depuración, no caso de Lavadores, só excepcionalmente por riba dos 3 meses. O caso máis evidente prodúcese na instrución do expediente depurador de Robustiano Franco Cordeiro, axente executivo ao servizo do Concello. O instrutor, despois de afirmar que estamos ante un caso moi grave, afirma:

> "(...) antes de votar se mirase bien la sanción que se le iba a imponer. Que si él como Juez propone para éste empleado un grave sanción, como Concejal le impondría otra inferior, tres, cuatro, seis meses de suspensión, porque de lo contrario sería condenarle a la muerte por hambre, que sería más terrible que el fusilamiento."[1130]

Esta é a realidade a que se enfronta, naquel tempo un empregado afectado por suspensión, incluso temporal. De feito, na primeira intervención dun concelleiro en contestación ao instrutor recoñécese que

> "(...) los cargos son muy fuertes y que por consiguiente el correctivo debe ser también fuerte pero no dejarle en la calle porque esto significaría falta de humanidad, ya que nadie le admitiría a trabajar. Dice además que como el espíritu del

[1129] Acta da Sesión da CXMV do 14/09/1936.
[1130] Actas da Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal de Lavadores do 26/09/1938, AMV, LAV. 6.6.

> Generalísimo es de clemencia y si ese empleado no está incurso en faltas graves, que deban ser sancionadas por las Autoridades, debiéndosele por consiguiente castigar pero no matar de hambre."[1131]

As dúas intervencións sitúan na realidade, no cotián, as suspensións: a condena á morte de fame, algo que nos traballos sobre as depuracións de persoal non se adoita a salientar.

Pero continuemos coa prelación de gastos da CXMV. Despois do pago dos atrasos do persoal en suspensión, a xestora establece que os seguintes pagamentos deben ser para a amortización dos empréstitos relativos ao servizo e augas e en terceiro, o pago do 50 % das nóminas do persoal do mes de xuño, que aínda non estaban pagadas. Todos estes acordos confirman que a situación do Concello é desesperada. Non obstante, a xestora, o 30 de setembro, analiza, saltándose as limitacións do seu nomeamento, un asunto de gran calado: a urbanización das rúas García Barbón e Policarpo Sanz, dúas das rúas máis céntricas de Vigo, e fixa para levala a cabo un orzamento de 189.758,51 pesetas. Pero, dada a situación económica na que se atopan as contas municipais, como vai ser posible a execución das obras? Fácil, coa contribución especial dos cidadáns. En concreto preténdese recadar con estas contribucións 118.304,65 pesetas[1132]. Aínda que o proxecto foi declarado deserto en febreiro de 1937[1133], esta situación non fixo máis que capacitar a CXM para a súa adxudicación directa, como así aconteceu.

O certo é que esta segunda xestora abre un asunto, o urbanismo municipal, que será o tema estrela da acción das seguintes xestoras e corporacións municipais ata a recuperación da democracia. Nun primeiro e rápido análise o primeiro que hai que constatar é a ilegalidade das obras que a xestora aproba o 30 de setembro. Ilegalidade xa que en Vigo está en vigor un plan de ordenación urbana, o Plan Palacios, polo que as distintas corporacións municipais acordaron, dende a súa aprobación en xaneiro de 1934, unha suspensión temporal das obras de urbanización á espera de iniciar a execución do Plan. Máis adiante, cando falemos da acción da terceira CXMV falaremos de vagar do Plan Palacios en relación cos golpistas e desenvolvemento urbano da cidade.

Desta segunda xestora só nos resta analizar a súa contribución a imposición e creación dos novos símbolos. Algún como o do mastro para unha bandeira xigante xa foron mencionados, pero nos faltan as contribucións máis importantes.

O primeiro acordo que toma esta segunda xestora de Vigo ten que ver, precisamente, con esta produción de símbolos. Trátase da creación dunha nova distinción oficial como fillo distinguido de Vigo con tres categorías ás que lle correspondía cadansúa medalla (a categoría máis alta de platino, a segunda de ouro e a terceira categoría de prata)[1134]. Inmediatamente nomease fillo adoptivo de Vigo ao Comandante militar da praza, Felipe Sánchez, e se lle concede a medalla de platino[1135]. Como case todas as medias que toman os sublevados nestes

[1131] Intervención do concelleiro Roberto Alonso Lamberty na sesión estraordinaria do Pleno da Corporación Municipal de Lavadores do 26/09/1938, AMV, LAV. 6.6. Roberto é un conserveiro da parroquia de Teis, secretario da UFC en 1938 e mando da GCV dende a súa fundación en setembro de 1936.
[1132] Acta da Sesión da CXMV do 30/09/1936, AMV, 70.1.
[1133] Acta da Sesión da CXMV do 24/02/1937, AMV, 106.1.
[1134] Na actualidade o Concello de Vigo continúa a outorgar unha distinción municipal con estas mesmas características, non procede directamente desta primeira iniciativa, pero sen dúbida esta é a súa precursora.
[1135] Acta da Sesion da CXMV do 01/09/1936, AMV, 70.1.

primeiros momentos, o custo da medalla será sufragada polos cidadán con aportacións de 1 peseta, a tal efecto nomease unha comisión de controle a subscrición onde estarán representación os sectores prominentes da cidade[1136].

> Don Felipe Sánchez es el pundoroso militar que supo hacer el milagro de que nuestra ciudad haya recobrado su vida normal a los pocos días de iniciado el movimiento. A él y a sus felices disposiciones, se debe nuestro bienestar, la tranquilidad y garantía de nuestros hogares, y el aplastamiento total de la hidra marxista que ya nos tenía agarrotados y prontos a ser víctimas propiciatorias.
> Por D. Felipe Sánchez, cerebro dirigente y brazo ejecutor, Vigo ha podido apartar de su seno generoso la mala hierba que comenzaba a corromperla y nuevamente se ha incorporado al trabajo fecundo y, con ímpetu vital y decisivo, al recobramiento de la Patria única y grande que nos robaron."[1137]

O Comandante militar pasa a ser convertido en heroe ante os cidadáns que deben mostrar o seu compromiso coa sublevación participando na compra da medalla que ven a recordar o seu papel do executor da sublevación militar. Esta medida de honra complétase o 14 do mesmo mes acordando "reservar" unha das rúas máis importantes de Vigo para darlle o seu nome. A iniciativa parte dunha organización social, o *Centro de Hijos de Vigo*, e xestora faina súa inmediatamente[1138]. Contrariamente ao que sucede no veciño Concello de Lavadores o de Vigo non dispón inmediatamente o cambio dos nomes das rúas, senón que agarda a unha reorganización total para facela realidade. Esta reorganización non se producirá ata principios de outubro e só afectará a tres rúas: a Gran Vía pasará a ser a *Avenida del General Franco*, a rúa Areal a *Avenida del Comandante Felipe Sánchez* e a Porta do Sol, *Plaza del Capitan Carreró*, o capitán que ao mando dun pelotón de soldados mandou disparar contra a multitude no momento da proclamación do Estado de Guerra, precisamente na Porto do Sol que agora toma o seu nome. Todo o resto de rúas do Concello perden o nome que se lles concedeu na República ao anular o acordo municipal do 29 de maio de 1931 polo que o tomaban, pasando todas elas a recibir os nomes que xa tiñan na Ditadura de Primo[1139]. Simbolicamente parece que esta segunda xestora viguesa ten claro cales son os seus referentes políticos: a Ditadura de Primo[1140]. Neste sentido resulta interesante que este cambio no rueiro se efectúe xusto despois de que a situación política no Estado comeza a aclararse, xa que o cambio é inmediatamente despois da asunción de todos os poderes do Estado por parte de Franco, o 1 de outubro de 1936.

Pero as medidas tomadas máis salientables son aquelas que teñen que ver co control da poboación, en concreto dúas moi significativas. A primeira é a decisión de crear un libro de rexistro de penados no que se anotarán todos os datos relevantes de cada unha das persoas sobre as que existen informes. Será a partir deste libro de onde ser realizarán os informes de conducta que se soliciten ao concello. Custodiado e xestionado nas súas anotacións pola

[1136] Paulino Yanez Tapias presidirá a comisión en calidade de xestor municipal, e os resto dos membros serán, un representante da FGP, outro das cámaras de Comercio e da Propiedade, a Asociación da Prensa e dous representantes obreiros e unha do "gremio" da costura. Acta da Sesión da CXMV do 01/09/1936.
[1137] EPG, 02/09/1936.
[1138] Acta da Sesión da CXMV do 14/09/1936, AMV, 70.1.
[1139] EPG, 03/10/1936.
[1140] O 17 de outubro de 1936, a CXMV acorda cambiar o nome da céntrica rúa Elduayen que pasa a chamarse dende ese momento Calvo Sotelo. EPG, 18/10/1936.

Policía Municipal, que se converte así un órgano de información fundamental para as labores de represión da cidadanía non adepta[1141].

Neste mesmo ámbito do control da cidadanía sabemos polas actas da xestora que a *Oficina de Colocación Obrera* municipal, ten como xefe e máximo responsable, non a un funcionario municipal, senón ao Capitán da *Guardia Civil* de Vigo, auxiliado nas tarefas administrativas por persoal municipal[1142]. Deste xeito, asegúrase que o traballo ofrecido sexa controlado por unha institución eminentemente represiva que con seguridade actuou observando criterios de promoción social moi determinados.

Tamén con ese carácter de control social o 25 de novembro procédese ao nomeamento dos alcaldes de barrio que estaban vacantes dende o cese de todos os nomeados pola última corporación republicana o 26 de xullo. O importante papel dos alcaldes de barrio como informadores e acusóns fai que os seus nomes sexan analizados coidadosamente. Ademais da acta no que figura o seu nomeamento, atopamos unha lista manuscrita dos propostos para o posto polo *Servicio de Investigación de FE-JONS*. Na lista aparecen algúns candidatos dos propostos cunha cruz vermella ao carón do seu nome e outros cunha aspa azul[1143]. Comparada a lista cos nomeamentos efectivos coinciden os da cruz vermella con candidatos non moneados e os da aspa cos nomeados. Non sabemos quen é o autor das cruces e aspas, pero si que existe unha autoridade que selecciona os postos independentemente do que FE-JONS de Vigo opine. Por outro lado, a lista das propostas de FE-JONS non abarca todos os postos a cubrir, de feito ten 9 candidatos menos que o número de postos. Non ten FE-JONS persoas suficientes fiables para esa labor de vixilancia? Trátase dun reparto de cotas de poder? Non o parece, xa que na proposta de FE-JONS xa se deixa 9 postos "libres".

Son en total 44 postos de alcalde de barrio a cubrir dos que 29 coincide o candidato de FE-JONS co posteriormente nomeado; 9 nos que FE-JONS non propón a ninguén, e 6 onde aínda que existe candidato de FE-JONS este non resulta o elixido. E entre estes candidatos alternativos nomeados figuran persoas relevantes, incluso simbolicamente relevantes. Esta Waldino Leiros, armador asociado á "La Necesaria" de Bouzas unha das organizacións que máis apoiou ao golpistas e dos que moitos dos seus directivos están relacionados coas bandas de asasinos. Tamén hai un Waldino Leiros heroe do Alcazar de Toledo pero non estamos certos de que sexa esta mesma persoa. Gonzalo Casuso Solleiro, catalogado de fascista durante o goberno da FP, e garda cívico dende setembro de 1936, se integrará posteriormente en FET-JONS e será candidato por esta organización para ocupar un posto na *Junta Agrícola Provincial*[1144] ou Manuel Cendón Solís, médico, a súa dona María Iscar chega a delegada do *Plato Único* en 1937 na súa parroquia e el será investigado por mala praxes no desempeño da súa profesión en 1938[1145].

Pero tamén hai dous candidatos alternativos, escritos polo autor da lista, que non son elixidos e si o candidato de FE-JONS. Estes dous candidatos alternativos, curiosamente, tamén son

[1141] Acta da sesión CXMV do 21/09/1936, AMV, 70.1 A partir de que tivemos coñecemento da existencia deste libro, tentamos por todos os medios saber onde podía atoparse, no Arquivo do Concello, no arquivo da Policía Municipal... as nosas pesquisas non deron ningún resultado.
[1142] Acta da sesión CXMV do 25/09/1936, AMV 70.1.
[1143] Pódese consulta a lista en ALC-19, AMV e o nomeamento oficial en Acta da sesión CXMV do 25/11/1936, AMV, 70.1.
[1144] SOC-12, AMV.
[1145] ALC-20, AMV.

afiliados a FE-JONS. Un deles camisa vella, Bernardo Rodríguez Ferreira, sereno do Hotel Moderno e un destacado acusón dende 1934.

Non sabemos a que obedecen estas modificacións da lista patrocinada por FE-JONS, pero si que a súa modificación por alguén aparentemente alleo á organización e con seguridade membro da Comisión xestora reflexa a falla de control da organización sobre as decisións da xestora, que se permite o luxo de analizar e elixir os seus candidatos.

A nova CXM nomease o 26 de novembro de 1937 e manterá o seu mandato ate o 26 de xaneiro[1146] de 1937. Non estamos ante un cambio de rumbo nin ante unha modificación política da anterior Comisión, senón ante unha ampliación dos xestores polo cambio na organización das corporacións municipais, a partir deste momento comezarán a traballar en pleno e comisión permanente. Consecuentemente todos os xestores da anterior etapa repiten nesta nova andaina, pero se lle suman 14 novos concelleiros. Entre os nomeados polo Gobernador Civil hai 3 que non chegan a tomar posesión "por diversas razóns" e serán inmediatamente substituídos por outras persoas. As novas incorporacións son: Augusto Viso Troncoso, militante na época republicana do PAE, empresario, presidente da Agremiación de Fabricantes de Gaseosa; Natalio Sanchón Prieto, sen militancia anterior e posterior coñecida, empresario do comercio; Andrés Fernández Taboas, sen militancia coñecida anterior e posterior. Empresario do comercio; Evaristo de Vicente Rodríguez, dirixente do PRR, almacenista, coñecido como "O Rei do Bacallao"; Justo López Valcarcel, directivo da UFC, militante da GCV. Conserveiro, a súa empresa é a terceira empresa con máis beneficios obtidos pola guerra da cidade. Francisco Javier Ozores Pedrosa, militante de FE-JONS procedente do BN e da UP, presidente da cámara de propiedade de Vigo. Mauro Alario Vaquero, ultradereitista, sen ningunha outra referencia, Manuel Moreno Astola, militante da GCV, empresario almacenista, membro do comité organizador da *Federación Nacional Patronal*. Rodrigo Alonso Gimenez, militante de FE-JONS, membro do *Rotary Club*. Conserveiro, directivo da UFC. José Besada Garcia, militante da GCV, directivo do *Centro de Hijos de Vigo*, almacenista. Julián Herrero Bermejo, militante da GCV. Presidente da mutua de accidentes de traballo da FGP, administrador apoderado da Compañía Viguesa de Panificación. A estes uniránselles, despois das renuncias que comentabamos, e en substitución delas, Ramiro Pascual, sen militancia coñecida nin antes nin posteriormente á súa toma de posesión, enxeñeiro de camiños e que aparece en 1934 como un dos opositores ao Plan Palacios. Manuel Roel de la Torre, dirixente de *Acción Nacional* ate 1932, Presidente Accidental do *Circulo Mercantil e Industrial*, dirixente do BN, impresor de profesión e por último, Isaac Iglesias Roura, rotario, sen militancia política coñecida nin antes nin despois do golpe e directivo de *Estanislao Durán e Hijos*.

Como se pode ver os membros que se incorporan agora á Corporación municipal non fan máis que acrecentar a tendencia que xa tiña a anterior Comisión xestora. Todos eles son empresarios, agás un, que é persoal directivo, polo que as elites económicas da cidade reforzan a súa presenza na órgano municipal. É máis, un sector clave na sublevación, os conserveiros, a incrementa. Outro feito a destacar, que pensamos que non é casual é o nomeamento de dúas persoas que se distinguiron a partir de 1934 pola súa rotunda oposición ao Plan Palacios, o xa mencionado Ramiro Pascual e Francisco Javier Ozores Pedrosa que

[1146] Seis meses despois de que esta Corporación Municipal sexa reformada por orde o Gobernador Civil, Natalio será multado por non contribuír ao subsidio pro combatientes con 5.000 pesetas, o que revela o forte compromisio de Sanchón coas novas autoridades. EPG, 29/06/1937.

dende a presidencia da Cámara da Propiedade organizou a resistencia ao Plan. A nivel político 10 dos 14 teñen ou tiveron militancia: 3 na extrema dereita (PAE, BN), 4 na GCV, 2 en FE-JONS e 1 no PRR, polo que a presenza dos cívicos no poder municipal increméntase notablemente. E finalmente, outra vez, aparecen dous rotarios, o que non ven senón a confirmar a extracción de elite económica desta organización e da propia Corporación municipal[1147].

Gráfico 44
Composición socioprofesional dos gobernos municipais.
Xullo 1936-Xaneiro 1938



Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas da CXMV e do EPG e FDV

No Gráfico 44 pódese ver a absoluta preeminencia do empresariado na composición da última xestora e da primeira Corporación municipal. Son os empresarios a través da FGP e da UFC que dan o apoio definitivo ao golpe e son eles quen despois controlan o poder municipal sen practicamente concesión algunha a outro sector económico. Ao mesmo tempo, a nivel político non existe (Gráfico 45), como non existe a nivel socio profesional aportes de novo persoal político, incluso empregando un concepto restrinxido de persoal político como exclusivamente aquel que ten unha actividade político partidista. Ademais esta configuración partidista repítese no nomeamento das comisións de goberno onde teñen representación os veciños.

[1147] De feito será esta Corporación municipal a que reciba a solicitude de FE-JONS para a retiradas dos símbolos rotarios do Concello, solicitude por outra banda, aceptada sen problema algún. Acta da Sesión do Pleno da Corporación Municiapal (PCMV) do 02/12/1936, AMV, 70.1.

Tres serán as áreas nas que exista representación veciñal: o servizo municipalizado de augas, servizo municipal de pompas fúnebres, e pavillóns sanitarios. Todos estes servizos se formaran cun número igual de concelleiros e de veciños (4) elixidos ámbolos dous grupos na mesma sesión constituínte. Quedarán fora deste sistema tanto a comisión do ensanche como o padroado de formación profesional[1148]. Resulta significativo nestes nomeamentos para o servizo de augas municipalizado que dous dos catro veciños, Javier Rubio e Mariano Carrero proceden do núcleo duro da coalición sublevada, o primeiro como membro do Gabinete de censura e o segundo como cadro medio da FE-JONS (subxefe de escuadra) e o último Manuel Abal Fábregas fora

Gráfico 45
Militancia política dos gobernos municipais
Xullo 1936-Xaneiro 1938



Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas da CXMV e do EPG e FDV

membro en 1931 da *Agrupación al Servicio de la República* e rotario entre outras. Polo que se refire o servizo de pompas fúnebres no que tamén estará presente Manuel Abal Fábregas xunto con Eusebio A. Cons (Concelleiro na última corporación municipal do bienio negro), Guillermo Puime (Garda Cívico) e Gaspar Barreras (afiliado a FE-JONS). A situación nos pavillóns sanitarios é a seguinte: repiten Guillerme Puíme e Gaspar Barreras e se incorporan Enrique Lagos (directivo do *Centro de Hilos de Vigo*) e Félix Causo (destacado dirixente de AP-URD na cidade). Por unha banda, a repetición dos vocais veciños para varias comisións parece que transmite un déficit de elementos "fiables", e por outra banda o que parece indicarnos as súas militancias anteriores é que o novo réxime se está a constituír cos dirixentes anteriores á chegada á Fronte Popular. Non exclusivamente de dirixentes da etapa primorriverista, senón incluso de dirixentes de tradición republicana, pero dereitistas[1149].

Este primeira Corporación municipal iniciará o camiño da transformación de Vigo cara o que hoxe coñecemos, sobre todo no que atinxe á materia urbanística na configuración da cidade. Co goberno municipal controlado polos representantes do poder económico empresarial, co

[1148] Actas da Sesión do PCMV do 26/11/1936, AMV, 70.1.
[1149] Actas da Sesión do PCMV do 26/11/1936, AMV, 70.1.

apoio da UFC e FGP, as liortas e debates sobre o modelo de cidade que se produciron a un nivel estatal dentro da coalición sublevada quedaban moi lonxe de Vigo[1150].

> "Sin incurrir en pecado de vanidad, podemos calificar de momento transcendental para la vida de Vigo el acto que aquí celebramos, de constituir la nueva Corporación Municipal. Al poner en nuestras manos el excelentísimo señor Gobernador civil de la provincia la administración del Municipio, nos hizo responsables, ante el Gobierno y ante el vecindario, del futuro de Vigo. La ciudad se estancará si seguimos las huellas de nuestros predecesores; marchará con paso firme hacia el puesto que por su inigulada situación geográfica y por la laboriosidad y patriotismo de sus habitantes le corresponde, si el acierto preside nuestros actos.
> (...)
> Difícil y espinosa será nuestra labor, pues todo está por hacer y muchos son los intereses y tinglados que es preciso desmontar, pero estas dificultades han de ser estímulo y acicate y no freno a nuestros esfuerzo."[1151]

Como dixemos a principal tarefa que se encomenda esta Corporación é a modificación total do urbanismo na cidade, e comenzan moi pronto. O 2 de decembro de 1936 en sesión da Comisión Permanente (CPCV) o concelleiro Manuel Canellas Tapias, que é xunto con Francisco Javier Ozores un dos instigadores das queixas contra o Plan Palacios despois da súa aprobación en 1934, fai unha serie de consideracións sobre a capacidade recadadora do Concello polo concepto de licencias de obras, constatando un decrecemento constante dende 1927 ate o primeiro trimestre de 1936, de 42.114,42 pesetas recadadas a 15.421,62 en 1933. Canellas afirma que esta redución non é máis que a consecuencia da aprobación do Plan Palacios[1152], "*ya que desde la aprobación de este no se construyó en Vigo ningún edificio de importancia*". Intervén despois o concelleiro Ángel Reboreda que aínda vai máis lonxe e afirma que non só non se construíron, senón que se tivo que rexeitar a súa construción. Ante isto acórdase que pase a Pleno para que se deixe sen efecto o citado Plan[1153].

Chegados a este punto convén facer un rápido percorrido pola aprobación do Plan Palacios para centrarnos no tema. O Plan Palacios apróbase en 1934 pola corporación municipal sendo alcalde o socialista Emilio Martínez Garrido, apoiado polo propio PSOE e a maioría dos republicanos de esquerda. En novembro de 1934, despois da destitución dos concello por mor dos feitos do outubro asturiano, o goberno municipal en mans do PRR aproba a creación dunha oficina técnica para o desenvolvemento do Plan. Nesa sesión, a minoría da CEDA, 5 concelleiros, fan pública a súa protesta e abandonan o salón de sesións ante a imposibilidade

[1150] Gil Pecharroman, Julio, *El Movimiento Nacional*, Barcelona, Planeta, 2013, p. 144.
[1151] Intervención do Delegado Militar con funcións de Alcalde na sesión constituinte da nova Corporación Municipal de Vigo, FDV, 27/11/1936.
[1152] Unha simple ollada aos número que presenta Canellas indica que a súa argumentación é falsa. De feito a reducción máis alta por licencias de obras no período presentado polo concelleiro é 1927-1928 cunha minoración que ronda as 19.000 pesetas, cantidade que si comparamos coa redución dende a aprobación do Plan, 3.000 pesetas, demostra a falacia dos argumentos de Canellas.
[1153] Actas da Sesión da CPCV do 02/12/1936, AMV, 70.1. O Plan Palacios é un plan urbanización que contemplaba unha estrita ordenación sectorial da cidade, establecéndose un uso distinto en cada área definida e conservando parte do litoral urbano para unha dedicación de carácter lúdico recreativa. Do mesmo xeito, o plan contemplaba os usos de todo o espazo ate máis alá da praia de Símil, case na fronteira do concello, restrinxindo nesta zona a actividade construtora. Creábase unha gran cidade administrativa e outra chamada a cidade de veraneo dotada por completo de servizos e apostando por un desenvolvemento do sector terciario. Reservábase espazo para a construción dunha cidade universitaria, unha ampla zona sanitaria e outra de carácter militar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

de poder defender os intereses dos propietarios inmobiliarios potencialmente afectados polo Plan[1154]. Pero o problema comeza antes.

Exposto ao público entre o 31 de outubro e o 5 de decembro de 1933 o Plan contou cunha só reclamación que foi desestimada. Non obstante, cando comezan as primeiras expropiacións para comezar a súa execución, xorden as protestas. Estas están dirixidas por dous individuos que a estas alturas todos coñecementos, Francisco Javier Ozores, nese intre militante de FE-JONS e Presidente da Cámara da Propiedade e un tal Manuel Canella Tapias que entrega no concello numerosas alegacións, evidentemente fora de prazo, en representación dunha gran cantidade de propietarios de inmobles e solares urbanizables. Nesas alegacións, Canella afirma que estaban "ante el problema de mayor gravedad y transcendencia que se ha planteado a la actual generación"[1155]. En xaneiro de 1935 o Colexio de Arquitectos que preside o prestixioso Gómez Román, pronúnciase en contra do Plan.

Todos estes grupos "opositores" presentan un recurso contencioso-administrativo contra o acordo de aprobación do Plan Palacios en marzo de 1935, pero o Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo falla contra eles e afirma que non hai motivo algún para a suspensión, nin de xeito provisional, do acordo que aprobara o Plan[1156].

Polo tanto cando o agora concelleiro, Manuel Canella Tapias e Ángel Reboreda atacan ao Plan Palacios, este estaba plenamente en vigor. Así que, en sesión plenaria do 9 de decembro acórdase deixalo sen efecto[1157]. Loxicamente para que esta decisión tivera efectos legais e ao ser unha norma que estaba en execución avalada polo Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo, debería abrirse un período de alegacións públicas, pero isto non se fixo.

Pero o máis sorprendente de todo é que catro meses despois, en marzo de 1937 o Tribunal Contencioso Administrativo Provincial, de oficio, sen que mediara parece ser denuncia nin alegación de ningún tipo e despois da súa resolución de marzo de 1935, anula de repente todo o Plan. A decisión fundaméntase

> "(…) en que no se cumplieron condiciones y requisitos legales, pues al señor Palacio se encargó un anteproyecto y presentó un proyecto y no contenía el trabajo la reforma interior ni el plano, la exposición de ideas sobre extensión general con sujeción a las bases que se señalaron; no contiene el indispensable presupuesto aproximado de las obras de urbanización ni los relativos a canalización, alumbrado, aguas y expropiación de terrenos (…)
> Además, el acuerdo de su aprobación no fue votado por la mayoría de las dos terceras partes de concejales, ya que solo lo votaron 19 en lugar de 25"[1158]

A sentenza, á carta, do Tribunal produce algarabía nos sectores con intereses inmobiliarios:

> "Aquel proyecto había sido impugnado por varios vigueses, que tienen un concepto más elevado de estas cosas que el de aquellos que se han distinguido por la

[1154] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica*... p. 548.
[1155] Fernández González, Manuel, *La dinámica sociopolítica*... p. 551.
[1156] Fernández González, Manuel, *La dinámina sociopolítica*... p. 553.
[1157] Acta da Sesión do PCMV do 09/12/1936, AMV, 73.2.
[1158] EPG, 02/03/1937.

> simpleza con que comprenden estos problemas de la urbanización de una ciudad. Esos vigueses ganaron el pleito. Vigo debe a ellos el homenaje de su simpatía. El plano Palacios era una fantasía que sólo había logrado cabida en una imaginación como la de D. Antonio Palacios, pero que en la realidad sólo causa perjuicio a la ciudad que las patrocina.
> Recordamos que cuando D. Antonio Palacios se asomó a la tribuna de un teatro local para defender su trazado del Vigo del porvenir, hemos sentidos una gran desilusión. Nosotros -el reporter habla por su cuenta- creímos que iba a levantarse todo un pueblo para protestar -no como vigueses, sino como gallegos- contra aquel disparate de que Galicia necesitaba una gran ciudad para que la gente no emigrara.
> [censurado]. Sin embargo, en Vigo nadie levantó su voz para protestar contra semejante aseveración. Y es que en Vigo sus habitantes tiene un concepto simplista de las cosas; creyeron como realizable aquella maqueta tan hermosa como un juguete de ensueño…
> Nosotros -sigue hablando el repórter por su cuenta- si hubiéramos de ser citados a dar nuestra opinión, el plano Palacios hubiera sido lanzado por la borda sin discusión alguna, aunque para ello tuviéramos que enfrentarnos a todo un pueblo."[1159]

Coas mans libres a Corporación municipal, lánzase á urbanización da cidade nun obxectivo claro, de facer negocio. Non é que antes non se producira, de feito o primeiro proxecto que comentamos iniciado pola última Comisión Xestora, a urbanización de García Barbón e Policarpo Sanz, queda deserto, o que facilita que a nova corporación poda outorgalo por concesión directa. En sesión do 24 de febreiro de 1937, a corporación municipal outorga o proxecto ao construtor José Pernas Peña. E quen era José Pernas Peña? Membro da Xunta de Mando Local dende a súa reorganización en setembro de 1936, Delegado do Auxilio de Inverno en Vigo en 1937. En 1939 recibe o recoñecemento colectivo da Corporación Municipal pola súa participación destacada nos actos organizados en honra de Franco ese mesmo ano en Vigo[1160].

Aparécenos pois outro interese dos elementos sublevados, o control do proceso de urbanización que pasa a estar enfocado aos seus intereses particulares ou de grupo (mencionámolo cando falamos da perda dos sectores que apostaban por potenciar o turismo fronte aos que representaban intereses pesqueiros e conserveiros). Pero loxicamente estes intereses particulares son múltiples, e antes de acadar un acordo que satisfaga a "rapiña" de todos, a "barra libre", produce tensións internas:

"Después de lanzar por tierra el plano Palacios, este asunto de aquellas dos citadas avenidas
> [refírese ao pavimentado e alumbrado das rúas de García Barbón e Policarpo Sanz] fue el de más interés. Sentimos una gran tentación de comentar el debate, pero no podemos hacerlo.
> A lo largo de la discusión sobre los inconvenientes que existen para que le trazado de esta gran avenida viguesa que sería el comienzo en García Barbón con final en Policarpo Sanz, en la Puerta del Sol, hemos oído frases de gran

[1159] "Sesión en el Ayuntamiento. Ha naufragado el Plano Palacios. Otros asuntos de gran interés para la vida viguesa", EPG, 06/03/1937.

[1160] As referencias en EPG, 15/09/1936, 20/01/1937 e Oficio 8061 do 14 de setembro de 1939 en ALC-27. Como teremos oportunidade de ver , esta será a primeira de moitas concesións ao falanxista construtor.

> condenación para aquellos que en defensa de mezquinos intereses se oponen a los generales de toda una población.
> Con decir al lector que hemos oídos frases como la de que esas personas merecen el calificativo de "enemigos públicos de Vigo", está dicho todo.
> Porque en la sesión extraordinaria que ayer celebró el Ayuntamiento hemos oído cosas que merecen sacarlas a la luz pública para que los vigueses sepan quiénes son, desde hace varios años, los que ponen reparos a todas las mejoras que la Corporación ha elaborado a favor de la ciudad.
> Uno de los concejales que intervinieron en la discusión y que sin duda conoce bien estos problemas, decía que uno de esos individuos que ahora se llaman defensores de la Nueva España es de los que más han entorpecido la labor de los ayuntamientos que se sucedieron. Pero también tuvo buen cuidado de advertir indirectamente, a ese señor que los tiempos no están para enfrentarse con las Corporaciones y con los intereses de los pueblos.
> Y después de este debate se acordó otorgar la subasta de las obras de pavimentación y alumbrado de la Avenida de García Barbón y calle de Policarpo Sanz a don Jose Pernas Peña."[1161]

Con máis de 4 millóns e medio de pesetas como pendentes de pago[1162] a Corporación municipal precisa unha escusa para lanzarse á tarefa de remodelación da cidade a gran escala. E esta escusa non é outra que o paro obreiro. En abril de 1937 a situación social en Vigo debe ser desesperada, cunhas taxas de paro obreiro altísimas. Ante esta situación, a Corporación municipal pretende impulsar un acordo que permita paliar a situación.

"Se dio lectura a una moción de la Alcaldía, en la que manifiesta que el problema del paro ofrece caracteres alarmantes en nuestra ciudad, sin que pueda ni deba resolverse, mediante la concesión de auxilios en metálico o especies a los parados sino a través de iniciativas o actividades en que éstos puedan encontrar colocación; que la legislación vigente da facilidades en este sentido, por cuanto el Decreto de 29 de Agosto de 1935, autoriza a los Ayuntamientos de provincias donde existe paro involuntario, para establecer una décima sobre las Contribuciones Territorio e Industrial y de Comercio (…) con la finalidad exclusiva de aplicarla al remedio del paro involuntario, mediante la ejecución de obras públicas o el desenvolvimiento de otras actuaciones en el término municipal (…)"[1163]

Esta medida é inmediatamente secundada dende as organizacións sociais que defenden os intereses das clases máis acomodas da cidade e que souberon adaptarse perfectamente á nova situación que creou o golpe de estado. Así, o *Centro de Hijos de Vigo*, denuncia que "hace unos diez años, la construcción se halla (…) muy paralizada (…)". Pero non só a de carácter público, senón que "es deber de todos los españoles que cuenten con medios económicos, colaborar eficazmente en tan loable como humanitaria tarea." Polo tanto, o Centro solicita ao Alcalde

"(...) invite a los señores que tienen aprobados por la Excelentísima Corporación proyectos de obras, cuya ejecución fue suspendida con motivo del resultado de las elecciones de febrero de 1936, para que acometan la construcción de las

[1161] "Sesión en el Ayuntamiento. Ha naufragado el Plano Palacios. Otros asuntos de gran interés para la vida viguesa", EPG, 06/03/1937.
[1162] Actas da Sesión da CPCV do 07/01/1938. AMV, 106.1.
[1163] Actas da Sesión do PCMV do 10/04/1937. AMV, 73.2.

> mismas y excitar a otros vecinos cuya situación económica se lo permita, para que sumen sus esfuerzos a los que tienen aprobados los mencionados proyectos."[1164]

E parece que así foi, xa que da lectura das sesións da corporación, apreciase un sensible incremento de autorizacións de novas construcións sobre todo de vivendas, pero tamén de instalacións dedicadas a pequenas fábricas, almacéns... por toda a cidade e dun xeito desordenado. Tanto que no EPG aparece unha especie de táboa reivindicativa do que quere FET-JONS de Vigo, e entre a típica retórica falanxista, tamén aparece un:

> "QUEREMOS que Vigo se rija por un TRAZADO OFICIAL LEGALEMENTE APROBADO, para evitar litigios y trastornos al Erario Municipal, con abusos interpretativos.
> QUEREMOS que Vigo se reforme de arriba abajo, moral y materialmente.
> QUEREMOS que Vigo no se estanque con proyectos tardíos y fantásticos, que perjudiquen y retrasen la llegada del Pan a los hogares humildes."[1165]

Pero as liortas internas que se inician unha vez que o Plan Palacios queda derrogado e que se estenden inmediatamente a outros aspecto da política municipal, impediron á corporación municipal levar a cabo a reestruturación da cidade, pero non impediron o fomento dun urbanismo descontrolado de carácter privado que comeza a ser característico de Vigo. A finais do mandato desta corporación en xaneiro de 1938 estaban activos tres importantes proxectos de obra pública municipal, a xa comentada urbanización de García Barbón a Policarpo Sanz, a urbanización da rúa Venezuela (cun orzamento de máis de 45.000 pesetas) en fase administrativa e tamén en primeira fase de estudo unha acometida de augas no túnel da Garrida.

Pero o desenvolvemento urbanístico tamén xera outra serie de conflitos. Reaparece xusto neste instante unha vella aspiración tanto de construtores como de conserveiros de Vigo, a anexión do veciño Concello de Lavadores. A iniciativa parte da FET-JONS de Vigo a través dunha moción presentada pola Xefatura Local. Na comunicación FET-JONS informa que xa tiveron lugar reunións coa alcaldía de Lavadores e que tanto o alcalde como os concelleiros están plenamente conformes da anexión. Para poñer en marcha o proxecto, di o oficio de FET-JONS, é preciso a creación dunha comisión onde estean presentes representantes dos dous concellos. Esta comisión xa se presenta creada, correspondendo dous membros ao Concello de Vigo, 2 ao de Lavadores, 2 ao *Centro de Hijos de Vigo*, 2 a FET-JONS de Vigo e 1 membro a FET-JONS de Lavadores e outro a FET-JONS de Teis. A Comisión deberá estar asesorada polos dous secretarios das corporacións locais e presentar un proxecto de fusión no prazo non superior a 1 mes para presentar ás dúas corporación municipais.

Despois dun breve debate a Comisión permanente do Concello de Vigo aínda que non se mostra contraria á fusión, argumenta que non está de acordo coa composición da comisión encargada de facer o proxecto de fusión. Non están presentes organizacións que considera imprescindibles como a *Cámara da Propiedad y Comercio de Vigo* e a *Junta de Obras del Puerto* (ao afectar a unha importante zona portuaria, o litoral da parroquia de Teis, onde teñen as súas factorías algunhas das máis importantes conserveiras da Ria). Igualmente, considera que está de acordo coa presenza dos representantes de FET-JONS, pero non cos do *Centro de*

[1164] EPG, 18/04/1937.
[1165] "Claridad Azul", EPG, 24/04/1937.

Hijos de Vigo que deben ser excluídos do acordo[1166]. Este desacordo na composición da Comisión paraliza o proxecto de fusión, do que non se volverá a falar ata a súa realización definitiva en 1941.

Esta falla de unidade entre o criterio seguido por FET-JONS e o seguido polo Concello parece revelar certas discrepancias entre as dúas institucións. E así era. FET-JONS ve na contratación de persoal por parte do Concello un comportamento caciquil. Incluso fai unha denuncia pública

> Ascendía las amplias escaleras de mármol de un Centro… En la parte más visible cammpeaba (sic) un cartel de letra clara, que decía: "Las recomendaciones, son una ofensa para el que las recibe, por que implican desconfianza de su rectitud al resolver."
> El pensamiento acarició con inocencia un futuro próximo de Justicia Social.
> En el primer piso del Centro…
> ¡Hola Pedro! (Pedro es un modesto guarda jurado). ¿Cómo por aquí?
> Es que me he enterado de que me van a dar la plaza en propiedad y vengo a dar las gracias.
> Ya era hora de que te hicieron (sic) justicia, hombre, después de haber jugado contigo todas las políticas podridas, desde el año 18, que presta aquí tus servicios. ¡Mi enhorabuena!
> Otro día. En el Parque.
> ¡Hola, Pedro! ¿Estarás contento?
> No señor. Después de haber pasado un oficio para que me colocasen en la nómina, en lugar de un guarda jurado suspendido, pasaron otro para que figurase un compañero, que lleva en el puesto tres meses. ¡Hay que tener paciencia!
> ¿Pero es posible. De seguro que de esto no se haya enterado el Jefe Superior del Centro…
> De regreso:
> El pensamiento vagó hacia el cartel que campeaba en el Centro…
> Una sonrisa irónica se dibujó en los labios
> ¡Arriba España! ¡Arriba la Justicia Social!"[1167]

Pero a cousa non queda aí, no mes de maio de 1937 a propia corporación ten que saír á luz pública para defenderse, outra vez, de "amiguismo" nas contratacións, que segundo rumores que circulan pola cidade fan que o orzamento municipal para 1938 estea totalmente hinflado. O concelleiro Ángel Reboreda propón que se faga pública unha lista do persoal a 19 de xullo de 1936 e outra actual para demostrar que os rumores son totalmente falsos. Ao mesmo tempo, identifica os problemas económicos do concello, non coa xestión das xestoras e a corporación municipal, senón como unha herdanza das corporacións republicanas.

> "(...) ciertos elementos por ignorancia o malicia, traten de desacreditar nuestra gestión, diciendo que el Presupuesto ha sufrido una elevación por haberse aumentado en más de un centenar los empleados municipales."[1168]

Ante esta situación Reboreda propón

[1166] Acta da Sesión da CPCV do 10/12/1937, AMV 106.1.
[1167] FDV, 07/03/1937.
[1168] Acta da Sesión da CPCV do 19/05/1937, AMV, 106.1.

"a fin de que el Ayuntamiento cumpla con lo ordenado y en evitación de posibles responsabilidades, suplico al Sr. Alcalde, solicite de los organismos correspondientes, se remitan los informes de todos los funcionarios municipales, respecto de su vida pública, privada y profesional (…) Suplico, además, ordene que los expedientes incoados a funcionarios desde 1931, algunos de los cuales están sin terminar y otros según me manifiestan se han hecho desaparecer por posibles concomitancias de algunos funcionarios con concejales de Corporaciones anteriores al Glorioso Movimiento Militar, sean revisados y que si existe alguna responsabilidad, sea aplicada."[1169]

Pola proposta parece como si o concelleiro buscase culpables dos rumores entre os famosos emboscados, pero nada máis lonxe da realidade, os ataques proceden directamente da CNS que publicamente contesta ao concelleiro.

"Después de la sesión del Ayuntamiento de Vigo, efectuada anteayer, tenemos que hacer constar, siguiendo la norma de nuestras actuaciones y con la CLARIDAD que nos caracteriza, que habiendo sido esta Central Nacional Sindicalista la de dio la voz de alarma, aceptamos la responsabilidad de nuestras denuncias, que hicimos con pleno conocimiento de causa, y sin más intención que la de provocar una depuración y velar por la Justicia, que debe ser y será la norma de la Nueva España, estando dispuestos a demostrar a la Corporación y al pueblo, como algunas actuaciones no pueden caber en esta Nueva Era de Justicia y sinceridad, que nace con tanto sacrificio y tanta sangre joven está costando."[1170]

Desta vez ninguén da corporación contesta o escrito da CNS, pero a Central, días despois volve a carga, e desta vez, ameaza

"NUESTRA DENUNCIA AL AYUNTAMIENTO

Esperábamos, para hacer pública nuestra denuncia, presentada al Excmo. Alcalde, a que la Comisión Permanente Municipal informara.

Habiéndolo hecho (…) queremos decir, por medio de estas letras, a todos los vigueses que esta Central Nacional Sindicalista, cada vez más convencida de la verdad de los hechos que quiere poner en claro, ANUNCIA que, con objeto de ordenar debidamente los numerosos y auténticos datos que sobre el particular posee, SOLO SAE TOMA, para su publicación, EL TIEMPO ESTRICTAMENTE NECESARIO para que ésta sea lo suficientemente CLARA Y TERMINANTE, en la que haremos constar, con nuestra habitual CLARIDAD, número de personal despedido, número del admitido, número de plazas de nueva creación, punto por punto, cifra por cifra, que es único medio para poder hacer comparaciones."[1171]

E na mesma páxina aparece un pequeno recadro que di:

"DE LA VIGENTE LEY MUNICIPAL

Artículo 47.- Los concejales, tanto propietarios como suplentes, perderán su cargo:

…. … … .

[1169] Acta da Sesión da CPCV do 19/05/1937, AMV, 106.1.
[1170] FDV, 21/05/1937.
[1171] EPG, 01/06/1937.

> 4º- Cuando, con el voto en pro de un concejal, algún pariente de éste, hasta el cuarto grado, fuere nombrado para el desempeño de cargo retribuido el Ayuntamiento, a no ser que el nombramiento fuese hecho por oposición o concurso-oposición."[1172]

A cousa debeu de parecerlle aos responsables tanto de FET-JONS como do Concello que tiña chegado demasiado lonxe, e este anuncio da CNS non será respondido e non volverá a saír ningunha referencia pública a este asunto. Aínda que non sabemos como rematou o tema, si pensamos que non estanmos ante unha polémica de carácter político, senón ante unha liorta ocasionada pola xestión de recursos: quen e en que condicións accedía a un emprego público. A capacidade de contratación discrecional do Alcalde, que posiblemente actuase como pantalla dalgún concelleiro, lembremos que o Alcalde aínda é o representante da autoridade militar e con seguridade a CNS non se atrevería a ir contra a autoridade militar, que parece que non atendía aos requirimentos da CNS, a promoción de persoas non vinculadas a CNS fronte ao ostracismo dos seus militante. A nosa base de datos ben a confirmar esta situación, o concello realiza dende os primeiros meses ate a denuncia da CNS 163 contratacións, sobre todo nos primeiros meses para substituír aos traballadores que non volven ao traballo pola folga xeral, destas 163 novas contratacións tan só 26 son militante de FE(T)-JONS ou da CONS-CNS. Ou sexa as novas contratacións son efectuadas a persoal que non nos consta que estea vinculado, nese preciso instante, con ningunha organización da coalición sublevada, polo que parece que as novas autoridades están seguindo unha política de afianzamento grupal ou persoal propia. Isto, é posible que fora o que denuncia a CNS.

Pero estas discrepancias ou fallas de sintonía entre FE(T)-JONS e CONS-CNS por un lado e Corporación municipal xa se tiñan visibilizado nun tema cargado de simbolismo. O cambio dos nomes das rúas. O 2 de abril de 1937 a CONS de Vigo solicita que o Concello nomee como rúa de José Antonio Primo de Rivera a anterior rúa Ronda e que a rúa do Progreso pase a chamarse Rúa do General Quipo de Llano. A Comisión Permanente non está dacordo co troco proposto xa que

> "(...) en su reciente acuerdo, resolviera restablecer el antiguo nombre de las calles y plazas de la ciudad, modificando tan solo el de contadas plazas y vías de la misma, se convino en no modificar el nombre de la calle de la Ronda, una de las más antiguas de la ciudad, por lo que tiene de evocación al viejo Vigo, y de proponer a la Comisión Permanente acceder a lo solicitado en dicha instancia, pero en el sentido de dar el nombre de José Antonio Primo de Rivera, a la calle del Carral, y el de General Gonzalo Queipo de Llano, a la del Progreso."[1173]

A Comisión Permanente acordou este escrito que dirixía a Comisión de Gobernación. A solicitude deste cambio de rúas repetiuse, pero esta vez dun xeito conxunto, asinada polo Xefe Provincial de FET-JONS e a Xefa da *Sección Femenina*, Jesús López Suevos e máis Dolores Ozores. E esta petición, iso si, asinada polos máximos responsables de FET-JONS a nivel provincial (López Suevos, ademais era conselleiro nacional), será a que consiga que a rúa dedicada ao fundador sexa unha rúa "máis acaída", concretamente a rúa Urzáiz, desbotando o

[1172] EPG, 01/06/1937.
[1173] Acta da Sesión da CPCV do 19/05/1937, AMV, 106.1

anterior acordo da Permanente de darlle o nome do fundador da *Falange* á pequena rúa Carral.[1174]

Tamén esta nova Corporación municipal é a que inicia a depuración do persoal mediante a instrución de expediente administrativo retrotraendo todas as sancións impostas dende a toma de posición das novas autoridades, pero o proceso de depuración verémolo en conxunto coa última corporación municipal e co proceso levado a cabo no Concello de Lavadores ao final deste apartado. Antes das depuración en aplicación do Decreto 108, a Corporación tenta garantir a fidelidade do grupo de funcionarios que se viron agraviados pola decisión da última corporación municipal republicana de deixar sen efecto todos os ascensos e nomeamentos realizados dende o 1 de outubro de 1934 ao 16 de abril de 1936. Tómase a medida de anular todas as medidas tomadas nese sentido e pasando a recoñecer, asensos, nomeamentos e todo tipo de mellora acadada polo funcionarios durante ese tempo. O problema volve a xurdir cando a *Asesoría Jurídica* municipal pregunta cal é a decisión a tomar sobre os dereitos económicos deste persoal que deixou de percibir ao ver anulados os ascensos, nomeamento e demais melloras. A propia asesoría ofrece dúas opcións sobre as que decidir. En primeiro lugar, consignar no orzamento unha cantidade global para estes pagos, recoñecéndoos, esta medida remataría cos preitos que os interesados veñen de interpoñer na xustiza. A outra posibilidade sería non facer nada con esa débeda e agardar a que as sentenzas vaian recoñecendo un a un o dereito que lle asiste aos empregado municipais. A asesoría xurídica recomenda a adopción da segunda opción, pero non por unha cuestión de economía dilatando o pago ou de organización, posibilitando pagos orzados máis pequenos, xa que as declaracións serían individuais e este sistema podería ser adecuado ante os problemas económicos do Concello. Non, a asesoría aposta pola segunda opción porque "el Tribunal, al mismo tiempo que dicta la sentencia y declara la responsabilidad de los Concejales que adoptaron el acuerdo, de conformidad con el artículo 113 del Reglamento de funcionarios municipales y el párrafo 2º del artículo 197 de la Ley Municipal, con cuya declaración puede el Ayuntamiento exigir de aquellos Concejales el reintegro de las cantidades que por tales atrasos hayan de satisfacer."[1175] Evidentemente a Permanente elixe a segunda opción, o que supón un novo ataque aos concelleiros da etapa republicana que poderían ter que facerse cargo de grandísimas indemnizacións. Un problema similar sucede cos traballadores da Caixa de Aforro. Estes obtiveran un aumento salarial en marzo de 1936 que agora a Caixa decide suprimir. A asesoría xurídica informa que é ilegal forzar á devolución das cantidades aos traballadores, pero a Comisión permanente pregunta si se pode impoñer esa devolución ao funcionarios depurados, é a asesoría propón, outra vez, que se lle reclamen as cantidades aos antigos conselleiros da caixa por ter aprobado un acordo salarial que a Caixa considera "revolucionario e ilegal"[1176].

O outro asunto fundamental para a coalición que aborda esta Corporación municipal non é outro que o apoio aos combatentes. En marzo de 1937 preséntase oficio de FE-JONS onde solicita se lle conceda ao seu afiliado, Jesús Martínez Franco, funcionario municipal de facenda, voluntario de Primeira Liña na sección de metralladoras de Pontevedra, actualmente na fronte, o importe íntegro das súas retribucións como funcionario para o mantemento da súa familia. Prodúcese un debate xurídico a través do cal sabemos que houbo un proxecto da FGP de conceder a todas as familias dos voluntarios un subsidio. Este proxecto abandonouse no

[1174] Acta da Sesión da CPCV do 09/07/1937, AMV, 106.1.
[1175] Acta da Sesión da CPCV do 17/02/1937, AMV, 106.1.
[1176] Actas das Sesións da CPCV do 05/05/1937 e 14/06/1937, AMV, 106.1.

momento en que a Xunta Técnica do Estado decretou os subsidios para estes voluntarios. Pola súa parte a Permanente entende que este asunto debe pasar a estudo para ver si é posible que o concello estableza para si mesmo un subsidio para os seus funcionarios que marchen ao fronte como voluntarios[1177]. O asunto quedará dilucidado na seguinte sesión do Pleno, acordando que:

> "(...) el hecho de no existir precepto legal alguno que conceda a los funcionarios conbatientes (sic) (…) voluntarios el derecho a continuar en el disfrute de sus sueldos, no excusa al Excmo. Ayuntamiento del deber de auxiliar a los familiares de los conbatiente (sic), dado el fin altamente patriótico que les lleva a la guerra, y que si bien el Estado tiene establecido y viene aplicando, con carácter general, un regimen (sic) de subsidio a favor de los familiares de toda clase de combatientes, ello no es obstáculo para que el Ayuntamiento, por su parte, pueda mejorarlo en beneficio de sus empleados, mediante la concesión de un suplemento en armonía con la situación de los familiares de éstos, con lo cual cumple, dentro de la modestia del propósito, pues que su penuria económica no le permita hacerlo con más amplitud, el deber de sacrificarse por España y de amparar a los familiares de los que con generosidad y patriotismo insuperables, marcharon a defender en los frentes de combate, (…)[1178].

A axuda consistirá nun 50 % do soldo para aqueles voluntarios que non teñan cargas familiares. 75% para os que teñen que soster ate 3 familiares e o 100% aos que teñan máis de tres cargas familiares. Estas porcentaxes deben ser consideradas como complementarias do subsidio estatal, polo que se refiren ao conxunto de subsidios. Ou sexa a suma do estatal e o complemento non poderá superar as porcentaxes establecidas. Polo tanto, para poder acceder a estas axudas será imprescindible que o interesado tivera solicitado o subsidio ao combatente estatal. A proposta foi aprobada polo Pleno establecendo que está só afectaría a aqueles funcionarios que estiveran desempeñando o seu cargo a 19 de xullo de 1936[1179].

Como veremos máis adiante este complemento do subsidio estatal será causa de grandes problemas na última corporación municipal estudada. Pero antes de pasar a analizar a actuación desta última corporación municipal viguesa, volvamos a Lavadores.

A segunda Comisión xestora de Lavadores que en realidade xa é unha Corporación municipal, nomease o 12 de febreiro de 1937 e cesa o 30 marzo de 1938, despois da supresión do efémero Concello de Teis e ten como misión, en principio, integrar as dúas entidades municipais e implantar o funcionamento como corporación en base a plenos e permanentes. Tres concelleiros repetirán da xestora anterior e outros 3 serán nomeados froito da integración entre os membros da xestora do extinto Concello de Teis. O resto 11 concelleiros máis serán novos. Aquí xa se aprecia unha diferenza fundamental cos trocos acontecidos en Vigo, a falla de estabilidade dos integrantes da Corporación municipal. Isto pode ser motivo pola absoluta falla de actividade que demostrou a primeira xestora de Lavadores. Os 3 concelleiros que continúan están vinculados coa política municipal anterior ao golpe, 2 foron concelleiros na Ditadura de Primo e outro no Bienio Negro. Os dous que proveñen da Ditadura son no momento de acceder á Corporación afiliados a FE-JONS o outro pertencía ao PRR. Os tres

[1177] Actas da Sesión do PCMC do 10/03/1937, AMV, 73.2.
[1178] Actas da Sesión do PCMC do 17/03/1937, AMV, 73.2.
[1179] Actas da Sesión do PCMC do 17/03/1937, AMV, 73.2.

que se integran procedentes da xestora de Teis son: Honorato Fernández Míguez, farmacéutico, Alcalde Lavadores por designación gobernativa en 1934, dirixente do PAE en 1935, militante de FE-JONS dende novembro de 1936, Isaias Taboas Martínez e Arturo Prieto Alcaina dos que non nos consta dato ningún. Os 11 restantes, novos integrantes son: Juán Fernández Vila, concelleiro de Lavadores en 1924, afiliado á GCV (integrarase en FET-JONS en 1938). Enrique Davila Martínez, funcionario do Concello de Vigo, adherido a FET-JONS en outubro de 1937. José Dotrás Fábregas, conserveiro, secretario da UFC en 1931, concelleiro de Lavadores en 1924 e afiliado á GCV. Florentino Ramilo Alonso, propietario, maior contribuínte por rústica da parroquia de Valadares en 1937, afiliado a FE-JONS en xaneiro de 1937. Luís Alonso Rodríguez, labrego, agrario (delegado da *Sociedad Repobladora Forestal de Bembrive* en 1931 e da Comisión Veciñal para o reparto do Monte Comunal de Bembrive en 1932). Indalecio de Lama, sen ningún dato sobre el. Rubén Méndez Davila, sen ningún dato sobre el. Jesús Vázquez Solano, propietario, morto por afogamento en maio de 1937. José Comesaña Abalde, maior contribuínte por urbana da parroquia de Beade en 1937, morre de morte natural en xaneiro de 1938. Jesús Simón Baliñas, profesión descoñecida, militante das JAP, a partir do Decreto de Unificación se integra en FET-JONS. Roberto Alonso Lamberty, conserveiro, secretario da UFC en 1938, afiliado á GCV e Urbano Pérez Rodríguez, empresario do comercio, maior contribuínte por industrial en setembro de 1937 na parroquia de Cabral, antes do golpe militaba no SAPC pero en agosto de 1936 afíliase a FE-JONS.

Como se pode ver, a nivel socio profesional da corporación de Lavadores é moito máis diversa que a de Vigo, aínda que o sector predominante sexan, tamén, os empresarios, o é en moito menor medida que na veciña cidade. Froito desa mestura que é Lavadores, tamén a súa xestora reflectirá esa realidade, iso si, agás un carpinteiro e un labrego todos os demais representan ás clases altas do concello. Tamén a presenza de elementos con experiencia política directa é superior, máis do 35 % da xestora está integrado con persoas con experiencia política municipal previa. A nivel político, si non temos en conta as militancias anteriores dos afiliados a FE-JONS esta organización conta con 5 xestores, seguida da GCV con 3, e 2 agrarios. Unha porcentaxe mais alta de xestores de FE(T)-JONS en Lavadores que en Vigo. Esta é a realidade sobre o papel, pero existía outra ben diferente.

O novo Alcalde será o empresario Victoriano Rial Román, antigo concelleiro en 1924 e secretario da Xefatura Local da FE-JONS en Lavadores[1180]. Igual que acontece en Vigo, a primeira cuestión que trata a nova corporación é o asunto dos funcionarios interinos (temporeiros, chámanlle eles). A súa presenza está relacionada coa incapacidade da primeira xestora para rematar os expedientes de depuración, polo que unha gran cantidade de empregados municipais está en suspensión e as súas funcións son realizadas por estes temporeiros. Pois ben, infórmaselle ao novo Alcalde que a anterior xestora autorizou ao Alcalde a facer tales contratacións "el mismo ante el mismo"[1181]. Pero aínda que o sistema empregado na anterior xestora considérase ilegal, un mes máis tarde e ante o elevado número de empregados en suspensión, acórdase continuar coa contratación de interinos co mesmo sistema que anteriormente[1182]. É curioso que un sistema que se critica se continúe a empregar,

[1180] Con seguridade Victoriano dáse de baixa de FE-JONS entre finais de 1936 e principios de 1938, xa en nese mesmo ano solicita o carné definitivo da organización dende a situación de adherido e non dende a de afiliado. AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia 1935-1943, caixa 161.
[1181] Acta da Sesión da CPCL do 17/02/1937, AMV, LAV 6.5.
[1182] Acta da Sesión da CPCL do 17/03/1937, AMV, LAV 6.5.

pero para a xestión de recursos e crear "afinidades" resulta o máis eficiente. De todos xeitos, o que máis chama a atención en Lavadores é quen son eses interinos. Máis do 40 % deles son empregados municipais do antigo Concello de Teis, pero 8 deles son antigos militantes das organizacións do bloque que apoiou a FP e incluso hai un anarcosindicalista, 6 teñen vínculos con organizacións que apoian o golpe, e 15 non consta militancia anterior. Ou sexa, para substituír a persoal sobre o que se teñen dúbidas da súa lealdade á nova España, contrátase persoal sobre o que se ten dúbidas do seu compromiso co novo réxime. Este feito reflicte unha das características fundamentais do proceso de depuración municipal, tanto en Lavadores como en Vigo: a existencia dunha multiplicidade asombrosa de casos que son resoltos tamén cunha multiplicidade de decisións que aparentemente resultan contraditorias. A depuración e a gradación da sanción parecen vir determinadas exclusivamente por un factor persoal. Evidentemente haberá unha serie de excepcións onde o resultado do proceso sexa predicible, pero como dicimos isto será algo excepcional. Entraremos de cheo neste asunto máis adiante. Pero o asunto da xestión de recursos e creación dunha base de apoios persoais ou grupais entre os propios traballadores non queda só nesa capacidade que á Alcaldía mantén para efectuar libremente contratacións. En xullo de 1937, a proposta da Alcaldía aprobouse que o propio alcalde seguindo exclusivamente o seu criterio poda outorgar pagas extraordinarias a todos aqueles empregados municipais que se distingan polo seu celo no traballo. O curioso é que a carga de traballo excesiva está provocada polas suspensións que orixina que o cadro de persoal non estea completo, ao que se lle engade un incremento da actividade administrativa como froito da xestión do prato único ou o subsidio pro combatentes, e que os cartos empregados para eses pagas extra proveñen dos salarios deixados de percibir dos empregados suspendidos, polo que a causa (a falla de persoal) as accións paliativas que se introducen (as pagas extra provintes a suspensión dese persoal), son a mesma. Que dúbida cabe que coa medida volvíase a gañar apoios dentro do persoal, xa que este viría incrementado o seu salario a costa da suspensión dos que foran os seus compañeiros.

Igual que a xestora anterior a actividade desta primeira corporación é moi cativa e se limita a iniciar o proceso de depuración que a anterior xestora non foi quen de iniciar dun xeito sistemático. Ao igual que acontece en Vigo hai funcionarios que non se presentan a traballar [1183]dende o día 19 de xullo, estes serán inmediatamente separados do servizo (as excepcións predicibles que falabamos antes), no Concello de Lavadores serán unicamente 2[1184]. Pero o máis salientable desta primeira e última reunión da corporación onde se aborda o tema da depuración do persoal, e que ningunha outra das que terán lugar por parte da seguinte Corporación municipal mostrou tal severidade. Trátanse 8 expedientes e os 8 son sancionados coa separación de servizo. No expediente dun deles, Joaquín García Pérez o concelleiro Martín Lago González, afirma que aínda que el votou a favor da súa separación definitiva

> "(...) no consideraba cierto, como el señor Comandante del Puesto de la Guardia civil antedicho afirmaba, que formase parte de las masas revolucionarias en contra del Glorioso Ejército, sino que por el contrario le constaba que se opuso personalmente a que elementos forasteros cometieran tropelías un este

[1183] Os expedientados e separados do servizo foron, Ramón Alonso Martínez (agrario), capataz de obras municipal; Joaquín García Pérez (PSOE) vixilante de arbitrios; Florencio Espinacho; Escanciano, administrador de arbitrios; Eulogio Martínez Villar (PSOE), oficial de 3ª; Enrique Pérez Rodíguez (PSOE, afiliado á CONS en novembro de 1936), sereo do mercado; José Franco Prado, garda municipal; e Joaquín García Pérez (PSOE), vixiante de arbitrios.

[1184] Trátase do guarda municipal Avelino Alonso Rivas e do vixilante de arbitrios Carlos Pérez Cameselle. Finalmente Avelino foi detido e xulgado por apoio á rebelión cunha condea de 12 anos de prisión e Carlos foi paseado no 26 de maio de 1938 no luga da Brea. Carlos de militancia agrario-socialista fora un dos máximos incitadores á folga en 1934. Acta da Sesión Extraordinaria do PCML do 26/04/1937. AMV, LAV. 6.6.

> término, como por ejemplo la voladura del Puente de Cambeses y que protegió la vida y hacienda de los vecinos de Lavadores Don, José Linares y D. José Díaz Casabuena, que por ser personas de orden estaban seriamente amenazadas"[1185]

O que demostra algo que xa comentamos ante falamos sobre os asasinatos, a falla de rigor dos informes dos servizos de seguridade, e neste caso, tamén, a covardía de Martín Lago.

Remata a actividade desta primeira corporación de Lavadores cun intento de incrementar a obra pública ao igual que no seu veciño Vigo, máis no caso de Lavadores, e dadas as limitacións orzamentarias do Concello o intento foi máis ben discreto e só quedou enriba da mesa para a seguinte corporación os anteproxectos de urbanización das dúas parroquias urbanas do Concello, Teis, e Santa Cristina, e a elaboración dos planos dun novo cemiterio para Teis. Os beneficiarios destes proxectos foron dous membros da famosa familia Comingues. Antonio arquitecto e antigo dirixente da URD local e cabo da GCV e Manuel, enxeñeiro de camiños que tamén aparecerá posteriormente na urbanización de Vigo, e que se embolsaron un mínimo de 15.000 pesetas[1186].

O 31 de marzo de 1938 toma posesión a segunda Corporación Municipal de Lavadores, pero a realidade é que o cese da corporación anterior se viña fraguando dende antes. Uns meses antes en xaneiro de 1938, a Xefatura Provincia de FET-JONS solicita informes sobre os concelleiros de Lavadores á Xefatura Local. O Xefe Local de Lavadores informa que só coñece persoalmente a 4. Non obstante sabemos que na corporación municipal hai 5 afiliados a FET-JONS, e o Xefe da organización única na que se pretende fundamentar a estrutura do novo Estado non coñece nin sequera a todos os concelleiros que dirixen a vida municipal da súa demarcación? A situación é kafkiana, sobre todo cando resposta á pregunta da Xefatura sobre o labor desenvolvida pola corporación municipal: "Si la actuación es, o ha sido buena o mala, sería difícil juzgarlo (...)"[1187]. A resposta é o suficientemente reveladora sobre a influenza de FET-JONS sobre o poder local, pero o resto do informe releva ás claras esta posición de absoluta subordinación.

O informe revélamos un xeito de proceder nas renovacións das corporacións locais. O Goberno Civil advirte a súa intención de proceder á renovación, neste caso concreto, incluso pon data, en febreiro de 1938 (finalmente foi a finais de marzo), e ponse en contacto coa Xefatura Local correspondente para que faga unha proposta de candidatos. Finalmente o Goberno Civil acorda o que considere convinte podéndose ter en conta ou non a proposta de FET-JONS. Neste caso concreto sabemos que non só non se tivo en conta a ningún dos candidatos proporcionados por FET-JONS senón que nin sequera se tivo a deferencia de convidar á organización ao acto de toma de posición. Unha organización que non esquezamos ten representación na corporación pero que esta representación non foi elixida por ela mesma[1188]. Pero aínda hai máis, o informe tamén revela que a elección dos candidatos da

[1185] Intervención do concelleiro Martín Lago González na sesión extraordinaria do PCML do 26/04/1937, LAV. 6.6. AMV.
[1186] Acta da Sesión do PCML do 09/02/1938, LAV 8.4, AMV.
[1187] Informe do Xefe Local de FET-JONS de Lavadores ao Xefe Provincial de 25 de febreiro de 1938, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1470.
[1188] Informe do Xefe Local de Lavadores ao Xefe Provincial do 20 de setembro de 1938, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Goberno. Administración e Servizos. Correspondencia 1935-1943. Caixa 161, p.1

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

organización non a fixo a propia organización, senón que os 10 candidatos que solicita o Goberno Civil son seleccionados pola Comandancia da *Guardia Civil* de Lavadores: "(…) he comunicado los nombres de diez personas seleccionadas por la Comandancia de la Guardia Civil del Puesto de esta, y de acuerdo con esta Jefatura."[1189] Remata o informe avaliando a capacidade dos nomes propostos dun xeito moi lacónico.

> "De su competencia nada puedo decirte, puesto que solo se sabe de lo que es capaz un hombre, cuando se le da la oportunidad de demostrarlo. Por lo demás, son todas ellas, personas que aportarían el máximo de voluntad y energías a la labor que se le encomendara."[1190]

Esta é a situación de FET-JONS en Lavadores, a terceira entidade en poboación da provincia de Pontevedra. Pero podería pensarse que como no Concello existe outra agrupación de FET-JONS esta compensaría a incapacidade manifesta da outra, pero non. A situación da FET-JONS de Teis é aínda peor.

> "Ante todo no tenemos militante nombrado por el Jefe Provincial de Milicias que se pueda poner OFICIALMENTE al frente de ellas. En 2 lugar no hay personal apto entre los militantes de esta J.O.N.S. que se puedan poner al frente de esta J.O.N.S.
> No tengo Secretario ni jefe de Prensa ty (sic) propaganda por haberse ausentado este personal."[1191]

Tal é a situación que no mesmo informe o Xefe da FET-JONS de Teis propón á Xefatura Provincial a súa disolución.

Tan só nos queda por ver a última corporación municipal de Vigo e máis o tratamento conxunto das depuracións nos dous concellos. Comezamos por esta última corporación municipal de Vigo.

O última Corporación municipal de Vigo do período estudado nomease o 31 de xaneiro de 1938, e supón un cambio total na composición dos anteriores órganos de goberno do Concello. Tan só repite un concelleiro da anterior corporación, e non hai ningún dos que empezan cando se produciu o golpe de estado. Tamén, por primeira vez en Vigo, o Alcalde non é un militar delegado do Comandante militar da praza. A súa composición política e socio profesional tamén troca.

Luís Suárez-Llanos Menacho, é o designado como Alcalde de cidade, xerente de COPIBA en 1940 unha compañía dedicada á captura e venda de bacallau ten fortes vínculos persoais co que será alcalde da cidade nos anos 60 a través da empresa, Rafael Portanet Suárez. É polo tanto unha persoa que pertence ao grupo empresarial con vínculos no sector da pesca. Afiliado a FET-JONS en 1938. Renova a súa condición de concelleiro Rodrigo Alonso Giménez-Cuenca, dirixente da UFC e como vimos, rotario e afiliado a FE-JONS en setembro de 1936.

[1189] Informe do Xefe Local de FET-JONS de Lavadores ao Xefe Provincial de 25 de febreiro de 1938, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1470.
[1190] Informe do Xefe Local de FET-JONS de Lavadores ao Xefe Provincial de 25 de febreiro de 1938, AHPP, Xefatura Provincial do Movemento. Correspondencia, 1935-1943, caixa 161, p. 1470.
[1191] Comunicación do Xefe Local da FET-JONS de Teis a Xefatura Provincial do 12/05/1937, AHPP, Xefatura Provincial, Correspondencia 1936-1939, p. 1569.

UDC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Acompáñannos como novos concelleiros: Leocadio Alejandro Acevedo, avogado de profesión, antigo dirixente do PAE, membro da GCV e integrado en FET-JONS. José Álvarez García, representante en Vigo da empresa Larios exportadora de aceites refinados e puros, tamén relacionado co mundo da conserva. GCV integrado en FET-JONS en outubro de 1937. Julio Aren Bautista, membro do Consello de Administración de Tranvias Eléctricos de Vigo, dirixente do PAE, GCV e integrado en FET-JONS, membro do Gabinete de censura de prensa. Estanislao Díaz Hernández, de profesión descoñecida, adherido á CT, integrado en FET-JONS despois da unificación. Arturo Enriquez Neira, profesión descoñecida. Miliciano das JAP integrado na unificación en FET-JONS. Manuel Fernández Filgueira, avogado, secretario do *Centro Orensano*, Adherido a FET-JONS en 1938. Antonio Freire Pazó, de profesión descoñecida, adherido a FET-JONS en 1938. Guillermo García Abal, Vogal do Consello de Administración de Tranvias Eléctricos de Vigo, secretario do *Centro de Hijos de Vigo*, afiliado a FE-JONS en novembro de 1936. Julián González Goberna, presidente da Fundación Victoria Bahomonde, relacionada coa actividade pesqueira, afiliado en xullo de 1937 a FET-JONS. Enrique Pascual del Rio, descoñecido. Jerónimo Pérez Casqueiro, empresario do comercio, en concreto venda de fariña, sen militancia coñecida. Alejandro Requejo Buenaga, accionista de Tranvias Eléctricos de Vigo, presidente de Caixa Vigo, representa ao Círculo Mercantil na I Asemblea pro Estatuto de Autonomía en 1931, GCV, non consta a súa integración en FET-JONS. Eloy Rodríguez Cantero, traballador de banca, Xefe Local de FET-JONS en febreiro de 1937, afiliado en outubro de 1936. Irmán do camisa vella e dirixente falanxista vigués Enrique "Tajuelo". Miguel Rodríguez Fernández Vila, descoñecido; Javier Rubio Escuredo, director do *Centro de Hijos de Vigo*, censor do gabinete de censura de Vigo en 1937. Afiliado a FET-JONS. Marcelino Suarez Celada, Xefe de escuadra dende xaneiro de 1937, afiliado a FE-JONS en outubro de 1936 e Indalecio Vázquez Rodríguez, empresario directivo da FGP, afiliado á FE-JONS en setembro de 1936.

Gráfico 46
Comparación composición socioprofesional corporacións municipais



Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas da CXMV e do EPG e FDV

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Si facemos unha comparación coas anteriores corporacións (Gráfico 46) o resultado que resalta é a diversificación do tipo de empresariado representado na corporación, pero sobre todo o aumento dos concelleiros dos que non coñecemento a súa profesión. Isto pode indicar o acceso ao poder municipal dun novo persoal político, xa que non nos consta na nosa base de datos (1931 a 1939), si ampliásemos a pescuda a partir de 1939, seguramente comezarán a parecer estes, agora, descoñecidos[1192]. Parece confirmase a tese de aqueles que falan da introducción de novos sectores dentro do poder local a partir da vitoria dos sublevados, de todos xeitos esta chegada entre 1938 e 1939 é cativa e habería que confirmar que acontece a partir de 1939. Tamén destaca a presenza, por primeira vez de traballadores, aínda que no caso concreto do que accede en 1938 non é pola súa condición socio profesional e si pola súa condición de dirixente local de FET-JONS. No caso contrario atópanse os militares, que por primeira vez desaparecen da corporación, unha vez que o control militar está total e absolutamente consolidado. Tamén pode interpretarse deste xeito a gran redución de representantes da FGP e da UFC, que só conservan un membro cada unha. En todo caso, os trocos deben ser avaliados non en función da composición das estruturas de poder, senón en función das políticas que desenvolven esas estruturas, cousa que veremos de seguido. Pero antes compre facer unha comparación sobre a militancia dos membros da corporacións para ver a evolución, aínda que parece que esta está moi máis clara. De feito, pode arroxar máis luz, unha comparación entre a posición política corporacións anteriores comparada coa procedencia dos militantes de FET-JONS desta corporación que agora toma posesión, xa que só hai militantes FET-JONS por mor do Decreto de Unificación.

Gráfico 47

Comparación composición política corporacións municipais



Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas da CXMV e do EPG e FDV

[1192] Tamén podería darse o caso de ser un persoal novo e máis mozo, polo que as posibilidades de actividade política ou social anterior á guerra sería máis reducirda. En todo caso, esta circunstancia tamén indicaría que estamos ante un novo persoal político.

No Gráfico 47 apréciase como as diversas tendencias antes dispersas agora están todas agrupadas na FET-JONS, que recolle a gardas cívicos, "japistas", tradicionalistas (antes non presentes ou representados na opción de ultra dereita)... En realidade non estamos ante a redución das posicións ideolóxicas senón de unha redución de organizacións. Todas as posicións ideolóxicas agora estarán integradas no que supón a consumación do proceso de hibridación iniciado dende antes do golpe de estado en FE-JONS.

Pero como dicíamos antes os trocos manifféstanse nas políticas concretas que se desenvolven, así que imos entrar de cheo nas políticas que desenvolve esta útlima corporación municipal. O primeiro que chama a atención é que no discurso de toma de posesión de Suárez-Llanos non hai referencia algunha á anterior corporación municipal, nin se manifesta o agradecemento dos novos concelleiros aos anteriores pola labor realizada, algo realmente atípico. O que si hai é unha manifestación clara de obxectivos, que parece que non se levaron a cabo en anteriores gobernos municipais. Así, afirma

> "(...) que venía a ocupar el cargo animado de los mejores deseos y con la firme voluntad de conseguir una administración eficiente a base de austeridad, tenaz labor depuradora e inflexible aplicación de las leyes."[1193]

Esta referencia á "tenaz labor depuradora" ben a lembrar que na última sesión da corporación anterior obrigouse, pola superioridade, a abrir un expediente de depuración que a corporación rexeitara abrir anteriormente. Ou que tamén, nesa última sesión, condonouse parte das sancións a funcionarios depurados e que durante o seu mandato houbo unha grande cantidade de sobresementos de expedientes. En consecuencia con isto adóptase un compromiso inequívoco co apoio ao fronte e a FET-JONS.

> "Será primordial preocupación nuestra velar por cuanto afecta a los combatientes y a sus familiares de la retaguardia, a los que nada debe faltarles.
> Y con la vista puesta en los frente de guerra y en el alto ejemplo que para todos significa la excelsa figura del invicto Caudillo, pensando en Vigo y en España confió conseguir, con el concurso de todos, el rendimiento máximo de nuestros esfuerzo, que preparemos sin desmayo a la santa Causa de nuestra amada Patria, y siguiendo las inspiraciones de Falange Española Tradicionalista y de las Jons, mortor y guía (sic) del Glorioso Movimiento Nacional."[1194]

Aparentemente preténdese retomar un rumbo abandonado pola anterior corporación municipal, á que se critica que nas circunstancias nas que se atopaba a facenda municipal procedera á aprobación da condonación de débedas e multas do 20 de xullo para atrás. Así a primeira medida que toma a Permanente na súa primeira reunión é cancelación de calquera acordo que supoña incremento de persoal[1195]. Pero o que máis chama a atención deste inicio dos traballos da nova corporación é que o Alcalde non se fía da legalidade económica dos anteriores concelleiros, polo que cando o secretario pon a votación a acta anterior, onde a corporación saínte aprobara o orzamento ese ano, propón que se deixe pendente en tanto en

[1193] Acta da Sesión do PCMV do 31/12/1938, AMV, 73.2.
[1194] Acta da Sesión do PCMV do 31/12/1938, AMV, 73.2.
[1195] Acta da Sesión do CPCV do 02/02/1938, AMV, 106.1.

canto a Comisión de Facenda non emita un informe sobre a situación económica real do Concello[1196].

Pero onde aparecen os problemas non é no orzamento nin na contabilidade da anterior corporación, é na xestión do complemento do subsidio de auxilio ao combatente. O 23 de febreiro de 1938 o oficial que dirixe a Oficina de Subsidios para o persoal do Concello na fronte, informa a Comisión Municipal Permanente que, despois dunha revisión das axudas ás familias perceptoras, obsérvanse unha serie de irregularidades. Estas afectan a 78 subsidios (67 funcionarios xa que algúns destas subsidios teñen máis dunha irregularidade) e teñen unha múltiple casuística. Dende a percepción sen ter dereito a ela, ate a percepción de cantidades superiores ás estipuladas. Tamén hai un grupo de funcionarios excluídos da axuda sen ningunha xustificación legal. Descóbrese que o concello está pagando subsidios sen ter sido aprobados pola Permanente e que a contía da aportación municipal non se fixou seguindo norma algunha. Quen son as persoas beneficiadas destas irregularidades?

Hai un primeiro grupo de irregularidades que afectan a 24 funcionarios que cobran a subvención sen que esta fora aprobada. Destes 24 funcionarios beneficiados, 8 pertencen a FET-JONS (33,33%), 2 militaron en organizacións antifascistas (8,33%) e 14 (58,33%) non se lle coñece actividade político sindical algunha. Non obstante as porcentaxes cambian radicalmente cando a esta falla de legalidade na concesión lle sumamos a non inscrición como combatentes do rexistro estatal, "quebrantando abertamente las normas del acuerdo de la Comisión Permanente fecha 17 de marzo de 1937"[1197]. Nesta situación atópanse 13 funcionarios. 8 afiliados a FET-JONS (61,54%), 1 ao PRR (7,69%) e 4 (30,77%) non se lle coñece afiliación. Pero a cousa queda aínda máis clara si se analiza outra das categorías de irregularidades nos pagos do subsidio. Trátase daquelas familias de funcionarios que están na fronte e cobrando o subsidio sen reunir as condicións para o seu cobro, xa fora por non ser o único mantedor da familia ou por superar a renda de ingresos establecidos. Neste caso están 14 funcionarios, dos que 10 pertencen a FET-JONS (71,43%) e 4 non teñen militancia coñecida (28,57%). A outra causa irregular na que se atopan funcionarios mobilizados do Concello é a percepción dunha porcentaxe de subsidio superior á que legalmente deberían estar cobrando. Neste caso atópanse 8 funcionarios, dos que 4 son das organizacións sublevadas e outros 4 non se sabe a súa militancia.[1198]

En resume o 50,75 % dos funcionarios afectados por estas irregularidades son afiliados a FET-JONS ou á CNS; o 44,77 % son funcionarios aos que non se lle coñece afiliación nese momento nen anterior; e un residual 2,98 % con militancia anterior a organizacións da FP xunto cun 1,49 % de militancia republicana radical. Ante estes feitos o acordo que se toma nesa mesma sesión é o regularizar o tema do complemento do subsidio. Non hai máis comentarios, nin se volve a tratar en sesión ningunha durante todo o período estudado. Efectivamente localizáronse unha serie de irregularidades, pero non afectan ao que con seguridade o Alcalde tiña en mente, senón que a maioría dos beneficiarios destas irregularidades son militantes de FET-JONS, quizais este sexa o feito que fai que no asunto non sexa tratado en profundidade nunca máis.

[1196] Acta da Sesión Extraordinaria do PCMV do 04/02/1938, AMV, 73.2. Finalmente e despois do informe da Comisión de Facenda a acta aprobouse na seguinte sesión extraordinaria do 18/02/1938. Acta da Sesión Extraordinaria do PCMV do 18/02/1938, AMV, 73.2.
[1197] Acta da Sesión da CPCV, do 23/02/1938, AMV, 106.1.
[1198] Acta da Sesión da CPCV, do 23/02/1938, AMV, 106.1.

Pero a nova corporación non chegou só para revisar a actividade da anterior. Como anunciaba o alcalde na sesión constitutiva tiñan un proxecto claro. A primeira acción deste proxecto é a desregulamentación das relacións laborais dos empregados públicos. A proposta do Alcalde a Permanente acorda, previa a súa derrogación por parte do Pleno, deixar de aplicar o Regulamento de Réxime Interior das Oficiñas do Concello, por "que las plantillas (...) no responden a la orientación que se señala en tal Reglamento (...)"[1199]. O Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria do 18 de febreiro anula definitivamente o regulamento de persoal[1200]. Quedan, así, borrados os dereitos adquiridos polos empregados municipais dende 1932. A partir deste momento, sen unha regulamentación específica para os traballadores e traballadoras do concello, o Alcalde actuará con total discrecionalidade. Isto crea unha situación de indefensión dentro dos traballadores que ten como obxectivo a súa completa submisión. O alcalde, Suárez-Llanos despregará a partir deste intre unha táctica moi similar á empregada nos asasinatos, cun só principio, a aleatoriedade, está á vez intimamente relacionada coa depuración do persoal.

O seguinte paso que da é presentar unha moción na Permanente para a reorganización total do funcionamento dos servizos centrais do Concello. A moción afirma que se pretende gañar en eficacia e ao mesmo tempo, manter ao servizo do concello aos funcionarios da máis valía. O Alcalde, tamén manifesta explicitamente como obxectivo da reforma, deixar os servicios co persoal imprescindible para que no futuro próximo de volta da fronte dos combatentes existan ocos onde poder situar a aqueles que o soliciten. Entre interinos e persoal con praza serán 16 os postos suprimidos. 6 interinos e 10 propietarios pasarán a situación de excedencia forzosa co cobro de 2/3 do seu salario ate que se lle atope unha praza libre[1201]. Destes 10 funcionarios con praza en propiedade, 5 teñen militancia anterior en organizacións democráticas, 3 non consta afiliación algunha, 1 é socio da Agrupación Martín Codax e o outro é afiliado á CNS e antes da unificación á *Guardia Civica*. Como se pode ver comeza a funcionar a aleatoriedade. Si, a maioría dos afectados tiñan pertencido a organizacións antifascistas, pero entre estes afectados tamén os hai adeptos ao réxime e persoas sen militancia. A partir de agora, calquera pode verse afectado por unha reorganización de efectivos. A aleatoriedade como fonte de xeración de incerteza, e a incerteza como xeradora de pánico. Pero a situación aínda vai a ter máis elementos de aleatoriedade. Que facer co aforro que supón o despido de 6 interinos e o pase a excedencia forzosa de 10 propietarios?

Suárez-Llanos propón unha gratificación complementaria do soldo dunha serie de funcionarios dos servizos centrais do concello. Esta medida xustifícase no ánimo do Concello de

> "(…) compensar el mayor esfuerzo que ahora realizan en el cumplimiento de su labor, con una retribución más alta que pueda servir de estímulo y de punto de partida al problema del sueldo de todo el personal del Ayuntamiento (...)"[1202]

Esta gratificación será outorgada a 13 militantes de FET-JONS-CNS e 16 empregados sen militancia coñecida. Pero, como veremos, algún destes funcionarios sen militancia coñecida,

[1199] Acta da Sesión da CPCV do 09/02/1938, AMV, 106.1.
[1200] Actas da Sesión do PCMV do 18/02/1938, AMV, 73.2.
[1201] Acta da Sesión da CPCV do 02/03/1938, AMV, 106.1.
[1202] Acta da Sesión da CPCV do 23/03/1938, AMV, 106.1.

son funcionarios con suspensión de emprego e soldo por mor das depuracións. Si os castigos son aleatorios, ninguén está a salvo, as recompensas tamén deben ser alegatorias, o xeito de actuación discrecional que provoca a incerteza é a política de persoal que instaura Suárez-Llanos entre o persoal municipal.

Pero si esta é a política interna que desenvolve este Alcalde entre o seu persoal, cal é a que leva a cabo cara o exterior? Nela, Suárez-Llanos desenvolve a liña marcada polos seus antecesores. Matado o Plan Palacios e coas mans libres para ordenar o urbanismo na cidade, desenvolverá unha serie de proxectos, incluso aqueles desaconsellados por organismos superiores, co obxectivo de beneficiar directamente ao empresariado que dende antes do golpe participou na caída da República: a UFC e FGP.

En febreiro de 1938 a Comisión de Fomento do Concello presenta o seu plan de obras. Trátase de, ao tempo, que as licencias de obras a particulares continúan dende a etapa a anterior a ser un dos nichos de financiamento de déficit da administración municipal co conseguinte descontrol urbanístico, emprender unha gran reforma urbana de mans da institución pública. Para isto elabórase un plan de acción de obras. A argumentación do plan é realmente chocante:

> "Todos sabemos que esta hermosa ciudad es eminentemente cosmopolita visitada por extranjeros que vienen a admirar sus bellezas panorámicas incomparables con que lo dotó la naturaleza; y si bien estas visitas han aminorado bastante, debido a las actuales circunstancias, es de esperar que muy pronto estás visitas vuelvan a reanudarse con mayor intensidad que antes (...) es necesario atraer al extranjero (...) porque es una fuente de riqueza a la que hay que prestarle atención." [Para isto necesítase] "emprender una verdadera labor de urbanización comunicando a la ciudad con sus playas y haciendo el tránsito asequible y fácil a esa preciosa atalaya denominada Monte del Castro, a las playas de Samil, de Canido (...)"[1203].

Pero, o certo é que cando se pasa a propoñer os ritmos e as prioridades de urbanización, estas respostan a criterios eminentemente económicas de beneficio económico inmediato para uns sectores perfectamente definidos. A Comisión cualifica as obras a realizar en dous grupos. O primeiro de execución inmediata e o segundo, aínda que teoricamente imprescindible, pola súa contía, proponse a súa realización posteriormente. A primeira obra é a urbanización de Tomás Alonso é o argumento para que así sexa non é outro que "es la arteria de comunicación de toda una gran zona industrial quizás la más importante del término". Como vemos, si na exposición de motivos do plan de obras municipal o que parece primar é o desenvolvemento terciario de Vigo, pensando nun futuro onde a actividade turística poida traer grandes beneficios á cidade, na concreción práctica do Plan, a conexión dos enclaves industriais da cidade é o que se considera verdadeiramente importante.

Destacan tamén neste primeiro grupo de imprescindibles a realizar inmediatamente, o pavimentado de Policarpo Sanz, entre o García Barbón e a actual Praza do Sereno (Capitán Carreró), a urbanización da Gran Vía no tramo entre Urzaiz ate a confluencia coa Travesía de Vigo. E co número 6 de importancia neste primeiro grupo de imprescindibles, outra obra relacionada directamente coa actividade industrial e portuaria: a apertura da rúa Pontevedra

[1203] Acta da Sesión da CPCV do 23 de febreiro de 1938, AMV, 73.1

no centro da cidade para desconxestionar o tráfico portuario. Obsérvese que non se propón unha división de espazos, senón que a obra a realizar supón a invasión do centro urbano polo tráfico industrial portuario, o que da unha idea clara de que é o que se privilexia e porque se fai.

No segundo grupo, a realizar máis tardiamente, digamos sen présas, incluense obras de saneamento: rede de sumidoiros nalgunhas áreas do centro da cidade e na Travesía de Vigo. Ou sexa as obras de equipamento colectivo básico, as que afectan directamente aos cidadáns. Tamén neste grupo de a realizar "sen presas" están as conexións coa praia de Samil.

Pero ante unha situación orzamentaria tan complexa como a do Concello de Vigo, como lograr o financiamento estas obras, aínda que sexa das máis inmediatas? O proxecto contempla unha serie de gastos, entendemos que provisionais, pero nos que destaca que estes serán cubertos nunha parte importante polas contribucións especiais do veciños das rúas en cuestión. A efectos prácticos: os veciños da rúa Pontevedra serán os que sufraguen unha parte das obras de "desconxestión" do tráfico portuario que ademais pasará a invadir a rúa na que viven. Este plan suporía para o Concello tan só nas obras da primeira fase un gasto (sen descontar aínda as contribucións especiais dos veciños) de 1.435.000 pesetas[1204] Estas contribucións especiais veciñais supoñen unhas aportacións nada desprezables. Nun exemplo práctico: o proxecto de pavimentado de Policarpo Sanz a Capitán Carreró declarado urxente e polo tanto de adxudicación directa polo PCMV. O montante total da obra ascende a 296.310,88 pesetas. Estas serán abonadas do seguinte xeito: 49.903,85 dunha subvención estatal; 24.407.03 recursos propios do concello e 125.237,91 a través das contribucións especiais dos veciños. De novo a extracción de capital privado colectivo por pare da elite dirixente para realizar os seus proxectos[1205].

Pero como dicíamos antes, incluso instancias superior mostran o seu disentimento co proceder do Concello sobre todo na declaración de urxencia de moitos dos seus proxectos, e que viña a posibilitar a adxudicación directa. A Inspección de Obras públicas non se mostra contraria ao xeito de concesión dos proxectos, ou sexa non se mostra contraria a que se prescinda "de los trámites de anuncios y subasta, pudiendo el Ayuntamiento acordar, que las obras sean realizadas bien por la administración o en la forma que estime más conveniente"[1206]. A Inspección móstrase contraria o desenvolvemento en si do plan de obras:

> "(...) esta Inspección cree que los momentos actuales no son los más apropiados para estas obras que no son de necesidad y urgentes, por lo que bien puede el Ayuntamiento aceptar el sacrificio de esperar a la terminación de la guerra si es que no estuviese dispuesto a ejecutar la obra por su cuenta en espera de que el Estado pueda abonar la parte que le corresponda sin interés y sin plazo fijo."[1207]

Evidentemente, coa capacidade de extracción de capital colectivo do que dispón a corporación municipal, o Concello ignora a recomendación da Inspección de Obras e continúa cos seus plans de urbanización. Pero estas contribucións, sobre todo ante a oposición da Inspección de Obras, débense realizar con todas as garantías legais. Para aseguralas, Suárez-Llanos viaxa a

[1204] Acta da Sesión da PCMV do 23/02/1938, AMV, 73.1.
[1205] Acta da Sesión do PCMV do 11/06/1938, AMV, 73.2.
[1206] Acta da Sesión do PCMV do 04/04/1938, AMV, 73.2.
[1207] Oficio do Inspector de Obras da IX Rexión Militar. Acta da Sesión do PCMV do 10/08/1938, AMV, 73.2.

Burgos para entrevistarse con altos cargos do *Ministerio de Organización y Acción Sindical.* Pero, porqué con dirixentes deste ministerio si estamos falando de obras públicas? A obras, como xa vimos, poden emprenderse grazas ás contribución obrigatorias dos veciños, estas fanse a través dun mecanismo que se coñece como a décima. A décima non é máis que o incremento dun décimo das contribucións por territorial e industrial dos veciños. E esta capacidade de incrementar estes impostos só é posible grazas a un Decreto de 1935, do 29 de agosto, para dedicar o incremento á loita contra o paro. Así Suárez-Llanos pretende convencer, como finalmente fixo, aos xerarcas do *Ministerio de Organización e Acción Sindical* para utilizar as contribucións para a súa campaña de obras públicas.[1208]

Seguros da "legalidade" das accións de financiamento dos seus proxectos, o Plan de obras aprobado, sofre unha profunda transformación. Aparecen novas e urxentes necesidades que deben de ser atendidas inmediatamente: é a remodelación completa do porto pesqueiro. Os armadores e a UFC, aínda que cunha presenza mínima na corporación impoñen o seu modelo de crecemento urbano.

> "(…) servicios que presta para la venta, preparación, empaque e introducción de pescado en el término municipal y en la Lonja del Berbés, no son en el momento actual lo más adecuados para el mejor desarrollo de las operaciones, por ser insuficientes y no estar en ellas debidamente atendido no solo el interés de los importantes sectores de la ciudad, que se sirven de esas instalaciones, sinó también el propio interés del Ayuntamiento en cuanto a la eficacia del servicio. (…) Es indudable que siendo la pesca la riqueza base fundamental de la vida de la población, el Ayuntamiento no puede desentenderse del mejoramiento de todo aquello que redunde en beneficio de los elementos que juegan en esa riqueza."[1209]

Tres días máis tarde o Pleno aproba a reforma do Porto cun orzamento de 4.600.000 pesetas do que o Concello aportará a través dos seus propios recursos 2.300.000[1210]. Con esta aprobación péchase o deseño xeral do bordo litoral do Concello que será destinado a actividade pesqueiro industrial. A cidade que Vigo podía ser desaparece definitivamente, ao tempo que se lle pon data de morte ás praias urbanas do centro da cidade. Os grandes representantes da industria pesqueira, os grandes beneficiados do golpe de estado, xa teñen o proxecto de cidade ansiado.

Tamén aparecerán directamente beneficiados os construtores que empregando o argumento de urxencia das obras resultan adxudicados para a súa execución. O construtor falanxista, Antonio Rodríguez Elias será un dos máis destacados. Só en novembro de 1938 se lle adxudican obras polo sistema de adxudicación directa cun orzamento de 261.265,67 pesetas primeiro e de 164.199,60 despois[1211]. Pero tamén aparecen outros como a *Constructora Gallega de Obras y Pavimentos, SL* que se fai, desta vez por concurso, coa adxudicación da obra máis grande proxectada, agás a remodelación do Porto, da condución de augas do túnel da Garrida ao Castro por un prezo de 949.900 pesetas[1212].

[1208] Acta da Sesión do PCMV do 02/11/1938, AMV 73.2.
[1209] Acta da Sesión do PMCV do 10/08/1938, AMV, 73.2.
[1210] Acta da Sesión Extraordinaria do PMCV do 13/08/1938, AMV, 73.2.
[1211] Acta da Sesión do PCMV do 02/11/1938, AMV 73.2.
[1212] Acta da Sesion da CPCV do 18/01/1939, AMV, 107.1.

Tal e como describía en marzo de 1938 o dirixente falanxista Álvaro Cunqueiro a coalición na que se integraron finalmente todos os sublevados tiña que distinguirse por un proxecto común máis alá dos programas concretos, no caso de Vigo o proxecto común resulta evidente[1213].

Tan só nos falta para rematar unha achega ao proceso de depuración, que como dixemos imos realizar de xeito conxunto para os dous Concellos, Vigo e máis Lavadores. Pero hai que indicar antes, que a Corporación municipal de Lavadores sofre unha nova transformación o 31 de marzo de 1938 e que será esta nova corporación a que desenvolva todo o proceso de depuración nese Concello.

A nova corporación non supón un cambio coa anterior, de feito o que se produce é unha incorporación de 5 concelleiros, manténdose intacta a estrutura anterior. Xa vimos como e quen elixe aos concelleiros en Lavadores e o papel que xoga FET-JONS así que non podemos ver na elección do novo alcalde de Lavadores, Joaquín Núñez Saavedra, empresario, fillo de Estanislao Núñez asasinado polos resistentes os primeiros días do golpe, miliciano voluntario e membro de FE(T)-JONS, unha decisión da súa organización. Os outros catro elixidos para completar a corporación son, Alejandro Iglesias, farmacéutico, afiliado da FE(T)-JONS en outubro de 1936. José Alonso, un dos candidatos que contou co apoio que xa mencionamos da *Guardia Civil* para integralo na corporación, de profesión descoñecida, militante primeiro das JAP, despois integrado na GCV e finalmente na FET-JONS cando a unificación. Ángel Prieto Luengo, empresario do comercio, maior contribuínte por industrial da parroquia de Santa Cristina, de militancia agraria no tempo da República e José Correa Álvarez, de profesión descoñecida, exercera de síndico no extinto Concello de Teis, adherido a FET-JONS en xuño de 1938.

Unha das novas incorporacións á Corporación municipal de Lavadores, José Caride Fernández, iniciará o seu mandato dunha proclama en relación coa principal tarefa que ten corporación, a depuración do persoal: "benegnidad para los incautos y engañados, pero no así en cuanto a los engaladores y aprovechados."[1214] Non é a nosa intención analizar un por un os expedientes de depuración que acometen as dúas corporacións, senón facer un resume do resultado e indicar a multiplicidade de opcións que se produciron. Non obstante, como o proceso en Vigo á altura de abril de 1938 está moi avanzado e en Lavadores aínda non comezou dun xeito xeneralizado, faremos unha pequena introdución de como se iniciou este proceso de depuración en Lavadores que ademais é substancialmente diferente ao que xa describimos para Vigo.

O proceso comeza en Lavadores o 22 de xuño de 1938. O Alcalde, Joaquín Núñez, informa á Permanente que despois de falar co gobernador civil e en base aos informes da *Guardia Civil* procedeu a suspender de emprego e soldo a 20 traballadores municipais que deben ser obxecto de depuración. Ao mesmo tempo di que ante a posibilidade de colapso administrativo por estas suspensión, acordou a contratación de 20 traballadores interinos[1215]. É o mesmo proceso de cooptación de persoal que se fai en Vigo, pero ten unha diferencia: a maioría dos concelleiros non apoia a capacidade do Alcalde para contratar discrecionalmente.

[1213] Cunqueiro, Álvaro, "De las letras de Unidad", EPG, 30/03/1938.
[1214] Acta da Sesión do PCML do 27/04/1938, AMV, LAV. 6.4.
[1215] Acta da Sesión da CPCL do 22/06/1938, AMV, LAV. 8.4.

O mesmo asunto volve a tratarse nun Pleno extraordinario ao día seguinte. A sesión, en principio pública, pronto cambia este carácter:

> "Por el Sr. Presidente se declaró abierta la sesión con carácter de pública, hasta que a los pocos momentos de iniciada se acordó por unanimidad fuera secreta por derivaciones que puedan tener respecto al decoro de la Corporación o alguno de sus miembros."[1216]

O concelleiro Roberto Alonso Lamberti, lembremos, antigo GCV, integrado en FET-JONS despois da súa adhesión á CT en abril de 1937, e dirixente da UFC, di que o asunto da depuración fora tratado dende había tempo, pero que non se viu a necesidade de efectuala. Tamén llo propuxo ao actual Alcalde no momento da súa toma de posesión, e nada se fixo, de terse feito hai 3 meses xa estaría a vida municipal "normalizada". Dito isto afirma:

> "Que lamenta, (...), verse obligado a expresar enérgica protesta respecto a la forma, que juzga anómala, inoportuna e ilegal, seguida por la Presidencia en la suspensión de empleados y nombramiento de sustitutos, pues aunque todo ello tiene carácter provisional, implican por el número y la calidad, graves trastornos para la vida municipal, no obstante lo que se sustrajo en absoluto la labor del conocimiento de la casi totalidad de los componentes de la Corporación, lo mismo en el terreno oficial que en el particular, lo que demuestra verdadera desconsideración para la misma (...)."[1217]

A partir deste momento toda a actividade da corporación municipal desenvólvese a través da loita de dous bandos. Por unha banda, o Alcalde e o concelleiro José Caride Fernández (antigo concelleiro en 1934, afiliado primeiro ao PRR e despois a GCV dende onde integra en FET-JONS despois da unificación) aos que se lle une posteriormente o secretario municipal Juan Giménez de Blas (dereitista, concelleiro de Lavadores en 1935 e sometido a expediente de depuración dende xaneiro de 1938)[1218]. Gritos, acusacións de caciquismo, de entorpecemento da labor do novo Estado no Concello, ameazas de cárcere, insultos, informes dos encartados nos procesos de depuración que son declarados segredos polo Alcalde e non se lle permite léelos aos resto da corporación... incluso unha moción de confianza contra o Alcalde, que perde, e que non terá ningún efecto práctico. Todo isto desenvólvense dende este intre ate máis alá de abril de 1939. A efectos prácticos o enfrontamento maniféstase nos expedientes de depuración en dúas posicións irreconciliables: o grupo minoritario co Alcalde á cabeza avoga por sancións duras e demostra unha falta de celeridade na tramitación dos expedientes que provoca que moitos traballadores municipais se atopen sen emprego nin soldo co que iso convela; o grupo maioritario con Roberto Alonso Lamberty á cabeza reprocha a falla de celeridade, as contratacións de substitutos a dedo polo alcalde e mantén unha posición moitísimo máis suave nas resolucións dos expedientes. Como resultado da maioría do sector

[1216] Acta da Sesión extraordinaria do PCML do 23/06/1938, AMV, LAV. 6.4.
[1217] Acta da Sesión extraordinaria do PCML do 23/06/1938, AMV, LAV. 6.4.
[1218] O expediente iniciado contra Giménez de Blas é consecuncia da consideración de que boicotea os traballos da corporación municipal, catalogando a súa actuación de "negligencia rebelde" Aínda que foi separado do servizo en xaneiro de 1938, un recurso seu fai que o Ministerio do Interior anule a separación por non ter separado as imputacións de carácter político das faltas de carácter administrativo. Acta da Sesión da CPCL do 10/01/1938, AMV, LAV 6.6. e Acta da Sesión da CPCL do 18/04/1938, AMV, LAV 6.6. Ábreselle expediente segundo as instrución do Ministerio, pero non se lle readmite plenamente, senón só a efecto económicos ante a posibilidade de que sabotee o seu propio expediente (Acta da Sesión do PCML do 04/05/1938, AMV, LAV. 8.4.). Ante un novo recurso do encausado, o Ministerio ordea a súa readmisión completa previa á instrucción do expediente (Acta da Sesión do PCML do 14/09/1938, AMV, LAV. 8,4).

encabezado por Alonso Lamberty as sancións en Lavadores serán máis leves que en Vigo pero tamén se producirá unha casuística múltiple e contraditoria.

Dito isto comezamos coa explicación do proceso en ámbolos dous concellos. Temos unha cifra global do cadro de persoal ao servizo do Concello de Vigo de 895 traballadores e traballadoras en maio de 1936[1219]. Na nosa base de datos temos rexistrados 678 traballadores municipais con praza en propiedade e 163 contratados, estes con contrato a partir do 27 de xullo de 1936. Polo tanto a nosa base ten un carencia de 217 traballadores como máximo, o que supón un 24,25 % para os que non temos datos. Pero como os expedientes son tratados en sesións municipais, temos rexistrados todos os expedientados e aqueles outros traballadores municipais que sofren outro tipo de feito represivo: asasinato, tanto por fusilamento como por paseo, detencións e penas de cadea. A análise, aínda así, farase sobre o conxunto do cadro de persoal de maio de 1936. Ademais incluiranse tamén na análise final os contratados que teñen acceso a un emprego no concello dende o 27 de xullo de 1936 en adiante, 163.

Para o caso de Lavadores non coñecemos o tamaño do seu cadro de persoal, pero tendo en conta que de todos os traballadores se pediron informes, o máis probable é que este ronda as 88 persoas que temos rexistradas, incluíndo os traballadores do extinto Concello de Teis. Feitas estas consideracións preliminares comezamos coa análise.

Como xa temos feito ao longo este apartado, consideramos que todo o proceso de depuración debe dividirse en dúas grandes categorías: por unha parte, a depuración reactiva e por outra parte a depuración activa. É posible que estas dúas grandes categorías non teñan unha aplicación relevante naquelas vilas e cidades onde o golpe non contase cunha resistencia baseada na persistencia da folga xeral. No caso do conxunto Vigo-Lavadores lembramos que esta se desenvolve entre o día 20 de xullo ate cando menos o 5 de agosto de 1936. A depuración reactiva prodúcese ante a ausencia do traballo dos empregados que manteñen a súa actitude de resistencia a través da folga. Xa que logo, esta modalidade é a primeira en aplicarse unha vez constata a súa ausencia reiterada. Nesta primeira fase prodúcese 63 baixas no cadro de persoal do Concello de Vigo e 2 no Concello de Lavadores. A grandísima diferenza entre Vigo e Lavadores non obedece a un seguimento menor da folga nese concello en relación con aquel, senón á tardanza da constitución da primeira Comisión xestora en Lavadores, 3 de setembro de 1936, polo que as novas autoridades non teñen medidos para controlar a asistencia ou a ausencia aos postos de traballo. No Gráfico 48 pódese ver o impacto dos diferentes procesos represivos nos cadros de persoal do dous concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1219] Martinez Pereda, Lucio, "La depuración franquista..." p. 165.

Gráfico 48
Persoal municipal afectado pola depuración sobre o total dos cadros de persoal

Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas municipais dos Concellos de Vigo e Lavadores, dos xornais EPG e FDV e o Proxecto Nomes e Voces

O 6,41 % do total dos cadros de persoal, cesa case inmediatamente, ente o 27 e o 28 de xullo, momento no que se constata a súa falla ao traballo dende o 19 ou 20 de xullo. Son 63 persoas ao que non se lle aplica o Decreto 108 senón o Bando da Declaración do Estado de Guerra, e que cando a partir de setembro-outubro, por orde superior, retrotraíanse as separacións de servizo tramitadas sen expediente previo, estes non se verán afectados pola medida. Pero incluso neste grupo onde parece que o tratamento que as autoridades municipais e homoxéneo, non o é. Dos 63 traballadores 1 tiña morto nos enfrontamentos co exército no momento da declaración do Estado de Guerra (Ricardo Fernández Martínez), outro foi fusilado (Urbano Rodríguez Moledo), outro paseado (Roberto Rosendo Rodríguez), un máis estaba en zona leal no momento do golpe (Luciano Vidal Freyria) e o último desaparecido (Antonio Quirós Cid). Quedan 58 empregados cesados por ausencia ao traballo aos que se lles presupón un trato igual. Pero dentro deste colectivo hai 5 traballadores que reciben un trato totalmente diferente ao resto e mesmo entre eles. Todos eles volven a traballar no concello, pero tamén con diferente sorte e con diferente vinculación. O primeiro deles é Juan Freiría, conserxe do matadoiro municipal de Alcabre, o seu caso é o único no que a ausencia ao traballo non lle comporta a separación de servizo e só sofre unha suspensión de emprego e soldo[1220]. O segundo é José Vázquez Rodríguez, recadador de arbitrios, afiliado ao PSOE, dáselle de baixa o 25 de xullo. Nalgún momento entre o acordo oficial de cesamento que se produce o 29 de xullo[1221] e o 14 de xullo de 1937 prodúcese o seu reingreso, ese 14 de xullo vese na Permanente do Concello o seu expediente de depuración, onde se afirma que nese momento non existes probas que xustifiquen a súa depuración, quedado a súa sanción nunha simple anotación no seu expediente persoal un caso exactamente igual ao terceiro, José Fernández Masedo, incluso coas mesmas datas, a única diferencia é que Fernández Masedo conta cun pasado de afiliado a UGT tamén é socio protector da AMC dende 1935 e militante de FE-JONS dende xaneiro de 1937 onde acada a Xefatura dunha escuadra en febreiro de

[1220] FDV, 27/07/1936
[1221] Acta da Sesión da CXMV do 29/07/1937, AMV, 70.1.

1937[1222]. O cuarto é Constantino Iglesias, traballador do servizo de arbitrios, delegado no Comité Local da FLS-UGT do *Sindicato de Empleados Públicos*. Cesado o 25 de xullo con acordo de cese o 29, igual que o anterior, non obstante o 18 de agosto de 1936 resulta nomeado interino para desempeñar o seu traballo na mesma praza que tiña como titular antes do golpe[1223]. O quinto e último caso é o Darío Alonso Crispín, e ao igual que Constantino, dáselle de baixa 29 de xullo e o contratan como interino o 18 de agosto de 1936.

Porqué esta diferenza de criterio? Non podemos empregar o argumento que empregamos con caso dos obreiros metalúrxicos, xa que o traballo desenvolvido polo concello, tanto administrativo como laboral non é, agás algún emprego en concreto, un traballo especializado, boa mostra é a contratación de 136 interinos para substituír as baixas. Habería que tentar estudar caso por caso, ver as conexións que poidan ter con persoas con mando no concello para saber si estamos ante casos de salvación. En todo caso a situación reflicte un gran abano na acción depuradora e en relación a unha serie de persoas, estas 5, que teñen grandes diferenzas entre eles mesmos.

Si isto sucede no que temos definido como depuración reactiva, relativamente pouco numerosa en relación aos expedientados totais, que sucede na maioría de casos? É posible establecer unha tipoloxía que relacione os casos de deputación activa?

Estamos falando dun colectivo, ese 36,32 % dos cadros de persoa dos dous concellos, formado por 357 traballadores e traballadoras. O Gráfico 48 reflicte que aconteceu con eles en relación aos expedientes aberto.



Fonte: Elaboración propia a partir do baleirado das actas municipais dos Concellos de Vigo e Lavadores, dos xornais EPG e FDV

151, o 42,30 % das persoas expedientadas foron apartadas definitivamente do servizo, ou sexa perderon a condición de funcionario, 165 foron castigados con suspensión temporal de emprego e soldo, o 46,22% e tan só 41, o 11,48% resultaron exonerados. Lucio Martínez e

[1222] Acta da Sesión da PCMV do 14/07/1937, AMV, 106.1.
[1223] Acta da Sesión da CXMV do 17/08/1936, AMV, 70.1.

Xabier Buxeiro coinciden en que a militancia previa, no caso de Lucio Martínez, a partir dunha data concreta, non presupón a sanción[1224]. Buxeiro afirma que, de novo é a súa actitude fronte ao golpe a que condiciona a sanción, introducindo a consideración de que ausentarse do traballo supón ou presupón un xeito de resistencia[1225]. Non podemos deixar de estar de acordo coa posición de Buxeiro, máis só con aquelo que atinxe á consideración da folga (ausencia ao traballo) como un xeito de resistencia. Pero si ben no ámbito xeográfico que el estuda todos os separados do servizo compren este criterio, no noso ámbito este criterio só o cumpre unha minoría, 58 empregados fronte a 151 separados definitivamente. Polo que respecta á posición que sostén Lucio Martínez, si é certo que basear as depuracións na simple militancia pasa a ser considerado polas propias autoridades como algo pouco sostible, pero a nivel práctico é así? ou é sempre así? Non, non o é. Analizando polo miúdo as sancións e as causas da sanción de tan só unha cata de funcionarios con militancia coñecida previa, 54 dos 316 sancionados, aparécenos que 9 deles foron sancionados despois de novembro de 1936 pola súa simple militancia e sen desempeñar cargos orgánicos nas organizacións en cuestión, en dous casos, ademais ao PRR (José Docampo Villar e Maximino Fernández Domínguez), pero tamén do PSOE-UGT (Manuel Fariñas Varela, Eulogio Martínez Villar, Cosme Rodríguez Penedo), das JSU (Enrique Otero Quintela), do PCE (Leonardo Lorenzo Rodríguez), ou un simple simpatizante da FP (Laureano Freijeiro) e incluso una funcionaria (Dorinda Jaso Almunia) por non realizar o saúdo romano nunha manifestación. É mais, atopamos os casos contrarios, dirixentes, neste caso socialistas recoñecidos, que non son nin tan sequera expedientados, como José Posada Curros, membro da Asemblea de Funcionarios de Galicia en 1931, secretario do Comité organizador da *Asociación de Amigos del Niño*, representante da *Asociación de la Enseñanza de Vigo* no Comité Local da Federación de Traballadores da UGT dende maio de 1932, e que traballa nos servizos centrais do Concello na súa praza sen ningún problema aparente en 1938. De feito, o argumento que emprega Lucio Martínez é exactamente igual a unha frase que aparece en 4 expedientes de funcionarios con militancia política anterior, a afiliación política anterior "no puede entenderse como motivo para considerarle contrario al Movimiento Nacional debido a las (...) coacciones que los marxistas sometían a los trabajadores para ingresar en sus organizaciones"[1226]. Esquécese que os expedientes nos que se emprega esta argumentación por parte do instrutor foron todos revogados polo Ministerio do Interior en xaneiro de 1939 e se ordenou unha nova apertura[1227]. Ao mesmo tempo, non hai que esquecer que a argumentación empregada é unha argumentación típica na empresa privada, onde moi posiblemente, si existise esa presión para a afiliación, sobre todo unha vez que os distintos sindicatos de ramo conseguiron o control das contratacións, pero o argumento non era válido para os traballadores públicos, xa que a contratación, a fixa e incluso a temporal, facíase por medio de oposicións, polo que a militancia ou non, non podía ser tan determinante.

Dende o noso punto de vista debemos de centrarnos nun expediente xa citado, o de Dorinda Jaso Almunia, porque ofrece as claves sobre as que pensamos se asenta a política de persoal desenvolvida por estes primeiras corporacións do novo réxime. Dorinda é unha funcionaria administrativa que non ten ningún tipo de incidente laboral ate que a raíz dun informe da

[1224] "A partir de Noviembre de 1936 la simple militancia en partidos políticos del Frente Popular (...) así como la afiliación a la U.G.T. y el Sindicato de Empleado Municipales, próximo a la U.G.T. (...) no fueron consideradas acusaciones merecedoras de castigo, siempre y cuando esta militancia no fuese acompañada de activismo político y sindical, o pertenencia a cargos directivos de partidos políticos y sindicatos", Martínez Pereda, Lucio, "La depuración franquista..." pp. 164-165.
[1225] Buxeiro Alonso, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia*... p. 193.
[1226] Expediente a Jacinto Álvarez Ayan, bombeiro en Actas da Sesión da CPCV do 24/09/1937, AMV, 106.1.
[1227] Acta da Sesión do CPCV do 18/01/1939, AMV, 106.1.

Delegación de Orden Publico que afirma que aínda que é apolítica "tiene ideas izquierdistas que no hace públicas por tener un carácter reservado". Nese momento, cando a Permanente está tratando este informe en outubro de 1937, aparece unha denuncia contra ela doutra funcionaria, Concepción Martín Calvo (afiliada a FE(T)-JONS en setembro de 1936) acusándoa de non erguer o brazo á romana no momento de soar o himno nun acto de homenaxe ao Xeneral Mola. Dorinda nega os feitos e afirma que a denuncia é falsa. Solicita que se lle tome declaración a Purificación Bueno, mecanógrafa da *Delegación de Orden Público* coa que asistiu ao acto. Non obstante, Purificación non ofrece ningún elemento novo, e afirma que non pode asegurar que erguera ou non erguera o brazo. Despois da declaración de Purificación, o instrutor resolve que

> "(...) considerando que si bien la condición de ser de tendencia izquierdista que se le atribuye en el informe del Sr. Delegado de Orden Público no sería por si solo atendido el criterio de la Corporación Municipal, basado en la recta interpretación del Decreto 108, motivo de sanción, el hecho de que no haya saludado en el momento solemne de interpretar el Himno Nacional, pone de relieve su oposición al Movimiento Nacional y es una demostración de persistencia en aquel izquierdismo contrario a los ideales que inspiran el nuevo Estado Español, lo cual no es admisible a un funcionario público, que si ha de cumplir con sus deberes como corresponde, debe estar identificado con las normas y las ideas con arreglo a las que, la Administración de los altos intereses de la Nación se desenvuelvan (sic) y considerando que el artículo 3º del Decreto de 13 de setiembre de 1936, número 108 preceptúa que los funcionarios públicos podrán ser corregidos, suspendidos y destituidos de los cargos que desempeñan cuando aconsejen tales medidas sus actuaciones atipatrióticas (sic) o contrarias al Movimiento Nacional, se propone la destitución del cargo (…)"[1228].

Pero a Permanente, atendendo a que Dorinda é o único sostén da súa familia (unha filla e unha nai ancián), modera a sanción que finalmente se concreta nunha multa equivalente a 6 meses de soldo a descontar proporcionalmente do seu salario[1229]. Dorinda solicita un par de meses máis tarde a condonacion da multa que a Permanente acepta a cambio dun traslado forzoso, traslado que Dorinda cumpre[1230]. Non obstante, esta funcionaria, expedientada, multada, trasladada do seu posto de xeito forzoso, en marzo de 1938, tan só tres meses despois da súa última sanción, recibe unha gratificación especial que premia o celo do desempeño do seu traballo, e que se encadra dentro das gratificacións que xa comentamos froito da amortización de prazas do Alcalde Suárez-Llanos.[1231] Pero o "culebrón" non acaba aquí, o 1 de xuño de 1938 volve a ser sancionada por non asinar a entrada ao seu posto de traballo o 23 de febreiro de 1938[1232]. E de novo, o 8 de febreiro de 1939 volve a recibir unha gratificación especial[1233].

E que pasa coa falanxista delatora, Concepción Martín Calvo? O primeiro que hai que dicir é que o caso de Dorinda Jaso é o único caso de delación que consta nos 357 expedientes municipais, o que non impide que algúns argumenten a partir deste único caso que a

[1228] Acta da Sesión da CPCV do 08/10/1937, AMV, 106.1.
[1229] Acta da Sesión da CPCV do 08/10/1937, AMV, 106.1.
[1230] Acta da Sesión da CPCV do 26/01/1938, AMV, 106.1.
[1231] Acta da Sesión da CPCV do 23/03/1938, AMV, 106.1.
[1232] Acta da Sesión da CPCV do 01/06/1938, AMV, 106.1.
[1233] Acta da Sesión da CPCV do 08/02/1939, AMV, 107.1.

"(...) delación de los propios compañeros también jugaba un papel importante. Las delaciones fueron abundantes y adquirieron un carácter de normalidad, eran consideradas un "deber patriótico" y un señal inequívoca de cooperación con el Movimiento Nacional"[1234].

Despois da delación, Concepción, recibe unha visita no seu posto de traballo de tres compañeiras, Carmen Soage, Elisa Millos e Hermelinda Vaquero quen, segundo a versión da delatora, insultanna por ter denunciado a Dorinda, e tamén as delata. Pero independentemente disto, de que creamos a versión de delatora ou non, esta recibe en marzo de 1938 o mesmo tipo de gratificación que Dorinda e en xaneiro de 1939 tamén[1235]. E sorprendentemente, Carmen Soage, Elisa Millos e Hermelinda Vaquero, esta última membro da AMC, corren idéntica sorte de Dorinda Jaso, con idéntica sanción e con iguais gratificacións que todas as implicadas. E non pensemos que este tipo de gratificación son cobradas por unha gran cantidade de funcionarios, non, en concreto a de 1939, só a percibiron 28 funcionarios e funcionarias.

Entre o conxunto de expedientados existe un mínimo de 90 casos con posicións que poderíamos definir como contraditorias. Militantes de FE(T)-JONS sancionados, militantes da GCV sancionados, de CONS-CNS que corren a mesma sorte, militantes de UGT-PSOE gratificados, incluso con contratos laborais propiciados polo Alcalde simultaneando labores de funcionario, trátase de Fernando González Aparicio, militante de IR topógrafo municipal e expedientado en 1937 ao que o Alcalde lle encarga xunto a outro funcionario, Miguel Maneiro Cobos, este militante de FET-JONS o proxecto técnico de apertura da Gran Vía, polo que reciben 8.650 pesetas.[1236]

Estas posicións contraditorias ou aparentemente contraditorias reflicten o que xa vimos dicindo durante todo esta apartado. O proceso de depuracións fíxose seguindo criterios de aleatoriedade que buscaron en todo momento crear un corpo de funcionarios fieis independentemente da posición política que mantiveran antes do golpe. Isto faise despois da fase reactiva da depuración e unha vez eliminados os elementos que as autoridades consideraron non asumibles. Na fase activa , a integración e a depuración funcionaron case de xeito simultáneo entre setembro e decembro de 1936. A partir desta data se observa máis claramente os intentos integradores baseados na extensión de recompensas e sancións de carácter fortemente aleatorio, todo isto dende a absoluta indefensión do persoal ao que se lle suprimiu o seu marco legal particular ao inicio da última corporación local. Estas medidas de carácter interno complementáronse cunha política de contratación de persoal interino pensadas para substituír aos empregados separados do servizo que estiveron dende o inicio baseadas en potestades discrecionais dos alcaldes e que contribuíron a formar uns cadros de persoal claramente clientelares coas figuras que encarnaban en cada momento o poder municipal. Esta discrecionalidade, que recorda ao sistema de función pública anglosaxón, e á figura decimonónica española do funcionario cesante que agarda anos a que volvan "os seus" para volver ao servizo activo, é o típico dun sistema de "rapiña". Resulta rechamante, pero non estraño, como a adopción deste sistema de "rapiña" por parte do último Alcalde de Lavadores estudado nesta investigación, orixinase un conflito interno, conflito pola xestión de

[1234] Martínez Pereda, Lucio, "La depuración franquista..." p. 161.
[1235] Acta da Sesión da CPCV do 24/09/1937, 24/09/1937, 23/03/1938 e 08/01/1939, AMV, 106.1. a primeira e AMV, 107.1 as dúas últimas.
[1236] Acta da Sesión do CPCV do 8 de febreiro de 1939, AMV, 107.1.

recursos, do que a organización política de xestión e control estatal, a FET-JONS non resultou nin tan sequera estar convidada.

En todo caso, este apartado pensamos que demostrou sen dúbidas que tanto as primeiras Comisións xestoras como as primeiras corporacións municipais que rematan o período proceden do mesmo campo e representan basicamente, senón intereses iguais, si similares, polo que a diferenza que algúns hoxe en día queren facer entre o "período de los comisarios de guerra, terreno abonado para los militares y los falangistas radicales" que, por outra parte, nunca estiveron no poder municipal, e un novo período que se abriría en 1938 onde xa "eran necesarias figuras emergentes en "proyección social", e absolutamente falso[1237].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1237] "Los primeros alcaldes gallegos del franquismo" en FDV, 15/04/2014.

8. CONCLUSIÓNS

A investigación propúxose dende o seu principio tentar contestar a unha serie de preguntas que considerabamos que a nivel local aínda non foran tratadas cun alto nivel de detalle. A nosa proposta pode dividirse en dúas grandes partes. Unha primeira na que nos preguntamos sobre cuestións previas ao golpe de estado de xullo de 1936 e que poden resumirse en tres cuestións: a primeira, porqué persoas que se relacionan politicamente nun marco democrático, imperfecto, pero eminentemente democrático, abandonan esas prácticas políticas para comezar a relacionarse politicamente a través do uso da violencia? A segunda nos cuestionamos sobre como é a sociedade local sobre a que vai a incidir ese cambio nas relacións políticas. E a terceira indagamos que supón a nivel de base a vitoria electoral da Fronte Popular? Na segunda parte da investigación trátase o golpe de estado das organizacións que participan, as consecuencias sobre a sociedade e as súas institucións sociais e finalmente como as novas autoridades xestionaron o poder local.

Pensamos que ao longo da investigación quedaron claras unha serie de cuestións que a nós nos parecen fundamentais e que se integran, máis alá do ámbito local onde se desenvolve a investigación, en debates moito máis amplos. Vaiamos punto por punto.

En primeiro lugar, constatamos que a violencia –considerándoa como un fenómeno político- ten unha xénese moi anterior ao golpe de estado e foi "preparada" ou instigada a nivel masivo canto menos dende novembro de 1935. A sociedade no seu conxunto foi bombardeada por unha serie de elaboracións discursivas que viñan a trazar unha liña de división, un nós fronte a un eles. Estas liñas de división foron construídas e/ou divulgadas socialmente por persoas concretas, os emprendedores políticos das dereitas non republicanas, e no fondo tiñan un elemento central, o estrañamento do rival político que a través do seu desenvolvemento foise convertendo en inimigo político. Este proceso de cambio de rival a inimigo resultará fundamental a partir da vitoria electoral da Fronte Popular para a radicalización das liñas de división e os primeiros pasos na deshumanización do inimigo que se completará ao inicio da guerra civil. A análise que ofrecemos a nivel cuantitativo da violencia previa, tanto en Galicia como en Vigo, demostra que aínda que esta medra, sobre todo a partir da vitoria electoral da Fronte Popular e pola acción dos especialistas na violencia, fundamentalmente, da dereita e ultradereita, esta non pode catalogarse de masiva en ningún caso.

Fronte ao que algúns sosteñen, o proceso de trazado de divisorias, nin é tan só unha táctica electoral, nin é unha cuestión de carácter macro onde as sociedades locais asisten a unha especie espectáculo sen consecuencias a nivel micro e as relacións político-sociais permanecen inalteradas. O bombardeo ás bases das organizacións de dereita non republicana –tanto alfonsinos como accidentalistas e outros grupúsculos como FE-JONS, estes últimos con algunhas liñas de fractura propias- penetra na sociedade local e ocasiona un aumento dos enfrontamentos de carácter violento. Esta violencia, como feito político, comeza a normalizarse nun contexto, tamén no local, onde a patria e as súas esencias fundamentais, familia, relixión e propiedade atópanse ameazadas.

Pero da outra beira da liña de división a vitoria da Fronte Popular, máis alá da realidade programática, supón un incentivo organizacional. A actividade a nivel social, cultural e de lecer, multiplícase completándose a articulación social dunha sociedade democrática e

revelando a existencia dun forte capital social. A nosa investigación dedica un gran esforzo a superar o marco de análise típico da sociedade republicana previa ao golpe. Do simple reconto de organizacións políticas e sindicais actuantes, que é como a miúdo se despacha este tema baixo rimbombantes títulos, fíxemos unha análise de actividade e procuramos facer, na medida que as fontes nolo permitiron, unha análise das redes que se ían tecendo a nivel social entre as diversas organizacións. Neste sentido, pensamos que a constatación da existencia destas redes entre clubs de fútbol non profesional e traballadores en folga, constitúe un exemplo práctico de articulación social non partidista que pode servir de base para explorar como posteriormente, o mantemento destas relacións informais, primeiro conseguiron manter vivos os elementos centrais da cultura obreira, e posteriormente, serviron de base á reconstrución das novas estruturas sindicais a partir dos anos 60 do século XX. Ao mesmo tempo, a partir deste análise a nivel micro que englobou tamén os conflitos sindicais previos, as relacións tendentes á unidade das dúas grandes estruturas sindicais do momento e, sobre todo, o cerne das súas reivindicacións, é o único xeito posible de afirmar ou desbotar as posibles relacións entre o asasinato masivo posterior ao 20 de xullo e as actitudes e actividades previas dos asasinados ou dos represaliados. Do mesmo xeito que sen esta análise é, pensamos que imposible, avaliar a actitude "dos outros", dos que apoiaron sen reservas o golpe.

Pensamos que quedou clara a existencia de certos "desaxustes" entre unha visión macro a nivel político ou sindical e a súa correspondencia a nivel micro. A percepción a nivel micro da apertura dun marco de oportunidade, propiciou, tal e como se demostra na investigación, unha fase ofensiva do movemento obreiro que situou entre o seu universo reivindicativo un elemento disruptivo de primeiro orde: o control das contratacións por parte das organizacións sindicais. Esta reivindicación, conseguida na inmensa maioría dos conflitos desenvolvidos dende febreiro de 1936 en Vigo, supuxo un ataque sen precedentes ás capacidades de control das organizacións patronais, e porque non dicilo, un ataque –vitorioso- ás propias relacións laborais capitalistas. Este ataque, inmediatamente relacionado coa vitoria da Fronte Popular dende os sectores dereitistas e empresariais, decantou o apoio ao golpe de significativos sectores da elite económica e social da cidade. Demostrouse como é precisamente naqueles sectores onde a conflitividade foi maior, onde maior número de asasinatos se produciron.

Tamén analizamos a configuración dunha das organizacións que serán protagonistas, FE-JONS. Facémolo dende dúas perspectivas. A primeira dende unha análise xeral inscrita do debate sobre a natureza fascista ou non do novo Estado. Neste debate a investigación aporta elementos de desenvolvemento organizativo e ideolóxico da primeira FE-JONS que pensamos son inéditos, para soster que aínda partindo dunha definición tan ampla como a proposta por Griffin, a nivel ideolóxico FE-JONS non é unha organización fascista. E non o é, non porque os seus fundamentos ideolóxicos sexan ou non sexan fascistas, senón porque os seus militantes descoñecen eses fundamentos ideolóxicos. Incluso dende unha visión exclusivamente centrada na cultura política pensamos que resulta certamente debatible que os militantes e cadros de FE-JONS sexan representativos da cultura política fascista. Esta situación de absoluta falla de formación dos cadros falanxistas unida ás diferentes tradicións dos militantes que pouco a pouco van recalando primeiro en FE-JONS e despois de FET-JONS, trae como consecuencia, a nivel micro obsérvase perfectamente, un proceso de hibridación da organización. Como dicimos a hibrización non se produce como consecuencia exclusiva co contacto dos outros grupos da coalición sublevada e as imprescindibles adecuacións en aras da unidade, senón que se produce, tamén, e sobre todo, pola infiltración

USC DE COMPOSTELA

de elementos ideoloxicamente pertencentes á dereita e ultradereita tradicional que ademais da simboloxía falanxista pouco máis adoptan da organización receptora. Esta hibridación a nivel da base e a nivel do discurso complétase dun xeito "perfecto" co Decreto de Unificación que, dende o noso punto de vista só ven a sancionar unha realidade práctica, a desaparición da opción fascista. Que dúbida cabe que a coexistencia nunha mesma estrutura partidista baixo unha retórica simbólica común, non resolve as contradicións que introduce o proceso de hibridación. Pero estas contradicións, tal e como se pon de manifesto no apartado que lle dedicamos á xestión do poder municipal, non se corresponden con diverxencias políticas reais, ou non se corresponden na maioría dos casos con diverxencias políticas reais, senón con conflitos derivados do control dos recursos.

Pero ademais tamén realizamos unha análise da creación e desenvolvemento da FE-JONS en Vigo, incluso aportando datos no nivel de afiliación é o seu crecemento primeiro entre 1934 e xullo de 1936 e despois entre o golpe e a fin da guerra. Non coñecemos ningunha serie histórica de crecemento local da organización desta amplitude nin para Galicia nin para boa parte do Estado. Pero máis alá do valor que consideramos ten a análise desta serie histórica de afiliados de FE(T)-JONS, pensamos que se logrou identificar os atrancos ao crecemento previo á golpe de FE-JONS en Vigo: a discrepancia entre o discurso e os seus representantes e a incapacidade para penetrar no mundo do traballo que configuran unha organización case de elites. Esta discrepancia evidente entre un discurso revolucionario e uns dirixentes vinculados coas dúas patronais máis potentes da cidade será un lastre para esa penetración no mundo do traballo unida á propia incapacidade orgánica para xerar cadros que foran capaces de dirixir este proceso de penetración. Ao mesmo tempo ao dispor desta serie histórica para Vigo permitiunos avaliar o proceso de crecemento previo da organización, e aínda que a nivel estatal se afirma que despois da derrota electoral dos dereitistas este crecemento foi exponencial, os datos para Vigo non indican iso. É máis indican un crecemento tímido nunha tendencia moi similar ao que a organización xa tiña antes das eleccións, aínda que tamén é certo que o nivel de afiliación xunto antes do golpe, -179 afiliados e afiliadas- supón un crecemento que impiden catalogar á organización como marxinal.

Polo que respecta a nivel micro a creación e desenvolvemento de FE(T)-JONS despois do golpe, constatamos que a ausencia de cadros formados acrecentouse coa marcha ao fronte os dirixentes máis novos da organización, o que fixo que o seu reeprazo tivera que ser efectuado a través da cooptación de novas incorporacións, o que viu a supoñer unha nova hibridación da organización. Dende este punto de vista, aportamos unha explicación un tanto provocativa: os conflitos que no período formativo se producen entre as diferentes organizacións que conforman a coalición sublevada (GCV, JAP, CT e organización de carácter local) deben de ser analizados en función dun enfrontamento pola difusión de símbolos e non como unha mostra de conflito eminentemente político-ideolóxico. Deste xeito, o conflito máis importante que se produce dentro da coalición sublevada polo control do ensino entre os elementos católico-falanxistas e os elementos eminentemente falanxistas do réxime, é un conflito resolto anos antes a nivel de base, cando menos en Vigo como consecuencia, entre outras, da falla de estruturas específicas da FE-JONS que puideran facerlle fronte á Igrexa local –o Bispado de Tui- e as organización a ela achegadas.

Ao igual que no período previo ao golpe de estado, pensamos que a investigación, deixa claro que a FE(T)-JONS é un gran contenedor que crece como unha maraña pero que é incapaz a nivel de base de organizarse como partido "estado". O discurso fascista revolucionario

USC DE COMPOSTELA

subsiste como un elemento aglutinador só concibido como un anhelo de futuro, onde esa alternativa revolucionaria defínese dun xeito pueril ou simplemente non se define, o que finalmente converte á organización nunha xigantesca maquinaria de encadramento dun réxime ditatorial de carácter persoal encargada da elaboración e representación simbólica do envoltorio dese réxime.

En segundo lugar, construímos un relato unificado do que acontece en Vigo dende o 19 de xullo á consolidación do golpe, o 5 de agosto. Un relato que ten o seu punto central, independentemente das particularidades do desenvolvemento local dos feitos, na constación de que a vitoria dos sublevados só foi posible grazas a inexistencia do inimigo que pretendían combater. Isto é, as autoridades republicanas e nomeadamente, o PSOE local, responderon á sublevación, dende unha perspectiva exclusivamente legalista, lonxe de calquera veleidade revolucionaria. De feito estas autoridades tentaron, de todos os xeitos posibles, conter calquera acción que sobrepasase o marco estritamente legal. A resistencia armada que durou ao redor de 3 días só ten explicación coa presenza e determinación dos anarconsidicalistas da CNT. Enténdase, non dicimos que os resistentes foran todos ou maioritariamente de CNT, dicimos que foi a única organización que demostrou capacidade para organizala, e en certo sentido, dirixila. Por outra banda, a posición das autoridades militares sublevadas foi de absoluta dúbida ate o momento antes de declarar o estado de guerra, incluso declarado, a redacción do bando declarativo do estado de guerra foi tan comedida que fai pensar na posibilidade de que o Comandante militar da praza, Felipe Sánchez, pensase en cubrirse as costas nun hipotético fracaso. Non foi ate o metrallamento dos cidadáns desarmados na Porta do Sol no momento de publicar o bando, cando a situación volveuse, para os militares sublevados, irreversible.

O control das institucións democráticas, maila toma de posesión das xestoras non se produzo neses momentos, senón que simplemente asistimos a un acto simbólico, porque o efectivo control e a acción depuradora, reactiva, non comezou ate días despois, ante a incapacidade das novas autoridades de poñer a funcionar unha maquinaria que quedara parada por mor da mobilización dos traballadores. A partir deste momento desencadease na cidade un conxunto de actos represivos que teñen no asasinato tanto por fusilamento como mediante o resto de fórmulas empregadas baixo o epígrafe xenérico de “paseos” e que nós, ante a insuficiencia das fontes empregadas non fomos quen de desentrañar, os seus elementos máis definitorios. Non obstante, a aposta pola identificación das militancias e profesións dos asasinados e unha mínima traxectoria vital, posibilitou descartar as recentes explicacións que tenden a minusvalorar a militancia e esas traxectorias político-sindicais como causa fundamental para xustificar o seu asasinato. Para chegar a esta conclusión resultou determinante non só esa mínima reconstrución das traxectorias vitais, senón tamén o estudo feito sobre os últimos meses do período republicano. Dende logo, se a nosa aposta se tivese guiado polos criterios habituais de reconto de organizacións e de conflitos, teríanos sido imposible esta achega.

Neste sentido, pensamos que quedou demostrado que no caso dos asasinatos por fusilamento, o obxectivo prioritario dos sublevados foi a eliminación dos representantes institucionais máis significativos do réxime democrático e unha porcentaxe dos líderes sociais máis significativos que se atopaban no seu poder, independentemente de si opuxeran ou non opuxeran resistencia efectiva á sublevación. Ao mesmo tempo e como resultado da análise de quen e quen non resultou asasinado, constatamos que un conxunto non desprezable de persoas lograron a salvación polo valor estratéxico das súas profesións. Centramos a análise nos traballadores

USC DE COMPOSTELA

metalúrxicos xa que as fontes así o posibilitaban. Un sector que se caracterizaba e caracteriza por un alto nivel de cualificación dunha alta porcentaxe de traballadores, un sector, ademais chave na súa reorientación cara a produción de material de guerra. A importancia militar do sector e a imposibilidade de substituír aos seus traballadores especializados fixo posible que unha morea de persoas salvasen a vida, reclamadas polas súas empresas. Incluso rematada a guerra destacados líderes sindicais de preguerra e cunha clara participación na resistencia tanto pasiva (folga xeral) como activa (enfrontamento armando) volveron ás súas factorías e desenvolveron os seus traballos sen problema. Pensamos que é un camiño por percorrer tanto noutros marcos xeográficos como noutros sectores xa que na nosa investigación intúese que outras profesións que tamén resultaban con alta demanda no momento de producirse o conflito actuaron igualmente como un factor para lograr a salvación.

Polo que respecta ao conxunto integrado baixo o epígrafe dos asasinados paseados, constatamos o feito de existe unha alta porcentaxe teles que non aparecen como cargos ou cadros das organizacións políticas ou sindicais antifascistas, ou tempo que existe unha porcentaxe significativa destes cadros que sobrevive, incluso algún deles con participación na resistencia armada posterior ao golpe. Isto nos levou a formular unha hipótese que consideramos que pode ser válida en relación ao criterio de elección das vítimas por parte dos asasinos: a aleatoriedade. Seguindo a Rodin consideramos que un dos elementos paralizantes a nivel social é o medo. Dentro da construción do medo é fundamental a incerteza. A práctica dun sistema de eliminación de individuos que queira propiciar ese medo paralizante debe producir incerteza e o xeito máis eficiente de producir incerteza é empregar un sistema de eliminación aleatorio. A nivel práctico, a aleatoriedade supón que ningún está a salvo, ni os que foron no seu momento líderes políticos e sindicais, que en teoría serían os principais potenciais afectados, nin os simples militantes nin sequera o que nun determinados intre propiciou un apoio puntual. A comparación dos que foron asasinados incluídos no epígrafe de paseados coa nosa base de datos de cadros das organizacións sindicais e políticas antifascistas, reforza esta idea de que o sistema de elección das vítimas baseouse na aleatoriedade, dentro dun conxunto de persoas previamente definido, os potencialmente opositores.

O asasinato de centos de persoas foi un paso previo e simultáneo para a construción dunha nova sociedade limpa de elementos "estraños". Pero esta construción, como vimos na investigación, non partiu de cero. Aínda que a natureza da actividade cambiou, houbo unha serie de organizacións culturais e de organización do lecer do período republicano que sobreviviron ao golpe e á toma do poder por parte da coalición sublevada. Estas organizacións, pertencentes todas, agás unha (a *Asociación Cultural Martin Codax*), ao que definimos como organizacións sen posición política, mudaron substancialmente a súa actividade que se enfocou á transmisión simbólica construída antes pero tamén durante e despois do golpe. Pero sufriron unha modificación substancial, perderon a súa capacidade de auto organización e se viron forzadas a inserirse tendo da maquinaria de propaganda e apoio do novo réxime en construción que se constituíu na animadora única da oferta cultural. O novo réxime iniciou a través dos seus propios medios e das organizacións que lle foron afíns unha modificación cultural que afectou ou pretendeu afectar a todos os ordes da vida, dende a estética propia a toda a ampla gama de manifestacións externas da cidadanía na súa vida cotián, dende como vestir na praia, como deben actuar as mulleres, cales son os símbolos estéticos externos dun bo cidadán, como se debe falar, ate que locais non frecuentar... A propaganda empregou sempre un recurso, a definición "do que debe ser".

E un deber da poboación foi o apoio ás novas autoridades. É neste "debe ser" de apoio, onde se encadra a mobilización dos cidadáns que se concibe imprescindible como elemento lexitimador. Polo tanto, toda chamada á mobilización é unha chamada ao apoio. Resulta certamente difícil avaliar ou cuantificar o nivel de mobilización ou o nivel de apoio, por exemplo das manifestacións patrióticas, como resulta difícil discernir entre a participación consciente e a participación forzada. Pero na investigación atopamos un xeito para avaliar numericamente ese apoio á mobilización. Grazas ás particularidades da xestión e recadación das subscrición patrióticas en Galiza e en particular en Vigo, puidemos ofrecer a análise de varias ducias de milleiros de subscricións. Esta análise de datos empíricos, non como un conxunto de exemplos, que non ofrecemos en ningún lugar da investigación, arroxaron unha conclusión: en ningún caso a porcentaxe da poboación mobilizada en favor dos sublevados acadou nos primeiros anos do novo réxime máis do 26 % do seu conxunto. Pero froito do estudo deste proceso de recadación e avituallamento das tropas do exército sublevado se nos mostrou ás claras o papel desenvolvido por dous axentes que pensamos son imprescindibles tanto no desenvolvemento do golpe como na posterior organización da sociedade para eses novos parámetros que xa comentamos. Trátase da *Federación Gremial de Patronos* e da *Unión de Fabricantes de Conserva*. Estas dúas organizacións empresariais son chaves. Impulsores, organizadores, fornecedores e beneficiarios son todos conceptos cos que se pode definir a estas dúas organizacións empresariais. Elas, os seus membros e socios con nomes concretos, colaboraron dende, cando menos, o primeiro minuto no trunfo da sublevación. A súa colaboración, como eles mesmos afirmaban, realizouse para "limpar" os seus cadros de persoal de axentes revoltosos. E como actores principais da consolidación das novas autoridades cobraron un prezo, a xestión de millóns de pesetas retraídas do conxunto da sociedade, moitos miles, cando menos, daqueles dos que se querían desfacer e das súas familias. Certo é que algún dos seus destacados membros non participou da pillaxe nin do apoio incondicional ás novas autoridades, como igual de certo que o rueiro de Vigo está cheo dos colaboradores necesarios e non contén nin un só nome dos que tiveron unha actitude honesta, cousas da memoria democrática.

Falamos si das subscricións patrióticas como un exemplo paradigmático de mobilización, forzada nuns casos e voluntaria noutros, tamén falamos das mobilizacións cidadáns patrióticas para festexar a caída das vilas e cidades que permaneceron leais. Analizamos estas manifestacións e non atopamos por ningunha parte esas doses de espontaneísimo entusiasta que reflexan outras investigacións de carácter local. Si atopamos en todas ou case todas unha descrición da prensa dese espontaneísimo, pero certamente, e á luz das propias descricións pensamos, sen lugar a ningunha dúbida que esa espontaneidade só é froito da propaganda. Máis alá de disquisicións teóricas, un festexo adopte ou non a forma de cortexo non é unha manifestación, senón un elemento de mobilización propia que está incluído dentro do repertorio precapitalista; ou que unha manifestación por definición non é nunca espontánea, xa que a reunión espontánea dun gran conxunto de persoas cunha demanda supostamente (porque a espontaneidade non coñece de táboas reivindicativas) en común chámase tumulto; máis alá disto dicimos, un réxime que como vimos na súa concepción da vida cotiá pretende controlar e regulamentar todos os aspectos da vida dos seus cidadáns, ía permitir un acto espontáneo froito, polo tanto, da total improvisación e ausente de calquera elemento de control? Pensamos que non, e para o caso concreto de Vigo, así foi.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pero ese prezo cobrado por eses imprescindibles apoios dos que falamos antes non só consistiu na xestión duns cantos millóns de pesetas. A xestión do poder municipal recaeu nos máximos representantes da *Federación Gremial de Patronos* e da *Unión de Fabricantes de Conservas* e dende o poder municipal comezaron o deseño da súa cidade. A concepción urbana do actual Vigo, unha cidade cun amplísimo borde litoral que non dispón de ningunha área de recreo ou lecer á mesma beira do mar no seu entorno urbano, comeza a fraguarse co acceso ao poder municipal deste sector empresarial. Primeiro eliminároнse as trabas legais e con elas o Plan de Ensanche para a cidade de Antonio Palacios, despois reconstruíuse o espazo urbano de acordo coas necesidades industriais de armadores, conserveiros e industria metalúrxica asociada. Na xestión que os representantes locais do bando sublevado fixeron das estruturas municipais, ademais do particular desenvolvemento urbano polo que apostaron, destaca a súa xestión do persoal. Dun xeito similar ao efectuado no caso dos asasinatos, adoptouse un criterio xeral de imposición de incerteza. A capacidade de contratación de persoal de xeito discrecional e a política de depuración mesturada sabiamente coa concesión de gratificacións e ascensos configuraron un cadro de persoal temoroso e con fortes vínculos de lealdade persoal a figura do Alcalde. A derrogación por parte do último Alcalde do período, Suárez-Llanos, do regulamento do persoal municipal incrementou esa discrecionalidade e a indefensión a todos os niveis, non xa dos potenciais disidentes senón de todo o persoal municipal, configurando un sistema de vinculación do persoal coa administración caracterizado polo enchufismo, tanto no acceso como nas gratificacións e ascensos. Así pois, estes novos cadros de persoal que se van configurando non responden a un criterio de vinculación política coa organización única nin coas súas estruturas sindicais, máis alá de que estas resulten privilexiadas.

Por outra banda, non, non se aprecia a irrupción dun novo persoal político nas corporacións municipais, apréciase na última corporación da guerra civil a lenta penetración dos "segundos" ante a retirada dos donos, ou sexa mentres que os representantes directos empresariais abandonan a primeira liña política comezan a penetrar os directivos deses mesmos sectores empresariais. Habería que continuar, ver a evolución posterior neste poder local, as novas repartición de parcelas de poder despois do remate da II Guerra Mundial para avaliar con fundamento a irrupción ou non destes novos sectores e as súas vinculacións coas elites tradicionais.

Que queda por facer? Sempre que se remata unha investigación tense a sensación de non ter sido capaz de explicar ou de expoñer todos os resultados da mesma, máis neste caso concreto co condicionante administrativo que sufriu este traballo e que revela ás claras a aposta inquebrantable da institución académica á pertenzo coa investigación –sarcasmo-. Pero si, quédame esa sensación. Tamén, ao remate, ábrense novas dúbidas mentres que as dúbidas iniciais parece que non rematan de pecharse. Queda por facer, outra vez, todo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

9. ÍNDICE DE FIGURAS E GRÁFICOS

Figura 1. Actividade cultural 20
Figura 2 Violencia política 21
Figura 3. Base de datos de subscricións 26
Figura 4. Base de datos da afliación política 29
Figura 5. Base de datos cruzados: subcricións e posición social e política 30

Gráfico1. Violencia política en Galicia 66
Gráfico 2. Violencia política en Vigo 67
Gráfico 3. Tipos de actos violentos en Galicia 68
Gráfico 4. Incremento afiliación a FE, FE-JONS antes de febreiro de 1936 en Vigo 107
Gráfico 5. Exemplares de "Arriba" distribuídos en Vigo 109
Gráfico 6. Coincidencia familiar en militancia FE, FE-JONS 110
Gráfico 7. Extracción socio profesional de FE-JONS 1934-feb. 1936 112
Gráfico 8. Número de actividades por grupo en relación á media total 122
Gráfico 9.Porcentaxe de aumento da actividade cultural entre set. 1935 e feb. 1936 123
Gráfico 10. Evolución de eventos: bailes e excursións 124
Gráfico 11. Evolución de eventos: conferencias e representacións teatrais 124
Gráfico 12. Evolución da afiliación a FE e FE-JONS ate xullo de 1936 161
Gráfico 13. Ritmo de fusilamentos para o conxunto de Vigo-Lavadores 197
Gráfico 14. Comparación temporal número de fusilados-número de paseados 198
Gráfico 15. A quen fusilan. Vigo-Lavadores 199
Gráfico 16. A quen fusila. Posición ideolóxico-política 200
Gráfico 17. A quen fusilan. Posición ideolóxico-política 201
Gráfico 18. Actitudes ante o golpe das persoas fusiladas 205
Gráfico 19. Militancia de metalúrxicos sen represión 211
Gráfico 20. Natureza dos contactos co aparello represivo dos metalúrxicos 212
Gráfico 21. A quen pasean. Extracción laboral dos paseados 218
Gráfico 22. Incidencia de asasinatos por paseo a nivel sectorial 219
Gráfico 23. A quen pasean. Posición ideolóxico-política 220
Gráfico 24. A quen pasean. Posición ideolóxico-política 221
Gráfico 25. Media (en pesetas) das aportacións á subscrición patriótica pro exército por lugar de aportación 270
Gráfico 26. Número de subscricións por lugar de aportación 270
Gráfico 27. Miles de pesetas doadas según posición política na Comandancia Militar e no cuartel da Guardia Civil de Lavadores 271
Gráfico 28. Porcentaxe de ocultación de nomes nas subscrición 276
Gráfico 29. Participación por sector en miles de aportacións ás subscricións 277
Gráfico 30. Participación nas subcricións por volume de aportación total en pesetas 279
Gráfico 31. Ritmo de aportacións ás subscricións 280
Gráfico 32. Comparación do número de achegas co capital achegado 281
Gráfico 33. Comparación entre participantes e achegas 284
Gráfico 34. Comparación entre participantes e achega mínima de 1000 pesetas 285
Gráfico 35. Posición política dos doantes 286
Gráfico 36. Extración socio profesional da GCV 300
Gráfico 37. Composición dos traballadores por conta allea 301

Gráfico 38. Incremento de afiliación de FE-JONS en Vigo. 1936 308
Gráfico 39. Incremento de afiliación a FE(T)-JONS en Vigo. 1937 315
Gráfico 40. Evolución comparada de afiliación a FE(T)-JONS. Homes/Mulleres 325
Gráfico 41. Procedencia dos afiliados a FE(T)-JONS 331
Gráfico 42. Procedencia das achegas dereitistas a FE(T)-JONS 331
Gráfico 43. Composición política da Policía Municipal unha vez depurada 340
Gráfico 44. Composición socio profesional dos gobernos municipais. Xullo 1936-Xaneiro 1938 346
Gráfico 45. Militancia política dos gobernos municipais. Xullo 1936-Xaneiro 1938 347
Gráfico 46 Comparación socio profesional das corporacións municipais 362
Gráfico 47. Comparación composición política das corporacións municipais 363
Gráfico 48. Persoal Municipal afectado pola depuración sobre o total dos Cadros de persoal 373
Gráfico 49. Resultado do proceso de depuración nos concellos de Vigo e Lavadores 374

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10. BIBLIOGRAFÍA DE ÉPOCA

ABELLÁS JUSTO, Cesar, "La F.E. de las J.O.N.S. y las Universidades", MC, 1 de xaneiro de 1937.

ADPA, "A la Liga de Clubs no Federados. ¿Por qué no dentro de la Federación?, FDV, 9 de xullo de 1936.

ALDAMA, Ricardo, "Instituto Nacional de Enseñanza Media. Transcendencia educativa y probcema (sic) vital del Centro vigués", AV, 1939.

ALONSO RIOS, Antonio, "La España y la Anti-España", EPG, 5 de decembro de 1935.

ANDE, F., "¡A la procesión. Por el triunfo de nuestro ejército, acudamos al Cristo de la Victoria, acudamos a Cristo Rey", EPG, 20 de outubro de 1936.

ANÓNIMO, *O que fixeron en Galicia. 1936*, Vigo, A Nosa Terra, 1998 [1938].

A Y DE ROVIRA, Agustina, "La Acción Social en Bouzas", EPG, 4 de xaneiro de 1936.

A Y DE ROVIRA, Agustina, "La gallardía patriótica y cristiana de Navarra", FDV, 9 de agosto de 1936.

AMARO Y GÓMEZ, Braulio, "Forjando el alma de la Nueva España. Los profesionales de la política", EPG, 28 de novembro de 1936.

BRAVO, Francisco, "Temas nuestros. La formación doctrinal y la lealtad a la ortodoxia", EPG, 15 de xuño de 1937.

CALVO SOTELO, José, "Problemas del día. Después de las elecciones", FDV, 13 de marzo de 1936.

CASAL DEL REY, J., "A unos balillas de España", FDV, 11 de agosto de 1936.

COSSÍO, Francisco de, "Los hijos del Pueblo", EPG, 18 de agosto de 1936.

CRUZAT, Álvaro, "Aclaciones sobre Falange", EPG, 11 de marzo de 1936.

CUNQUEIRO, Álvaro, "De las letras de Unidad", EPG, 30 de marzo de 1938.

DE CASTRO, MANUEL (*Handicap*), "Notas del movimiento. Todo el oro para la Patria", FDV, 13 de setembro de 1936.

DE CASTRO, MANUEL *(Handicap)*, "En la retaguardia. Del engranaje de la guerra", FDV, 6 de xaneiro de 1937.

DE MONTEMAYOR, R., "Exceso de imaginación", EPG, 2 de agosto de 1936.

USC UNIVERSIDADE

ESCOBAR FRAGUAS, Manuel, "Cultura y Moral", MC, 1 de novembro de 1935.

FRANCO, Francisco, *Palabras del Caudillo, 19 de abril de 1937-7 de diciembre de 1942*, Madrid, Ediciones de la Vicesecretaría de Educación Popular, 1942.

GARCIA SERRANO, Rafael, "Unidad, Revolución y Nacionalsindicalismo", EPG, 18 de agosto de 1937.

GOMÁ, Isidro, *Lecciones de la guerra y deberes de la paz*, Toledo, Editorial Católica Toledana, 1939.

GUARDIA CÍVICA DE VIGO, *Reglamento*, Vigo, Imprenta Rápida, 1937.

IGLESIAS, Emiliano, "Manifiesto electoral. A los radicales de la provincia y a todos los que aman la Patria", FDV, 2 de febreiro de 1936.

LOSADA, Margarita, "La mujer en la hora presente", FDV, 29 de xaneiro de 1936.

MARTÍNEZ FUENTES, José, "A la memoria de un camarada amigo", FDV, 10 de decembro de 1936.

MAURA, Miguel, "La República en el presente y en el porvenir. Una política de suicidas", EPG, 18 de xuño de 1936.

MÉNDEZ RODRÍGUEZ, Gabriel, "Frente contrarrevolucionario", FDV, 21 de xaneiro de 1936.

MÉNDEZ RODRÍGUEZ, Gabriel, "España cambia su faz", FDV, 7 de agosto de 1936.

MILLÁN, Isidoro, "El vaticinio de Indalecio Prieto", FDV, 7 de maio de 1936.

MILLÁN, Isidoro, "Franco, Jefe del Gobierno del Estado", FDV, 3 de outubro de 1936.

MILLÁN, Isidoro, "El primer Gobierno de la Nueva España", FDV, 3 de febreiro de 1938.

MOURE MARIÑO, Luís, "Temas de la Falange. Meditación sobre nuestro lenguaje", EPG, 30 de xullo de 1937.

MOURE MARIÑO, Luís, *Galicia en la guerra*, Madrid, Ediciones españolas, 1939.

OTERO BÁRCENA, Manuel, "En esta hora crítica es indispensable un frente único de la derecha", FDV, 17 de xaneiro de 1936.

PPKO, "Diálogo substancioso", FDV, 4 de abril de 1937.

QUEIZÁN, J., "Temas de política comercial. Nuevos rumbos, IC núm. 28, setembro de 1936.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANCHEZ, Felipe, “Obrero, escucha”, FDV, 27 de xullo de 1936.

SANTOS, Roberto, “Galicia, ejemplo y blasón”, FDV, 28 de novembro de 1936.

SEOANE BUJÁN, José M., “La juventud, la esperanza”, MC, 1 de outubro de 1935.

SEOANE BUJÁN, José M., “Los codixtas no pueden ser otra cosa”, FDV, 7 de agosto de 1936.

SELIDOR (A), “Al regreso”, EPG, 25 de decembro de 1936.

SERVICIO DE PROPAGANDA Y PRENSA DE LA JAP, “Conceptos sociales”, EPG, 9 de decembro de 1936.

SIGÜENZA, Julio, “Por las rutas imperiales”, EPG, 18 de setembro de 1936.

SILVA FERREIRO, Manuel, *Galicia en el Movimiento Nacional.Páginas Históricas*, Santiago de Compostela, Imprenta y enc. Del Seminario Conciliar, 1938.

TORRENTE BALLESTER, Gonzalo, “Badnerín”, EPG, 23 de decembro de 1936.

TORRENTE BALLESTER, Gonzalo, “Invitación al silencio”, EPG, 1 de xaneiro de 1938.

VALCÁRCEL, Antonio, “La causa de muchos males”, FDV, 6 de maio de 1936.

VALENZUELA, Ramón de, “Programa y propósitos de la Organización. Federación de Juventudes Culturales y Recreativas de Pontevedra”, EPG, 23 de maio de 1936.

VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Javier, “Lopez de Vega y Martín Codax”, MC, 1 de agosto de 1935.

VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, José, “Instantaneas de la actualidad”, MC, 1 de febreiro de 1936.

VILAR PONTE, Antonio, “Pretextos cotidianos. La propaganda incivil y grotesca”, EPG, 1 de febreiro de 1936.

VILLOT, Jesús, “Instantánea callejera”, EPG, 5 de agosto de 1936.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11. BIBLIOGRAFÍA

ABAD GALLEGO, Xoan C., "Una semblanza del Teniente de la Guardia Civil "El Rabioso", *Boletin del Instituto de Estudios Vigueses*, núm. 8, 2002.

ABAD GALLEGO, Xoan C., *Heroes o forajidos. "Fuxidos y guerrilleiros antifranquistas en la comarca de Vigo*", Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2005.

ABAD GALLEGO, Xoan C., "¡Ás barricadas! A defensa da legalidade republicana na bisbarra de Vigo", Culleredo, *Actas do II Congreso da Memoria*, Edicións Embora, 2013.

ABAD GALLEGO, Xoán C., *Máis días negros. Crónica lutuosa dalgúns dos feitos que encheron de dor e norte o su da provincia de Pontevedra (dende 1936 até 1978*, Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 2017

ADORNO, Theodor: *Dialéctica negativa*, Taurus, Madrid, 1984.

ALCALDE, Angel, *Lazos de sangre. Los apoyos sociales a la sublevación militar en Zaragoza. La Junta Recaudatoria Civil (1936-1939)*, Zaragoza, Instituto Fernando El Católico, 2010.

ALEGRE LORANZ, David, "Formas de participación y experiencia política durante el primer franquismo: la pugna por los principios ordenadores de la vida en la comunidad durante el período de entreguerras (1936-1947)" en *Rúbrica Contemporánea*, vol. 3, núm. 5, 2014.

ALTED VIGIL, Alicia, "Las mujeres en la sociedad de los años cuarenta" en *Las mujeres y la Guerra Civil Española*, Madrid, Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, 1991.

ÁLVAREZ CASTRO, Xosé, *Os anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936-1951)*, Xerais, Vigo, 2022

ÁLVAREZ TARRIO, Manuel e VILLA GARCÍA, Roberto: *1936. Fraude y violencia en las elecciones del Frente Popular*, Madrid, *Espasa*, 2017.

AMOEDO, Gonzalo, *A memoria e o esquecemento. O franquismo da provincia de Pontedra*, Xerais, Vigo, 2010

AMPUDIA DE HARO, Fernando, "Distinción social y franquismo: la dicotomía "vencedor/vencido" en Navajas Zubeldia, Carlos e Iturriaga Barco, Diego (eds.), *Novísima. Actas del II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, Logroño, Universidade da Rioja, 2010.

ARTIAGA REGO, Aurora, "Voluntarios para un golpe, soldados para una guerra: las milicias rebeldes de primera línea en la Guerra Civil", *Ayer*, núm. 111, 2018.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARTIAGA REGO, Aurora, "Los lazos invisibles de la trama golpista" en Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castieira, Francisco, J., *Galicia, un golpe son cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023.

AZAÑA, Manuel, *Memorias políticas y de Guerra*, Barcelona, Crítica, 1978.

BÁEZ Y PÉREZ DE TUDELA, José M., "Movilización juvenil y radicalización verbalista: la Juventud de Acción Popular", *Historia Contemporánea*, núm. 11, 1994.

BÁEZ y PÉREZ DE TUDELA, José M., "El ruido y las nueces: la Juventud de Acción Popular y la movilización <<cívica>> católica durante la Segunda República", en *Ayer*, núm. 59, 2005.

BALFOUR, SEBASTIÁN, *Abrazo mortal. De la guerra colonial a la guerre civil en España y Marruecos (1909-1939)*, Barcelona, Península, 2002.

BECK, Ulrich, "Como los vecinos se convierten en judíos. La construcción política del extraño en una era de modernidad reflexiva" en *Papers*, núm. 84, 2007.

BERAMENDI, Xusto, "La competencia entre procesos nacionalizadores en Galicia, 1808-1936. Una aproximación", Documento de traballo 2008/4 no Seminario de Historia do Departamento de Historia Social e do Pensamento Político e do Departamento de Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos da UNED e a Fundación José Ortega y Gasset, 2008.

BERIAIN, Josetxo, "Introducción: modernidad, barbarie y violencia colectiva" en *Papers*, núm. 84, 2007.

BERNAL, Francisco, "Corporativosmo y fascismo Los sistemas de relaciones laborales autoritarios en la Europa de entreguerras", *Hispania Nova*, núm. 15, 2017.

BLASCO LISA, Sandra, "El Comité Mundial de Mujeres contra la guerra y el fascismo y sus relaciones en España", *Historia y Política*, avance en liña, 1-27, 2024.

BORRÁS, José, *Aragón en la revolución española*, Barcelona, Cesar Viguera Ed., 1983.

BONAMUSA, Francesc, "Introducción" dosier "La Huelga General", *Ayer*, núm. 4, 1991.

BOX, Zira, "El calendario festivo franquista: tensiones y equilibrios en la configuración inicial de la identidad nacional del régimen" en Moreno Luzón, Javier (ed), *Construir España. Nacionalismo español y procesos de nacionalización*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2007

BRENAN, Gerald: *El laberinto español. Antecedentes sociales y políticos de la guerra civil*, Ruedo Ibérico, Paris, 1962.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BRIALLOS, Antón, *Vigo 1936. La contribución libertaria a la resistencia contra el alzamiento militar de 1936 en Vigo*, Ateneo Libertario Ricardo Mella, A Coruña, 2003.

BUXEIRO, Xabier, *Golpe, Guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da Provincia de Lugo*, Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, Programa de doutoramento de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela, 2023.

CABALLERO BARRAL, Borja, DE MIGUEL SALANOVA, Santiago e DE PEDRO ÁLVAREZ, Cristina, "La evolución del servicio doméstico en el mercado laboral madrileño (1880-1930)", *Revista de Demografíca Histórica*, XXXIV, I, 2016.

CABANA, Ana e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio, "Lidiar con el franquismo cotidiano. El concepto de Eigen-Sinn y las interacciones sociales en el contexto de un dictadura", *Ayer*, núm. 133, 2024.

CABO, Miguel e CARBALO, Enrique, "Más allá de los tópicos: sociedad y política en el ámbito rural", en Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castieira, Francisco, J., *Galicia, un golpe son cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023.

CARRILLO, Santiago: *Qué es la ruptura democrática*, Editorial La Gaya Ciencia, Barcelona, 1976.

CASANOVA, Julian, "La sombra del franquismo: ignorar la historia y huir del pasado" en Casanova et al., *El pasado oculto. Fascismo y violencia en Aragón, 1936-1939*, Madrid, Siglo XII, 2010.

CASANOVA, Julián, *Europa contra Europa (1914-1945)*, Ed. Crítica, Madrid, 2011.

CAZORLA SÁCHEZ, Antonio, "La vuelta a la Historia: caciquismo y franquismo", *Historia Social*, núm. 30, 1998.

CAZORLA SÁNCHEZ, Antonio, "Patria mártir: los españoles, la nación y la guerra civil en el discurso ideológico del primer franquismo" en Moreno Luzón, Javier, *Construir España. Nacionalismo español y procesos de nacionalización*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Sociales, 2007.

CENARRO, Ángela, "Instituciones y poder local en el <<Nuevo Estado>>" en Juliá Díaz, Santos (coord), *República y Guerra en España (1931-1939)*, Madrid, Espasa Calpé, 2006.

CHAVES, Antonio M., *La UGT de Vigo. Una aproximación histórica*, Fundación Luís Tilve, Vigo, 1998.

CIDRÁS, ALDARA, *A xudicilización da violencia golpista. Unha mirada transveral á administración de xustiza*, Santiago de Compostela, Tese de doutoramento inédita, Programa de doutoramento de Historia Contemporánea, 2023.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CIFUENTES Julita e MALUENDA, María del Pilar, "De las urnas a los cuarteles: la destrucción de las bases sociales republicanas en Zaragoza" en Casanova, Julián et alt, *El pasado oculto: fascismo y violencia en Aragón (1936-1939)*, Zaragoza, Mira, 1999 [1992].

COBO, Francisco, "Los apoyos sociales a los régimenes fascistas y totalitarios de la la Europa de entreguerras. Un estudio comparado", en *Historia Social*, núm. 71, 2011.

CORRINGAN, Philip e SAYER, Derek, "El gran arco: la formación del Estado inglés como revolución cultural" en Lagos, María e Calla, Pamela (comps), *Antropología del Estado: Dominación y prácticas contestatarias en América Latina*, La Paz, Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo, PNUD, 2007.

CUCÓ, Josepa, "Sociabilidad y estructuras de mediación" en *Actes del VI Congrés Internacional d'Història Local de Catalunya*, Barcelona, L'Avenç, Barcelona, 2003.

CUESTA BUSTILLO, Josefina, "La Guerra Civil y la militarización del espacio en Salamanca", Salamanca, revista de Estudios núm. 40, 1997.

DE PRADO HERRERA, María L., "Entre la voluntad y la imposición: las suscripciones patrióticas durante la Guerra Civil española" en *Historia del Presente*, núm. 30, 2017.

DE PRADO HERRERA, Maria L., "Oro para la Patria. Confiscaciones "donaciones" y presión fiscal en los inicios del Franquismo" en https://conversacionsobrehistoria.info/2019/02/12/oro-para-la-patria-confiscaciones-donaciones-y-presion-fiscal-en-los-inicios-del-franquismo/, 2019.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés e ROMÁN, Isidro, "Obreros en el campo y campesinos en la ciudad. EL 1º de mayo en Vigo (1923-1936)", Barcelona, *Congreso de Historia Conteporánea*, 1995.

DOMPER LASÚS, Carlos, "Recuperar lo que es nuestro: élites políticas y ayuntamiento en Huesca (1936-1945)" en Frías, Carmen, Ledesma, Jose L. e Rodrigo, Javier (eds), *Reevaluaciones. Historias locales y miradas globales*, Zaragoza, Institución Fernando El Católico,, 2011.

EQUIPO NIZKOR:*La cuestión de la impunidad en España y los crímenes franquistas*, Equipo Nizkor, Madrid, 2004, consultado o 18 de maio de 2023.

ESPINOSA, Francisco e LEDESMA VERA, José Luís: "La violencia y sus mitos" en Viñas, Ángel (ed): *En el combate por la Historia. La República, la Guerra Civil, el Franquismo*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012.

ESTÉVEZ IGLESIAS, Adrián, *Manuel de Castro, Handicap. Crónica dunha paizón*, Vigo, Galaxia, 2023.

FERNÁNDEZ, Carlos, *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*, Sada, Edicións do Castro, 1983.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FERNÁNDEZ, Eliseo, "La FAI en Galicia" en *Germinal. Revista de Estudios Libertarios*, núm. 3, 2007.

FERNÁNDEZ, Eliseo, "De periferia a centro: sociedad y política en el mundo urbano", en Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castieira, Francisco, J., *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023.

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Manuel, *La dinámica sociopolítica en Vigo durante la II República*, Tese doutoral, Santiaago de Compostela, Departamento de Historia Contemporánea e América, 2005.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco, J., *Galicia, un golpe son cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e MÍGUEZ, Antonio, "Os verdugos no golpe de Estado de 1936. Quen matou a Antonio Azarola?" en Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez, Antonio (eds), *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, 2018.

FERRÁNDEZ, Daniela, "Caciquismo y dictadura en la provincia de A Coruña (1923-1931)" en Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castieira, Francisco, J., *Galicia, un golpe son cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023.

FOUCAULT, Michel, *Seguridad, territorio, población: curso en el College de France (1977-1978)*, Bos Aires, Fondo de Cultura Económica, 2006.

FONTANA, Josep, "El Frente Popular" en Ángel Viñas (ed): *En el combate por la Historia. La República, la Guerra Civil, el Franquismo*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012.

GABRIEL, Pere, "Espacio urbano y articulación política popular en Barcelona, 1890-1920" en Garcia Delgado, J.L. (coord.), *Las ciudades en la modernización de España. Los decenios interseculares*, VIII Coloquio de Historia de España, Siglo XXI, 1992.

GABRIEL, Pere, "Sociabilismes obrers i populars i història política a la Catalunya contemporània", Barcelona, Actas del VI Congrés Internacional d'Història Local de Catalunya, L'Avenç, 2003.

GABRIEL, Pere, "Sobre la cultura política popular i obrera a Catalunya al segle XIX. Algunes consideracions", *Cercles: revista d'història cultural*, 2005.

GRANDIO, Emilio, "Problemas en la construcción del <<Nuevo Estado>>. Galicia, 1936-1939" en *Historia y comunicación social*, núm. 6, 2001.

GARCIA VENERO, Maximiliano, *Falanga en la guerra de España: la Unificación y Hedilla*, Bourdeaux, Ruedo Ibérico, 1967.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GELLATELY, Robert, *No sólo Hitler. La Alemania nazi entre la coacción y el consenco*, Barcelona, Editorial Crítica, 2001.

GIL PECHARROMÁN, Julio, *El Movimiento Nacional*, Barcelona, Planeta, 2013.

GINER, Salvador, *Ensayos civiles*, Madrid, Península, 1987.

GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús, *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1996.

GIRALDEZ RIVERO, Xesús, *O antigo Concello de Lavadores. Unha aproximación histórica*, Pontevedra, Servizo de publicacións da Deputación de Pontevedra, 2007 [1987].

GOMEZ BRAVO, Gutmaro e PÉREZ-OLIVARES, Alejandro, "Las lógicas de la violencia en la Guerra Civil: balance y perspectivas historigráficas" *Std. Hist. Hª Cont.*, núm. 32, 2014.

GÓMEZ NOVO, David M. e LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco, J., "Voluntarios e involuntarios: el centro de reclutamiento golpista" en Fernández Prieto, Lourenzo e Leira Castiñeira, Francisco, J., *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Valencia, Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2023.

GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo, "Experiencia de combate. Continuidad y cambios en la violencia represiva (1931-1939)", *Ayer* núm. 76, 2009.

GONZALEZ CALLEJA, Eduardo, "Brutalización de la política y banalización de la violencia en la España de entreguerras" en Navajas, Carlos e Iturriaga, Diego (eds), *Crisis, dictaduras, democracia*, Actas do I Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo, Universidad de la Rioja, 2008.

GONZALEZ CALLEJA, Eduardo, "La violencia y sus discursos: los límites de la <<fascistización>> de la derecha española durante el régimen de la Segunda República" en *Areas* núm. 71, 2008.

GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo, *Contrarrevolucionarios: radicalización violenta de las derechas durante la Segunda República, 1931-1936*, Madrid, Alianza Editorial, 2011.

GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo, "La represión estatal como proceso de violencia política" en *Hispania Nova*, núm. 10, 2012.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Xoán M. e VÁZQUEZ XIL, Lalo, *Os Alcaldes e os Concellos de Vigo*, Ediciones Cardeñoso, Vigo, 1998.

GOODWIN, Jeff, "El enfoque relacional de terrorismo en Charles Tilly" en Funes, María J., *A propósito de Tilly. Conflicto, poder y acción colectiva*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, 2011.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GOUNOT, André, "El proyecto de la Olimpiada Popular de Barcelona (1936), entre el comunismo internacional y el republicanismo regional", *CCD*, ano 2, núm. 3, 2005.

GRANOVETTER, Mark, "The strength of weak ties" en *American Jounal Sociology*, núm. 78, 1973.

GRIFFIN, Roger, *The Nature of Fascism*, Londrse, Printer, 1991.

GRIFFIN, Roger, *Fascismo. Una introducción a los estudios comparados sobre el fascismo*, Madrid, Alianza Editorial, 2019.

HANSBERG, Olbeth, "Miedo e incertidumbre" *Crítica, Revista Hipanoamerica de Filosofía*, vol. XXVI, núm. 76-77, abril/agosto, 1994.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio, *Granada azul. La construcción de la <<Cultura de la Victoria>> en el primer franquismo (1936-1951)*, Granada, Editorial Comares, 2011.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio, *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*, Granada, Universidade de Granada, 2013.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio, "Donde el miedo habita: el funcionamiento cotidiano de la represión franquista (1936-1951)" en Míguez Macho, Antonio, *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia del franquismo y la dictadura argentina*m Granada, Comares, 2016.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio, "Una patria como dios manda: procesos de destrucción y construcción en la España de posguerra", en Cuadrado, Jara (ed), *Las huellas del franquismo: pasado y presente*, Granada, Editorial Comares, 2019.

HUERTA, Javier, PERAL, Diego e URZAIZ, Hector, *El teatro español de la A a la Z*, Madrid, Espasa-Calpé, 2005.

JEREZ RIESCO, José Luís, *Los hijos del trueno. Historia de la Falange en Galicia*, Madrid, Ediciones Fides/Ediciones Esparta, 2018.

KALLIS, Aristotte A., "The Regimen Model of fascism: a typoly" en *European History Quarterly*, vol. 30, 1, 2000.

KALYVAS, Stathis, "La violencia en medio de la guerra civil. Esbozo de una teoría", *Análisis Político*, núm. 42, 2001.

KATZNELSON, Ira, "Working-Class formation: constructing cases and comparisons" en Katznelson, Ira e Zolberg, Aristide, R. (ed), *Working-Class formation: Nineteenth-Century Patterms in West Europe and United States*, Pricenton, Universidade de Pricenton, 1986.

KERCHAW, Ian, *La dictadura nazi. Problemas y perspectivas de interpretación*, Bos Aires, Siglo XXI, 2000.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

KORTANIE, Maximiliano E., "El miedo político en C. Robin y M. Foucault" en *Revista de Antropología Experimental*, núm. 10, 2010.

LAGARITA, Estefanía, "<<Si no Hay castigo, la España Nueva no se hará nunca>>. La colaboración ciudadana con las autoridades franquistas" en Casanova, Julián e Cenarro, Ángela, *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936-1945)*, Barcelona, Planeta, 2014

LEDESMA VERA, José L., "Que violencia para qué retaguardia o la República en la guerra de 1936", *Ayer*, núm. 76, 2009.

LEDESMA VERA, José L., "¿Cuchillos afilados? De violencias, guerra civil y culturas bélicas en la España del primer siglo XX", en Canal, Jordi e González Calleja, Eduardo, *Guerras civiles. Una clave para entender la Europa de los siglos XIX y XX*, Madrid, Casa Velázquez, 2012.

LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco J., "Los <<soldados de Franco>>. Entre la movilización ciudadana y el reclutamiento militar obligatorio. Galicia, 1936-1939" en *RUHM*, núm. 4, vol. 2, 2013.

LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco J., *Soldados de Franco. Reclutamiento forzoso, experiencia de guerra y desmovilización*, Madrid, Siglo XXI, 2020.

LÓPEZ SÁNCHEZ, Concepción: *O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936-1939)*, Tese de doutoramento inédita, Departamento de Historia Contemporánea da USC, http://hdl.handle.net//10347/27415, Santiago de Compostela, 2021.

LOWE, Sid, *Catholicism, War and the Fundation of Francoism. The Juventud de Acción Popular in Spain, 1931-1939*, Brighton, Sussex Academai Press, 2010.

MARTÍNEZ PEREDA, Lucio, "La depuración franquista del ayuntamento de Vigo" en *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, núm. 14, 2009.

MARTÍNEZ PEREDA, Lucio, *Medo político e control social na retagarda franquista*, Vigo, Editorial Xerais, 2015.

MARTORELL, Miguel A, "La extirpación a fondo de nuestros enemigos": represión económica y financiación de la guerra en la España franquista (1936-1940)", en Martins, Fernando (dir), *A formaçao e a consolidaçao política do Salazarismo e do Franquismo: as décadas de 1930 e 1940*, Évora, Publicaçôes do Cidahus (en liña), 2012

MARTORELL, Miguel A. e COMÍN, Francisco, "La Hacienda de guerra franquista" en Fuentes Quintana, Enrique (coord.): *Economía y economistas españoles en la guerra civil*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2008.

MERA COBAS, Roberto, *Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos*, Vigo, Belagua, 2021.

USC DE COMPOSTELA

MICHONNEAU, Stéphane e Núñez Seixas, Xosé M., *Imaginarios y representaciones de España durante el franquismo*, Madrid, Casa de Velázquez, 2014.

MIGUEZ, Antonio, "Movimiento obrero y agrarismo: actores y relaciones", Aguilar de Campoo, *XI Congreso de Historia Agraria del Seminario de Historia Agraria*, 2005.

MIGUEZ, Antonio, *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*. Madrid, Abada Editores, 2014.

MIR, Contxita, "El sino de los vencidos: la represión en la Cataluña rural de postguerra" en Casanova, Julian et al., *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002.

MIRALLES, Xavier A., "Nacionalismo español y culturas políticas. El comienzo de una buena amistad", *Historia y Política*, núm. 34, 2015.

MOA, Pío: *Los mitos de la Guerra Civil*, Madrid, *La Esfera de los libros*, 2003

MOLINA APARICIO, Fernando, "Homogenización cultural y nacionalización de masas en la España franquista (1936-1939), *Historia y Política* núm. 38, 2017.

MOORE, Barrington, *La injusticia: bases sociales de la obediencia y la rebelión*, México D.F., Universidad Nacional Autónoma, 1996.

MONTAÑÉS, Enrique, *Anarcosindicalismo y cambio político. Zaragoza, 1930-1936*, Institución Fernado El Católico, Zaragoza, 1989.

MORENO, Nacho, "<<Por el bien de la Patria y de la Justicia>>. Denuncias e informes de las autoridades aragonesas" en Casanova, Julián e Cenarro, Ángela (ed), *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936-1945)*, Barcelona, Editorial Planeta, 2014.

MORENO LUZÓN, Javier, "Mitos de la España inmortal. Commemoraciones y nacionalismo español en el siglo XX", en Forcadell, Carlos, Salomón, Pilar e Saz, Ismael (eds), *Discursos de España en el siglo XX*, Valencia, Universidade de Valencia, 2009.

MORENO LUZÓN, Javier e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M., *Los colores de la patria. Símbolos en la España contemporánea*, Madrdi, Tecnos, 2017.

MOSSE, George L., *Soldados caidos. La transformación de la memoria de las guerras mundiales*, Zaragoza, Universidad de Zaragoza, 2016

MUDDE, Cas e ROVIRA KALTWASSER, Cristobal, *Populim: A very short introductio*, Oxford, Orford University Press, 2017.

NAVARRO NAVARRO, Javier: "Sociabilidad e historiografía. Trayectorias, perspectivas y retos", *Saitabi: revista de la Facultat de Geografia i Història*, núm. 56,Valencia, 2006.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NUÑEZ SEIXAS, Xosé M.: *¡Fuera el invasor! Nacionalismos y movilización bélica durante la guerra civil española (1936-1939)*, Madrid, Marcial Pons, 2006.
OFFE, Clauss, "La <<barbarie>> moderna, ¿un microestado de la naturaleza? *Papers*, núm. 84, 2007.

OIA, Victor, "Asociacionismo na periferia do traballo. O caso de Vigo e Lavadores (1931-1936)", Culleredo, Actas do II Congreso da Memoria, 2005.

OIA, Victor, FERNÁNDEZ, Eliseo e PEREIRA, Dionisio, "Escenarios de loita de clases e represión franquista na Galiza urbana: os casos de Coruña, Ferrol e Vigo", *Murgia, Revista Galega de Historia*, núm. 31, 2015.

OTERO CARBAJAL, Luis E., "Ocio y Deporte en el nacimiento de la sociedad de masas. La socialización del deporte como práctica y espectáculo en la España del primer tercio del siglo XX" en *Cuadernos de Historia Contemporánea*, núm. 25, 2003.

OYÓN, José L., "Historia urbana e historia obrera: reflexiones sobre la vida obrera y su inscripción en el espacio urbano, 1900-1950" en *Historia Contemporánea*, núm. 24, 2002.

PALACIO LIS, Irene, *Mujeres ignorantes, mujeres culpables. Adoctrinamiento y divulgación materno-infantil en la primera mitad del S. XX*, Valencia, Universidade de Valencia, 2003

PALOMARES IBAÑEZ, Jesús María, *El primer franquismo en Valladolid*. Valladolid, Universidade de Valladolid, 2002.

PAREJO FERNÁNDEZ, José A., *La Falange en la Sierra Norte de Sevilla (1934-1956)*, Sevilla, Universidade de Sevilla-Ateneo de Sevilla, 2007.

PAYNE, Stanley, G., *Fascismo*, Madrid: Alianza, 2005.

PELTA ROMERO, Raquel, "Imágenes e ideologías: la represenación gráfica de la mujer en el primero franquismo", *Boletín de Arte*, núm.18, Universidade de Málaga, 1997.

PEREIRA, Dionisio, *A CNT na Galicia, 1922-1936*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 1994.

PEREIRA, Dionisio, "El asociacionismo marinero en el litoral español: la Federación Nacional de Industria Pesquera de la CNT", *Archivos de historia del movimiento obrero y la izquieda*, núm. 2, 2012.

PEIRÓ MARTÍN, Ignacio, "Políticas del pasado: la Guerra de la Independencia en el Franquismo" en Forcadell, Carlos, Salomón, Pilar e Saz, Ismael (eds), *Discursos de España en el siglo XX*, Valencia, Universidade de Valencia, 2009.

POULANTZAS, Nico, *Fascismo y dictadura. La Tercera Internacional frente al fascismo*, Madrid, Siglo XXI, 1976.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRADA, Julio, "Memoria "Da longa noite de pedra". La represión franquista en Ourtense (1936-1939), *Historia Actual Online*, núm. 4, 2004
PRADA, Julio, *Marcharon con todo: la represión económica en Galicia durante el primer franquismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2016.

PRADA, Julio, "Las suscripciones patrióticas en Galicia", *Historia Contemporánea*, núm. 53, 2016.

PRADA, Julio, *El fascimo en Galicia. De los orígenes al Decreto de Unificación*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales. Ministerio de Presidencia, 2023.

PRADO, Luz, *La contribución popular de la Guerra Civil*, https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/55688, 2012.

PRESAS SOBRADO, Adrián, "La configuración de las élites políticas urbanas gallegas en el primer franquismo (1936-1951)" *Historia Nova*, núm. 19, 2021.

PRESTON, Paul, "Franco y la represión: la venganza del justiciero" en Navajas, Carlos e Iturriaga, Diego (eds), *Novísima. Actas del II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, Logroño, Universidade de A Rioxa, 2007.

PRESTON, Paul, "Bajo el signo de las derechas. Las reformas paralizadas", en Viñas, Ángel (ed): *En el combate por la Historia*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012.

PRESTON, Paul, *La política de la venganza. El fascismo y el militarismo en la España del siglo XX*, Barcelona, Península, 2014.

PRESTON, Paul, *El holocausto español. Odio y exterminio en la Guerra Civil y después*, Barcelona, Penguin, 2016.

PUTMAN, Robert D., *Solo en la bolera*, Barcelona, Galaxia Gutemberg, 2002.

QUEIXAS, Mercedes, *Vivir, unha aventura irrepetíbel. Biografía de Mª do Carme Kruckenberg*, Vigo, Editorial Galixia, 2011.

QUIROGA, Alejandro, "La nacionalización en España. Una propuesta teórica", *Areas*, núm. 90, 2013.

REIG, Ramiro, "El caso valenciano: un proceso de modernización involutivo" en en García Delgado, J.L. (coord), Las ciudades en la modernización de España. Los decenios interseculares, VIII Coloquio de Historia Contemporánea de España, Siglo XXI, 1992.

REIG TAPIAS, Alberto: "La pervivencia de los mitos franquistas" en Viñas, Ángel (ed): *En el combate por la Historia*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012.

ROBIN, Corey, *El miedo. Historia de una idea política*, Ciudad de México, FCE, 2009.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RODRIGO, Javier, "A este lado del bisturí. Guerra, fascistización y cultura falangista" en Ruíz Carnicer, Migual A., *Falange, las cuturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975*), Zaragoza, Institución Fernando El Católico (CSIC), 2013.

RODRÍGUEZ BARREIRA, Oscar, "Tratando de hacerse fascistas… Falange y el personal político franquista en provincias. Parafascismo, culturas políticas e hibridaciones, 1933-1945", *Historia y Política*, núm. 51, 2024.

RODRIGUEZ LAGO, Jose Ramón, *Cruzados o herejes: la religión, la Iglesia y los católicos en la Galicia de la Guerra Civil*, Vigo, Nigratrea, 2013.

RODRÍGUEZ LÓPEZ-BREA, Carlos M. e GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo: "Un derrotado en "La Victoria": José María Gil-RObles y la Guerra Civil española (1936-1939)", en *Revista Universitaria de Historia Militar*, vol. 7, núm. 13, 2018.

ROLDÁN, Enrique, "Evolución del discurso nacionalista español desde la II República hasta la Transición" en *Revista Internacional de Pensamiento Político*, I Época, vol. 10, 2015.

ROLLAND, Eduardo, "Las guerraras viguesas del hockey hierba", en *Vigoe*, 10 de decembro de 2022.

ROMAN, Isidro, *Campesiños de Lavadores. Estrutura social e articulación política. 1923-1931*, Vigo, A Nosa Terra, 1998.

ROMAN, Isidro, "Supervivientes, salvados y salvadores. Una aproximación desde el análisis micro (Vigo 1936-1972)" en https://conversacionsobrehistoria.info/2021/05/13/supervivientes-salvados-y-salvadores-una-aproximacion-desde-el-analisis-micro-vigo-1936-1972/, 2021

ROMÁN, Isidro, "Mobilización obreira e loita de clases" en Morais, Carlos e outros, *Memoria do Vigo proletario. 50 aniversario da Folga Xeral de Setembro de 1972*, Vigo, Galaxia, 2023.

ROMÁN, Isidro e BERNÁRDEZ SOBREIRA, Antonio, *A penetración do sindicalismo no rural galego de anteguerra*, Vigo, Fundación Sindical Edelmiro Otero Calvo, 2006.

RUBIO VILLAVERDE, Jesús, *Rotary en España, 1920-1992*, Belmar, Rotary Internacional, 1993.

RUÍZ CARNICER, Miguel A., "El populismo falangista", *El futuro del pasado*, núm. 13, 2022.

SANTIDRIÁN, Victor M., *O Partido Comunista de España en Galicia (1920-1968)*, Santiago de Compostela. Tese de Doutoramento, Departamento de Historia Contemporanea e América, 2000.

SAZ, Ismael, *España contra España. Los nacionalismos franquistas*, Madrid, Marcial Pons, 2003.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

SAZ, Ismael, *Fascismo y franquismo*, Valencia, Publicacions de la Universitat de València, 2004.

SANZ HOYA, Julian: "Falangismo y dictadura. Una revisión de la historiografía sobre el fascismo español" en RUIZ-CARNICER, Miguel A., *Falange. Las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975)*, Institución <<Fernando El Católico>> (CSIC), Zaragoza, 2013.

SCOTT, James, *Los dominados y el arte de la resistencia*, Pamplona, Txalaparta, 2003.

SERRANO, Carlos, "Introducción. ¿Por qué importan los símbolos nacionales?", en Moreno Luzón, Javier e Núñez Seixas, Xosé M., *Los colores de la patria. Símbolos nacionales en la España contemporánea*, Madrid, Tecnos, 2017.

SEVILLANO, Francisco, *La cultura de guerra del <<nuevo Estado>> franquista. Enemigos, héroes y caídos de España*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2017.

SOMOZA, Antonio, DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés e FERNÁNDEZ PRIETO Lourenzo, "La génesis del régimen franquista en Galicia: aniquilación política y destrucción de la sociedad civil (1936-1939)" en SEGURA, Antoni, MAYAYO, Andreu e ABELLÓ, Teresa (dirs.), *La Dictadura Franquista. La institucionalització d'un règim*, Barcelona, Universidade de Barcelona, 2012.

SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M., *Cen anos de Historia urbana (1880-1980)*, Vigo, Edicións Xerais, 1990.

THOMAS, Hugh: *La guerra civil española*, Paris, Ruedo Ibérico, 1961.

TILLY, C. (2007): *Violencia colectiva*, Hacer Editorial, Barcelona.

TOMASONI, Matteo, "Política y sociedad en la retarguardia nacional: Valladolid "capital del Alzamiento", *Studi di Storia Contemporanea*, núm. 7, 2011.

TUSELL, Javier, "La dictadura de Franco a los cien años de su muerte", *Ayer*, núm. 10, 1993.

URÍA GONZÁLEZ, Jorge, "La taberna: un espacio multifuncional de sociabilidad popular en la Restauración española", *Hispania*, núm. 63, 2003.

URIBE, Mary Luz, "La vida cotidiana como espacio de construcción social", *Procesos históricos*, núm. 25, 2014.

VADILLO, Julián, *Historia de la CNT. Útopia, pragamatismo y revolución*, Madrid, Catarata, 2019.

VILLAR, Margarita e LINDOSO, Elvira, "El negocio de la guerra en Galicia", *Revista de Historia Industrial*, núm. 39, 2008.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VILLENA, Rafael e LÓPEZ VILLAVERDE, Angel L., "Hacia una caracterización del casino en la España contemporánea", *Hispania* LXIII/2, núm. 214, 2003.

VIÑAS, Ángel, *La Alemania nazi y el 18 de julio*, Madrid, Alianza Editorial, 1974.

VIÑAS, Ángel (ed): *En el combate por la Historia*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012.

VIÑAS, Angel, *¿Quién quiso la Guerra Civil? Historia de una conspiración*, Barcelona, Crítica, 2019.

WOUTERS, Marc e PANTALEÓN, Xurxo, "O discreto encanto das fontes orais: o proxecto historia oral de Galicia" en BARROS, Carlos e CASTRO PEREZ, X. (coord), *Historia a Debate: Galicia*, Santiago de Compostela, Historia a Debate, 1995.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Indágase nos primeiros pasos da nosa sociedade franquista e a destrución da sociedade construída durante o quinquenio republicano. Cales son as elites que pasana a ocupar o poder?, cal é a xeestión que deste fan e como comezan a promoverse as iniciativas de encadramento social da poboación en claro contraste coa situación anterior.
A investigación ofrece, tamén, unha visión evolutiva de FE-JONS dende o ano 35 ate a fin da guerra. Fixámonos no crecemento numérico, en quen e de que sectores sociais son os novos militantes, nas repercusións a nivel interno deste crecemento, nos cambios na estrutura de poder interno... Inxerimos as conclusións no debate historiográfico sobre a natureza fascista ou non do novo réxime.